UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA E ANTROPOLOXÍA SOCIAL

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN HUMANIDADES

Os cruceiros na relixiosidade popular galega. Estudo etnohistórico

TESE DOUTORAL

Fernando Arribas Arias

(Dirixida polo Dr. D. Xaquín S. Rodríguez Campos)

Lugo, 2014

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Os cruceiros na relixiosidade popular galega. Estudo etnohistórico

Tese Doutoral do Licenciado en Humanidades
D. Fernando Arribas Arias dirixida polo
Profesor Dr. D. Xaquín S. Rodríguez Campos

Vº Bº do Director

O Doutorando

Dr. Xaquín S. Rodríguez Campos

D. Fernando Arribas Arias

Lugo, marzo de 2014

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Os cruceiros na relixiosidade popular galega. Estudo etnohistórico

Tese Doutoral de Fernando Arribas Arias

(Dirixida polo Dr. D. Xaquín S. Rodríguez Campos)


USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Introdución 15

Capítulo I > Cruz, crucifixo, humilladero e cruceiro 21

A definición de cruceiro 28

a } A palabra "cruceiro" 28

b } A palabra "crucero" 28

c } A palabra crucero nos cruceiros e na documentación 32

Capítulo II > Os cruceiros galegos: estrutura e tipos 37

Estrutura 39

Iconografía 43

Viarucis 46

Calvario 47

Cruceiros monumentais 49

Cravamentos e desencravos ou descendementos 50

Cruceiros de capela 51

Capítulo III > Evolución estilística dos cruceiros galegos 55

Cruceiros góticos 57

Cruceiros renacentistas 68

Cruceiros barrocos 72

Os séculos XIX e XX 75

Capítulo IV: Estudos sobre os cruceiros galegos 79

O comezo do estudo dos cruceiros 81

Bernardo Barreiro Vázquez Varela 81

P. Atanasio López 84

Os estudos multidisciplinarios 87

Alfonso Rodríguez Castelao 88

Outras teorías sobre a orixe dos cruceiros 93

Os continuadores de Castelao 93

Novas correntes 96

Nova bibliografía sobre os cruceiros despois de Castelao 102

O estudo dos cruceiros na provincia de Lugo 105

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Capítulo V > Os cruceiros no Estado Español 109

Castela e León 111

País Vasco 116

Navarra 120

Illas Baleares 121

Os peiróns da Comunidade Valenciana 126

As creus de terme de Catalunya 129

Aragón 136

Outras comunidades 137

Capítulo VI > Os Cruceiros da Terra Chá 141

Relación numérica dos cruceiros chairegos 143

Elementos dos cruceiros chairegos 151

Basamento 151

Fuste 163

Capitel 166

Cruz 174

Motivos decorativos e iconográficos dos cruceiros da Terra Chá 177

a } Motivos ornamentais e iconográficos das bases 177

b } Motivos ornamentais e iconográficos dos fustes 187

c } Motivos ornamentais e iconográficos dos capiteis 202

d } Motivos ornamentais e iconográficos das cruces 205

Cronoloxía dos cruceiros chairegos 209

Situación dos cruceiros chairegos 223

Orientación dos cruceiros chairegos 226

Cruceiros salientables da Terra Chá 230

Calvarios e víacrucis 230

Cruceiros 234

Outros casos curiosos 253

Autoría dos cruceiros chairegos 254

A Pastoriza 256

Begonte 256

Cospeito 257

Muras 257
Xermade 258
Abadín 258
Castro de Rei 258
Guitiriz 259
Vilalba 260
Felipe de Sáa 261
Os Carboeira 261
Benito Rifón Corral 263

Capítulo VII > Os cruceiros como símbolo para a devoción popular 265
Que entendemos por relixiosidade popular 267
As inscricións dos cruceiros chairegos 269
Inscricións nas plataformas 270
Inscricións nas bases 271
As inscricións por concellos 272
Conclusións 290
Rituais curativos, lendas e tradicións en torno aos cruceiros 296
Mitos e lendas 304
Os cruceiros chairegos e a morte 307
Cruceiros "in memoriam" 308
Parada de enterros 309
Ofrendas de diverso tipo 309
Procesións 310
Festas e romarías 311
Agradecementos, curacións e rogativas 312
Marcos de límites territoriais 312
Lugar de encontro 312
Elemento de sinalización 313
Lugar de enterramento 313
Cruceiros xubilares 314
Conclusións 314

Capítulo VIII > Os cruceiros na pintura galega 319

Ramón Antonio Gil Rey 321

Jenaro Pérez Villamil 322

Dionisio Fierros 324

Serafín Avendaño 326

Ovidio Murguía 326

Carlos Sobrino 327

José Seijo Rubio 328

Manuel Abelenda 329

Camilo Díaz Baliño 330

Alfonso R. Castelao 331

Manuel Castro Gil 333

Julio Prieto Nespereira 334

Capítulo IX > Reflexións sobre a orixe e expansión dos cruceiros en Galicia 337

a } Orixe dos cruceiros galegos 339

b } Expansión dos cruceiros en Galicia desde finais do século XVI 356

Epílogo 363

Bibliografía 369

Anexos 391

Introdución

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No Patrimonio Etnográfico galego ocupan un lugar moi destacado os cruceiros, considerados por Castelao como "*A máis enxebre manifestación artística do noso povo, da máis punxente revelación da nosa espiritualidade.*" Neste senso cómpre destacar que se ben os cruceiros non son orixinarios de Galicia, foi no noso país onde este tipo de monumentos experimentou un maior arraigo e difusión, ata o punto de converterse no elemento máis típico e tópico da nosa paisaxe e nunha icona da nosa identidade como pobo. Cómpre dicir que hai cruceiros en moitos outros lugares da Península Ibérica e de fóra dela, pero Galicia destaca por:

1. Ser o país do mundo con maior número de cruceiros. As estimacións apuntan que en Galicia, a falta aínda de completarse un inventario exhaustivo, pode haber preto de 10.000 exemplares. Como dato, baste comentar que hai máis cruceiros na Terra Chá (comarca da provincia de Lugo) que en todo o País Vasco.

2. Pola gran variedade tipolóxica, xa que a pesar de tratarse de pezas moi semellantes na súa estrutura, todos os cruceiros galegos son distintos, incluso os feitos por un mesmo canteiro ou santeiro, polo que non resulta estraño o comentario de Vicente Risco cando afirmaba que "*todos se asemellan e todos se diferencian*."

3. Pola gran variedade cronolóxica, xa que hai cruceiros de todas as épocas: dende o século XIV ata o século XXI, constituíndo os desta última centuria unha proba evidente de que o costume de poñer cruceiros aínda segue vivo.

4. Polo seu arraigo popular ata o punto de converterse, xunto cos petos de ánimas, na manifestación artística popular máis xenuína de Galicia.

5. Ligados á devoción popular, os cruceiros destacan tamén polo seu valor etnográfico, xa que foron o centro de lendas e obxecto de rituais ancestrais que os converten nun monumento peculiar que se mesturan patrimonio material e inmaterial.

6. Polo valor artístico de moitos dos exemplares, saídos da man de anónimos canteiros ou santeiros que souberon plasmar na pedra as inquedanzas espirituais do noso pobo.

A pesar destas premisas, os cruceiros galegos foron tradicionalmente desprezados polos nosos intelectuais (agás excepcións notables como a de Bernardo Barreiro ou Atanasio López)[1] ata que Castelao, despois de máis de moitos anos dedicados ao estudo dos mesmos, os puxo en valor. Non obstante, convén destacar que Galicia foi pioneira na investigación dos cruceiros, como veremos máis adiante, tendo a Bernardo Barreiro como o precursor deste tipo de traballos, antes de que Norbert Font i Sagué, publicara en 1894 "*Datos para la història de les creus de Catalunya.*," Pero esta precocidade na investigación sobre os cruceiros, non se tradu-

[1] A estes nomes podemos engadir tamén o de Nicolás Tenorio, autor de "La aldea gallega," Manuel Murguía, Uxio Carré Aldao ou Pérez Ballesteros.

cíu nunha valoración positiva dos mesmos por parte dos nosos intelectuais que, agás Murguía, Bernardo Barreiro e Atanasio López, non lles prestaron a máis mínima atención. Neste aspecto convén lembrar a actitude de Emilia Pardo Bazán con respecto aos cruceiros do Balneario de Mondariz, que non parou ata velos derrubados porque estes fetiches, como ela os denominaba, "ofendían a sensibilidade estética e relixiosa dos forasteiros."[2]

Como xa queda dito, foi Castelao quen puxo en valor os nosos cruceiros sobre todo despois da publicación da súa obra *As cruces de pedra na Galiza*. Pero hai que dicir tamén que detrás do traballo deste ilustre rianxeiro hai máis de vinte e cinco anos de estudo, o que converte a esta publicación no mellor traballo que se fixo ata agora sobre os cruceiros, a pesar das limitacións que tivo Castelao no seu tempo.

Despois de Castelao, como se verá ao longo destas páxinas, xa atopamos unha pléiade de autores, tampouco moitos, que colleron a testemuña do mestre rianxeiro para afondar un pouco máis nesta cuestión, ao tempo que se abrían novas vías de investigación con novas propostas para explicar a orixe e desenvolvemento destas construcións. Como fito nesta investigación, ademais das achegas de Carlos Valle, Clodio G. Pérez, etc., son os congresos galegos sobre cruceiros, que xa van pola súa quinta edición, e que non teñen precedentes en ningunha outra zona do Estado Español. Froito tamén dun destes congresos é a Asociación de Amigos dos Cruceiros, único exemplo deste tipo que coñecemos no que se intenta compaxinar a investigación, a defensa e a posta en valor dos nosos cruceiros.

Actualmente o panorama da investigación presenta mellores perspectivas e, a diferenza dos tempos en que Castelao desenvolve os seus traballos, hoxe unha boa parte deste monumentos xa están inventariados e a bibliografía é moito máis abondosa.

A pesar destas iniciativas e perspectivas, os cruceiros galegos non están aínda suficientemente valorados. Neste senso temos que dicir que non somos conscientes de ningunha tese doutoral monográfica sobre eles, o que pode interpretarse quizais como un exemplo do escaso interese do mundo universitario sobre estas mostras da arte e a devoción popular. Ademais, queremos destacar tamén que, a pesar do elevado número de cruceiros que citábamos anteriormente e da súa importancia histórica, artística e etnográfica, non existe en Galicia ningún cruceiro declarado Ben de Interese Cultural (BIC) como si hai en outras comunidades do Estado Español. Neste senso urxe unha política decida de protección e posta en valor destes monumentos que constitúen unha parte moi importante do noso patrimonio cultural que nos identifica como pobo diferenciado.

[2] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000. páx. 99.

Por último, dicir que detrás desta Tese hai moitos miles de quilómetros percorridos, tanto en Galicia como fóra dela. Empezando pola Terra Chá, e como parte do traballo de campo, foi visitada cada unha das parroquias que integran os nove[3] concellos desta comarca, para realizar o oportuno inventario de elementos, base do presente traballo, así como tamén outras moitas de Galicia para coñecer persoalmente os cruceiros existentes nelas. Pero as viaxes non se limitaron só á Nosa Terra, senón que tamén se visitaron outras comunidades do Estado (Valencia, Baleares, Cataluña, Navarra, País Vasco, etc.) e outros países, como por exemplo a Bretaña francesa, para coñecer de primeira man os exemplos que teñen deste tipo de monumentos, viaxes que constitúen a base do estudio comparativo, imprescindible no mundo da Antropoloxía.

Ademais do traballo de inventario, houbo un detido proceso de lectura da extensa bibliografía que se cita, sendo nalgúns casos moi difícil a localización de certas obras antigas, tal como aconteceu cos traballos de Norbert Font y Sagué, J. Gudiol i Cunil ou incluso do P. Atanasio López.

Non quixera rematar esta introdución sen expresar o meu agradecemento aos meus compañeiros José Manuel Blanco Prado e Mario Saavedra Pérez polo traballo conxunto realizado na elaboración dos inventarios de cruceiros chairegos, a Xaquín Rodríguez Campos, director desta tese de doutoramento que non me apurou na súa realización, e a Teresa Pena Moreda pola súa colaboración e comprensión.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[3] Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba e Xermade.

Capítulo I >
Cruz, crucifixo, humilladero e cruceiro

A **cruz**, precedente directo do cruceiro, fai a súa aparición como símbolo cristián no século IV d. C. No ano 313, Constantino, en agradecemento por ter gañado a batalla da Ponte Milvio contra Maxencio, promulga o Edicto de Milán, no que se establece a liberdade de culto para os cristiáns. Tempo despois, no ano 337 a crucifixión queda abolida do procedemento penal. Este símbolo pasou a ser o signo predilecto e por excelencia da relixión cristiá, en detrimento da áncora, do peixe, do acio de uvas, da árbore, do crismón, etc.





A cruz consta de dous elementos: o vertical, denominado stipes, e o horizontal, que recibe o nome de *patibulum* o traveseiro e que acostuma ser máis curto que o primeiro. En opinión de Martínez Tamuxe, o vertical "*indica e representa a divinidade (o espíritu, poder, vida) e o traveseiro significa a humanidade (materia, a terra) que misteriosamente orixina nesa conxunción nova vida*."[4]

No *stipes*, a parte superior denomínase cabeceira e, a inferior, pé; mentres que as dúas partes do *patibulum* reciben o nome de brazos.

A cruz pode ser alta ou baixa. A **cruz alta** é aquela na que o pé está moi desenvolto, o que non acontece na **cruz baixa**. Para Burgoa Fernández, a cruz alta é "un tipo simplificado de crucero en el cual el brazo inferior de la cruz se alarga para hacer las funciones de la columna, asentándose directamente en las gradas de la plataforma o sobre una basada o pedestal. De igual manera carece de capitel mientres predomina la cruz desnuda de imágenes."[5]

[4] Martínez Tamuxe, Xoán. *Cruceiros, cruces e almiñas do Baixo Miño*. O Rosal: Servicio de Publicacións do Concello, 2000. páx. 16.

[5] Burgoa Fernández, Juan José. *Los cruceros, el patrimonio etnográfico y el arte popular.* Sada (A Coruña): Ediciós do Castro, 2003. Páx. 70.

O **crucifixo ou cristo** (cruz+efixie de Cristo) é obra do século V, representación que xa aparece nun marfil desta época existente no Museo Británico e nas portas de Santa Sabina de Roma. No Evanxelario de Rábula,[6] do ano 586, ademais da figura de Cristo aparecen xa outros personaxes, como poden ser a Virxe María e San Xoán) e motivos (o sol e a lúa) presentes, como veremos máis adiante, na iconografía dos primeiros cruceiros. Nestas representacións, Cristo non demostra ningunha emoción, xa que non está nin morto nin doente, e así tamén se seguirá amosando na época carolinxia. No período románico, Cristo continúa aparecendo triunfante na cruz, como vencedor da morte. Pero non faltan exemplos xa de Cristos mortos, motivo que se fará máis frecuente dende finais do estilo oxival.



Cómpre destacar que a cruz como símbolo, e por extensión o crucifixo, ten un dobre valor: como profesión de fe ou como defensa ou antídoto. Este dobre valor influíu notablemente na súa difusión. Como os romanos empregaban pedras sagradas como marcos de límites territoriais ou de propiedades, os cristiáns continuaron este costume pero substituíndo as pedras por cruces. Pero ademais, se a pedra adoita a forma da cruz, aumenta a súa carga de virtude.

Co avance do cristianismo, non haberá lugar público ou privado que non teña a súa cruz. Así, grazas a Xoán Crisóstomo,[7] sabemos que se podían ver cruces nos camiños, nos montes e outeiros, nas paredes das casas, nos tellados, nos campos, nas cidades, etc. A única excepción era a de non reproducir a cruz no chan para que non puidera ser pisada. Di Oronzo Giordano que "*con frecuencia, en torno a estas cruces diseminadas por todas partes, se practicaban ritos, crecían y se desenvolvían leyendas que revelan cómo en la fantasía religiosa de la gente aquellos lugares se habían convertido en centros de espítirus sospechosos o simplemente malvados que había que exortizar y aplacar con votos y ofrendas. Al pié de estas cruces se desenvolvía gran parte de la vida social y se practicaban ciertos ritos… A estas cruces les atribuína virtudes misteriosas que hacían pensar en para´cticas de un cristianismo equívoco o de un paganismo evidente*."[8] É dicir, había unha confianza supersticiosa nas potencias máxicas deste símbolo da cruz.

[6] Trátase dun Evanxelario realizado polo monxe Rábula. Escrito en siríaco, dialecto do arameo, destaca pola súa calidade e polas súas ilustracións, de gran tamaño e brilante colorido.
[7] Tamén chamado Xoán de Antioquía (Antioquía-Siria,347-407), este excelente predicador que denunciou a vida lencenciosa do clero bizantino, foi patriarca da igrexa de Constantinopla.
[8] Giordano, Oronzo. *Religiosidad popular en la Alta Edad Media*. Madrid: Editorial Gredos, 1995. Páxs. 47-48.

Tal foi o seu espallamento que houbo que tomar medidas. Así, no ano 774, Pipino o Breve promulgaba unha disposición capitular na que se ordenaba a destrución das cruces que o bispo xermánico Aldeberto chantaba nos campos da súa diocese, sobre todo xunto ás fontes e as árbores, práctica que tamén realizaba o bispo escocés Clemente. A denuncia contra Aldeberto partiu de San Bonifacio, que informou desta práctica supersticiosa ao papa Zacarías.

Independentemente destes feitos, a cruz consolida a súa posición como símbolo con funcións diversas. Diseminadas por todas partes, serven en certo modo para sinalar os camiños, servindo tamén ao viandante ou peregrino como protección contra os malos espíritos e pantasmas da noite. Ao pé das cruces sepultábase aos mortos (práctica que axiña foi prohibida), servían tamén para delimitar territorios ou para solucionar problemas coma, por exemplo, certos preitos xudiciais, os chamados *iudicium crucis*, especialmente cando se trataba de discusións entre o home e a muller a causa do débito conxugal. A importancia destas cruces queda recollido no Concilio de Cleumont, do ano 1095, no que o papa Urbano II recoñece o dereito de asilo a todos aqueles que perseguidos polos seus inimigos ou pola xustiza, se refuxien ao pé dunha cruz.



O *Tesoro de la lengua castellana o española* (1611) de Sebastián de Covarrubias Orozco,[9] define **Humilladero** como "*cierta capillita sobre pilares, y cubierta con techo, dentro de la qual está en medio de ordinario una Cruz con la Imagen de nuestro Redenter*

[9] Covarrubias Oronoz, Sebastián. *Tesoro de la lengua castellana*. Madrid: Imp. Luís Sánchez, 1611. Fol. 62 v.

puesto en ella, o otra insignia devota de nuestra Señora o de algún santo, Y dixose assi por la devoción que tienen todos los fieles de humillarse passando por delante deste devoto lugar; comunmente está en las entradas o salidas de los lugares al camino real o trillado. Otros humilladeros están descubiertos con cruzes de piedra sobre peañas de gradas. Y ni más ni menos nos humillamos a estas y a las ordinarias, que suelen ser de palo, a las quales los caminantes, con más fundada religión, les arriman las piedras que los gentiles hazian cuando en las encrucijadaslas amontonaban al pie del padrón o piedra de la efigie de Mercurio, a do estavan esculpidas letras que declaravan para donde yva cada uno de los caminos." Esta definición, realizada a comezos do século XVII, xa nos indica que os humilladeros eran cruces ou cruceiros que podían aparecer cubertos ou descubertos, se ben nestes últimos as cruces atópanse sobre gradas. O nome de humilladero ten a súa explicación no costume dos camiñantes de axeonllarse (humillarse) diante deste monumento que, normalmente, se atopa á entrada ou saída dos pobos ao camiño real. Tamén nos descubre esta definición que a cruz ou cruceiro dos humilladeros podía ser de madeira e, o que resulta moi significativo, é que xa recolle a práctica de arrimar pedras en torno a eles, feito que aínda hoxe continúa realizándose. Chama tamén a atención a expresión "*do estavan esculpidas letras que declaravan para donde yva cada uno de los caminos*," que nós entendemos como unha alusión aos antigos miliarios romanos que puideron ser cristianizados coa colocación dunha cruz sobre eles, tal como aconteceu co miliario de San Mamede de Quintela (Redondela) ou de Vila de Bertiandos (Viana-Portugal) entre outros.

Pola súa parte, o *Diccionario de la Lengua Castellana* de 1791 o define como "*lugar devoto en el que hay colocada alguna imagen de Christo Señor nuestro, de nuestra Señora, de algún Santo, o de la santa Cruz; el qual suele estar en los caminos, o en los extremos de los lugares*."[10]

A orixe destas construcións está na Baixa Idade Media, momento no que se estende por todo o occidente a devoción á Santa Cruz e a paixón de Cristo, feitos propiciados polas ordes mendicantes, sobre todo dos franciscanos. Co paso do tempo, sobre todo a partir do século XVI, estes humilladeros ou cruces cubertas comezan a pecharse e, na centuria seguinte, xa se edifican dedicados a outras advocacións. Neste senso, convén distinguir entre humilladero e ermida ou santuario, pois estas últimas non se sitúan nas encrucilladas, senón en lugares asociados a aparicións de Santos ou con prodixios extraordinarios.

Convén non confundir humilladero con milladoiro (hai quen pensa que é a tradución ao galego do primeiro) pois o milladoiro ou amilladorio é, segundo o Diccionario de Eladio

[10] *Diccionario de la Lengua Castellana*. Madrid: Viúda de Joaquín Ibarra, 1791, páx. 448.

Rodríguez González, do que falaremos máis adiante, un "*montículo de piedras que a través de los siglos se ha ido formando por nuestros campesinos en lugares devotos*,"[11] definindo os amilladoiros coma un "*montón grande de piedras que existe a orillas de los caminos desde los cuales se divisan algunos santuarios gallegos, y especialmente de los dedicados a Santiago Apóstol, en Compostela, y a San Andrés de Teixido, en la comarca de Ortigueira. Los amilladoiros proceden en Galicia de la costumbre tradicional de que todo romero que va por primera vez a visitar la imagen del santo a que se encomendó en momentos de angustia, de enfermedad grave o peligro de muerte, tiene la obligación moral de arrojar una piedra, recogida en el trayecto, antes de llegar al santuario, pues de no hacerlo así corre el riesgo de que el voto hecho no se considere cumplido del todo… Y es que la greneral creencia da por cierto que el día del juicio final, "cuando las piedras hablen," esas piedras atestiguarán el cumplimiento del romeraje.*"[12]

Castelao consideraba que os amilladoiros, así como tamén os cruceiros das encrucilladas, como vestixios dun vello culto pagán, estimando que os primeiros foron "*formados a poder de tempo pol-os romeiros de certas romaxes e pol-os camiñantes que percorren determinados camiños*,"[13] preguntándose tamén se non serían unha reminiscencia de vellos ritos funerarios cando era costume enterrar aos mortos á beira dos camiños, interrogante ao que resposta afirmando que os amilladoiros "proveñen do costume de amorear pedras e terra enriba dos mortos para que os animais non focen nas sepulturas."[14]

Pola súa parte, Juan José Burgoa di que os amilladoiros son "*montones de piedra, generalmente cantos rodados, que se forman a veces en las proximidades de los cruceros de rutas de peregrinación y de romería. Situados o no junto a los cruceros, se deben a la arraigada costumbre por parte de los romeros de recoger unha piedra en el camino para depositarla en un lugar previo al santuario al que se dirige.*

Este uso se remonta a épocas precristianas cuando los viajeros arrojaban piedras a las sepulturas que existían al borde del camino. Ya dentro de un contexto cristiano persistió esta costumbre con un carácter penitencial, mediante la cual el peregrino se desprende de sus pecados antes de la llegada al lugar final de su peregrinación."[15]

[11] Rodríguez González, Eladio. *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Vigo: Editorial Galaxia, 1958. Tomo II, páx. 624.
[12] Idem, Tomo I, páx. 151.
[13] Rodríguez Castelao, Alfonso. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000. páx. 76.
[14] Idem, páx. 77.
[15] Burgoa Fernández, Juan José. *Los cruceros, el patrimonio etnográfico y el arte popular*. Sada (A Coruña): Ediciós do Castro, 2003. Páx. 70.

A definición de cruceiro

a } A palabra cruceiro

Descoñecemos en que momento exacto xurde a palabra **cruceiro** co significado que ten actualmente, pero no *Vocabulario galego* que o bachiller Olea elabora polo ano 1536 non figura. Si recolle este termo como topónimo, coa grafía **cruzeyro**, o Pai Sarmiento na súa obra *Onomástico Etimológico de la Lengua Gallega*, escrita en 1757 e o asocia á *Disposición Natural de los Lugares*.

No *Diccionario gallego-castellano* de Francisco Javier Rodríguez, aproximadamente do ano 1854, figura xa a voz **cruceiro**, pero non a súa definición pois só da unha lista de voces; mentres que no *Diccionario del dialecto gallego* (1858) de Luis Aguirre del Río, cítase esta palabra como un neoloxismo do portugués *cruzero*. Na edición de 1863 do *Diccionario gallego-castellano* xa citado de Francisco Javier Rodríguez, tradúcese cruceiro como *crucero ó cruz grande*, ao tempo que se lle atribúe unha orixe portuguesa. Dous anos máis tarde, sobre o 1865, Juan Manuel Pintos Villar no seu *Vocabulario gallego-castellano* asocia cruceiro a *crucero*, sen asignarlle outro significado. Pola súa parte, o *Diccionario Gallego*, obra realizada en 1876 por Juan Cuveiro Piñol, equipara novamente cruceiro a *crucero ó cruz grande*.

Temos que agardar ata o *Diccionario gallego-castellano* de Marcial Valladares Núñez, impreso en Santiago de Compostela no ano 1884, para atopar unha definición da palabra cruceiro, asignándolle a este vocábulo o significado de *cruz grande de madera, ó piedra, que suele colocarse en las encrucijadas, en sitios por donde hayan de pasar cadáveres, ó en punto por donde desgraciadamente murió alguna persona*. Nesta definición atopamos unha serie de aspectos que cómpre destacar. O primeiro é o referido ao tamaño, pois unha das características que diferenza ao cruceiro da cruz é que o primeiro é máis grande. A segunda ten que ver co material, xa que segundo Valladares os cruceiros poden ser de madeira ou de pedra. A verdade é que descoñecemos a existencia de cruceiros de madeira coa forma que teñen actualmente os de pedra, pero sospeitamos que Valladares consideraba cruceiros as grandes cruces de madeira colocadas polas Misións no seu tempo. O terceiro aspecto que chama



a atención é a referencia ao emprazamento dos cruceiros, construción que este autor asocia ás encrucilladas ou a lugares polos que teñen que pasar os mortos. Estes últimos son os chamados camiños da misa ou da igrexa, camiños de paso obrigado para chegar ao templo parroquial, lugar onde acostuma estar o cemiterio. Tamén relaciona Valladares o cruceiro co lugar en que morreu unha persoa, normalmente de forma tráxica, espazo que se acostuma a santificar cunha cruz ou cun cruceiro, monumento que serve tamén para lembrar o falecido.

Na definición de cruceiro que figura no *Diccionario gallego-castellano* de Francisco Porto Rey, elaborado polo ano 1900, ademais de traducir este vocábulo por *crucero*, se equipara a *cruz grande que abundan en toda Galicia en las encrucijadas y son generalmente de piedra*. Novamente se destaca dos mesmos o seu tamaño e a súa situación nas encrucilladas, sendo a pedra o material no que xeralmente están construídos, pero non o único. Tamén se limita ao aspecto do tamaño o *Vocabulario popular castelán-galego* de X. Filgueira Valverde, L. Tobío Fernández, A. Magariños Negreira e X. Cordal Carús, publicado por entregas no xornal *El Pueblo Gallego* alá polo ano 1926, nos que se traduce cruceiro por *crucero, cruz grande*. Na mesma liña está o *Diccionario galego-castelán* de Leandro Carré Alvarellos (1928-1931) que, ademais da tradución deste vocábulo por *crucero*, o define como unha *cruz grande en el atrio de las iglesias*, destacando unha nova situación para este tipo de monumentos máis alá da encrucillada.[16] Con igual significado figura no *Diccionario galego da rima e galego-castelán* de José Ibáñez Fernández, editado en Madrid no ano 1950.

Temos que agardar ata o *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, obra de Eladio Rodríguez González publicada entre 1958 e 1961, para atopar unha completa definición da palabra cruceiro, vocábulo que se define como *cruz monumental de piedra que se halla en la ENCRUCILLADAS de los camimos aldeanos o cerca de las iglesias sobre un estilóbato o basamento*. Pero ademais desta definición figura neste dicionario unha explicación complementaria na que se di: *Los CRUCEIROS de piedra que se yerguen en las ENCRUCILLADAS aldeanas, en los atrios de muchos templos y en las inmediaciones de las iglesias rurales son monumentos populares, típicos en Galicia. Tienen una altura de tres hasta cuatro o cinco metros, y tienen, además, como base, una pequeña escalinata de tres a cinco o más peldaños, formando un cuadrado. Muchos de estos CRUCEIROS, rodeados de leyendas por la imaginación de nuestros campesinos, revelan cierto grado de arte y de expresión cultural en las figuras, que los hace interesantes a los aficionados y a los que gustan de la tradición; los que están cerca de las iglesias aldeanas sirven de punto de término a las procesiones que salen del templo, para regresar*

[16] Esta mesma defiinición figura nas edicións de 1933, 1951 e 1979 deste diccionario.

a éste, después de dar la vuelta alrededor de ellos; algunos están provistos de un farol que suele encenderse de noche por turno entre los vecinos y que pende de la mitad de la columna sobre la que está la cruz, y otros ostentan en sus brazos unos manojos de espigas de maíz cuando llega la cosecha, como oferta de algún devoto. Los hay con imágenes pétreas labradas y policromadas; los hay con la sola efigie del Crucificado en lo alto, y con ésta en la parte anterior y la imagen de la Virgen en la parte posterior; los hay con figuras de Santos, también pétreos, a los lados de Cristo, sobresaliendo de los brazos de la cruz; los hay con imágenes en la mitad de la columna sostenidos por peanas más o menos sencillas; los hay que tienen en la parte baja las figuras de Adán y Eva, con la serpiente enroscada en un árbol, como queriendo significar que la cruz, abajo, es el árbol del Paraíso, y arriba, el árbol de la Redención; los hay, como el de Portonovo, en la isla de Arousa, que ostentan en lo alto de la columna, y bajo el capitel, una paloma con las alas abiertas; los hay, como el de Berrines, en Lousame (Coruña), que tiene entre la columna y la cruz una urna cuadrada, con una imagen escultórica dentro y otra en cada una de las cuatro caras, todo ello labrado en piedra y con cierto arte ingenuo; y los hay como el de Sabugueira, en Enfesta, de la misma provincia, que es una obra del siglo XIV, tan artísticamente trabajado y decorado, que se conoce en la comarca por cruceiro bonito, por la leyenda de que viene rodeado a través de las centurias. No faltan quienes crean que la causa de que haya tantos CRUCEIROS en Galicia débese a que fueron levantados para substituir a las antiguas pedras fitas que abundaban en la región y eran objeto de devoción especial, y que según Murguía fueron destruídas en gran parte para evitar que nuestros campesinos llevasen a ellas sus ofrendas de carácter pagano.[17]

Varios son aspectos que cómpre destacar tanto da definición como do comentario complementario que realiza Rodríguez González. O primeiro é a expresión de *cruz monumental* coa que define o cruceiro, superando así o concepto de tamaño empregado anteriormente. O segundo é que no que respecta ao material no que están realizados, mencionándose exclusivamente a pedra. Un terceiro aspecto sería o emprazamento dos cruceiros, no que se recollen as achegas anteriores das encrucilladas e lugares próximos a igrexas, aos que lles engade os adros das mesmas, como os sitios nos que acostuman estar colocados. Chama tamén a atención o feito de que destaque a existencia dun estilóbato ou basamento como elemento característico dun cruceiro. De todos xeitos, as achegas máis interesantes de Eladio Rodríguez no que respecta á palabra cruceiro están no comentario que fai a este vocábulo no seu dicionario no que afirma que se trata de monumentos populares que son típicos de Galicia. Ademais dunha descrición

[17] Rodríguez González, Eladio. *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Vigo: Editorial Galaxia, 1958. Tomo I, páx. 682.

máis detallada, Rodríguez González fai referencia aos aspectos etnográficos que rodean este tipo de construcións (lendas, procesións, etc.) *con cierto grado de arte y de expresión cultural en las figuras*, ao tempo que establece que a causa de que existan tantos en Galicia se debe *a que fueron levantados para substituir a las antiguas* pedras fitas *que abundaban en la región y que eran objeto de devoción especial, y que según Murguía fueron destruídas en gran parte para evitar que nuestros campesinos llevasen a ellas sus ofrendas de carácter pagano*.

Os dicionarios de Franco Grande e García González, o primeiro de 1972 e o segundo de 1985, limítanse novamente a traducir a palabra cruceiro por *crucero*, se ben o de Franco Grande insiste no aspecto de *cruz monumental de pedra*. Na mesma liña está o *Diccionario da Lingua Galega*[18] de Ir Indo, publicado en 1986, no que se define un cruceiro coma unha *cruz grande de pedra, en camiños, adros, cemiterios, etc.*, case a mesma que figura na edición[19] deste mesmo ano do *Diccionario da Língua Galega* de Isaac Alonso Estravís.

Do ano 1974 é a primeira edición da *Gran Enciclopedia Gallega*, obra onde se recolle a voz *CRUCEIROS*, na que o seu autor Carlos Valle Pérez realiza un extenso e exhaustivo estudo destes monumentos, analizando a súa orixe, expansión, estrutura e iconografía, dedicando tamén outros apartados aos artífices, aos aspectos etnolóxico-folclóricos e á lexislación sobre os cruceiros.[20]

Na edición do ano 2003 desta enciclopedia, o autor da voz *CRUCEIRO* é Clodio González Pérez, que dedica o seu completo e interesante traballo a comentar sobre orixe, iconografía e aspectos etnolóxico-folclórico destas construcións, aportando unha visión diferente (se ben coinciden no esencial) á do citado Carlos Valle.[21]

No primeiro *Diccionario da Lingua Galega* da Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega, publicado no ano 1990, figura unha definición máis detallada da palabra cruceiro, monumento que se define como unha *gran cruz de pedra, lisa ou con figuras esculpidas, posta enriba dunha longa columna asentada sobre unha plataforma, que se sitúa principalmente nas encrucilladas, á beira dos camiños, nos límites das parroquias e nos adros das igrexas*. Aínda máis completa é a que aparece na *Enciclopedia Galega Universal*, editada por Ir Indo en 1999 e que é das mellores obras que temos consultado en relación a este tema. Nela, xunto á definición da voz cruceiro figura un detallado comentario sobre a historia e significado destas construcións, así como tamén da súa composición e iconografía.

[18] Coordinado por Feixó Cid, trátase do primeiro diccionario galego-galego.
[19] A primeira edición é de 1983.
[20] Valle Pérez, Carlos. "Cruceiros", en *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo VIII. Santiago: Silverio Cañada, Editor, 1974. Tomo 8, páxs. 49-59.
[21] González Pérez, Clodio. "Cruceiros", en *Gran Enciclopedia Gallega*. Lugo: El Progreso-Diario de Pontevedra, Editor, [2003]. tomo XII, páx. 236-244.

Semellante á definición da Real Academia é a que figura no *Diccionario Xerais da Lingua* do ano 2000, coordinado por Carballeira Anllo; no *Diccionario Cumio Galego Español* de 2001 e no *Gran Diccionario Século 21 da Lingua Galega* dirixido por Xosé Antonio Pena.

b } A palabra "crucero"

Polo que respecta ao castelán, no *Tesoro de la Lengua Castellana* de Sebastián de Covarrubias Orozco, obra publicada en 1611 e que constitúe o primeiro dicionario xeral monolingüe deste idioma, figura a palabra CRUZERO referida nas igrexas á intersección da nave central cos brazos ou tamén coa denominación que se lle da a certa vigueta "*entre viga, y quarton*."

No *Diccionario de Autoridades* dos anos 1726-1737 amplíase o significado desta palabra, agora coa grafía **crucero**, que, ademais dos xa citados, equivale tamén ao "*lugar donde concurren quatro calles ó caminos, que por otro nombre llaman Encrucijada: y uno y otro se dicen porque forman una Cruz.*" Tamén se aplica este termo a unha constelación austral en forma de cruz, así como á persoa que nas parroquias "*lleva la cruz en las procesiones y entierros*."

Con igual grafía e significados aparece no *Diccionario da Real Academia Española* de 1791, así como tamén nas sucesivas edicións, tanto nas usuais coma nas manuais ou históricas (preto de vinte)[22] ata a súa incorporación, en 1970, co significado de "*Cruz de piedra, de dimensiones variables, que se coloca en el cruce de caminos y en los atrios. Suele alzarse sobre una plataforma con peldaños y tiene esculpido el crucifijo y, frecuentemente además, la Piedad o Quinta Angustia. Abundan en Galicia, Irlanda y Bretaña*." Cómpre dicir que non aparece no *Diccionario Enciclopédico Hispano-Americano* editado en Barcelona en 1892, nin tampouco nas diferentes edicións da *Enciclopedia Espasa* e dos seus apéndices, se ben localizados humilladero como vocábulo equivalente.

c } A palabra "crucero" nos cruceiros e na documentación

Nos epígrafes dos cruceiros dos séculos XVII, XVIII e XIX é frecuente atopar termos e expresións como: *Izolo…, esta obra pía…, esta obra…., hízose…, esta cruz…*, etc. En troques, a palabra **crucero** aparece citada por primeira vez na inscrición dun cruceiro a mediados do século XVII, concretamente no cruceiro de Barcia, situado no concello de Meins (Pontevedra), que data do ano 1631, e no de Monterrei (Ourense), realizado no ano 1636, e das Veigas de Viete (Leiro), obra de 1669, por citar só algúns exemplos. Coa grafía ***cruzero*** atopámola, entre outros, nos

[22] O primeiro *Diccionario usual da Real Academia* data de 1780 e, entre usuais, manuais e hlistóricos hai edicións en 1783, 1791,1803, 1817,,1822, 1832, 1837, 1843, 1852, 1869, 1884, 1889, 1914, 1925, 1927, 1936, 1939, 1947, 1950, 1956 e 1970.

cruceiros de Tibó (1654) e de San Martiño ou da Fonte (1692), os dous no concello de Caldas de Reis (Pontevedra), así como tamén no do cemiterio de Matamá (1691) pertencente ao concello de Vigo.[23] Cómpre dicir que estas dúas grafías coexisten ao longo dos séculos XVII e XVIII, e se localizan nun bo número de cruceiros.

Polo que respecta á documentación, con anterioridade ao século XVI, nos textos notariais do Corpus Xelmirez – Corpus Lingüístico de Galicia da Universidade de Vigo, só atopamos unha referencia á palabra cruceiro nun documento do ano 1458 no que se di: "*Sabean que enno anno do nascemento do noso sennor Ihesucristo de mill et quatrocentos e cinquente et oyto annos dez días do mes de agosto, enno cruceiro do monasterio de sam Bartolomeu da cita cidade de Tuy, estando ende presente presente frey R(odrog)o, frade do monasterio de san Fiz de Freestas da (...) Portugal*." Quizais este texto se refira a un cruceiro existente neste cenobio anterior ao que agora podemos contemplar, que data do ano 1770.

Na súa obra *As cruces de pedra na Galiza*, Castelao fai referencia a diversa documentación que inclúe a palabra cruceiro, pero toda ela é dos séculos XVI e XVII. Con anterioridade a estas centurias, López Ferreiro cita un documento, unha carta de foro do ano 1465, no que se fai referencia ao cruceiro do Home Santo de Santiago de Compostela coa denominación "moxón de pedra con hua cruz." Pola súa parte, Clodio González Pérez cita no seu libro *Os cruceiros* un documento asinado en 1587 entre o comerciante Diego de Loreda e o escultor Xoán de Santiago para a construción do cruceiro do Fondo da Vila (Padrón), no que se recolle a expresión "*crucifijo de piedra*."[24] En cambio, de dous anos máis tarde, concretamente do 26 de novembro de 1589, é outro documento entre Paio de Ruz co santeiro Xoán de Vilasó recollido de Pérez Constanti por este autor no que xa se fala de *cruzero*.[25] O 14 de decembro de 1616, o santeiro Xoán Fernández acorda con Alonso de Lema, veciño de Berdoias (Vimianzo) a construción dun "*crucero de piedra de grano bueno en el milladero que está delante del monasterio de San Lorenzo quadno van para el lugar de Correxís, de la figura, altor y modelo y ymáxenes conforme al crucero que está viniendo de la puente Maceria para Aguapesada, que está junto a la iglesia de Santa María de Trasmonte*."[26]

Para González Pérez "*a partir de finais do século XVI remata por imporse o actual nome, cruceiro ou crucero, cando o documento está en castelán ..., que a nivel popular de seguro xa*

[23] Estas grafías aparecen tamén en epígrafes de cruceiros carentes de data que omitimos por non ser unha referencia precisa.
[24] González Pérez, Clodio. *Os cruceiros*. A Coruña: Cadernos do Museo do Pobo Galego, 12. 2003. páx. 14.
[25] Este documento refírese á construción do cruceiro de capela de Teaño (Boiro).
[26] Pérez Constanti, P. *Diccionario de artistas que florecieron en Galicia en los siglos XVI y XVII*. Santiago de Compostla: Xunta de Galicia, 1988. páx. 186.

se viña empregando dende moito antes…"[27] Da mesma opinión é Frutos Fernández González, quen afirma que "*desde finais do século XV… os galegos comezan a recoñecer específicamente o monumento coa palabra "cruceiro."*"[28]

Pode parecer un tema sen transcendencia, pero como veremos máis adiante, que a denominación de cruceiro xurdira nun determinado período, garda unha estreita relación con algunha teorías que negan a aparición deste monumento antes do século XVI. Para nós, os cruceiros xa existían antes desa centuria, se ben a súa denominación era a de humilladeros, pois a palabra cruceiro non se impuxo ata a popularización deste tipo de construcións, a comezos do século XVI.

Como conclusión, podemos dicir que os cruceiros son o mesmo monumento que en Cataluña se denomina *pedró*, en Valencia *peiró* ou *prigó*, en Aragón *pairón*, *cruz de suelo* ou *cruz de sol* e, no resto do Estado, *cruz de término*. Trátase dunha construción de pedra, de carácter monumental, que se levanta sobre unha plataforma de gradas que rematan nunha base con fuste corado por un capitel no que se asenta unha cruz que pode ou non presentar efixies.



Un monumento relacionado co cruceiro é o **calvario**, formados pola agrupación de tres cruceiros, nos que destaca o central, de maior entidade. En Galicia destacan os calvarios de Bueu (hoxe desaparecido pero do que Castelao deixou testemuña gráfica), o de Beade en Ourense, o de Castro Barbudo en Ponte Caldelas, o de San Vicente de Crespón en Boiro, o dos Vilares de Guitiriz, o de Baamonde en Begonte, etc. Nalgúns casos, o calvario é o remate

[27] González Pérez, Clodio. *Os cruceiros*. A Coruña: Cadernos do Museo do Pobo Galego, 12. 2003. páx. 14.
[28] Fernández González, Frutos: "Algunhas reflexións sobre o espallamento dos cruceiros en Galicia", en *Actas do II congreso galego sobre cruceiros e cruces de pedra*. Vigo: Estanislao Fernández de la Cigoña Editor, 2010, páxs. 125.

dun **viacrucis**, conxunto formado por catorce estacións que poden estar formados por outros tantos cruceiros, cruces ou capeliñas coroadas por unha cruz. En Galicia os de máis sona son o da Nosa Señora das Ermidas (O Bolo-Ourense), da Virxe dos Miragres en Baños de Molgas (Ourense), o de Santa Tegra en A Garda, o do santuario da Virxe do Chamarro (O Ferrol) e o do convento de San Francisco de Louro (Muros). Polo que respecta á provincia de Lugo, destacan especialmente o viacrucis de Santa Locaia en Castro de Rei e o de Castro de Amarante no concello de Antas de Ulla.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Capítulo II >
Os cruceiros galegos: estrutura e tipos

Estrutura

Normalmente, os cruceiros galegos están formados por cinco elementos: a plataforma, a base, o fuste, o capitel e a cruz. Para Castelao son catro, pois el denomina "*basamenta*" ao conxunto formado pola plataforma e o pedestal (=base).

A **plataforma** consta dun número variable de chanzos, se ben o máis frecuente é que sexan tres, sendo o granito o material máis empregado para a súa construción. As máis abundantes son as de planta cuadrangular, pero non son raras as octogonais, triangulares ou circulares. Hai casos nos que a plataforma se substitúe por un plinto, tal como podemos ver en moitos cruceiros da Terra Chá.





A **base**, tamén denominada "calvario" en contratos do século XVI, é por regra xeral monolítica. A súa forma é moi variada, sendo unha tarefa case imposible a súa clasificación debido á gran variedade de tipoloxías, incluso dentro das pertencentes a un mesmo obradoiro ou santeiro. Non obstante temos que dicir que son moi frecuentes as paralelepípedas, con ou sen arestas superiores rebaixadas. Noutros casos predominan diferentes tipos de molduras, tanto cóncavas como convexas, cuxa variedade de modelos e tamaños danlle as bases unha extraordinaria riqueza formal. Ademais da paralelepípeda xa citada, son tamén frecuentes as bases troncopiramidais, octogonais e circulares.

Este elemento tamén pode presentar, xunto coas molduras, diferentes motivos ornamentais a base de figuras de todo tipo (animais, caveiras, símbolos da paixón, santos, etc.) sendo tamén a parte do cruceiro onde normalmente figuran as inscricións, xa que ofrece un maior espazo.





Cómpre destacar que en moitos cruceiros galegos, ao pé da plataforma ou da base, aparece un elemento denominado "pousadoiro", consistente nun mesado de pedra empregado para pousar ous cadaleitos ou os santos das procesións. Segundo Castelao, estes pousadoiros son raros nos cruceiros bretóns. Tamén é frecuente, sobre todo nos cruceiros da zona sur de Galicia, a existencia dun "retablo de ánimas" co seu correspondente peto para as esmolas, aditamento que, en opinión de Castelao, é descoñecido nos cruceiros da Bretaña. [29]

O **fuste**, que tamén recibe os nomes de vara, varal, esteo, columna ou mastro, acostuma ser monolítico e predomina o de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no tramo central polo rebaixe das arestas, pero tamén os hai circulares (en ocasións con estrías ou acanaladuras) ou de outras formas (con un tramo cuadrangular e outro circular, etc.), sendo tamén frecuentes os que teñen un imoscapo moi acusado.



Neste elemento do cruceiro é onde se sitúa unha boa parte da ornamentación do mesmo, como poden ser os símbolos da paixón, o pecado orixinal, figuras de santos (rarísimos nos calvarios bretóns segundo Castelao) ou á caveira e outras figuras simbólicas.

Di Clodio González Pérez que en moitos cruceiros "*erixidos antes do século XVII están labrados no mesmo bloque o varal e o capitel*."[30] Destaca tamén este autor como fustes máis antigos e orixinais os dos cruceiros da praza do Tapal en Noia e o da praza da Leña de Pontevedra. "*O primeiro forma unha única peza co extraordinario capitel oxival… mentres que o se-*

[29] Castelao, Alfonso R.. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000. páx. 131.
[30] González Pérez, Clodio. *Os cruceiros*. A Coruña: Cadernos Museo do Pobo Galego, 12. 2002, páx. 19.

gundo conta cunha cartela con inscrición en carácteres de época gótica, que se supón procede da zona, pero non hai constancia de que fose o orixinal do cruceiro, que veu de Caldas de Reis."[31]



Chama a atención o varal do cruceiro do Campo da Festa da parroquia de Lamas en Boqueixón, por tratarse dunha columna románica con tres bandas helicoidais (probablemente procedente da catedral compostelá) e que constitúe un claro exemplo de reutilización. Resulta especialmente importante o fuste de cruceiro conservado no Museo Arqueolóxico de Ourense. Trátase dunha excepcional obra de mediados do século XIV, procedente dun "humilladero" que existía no camiño do convento de San Francisco, e do que se conserva unha lámina do século XVIII que nos permite saber como era este monumento. Este fuste, de sección circular, presenta na parte superior as figuras en relevo dos catro arcanxos (San Miguel, Uriel, Gabriel e Rafael) e, no inferior, a Adán e mais Eva no momento do pecado.[32]

Di Castelao con respecto ao **capitel** dos cruceiros galegos que "resulta incrasificabel, ainda que decote queira ser xónico, con volutas nas esquinas, saído dunha macolla de follas; pero son abondosos os capiteis de feitura circular ou coadrangular, con sinxelas molduras e adovíos caprichosos."[33] Neste senso, constitúe unha característica dos capiteis dos nosos cruceiros o enorme número de variantes tipolóxicas, se ben na maioría se observa unha imitación das ordes clásicas con engadidos de motivos cristiáns (querubíns, caveiras, cruces, santos, etc.)

Os capiteis máis antigos que se conservan son os dos cruceiros da praza de Tapal e do cemiterio de Santa María, os dous na vila coruñesa de Noia. O primeiro, de estilo gótico, amosa tres personaxes (identificados dous deles como San Francisco e San Domingos) baixo arcadas apuntadas; mentres que o segundo, tamén do período oxival, presenta cada unha das súas caras dedicada a un símbolo evanxelista.

Son numerosos os cruceiros con capiteis renacentistas e barrocos, estes últimos profusamente ornamentados, mentres que nos de tipo neoclásico predominan as molduras e formas máis simples.

[31] González Pérez, Clodio. *Os cruceiros*. A Coruña: Cadernos Museo do Pobo Galego, 12. 2002, páx. 21.
[32] *Unha escolma de escultura* [Texto impreso]. Museo Arqueolóxico de Ourense; [textos: Yolanda Barriocanal… et al.], Xunta de Galicia, 2006, páxs. 139-141.
[33] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000, páx. 138.




A **cruz**, como xa dicía Castelao, é a parte principal dos cruceiros, pois ademais de ser o obxecto da veneración, "*é tamén a fror e o froito, en pedra, na nosa arte popular*."[34] Nos cruceiros galegos a tipoloxía das cruces é moi variada, se ben predominan as latinas de sección cuadrangular (coas arestas vivas ou rebaixadas) e circular (ás veces con nós imitando un madeiro). Tamén é moi variada a forma do remate dos brazos e da cabeceira: flordelisada, pometeada, florenzada, etc.

Na cabeceira da cruz, normalmente no anverso, sitúase a cartela, que pode aparecer en sentido horizontal ou vertical, se ben son máis frecuentes as primeiras. Nela figura, por regra xeral, a inscrición INRI, tanto gravada como pintada. Cómpre dicir que hai cruceiros como o de Longais en Iria Flavia (Padrón) con dúas cartelas, se ben non son moi abundantes.




[34] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000, páx. 146.

As cruces poden ter ou non efixies e, para algún autor, isto constitúe un factor determinante á hora de distinguir entre cruz e cruceiro.[35] No primeiro dos casos o máis frecuente é que no ladro principal apareza a efixie de Cristo e, no reverso, a da Virxe nas súas diferentes advocacións. Noutros casos, estas efixies son substituídas por outros motivos (símbolos da paixón, imaxes de Santos, etc.)

Iconografía

Por regra xeral, a plataforma dos cruceiros galegos carece de representacións iconográficas que, pola contra, aparecen na base ou calvario. Neste último elemento, sobre todo nos dos séculos XVI e XVII, é doado atopar réptiles (serpes, lagartos, píntegas e outros animais asociados ao demo), caveiras e ósos, sendo tamén frecuentes os relevos de ánimas entre lapas nas que tamén poden aparecer a Virxe ou San Francisco rescatando almas. Non faltan tampouco casos de relevos de santos ou de escenas da paixón, tal como se pode ver en algúns cruceiros chairegos. Tamén hai exemplos de calvarios ou bases que amosan os símbolos da paixón (cruceiro de Lameiros en Ligonde-Monterroso), motivo este que, normalmente ocupa unhas das caras do fuste ou están repartidos polas do imoscapo.

Situados sempre na parte inferior do varal, e sobre todo nos cruceiros do sur de Galicia, podemos ver a representación do pecado orixinal, escena na que aparecen Adán e máis Eva acompañados pola serpe. Os cruceiros da igrexa de Carril (Vilagarcía de Arousa), das Cinco Rúas (Pontevedra) e de Hío (Cangas do Morrazo) constitúen un bo exemplo deste motivo, moi popular no século XVIII e, sobre todo, no XIX.

O fuste é tamén o elemento por excelencia do cruceiro no que se sitúan as imaxes de santos, que tanto poden representar ao titular da parroquia coma ao do nome do doante. Así, no cruceiro de Eiroa (Noia) figura na cara principal do varal unha imaxe de San Agostiño, xa que esta obra mandouna facer Agustín Pérez.

Na iconografía do capitel ocupan un lugar preferente os querubíns, representación de cabezas aladas de anxos, aínda que tamén poden aparecer outros motivos como caveiras ou símbolos da paixón.

A cruz amosa normalmente a efixie de Cristo crucificado no anverso e a da Virxe no reverso. En palabras de Castelao "*preséntase a door do Fillo, por un lado, e a door da Nai, polo outro, re-*

[35] Para nós esta diferenza é irrelevante e só sirve para distinguier entre cruz e crucifixo. Aquel monumento que teña plaforma, base, fuste, capitel e cruz é un cruceiro (aínda que lle poida faltar algún destes elementos).

partidos os pesos de tal forma que o equilibrio artístico e emocional resulta perfeito."[36] Pero esta norma conta con notables excepcións. Así, por exemplo, o cruceiro gótico de Cheis (Vimianzo) exhibe no seu reverso a representación da Trinidade (Pai, Fillo e Espíritu Santo), mentres que no de Melide ocupa o reverso da cruz unha imaxe de Cristo sedente en maxestade.

A figura do Redentor nos cruceiros galegos tradicionais aparece sempre con tres cravos, cabeza inclinada ao lado dereito e coroa de espiñas. Nalgúns casos, xeralmente en cruceiros do século XVI, a cabeza de Cristo pode levar por detrás un nimbo (Ex. Cruceiros de San Xusto de Toxosoutos, Fonda da Vila, etc.). A posición das mans varía entre abertas, pechadas ou en actitude de bendicir (cos dedos índice e medio da man dereita), posición esta última na que Castelao ve unha idea de tipo simbólico dos artistas, pois "*semellante postura quer representar o perdón que Xesucristo nos concedeu no intre da súa morte*."[37]

O perizoma anóase xeralmente no lado dereito e, na disposición dos pés, prima a do dereito sobre o esquerdo. Como supedáneo o máis frecuente é a caveira, símbolo da morte e do pecado, pero tamén poden aparecer figuras de santiñas, tal como se pode ver en algúns cruceiros da Terra Chá.

Flanqueando a efixie de Cristo, e sobre todo nos cruceiros góticos, destaca a presenza da Virxe (situada á dereita) e de San Xoán (á esquerda), sendo tamén frecuente a imaxe do Apóstolo Santiago, o que pon de manifesto a vinculación dos cruceiros ao Camiño de Santiago. Recollendo o sangue do costado de Cristo pode aparecer un anxo cun cáliz, pero, por regra xeral nos cruceiros galegos, resérvase a San Francisco este cometido, personaxe que tamén se representa abrazando ao Redentor, ao pe da cruz, etc., sendo o santo que máis aparece nos nosos cruceiros. Aínda que xa figura nalgún do período gótico, como nos capiteis dos cruceiros da praza do Tapal de Noia de da praza de Alonso de Fonseca en Pontevedra, será a partir da Contrarreforma cando se popularice a súa presenza neste tipo de monumentos, xa que se considera, xunto coa Virxe, intercesor das almas do Purgatorio, ás que axuda a saír das lapas co seu cordón de hábito.

Situados a carón da cruz ou aos pés de Cristo, non faltan exemplos de representacións dos doantes, tal como se pode ver no cruceiro das Fervenzas (Aranga-A Coruña). Tamén temos observado en moitos cruceiros, sobre todo nos chairegos, a presenza de "santiños" flanqueando a cruz que, na maioría dos casos, aparecen en actitude orante. Pode tratarse nalgún caso de representacións de doantes, pero o feito de levar atributos nos leva a pensar que se trata de santos, se ben a súa identificación non resulta doada.

[36] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000, páx. 148.
[37] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000, páx. 156.





No reverso da cruz figura case sempre a Virxe. Nos cruceiros góticos aparece sempre co Neno no colo, pero, a partir do século XVI e debido ao influxo dos franciscanos impulsores do seu culto, a representación mariana amosa novas advocacións nos cruceiros galegos. Entre elas destacan a **Dolorosa** (con sete espadas ou puñais cravados no corazón, símbolo que alude ás sete angustias, aínda que tamén pode aparecer só con un), a **Virxe da Soidade** (representada tanto chorosa como serea, coas mans sobre o peito en actitude orante ou sobre a cintura con xesto de resignación) e a **Virxe das Angustias** ou **Quinta Angustia**, representada por primeira vez, a finais do século XVI, nos cruceiros de Seixalbo, Allariz e Xunqueira. Esta Piedade, como tamén se lle denomina, foi considerada como a imaxe máis axeitada para figurar no reverso das cruces, pois neste tema resumíanse as sete dores de María. Procedente de Francia e orixinaria de Flandes segundo Castelao, a Virxe das Angustias chega a Galicia a través do Camiño Francés, convertéronse no noso país, xa dende o último terzo do século XVI, na "*imaxe máis popular… con características propias.*"[38] Estas características ás que se refire o ilustre rianxeiro son a súa composición romboidal, fronte á triangular, e no menor tamaño de Xesús con respecto á Virxe, anomalía que Castelao explica polo sentimentalismo dos nosos canteiros, porque dende esta óptica "*os fillos sempre somos pequenos no colo das nosas nais*."[39]

Outras advocacións da Virxe nos cruceiros galegos son a Inmaculada Concepción, a Virxe do Socorro (coroada por dous anxos, co Neno no colo e cun garrote co que golpea ao demo situado aos seus pés), a coroación da Virxe por dous anxos, a Virxe do Rosario, a Virxe do Carme, etc.

[38] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000, páx. 166.
[39] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000, páx. 164.

Viacrucis

Tamén denominado Vía Dolorosa, Vía Sacra ou Estacións da cruz, significa "camiño da cruz" e constitúe unha representación dos momentos máis importantes da paixón de Cristo, dende que é detido ata a súa crucifixión e enterramento. Tradicionalmente o viacrucis estaba formado por 14 estacións, se ben o papa Juan Pablo II engadiulle unha máis: a da Resurrección.

Parece ser que en época do emperador Constantino (Século IV) nace en Xerusalén o costume de rezar ao longo do percorrido que fixo Cristo camiño do Calvario. Dende o século XII fálase xa dunha Vía Sacra percorrida por peregrinos na devandita cidade, pero non se sabe cando se estableceu o viacrucis estruturado en 14 estacións, se ben a opinión máis xeneralizada é que foron os franciscanos, custodios dos Santos Lugares dende 1342. A primeira referencia a estas catorce estacións no senso actual do viacrucis, a realiza o peregrino inglés Guillermo Wey nas súas narracións sobre as súas visitas a Terra Santa en 1458 e 1462.

Diante das dificultades para peregrinar a Xerusalén, en 1686 o papa Inocencio XI concede aos franciscanos o dereito de erixir estacións nas súas igrexas, outorgando indulxencias ao integrantes desta orde que realizaran este tipo de viacrucis. En 1731 Clemente XII as estende a todos os fieis, sempre que as estacións foran erixidas por un franciscano coa sanción do bispo, ao tempo que fixa definitivamente o número de 14 estacións.

Non se sabe cando comeza o costume de facer viacrucis con cruces de pedra, pero como moitos peregrinos non podían ir a Terra Santa polas invasións musulmáns, xurdiu a necesidade de representar esta ruta de penitencia e devoción en lugares máis accesibles. Hai constancia de que nos séculos XV e XVI xa se erixiron estacións en diferentes partes de Europa. O beato Álvarez (m. 1420), no seu regreso de Xerusalén, construíu unha serie de capelas no convento dominico de Córdoba nas que se pintaron as principais escenas da Paixón. Pola mesma época, a beata Eustochia, fixo tamén o mesmo no seu convento das Clarisas de Messina. Pola súa parte, Castelao cita a Louis Guillet, quen afirma que o máis vello viacrucis que chegou ata nós é o de Adam Kraft en Nurembert, obra do século XV e do que só se conservan sete cruces de pedra camiño do cemiterio.

Polo que Galicia respecta, di Castelao que no noso país "*non hai feligresía aldeán que non tivera o seu correspondente vía-crucis, representado por cruces de pedra ao redor da eirexa ou a carón do muro que cingue o campo-sagro; pero na veciñanza dos mosteiros e conventos, así como en moitas igrexas parroquiais e santuarios de sona, vense xeralmente as catorce*

estacións do vía-crucis representadas por cruceiros que comezan no adro do templo e rematan no cume dun outeiro próisimo." [40]

En Galicia, os viacrucis pétreos, a diferenza dos que están no interior das igrexas, poden localizarse ben ao redor do adro do templo parroquial ou balizan un camiño ata o curuto dun outeiro próximo. Temos que distinguir fundamentalmente dous tipos de viacrucis:

- Aqueles nos que as estacións están representadas por cruceiros, coma por exemplo o viacrucis do Casal, na parroquia de Estacas do concello pontevedrés de Cuntis.

- Aqueles nos que as estacións están representadas por cruces que, dependendo do seu tamaño, poden ser altas ou baixas. Un exemplo desta tipoloxía podemos vela no de Santa Eulalia de Atios (O Porriño) formado por cruces de gran tamaño entre as que destaca a segunda, pois nela figura o ano de 1686, o que converte a este camiño da cruz no máis antigo con data dos existentes en Galicia. Máis serodio é o viacrucis de Santo Tomé de Sorribas (Rois) datado no ano 1698, tamén de cruces altas, e que é un dos máis coñecidos de Galicia xunto co de Santa Tegra (A Garda).

Un caso curioso o constitúe o viacrucis de Santiago de Louro (Muros), no que as catorce estacións son capeliñas de planta cuadrangular, tellado a catro augas e unha cruz da cumbreira. Vai dende o convento de San Francisco de Louro ata o alto dun outeiro no Monte Oroso. Tamén moi chamativo resulta o das Ermidas, no concello ourensá de O Bolo, no que os personaxes das estacións son imaxes de madeira case de tamaño natural.

Polo que a provincia de Lugo respecta, destaca especialmente o viacrucis de Castro de Amarante en Antas de Ulla, integrado por cruceiros que circundan a igrexa parroquial e que rematan nun espectacular calvario. Trátase dunha excepcional obra barroca que, probablemente, é contemporánea ao templo. Tamén en Buriz (Guitiriz) podemos ver un viacrucis formado por cruceiros, se ben non está completo.

Calvario

O monte Calvario ou Gólgota foi o lugar no que Cristo foi crucificado entre os dous ladróns. Segundo a tradición xudía, neste monte foi enterrada a cabeza de Adán, o que podería explicar a denominación deste monte, pois tanto Calvario como Gólgota teñen como significado o de caveira.

En relación cos cruceiros, denomínase Calvario ao conxunto de tres cruces, na que a central representaría a de Cristo (por iso acostuma ser de maior tamaño) e as laterais as dos dous

[40] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000, páx. 124.



ladróns. Non temos constancia da existencia de calvarios en Galicia con anterioridade ao período barroco e, aínda que non se trata dun monumento exclusivo do noso país, é Galicia o existe un maior número deles en comparación con outras comunidades do Estado Español.

Normalmente os calvarios son o final dun viacrucis, correspondéndose coa última estación da Vía Dolorosa. En canto a súa tipoloxía, podemos establecer tres variantes fundamentais:

- Os formados por tres cruceiros.
- Os formados por un cruceiro (que ocupa sempre o centro do conxunto) e dúas cruces.
- Os formados por tres cruces, se ben a central acostuma ser de maior tamaño.

Dentro do primeiro grupo podemos atopar dous modelos: os que presentan efixies (ben nos tres cruceiros o só no central) e os que carecen delas. Entre o primeiro modelo destaca como exemplo o calvario de Beade (Ourense), un dos máis coñecidos e que se ven dando como obra do século XVIII. Destaca por ser un dos poucos con efixies (dúas no caso do cruceiro central: a do anverso e a do reverso) e porque as figuras dos ladróns non aparecen cravadas, senón amarradas con cordas en cruces de tipo tau. Ademais, ten a particularidade de que o identificado como o bo ladrón, situado á dereita, dirixe a súa mirada a Cristo; mentres que o que ocupa o lugar esquerdo, que representa ao mal ladrón, dálle as costas e mira para outro lado.

Pola contra, no que existía en Bueu (Pontevedra) os ladróns aparecían en cruces latinas e cos pés cravados, coa cabeza do cravo moi acusada. Neste calvario Castelao observou unha intencionada diferenza nos capiteis, pois no que se corresponde con Dimas aparece un querubín, mentres que no de Xestas hai un demo.

Outros calvarios salientables de tres cruceiros con efixies en todas as cruces son os de Insua, do ano 1791, e o do Castro Barbudo, obra realizada polo santeiro Manuel González Per-

díz en 1883, os dous no concello de Ponte Caldelas. Con efixies só no cruceiro central chama a atención os calvarios de Baamonde (Begonte) e o dos Vilares (Guitiriz), probable obra do século XVIII debida a Felipe de Saa.

Como exemplo de calvarios de tres cruceiros sen efixies en ningún deles, podemos citar o de Bieite (Leiro-Ourense) como un dos máis significativos.

Dentro do grupo de calvarios formados por un cruceiro flanqueado por dúas cruces, temos o existente en Santiago de Antas (A Lama), na provincia de Pontevedra.

Máis frecuentes en Galicia son os calvarios integrados por tres cruces, como poden ser os de Arbo, de 1670, e da Barcela (os dous situados neste concello pontevedrés), o da Ribela en Ourense, o de Anceu en Ponte Caldelas, remate dun Vía Crucis, etc.

Cruceiros monumentais

Baixo esta denominación agrupamos a aqueles cruceiros que destacan tanto polo seu tamaño como polo conxunto que forman, características ás que tamén podemos engadir o feito de ser exemplares únicos. Se ben son máis abundantes no século XIX, e a eles non é alleo o factor de prestixio social ou autoridade das persoas que os mandaron facer, os primeiros cruceiros monumentais de Galicia son de finais do século XVIII. Destaca en primeiro lugar o denominado Cruceiro Bonito, situado no concello de Abegondo. Data do ano 1787 e, se ben o cruceiro non é de elevadas proporcións, destaca pola súa espectacularidade, xa que consta (ademais do cruceiro propiamente dito) de catro piares ornamentados con relevos e coas imaxes da Virxe, de San Pedro, de San Xoán e de San Francisco de Asís. Foi construído por mandato do inquisidor D. Francisco Antonio López de Baliño, crego desta parroquia por aquel tempo. Unha copia moderna deste cruceiro podemos vela na Coruña diante da igrexa de San Xurxo.



Tamén de finais do século XVIII, concretamente do ano 1797, é a fonte-cruceiro de Castrogudín (Cea-Vilagarcía de Arousa), monumental

conxunto realizado por Jacinto Gómez e que foi costeado por Alberto Pérez e a súa dona Mariana Vidal, veciños desta parroquia.

Ao século XIX pertencen unha serie de cruceiros monumentais caracterizados polo seu valor artístico. Destaca, en primeiro lugar, o cruceiro do Santísimo Cristo dos Aflixidos en Santiago de Covelo (Pontevedra), realizado en 1889 por Xosé Cerviño García, coñecido como "Pepe da Pena." Mandouno facer Juan Antonio Tielas Fontán, natural deste concello e comerciante en Lisboa, pola morte da súa única filla. Trátase dun cruceiro moi singular que sobresae pola súa monumentalidade e pola súa riqueza iconográfica, ademais de constituír un caso único en Galicia ao presentar catro imaxes profanas, alegorías da industria, a agricultura, as artes e a xustiza, símbolos que a finais do século XIX representaban a modernidade, o progreso e, xa que logo, o desenrolo.

Chaman tamén a atención os cruceiros de Maceira, obra do mestre Argibay en 1826, e o de Santa Mariña, de 1829, os dous no concello de Covelo (Pontevedra).

Cravamentos e desencravos ou descendementos

En Galicia só coñecemos un cravamento: o cruceiro de Pías, situado no alto do Castro de Troña, no concello pontevedrés de Ponteareas. Pertencente ao século XX, concretamente do ano 1907, e está formado por un precioso e orixinal conxunto escultórico integrado por dez figuras humanas e dous cabalos ao redor da cruz.

Reciben o nome de desencravos un tipo de cruceiros nos que o motivo central do anverso da cruz non é a representación de Cristo crucificado, como ocorre na inmensa maioría deles, senón o momento do desencravo no que Xosé de Arimatea e Nicodemo, quítanlle os cravos ao Redentor para proceder ao seu descendemento da cruz diante da presenza de San Xoán, a Virxe e as outras Marías (María Magdalena, María Cleofás e María Salomé).

Como denominador común destacaríamos que os desencravos galegos pertencen aos séculos XIX e XX. O primeiro foi o de Suevos (Mazaricos), realizado no ano 1861 por Andrés Castaño Fernández, coñecido co alcume de "Vello Santeiro de Chave" e que foi toda unha novidade. Dicimos isto porque é o primeiro cruceiro no que se fai algo distinto, xa que se incorporan máis personaxes e se representa un momento distinto ao da tradicional crucifixión. Mandouno facer Ventura Pérez de Lema, coñecido como o "Cirolán de Suevos", home acomodado e deputado conservador nas Cortes. Quizais o precedente desta cruceiro é o de Santa Mariña de Covelo (Pontevedra), pero nel a efixie de Cristo aínda está cravado na cruz e a única novidade



a aportan dous personaxes que aparecen subidos por detrás do madeiro entregándolle a cartela do INRI á Virxe da Soidade que aparece no reverso.

Son tamén obra de Andrés Castaño Fernández os desencravos de Eiroa (Noia) do ano 1879, de Vilariño (Rois) de 1888, e o de Berrimes (Lousame), realizado en 1889. Pola súa parte, o desencravo de Marracín, tamén situado no concello de Lousame, saíu da man do santeiro Manuel Ces Freire, o "Santeiro de Marracín." Pero sen lugar da dúbidas, o desencravo máis famoso, que quizais deberíamos incluír no apartado de cruceiros monumentais, o de Hío (Cangas), probablemente o cruceiro de máis sona de Galicia. Tallado case na súa totalidade nun só bloque, esta obra destaca pola súa riqueza iconográfica. Foi realizado en 1872 e a súa autoría é hoxe tema dun apaixonado debate, xa que para algúns é obra de Xosé Cerviño García, "Pepe da Pena", e para outros é Ignacio Cerviño Quintero.

Di Clodio González Pérez que "*debido á súa complexidade, esta escena [do desencravo] botou anos en se volver esculpir*"[41] ata que foi recuperada polo escultor de Lalín Vidal Paio Fernández, morto recentemente, autor dos desencravos do Monte Faro (Chantada) e do polígono industrial de Lalín, realizados respectivamente en 1992 e 1993, así como tamén de outro situado no centro urbano desta última localidade. Anos antes, en 1942, Francisco de Muros leva a cabo o de San Salvador de Colúns (Mazaricos) onde se "*substituíu as escaleiras polas que os gabeadores pretendían desencravar a Cristo por unha bóla do mundo e a san Xosé de Arimatea e Nicodemo por san Francisco*. "[42]

Ademais do citado en Monte Faro, na provincia de Lugo hai outros dous desencravos: un en Burela, no interior dunha propiedade privada, e outro á entrada do cemiterio de Monforte de Lemos, obra realizada por Manuel Castelo Rivas, con obradoiro na vila de Padrón.

Cruceiros de capela

Tamén denominados de Loreto, este tipo de cruceiros son típicos da península do Barbanza, entre as rías de Noia e Arousa, nunha comarca que abrangue os concellos coruñeses de

[41] González Pérez, Clodo. *Os cruceiros*. Caderndos do Museo do Pobo Galego, nº 12, 2003, páx.90.
[42] Fernández de la Cigoña e Núñez, Estanislao. *Entre encravamentos profundos e desencravos amorosos*. Vigo: Galaxia, 2001, páx. 30.



Ames, Boiro, Brión, Dodro, Lousame, Noia, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo, Ribeira e Rois, así como tamén do pontevedrés de Valga.

Levántanse sobre unha columna máis grosa e máis baixa que a dos cruceiros tradicionais, sobre a que se sitúa unha fornela que acubilla a imaxe da Virxe, coroándose o conxunto por unha cruz, normalmente coa efixie de Cristo.

Os primeiros exemplares destes cruceiros datan de comezos do século XVI, sendo o de Teaño (Boiro) o primeiro documentado. Foi realizado por Xoán de Vilasó en 1589, por encargo de Paio de Ruz. O máis antigo dos que conservan inscrición alusiva ao ano da súa construción é o de Sóñora (Rois), obra de 1601.

Para Castelao, este tipo de cruceiros "*non son outra cousa que impetracións dirixidas á nova Nai dos afrixidos, cando a piratería dos séculos XVI e XVI mantiña en desacougo aos habitantes das costa orousán e noiesa*."[43]

[43] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000. páx. 175. Castelao estase a referir á orden do Loreto contra a bandidaxe, fundada polo papa Sixto V en 1587.

Capítulo III >
Evolución estilística dos cruceiros galegos

Cruceiros góticos

En Galicia son relativamente abundantes os cruceiros de tipoloxía gótica, se ben hai que dicir que deles o único elemento orixinal que se conserva é a cruz, pois as plataformas, bases, fustes e capiteis (agás nalgún caso como veremos) non se corresponden cos deste período. Entre os cruceiros galegos de tipoloxía gótica destacan:

1. Cruceiro de Melide.
2. Cruceiro do "Home Santo" (Santiago de Compostela).
3. Cruceiro da Praza do Tapal (Noia).
4. Cruceiro do cemiterio de Santa María (Noia).
5. Cruceiro de Santa María (Fisterra).
6. Cruceiro de Santa María do Campo (A Coruña).
7. Cruceiro de Calo (Teo).
8. Cruceiro con baldaquino do cemiterio de Santa María (Noia)
9. Cruceiro da Santísima Trindade (Baiona).
10. Cruceiro de Ribas do Sor (Mañón).
11. Cruceiro de San Nicolás (Neda).
12. Cruceiro de Cheis (Vimianzo).
13. Cruceiro da Praza de Alonso de Fonseca (Pontevedra).
14. Cruceiro do convento de San Domingos (Pontevedra).
15. Cruceiro das Fervenzas (Aranga).

1. Cruceiro de Melide.

En opinión de Castelao, que o data no século XIV, é o cruceiro máis antigo dos que se conservan en Galicia. Referímonos á cruz, pois a plataforma e o fuste son máis serodios. Os brazos e cabeceira da cruz son de sección cuadrangular, produto, segundo Castelao, dun desbastado "*para regularizar algún desperfeito sofrido na ornamentación que debeu ter nos extremos, propio do tempo en que se fixo*."[44] Trátase dun exemplar único pola súa iconografía. No anverso da cruz presenta un Pantocrátor ou Cristo en Maxestade con coroa real amosando as chagas das mans. Está sentado sobre un trono con arcos apuntados que tamén foi interpretado como a cidade de Xerusalén (con ameas de forma triangular) ou como "*templo ou símbolo da igrexa*."[45]

[44] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000. páx. 115.
[45] Laredo Verdejo, José M.: *Os nosos cruceiros*, A Coruña: Ed. Boreal-Xuntanza. 1993. páx. 11.



No reverso aparece a figura de Cristo crucificado con tres cravos e coa perna dereita sobre a esquerda. Está acompañado pola Virxe María, situada á dereita do Redentor, e por San Xoán, situado á esquerda. Hai tamén unha figura axeonllada que ben puidera representar a un doante ou ben a María Magdalena. O lugar da cartela está ocupado por unha coroa con forma de flor de lis, motivo asociado á Resurrección.

Cómpre salientar que o emprazamento deste cruceiro non é o orixinal, pois antigamente estaba situado no lugar denominado Campo de San Roque. Trátase dun cruceiro de orixe dubidosa, pois descoñecemos se estamos diante dunha antiga cruz de peregrinos, como parece indicar Castelao (non esquezamos que Melide está no Camiño de Santiago) ou se formaba parte dun altar pétreo, quizais procedente da desaparecida igrexa de San Pedro, e convertido posteriormente en cruceiro. Por último dicir que esta cruz debía estar pintada, pois na escultura no anverso non se aprecian as chagas que si se amosarían por medio da pintura.

2. Cruceiro do Home Santo de Bonaval ou de Sabugueiro.

Parece ser que este monumento xa foi un cruceiro na súa orixe, é dicir, non foi composto a posteriori como parece apuntar o de Melide. Foi estudado por Bernardo Barreiro Vázquez Varela, para quen o Home Santo non é outro que Xoán de Tourum, ferreiro de profesión e caudillo das masas populares na revolta da cidade de Santiago de Compostela contra o Arcebispo D. Berenguel de Landoira entre os anos 1318 e 1320. Condenado a morte, cando era levado ao patíbulo para ser aforcado, Xoán de Tourum pediu a unha imaxe da Virxe de Belén que se atopaba no camiño que lle valera e caeu morto, salvándose así da xustiza humana co que demostraba a súa inocencia. A axuda da Virxe foi interpretado como un "Bon aval", o que explicaría o nome do lugar de Bonaval no que permaneceu durante moito tempo.

Distinta opinión mantén o historiador López Ferreiro, para quen o Home Santo non era outro que San Vicente Ferrer. Cita como proba unha carta de foro do ano 1465 ao pintor Cristóbal Francés e na que se refire ao lugar de Bonaval como "*donde edificou o home santo predica-*





dor o moxón de predra con hua crux."[46] Cómpre lembrar que este santo valenciano peregrinou a Santiago de Compostela no ano 1412.

Teríamos, xa que logo, dúas cronoloxías para este cruceiro. Para Bernardo Barreiro data-ría do ano 1330, tendo como autores aos mesmos artífices os mesmos que fixeron o pórtico do convento de Bonaval. Pola súa parte, López Ferreiro sitúa a construción deste cruceiro no ano 1412, data na que San Vicente peregrina a Compostela.

Cómpre destacar a historia deste cruceiro, pois a finais do século XIX, concretamente no ano 1878, o concello de Santiago realiza unhas escalinatas nas inmediacións da Porta do Camiño, onde estaba situado o cruceiro, e como estorbaba tirárono, rompéndose o varal e a plataforma. O crego Pedro de Jesús Caneda recolleu a cruz e levouna para Sabugueio, de onde era párroco, e colocouna sobre un novo fuste. Durante varios anos, Bernardo Barreiro levou a cabo unha intensa campaña, primeiro no *Diario de Santiago*[47] e despois en *Galicia Diplomática*,[48] dando a coñecer a historia, valor artístico e significado deste singular cruceiro. En 1887 chegou a ir camiñando, acompañado dos irmáns Mayer, dende Santiago a Sabugueiro, no que el denominou unha "*peregrinaje artística*", para estudar e comprobar o estado de conservación deste monumento, descubrindo que só a cruz era a orixinal. En 1888, don Vicente González Canales, presidente da Comisión do Museo da Sociedade Económica de Santiago, insta ao Concello para que reclame a cruz, iniciándose un litixio cos herdeiros do párroco Caneda porque estes autocualificábanse como os seus propietarios e pedían que se lles instalara a cambio un cruceiro semellante. A cruz non volvería a Santiago ata mediados do século XX.

[46] Véxase: Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000. páx. 116.
[47] *Diario de Santiago*, 8 de agosto de 1878.
[48] *Galicia Diplomática*, Tomo I, número 23, 10 de decembro de 1882), páxs. 162-166; Tomo III, números 3, 23 de xaneiro de 1888, páx. 24, e 9, 4 de marzo de1888, páxs. 68-71.

En canto a súa descrición, hai que dicir que a cruz é latina, cos extremos dos brazos moi resaltados, de tipo pometeado. O conxunto iconográfico está formado por 13 figuras. No anverso destaca a efixie de Cristo, de tres cravos, baixo un dosel ou umbela e flanqueado pola Virxe e San Xoán. Tamén aparece o Apóstolo Santiago cos seus discípulos San Teodoro e San Anastasio. No reverso, e tamén baixo unha umbela, está a Virxe María co neno no colo e flanqueada por San Pedro e San Pablo que aparecen de pé, sobre ménsulas. Outra imaxe, que para algún autor representa a Virxe das Dores, presenta a ambos lados dous anxos axeonllados.

3. Cruceiro da Praza do Tapal (Noia).

Para Castelao, Noia "*é o mellor centro galego de construccións oxivais, tanto eclesiásticas como civies, e cicáis por eso sexa tamén o centro das mellores cruces góticas de pedra.*"[49]



Esta riqueza explícase porque nesta época esplendorosa da vila o seu porto era un dos máis concorridos de Galicia. Exemplo desta riqueza é a famosa ponte medieval sobre o Tambre, que destaca pola súa enorme lonxitude (ten 16 arcos). Foi construída por un tal Don Alfonso, que morreu sen vela acabada, e que lle deu nome (Ponte Nafonso).

O cruceiro estaba situado antigamente nesta ponte. Castelao opina que é obra de D. Alfonso e que data do século XIV. Non sabemos cando se desmontou o cruceiro, pero en 1933 Castelao o viu na casa dun veciño de Noia. Posteriormente, instalouse na praza do Tapal, fronte á igrexa de San Martiño.

[49] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000. páx. 118.

Trátase dunha cruz grega, profusamente ornamentada, cos extremos de tipo potenzado. No seu anverso aparece a figura de Cristo, con tres cravos e baixo unha umbela, flanqueada pola Virxe María (en actitude orante) e San Xoán (portando un libro); mentres que no reverso, baixo unha umbela, está unha Virxe coroada e sentada nun trono co neno no colo.

Este cruceiro presenta unha plataforma de dous chanzos de granito e unha base monolítica de forma cúbica pero coas arestas superiores rebaixadas, sendo as dúas modernas. Non obstante, o fuste e o capitel, que forman unha soia peza, probablemente son da mesma época que a cruz. O varal ten unha sección octogonal e remata nun astrágalo ou colariño que marca o comezo do capitel. Este está ornamentado, ademais de motivos vexetais, con tres figuras, unha descoñecida e as outras identificadas como San Francisco e San Domingos de Guzmán, acubilladas baixo arcadas apuntadas.

4. Cruceiro do cemiterio de Santa María de Noia.



Actualmente está situado no cemiterio de Santa María de Noia, pero procede do Campo das Rodas, á saída da ponte cara a Porto do Son. Consta dunha plataforma de dous chanzos de granito e dun fuste coas arestas oitavadas no tramo central (cunha cruz gravada nunha das súas caras) mentres que o seu capitel é de forma cúbica, con cada unha das súas caras ornamentadas cos símbolos dos Evanxelistas: león alado (San Marcos), aguia (San Xoán), touro (San Lucas) e anxo (San Mateo). Para Castelao, este capitel e a cruz son de "*idéntico estilo e obra da mesma man*."[50] Polo que respecta á cruz, grega e de tipo potenzada, presenta no seu anverso, baixo unha umbela, a efixie de Cristo con tres cravos e flanqueado por San Xoán e a Virxe María; mentres que no reverso, tamén baixo unha umbela, a Virxe do Leite aleitando ao Neno.

Hai varias opinións sobre a cronoloxía deste cruceiro. Murguía di que pertence "*polo menos ao século XIII*"[51], pero Castelao opina que se trata dunha obra de fins do século XV "*a*

[50] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000. páx. 118
[51] Murguía, Manuel: *España, sus monumentos y artes, su naturaleza e historia: Galicia*. Barcelona: Daniel Cortezo y Cía, 1888, páx. 624.

xulgar por varios detalles da crucifixión, entre os que citaremos o estreito do pano que se cingue á cintura de Cristo." Afirma tamén que se trata dunha obra "*pouco vulgar, inspirada xa en conceucións xa eruditas no tempo en que se fixo*." [52] Pola súa parte, Clodio González Pérez di que o mandou facer un tal Lope de Baia e que xa existía no ano 1548.

5. Cruceiro de Santa María de Fisterra.



Situado diante da igrexa románica de Santa María de Fisterra, localidade que segundo Castelao é o "*derradeiro fito das pelerinaxes santiaguistas.*" Este autor viuno en foto e comenta que a cruz estaba sobre "*un simpre esteo, visiblemente estrano á categoría de tan fermosa peza*." [53] Isto implica que a plataforma e a base actual son modernas, se ben parecen ser máis serodios o fuste e o capitel, pero dubidamos que sexan os orixinais. A cruz, grega, potenzada, de gran beleza e unha das máis interesantes de Galicia, presenta no anverso, baixo unha umbela, a efixie de Cristo flanqueado pola Virxe María e San Xoán, mentres que no reverso aparece, tamén baixo unha umbela, a Virxe co Neno no colo e dúas figuras axeonlladas. Trátase todas elas de figuras moi traballadas a pesares da erosión.



6. Cruceiro de Santa María do Campo (A Coruña).

Atópase no adro da igrexa románica de Santa María do Campo na cidade da Coruña. Levántase sobre unha plataforma de catro chanzos e unha base de forma paralelepípeda e destaca por un fuste de enorme altura de sección octogonal que, en opinión de Castelao, pertencía ao cruceiro de Meixón Frío, estragado por un lóstrego no ano 1870. A cruz, ofrece no seu anverso, baixo a correspondente umbela, a efixie de Cristo con tres cravos flanqueada polas de San Xoán e a Virxe e, no reverso, a Virxe co Neno no colo. Este cruceiro suscita

[52] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000. páx. 118.
[53] Idem, páx. 119.

varias incógnitas con respecto a súa orixe e cronoloxía. Dicimos isto porque Henrique de Vedía non o cita na súa detallada "*Historia y descripción de la ciudad de La Coruña*" de 1845. Pola súa parte, Laredo Verdejo o asocia á cruz de Meixón Frío da que fala Bernardo Barreiro que lle outorgaba unha cronoloxía entre o século XII e XIII e que recordaba ao estilo do Mestre Mateo, mentres que para Ángel del Castillo é unha obra do século XV ou de comezos do XVI.[54]

7. Cruceiro de Calo (Teo).



Para Castelao non se trata dun cruceiro, senón dunha "*cruz pousada en ancho esteo de pedra*" que constitúe unha "*interpretación popular dos beleidos cruceiros góticos*."[55] Para Laredo Verdejo estamos diante dunha "*cruz cumial que como a de Melide foi aproveitada para montar este cruceiro.*"[56] Levantado sobre unha plataforma de dous chanzos irregulares, consta dun fuste de pequenas dimensións de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto cunha cruz gravada nunha das súas caras. A cruz, latina, cos extremos dos brazos de tipo pometeado, presenta no seu anverso unha basta umbela que protexe un relevo de Cristo con tres cravos e as figuras de San Xoán e da Virxe María. Ademais aparecen outras dúas figuras: unha de difícil interpretación e a outra representando a un peregrino ou quizais a Santiago Apóstolo.

8. Cruceiro con baldaquino do cemiterio de Santa María de Noia.



Coñecido polo nome de *Cristo do Humilladero*, presenta unha cruz que non era a primitiva, xa que a orixinal parece que era de bronce. Laredo Verdejo di que esta cruz é "*gótica polas formas e polo estilo*,"[57] pero na nosa opinión se trata dunha obra tardía e de traza moi popular. Non obs-

[54] Castillo, Ángel del. *Inventario artístico y monumental de Galicia*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos, 1972. páx. 255.
[55] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000. páx. 110.
[56] Laredo Verdejo, José M.: *Os nosos cruceiros*, A Coruña: Ed. Boreal-Xuntanza. 1993. páx. 13.
[57] Idem, páx. 45.

tante este cruceiro, xunto co de Baiona, constitúen unha curiosidade que os converte en exemplares únicos en Galicia.



9. Cruceiro da Santísima Trindade (Baiona).

Constitúe un dos dous exemplos existentes en Galicia de cruceiros con baldaquino, costume orixinaria de Francia e moi estendida por Cataluña e o Levante, aínda que sabemos por Castelao que houbo outro en Rianxo. Carece de plataforma e o seu fuste, de sección octogonal, conta cunha peza de sección circular no extremo superior que da paso a un capitel octogonal, formando todo o conxunto do varal unha soa peza. Este capitel, ornamentado nas súas caras con motivos xeométricos e vexetais, da paso a unha vistosa cruz cos extremos dos brazos moi acusados pola decoración. No seu anverso, e baixo unha umbela, aparece a imaxe de Cristo de tres cravos e, aos seus pés, diversas imaxes entre as que sobresae unha de Santiago Apóstolo. No reverso o motivo central é a Virxe co Neno no colo. Cómpre destacar que este cruceiro, que para algúns é do século XV e para outros do XVI, presenta como característica un altar ou pousadoiro.

10. Cruceiro de Ribas do Sor (Mañón).





Coñecido como cruceiro da Torre de Lama esta construción é unha amalgama de elementos composto recentemente polo seu propietario e do que só destaca a súa interesante cruz, procedente dun lugar indeterminado de Ribeiras do Sor, e dada a coñecer por Jaime Delgado.[58] Trátase dunha cruz latina, de granito e co brazo dereito deteriorado. O seu erosionado anverso ofrece unha efixie de Cristo rudamente tallada con tres cravos, coa particularidade de que as mans apa-

[58] Delgado Gómez, Jaime. "Restos de un "cruceiro medieval", de singular importancia, en Torre de Lama (Mañón-A Coruña," en *Brigantium*, volumen 6, anos 1989-1990, páx. 115-134.

recen moi xuntas, dando a impresión de que está colgado. No reverso aparece un "*Cristo Pantocrátor ...., moi elementalmente esculpido*"[59] e, segundo este autor, esta cruz sería de finais do século XIII ou comezos do XIV, co que nos atoparíamos diante dunha das cruces con efixies máis antigas de Galicia, anterior á do cruceiro de Melide.

11. Cruceiro da igrexa de San Nicolás de Neda.



Aínda que actualmente atópase a carón da devandita igrexa, procede dun lugar próximo chamado O Paraíso. Cómpre destacar que só a cruz e orixinal, pois os outros elementos que conforman este cruceiro son posteriores. A cruz, latina e de sección cuadrangular, ofrece un programa iconográfico único, pois tanto o anverso como o reverso repiten a mesma escena de Cristo crucificado e flanqueado pola Virxe María e San Xoán, diferenciándose soamente na existencia dunha umbela nun dos lados. Para Clodio González Pérez o cruceiro de Melide, o de Ribeiras do Sor e o de San Nicolás de Neda son todos da mesma época: século XIV, se ben os dous últimos poden ser obra de santeiros que imitaron modelos anteriores ou pouco peritos na labra da pedra.

12. Cruceiro de Cheis (Vimianzo)



Denominado tamén cruceiro de Pazos ou dos Santos, atópase na parroquia de Bamiro nun cruce de camiños situado nun lugar apartado e de difícil localización. Trátase dun singular cruceiro, lamentablemente pouco coñecido a pesar de que foi estudado en profundidade por Xosé Lema Suárez, María Dolores Barral Rivadulla e Marta Cendón Fernández. Deste cruceiro destaca especialmente a cruz, se ben o capitel, de forma troncopiramidal invertida e ornamentado con volutas nos vértices das arestas, relevos de forma triangular e un bocel na parte inferior, parece ser orixinal. A cruz, de sección circular, imita os troncos

[59] Idem, páx. 126.

de madeira pola súa aparencia leñosa. Posúe un repertorio iconográfico único en Galicia no que aparece a representación da Santísima Trinidad. Así, no anverso, podemos ver baixo unha umbela a efixie de Cristo con tres cravos, amplo perizoma e coas pernas cruzadas que está flanqueado pola Virxe María e San Xoán. Completan o conxunto unha figura axeonllada en actitude orante con roupa talar que ben puidera tratarse do doante, se ben hai que opina que se trata dun monxe franciscano. No reverso, tamén baixo unha umbela ou dosel, aparece unha pomba sobre a cabeza do Pai Eterno que ten no colo a Xesús neno e aos seus pés ao Apóstolo Santiago. Segundo Clodio González Pérez trataríase dunha obra de finais do século XIV ou de comezos do XV, se ben Barral e Cendón retrasan nun século esta cronoloxía. Pola súa parte, Lema Suárez coida que se trata dunha cruz gótica convertida en cruceiro probablemente por D. Antonio Rodríguez de Pazos a finais do século XVI ou comezos do XVII.



13. Cruceiro da praza de Alonso de Fonseca (Pontevedra).

Antigamente estaba situado no adro da igrexa da capela de Santiaguiño, próxima á ponte do Burgo. Segundo Filgueira Valverde hai constancia súa dende 1529. Parece ser que só a cruz é orixinal, xa que os outros elementos que o conforman son de época posterior aínda que o capitel imite outros de tipoloxía gótica como o do cemiterio de Santa María de Noia. A cruz, de tipo pometeado, ofrece no seu anverso baixo un dosel ou umbela a efixie de Cristo pero con catro cravos e, aos seus pés, dúas imaxes de difícil identificación (a Virxe María e San Xoán?), mentres que no reverso, tamén baixo unha umbela, amosa unha Virxe coroada co Neno e unha imaxe de Santiago Apóstolo, así como outras dúas figuras que, en opinión de Clodio González Pérez ben puidera tratarse de San Francisco e San Domingos.



14. Cruceiro de San Domingos (Pontevedra).

Actualmente situado xunto á ábsida da inacabada igrexa de San Domingos, o seu emprazamento orixinal foi o adro de San Bartolomé o Vello. Hai que dicir que a base, fuste e capitel non son orixinais, sendo o máis interesante a cruz, latina e cos extremos dos

brazos moi acusados ou resaltados e profusamente ornamentada. Datada no século XIV, no anverso, e baixo a correspondente umbela, aparece a imaxe de Cristo de tres cravos sobre a figura dun bispo con báculo e mitra. No reverso, tamén baixo unha umbela, está a Virxe coroada e co Neno en brazos e unha figura que parece representar a Santiago Apóstolo, completando o conxunto dous anxos.

15. Cruceiro das Fervenzas (Aranga - A Coruña).

Na plataforma figura o ano de 1863, data na que supoñemos na que se recompuxo este cruceiro, pois a base, o fuste e o capitel son moi posteriores á cruz. Desta só son apreciables os brazos e a cabeceira que, no seu anverso, presenta un anxo con coroa nas mans a xeito de umbela, un Cristo de tres cravos flanqueado polo Virxe María e San Xoán e unha figura de xeonllos coas mans en actitude orante que ben puidera ser unha representación do doante. No reverso aparece unha hierática Virxe sedente co Neno no colo, fermosísima talla que, en opinión de González Pérez constitúe "*unha das máis grandes de cantas hai nos nosos cruceiros*."[60] En canto á cronoloxía deste conxunto escultórico de enorme interese, que desconcerta pola súa situación e orixe, a opinión mais xeneralizada é que se trata dunha obra do século XVI.

Outros cruceiro deste período gótico eran o de Meixón Frío, desaparecido en 1870 e o de Caldas de Reis, cuxa cruz atópase no Museo de Pontevedra.

Como síntese podemos dicir que existe un reducido número de cruceiros góticos, se ben sería máis acertado falar de cruces pois, agás o da praza de Tapal e o do cemiterio de Santa





[60] González Pérez, Clodio. *Os cruceiros*. Santiago: Cadernos Museo do Pobo Galego, 12, Fundación Caixa Galicia, 2003. páx. 37.

María, os dous na vila de Noia, e o de Cheis en Vimianzo, todos eles foron recompostos posteriormente. Como características xerais podemos dicir:

1. Que a súa cronoloxía abrangue dende os séculos XIV ao XVI.

2. A súa situación en vilas, é dicir, en núcleos urbanos (agás o caso do de Cheis e as Fervenzas), característica no que pode verse unha influencia das ordes mendicantes, especialmente dos franciscanos.

3. Trátase de cruces maioritariamente gregas, amplamente ornamentadas e cos extremos dos brazos moi resaltados e de tipo pometeado ou potenzado, con umbela ou dosel na cabeceira.

4. Iconografía de composición triangular, tendo no anverso a Cristo crucificado (xeralmente flanqueado pola Virxe e San Xoán) e, no reverso, a Virxe María (de pé ou sentada) co Neno no colo; ao Pai Eterno ou a Cristo, no caso do cruceiro de Neda. Trátase de cruceiros da vida en canto que no reverso non figura ningún alusión á morte ou motivos ou imaxes que representen a dor. Cómpre destacar a presenza na maioría dos casos da figura de Santiago Apóstolo, o que pode levarnos a pensar a posible vinculación destas cruces co Camiño Francés.

5. Como características estilísticas podemos citar o vulto aplastado, figuras estilizadas, potenciación da decoración, rostros baleirados de seu contido individual nos que hai unha anulación da expresión. Como excepción notable a esta última característica estaría o cruceiro de Cheis.

6. Trátase de obras cultas, realizadas por artífices descoñecidos (quizais por tratarse de obras menores) que Castelao supón foráneos e probablemente integrantes dun ou varios obradoiros itinerantes.

7. Non son obras populares, xa que este tipo de manifestación artística non está aínda asumida polo pobo. Non sabemos quen as encarga, probablemente a Igrexa, pero se trata de obras minoritarias.

8. En opinión de Laredo Verdejo, "*este tipo de cruces responden a unha moda das formas que, iniciándose en Europa cara o século XIII, chegou a Galicia con certo retraso.*"[61]

9. Na nosa opinión, a estas labras tan acabadas non se chega de súpeto, e ten que haber antecedentes máis modestos xa sexa en Galicia ou fóra dela se como parece ser a opinión xeneralizada son obra de artistas foráneos.

Cruceiros renacentistas

A cronoloxía destes cruceiros pode situarse na segunda metade do século XVI, xa que as formas góticas van a manterse durante as primeiras décadas desta centuria. Ademais, neste período vai comezar o espallamento destas manifestacións artísticas por diferentes vilas de Galicia, locali-

[61] Laredo Verdejo, José M.: *Os nosos cruceiros*, A Coruña: Ed. Boreal-Xuntanza. 1993. páx. 33.

zadas fundamentalmente na costa Atlántica. Estes cruceiros renacentistas caracterízanse por unha cruz latina, na que desaparecen os extremos moi acusados dos brazos e os remates potenzados. Tamén desaparece na maioría dos casos a umbela ou dosel e hai unha redución da ornamentación en comparación co período anterior. Trátase de cruces máis estilizadas, nas que o programa iconográfico, no que se elimina tamén a composición triangular, vaise simplificar considerablemente, limitándose a Cristo no anverso e a Virxe no reverso. En canto ás figuras, mantense aínda o a súa forma plana, pero con máis vulto que na etapa anterior, se ben aínda son tratadas como relevos.

Entre os principais cruceiros deste período cómpre destacar: O cruceiro do Polvorín (Ourense), o cruceiro da Praza da Leña (Pontevedra), o cruceiro de San Roque (Fisterra), o cruceiro de San Xusto de Toxosoutos (Lousame), o cruceiro da Catedral de Mondoñedo, o cruceiro da Mercé (Pobra do Caramiñal) e o cruceiro da Poza do Lampón (Boiro) entre outros.

Cruceiro do Polvorín (Ourense).

En opinión de Castelao, a cruz latina deste cruceiro é renacentista, pero "*conserva nas súas esculturas o xeito gótico, máis perceptible na imaxe da Virxe*."[62] Mantén aínda a umbela nos dous lados, ofrecendo o anverso a figura de Cristo de tres cravos e, o reverso, a da Virxe co Neno no colo. Chama a atención a forma da cruz, xa que os extremos dos seus brazos e da cabeceira son de tipo flordelisado. Para Laredo Verdejo, este cruceiro, que constitúe "*un dos casos máis difíciles e case misteriosos que podemos atopar, é sen dúbida unha peza verdadeiramente especial e histórica que debe situarse entres as chamadas "cruces góticas*" e as máis antigas dos cruceiros tradicionais existentes,"se ben este autor di que "*foi levantado nos primeiros anos do século XVI.*"[63]

Cruceiro da Praza da Leña (Pontevedra).

Procedente de Caldas de Reis, a cruz deste cruceiro é, segundo Castelao, máis plateresca e abandona xa "*os abultados froróns terminais do gótico, anque aínda conserva o resto do adovío froral*."[64] Trátase dunha cruz latina na que xa aparece a cartela co INRI na cabeceira (non presente nos cruceiros góticos) e na que se simplifican as formas pero non a ornamentación, a base de medias canas rematadas en pequenas volutas nos extremos. No seu anverso podemos

[62] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000. páx. 119.
[63] Laredo Verdejo, José M.: *Os nosos cruceiros*, A Coruña: Ed. Boreal-Xuntanza. 1993, páx. 101.
[64] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000. páx. 119.

ver unha imaxe de Cristo de tres cravos cun acusado nimbo crucífero na cabeza, mentres que no reverso sitúase a Virxe co Neno no colo.

Castelao atopou a cruz deste cruceiro en fragmentos no Museo de Pontevedra e a recompuxo nun debuxo que figura na lámina X de As cruces de pedra na Galiza e, aínda que non fai referencia ao capitel, sospeitamos que pode ser o orixinal.

Cruceiro de San Roque (Fisterra).

Levantado sobre un penedo, conta cunha base de forma paralelepípeda coas arestas superiores rebaixadas. O seu fuste, oitavado en toda a súa lonxitude, remata nun sinxelo capitel moldurado en nacela e sobre o que descansa a base ancha da cruz. De tipo latina, esta cruz presenta na cabeceira do seu anverso unha cartela anepigráfica (aínda que tamén puidera tratarse dunha rústica umbela). A figura de Cristo, de tres cravos e co perizoma anoado ao centro, está totalmente pegada á cruz e, detrás da súa cabeza, pode apreciarse un nimbo. O seu reverso, ornamentado con bolas na cabeceira e nos brazos (motivo moi característico das cruces góticas) ofrece a Virxe co Neno en brazos, os dous tamén con nimbo na cabeza, e cos pés sobre unha media lúa deitada, atributo normalmente asociado á Inmaculada. Para Laredo Verdejo este cruceiro anda a cabalo entre os séculos XVI e XVII.[65]

Cruceiro de San Xusto de Toxosoutos (Lousame).

Estudado por Clodio González Pérez, este cruceiro constitúe un caso único, pois nel figura "*unha representación iconográfica totalmente allea á relixiosidade popular, pero relacionada coa orde cisterciense, como é o lactación de San Bernardo*." [66]Datado no ano 1563 (posiblemente é o cruceiro con data máis antigo que se conserva) procede dun convento espoliado e, actualmente, atópase a carón da estrada de Santiago a Noia. Carece de capitel e a súa cruz latina, de sección cuadrangular pero coas arestas rebaixadas,, amosa no seu anverso a figura de Cristo con nimbo na cabeza, mentres que no presenta un medallón ovalado co motivo anteriormente citado. [67]

[65] Laredo Verdejo, José M.: *Os nosos cruceiros*, A Coruña: Ed. Boreal-Xuntanza. 1993, páx. 151.
[66] González Pérez, Clodio. *Os cruceiros*. A Coruña: Cadernos Museo do Pobo Galego, 12. 2002. Páx. 39
[67] Laredo Verdejo discrepa tanto da cronoloxía, na súa opinión é de 1663, coma na interpretación do motivo do reverso, da que afirma que a figura é de "difícil identificación pero de sexo masculino, quizais San Xosé ou San Francisco, co Neno no brazo esquerdo. Ös seus pés hai outra figura axeonllada en actitude orante que ben puidera ser un frade franciscano." Véxase LAREDO VERDEJO, José M.: *Os nosos cruceiros,* A Coruña: Ed. Boreal-Xuntanza. 1993, tomo II, páx. 29

Cruceiro da Catedral de Mondoñedo.

Trátase dun interesante cruceiro, quizais o máis antigo da provincia de Lugo. Atópase no centro do claustro da catedral mindoniense e levántase sobre un baseamento ou base composto por dous chanzos e un plinto que, sen lugar a dúbidas, non é orixinal do cruceiro. Pola contra, si é orixinal o fuste, de sección circular, que presenta na súa parte inferior diversas molduras e unha sucesión de arquiños (todo elo moi erosionado), motivos que se repiten no capitel, onde tamén aparece unha orla ou greca de tema xeométrico. A cruz, de tipo grego e de sección rectangular, está profusamente ornamentada e cos extremos dos brazos e da cabeceira moi acusados (pero sen chegar aos extremos do gótico) e con volutas separadas con unha peza de forma triangular. No seu anverso, baixo unha cartela na que pode lerse INRI, está a imaxe dun Cristo de tres cravos e con coroa de espiñas na cabeza, mentres que no reverso podemos contemplar unha Virxe (coroada, en actitude orante e cos pés sobre unha cabeza humana) flanqueada por dous anxos representados en relevo e que decoran os brazos da cruz.

Se ben o claustro desta catedral refíxose cara o ano 1640, xa daquela había un cruceiro no seu centro. Coincidimos con Laredo Verdejo en que "*esta cruz puido ser instalada alí antes do 1600 e despois, ao restaurarse o claustro, elevouse a base dun gran pedestal adquirindo o seu aspecto actual.*"[68] Ao mesmo tempo, convén destacar que se trata dunha singular obra que, na nosa opinión, está relacionada con algún obradoiro que no S. XVI traballou nesta catedral.

Cruceiro da Mercé (Pobra do Caramiñal).

Levántase sobre unha plataforma octogonal de cinco chanzos de granito, o último dos cales fai ás veces de base e na que se asenta un varal, tamén octogonal, rematado nun capitel con acusado astrágalo de bocel e ornamentado con caras de anxos coas súas ás conformando as arestas. A cruz grega, presenta como motivos decorativos medias canas rematadas en pequenas volutas que nos traen á memoria a do cruceiro da Praza da Leña de Pontevedra, co que posiblemente garda relación. No seu anverso, e baixo a cartela co INRI, está a imaxe de Cristo con nimbo crucífero e con tres cravos, situándose no reverso e sobre peaña a Virxe en actitude orante.

[68] Laredo Verdejo, José M.: *Os nosos cruceiros*, A Coruña: Ed. Boreal-Xuntanza. 1993, páx. 173.

Cruceiro da Poza do Lampón (Boiro).

Situado na parroquia de Santiago de Lampón, no lugar denominado A Poza, a cruz deste cruceiro (con plataforma de dous chanzos, base paralelepípeda coas arestas superiores rebaixadas e fuste de sección octogonal rematado nun capitel con volutas nos extremos superiores) presenta medias canas rematadas en pequenas volutas. Domina o seu anverso a imaxe de Cristo, de tres cravos e con nimbo na cabeza, mentres que no reverso aparece unha Virxe coroada con Neno en brazos.

Cruceiros barrocos

Segundo Castelao, o salto ao barroco o protagoniza o cruceiro da Ascensión (Pontevedra), ao que lle seguen o de Iria e do Fondo da Vila, os dous no concello de Padrón. Neste período, que abrangue dende finais do século XVI ata mediados do século XVIII, prodúcese unha gran expansión dos cruceiros polo rural, probable repercusión do Concilio de Trento. Ademais, se consolida un novo tipo de cruceiro entre as rías de Arousa e Noia, o denominado de capela ou de Loreto, e na iconografía destes monumentos pasa a ter un maior protagonismo a morte. Así, Cristo pasa a representarse con coroa de espiñas e coa cabeza moi ladeada, manifestación do seu estado de agonía ou morte, acentuándose todas as mostras e expresións de dolor ou de sufrimento: chagas moi marcadas, representación do sangue, etc. As efixies arrédanse da cruz, especialmente a do Redentor que semella estar case colgado do madeiro. Márcase moito a sinuosidade das roupaxes, especialmente do perizoma, anoado case sempre nun lateral para romper a simetría. No reverso, o motivo máis frecuente é a Virxe, nas advocacións de Dolorosa, Quinta Angustia (Piedade) ou Virxe das Angustias.

Polo que respecta ás plataformas, estas aumentan o número de banzos, sendo frecuentes os cruceiros con máis de tres chanzos. As bases énchense de molduras (boceis, escocias, touros, etc.) e de motivos zoomórficos (píntegas, sapos, etc) ou alusivos á morte (caveiras, tibias….). Os fustes son frecuentes as imaxes de santos ou temas como a expulsión de Adan e Eva como elementos decorativos, aos que hai que engadir os símbolos da paixón, ás veces tamén presentes nas bases, no capitel ou na cruz. Os capiteis caracterízanse por unha gran variedade tipolóxica, frecuentemente ornamentados con volutas e querubíns.

No repertorio iconográfico, ademais de Cristo e das novas advocacións da Virxe, ocupa un lugar destacado a representación de San Francisco, xa sexa rescatando almas ou recollendo cun cáliz o sangue do costado de Cristo.

Convén destacar tamén que neste período existe unha maior documentación sobre os cruceiros, feito que nos permite, entre outras cousas, coñecer o nome dalgúns dos seus artífices, como poden ser Xoán de Santiago, do século XVI, mentres que Antonio Mosquera, Diego Fernández, Xoán Fernández, Xoán Neto e Xoán de Bouzas, pertencen ao século XVII. Da centuria seguinte son Xacinto Gómez, Xosé Bieto de Castro e Esteban Gómez. Na provincia de Lugo destaca Felipe de Saa, autor do calvario dos Vilares de Guitiriz. Convén subliñar tamén a xeneralización das inscricións, ben referidas ao ano de construción coma o nome e motivos de quen mandou facer o cruceiro.

Como facer unha relación documentada dos cruceiros barrocos existentes en Galicia excedería os obxectivos e límites deste traballo, queremos referirnos só a algúns dos que coidamos máis significativos, como poden ser, xunto cos xa citados, o cruceiro da Moureira ou da Ascensión (Pontevedra), o do Fondo da Vila (Padrón), o do Castelo de Monterrei (Ourense), o de San Bartolomeu de Rebordáns (Tui) e o de San Vicente de Castillóns (Pantón).

Cruceiro da Moureira ou da Ascensión (Pontevedra).

Deste cruceiro, "*chamado d´Ascensión porque o mandou facer unha tal María d´Ascensión, segundo documento do ano 1592 que posuía o cronista Don Casto Sampedro*"[69], di Castelao que sinala o salto ao barroco. A plataforma, hexagonal e composta por tres chanzos, da paso a unha base da mesma forma da que arrinca un varal liso, tamén de sección hexagonal. O capitel de aparencia cúbica, presenta unha moldura de bocel na súa parte inferior. A cruz, latina e cos extremos dos brazos e da cabeceira en forma de áncora, ofrece no anverso baixo a correspondente cartela a imaxe de Cristo con tres cravos, aínda pegada ao madeiro, flanqueada por San Xoán e a Virxe. No reverso, podemos contemplar unha Piedade, quizais unha das primeiras representacións desta advocación nos cruceiros galegos.

Cruceiro do Fondo da Vila (Padrón).

Trátase dunha obra do ano 1587, segundo un contrato asinado "entre o comerciante Diego de Lorena e o Santeiro Xoán de Santiago."[70] Neste cruceiro Castelao ve "*o total predomiño da estruturación barroca*,"[71] destacando del o feito de que presenta esculturas no seu fuste. A súa plataforma de dous chanzos non é a orixinal, pero si a súa base, ornamentada con diversos

[69] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiz*a. Vigo: Editorial Galaxia, 2000. páx. 119.
[70] González Pérez, Clodio. *Os cruceiros*. A Coruña: Cadernos Museo do Pobo Galego, 12. 2002. páx. 41.
[71] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiz*a. Vigo: Editorial Galaxia, 2000. páx. 120.

motivos, entre os que destacan caveiras sobre unha tibia. O imoscapo do varal ofrece tamén tibias cruzadas como elemento ornamental, pero o que máis chama a atención deste fuste é a presenza de dúas imaxes: unha de Santiago Peregrino e outra a dunha santa portando un cáliz (María Magdalena?). O seu capitel, con acusado astrágalo de bocel ornamentado con pequenas bolas, presenta volutas nas arestas e flores de lis nas caras.

A cruz, o elemento máis significativo e interesante, ten os extremos dos brazos e da cabeceira moi acusados e está decorada con medias canas. Ofrece no seu anverso, baixo a correspondente cartela coa inscrición INRI, unha imaxe de Cristo de tres cravos, aínda pegado ao madeiro, que ademais da coroa de espiñas, amosa detrás da cabeza un nimbo. No reverso, onde tamén pode verse unha cartela na cabeceira, destaca a imaxe da Piedade.

Trátase dun interesante cruceiro que Castelao o da como unha obra típica da artesanía compostelá de principios do XVII.

Cruceiro de San Vicente de Castillóns (Pantón).

Situado actualmente[72] entre as igrexas de San Vicente e Santiago de Castillóns, no concello lucense de Pantón, é o cruceiro con data máis antigo da provincia de Lugo. Realizado en 1610, constitúe un singular cruceiro merecente dun detallado estudo. Consta dunha plataforma moi espectacular de seis chanzos e cun pousadoiro de gran tamaño, elemento este último non moi frecuente nos cruceiros lucenses. A súa base, de forma cúbica, presenta unha inscrición que fai alusión ao seu traslado e reedificación en 1877 por parte do crego José Rodríguez Eiras. O seu fuste, oitavado no tramo central, presenta as imaxes de San Xoán Bautista e de María Magdalena co cáliz, situándose no extremo superior unhas pequenas volutas. O capitel, que coidamos neoclásico e froito da citada reedificación, ten forma troncopiramidal invertida e presenta unha acusada moldura en nacela. Polo que respecta á cruz, latina e de sección cuadrangular, ten na cabeceira unha cartela na que figura a inscrición ANO 1610. No seu anverso ofrece a efixie de Cristo, xa arredado do madeiro, e no reverso a Piedade.

Cruceiro de Rebordáns (Tui).

Este cruceiro de 1770 destaca pola súa riqueza ornamental e iconográfica, ao tempo que constitúe un bo exemplo da arte barroca neste tipo de monumentos. Levántase sobre unha plataforma

[72] Antigamente estaba situado no lugar da Ermida.

cuadrangular de tres chanzos e conta cunha base moldurada en talón ou cima reversa invertida co relevo dunhas ánimas nunha das súas caras. O seu fuste, de sección circular, está profusamente decorado con relevos de santos e dos símbolos da paixón. Remata nun capitel composto que amosa follas de acanto, volutas e querubíns. A cruz, latina e de aparencia leñosa, ten no seu anverso a efixie de Cristo (baixo a cartela co INRI) e, no reverso, unha Piedade na que a Virxe está de pé.

Cruceiros de Allariz.

Parece ser que do ano 1579 son os dous cruceiros semellantes que se atopan diante do convento de Santa Clara desta vila ourensá. Son practicamente iguais tamén ao da igrexa de Santa María de Vilanova (Allariz) e moi semellantes aos de Seixalbo e Xunqueira de Ambía, sendo todos eles obra dun mesmo obradoiro. A característica común é o seu fuste, cilíndrico, estriado verticalmente e dividido en dous tramos por un colariño con aspecto de coroa de espiñas. Os capiteis, cúbicos, ornamentados con motivos vexetais e cun astrágalo sogueado na parte inferior, soportan unha cruz latina, estilizada e aparencia leñosa, que amosa no seu anverso a efixie de Cristo (cunha caveira como supedáneo) e, no reverso, unha imaxe da Piedade na que a Virxe aparece de pé sobre un querubín.

Parece ser que estes cruceiros foron levantados como medida de protección contra a peste que no citado ano asolou esta zona.

Cruceiro de Monterrei (Ourense).

A singularidade deste monumento reside en que é o primeiro no que aparece a palabra cruceiro, termo que figura nunha inscrición no seu capitel e que di: "*Este crucero içe Ju[an] Sotelo pa[ra] el convento. Año 1636*", se ben descoñecemos se se trata dun santeiro ou dun devoto. Trátase dun singular cruceiro cun varal de tipoloxía pouco frecuente: cilíndrico e con estrías verticais en toda a súa lonxitude. Remata nun orixinal capitel con forma esférica que soporta unha sinxela cruz lisa, sen efixies.

Os séculos XIX e XX (1º terzo)

Correspóndese co período de maior pulo no levantamento de cruceiros en Galicia. Como exemplo, podemos citar a Terra Chá, onde máis do 80 % destes monumentos que teñen data, pertencen a estas centurias. As razóns deste pulo construtivo temos que buscalas no aumento do

poder económico, sobre todo pola chegada das remesas dos emigrantes; no aumento da devoción popular (a maioría das inscricións fan referencia a este feito) motivada pola insistencia na idea do Purgatorio das misións propiciadas polos xesuítas. A este fenómeno tampouco é alleo o dirixismo da igrexa diocesana, beneficiaria, tanto espiritualmente como economicamente (a través das indulxencias) da construción de cruceiros. Todo isto vai traer como consecuencia un maior número de artífices e a perda do anonimato de moitas das obras.

Estilisticamente podemos dividir os cruceiros deste período, caracterizado por unha gran variedade tipolóxica, en dous grandes grupos. O primeiro estaría representado por aqueles monumentos nos que se observa unha pervivencia das formas e motivos barrocos, mentres que o segundo estaría formado por aqueles máis orientados ás formas neoclásicas, caracterizadas por formas lisas, capiteis de tipo dórico ou compostos por filetes ou listeis e predominio das bases cúbicas ou rectangulares.

Cómpre dicir que neste período asistimos á consolidación dos cruceiros monumentais, tipoloxía xa iniciada no barroco (Cruceiro Bonito de Abegondo e cruceiro da Fonte de Castrogudín-Vilagarcía de Arousa, o primeiro de 1787 e o segundo de 1797) e á aparición dos desencravos e cravamentos, cruceiros nos que se revoluciona a iconografía ao representar no anverso da cruz estes dous momentos da paixón, moi diferentes ao tema habitual da crucifixión. Nestes tempos o cruceiro pasa a converterse nun elemento de prestixio social.

Entre os cruceiros monumentais destacan o do Santísimo Cristo dos Aflixidos en Covelo, obra de Xosé Cerviño (1843-1922) e coñecido como "Pepe da Pena", autor tamén do famoso cruceiro de Hío (Cangas) e, probablemente, tamén do de Pías (Ponteareas). Entres os desencravos máis espectaculares podemos citar, ademais do de Hío, os de Suevos (Mazaricos), Eiroa (Noia), Vilariño (Rois) e Berrimes (Lousame), todos eles da segunda metade do século XIX e obra de Andrés Castaño Fernández, un dos máis coñecidos santeiros da provincia da Coruña. Outros artistas deste tempo foron Xosé Ferreiro, Domingo e Francisco Fortes, Francisco Otero, Tomás Rodríguez e o seu fillo Nicolás, Xosé Couto, Manuel González Perdiz, etc. Polo que respecta á provincia de Lugo, cómpre destacar á familia dos Carboeira e a Benito Rifón Corral, dos que falaremos máis adiante.

Capítulo IV >
Estudos sobre os cruceiros galegos

O comezo do estudo dos cruceiros

Bernardo Barreiro Vázquez Varela (1850 – 1904)

A importancia deste polifacético[73] historiador reside en que foi a primeira persoa en Galicia en dar a coñecer un inventario[74] e realizar un estudo dos nosos cruceiros no seu traballo ***Monumentos populares. Las cruces y los cruceros***. Publicado por entregas na revista *Galicia Diplomática* durante o ano 1889, nestes artigos Bernardo Barreiro, considerado por Otero Pedrayo como un home "*entusiasta e sabio*"[75] destaca o valor histórico, artístico e etnográfico dos cruceiros. Coidaba que

"*No solamente para la formación de una completa historia regional es indispensable el estudio de estos pequeños monumentos que por todas partes ha erigido la piedad ó la costumbre, la tradición antigua ó la fe cristiana tan arraigadas en nuestro pueblo, sino que el conocimiento*


GALICIA: DIPLOMÁTICA
HISTORIA
ARQUEOLOGÍA
HERALDICA
CIENCIAS
ARTES
REVISTA OFICIAL DE ARCHIVOS BIBLIOTECAS
TOMO I.—NÚM. 23.
REDACCIÓN Y ADMINISTRACIÓN
Campanas de S. Juan, 2.
Santiago 10 de Diciembre de 1882.
DIRECTOR-PROPIETARIO,
BERNARDO BARREIRO DE V. V.
Archivero del Excmo. Ayuntamiento
SANTIAGO.
PRECIO DE SUSCRICIÓN.
En España y Portugal, un año 9 peseta
Cuba y Puerto-Rico, id. 3 pesos.
Filipinas. . . . . id. 5 id.
Sur América, Méjico y Estados-Unidos. . . id. 4 id.

[73] Pintor, poeta, novelista, xornalista e sobre todo historiador, este arquiveiro (primeiro en Santiago e depois na Coruña) tivo que fuxir en dúas ocasións a Bos Aires a causa das súas ideas políticas (era republicano federalista), cidade na que foi un dos fundadores do Centro Galego e redactor dos seus estatutos. Autor de numeross traballos, destacan especialmente os seus ensaios "*Las leyendas de María*. *Colección histórico-arqueológica de bellas artes, costumbres, antigüedades, tradiciones y santuarios de Galicia*" (1872), "*Efemérides de Galicia*" (1877), "*Brujos y astrólogos de la Inquisición en Galicia y el famoso libro de San Cipriano*" (1885), así como tamén o seu poemario *O desterro* (1879).

[74] Este inventario dos cruceiros de Santiago foi realizado en 1882 por iniciativa de D. Francisco Espino, oficial da Secretaria deste concello, que os percorreu un a un, tomando notas das súas inscricións. Entregoulle esta información a Bernardo Barreiro no devandito ano, pero non foi redactada e publicada en *Galicia Diplomática* ata 1889. Véxase: "Monumentos populares. Las cruces y los cruceros", en *Galicia Diplomática*, volúmen IV, número 12, 24 de marzo de 1889, páx. 91-93; número 19, 12 de maio de 1889, páxs. 151-152; número 20, 19 de maio de 1889, páxs. 157-158 e número 21, 26 de maio de 1889, páxs. 163-166.

[75] Otero Pedrayo, Ramón. *Historia de Galicia*. Madrid: Akal Editor, 1979. páx. XX.

de cada uno de estos detalles, al parecer insignificantes, importa grandemente á las crónicas de cada localidad, á los recuerdos de cada época, á las íntimas y piadosas memorias de familia, á las leyendas que engalanan la poesía y á las nuevas formas con que el arte se embellece."[76]

Reclamaba un "*estudio meditado*" sobre os cruceiros por razóns históricas e artísticas, así como a recollida dos epígrafes que figuran nos mesmos por consideralos un dato de suma importancia.

Neste inventario figuran 50 cruceiros de Santiago e parroquias limítrofes, dos que se indica o seu nome, situación, unha breve descrición, ano de construción e inscrición que figuran nos mesmos. Por eses datos sabemos que a maioría dos citados pertencen aos séculos XVII e XVIII, se ben non faltan exemplos de épocas anteriores. Tal é o caso do cruceiro de Meixón Frío, ao que Bernardo Barreiro dedica un amplo comentario afirmando que "*se conservaba la cruz primitiva de fines del siglo XII comienzos del XIII que más de una vez nos recuerda al famoso arquitecto Mateo… por distinguirse en esta obra… las florencillas románicas de los estremos (sic) y las ligeras venar o nervios de transición al ojival; pero las umbelas y la estatutaria acusan no obstante otra mano menos hábil, aunque la riqueza del monumento era de todos modos extrema*."[77] Este cruceiro, ao que nós lle asinaríamos unha cronoloxía máis tardía, pois o supoñemos semellante ao do Home Santo, foi estragado por un raio no ano 1870.

Destaca tamén Bernardo Barreiro o cruceiro de Ramírez[78] pola súa curiosa inscrición na que parece que se pide que "*no rueguen a Dios por él*", cando en realidade a sílaba que faltaba na liña anterior é a que completaba o apelido Arellano. Este epígrafe deu moito que falar porque "*se dice, que las oraciones dirigidas a esos muertos que, por desdicha suya* [se refiere aos excomungados] *se suponen ardiendo en los infiernos, producen efectos contrarios agravando a cada oración sus incomensurables martirios.*"[79]

Tamén, como non podía ser menos, Bernardo Barreiro destaca dos cruceiros de Santiago ao do Home Santo, do que di que é "*tres veces notable por su antigüedad* [na súa opinión é unha obra do século XIV*], por su belleza y por su valor histórico*."[80]

[76] "Monumentos populares. Las cruces y los cruceros", en *Galicia Diplomática*, volúmen IV, número 12, 24 de marzo de 1889, páx. 91-93; número 19, 12 de maio de 1889, páxs. 151-152; número 20, 19 de maio de 1889, páxs. 157-158 e número 21, 26 de maio de 1889, páxs. 163-166.

[77] "Monumentos populares. Las cruces y los cruceros", en *Galicia Diplomática*, volúmen IV, número 19, 12 de maio de 1889, páx. 151.

[78] A este cruceiro dedicoulle Rosalía de Castro o seu poema "En Cornes" do libro "Follas Novas": "Cruceiro de Ramírez que t´ergues solitario / D´os Agros n´a espranda, antr´as rosas d´os campos,/ O sol d´a tarde pousa, en ti ó postreiro rayo / Coma n´un alma triste, pusa un soño dourado./ Algun-ha vez n´o estio, en o teu pé sentada / Escoito silenciosa, mentras a tarde acaba: / Baixo d´as pedras mudas, que o teu secreto gardan / Maxino que soa o brando son d´un arpa, / ¡Música incomprensible que d´outros mundos fala! / ¡Tal de Memnon s´oian ó amañecer na estatua,/ Aqueles sons diviinos que as almas encantaban!

[79] "Monumentos populares. Las cruces y los cruceros", en *Galicia Diplomática*, volúmen IV, número 21, 26 de maio de 1889, páxs. 163-164.

[80] "Monumentos populares. Las cruces y los cruceros", en *Galicia Diplomática*, volúmen IV, número 21, 26 de maio de 1889, páx. 166.

Como colofón a este traballo, Bernardo Barreiro di que xa está tomando debuxos para acompañar a súa descrición da "*colección de cruces de hierro y piedra que coronan los piñones y ábsides de nuestros monumentos antiguos*"[81] de Santiago, entre as que destaca a Cruz dos Farrapos da basílica compostelán. Trátase dun interesante e novidoso proxecto de estudo das cruces cumiais ou antefixas que, desgraciadamente, non chegou a publicarse.



MONUMENTOS POPULARES.

Las Cruces y los Cruceros.

UNA NOTA PRELIMINAR.

Coincidiendo este artículo, casi, con la publicación del comentado y notable de la señora doña Emilia Pardo Bazán, titulado: *El País de las Benditas Animas*, y seguidamente con otro cuyo epígrafe es *Petos y Cruceros*, que en su libro *Caldo Gallego* inserta el distinguido literato D. Juan Neira Cancela, debemos advertir á los que creyesen ver en estas líneas alguna advertencia indirecta á tan excelentes escritores acerca de la respetabilidad y reconocida importancia de estos monumentos bajo los aspectos histórico, arqueológico y aún artístico que, ademas de estar escrito nuestro trabajo con mucha antelación, no hemos de retocarlo en lo más mínimo, una vez que los referidos escritores tratan solo este asunto, de una manera breve, de pasada, y solo bajo el punto de vista de la estética y de la crítica en los salones del gran mundo, sin facilitarnos otros datos, por el momento, que aquellos especialísimos de la ingeniosa y amena literatura en que son tan entendidos maestros.

Por otra parte, de la lectura, muy agradable por cierto, de ambos artículos, no hemos podido colegir (como lo han hecho otros escritores) la enemiga más insignificante ni siquiera el desprecio de estos autores hácia tan venerandos monumentos del pueblo gallego: antes al contrario, y

IPLOMÁTICA. 93

la cruz y la mayor parte de la vara, pero se conserva al pié la inscripción, que dice:

ESTE CRVCEIRO LO
HIZO ANDRES DE VAR
POR SV DEVOCION
AÑO DE 1747 AÑOS.

El objeto de este crucero, es, como se comprende, el de anunciar el santuario, en cuyo campillo de robles hacian alto los romeros.

IV.—Crucero de la robleda de San Lázaro.—Este monumento como el más cercano y principal de la capilla, si fuese el primitivo, acusaría el siglo XV. Sentimos no tenerlo á la vista, ni recordarlo ahora. El Sr. Espino nos dice que no tiene inscripción, por cuyo motivo ni siquiera podemos recomendar las esculturas que muestra en ambos frentes que son: la imágen del Crucificado y la de la Purísima Concepción.

Bernardo Barreiro de Vaz

(Se continuará.)

Agardaba Bernardo Barreiro que a publicación do inventario de cruceiros de Santiago, animara a algún dos seus amigos e corresponsais de *Galicia Diplomática* en Mondoñedo, Lugo, Ourense, Noia, Pontevedra, etc., a emprender un estudio semellante para o "*fondo común de la historia de esta amada patria*". A petición súa, Eduardo Núñez Sarmiento realiza un pequeno artigo sobre o cruceiro de Berrines, cunha tipoloxía dos denominado de Capela ou Loreto, existente no concello de Noia.[82] Consciente do interese destes monumentos, lamentábase non poder *"...reunir de todos los pueblos de Galicia ese gran conjunto de leyendas para nuestra literatura, de inscriciones para la historia, de dibujos para el estudio del arte en todos los siglos, con las curiosas relaciones que nos diesen a conocer la devoción, la costumbre o la superstición de nuestro pueblo*."[83]

Pero Bernardo Barreiro foi tamén un activista na defensa dos nosos cruceiros e pelexou durante anos para ver restituído no seu lugar o cruceiro do Home Santo, estragado polo conce-

[81] "Monumentos populares. Las cruces y los cruceros", en *Galicia Diplomática*, volúmen IV, número 21, 26 de maio de 1889, páx. 166.
[82] Núñez Sarmiento, Eduardo. "El crucero de Berrimes y el túmulo del Barbanza", en *Galicia Diplomática*, Tomo IV, nº 17, 28 de abril de 1889, páxs. 138-139.
[83] Idem, páx. 92.

llo de Santiago para construír unhas escaleiras nas inmediacións da Porta do Camiño.[84] Neste aspecto, Bernardo Barreiro levou a cabo durante varios anos unha intensa campaña, primeiro no *Diario de Santiago*[85] e despois en *Galicia Diplomática*,[86] dando a coñecer a historia, valor artístico e significado deste singular cruceiro. En 1887 chegou a ir camiñando, acompañado dos irmáns Mayer, dende Santiago a Sabugueiro, no que el denominou unha "*peregrinaje artística*", para estudar e comprobar o estado de conservación deste monumento.

Castelao declárase debedor de Bernardo Barreiro e recoñece que o entusiasmo deste historiador foi o "*único alento*" que tivo para facer *As cruces de pedra na Galiza*, afirmando nesta obra que "*ninguén máis que él soupo fitar a importancia dos cruceiros cando –a parte de Murguía- os nosos investigadores ollaban todo con criterio emprestado en nin tansiquera sabían andar polo seu pé nos vieros nativos*."[87]

P. Atanasio López (Boñar-León, 1876 - Santiago, 1944)

Este sacerdote franciscano con vocación de historiador, recolle a testemuña lanzado por Bernardo Barreiro, a quen critica a súa afirmación de que o cruceiro xa se empregaba en tempos remotos, anteriormente á Redención, e lánzase ao estudo e inventario de cruceiros, opinando que estes "monumentos populares erigidos por la piedad y religión de nuestros antepasados," son "un signo pura y netamente cristiano, que servía para recordar al transeúnte su fe y sus creencias, aunque no negamos en absoluto pudiera emplearse también como lindero y guía de caminantes. En Galicia y en otros países, en que impera el cristianismo, la cruz manifiesta y conmemora frecuentemente muertes violentas y desgracias de algún creyente, hijo de la Iglesia Católica e indica la proximidad de santuarios y casas de oración, y en todos tiempos se ha tenido como símbolo religioso La cruz es locura para los gentiles, dice el apóstol San Pablo, mas para los cristianos es la virtud y fortaleza en Dios."[88]

Dende 1914 ata 1917, no xornal compostelán ***Diario de Galicia*** publica varios artigos sobre os cruceiros e outros monumentos, así como tamén notas históricas, de diversas localida-

[84] A plataforma, a base e o fuste perdéronse, quedando só a cruz, que foi recollida por un crego, de apelido Caneda, que a levou para Sabugueiro, de donde era párroco. Véxase, ademais dos números de *Galicia Diplomática* que citamos máis adiante, a referencia que fai Castelao deste feito en As cruces de pedra na Galiza, páx, 115.
[85] Diario de Santiago, 8 de agosto de 1878.
[86] *Galicia Diplomática*, Tomo I, número 23, 10 de decembro de 1882), páxs. 162-166; Tomo III, números 3, 23 de xaneiro de 1888, páx. 24, e 9, 4 de marzo de1888, páxs. 68-71.
[87] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000. páx. 99.
[88] López Fernández, Atanaiso P. "Una excursión por los alrededores de Noya", en *Diario de Galicia*, 12 de agosto de 1914. Recollido en Nuevos estudios crítico-históricos acerca de Galicia. Tomo II, páxs. 169-188, Madrid, 1947 (Editados polo P. Lino Gómez Canedo).

des da provincia da Coruña. O percorrido para estes estudos o comeza en Noia, vila que, na súa opinión, é a "*Región de Galicia*" onde se atopa un maior número de cruceiros. Con determinación se impón "*la agradable tarea de visitar todos los cruceros de esta comarca*" porque, agás Núñez Sarmiento[89], ninguén máis emprendeu este traballo.

No seu periplo recolle 49 elementos[90], dos que fai unha descrición dos mesmos e das súas características (cronoloxía, inscricións, etc), así como tamén do seu estado de conservación. Destaca especialmente o cruceiro de Xey, do que di que é de "*admirable ejecución*" e que atribúe ao "*inmortal Ferreiro*"; o da Ponte Nafonso, "*el rey de todos los de esta comarca*" por ser o máis artístico, e o do Campo das Rodas, "*hermoso ejemplar de estilo ojival florido*."

Remata este artigo dedicado aos cruceiros de Noia pedindo que "*estos monumentos populares, que patentizan la piedad de los habitantes de esta comarca, sean siempre mirados con respeto profundo…*"[91]

Os cruceiros das parroquias de Sta. María e Sto. Tomé, catro en total, son os que recolle no seu traballo "***Recuerdos históricos de Caldas de Reyes***." Do denominado Cimadevila di que "*estuvo condenado a la demolición, y subsiste gracias al interés de influyentes personajes que no consintieron se hiciese agravio al arte y a la piedad popular*"[92], feito que constitúe todo un exemplo na defensa dos cruceiros. Di tamén o P. Atanasio con respecto a este cruceiro que "*existía una fundación encargada de sostener el alumbrado ante el bendito simulacro*."[93]

En 1915, o P. Atanasio López publica tamén no *Diario de Galicia* os resultados da súa excursión para examinar as cruces e cruceiros de Muros, se ben apenas atopa entre eles algún que lle chame a atención pola súa beleza artística. Non obstante, afirma que nesta vila e arredores "*existen numerosas cruces sencillas de piedra sin adornos artísticos, levantadas todas por algún motivo religioso y para excitar la devoción de los fieles transeúntes*."[94]

[89] Núñez Sarmiento, Eduardo. *Galicia Diplomática*. Tomo IV, páxs. 143-144. Atanasio López critica a este autor a descrición que realiza do cruceiro de Berrimes, da que di que "es poco exacta en algunos detalles."
[90] Este inventario non é exhaustivo, pois o P. Atanasio recoñece noutro artigo que "el trabajo no ha resultado completo, pues hemos omitido, involuntariamente, la descrición de cruceros de alguna importancia." Véxase "Memorias históricas de la villa de Muros", en *Diario de Galicia*, 9 de xullo de 1915.
[91] López Fernández, Atanaiso P. "Una excursión por los alrededores de Noya", en *Diario de Galicia*, 12 de agosto de 1914. Recollido en Nuevos estudios crítico-históricos acerca de Galicia. Tomo II, páx. 188, Madrid, 1947 (Editados polo P. Lino Gómez Canedo).
[92] López Fernández, Atanaiso P. "Recuerdos de Caldas de Reyes", en *Diario de Galicia*, 17 de abril de 1915. Recollido en Nuevos estudios crítico-históricos acerca de Galicia. Tomo II, páx. 319, Madrid, 1947 (Editados polo P. Lino Gómez Canedo).
[93] Idem, páx. 319.
[94] López Fernández, Atanaiso P. "Memorias históricas de la villa de Muros", en *Diario de Galicia*, 9 de xullo de 1915. Recollido en *Nuevos estudios crítico-históricos acerca de Galicia*. Tomo II, páx. 192, Madrid, 1947 (Editados polo P. Lino Gómez Canedo).

Na relación que fai de cruceiros, entre os que hai algúns mutilados, incompletos ou desaparecidos, chaman a nosa atención dous cruceiros situados, respectivamente, nos cumios dos montes de San Antón e de San Marcos, pois foron levantados nestes lugares "*para que sirviesen de defensa a la villa, evitando los efectos desastrosos de las chispas eléctricas*."[95] É a primeira referencia que temos de dous cruceiros construídos como pararraios.

Recolle tamén o P. Atanasio o costume existente neste concello de rezar un responso aos defuntos cando pasan por diante dun cruceiro camiño do cemiterio, práctica que tamén observou nas parroquias de Noia. O denominado cruceiro da Plaza de Sta. Rosa conta cun farolillo de aceite que "*arde case continuamente*" e, ao carón deste cruceiro, "*las rondas y comparsas de los jóvenes de la villa suelen detenerse donde cantan algunas coplas que su genio les inspira*." [96]

Segundo Atanasio López só dous cruceiros de Muros presentan unha inscrición coa data da súa construción, sendo o máis antigo o de Santa Isabel, datado en 1506, e o de Longarela, do ano 1730. Salienta tamén a existencia de tres viacrucis, un deles xa case desaparecido.

Da parroquia de Rois, pertencente ao concello de Padrón,[97] o P. Atanasio só referencia un cruceiro, no lugar de Contimunde, e os restos dun víacrucis, probablemente do ano 1721.

Baixo o título xenérico de "***Recuerdos de una excursión***", este frade franciscano reúne unha serie de artigos publicados no xornal *Diario de Galicia* entre marzo e maio de 1917. Nestes traballos da conta do seu periplo por San Vicente de Cespón, parroquia do concello de Boiro na que cita sete cruceiros e un viacrucis; San Cristóbal de Abanqueiro, tamén no mesmo concello, e na que destaca o cruceiro do Monte, pois "*hasta él suelen dirigirse las procesiones parroquiales.*"[98] Completan esta excursión as visitas a Rianxo, Tui, A Garda e Ribadavia. Da segundas destas localidades, fai mención do cruceiro de Rebordáns, que cualifica de "*magnífico e suntuoso*," con data do ano 1770.

Noutro artigo para o mesmo xornal, o P. Atanasio recolle as súas impresións sobre Arzúa e os seus arredores. Desta vila cita os cruceiros das parroquias de Castañeda, Figueira, Boente, Barreira e Maceda, asombrándose de que estas construcións, tan abundantes na diocese de Santiago, sexan tan escasas na de Lugo, onde "*no tienen más que el crucero que marca el límite de las procesiones.*"[99]

[95] Idem, páx. 192.
[96] A copla que reproduce o P. Atanasio é a seguinte: "*O santo Cristo da plaza / vai na nosa compañía / a virxe da Soledá / queda na porta da Vila*". Idem, páx. 196
[97] Véxase: Diario de Galicia, 13 de xullo de 1916.
[98] López Fernández, Atanaiso P. "Recuerdos de una excursión", en *Diario de Galicia*, 13 de marzo de 1917. Recollido en *Nuevos estudios crítico-históricos acerca de Galicia*. Tomo II, páx, 248, Madrid, 1947 (Editados polo P. Lino Gómez Canedo).
[99] López Fernández, Atanaiso P. "*Excursión a la villa de Arzúa y sus alrededores*", en Diario de Galicia, 27 de xullo de 1917. Recollido en *Nuevos estudios crítico-históricos acerca de Galicia*. Tomo II, páx. 290, Madrid, 1947 (Editados polo P. Lino Gómez Canedo).

En "***Recuerdos de Iria Flavia***", publicado en varias entregas en agosto de 1917, o P. Atanasio da conta da existencia nesta parroquia dun viacrucis e de varios cruceiros, entre os que destaca o que "*Inés Díaz mandó hacer. 1595*."

A importancia do P. Atanasio López reside en que é a única persoa que se fai eco do chamamento de Bernardo Barreiro e se anima a inventariar os cruceiros de todas aquelas localidades ás que vai levado polo seu maxisterio relixioso. E precisamente empeza este periplo en Noia, vila pola que Bernardo Barreiro tiña un especial interese pola singularidade dos seus cruceiros.

Se ben os seus inventarios non son exhaustivos nin sistemáticos (hai que lembrar que non permanece moito tempo nos concellos que visita e que o traballo de campo o realiza a pé) os seus estudos son bastante rigorosos nas descricións, denominacións, lectura de inscricións, cronoloxía, estado de conservación, recollida de información complementaria, etc.

Destaca tamén no P. Atanasio o carácter divulgador que lle quere dar aos seus traballos sobre os cruceiros, publicados todos eles no xornal *Diario de Galicia*, quizais co fin de dar a coñecer a importancia destes monumentos. Neste aspecto convén destacar a valoración positiva que fai dos nosos cruceiros, incluso dos menos artísticos, aos que frecuentemente cualifica de "*monumentos*" ou de "*muestras artísticas*", e para os que pide que sexan mirados con "*respeto profundo*" entre outras razóns pola devoción popular que representan.

Ademais do estudo rigoroso que fai dos cruceiros, o P. Atanasio é o primeiro que afonda no seu aspecto etnográfico, recollendo rituais e tradicións inéditas ata entón, como poden ser a práctica do responso aos defuntos que pasan por diante dun cruceiro, as procesións, o faroliño de aceite, etc. En definitiva, O P. Atanasio mellora a metodoloxía do estudo dos cruceiros, sendo un dos primeiros en facer traballo de campo ao tempo que cos seus traballos contribúe a dignificar e a divulgar a importancia destas manifestacións da nosa arte popular.

Os estudos multidisciplinarios

Entre 1925 e 1935, Xosé Ramón Fernández Oxea realiza unha monografía da parroquia ourensá de "*Santa Marta de Moreiras*"[100], excelente traballo de investigación que abrangue aspectos históricos, etnográficos, literarios, etc., e que foi publicado en 1968. No que respecta aos cruceiros, neste obra só aparece unha foto dun cruceiro de Santa Marta (descoñecemos se había daquela máis cruceiros nesta parroquia) do que se omite a súa descrición ou calquera outro tipo de datos, pois no texto non figura ningún comentario sobre o mesmo.

[100] Fernández Oxea. Xosé Ramón. *Santa Marta de Moreiras*. Vigo: Edicións Castrelos, 1968.

En 1932, o Seminario de Estudos Galegos[101] dedicouse a percorrer a Terra de Melide co obxecto de elaborar un traballo multidisciplinar deste territorio, escollido polo seu "*intrés arqueolóxico i hestórico e pol-a posición central na Galiza*"[102], se ben era intención deste Seminario estudar polo miúdo todas as "*rexións galegas*." Ao longo de tres campañas, diversos especialistas[103] analizaron esta zona dende aspectos xeográficos, arqueolóxicos, históricos, etnográficos, etc., análises que deron como resultado a publicación, en 1933, da obra "Terra de Melide." Modélica no aspecto da investigación multidisciplinar, carece non obstante dun inventario e dun estudo detallado dos abundantes cruceiros desta comarca (da que se chega a afirmar que son escasos e xeralmente sen esculturas) da que só se citan dous. Xustifican os autores esta eiva alegando como problemas a "*dificultade dos terreos inesplorados*" e a ausencia de "*antecedentes de ningunha caste encol da arte popular galega*."[104], razóns non moi convincentes en canto xa se coñecían os traballos de Bernardo Barreiro e Atanasio López. De todos xeitos, no que a nós respecta, esta obra resulta especialmente significativa a descrición do cruceiro de Melide por ser a primeira que se fai deste monumento do que, posteriormente, Castelao dirá que é o máis antigo de Galicia. Tamén é interesante a descrición iconográfica e os debuxos da base dos cruceiro de Novela que, a pesar de ser unha "*obra moderna regularmente feita*"[105], presenta motivos moi característicos nos nosos cruceiros.

Alfonso Rodríguez Castelao (1886-1950)

É a primeira persoa que se ocupa seriamente do estudo dos cruceiros, tanto galegos como de fóra de Galicia. Como precedentes, este polifacético investigador ten a Bernardo Barreiro Vázquez Varela e a Atanasio López, autores de traballos de carácter descritivo pero que teñen o valor de ser as primeiras referencias sobre estas manifestacións da arte popular.

Cando Castelao decide ocuparse dos cruceiros, atópase cun panorama desolador: bibliografía inexistente sobre os cruceiros galegos (a súa obra vai ser pioneira), ausencia de inventarios (agás os realizados por Vázquez Varela e Atanasio López) e, o que é máis importante, o desinterese polo tema por parte dos intelectuais galegos.

[101] Pouco tempo antes fixeran un estudo semellante da Comarca do Deza que, lamentablemente, non se conserva. Supoñemos que tamén neste traballo figuraría algún cruceiro desta zona.
[102] Risco, Vicente. "Estudo etnográfico da Terra de Melide", en *Terra de Melide*. Santiago de Compostela: Seminario de Estudos Galegos, 1933. Páxs. 323-434.
[103] Integraban o equipo: Antón Taboada Roca, Antón Fraguas, Lois Tobío, Florentino L. Cuevillas, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Xosé Pena, César Torres, Eleuterio Sánchez Salgado, Sebastián González, Emilio Camps, Xosé Ramón Fernández Oxea e Xesús Carro, así como tamén os veciños de Melide Alfredo Álvarez, Víctor Rodríguez, Amador Rodríguez Martínez e Taboada Roca.
[104] Idem, páx. 412.
[105] Idem, páx. 412.

En 1950 publica *As cruces de pedra na Galiza*, a súa obra máis monumental non só sobre os cruceiros, senón tamén sobre todo tipo de cruces de pedra. Non obstante, este importantísimo traballo ten varios precedentes, que poñen de manifesto os anos (máis de vinte e cinco) que Castelao lle dedicou a investigar sobre este tema. Así, en 1923 publica na revista Nós *¿Reparáchedes nos nosos cruceiros?*, quizais a súa primeira reflexión sobre este tipo de monumento. Un ano despois, en 1924, Castelao ingresa no Seminario de Estudos Galegos, que sinala o comezo do seu interese científico sobre esta cuestión. O seu obxectivo era facer un traballo de investigación etnográfica que o fixera merecente da súa incorporación a esta prestixiosa institución e, despois de desbotar unha serie de posibilidades, descobre nos cruceiros "*un aspecto da nosa arte popular aínda nos estimado como cousa importante. E velahí o que máis me importou*."[106]

Para este estudo sobre os cruceiros Castelao emprega como metodoloxía, ademais de documentarse con bibliografía alemá, inglesa e francesa, o debuxo e a análise comparativa entre os cruceiros de distintos países.



En 1929 escribe *As cruces de pedra na Bretaña*, que publica un ano despois, froito dunha viaxe de catro meses por estas terras co obxecto de realizar un estudo comparativo das cruces de pedra dos Fisterres (Galicia, Escocia, Irlanda e A Bretaña) denantes de publicar *As cruces de pedra na Galiza,* porque "*non se podería falar dos nosos cruceiros sen ter visitado primeiramente a Bretaña*." [107]

En 1934 Castelao ingresa na Real Academia Galega e o seu discurso versa sobre ***As cruces de pedra na Galiza***. Nel expón unha serie de teorías sobre os cruceiros, entre as que destacamos:

1. O cruceiro é unha creación gótica (non hai cruceiros románicos) que naceu de imitar as cruces procesionais.

2. O cruceiro non nace nos Fisterres, pero foi nestes lugares onde máis se desenvolveron.

3. A profusión de cruces de pedra nos países fisterráns (Irlanda, Escocia, Gales, A Bretaña e Galicia) tería a súa explicación nunha "transposición" do culto céltico ás pedras, camiños e encrucilladas, xa que se trataba de cristianizalos, tendo as cruces como base da súa existencia a idea da morte, pois dende moi antigo nestes lugares se facían enterramentos.

[106] Castelao, Alfonso R.. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000. páxs. 7 e 8.
[107] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Bretaña*. Vigo: Edicións Castrelos, 1978. páx. 9.



4. Sen desbotar o Camiño de Santiago, Castelao estima que os cruceiros chegaron a Galicia polo mar, citando como exemplo o Pedrao da Victoria de Guimaraes (Portugal), obra de 1342 e que, ao seu xuízo, serviu de modelo para os cruceiros máis vellos da nosa terra.

5. Estas ideas repíteas en "*Los cruceros*", artigo publicado en 1940 na revista *Galicia* de Bos Aires.

En agosto de 1948, Castelao entrégalle á imprenta *As cruces de pedra na Galiza* da que, debido ao agravamento do seu estado de saúde, só chega a ver a primeira dobra que consegue asinar antes de morrer o 7 de xaneiro de 1950. Nesta monumental obra o polifacético rianxeiro realiza un exhaustivo estudo das cruces e cruceiros galegos analizando pormenorizadamente a súa orixe, elementos, tipoloxías, etc. Trátase do mellor e máis completo estudo sobre os nosos cruceiros realizado ata agora e constitúe unha referencia obrigada tanto na nosa terra como fóra dela. Está estruturada en cinco capítulos: as cruces precristiás, a cruz cristiá, as cruces de pedra, as cristianizacións e os cruceiros, aos que lles hai que engadir unha ampla bibliografía. Recolle tamén un importante apartado gráfico con 73 debuxos intercalados no texto, 73 láminas (que suman 175 debuxos) e 12 fotografías. Como limitacións, cómpre dicir que esta obra está centrada nas provincias de Pontevedra e sur da Coruña (de Lugo, por exemplo, só cita unha cruz) e que mantén unhas teses envoltas de celtismo. Persoalmente destacaría deste libro o seu valor científico (trátase dun formidable traballo de investigación), o seu valor artístico (todos os debuxos son de Castelao) e a valoración positiva que Castelao fai dos cruceiros. Dende a publicación desta obra, os cruceiros pasan a ser contemplados como obras da arte popular e comezan a ser vistos con outros ollos por parte dos intelectuais, converténdose incluso en obxecto de estudo.

Como diciamos, o capítulo quinto de *As cruces de pedra na Galiza* está dedicado aos cruceiros. Nel, ademais de destacar o valor etnográfico dos cruceiros, como xa fixera Bernardo Barreiro Vázquez Varela, Castelao establece unha serie de teses, algunhas delas xa publicadas por el en anteriores traballos. Así, insiste en negar a existencia de cruceiros románicos e argumenta que os que defenden a existencia deste tipo de obras en Galicia e na Bretaña con anterioridade ao século XIV, quizais chamen cruceiro a calquera cruz alta de pedra sobre chanzos (o que Castelao denomina "calvario"), afirmando tamén que este calvario "*non é anterior ao século XIII e que o cruceiro é un calvario imitante das cruces procesionais, que nasceu despois*."[108]

[108] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000. páx. 110.

Insiste novamente en que o cruceiro é unha creación gótica e, en canto á súa cronoloxía, di que na *"Bretaña non aparescen cruceiros deica ao final do século XV… e en Galiza non é moi seguro que as primeiras cruces góticas fosen propiamente cruceiros*." [109]

Coida tamén que o cruceiro non naceu en Galicia nin tampouco na Bretaña, se ben foi no noso país onde mellor se aclimatou e difundiu "*polo vello costume de prantar cruces de pedra na beira dos camiños, ao ar libre*." [110]

Na súa orixe terían moito que ver as ordes mendicantes, afirmando que "*o cruceiro galaico-bretón… debe a súa nascencia e o seu expandimento ás conceicións místicas do franciscanismo*" que, xunto cos dominicos, propiciaron unha arte oxival imbuída polo espírito de pobreza "*e daquel oxival místico desprendéronse os cruceiros galegos*."[111]

Castelao pregúntase se os cruceiros viñeron a Galicia polo Camiño Francés como antes viñeran as cruces de peregrinos e, sen descartala totalmente, coida que "*dende logo, esta non foi a única vía*." Partindo de premisas como a semellanza entre os cruceiros de Galicia e A Bretaña, o comercio marítimo de Galicia cos Fisterres, de que a maior densidade de cruceiros galegos se corresponde coas comarcas do noso litoral, que os contados cruceiros góticos da península se atopan en Valencia (lonxe na súa opinión do Camiño Francés), chega á conclusión de que todo isto "*nos induce a discurrir que viñeron polo mar*"[112], probablemente de Normandía. Como proba desta opinión cita o Pedrao da Vitoria en Guimaraes que, segundo un documento citado polo P. Aloísio Tomás Conçalvez, foi traído no ano 1342 de Normandía polo mercador Pero Esteves. Na opinión de Castelao, esta cruz gótica (moi semellante á do cruceiro do Home Santo de Santiago de Compostela) quizais lles serviu de modelo aos primeiros cruceiros galegos.

En canto á influencia do Camiño de Santiago, Castelao estima que "*non hai ronsel que denuncie o paso dos belidos cruceiros góticos de Galiza*"[113], o que parece indicar que non se atopa nesta ruta xacobea ningunha obra que poida relacionarse cos primeiros cruceiros de Galicia.

Si constata, en troques, a existencia no extremo oriental e no Mediterráneo, é dicir, dun lugar "*oposto ao noso país e a trasmán dos nosos vieiros terrestres e marítimos*" a presenza dun "*foco gótico de cruces de pedra, irmáns das que chegaron a Galiza e con aditamentos moimentais que non se ven na Bretaña, pero que caracterizan algúns cruceiros antigos do noso país*. "[114] Trátase dos cruceiros góticos de Valencia e Cataluña, se ben, na súa opinión, a matriz

[109] Ídem, páx. 116
[110] Ídem, páx. 110
[111] Ídem, páx. 110
[112] Ídem, páx. 111
[113] Ídem, páx. 112
[114] Ídem, páx. 112

orixinal destas cruces está na primeira das comunidades. Seguindo a Carreres Zacarés, estima que estas *cruces de término*, segundo a denominación que reciben nestas terras, non son anteriores a 1372 e, na súa construción, ve un influxo da zona do Maestrazgo, onde xa existían. En relación coa súa cronoloxía, destaca Castelao que o Pedrao da Vitoria é máis antigo (1342), é dicir, anterior ás *cruces de término* valencianas, se ben destaca a semellanza que presentan entre si as cruces góticas de Valencia, Galicia, Normandía e A Bretaña.

A existencia de *cruces de término* en Valencia e a peregrinación de San Vicente Ferrer a Santiago no ano 1412 fixo sospeitar a Castelao se este santo, orixinario destas terras, non fora o introdutor dos cruceiros góticos en Galicia (e tamén na Bretaña, onde permaneceu máis de dous anos e onde morreu) non só pola semellanza que presentan, senón tamén porque, segundo o historiador López Ferreiro, San Vicente Ferrer aconsellou levantar cruceiros nas principais entradas de Compostela, entre os que cómpre destacar o do Home Santo e o de Meixón Frío (desfeito por un lóstrego en 1870).

Non obstante, Castelao opina que "*as primeiras cruces góticas de Galiza datan do século XIV e que son anteriores á visita que San Vicente Ferrer pudo facernos, pois velahí están a cruz de Melide e a partida de nascimento da de Guimaraes; pero as cruces góticas máis antigas non conservan os pedróns orixinais que lle servían de alicerce, polo que é doado presumir que foron trasladados do seu primitivo soporte ao moimento que nasceu máis tarde, é dicir, ao cruceiro, composto de gradas, base, fuste, capitel e cruz. E se a nosa maxinación nos levou a buscar en San Vicente Ferrer o introductor dos cruceiros, foi porque no seu tempo xa eisistian estes moimentos en Valencia e non é seguro que eisisteran nos Fisterras atlánticos.*" [115]

Na nosa opinión, este texto é fundamental á hora de estudar a teoría de Castelao sobre os cruceiros, pois nel atopamos afirmacións referidas á cronoloxía das cruces góticas, a negación de que San Vicente Ferrer foi o introdutor dos cruceiros en Galicia e, sobre todo, que o cruceiro é o resultado dun proceso evolutivo realizado a partir da cruz gótica que, despois de perder o seu "pedrón" orixinal, pasou a ter os elementos que caracterizan un cruceiro: chanzos, base, fuste, capitel e cruz. Este proceso culminaría no século XV, cando segundo Castelao "*nasceu o cruceiro galego*."[116] De todos xeitos, cabe preguntarse por que se os cruceiros xa existían en Valencia, aquí en Galicia sofren esa evolución desde as cruces góticas do XIV ata o cruceiro no XV?.

Castelao distingue entre "cruces góticas" e "cruceiros góticos", sendo as primeiras, todas elas obra de artistas foráneos, as encargadas de substituír "*as simples cruces latinas de*

[115] Ídem, páx. 117
[116] Ídem, páx. 117

"humillladoiros" ou "pedróns" que santificaban os camiños de pelerinaxe a Sant-Iago."[117] Di Castelao que estes monumentos, os "humilladoiros" e "pedróns" (non especifica a diferenza entre eles) xa acostumaban a erguerse sobre chanzos, polo que se pregunta "*cándo as cruces góticas foron erguidas sobor do fuste que caracteriza o tipo común de cruceiro, para imitar así as cruces procesionais*,"[118]pregunta que, non obstante, deixa sen resposta.

Polo que respecta ao espallamento dos cruceiros, a partir do século XVII, Castealo di que "*a enerxía propulsora destes moimentos tivo por orixe o culto ás ánimas* " sendo o "*principal motor a devoción que o noso país sentía polos mortos queridos*." [119] Neste sentimento de devoción xogaron un papel decisivo dous factores: as ordes mendicantes, que coa súa hiperestesia relixiosa influíron notablemente (a partir do século XV, na súa idea da morte e dos perigos do inferno) e as ideas da Contrarreforma, coa exaltación do Purgatorio e a devoción das "Almiñas," obra fundamentalmente dos xesuítas. Este último factor foi tan decisivo que "*a meiados do século XVII, Galiza xa deixara de pensar no Inferno para entregarse de cheo á idea obsesionante do Purgatorio, do que os seus mortos queridos podían salvarse á forza de oracións e boas obras*."[120]

Para Castelao os cruceiros son unha construción de tipo popular, pois mentres a xente con máis posición económica levantaba mosteiros, conventos, capelas ou igrexas, "*a xente modesta erguía cruceiros*"[121] polo que conclúe que os cruceiros "*son obxectos de culto popular, desenrolados no noso país por infruxo do novo cristianismo, e cada cruceiro é unha oración petrificada, a perpetuidade, que se aprica en sufraxio das almas*."[122].

Outras teorías sobre a orixe dos cruceiros.

Os continuadores de Castelao.

No tomo II do *Cuadernos de Estudios Gallegos*, correspondente aos anos 1946/1947, **Filgueira Valverde** publica unha nova na que dá a coñecer un documento do ano 1215, existente no Arquivo da Catedral de Lugo, número 278 do libro B, no que con motivo dunha venda de Juan Peláez dun terreo, é citado un cruceiro. Para Filgueira Valverde a data "*está situada en época de peregrinación a Santiago de los santos fundadores de las órdenes mendicantes, a los*

[117] Ídem, páx. 117
[118] Ídem, páx. 117
[119] Ídem, páx. 125
[120] Ídem, páx. 120
[121] Idem, páx. 122
[122] Idem, páx. 122

cuales viene atribuyéndose la iniciación de las más bellas de las manifestaciones de nuestro arte popular."[123] A importancia deste documento reside en que constituiría unha proba documental da existencia de cruceiros xa a comezos do século XIII, adiantando en moitos anos a implantación de cruceiros no noso país, onde quizais, xa non fora un elemento importado.

Para **Vicente Risco** (1884 - 1963) os cruceiros, aos que considera "*os movimentos máis dignos da nosa arte popular*",[124] son lugares de culto xunto coa igrexa parroquial, os santuarios, os petos de ánimas e algúns outros sitios sinalados por milagres ou relacionados con acontecementos sobrenaturais ou lendas piadosas. Destaca Risco a abundancia de cruceiros en Galicia, así como tamén a variedade dos mesmos, xa que polo regular "*todos se asemellan e todos se diferencian, non habendo dous iguais*."[125] En canto á súa orixe, este autor repite as teses de Castelao e cita tamén como os máis antigos ao de Melide, o do Home Santo, o de Meixón Frío, etc. Que, ao parecer, son do século XIV. Admite a existencia de cruceiros dos séculos XV e XVI, se ben non cita ningún exemplo, para afirmar que "*mailos da arte realmente popular son os barrocos, do século XVII deica hoxe*."[126]

Para **Taboada Chivite** (1907 – 1976), os cruceiros están moi ligados ás encrucilladas de Galicia, espazos de gran "*valor mítico*" que dende época prerromana foron obxecto de cultos pagáns, prácticas que se mantiveron ata ben entrado o cristianismo, tal como o demostran os escritos de San Martiño Dumiense. Por iso, para este autor "*os cruceiros quixeron santificar lugares ateigados de esoterismo idólatra*."[127] Este autor destaca tamén o valor apotropaico dos cruceiros das encrucilladas, pois abrazándose a un destes monumentos evítase a entrega da cruz por parte do portador da Santa Compaña, xa que ninguén "*puede tener dos cruces al mismo tiempo*."[128]

Carlos Valle Pérez defende un proceso evolutivo na creación do cruceiro. Así "*la unión del bloque del miliario y la cruz crea un conjunto monumental al que los bretones llamán lech y del que en Galicia se conservan todavía algunos ejemplos (no se olvide que el cruceiro se eleva siempre sobre un pedestal que pudiera deberse a un recuerdo del miliario). Este conjunto pasará al Camino de Santiago, en donde recibe la adición de gradas para uso de los peregrinos. Surge así la llamada cruz de los peregrinos, frecuentemente citada en las descripciones del Camino (sin duda la más famosa es la de Carlomagno, en Roncesvalles), a la que, sin embargo,*

[123] Filgueira Valverde, F., "Cruceiros", en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Tomo II, Santiago: Instituto Padre Sarmiento, 1946-1947. páx. 147.
[124] Risco, Vicente. "Etnografía", en *Historia de Galicia*, obra dirixida por Ramón Otero Pedrayo. Madrid: Akal Editor, 1979, páx 730.
[125] Idem, páx. 732.
[126] Idem, páx. 732.
[127] Taboada Chivite, X. *Etnografía galega*. Vigo: Editorial Galaxia, 1972. Páx. 102.
[128] Taboada Chivite, X. "La encrucijada en el folklore de Galicia", en *Boletín Auriense*, Tomo V, páx. 105.

le faltaba un elemento esencial, por lo cual todavía no puede conceptuarse como cruceiro: el fuste, que se dispone sobre un bloque pétreo de base y sirve para sostener la cruz en lo alto. Tal adición se produce por el deseo de imitar las cruces procesionales." Para Carlos Valle este proceso evolutivo remata no período gótico, pois todo induce a pensar que o cruceiro está vinculado ás "*concepcións místicas emanadas del pensamiento de las órdenes mendicantes, sobre todo de los franciscanos, que habían de promover su desarrollo*."[129]

Na mesma liña de Castelao está **Begoña Bas**, para quen os cruceiros, xunto cos petos de ánimas e os amilladoiros, son construcións que non teñen unha funcionalidade manifesta pero si unha finalidade que nos pon en contacto co mundo espiritual ou inmaterial. Trátase de monumentos ofrecidos a santos ou aos mortos para que "*eles intercedan por quen fai a ofrenda, que garanticen a salvación, a seguridade*:"[130]



Pola súa parte, **Clodio González Pé**rez, autor da interesante monografía titulada *Os cruceiros*, di que "*todas cantas hipóteses se levan exposto ata agora verbo da xénese destes monumentos, ningunha acaba de convencer de todo. Fálase de cristianización dos Lares Viarios que protexían ós camiñantes, das pedras que tiveron culto dende a prehistoria, dos miliarios romanos... pero resulta case imposible que non se conservase algún resto ou mención documental alusiva a eles*."[131]

Este autor non toma partido en canto á orixe destas obras da arte popular, se ben cita a cruz do cruceiro de Melide como unha obra do século XIV, sendo tamén da mesma época as dos cruceiros das Ribeiras do Sor (Mañón) e de Neda, as dúas na provincia da Coruña. Tamén de comezos do XV sería a cruz do cruceiro do Home Santo en Santiago de Compostela, da que "*sabemos que se fixo por consello de San Vicente Ferrer, cando este veu visitar o sartego do Apóstolo o ano 1412*."[132]

Para González Pérez, o Concilio de Trento foi decisivo na expansión dos cruceiros grazas á cuestión do Purgatorio, sendo os principais propulsores deste as ordes mendicantes. No século XVII "*a difusión dos cruceiros colle pulo de tal xeito entre os cregos e os devotos, que poucas de-*

[129] Valle Pérez, Carlos. "Cruceiros", en *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo VIII. Santiago: Silverio Cañada, Editor, 1974.
[130] Bas, Begoña. *As construcións populares: Un tema de etnografía en Galicia*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1983. Páx. 192.
[131] González Pérez, Clodio. *Os cruceiros*. A Coruña: Cadernos Museo do Pobo Galego, 12. 2002. Páx. 27.
[132] Ídem, páx. 31

beron ser as freguesías onde non se ergueu algún ó longo destes cen anos, se exceptuamos as terras orientais da provincia de Lugo e Ourense, debido principalmente á escasez de pedra axeitada."[133]

Para **Burgoa Fernández**, que segue as opinións de Castelao, "*la auténtica expansión de los cruceros se produjo… a partir del siglo XVII, con la aparición del estilo barroco y su expansión por el territorio gallego a la par del influjo de las ideas emanadas del Concilio de Trento y de la Contrarreforma, en especial las referidas a las penas del Purgatorio y la salvación de las ánimas gracias a las oraciones, que tuvieron un gran calado y conformaron en gran medida la religiosidad popular*."[134]

Novas correntes

1. A importancia da Contrarreforma.

No seu libro *Cruceros de Val Miñor y Santa María de Oia*,[135] publicado no ano 2003, Salvador Fernández de la Cigoña Fraga, ademais de realizar un exhaustivo inventario dos cruceiros existentes nestas localidades da provincia de Pontevedra (Val Miñor, Santa María de Oia, Nigrán, Baiona e Gondomar) fai unha serie de reflexións sobre a orixe deste tipo de monumentos. Neste senso, afirma que os cruceiros, levantados na súa meirande parte por devoción, xorden no século XVI e comezan a súa expansión nos tempos da Contrarreforma. Para este investigador, os cruceiros son basicamente unha construción rural que "*surge sin haber pasado un proceso evolutivo desde otra más arcaica*."[136]

Afirma tamén que "*para la aparición de los cruceros en el mundo barroco del siglo XVI fue necesaria la convergencia de dos voluntades: la espiritual y la artística*", aínda que se pregunta por que en Galicia o artista barroco desenvolve un monumento tan peculiar e popular como o cruceiro. A explicación a este feito atópase na influencia de cinco elementos esenciais:

- A influencia do Camiño de Santiago
- A supervivencia de tradicións de substrato precristián.
- O exaltado sentimento propio da Contrarreforma
- A arte barroca
- O control da igrexa sobre o culto ás imaxes e cruces

[133] Ídem, páx. 42
[134] Burgoa Fernández, Juan José. *Los cruceros, el patrimonio etnográfico y el arte popular*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 2003. Páx. 58.
[135] Fernández de la Cigoña Fraga, Salvador: *Cruceros de Val Miñor y Santa María de Oia*. Pontevedra: Deputación Provincial, 2003.
[136] Ídem, páx. 20

Os tres primeiros terían un carácter "*claramente religioso*", mentres que os dous últimos "*son de carácter puramente arquitectónico y son los que definirían el "aspecto artístico y la forma*." [137]

Para Salvador Fernández, se ben a aparición dos cruceiros se produce de forma repentina, non foi tan repentino "*el proceso social que predispuso a la sociedad gallega la aceptación de estas muestras de fervor religioso. A este respecto resultó fundamental la influencia del Camino de Santiago, pues fue el camino del Apóstol el que vió como se levantaban las primeras cruces de camino*" [138]que, en ningún caso, se trataba de cruceiros. Entre as causas da construción destas cruces estarían:

a } A necesidade de protección espiritual dos peregrinos diante da diversidade de perigos: guerras, enfermidades, bandoleiros, etc.

b } Como medio de sinalización do camiño, que lle permitían saber ao peregrino que estaba na ruta correcta.

c } Como medio de protección contra a peste, especialmente a que en 1348 asolou a península Ibérica.

d } Para a expiación de penas dos peregrinos.

Salvador Fernández de la Cigoña destaca que a peregrinación a Santiago de Compostela se mantivo ata o século XVI, "*para empezar a decaer lentamente por el protestantismo y desaparecer casi por completo en el siglo XVIII…" En esos siglos el camino se abandonó y sus cruces quedaron aisladas, en el olvido; sin embargo esos son curiosamente los siglos en los que se expanden por toda Galicia los cruceros*." [139]

Se ben nun principio este autor estimaba que os primeiros cruceiros (o do Home Santo en Santiago de Compostela, o hoxe desaparecido de Meixón Frío, o de San Bartolomeu en Pontevedra e o de Santísima Trinidade en Baiona) eran de finais do século XV, actualmente coida "*más acertado retrasar la aparición de los primeros cruceros a principios del siglo XVI, apareciendo a comienzos de esta centuria piezas muy aisladas y probablemente levantadas con un espíritu muy distinto al que empujó la eclosión de los cruceros a finales del XVI*."[140] Partindo desta premisa, Fernández de la Cigoña destaca tres feitos transcendentais nesta época e, que ao seu xuízo, serían as causas da aparición dos cruceiros: as ordes mendicantes, as epidemias e a creación do tribunal do Santo Oficio.

En relación co primeiro, di que se ben o Camiño de Santiago non trouxo consigo o levantamento de cruceiros achegou a "*aparición de un sentimiento ultrarreligioso que, acompañado*

[137] Ídem, páx. 20
[138] Ídem, páx. 37
[139] Ídem, páx. 39
[140] Ídem, páx. 39

del auge de las órdenes mendicantes nacidas en el siglo XIII, sentó las bases para que una manifestación artística religiosa de carácter popular y humilde tuviese cabida y aceptación en las rígidas ideas de los teólogos de la Edad Media."[141] Como proba desta afirmación cita a presenza da imaxe de San Francisco en moitos dos nosos cruceiros.

Con respecto ás epidemias, se ben a finais do século XV teñen lugar as últimas grandes pestes, ao longo do século XVI houbo importantes rebrotes (1540 e 1578). "*Es por ello que los primeros cruceros debían tener idéntica función que las cruces de peregrino, proteger de la peste y dar auxilio espiritual al apestado*."[142] Neste aspecto non é casualidade que dous dos cruceiros anteriormente citados (o de Pontevedra e o de Baiona, aos que tamén poderiamos engadir o de Noia) se atopen en localidades daquela cun importante porto de mar, principal vía de entrada da infección.

En canto ao tribunal do Santo Oficio creado polo Papa Sixto IV, o 1 de novembro de 1478, polas presións dos Reis Católicos, Salvador Fernández de la Cigoña estima que "*si bien no podemos afirmar que los primeros cruceros fuesen levantados por judios conversos, si se puede aventurar que a principios del siglo XVI existía en la sociedad la necesidad de afirmarse como cristiano, afirmación que, para evitar ser juzgado u objeto de sospecha, cuanto más pública fuese mejor*."[143] Na súa opinión, nas localidades de Baiona e Pontevedra, onde sitúa os cruceiros máis antigos, está acreditada a existencia de xuderías.

A expansión dos cruceiros en Galicia ten lugar en dúas etapas: a primeira en tempos da Contrarreforma e a segunda, no século XIX, a raíz da Desamortización. Se ben as cruces do camiño e os primeiros cruceiros tiñan un sentido "*claramente protector*", os cruceiros dos séculos XVI, XVII e XVIII "*tienen un sentido que podemos calificar de "propagandístico" y "expiatorio." En el siglo XIX cambia el sentido del crucero que busca acercar al pueblo una iglesia que ve reducido su poder*." [144]

A primeira etapa da expansión dos cruceiros, unha vez case abandonado o Camiño de Santiago, prodúcese nos anos finais do século XVI e en todo o século XVI, período no que "*la Inquisición irrumpe con fuerza en la sociedad gallega. Recordemos que el tribunal de la Santa Fe se instala en Galicia en 1562, empezando a funcionar en 1574, fecha en que se celebra el primer Auto de Fe*."[145] O culto á morte e os poderosos aires da Contrarreforma adoptaron este monumento como bandeira. Ademais, "*la necesidad de expiar las penas bajo la atenta mirada*

[141] Ídem, páx. 39
[142] Ídem, páx. 40
[143] Ídem, páx. 41
[144] Ídem, páx. 43
[145] Ídem, páx. 45

del Santo Oficio jalonó toda Galicia de cruceros." [146] Á acción deste tribunal hai que engadirlle tamén a intervención da xerarquía eclesiástica, decidida a poñer orde "*en la gran cantidad de cruces que proliferaban por todos los rincones de Galicia*."[147]

A partir da primeira metade do século XVIII decae a construción de cruceiros, se ben se seguiron levantando "*por tradición popular y generalmente "in memoriam" de algún benefactor de la parroquia*. "[148]

No século XIX, a partir da Desamortización, volven levantarse novos cruceiros e outros son reedificados. Entre as causas deste renacemento, Salvador Fernández de la Cigoña cita a intervención da igrexa, que busca achegar a fe aos veciños ou a expiación de penas. De todos os xeitos, a finais do XIX e comezos do XX, coincidindo coa aparición dos movementos agrarios de esquerda, ponse fin a esta nova idade de ouro dos cruceiros.

Anos despois, no *I Congreso galego sobre cruceiros e cruces de pedra*, celebrado os días 11 e 12 de setembro de 2009 en Poio (Pontevedra), Salvador Fernández de la Cigoña Fraga presenta un relatorio no que baixo o título "A orixe barroca dos cruceiros galegos. O cincel da Contrarreforma" insiste novamente nas súas teorías afirmando que "existen seis certezas incuestionables sobre os cruceiros galegos:

1. Ausencia dunha construción de carácter popular estendida por Galicia e cronoloxicamente anterior aos cruceiros da que se puidese derivar o cruceiro.

2. Non existen cruceiros propiamente ditos con anterioridade ao século XVI.

3. Os cruceiros aparecen e se expanden nos tempos da contrarreforma.

4. Todos os cruceiros gardan unha configuración arquitectónica case idéntica (chanzos, base, varal, capitel e cruz), cuxo parecido coas cruces procesionais resulta evidente.

5. Son un monumento basicamente rural, aínda que, máis excepcionalmente, se poden encontrar tamén nalgunhas prazas urbanas.

6. Érguense por devoción, entendéndose como tal o fervor relixioso ou práctica piadosa non obrigatoria."[149]

Insiste tamén en que os cruceiros xurdiron a finais do século XVI "*sen ter pasado un proceso evolutivo desde outras formas máis arcaicas*"[150] e, se ben recoñece a posibilidade de que as ordes mendicantes contribuísen ao desenvolvemento e proliferación dos cruceiros, afirma

[146] Ídem, páx. 43
[147] Ídem, páx. 45
[148] Ídem, páx. 45
[149] Fernández de la Cigoña Fraga, Salvador. "A orixe barroca dos cruceiros galegos. O cincel da Contrarreforma", en *Actas do I Congreso galego sobre cruceiros e cruces de pedra*, Poio, 11 e 12 de setembro de 2009. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2009. Páx. 99-100.
[150] Ídem, páx. 100

rotundamente que "*a influencia do Concilio de Trento e as constitucións sinodiais foron a man que moldeou os nosos cruceiros*"[151] porque, na súa opinión, non existen exemplos destas mostras da arte popular anteriores a este concilio, que rematou no ano 1564. Destaca tamén como relevante como impulso para a aparición dos cruceiros que o Santo Oficio se establecera en Galicia en 1562, pero matizando a súa opinión realizada no ano 2003, aclara que "*non debemos interpretar que foi a Inquisición a man creadora dos cruceiros*."[152]

Salvador Fernández critica tamén as teorías, que denomina o *enfoque mitoloxista*, sobre a orixe dos cruceiros que fan derivar estes monumentos de cultos aos lares viarios e compitais ou a antigos ritos pagáns relacionados coas encrucilladas e afirma que "*non se pode estudar un monumento católico, como os cruceiros, obviando un enfoque católico e, máis específicamente, a forma de vivir a fe nos tempos da Contrarreforma. Tampouco é posible obviar o peso da man creadora e tutelar da igrexa naqueles tempos.*"[153] Entre os mitoloxistas, este autor cita o propio Castelao que "*empapou de mitoloxía a xénese e estudos dos cruceiros, molladura que chega ata os nosos días*"[154], ao que lle critica a súa teoría de relacionar os cruceiros da Bretaña e os de Galicia como froito dunha identidade cultural común de orixe céltico, coidando inaceptable "*a consideración de que como os bretóns e galegos ergueron monumentos megalíticos estaban chamados a levantar cruceiros, obviando miles de anos de historia e personalidade propia*."[155]

2. A importancia da peste

No *II Congreso galego sobre cruceiros e cruces de pedra*, celebrado os días 24 e 25 de setembro de 2010, no Castelo de Vilasobroso, propiedade do Concello de Ponteareas (Pontevedra), Frutos Fernández González presentou o relatorio "Algunhas reflexións sobre o espallamento dos cruceiros por Galicia" froito, segundo nos conta, dunha reflexión sobre o feito da abundancia de cruceiros tanto na Bretaña como en Galicia. Fernández González distingue, en primeiro lugar, entre a xénese e o espallamento destes monumentos. En canto á xénese, coincide con Castelao cando afirmaba que o cruceiro é unha creación gótica que imita as cruces procesionais e que non naceu en Galicia, aínda que descoñece cal foi a vía (terrestre ou marítima) pola que chegou á nosa terra, onde se espallou con inusitada intensidade. Este investigador coincide con Castelao cando afirmaba que o espallamento dos cruceiros é un feito iniciado a finais do século XVI que se intensifica nos séculos XVII e XVIII. A causa desta expansión non

[151] Ídem, páx. 100
[152] Ídem, páx. 102
[153] Ídem, páx. 98
[154] Ídem, páx. 98
[155] Ídem, páx. 99

sería outra que a exaltación do Purgatorio realizada no Concilio de Trento (1545-1563) que nunha das súas disposicións establecía que existen certas penas que as almas deben cumprir antes de acadar o Ceo, penas que poden redimirse aquí na terra mediante a oración e toda clase de sufraxios. É nesta causa na que difire Frutos co mestre rianxeiro, pois para el a exaltación do Purgatorio, impulsada polos xesuítas e franciscanos, non puido chegar á arte antes de finais do século XVI, polo que os primeiros cruceiros, que son da primeira metade desta centuria, pouco ou nada terían que ver co Purgatorio. Basea a súa afirmación, entre outros aspectos, na ausencia case total de documentación na que se fale de cruceiros, xa que só atopou un de 1458 no que se cita esta palabra, o que ao seu xuízo "*danos idea do exótico que podía resultar o monumento na Galicia do século XVI*"[156] e, aínda que recoñece a existencia de cruceiros no século XV, estima que se trataba de "*monumentos exóticos*."

Os cruceiros popularízanse no século XVI, superando o carácter urbano que os caracterizaba, para pasar a conquistar a paisaxe rural galega, estrutura en milleiros de parroquias. Como causa deste espallamento Castelao, como xa dixemos, fixa a súa atención no Concilio de Trento e na exaltación do Purgatorio, feito que os diferenciaría dos cruceiros bretóns, pois se ben os galegos xiran ao redor das indulxencias, os "*cruceiros bretóns multiplicáronse, a instancias do clero e por caridade dos feligreses, para impetaren a cremencia de Deus con motivo das pestes e demais calamidades que asolagaron o mundo*."[157]

Pola súa parte, Frutos Fernández nega esta diferenza entre os cruceiros galegos e bretóns nos primeiros tempos do seu espallamento e, partindo da relación entre o medo (á morte, á enfermidade, etc.) coa relixiosidade popular, conclúe que a causa do levantamento dos cruceiros galegos no século XVI, ao igual que os da Bretaña, foi a peste. Como proba cita os cruceiros de Allariz (Ourense), construídos en 1579 e colocados diante das parroquias de San Pedro, Santo Estevo, Santiago e Vilanova. Estima improbable este investigador que o caso dos cruceiros de Allariz fose o único, ao tempo que constata que do século XVI, centuria na que pasan a formar parte da arte popular, "*son os primeiros contratas para a construción de cruceiros que se conservan en Galicia. Por outra banda, na documentación, comezan a aparecer numerosos "cruceiro", palabra prácticamente descoñecida na diplomática medieval galega*."[158] Destaca tamén Frutos certo paralelismo entre o levantamento de ermidas a San Roque e a San Sebastián, avogados por excelencia contra a peste, e o espallamento dos cru-

[156] Fernández González, Frutos: "Algunhas reflexións sobre o espallamento dos cruceiros por Galicia", en *Actas do II Congreso galego de cruceiros e cruces de pedra*: Vigo: Estanislao Fernández de la Cigoña, 2010. páx. 124
[157] Castelao, Alfonso R.. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000. páx. 121.
[158] Fernández González, Frutos: "Algunhas reflexións sobre o espallamento dos cruceiros por Galicia", en *Actas do II Congreso galego de cruceiros e cruces de pedra*: Vigo: Estanislao Fernández de la Cigoña, 2010. páx. 128.

ceiros, pois estes últimos ben puideran "*ser unha variante máis factible económicamente cá construción dunha ermida*."[159]

Coincide Frutos con Castelao en que a semellanza dos cruceiros galegos e bretóns non pode deberse á casualidade e destaca neste aspecto, seguindo a Regina Grafe, a importancia das relacións marítimas no espazo atlántico no séculos XV e XVI, así como tamén nas "*calamidades que viviron a Bretaña francesa e Galicia neses anos da segunda metade do XVI e, en consecuencia, o parecido dos monumentos, dadas as relacións entre os países, debe ir máis alá do artístico, para chegar a coincidir nas causas do seu espallamento*."[160]

Conclúe Frutos o seu relatorio afirmando que, ademais das indulxencias, na expansión dos cruceiros nos séculos XVII e XVIII hai que ter tamén en conta outros factores, como poden ser a multitude de parroquias que existen en Galicia, característica dunha poboación dispersa, e a abundancia de pedra e de canteiros.

Nova bibliografía sobre os cruceiros despois de Castelao

En 1961, Antonio Rodríguez Fraiz publica no *Museo de Pontevedra* un traballo sobre as "Cruces y cruceiros de Campañó"[161], que ven ser o primeiro inventario deste tipo de manifestacións da nosa arte popular dende o libro de Castelao. Tempo despois, en 1972, sae á luz o "*Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia*"[162], a obra máis importante de Ángel del Castillo López. Este monumental traballo constitúe un inventario moi completo dos monumentos galegos, pero certamente escaso no que atinxe aos cruceiros, xa que só cita dez: o da Trinidade en Baiona; o de Berrimes en Lousame; o de Cesar en Caldas de Reis; o de Fisterra, que cualifica de "*hermoso crucero ojival de los últimos del siglo XV a principios del XVI*"; o de Hío en Cangas; o do "Home Santo", "*uno de los más hermosos y antiguos de Galicia*"; o de Mabegondo, coñecido como "Cruceiro bonito"; o da Ponte Nafonso; o do cemiterio de Sta. María de Noia e o do adro da igrexa de Santiago de Taboada en Silleda.

Algúns anos despois, en 1983, Xosé Manuel Broz Rei da a coñecer no *Boletín de Estudios Melidenses* "Os cruceiros da Terra de Melide"[163] no que inclúe os cruceiros dos concellos de Melide, Toques e Santiso. Tamén de mediados desta década é o traballo de Reimondez Portela sobre os "*Cruceiros do nordeste da provincia de Pontevedra*"[164], estudo no que se superan os

[159] Ídem, páx. 128
[160] Ídem, páx. 129
[161] Rodríguez Fraiz, A. "Cruces y cruceros de Campañó", en *Museo de Pontevedra*, vol. XV, 1961, páxs. 19-61.
[162] Castillo, Ángel del. *Inventario artístico y monumental de Galicia*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos, 1972. Os textos citados correspóndense coas páxinas 197 e 271.
[163] Broz Rei, X.M. "Os cruceiros da Terra de Melide", en *Boletín de Estudios Melidenses*. Tomo II, 1983, páxs. 34-41.
[164] Reimondez Portela, M. *Cruceiros e cruces do nordeste da provincia de Pontevedra*. Pontevedra: Servicio de

límites dun concello e dunha comarca para abordar un territorio máis amplo. Moitos cruceiros asociados a petos de ánimas aparecen na obra de Yolanda Barriocanal López "*Arte popular. Los petos de ánimas*" (1985), traballo centrado neste tipo de monumentos existentes en Ourense[165], a provincia onde hai menos estudos de cruceiros. Esta obra de Barriocanal ven a completar "*Os petos de ánimas en Ourense*", tamén do mesmo ano, traballo colectivo do Seminario de Estudos Galegos e no que interviñeron José González Paz, Xosé Lois López de Prado e Manuel Menor Currás, e que contou tamén coa colaboración de Begoña Bas, Francisco Fariña Busto, Felipe Senén e Manuel María.

Nos anos noventa sobresaen as achegas de Clodio González Pérez sobre os chamados cruceiros de capela ou de Loreto, investigador que neste período realiza os inventarios deste tipo de cruceiros existentes nos concellos de Rois, Ribeira, Brión, Ames, Rianxo, etc. Desta mesma década é "*Os cruceiros galegos*" [166] de Laredo Verdejo, con debuxos do propio autor, publicación na que se recollen os cruceiros galegos máis significativos e representativos. Ordenada inicialmente por estilos artísticos, este monumental traballo constitúe hoxe unha obra de referencia e de obrigada consulta.

"*Cruceiros, cruces e petos do concello de Ponte Caldelas*" é o título do libro publicado en 1990 por Teresa Sánchez Cova e Mercedes Martínez Plasencia, mestras do colexio Público "M. Cardo Boullosa", que levaron a cabo un exhaustivo inventario de todas estas mostras da devoción popular que se atopan neste concello. Do mesmo ano é "Cruceiros, cruces e petos de ánimas do concello de Vigo", detallado estudo de Eugenio Rodríguez Puentes e Juan Carlos Abad Gallego. Tamén con carácter de inventario é o traballo de Miguel García Patiño e Antonio Jar Ramos, autores de "Cruceiros e petos do concello de Cotobade" (1998).

En 1993 Lema Suárez publica "*Arte relixiosa na Terra de Soneira*"[167], na que tamén inclúe os cruceiros desta comarca entre os que figura o interesante cruceiro de Cheis, sobre o que Barral Rivadulla e Cendán Fernández realizaron unha excelente monografía.[168]

Juan José Burgoa da a coñecer a mediados nos noventa os cruceiros de Ferrol, Betanzos, As Pontes, Pontedeume, etc., así como tamén os situados no Camiño Inglés (de Ferrol a Compostela) e algunhas monografías como, por exemplo, as dedicadas ao cruceiro de San Nicolás de Neda e ao

Publicacións da Deputación, 1985.

[165] Como excepcións podemos citar os traballos de Susana Blanco Rodríguez e Celsa González Hermida "*Cruces, cruceiros e petos do concello de Ribadavia*" (2009) e de Ángel Cerrato "*O mundo dos cruceiros, cruces e petos da bisbarra da Limia*" (2009).

[166] Laredo Verdejo, José M.: *Os nosos cruceiros*, A Coruña: Ed. Boreal-Xuntanza. 1993.

[167] Lema Suárez, X.M. *A arte relixiosa na terra de Soneira (3 vols)*. Santiago: Fundación Universitaria de Cultura, 1993.

[168] Barral Rivadulla, Mª Dolores e Cendón Fernández, Marta. "Devociones en piedra en la Galicia gótica rural", en *Semata*, volume 9, 1997, páxs. 405-423.

Cristo da Tahona.[169] Pola súa parte, Estanislao Fernández de la Cigoña[170] porá en valor as "*Cruces mariñas e de mala morte*" e as "*Cruces e cruceiros de ánimas en Galicia*", obras centradas nun tipo de cruces e cruceiros que serán o principio dunha abundante produción posterior na que só ou con outros colaboradores (como por exemplo Andrés Sampedro Fernández) realizará inventarios exhaustivos de todas estas mostras da nosa arte popular existentes en diversos concellos da provincia de Pontevedra. Tamén podemos cualificar de excelente o traballo de Martínez Tamuxe, autor de "*Cruceiros, cruces e almiñas do Baixo Miño*"[171], obra lamentablemente non rematada aínda.

Non obstante, a publicación máis transcendental deste período é a de Luis Martín Ruíz "*Cruceiros da provincia da Coruña*"[172], monumental obra en catro tomos nos que este autor recolle exhaustivamente todos os cruceiros desta provincia, ata agora a única de Galicia inventariada completamente.

No seu "*Arte relixiosa popular na Terra de Valga. Cruceiros, cruces e petos*" (2002), Lois Ladra ofrece un minucioso estudo e un exhaustivo inventario de todas estas manifestacións artísticas existentes neste concello. Na mesma liña desenvólvese o traballo de David Pérez Rego e Paula Alonso Carrera "*Catálogo de cruceiros, cruces e petos de ánimas do Porriño*" (2006).

No ano 2003, e dentro da serie Cadernos do Museo do Pobo Galego, Clodio González Pérez da a coñecer "*Os cruceiros*", obra de carácter divulgativo que ademais ten o valor de ser unha síntese moi ben elaborada sobre estes monumentos.[173]





[169] Véxase a relación de obras deste autor na Bibliografía.
[170] Véxase: *Cruces mariñas e de mala morte das costas galegas*. Vigo: Asociación galega para a cultura e a ecoloxía, 1990, e *Cruces e Cruceiros de Ánimas de Galicia*. Vigo: Asociación galega para a cultura e a ecoloxía, 1996, así como tamén outras publicacións que figuran na Bibliografía.
[171] Martínez Tamuxe, X. *Cruceiros, cruces e almiñas do Baixo Miño. I. Concello do Rosal*, Concello do Rosal, 1999.
[172] Martín Ruiz, Luis: *Cruceiros na provincia da Coruña (Tomos I-IV)*. A Coruña: Deputación Provincial, 1999.
[173] González Pérez, Clodio. *Os cruceiros*. A Coruña: Cadernos Museo do Pobo Galego, 12. 2002.

Máis recentes son as publicacións que recollen as Actas dos Congresos Galegos de Cruceiros. O I congreso tivo lugar en Poio (Pontevedra) no ano 2009 e as correspondentes actas recollen as 26 relatorios presentadas sobre diferentes aspectos dos cruceiros e os seus artífices, mentres que nas do II, celebrado en Ponteareas ao ano seguinte, figuran trinta. Pola súa parte, nas actas do III congreso, que tivo lugar no Museo do Pobo Galego en Santiago de Compostela en 2011, aparecen 14 relatorios, cifra que se vai ver incrementada notablemente no IV con 24 relatorios. Neste aspecto, cómpre destacar que Galicia é a única comunidade do Estado Español na que se celebran congresos sobre cruceiros.

O estudo dos cruceiros na provincia de Lugo.

Polo que respecta á provincia de Lugo, hai que dicir que en 1984, A. Reigosa e F. Arribas, equipo ao que posteriormente se uniría X. R. Cuba publican, no número 2 do Boletín do Museo Provincial de Lugo a primeira entrega de "Cruces, cruceiros e petos de ánimas do municipio de Lugo" (serie aínda sen rematar) coa que inicia o inventario de todas estas construcións populares existentes nese concello. Con anterioridade a este traballo, tan só Trapero Pardo se ocupará destes monumentos nun artigo aparecido na revista *Lucus* dez anos antes. Nel, o que fora cronista oficial de Lugo fai unha recensión xeral dalgúns cruceiros da nosa provincia, centrándose sobre todo nos da Terra Chá. Posteriormente, nos anos 1995-1996, o *Boletín do Museo Provincial de Lugo* dá a coñecer "Os cruceiros do municipio de Palas de Rei", estudo exhaustivo realizado por Xerardo Pereiro Pérez. Na mesma liña están o *Catálogo de cruceiros e cruces da Terra de Viveiro* (1996), realizado polo Seminario de Estudos Terra de Viveiro e os *Esmoleiros, petos e cruceiros de ánimas de Lugo* (2002), este último de Estanislao Fernández de la Cigoña.





No tocante á Terra Chá, salvo algún artigo periodístico de carácter xeral e o folleto de Blanco Prado e Rodríguez Sánchez *Cruces y cruceros del municipio de Begonte*, a catalogación sistemática desta comarca, caracterizada por ser a que presenta un maior número de cruceiros de toda a provincia, comeza en 1993 co Proxecto Carboeira, co que J. M. Blanco Prado e F. Arribas Arias, ao que se sumaría máis tarde M. Saavedra Pérez, pretenden levar a cabo un inventario, catalogación e estudo de todos estes símbolos da relixiosidade popular. A publicación dos datos deste proxecto comeza en 1998 con *Cruceiros de Castro de Rei e Outeiro de Rei*, ao que lle seguen *Cruceiros de Guitiriz* (1999), *Cruceiros de Begonte, Cospeito e Rábade* (2000), *Cruceiros, cristos e cruces da Pastoriza* (2002), *Cruceiros, cruces e cristos de Xermade* (2004), *Cruceiros, cristos, cruces e esmoleiros de Abadín* (2007) e *Cruceiros, cristos e cruces de Muras* (2009), *Cruceiros do concello de Vilalba* (2012).

Máis recentes son os traballos de Xavier Louzao Martínez, autor de interesantes traballos sobre os cruceiros de Monterroso e de Antas de Ulla, os dous publicados no ano 2013, que veñen a completar os estudos destas manifestacións situadas na comarca da Ulloa.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Capítulo V >
Os cruceiros no estado español

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Castela e León

Descoñécese o número exacto de cruceiros existentes en Castela-León, pois non hai publicado ningún inventario exhaustivo deste tipo de monumentos nesta comunidade. Si temos constancia de varios traballos en formato libro que tratan de suplir esta deficiencia. O máis antigo, titulado "*Cruceros de Castilla y León*", data do ano 1993 e foi realizado por Javier Sáinz Sáiz, especialista na arte románica deste territorio, consistente nunha selección de máis de douscentos sesenta exemplares entre cruces e cruceiros, se ben este autor descarta os situados nas capitais porque perderon o seu "*fin piadoso*" para converterse en obxectos de "*ornato a plazas y jardines*."[174] Non obstante, Javier Sáinz recoñece a posibilidade de que poidan existir máis elementos dos recollidos, polo que exhorta á busca e valoración de máis cruceiros e cruces, xa que constata que actualmente están desvalidas, indefensas e esquecidas, polo que o seu "*desamparo las convierte en frágiles objetos de frecuente destrucción.*"[175]

Cada páxina deste libro está composta por unha foto do elemento catalogado e un breve texto, no que se destaca a importancia da cruz ou do cruceiro, se ben no mesmo omítense aspectos tan importantes como as inscricións, características, situación, etc. que deben figurar el calquera ficha de inventario. Mediante este sistema, Javier Sáins vai presentando cada exemplar, sen outra orde que a alfabética, tanto de provincias coma de localidades. Comeza por Ávila e continua por Burgos, León, Palencia, Salamanca, Segovia, Soria e Valladolid, para rematar en Zamora. De todas elas, son Segovia e Valladolid as que presentan un maior número (36) destas manifestacións artística, mentres que León e Palencia ofrecen unha cifra menor (20).

Nesta relación de monumentos inclúense cruces e cruceiros, así como tamén viacrucis, calvarios e *humilladeros*. A súa cronoloxía abrangue dende o século XV ata o XX, e se ben esta datación é moi aproximada, pode asegurarse que pola súa tipoloxía a maioría son de época barroca.

Varios cruceiros e cruces chamaron a nosa atención, tanto pola súa antigüidade coma polo seu valor artístico ou por presentar algunha característica curiosa. Un primeiro grupo interesante estaría formado polos cruceiros de Goceges de Iscar e Portillo (os dous do século XV), aos que hai que engadir o da Aldea de San Miguel, Torrescarcela e San Miguel del Arroyo, estes últimos do século XVI, todos eles na provincia de Valladolid. Do mesmo período son os fermosos cruceiros de Espinosa de Gonzalo e Traspeña, os dous na provincia de Palencia, tallados no século XV por un tal Portillo, artista que deixou o seu nome gravado no primeiro.

[174] Sáinz Sáiz, Javier. *Cruceros de Castilla y León*. León: Ediciones Lancia, 1993, páx. 5.
[175] Idem, páx. 6.

Na provincia de Burgos destacan un cruceiro en Covarrubias coa cruz de tipo céltica, o fuste do cruceiro de Fuentespina, formado por unha columna salomónica, e o de Honorio de la Contrera, datado no ano 1679, que presenta unha decoración floral na parte inferior do fuste e unha cartela na superior, ademais de exhibir un capitel moi voado. Chama tamén a atención o cruceiro de Pesquera del Ebro, xa que ten a cruz ornamentada cos símbolos da paixón.

Resulta curioso o viacrucis de Santoyo (Palencia) integrado por cruces de pedra coroadas por tres cruces de ferro (dúas sobre os brazos e unha sobre a cabeceira). Non menos interesantes son os calvarios de Cantalapiedra e Hinojosa del Duero (Salamanca), se ben o cruceiro máis sobranceiro desta provincia é o situado en La Alberca, por ter o fuste ornamentado cos relevos que reproducen os símbolos da paixón, motivo certamente escaso nos cruceiros destas terras castelá-leonesas, aínda que si aparecen en algunhas cruces. Un exemplo de reutilización o constitúe o cruceiro de Vilvestre, a cabalo entre os séculos XV e XVI, xa que se trata dun antigo"rollo" transformado.

O viacrucis de Romanillos de Medinaceli, formado por cruceiros, e o cruceiro de Berlanga de Duero, cunha pouco frecuente cruz de tipo patriarcal, son os monumentos deste tipo máis singulares da provincia de Soria, monumentos aos que hai que engadirlle a cruz de Galapagar, de madeira e aparencia moi rústica, coroada por outras tres do mesmo material nos brazos e na cabeceira.

Profusamente ornamentada está a cruz alta de Rábano de Sanabria que, ademais, presenta no reverso unha Piedade, advocación pouco frecuente nas construcións desta zona.

Fito do Camiño Francés en León é a cruz de Foncebadón, de ferro e sobre un esteo de madeira, que presenta no seu pé un amilladoiro de pedras, ofrenda dos peregrinos.

No ano 2000 foi publicado "*Monumentos Menores en la provincia de Burgos. Inventario de Picotas, Rollos y Cruceros*", de Santiago Tárrega Pérez. Nesta obra, o seu autor recolle a totalidade dos existentes nesta provincia castelá-leonesa, que se converte na primeira en contar cun inventario exhaustivo de cruceiros, que suman un total de 109. Pero, ademais do inventario propiamente dito, neste traballo realízase un estudo sobre os cruceiros desta zona nos que se descubre algunhas características peculiares. Así, Tárrega Pérez sinala que os cruceiros burgaleses foron levantados por razóns conmemorativos, votivas, funerarias ou expiatorias. A súa presenza é predominante en cruces de camiños (para incitar á oración e servir de indicador) e á entrada das poboacións (para protexelas de calquera mal, como por exemplo a peste), destacando que os que se atopan en localidades situadas no Camiño de Santiago, "*es frecuente encontrar un tipo de cruz cuxos brazos están torneados en forma avellanada y se rematan en bolas. Tal es*

el caso de los existentes en el Hospital del Rey en Burgos y los de Castellanos de Castro, los tres de Olmillos de Sasamón y el de Tardajos o el de Villandiego,"[176] todos eles do século XVIII.

En canto á iconografía dos cruceiros burgaleses con efixies, Tárrega Pérez fai notar que "*a partir del siglo XVI, la imagen de la Virgen que ya aparecía en el XV esporádicamente, aparece casi siempre en el reverso de la cruz, apoyada en un ángel como peana. Excepcionalmente, aparecen otros personajes y otras disposiciones, como en el crucero de Castrojeriz, en el que la Virgen y San Juan escoltan ambos lados de la cruz, en el anverso, junto a Cristo*." [177]

Polo que respecta á súa morfoloxía, Tárrega Pérez fai especial fincapé nos fustes, que poden ser de sección oitavada, circular ou cadrada e, polo que se refire a súa ornamentación, esta vai dende a "*más absoluta desnudez, hasta la decoración con estrías, escudos, cartelas, figuras geométricas o imágenes*"[178], ornamentación que este autor vincula aos medios económicos e á posición social dos que os mandaron facer.

Tamén destaca o feito de que algúns cruceiros burgaleses atópense ou estiveran acubillados baixo unha cuberta sobre catro piares a xeito de baldaquino, "*dándoseles entonces el nombre de humilladero (creus cubertas en Cataluña), aunque este mismo término puede leerse en inscripciones de algunos cruceros que carecen de cobertura, por haberla perdido en el transcurso de los siglos o por no haberla tenido nunca*."[179] Cómpre salientar que algúns destes exemplares, como por exemplo no caso cruceiro de Sasamón, acabaron converténdose en capelas ou ermidas cando se pecharon con muros os seus catro lados.

Este libro de Santiago Tárrega permítenos coñecer con bastante detalle todos os cruceiros de Burgos (algúns xa os víramos persoalmente) dos que destacamos, ademais dos xa citados cando nos referimos ao libro de Javier Sáinz, varios exemplos notorios. Tal é o caso do cruceiro situado fronte á igrexa de Gamonal da capital burgalesa, de estilo gótico e datado no século XV, xa que presenta un fuste decorado dos relevos de San Andrés, San Pedro e Santiago Peregrino, ademais de contar cunha cruz nimbada coa efixie de Cristo no anverso e da Virxe co Neno no reverso.

Tamén na capital da provincia, concretamente no Paseo de la Isla, atópase un cruceiro do século XVI cunha inscrición que nos indica que "*EN ESTE SITIO MURIO JUAN MARTÍNEZ DE LERMA, REGIDOR DE BURGOS, MUCHAS VECES PROCURADOR DE ELLA. SU MUGER DOLORIDA PROMETE DECIR CIERTA PATER NOSTER.*"[180]

[176] Tárrega Pérez, Santiago. *Monumentos Menores en la provincia de Burgos. Inventario de Picotas, Rollos y Cruceros*. Burgos: Colegio Oficial de Aparejadores y Arquitectos Técnicos, 2000. Páx. 74.
[177] Idem, páx. 74.
[178] Idem, páx. 73.
[179] Idem, páxs. 74-75.
[180] Idem, páx. 102.

No pobo de Rubena pode verse un cruceiro renacentista, do século XVI, coa parte superior do fuste ornamentado cun traballado escudo, mentres que na inferior unha cartela nos lembra que "*ESTE OMILLADERO HIZO GABRIEL DE ECHAGA. AÑO DE 1553 AÑOS.*"[181] Este cruceiro carece de cuberta (descoñecemos se a tivo nalgún momento) e o seu epígrafe nos fai pensar se a denominación de "humilladero" era común a todo este tipo de construcións, non só ás que tiñan tellado, antes de que se popularizara a palabra cruceiro.

Barroco, do século XVIII, é un cruceiro existente en Salas de los Infantes, fronte á igrexa parroquial de Santa María, que destaca pola súa cruz de tipo patriarcal.

Cómpre tamén chamar a atención sobre un bo número de cruceiros burgaleses que constitúen un exemplo de reutilización, xa que anteriormente eran rollos, é dicir, símbolos xurisdicionais, testemuña da concesión real de Vilazgo. Mandados derrubar polas Cortes de Cádiz o 26 de maio de 1813, moitos deles salváronse "gracias a su traslado y otras tretas para burlar lo ordenado, y una de ellas bien pudiera ser la sacralización de estos monumentos, mediante la colocación en ellos de cruces de piedra o de hierro, ya que muy pocos son los que no las poseen, y aún éstos posiblemente la hayan perdido a lo largo de siglo y medio."[182] Como exemplo destes rollos transformados en cruceiros podemos citar o de Briviesca, do século XVIII; o de Castellanos de Castro, o de Castrojeriz, etc. Un caso curioso é o do cruceiro de Tordomar, no que a cruz se levanta sobre unha antiga columna miliaria.



Non obstante, o cruceiro máis salientable de toda a provincia de Burgos é o de Sasamón, situado no interior da ermida de San Isidro[183], que anteriormente era un "humilladero."Trátase dunha obra gótica, do século XV, que foi estudada por Salvador Andrés Ordax, autor dunha interesante monografía sobre este singular cruceiro.[184]

De Gonzalo Alcalde Crespo é o "*Inventario de Ermitas, oratorios y humilladeros de la provincia de Palencia*" (2002), publicación na que figura unha re-

[181] Idem, páx. 171.
[182] Idem, páx. 15.
[183] Esta ermida foi construída no século XVII, aproveitando un edificio anterior do século XVI que era o huilladero que albergaba seste cruceiro.
[184] Andrés Ordáx, Salvador. *Iconografía cristológica a finailes de la Edad Media: El crucero de Sasamón*. Salamanca: [Universitas Extrematurensis], 1986.

lación destas edificacións, sen que se lle preste ningunha atención aos cruceiros ou cruces situados tanto no interior coma no exterior que se atopan no interior ou no exterior das mesmas, polo que o seu interese para nós é escaso.[185]

Máis interesante para o tema que nos ocupa é a obra de José Ignacio Sánchez Rivera e Eduardo González Fraile "*Humilladeros de la provincia de Valladolid*", amplo e detallado estudo sobre este tipo de edificacións. Para estes autores, os *humilladeros* son "*construcciones religiosas ante la cual el viandante se santigua, bajando la cabeza y arrodillándose o, simplemente, inclinándose: efectuando la acción de humillarse.*"[186] Están situados en lugares de paso, como poden ser camiños ou, preferentemente, encrucilladas, feito que constitúe a súa característica esencial. Neste aspecto cómpre destacar a súa dobre función, pois ademais da propiamente espiritual, permiten ao viaxeiro orientarse nas encrucilladas nun tempo na que a maior parte da xente non sabía ler: o cruceiro ou *humilladero* debía de quedar sempre á dereita do camiño principal, para poder tocalo e persignarse coa man destra. Cando estes *humilladeros* se atopaban á saída ou entrada das poboacións, permitían ao camiñante encomendarse ao emprender a marcha ou orar en acción de grazas ao rematar a travesía.

Os *humilladeros* varían en forma e tamaño, xa que poden ir dende unha simple cruz ata un templo. Nun principio tratábase de dunha cruz ou cruceiro, cunha cuberta sostida sobre catro pilastras. Co paso do tempo, esta estrutura foi pechada polos lados, dando lugar a unhas pequenas capelas, denominadas tamén *humilladeros*, de planta cuadrangular.

Destacan Sánchez Rivera e González Fraile que "*los humilladeros son una arquitectura de patrocinio popular, auspiciada por e patrocinio de las cofradías*"[187] que, fronte á arquitectura culta, da nobreza, emprega a planta central.

A provincia de Soria conta cun inventario exhaustivo de cruceiros e cruces grazas ao traballo de Marta Plaza Beltrán, autora de "*Por los caminos de Soria. Cruces y cruceros*"[188]Nesta obra recóllense 17 cruces e 31 cruceiros, cifras ás que hai que engadirlles os 11 viacrucis existentes nesta provincia. Polo que respecta aos cruceiros, a maioría de época barroca, destaca especialmente o de Berlanga de Duero, construído en 1691, pola súa cruz patriarcal, do mesmo tipo que a do cruceiro de Osma. Do ano 1792 é o cruceiro de Monblona, levantado con motivo da morte de Iván García, segundo reza nunha inscrición situada no seu fuste.

[185] Alcalde Crestpo, Gonzalo. *Inventario de ermitas, oratorios y humilladeros de la provincia de Palencia*. Palencia: Imprenta Provincial, 2002.
[186] Sánchez Rivera, José Ignacio e González Fraile, Eduardo. *Humilladeros de la provincia de Valladolid*. Valladolid: Diputación Provincial, 2003. Páx. 6.
[187] Idem, páx. 15.
[188] Plaza Beltrán, Marta. *Por los caminos de Soria. Cruces y cruceros*. Diputación Provincial de Soria, 2012.

Resulta especialmente interesante o denominado *cruceiro de San Roque* en San Esteban de Gormaz (máis ben parece tratarse dunha cruz alta) que Marta Plaza data no século XIV. Presenta no seu anverso a imaxe de Cristo, con tres cravos, e, no reverso, a da Virxe co Neno. Este monumento está vinculado a varias tradicións como, por exemplo, a da bendición dos campos o 15 de maio; a procesión, rogativas e ofrendas a San Roque o 15 de agosto, así como tamén ás feiras nas eiras de San Roque, xunto ao cruceiro, en xuño e novembro, acontecemento que se mantén dende a Idade Media.

Entre os viacrucis merece especial mención o de Mezquitillas, realizado en distintos anos do século XIX, formado por 12 estacións de cruceiros e que está situado a carón do Camiño de Santiago. Tamén na ruta xacobea atópase o viacrucis de Fuentetoba, levantado entre os anos 1782 e 1783.

País Vasco

O País Vasco é unha das comunidades que conta cun inventario bastante aproximado de cruceiros grazas aos traballos de Esteban Martínez, Belendín de Iasuen e José Zufiaurre Goya. O primeiro é o autor de ***Cruceros de Álava***[189], publicación que abrangue 48 pobos alaveses e na que se recollen 49 cruceiros e *humilladeros*, ademais de cruces e algún que outro viacrucis.

Por regra xeral, os cruceiros de Álava presenta a seguinte estrutura:

- Baseamento ou base, maioritariamente de planta cuadrangular e composto por varias gradas de perpiaño, sobre o que se levanta a base, de forma cuadrangular ou rectangular.

- Fuste, normalmente cilíndrico, unhas veces liso e outros estriado, se ben tamén os hai de sección rectangular ou octogonal.

- Capitel.

- Cruz, tamén denominada cruz cimera, que "*suele estar labrada en piedra más blanda y delicada que el resto del crucero*."[190] Cando ten efixies, no anverso aparece a figura de Cristo e, no reverso, a da Virxe co Neno ou a Piedade.

Como características, os cruceiros alaveses, a diferenza dos galegos, carecen no fuste de relevos coa representación dos símbolos da paixón, motivo que si pode atoparse nos capiteis ou nos brazos da cruz. A serpe, tan abundante nos nosos cruceiros, non aparece en ningún dos alaveses. Ademais, a data de construción acostuma a estar situada no "encima del capitel" e non no fuste como no caso dos galegos.

[189] Martínez, Esteban. *Cruceros de Álava*. Diputación Foral de Álava, 1989.
[190] Idem, páx. 20.

Dos cruceiros de Álava, entre os que hai algúns que antigamente foron rollos (o de Lalastra, o de Paganos…) ou picotas (Salinas de Añana), destacan, ao noso xuízo, o de Narvaja, Ondategui e San Vicente de Arana. O primeiro é un cruceiro que se atopa baixo unha cuberta a catro augas, polo que sería máis propio falar de *humilladero*. A súa plataforma, de tres chanzos, é de planta circular –cousa pouco frecuente nos cruceiros desta provincia- é chama tamén a atención por un tambor situado por encima do capitel. De forma octogonal, cada unha das súas caras ofrece o relevo dun santo co seu correspondente atributo, separados entre si por columnas: Santiago, con bordón na súa man esquerda e escarcela na dereita; San Bartolomeu, San Martiño, San Ignacio de Loyola, San Xoán Bautista, San Xoán Evanxelista, San Pablo e San Pedro. Probable obra do século XVII, este cruceiro, un dos máis artísticos de Álava, era onde remataba o viacrucis coresmal.

Tamén o cruceiro de Ondategui se levanta sobre unha plataforma circular, de cinco chanzos, pero, a diferenza do anterior, non está cuberto. Presenta un pseudocapitel ornamentado cos símbolos da paixón: martelo e tenaces, lanza e escaleira, esponxas e látegos. A cruz, latina, ofrece no seu anverso a efixie de Cristo –cunha acusada caveira aos seus pés- e, no reverso, a da Virxe co Neno.

O cruceiro de San Vicente de Arana, de plataforma cuadrangular, data do ano 1559 e chama a atención por un tambor de forma cúbica cuxas caras laterais ofrecen o relevo dos catro evanxelistas: San Marcos, San Mateo, San Lucas e San Xoán.

Balendin de Iasuen é o autor de ***Cruces de término en bizkaia***[191], obra na que se recollen un total de 21 exemplos destas construcións existentes nesta provincia vasca, ós que hai que sumarlle 11 calvarios e 6 viacrucis que se citan nesta publicación pero que non se analizan nin se catalogan. De todos estes exemplos, os máis sobranceiros son a cruz de Kurutziaga, no concello de Durango, do século XV e declarada Monumento Nacional en 1954; a cruz de Kurutziaga de Elorrio; a cruz de Santa Ana, tamén en Elorrio, e a cruz de Goiloelexea, no concello de Larrebetzu.

A cruz de Kurutziaga, realizada en pedra areosa e cunha altura aproximada de catro metros e medio, é un fermoso cruceiro que presenta a parte superior do fuste, o capitel e a cruz tan artisticamente tallados, que o converten nun dos exemplos máis destacados deste tipo de monumentos non só do País Vasco, senón de todo o Estado Español. A escena iconográfica que nos ofrece o extremo superior do fuste "*puede interpretarse como la representación del Paraíso, ya que en la copa del manzano, además de la cabeza de la mujer que representa la serpiente,*

[191] Iasuen, Belendin de. *Cruces de término de bizkaia*. Bilbao Bizkaia Kutxa, 1991.



aparecen dos figuras de cuerpo entero, desnudas, que serían Adán y Eva, y el Arcángel blandiendo una espada en la mano derecha y con una pequeña cruz en la cabeza."[192]

No capitel-tambor, de forma circular, están tallados os doce apóstolos, mentres que no anverso da cruz podemos ver, ademais da imaxe de Cristo, flanqueado pola Virxe María e San Xoán e cunha caveira sobre dúas tibias que lle serve de supedáneo, "*cuatro ángeles con un recipiente en las manos, que parecen recoger la sangre de Cristo: uno en cada mano, otro en los piés y el cuarto en el costado. En el remate de la cruz aparecen la luna y el sol, sostenidos cada uno por dos ángeles*."[193] No reverso destaca a figura da Virxe, sentada sobre un trono e co Neno sobre o brazo esquerdo, flanqueada por dúas figuras coroadas, e sobre outras dúas figuras, unha das cales leva mitra e báculo. Completan a composición varios anxos con instrumentos musicais e tubos de órganos.

A cruz de Kurutziaga de Elorrio, realizada tamén en pedra arenisca, constitúe outro dos cruceiros singulares de Euskadi. Cunha altura de máis de catro metros, esta construción gótica presenta un fuste "*trabajado en espiral con tres franjas de hojas, separadas entre si por molduras en cordón. Se completa con cuatro columnillas cuadrangulares situadas en la línea de los del pedestal, que se elevan, aproximadamente, hasta la mitad del fuste y se rematan por pináculos profusamente adornados*."[194]

O capitel-tambor, de forma hexagonal, amosa en cada cara o relevo dun santo: Santiago, San Pedro, San Xoán, San Andrés, Santa Catalina e dunha santa que non identificamos, separados por columnas. "*La cruz cimera es radiada y florenzada, única en Bizkaia de estas características, y lleva en el anverso a Cristo crucificado con corona de espinas, bajo un doselete gótico, y en el reverso la Virgen Coronada, con el Niño en brazos. Los radios de la cruz llevan, en el anverso y reverso, un adorno en forma de cordón en toda su longitud*."[195]

[192] Idem, páx. 15. Outros autores din que este cruceiro está relacionado coa chamada "Herejía de Durango", iniciada polo Frade Alonso de Mella e reprimida pola Inquisición en 1444. Probablemente, este cruceiro sexa un monumento expiatorio que conmemora a represión desta herexía (o programa iconográfico representa o pecado e a redención do mesmo) ao tempo que reafirma o poder da igrexa.
[193] Idem, páx. 18.
[194] Idem, páx. 28
[195] Idem, páx. 28



Polo que respecta á cruz de Santa Ana, trátase dunha obra que mandou facer D. Miguel de Uría no ano de 1566. Presenta un tambor octogonal no que están esculpidos os catro evanxelistas e outros tantos doutores da igrexa. A cruz ofrece no seu anverso a efixie de Cristo e, no reverso, unha Piedade baixo un dosel de forma rectangular e cun querubín aos pés da Virxe.

Tamén do século XVI, concretamente do ano 1574, é a cruz de Goikoelexea, no concello de Larrabetzu, probable resto dun antigo *humilladero*, quizais semellante ao de San Agustín de Elorrio.

José Zufiaurre Goya, na súa obra ***Cruceros, cruces, picotas y santutxos en Guipúzkoa***[196] cataloga 26 cruceiros, así como tamén 32 cruces. Na introdución deste traballo, este autor establece tres razóns polas que se levantaron no País Vasco os cruceiros ou cruces de término: "*Una, precisamente el comienzo del término de la localidad; otra el cruce de caminos importantes, razón por la cual son más numerosas en la ruta jacobea; y otra, en recuerdo del árbol sagrado, generalmente roble, bajo el que los ancianos del lugar tomaron decisiones.*"[197] Esta última constitúe toda unha novidade, ademais de ser específica dalgúns cruceiros de Euskadi.[198]

Da relación de cruceiros desta provincia vasca, chaman a atención o de Oñati e o de Ordizia. Do primeiro queremos destacar especialmente a súa cruz cimera, xa que presenta no seu anverso a efixie de Cristo flanqueada por dous personaxes: o da dereita leva nas súas mans un martelo e un cravo e, mentres que o da esquerda porta unha coroa de espiñas, motivo este único nos cruceiros que levamos visto de Euskadi.

Polo que respecta ao cruceiro de Ordizia, chama a atención polo seu capitel-tambor, de forma octogonal, que amosa en cada unha das caras os relevos de Santa Elena, Santiago o Menor, Sta. María Magdalena, San Marcos, San Andrés, San Lucas, San Pablo e San Sebastián. A cruz amosa no anverso a figura de Cristo crucificado flanqueado por San Xoán e a Virxe María

[196] Zufiaurre Goya, José. *Cruceros, cruces, picotas y santutxos en Guipúzkoa*. San Sebastián: Fundación Social y Cultural Kutxa. Obra Social de la Caja Guipuzkoa San Sebastián, 1995.

[197] Idem, páx. 22.

[198] Esta idea de Zufiaurre lévanos a retrotaernos a esa mítica sobre as árbores sagradas analizadas por Frazer. Na opinión deste autor "En la antigua Grecia el roble era el árbol sagrado de Jove." (p.102). En la antigua Italia todo roble era consagrado a Júpiter, y el dios era venerado en el Capitolio como deidad del roble??Para los celtas, la imagen céltica de Zeus era un roble??..Entre los eslavos el roble era el árbol sagrado de Perum, que era su dios, equivalente a Zeus y a Jupiter. Le consagraban robles, y cuando los misioneros cristianos los cortaron el pueblo arremetió contra ellos por destruir sus divinidades silvanas (p.110). Véxase: James Frazer: *The golden bough, a study in magic and religion*,3a edición. Vol. 1. Macmillan and Co., Londres 2003

e, no reverso, "*está la Virgen con el Niño en los brazos con un angelote a los pies y otro menor en cada brazo de la cruz.*"[199] Capitel e cruz proceden, ao noso xuízo, dun cruceiro máis antigo e foron reutilizadas para facer o actual.

Navarra

Os cruceiros de Navarra foron estudados por Fernando Videáin Agós, autor de tres folletos de aproximadamente 30 páxinas nos que recolle unha boa mostra das construcións deste tipo existentes neste territorio.

Videgáin Agós comeza o seu traballo cunhas reflexións sobre os cruceiros, afirmando que, normalmente, se levantan nas encrucilladas, "*allí donde convergen los caminos que llevan al pueblo o a la ciudad, en los lindes de los términos y de las heredades, quizás en un afán espiritual de cristianizar mitos ancestrales, viejas creencias y viejos ritos druídicos*."[200] Para este autor, os cruceiros teñen a súa orixe "*en la Baja Bretaña, en Francia, donde el culto que los bretones profesaron a los árboles y a las piedras fue bautizado por los emigrantes celtas llegados del norte; así quedaba también cristianizado el culto que en las zonas de denominación romana había tenido el dios Jano, cuya efigie bicéfala se encontraba en las entradas y salidas de los pueblos y en las encrucijadas de los caminos*."[201]

En canto aos motivos da construción dos cruceiros, Videgáin di que se empregaban para marcar lindes de propiedades e lugares. Outro motivo sería o de "*sellar paces entre pueblos litigantes por razón de lindes o facerías,*"[202]así como tamén o de servir como medio de protección contra a peste. Neste aspecto cómpre destacar que un dos cruceiros existentes na localidade de Tafalla, concretamente o situado na estrada a Estella, foi edificado con motivo da epidemia de cólera que, en 1855, afectou á quinta parte dos habitantes desta poboación.

Os cruceiros levantábanse tamén para cristianizar as encrucilladas, lugares de xuntanza das meigas navarras. Ao pé destes cruceiros de encrucillada existía unha costume vasca e navarra consistente en queimar o xergón da cama dos defuntos, co obxecto de evitar a súa aparición ou retorno, pois só atopaban paz ou acubillo á sombra dun cruceiro.

Os que estaban situados no campo servían para bendicir as colleitas de maio e setembro, bendición protectora contra as malas artes dos bruxos para arruinalas. Non faltan tampouco cru-

[199] Idem, páx. 43.
[200] Videgáin Agós, Fernando. *Cruceros*. Pamplona: Diputación Foral de Navarra [S. D.] Colección: Temas de Cultura Popular, números 274, 275 e 276.
[201] Idem, n´º 274, páx. 3.
[202] Idem, nº 274, páx. 5.

ceiros expiatorios, como o de Estella, levantado con motivo da matanza de xudeus que, alentada polo franciscano Pedro de Ollogoyen, tivo lugar nesta localidade o 6 de marzo de 1328.

Cómpre chamar a atención sobre algunhas das inscricións recollidas por Videgáin Agós, xa que en todas elas se alude a estes monumentos como cruces. Así se denominan os cruceiros de Ororbia (realizado no ano 1540), o de Orcoyen (1931-1935), o de Gallipienzo (1622), etc. Tamén, grazas aos epígrafes, podemos saber que moitos dos cruceiros navarros foron encargados por comerciantes, pola pequena nobreza e pola xerarquía eclesiástica.

En canto a súa estrutura, unha parte deles levántanse sobre un plinto, sendo tamén frecuente a aparición, en substitución do tradicional capitel, dun tambor (hexagonal ou octogonal) ornamentado con figuras de Apóstolos ou de santos. Resulta cando menos curioso a ausencia da Quinta Angustia no reverso dos cruceiros con efixies, lugar que normalmente ocupado por unha Virxe co Neno.

Da relación de monumentos recollidos nesta publicación, chama a nosa atención o cruceiro do "humilladero" de Saragüeta, de traza renacentista; o Ochagavía, do século XVI e co capitel ornamentado con alegorías da paixón: instrumentos e personaxes (ex. Pilatos); a *Cruz del Mentidero* de Pamplona, erixida o 5 de novembro do ano 1500; o de Olleta, cun curioso "fuste" de forma irregular decorado con símbolos da paixón, etc. A estas obras hai que engadir o humilladero de Aramendía, do ano 1559) e o de Eulate (S. XVI), así como tamén a famosa cruz de peregrinos de Roncesvalles.

Illas Baleares

Quizais a primeira persoa en decatarse da importancia dos cruceiros nas Illas Baleares foi Bartolomé Ferrá y Perelló, quen publica no *Boletín de la Sociedad Arqueológica Luliana*, ao longo de todo o ano de 1885, varios artigos baixo o título xenérico de ***Cruces de piedra***.[203] No primeiro, datado en xaneiro do devandito ano e que se corresponde co número 1 desta publicación, fala da abundancia das cruces de pedra nestas illas, monumentos que son debidos *á la piedad de nuestros antepasados* e que serviron non só para *fijar las divisorias de los términos junto a los caminos*, senón tamén para *indicar los principales centros, avenidas é ingresos de las poblaciones y monasterios*.

En canto a súa orixe, Ferrá estima que as máis antigas deben ser aquelas que, nos primeiros anos do cristianismo, colocáronse sobre as *piedras bamboleantes de los pueblos druídas, al intento de sustituir las supersticiones paganas con las doctrinas del Evangelio y la creencia*

[203] Ferrá y Perelló, Bartolomé. "Cruces de Piedra", en *Boletín de la Sociedad Arqueológica Luliana*, 1885, páx. 4.

en el misterio de nuestra redención. Posteriormente levantáronse de nova planta nas encrucilladas e nos puntos de confluencia das vías públicas, sendo costume cubrilas cun telladiño que, ademais de protexer ás imaxes da intemperie, ofrecía sombra e descanso ós labregos polo día e refuxio aos probes e viaxeiros de noite.

En Mallorca, estas cruces presentan unha disposición que consiste nunha *gradinata de planta octogonal, raras veces circular, en cuyo centro superior se levanta una columna prismática también octogonal de unos 25 centímetros de diámetro por unos 2,50 metros de altura, inclusos la base y capitel. Este suele mostrar su tambor revestido con tantas estatuitas como hornacinas o facetas forman su contorno, si bien una de estas lo ocupa el escudo de armas correspondiente á la villa en que radica ó al gremio ú familia que costeó su erección*.

Surmonta dicho capitel la cruz de airosos perfiles, más o menos filigranada, con el Cristo enclavado, y en los cuatro medallones que forman los cabos se ven las imágenes acurrucadas de la Virgen y de San Juan, á derecha é izquierda; la de la Magdalena enel inferior y el pelícano en el superior. Llena el reverso la imágen de la Virgen con el Niño, de pié sobre una repisa, circundada por otros tantos medallones con los emblemas de los cuatro Evangelistas.

En canto á cronoloxía das cruces de Mallorca, Bartolomé Ferrá di coñecer algúns exemplares de *estilo ojival terciario que son modelos muy notables* e que, comparándoas coas existentes en Cataluña, *sino las aventajan en valor arqueológico, son mucho más importantes como obras artísticas*, polo que deben ser restauradas e conservadas.

Polo que respecta ás cruces erixidas durante o Renacemento, estas presentan algunhas diferenzas coas góticas, o que se aprecia nos seus *capiteles afectando cimborios* (sic) *con cubierta de pizarra, en vez de las almenillas que caracterizaban las composiciones de la Edad media, los follages de tímida y convencional factura decorando los brazos, y el barroquismo de las imágenes esculturadas que suelen reducirse á las de Cristo y de la Virgen, demuestran el escaso ingenio y la decadencia que se reflejaba en aquellos momentos.*

As cruces levantadas no século XVIII nesta illa balear, case todas en substitución de outras desaparecidas, presentan formas moi simplificadas *y tal vez con más pretensiones que buen éxito, demuestran la falta de recursos y el mal gusto que ha presidido su erección*.

Aínda que non está no ánimo de Ferrá facer un completo estudo das creus de terme de Mallorca, remata o seu primeiro artigo recomendando ás autoridades civís e eclesiásticas a súa conservación, *bajo el doble motivo de ser símbolos de nuestras santas creencias, y joyas de Arte que honran a los pueblos en cuyos recintos y término existen levantadas.*

No segundo artigo, publicado o 25 de febreiro de 1885 e que se corresponde co número 4 do xa citado boletín, Bartolomé Ferrá fai unha relación das cruces de pedra existentes en Palma e no seu termo, rexistrando un total de doce elementos. Cómpre destacar que a maioría delas xa desapareceran, e cando Ferrá redacta o seu traballo só quedaban en pé cinco. Delas destacan pola súa antigüidade a renacentista do patio de sepelios do convento de San Xerome de Palma e a acaroada ao bordo do muro que, pechando o foxo, sostén o camiño de rolda entre as portas de San Antón e Pintada. Esta última cruz, segundo Bartolomé Ferrá, levantábase sobre unha columna que presenta a particularidade de non ter capitel, ocupando o seu lugar unha cartela coa seguinte inscrición:
MURIO DE AQVI DESPEÑADO A CAVALLO D. IVSEPE DE TORRES VIREY. AÑO 1645

O dez de maio, no número 9, Ferrá publica o terceiro artigo da serie no que relaciona as cruces de pedra de Alcudia, Alaró, Andraitx e Artá. Das seis que cita no concello de Alcudia, todas estaban en mal estado, xa que a unhas faltáballes a cruz ou ben a columna atopábase derrubada ou fragmentada. Chama a atención o coñecido como da Porta Nova, obra do escultor Lorenzo Ferrer e colocado a expensas de D. Felipe Aguera e a súa muller, porque cinco anos despois da súa construción, xa lle faltaba a cruz. Descoñecemos o estado actual destes cruceiros, pero en vista do tempo pasado, temémonos o peor.

Polo que respecta ao concello de Alaró, só se conserva a cruz existente no patio do ex convento de San Francisco, emprazamento que non era o orixinal, pois as outras dúas relacionadas xa figuran como desaparecidas. Pola contra, en Andraitx, Ferrá cita dous cruceiros en bo estado. Un deles, o de *s´uyastre* que aínda hoxe se pode ver, presenta cinco reloxos de sol no fuste, dos que varios teñen datas que se corresponden co século XVII.[204]

En Artá houbo seis cruces, dúas delas de madeira.

No Boletín número 14, do 25 de xullo, Ferrá publica a relación de cruces de pedra de Algaida, Binisalen e Buñola. No primeiro destes concellos enumera seis monumentos, dos que cita un como desaparecido un. Para nós, a nivel etnográfico destaca especialmente o coñecido como de *sa des moli des Sannt* ou de *sa corterada*, xa que no lugar onde se levanta *suelen bendecirse anuealmente los frutos de la tierra*.

En Benisalen cita dous cruceiros, con plataformas octogonais e columnas de pedra calcaria, que *suelen ser visitadas anualmente en procesión*; mentres que o que existente en Buñola está incompleto porque lle falta a cruz.

Manacor é o único concello que figura no Boletín número 49, publicado o 10 de outubro, no que se relacionan oito cruceiros, se ben dous deles están desaparecidos. Polo que respecta a

[204] Serra Busquets, Joan. "Creu de súllastre", en *Carpe Diem*, Revista de gnomónica. Nº 24, 2007.

súa cronoloxía, hai que dicir que seis son anteriores a 1787, xa que figuran no *Plan iconográfico* desta vila levantado no devandito ano por Gerónimo Bernard y Solá. Máis antiga é a denominada La Creu del cami d´ Artá, pois no seu capitel, ademais dalgúns relevos de imaxes e escudos, figura unha inscrición que nos remite ao século XV e que Ferrá transcribe así:

ENLANY MCCCCLXXXVII. ZE. ACABA.
LAPRZE NT. CREU LAQVA. P AGUA. LO
. DIZCER E ET. MO ZENNA RC. IERA PVERE

O dez de novembro sae a luz o Boletín número 21, co inventario de cruces de Calviá e Inca. No primeiro cita tres, e pola descrición que fai de dúas, podemos afirmar que se trata de cruceiros, xa que di que teñen gradas, base e fuste; mentres que da terceira a referencia expresamente como *cruz de madera*. Inca conta sete destes monumentos (un figuraba xa como desaparecido) algúns deles coroados con cruces de ferro que substitúen as orixinais de pedra.

O último dos artigo, publicado no número 22 e con data de 25 de novembro, figura a relación dos existentes en Lluchmayor, Llorito e Sansellas. No primeiro hai catorce, e predominan os oxivais e barrocos. Os catro citados en Llorito figuran como desaparecidos ou arruinados, agás a *creu des pou*, que foi reconstruída e bendicida en 1884. Outros tantos se localizan en Sansellas, onde só hai un desaparecido que tamén inclúe na relación.

Conclusións

Segundo os artigos de Bartolomé Ferrá, Mallorca contaba a finais do século XIX con 55 cruceiros ou cruces, cifra da que soamente excluímos os desaparecidos, pois incluímos nela os que se atopaban en mal estado ou derrubados parcialmente. En canto a súa cronoloxía, Ferrá afirma que os máis antigos son de época oxival e renacentista, se ben a maioría se corresponden co período barroco.

Cómpre destacar que Ferrá emprega indistintamente as palabras cruz e *crucero* para referirse a estes monumentos, e só pola descrición que fai dalgún, podemos saber con seguridade a que tipo se refire.

Polo que se refire á súa estrutura, os cruceiros de Mallorca presentan unha disposición moi semellante aos galegos, pero con algunhas notables diferenzas. A primeira é que a súa plataforma, que Ferrá denomina *gradinata*, é sempre de planta octogonal e raras veces circular. En Galicia, pola contra, a forma máis frecuente é a cuadrangular, pero tamén hainas poligonais e circulares. O fuste prismático é de sección octogonal en toda a súa lonxitude, mentres que nos

galegos o oitavado normalmente ocupa a parte central do varal, pois os extremos acostuman a ser cuadrangulares. Ademais, os varais dos cruceiros galegos teñen unha maior variedade de formas (circulares, mixtas, etc.) e a presenza neles de motivos ornamentais (como poden ser imaxes ou os instrumentos da paixón) constitúe unha diferenza moi notable con respecto aos existentes nas Illas Baleares.

Outro tanto podemos dicir dos capiteis, inclasificables en Galicia pola abundancia de tipos, formas e tamaños; mentres que os de Mallorca acostuman ter un tambor poligonal con fornelas que acubillan relevos de imaxes, reservándose un deles para un escudo, que pode pertencer á vila en que se sitúa o cruceiro ou á familia ou gremio que costeou a súa erección.

As cruces que coroan estes cruceiros son, en moitos casos, de madeira ou de ferro, pois substitúen ás orixinais de pedra. As que se corresponden co gótico, segundo Ferrá, tiñan no anverso a efixie de Cristo, mentres que reverso figura a Virxe co Neno, disposición moi semellante a que ofrecen os cruceiros galegos deste período. Sen embargo, nos medallóns dos extremos dos brazos, aparecen a Virxe e San Xoán, de dereita a esquerda, e a Magdalena no inferior e o pelicano no superior, motivos practicamente inexistentes nos cruceiros galegos pero si moi frecuentes nas cruces procesionais. Outro tanto pode dicirse dos temas do reverso, no que figuran os emblemas dos catro evanxelistas.

Chama a nosa atención a presenza de esteos de madeira en algún cruceiro mallorquí, material que en Galicia só se limita ás cruces. En canto aos ritos en torno aos cruceiros, Ferrá só recolle un referido á cruz de *sa de moli des sant*, en cuxo contorno acostuman a bendicirse anualmente os froitos da terra. Nos galegos, pola contra, arredor dos cruceiros foron desenvolvéndose diversas prácticas rituais, moitas delas actualmente perdidas ou esquecidas. Así, xunto a algún cruceiro celebrábanse bautismos prenatais, solicitados por unha muller embarazada á primeira persoa que pasaba polo lugar para asegurar a vida do non nacido. Noutros colgábanse útiles de cociña como ofrenda feminina para poder ter fillos. Tamén, para eliminar o mal de ollo ou para curar a reuma, había determinados ritos arredor dun cruceiro.

Ata hai moi pouco tempo, estes monumentos eran lugar obrigado de parada dos enterros e, nos que tiñan pousadoiro, rezábase un responso. Pero, unha das prácticas máis estendidas foi a de enterrar nas súas inmediacións os meniños que morrían sen bautizar. Debido a que non podían sepultarse nos cemiterios, a xente comezou a soterrar estes inocentes no espazo que consideraron máis sagrado, sen contraviren as normas da igrexa: ao pé dos cruceiros, o que contribuíu moito ao respecto do pobo por estes monumentos.

Aínda hoxe algúns cruceiros son centro referencial de procesións e romarías e a presenza en moitos deles de ofrendas florais e candeas pon de manifesto que continúan a ser obxecto de devoción.

Como complemento deste traballo de Bartolomé Ferrá y Perelló hai que citar o de Francecs Camps i Marcadal (literariamente Francesc d´Albranca) médico e escritor nado en Menorca en 1852. Ademais da súa dedicación á medicina, o Dr. Camps destacou tamén na investigación lingüística, arqueolóxica e etnográfica, sendo autor de numerosas publicacións nestes eidos. Polo que respecta ao tema que nos ocupa, Francecs Camps dedicouse a inventariar as cruces e cruceiros de Menorca, realizando, probablemente entre 1917 e 1920, unha exhaustiva relación de todos estes monumentos existentes nesta illa balear. O seu traballo foi publicado postumamente en 1981 baixo o título *Creus*.[205] Nel se recollen trinta elementos (algún xa desaparecido por aqueles anos), cifra que pon de manifesto a importancia que tiveron antigamente estas construcións. Destaca o Dr. Camps a súa situación á beira de camiños ou sobre penedos, sendo moitas delas de ferro, pois as de pedra son máis abundantes no termo de Ciutadella. Lamentablemente non se inclúen fotografías, nin se recollen inscricións e as descricións (máis ben hai que falar de notas) o que deixa esta relación bastante incompleta pero non exenta de mérito.

Os peiróns da Comunidade Valenciana

Antes da súa destrución masiva durante a guerra civil hai constancia, tanto gráfica como documental, dun elevado número de *peiróns* ou *prigós* na comunidade valenciana, especialmente abundantes na provincia de Castellón e concretamente nas comarcas del Maestrazgo e Els Ports, destacando especialmente poboacións como Morella, Catí, etc. Descoñecemos as causas que motivaron a construción de tantos *peiróns* no período gótico (a maioría deles datan dos séculos XIV, XV e XVI) e a orixe deste costume, pero coidamos que a este símbolo de triunfo dos cristiáns sobre os musulmáns está tamén asociado a prosperidade económica que viviu esta zona na Idade Media. Para Juan B. Simo Castillo, a súa orixe é descoñecido, e asocia a súa aparición ao marcado espírito relixioso desta época.

Algúns *peiróns* estaban situados ás entradas ou saídas, segundo se mire, das poboacións, polo que tamén son coñecidos co nome de *cruces de término*, pois para algúns autores unha das súas funcións era a de sinalar os límites territoriais dun pobo ou servir de marco do seu termo municipal, afirmación que é rebatida polos que lles outorgan unhas funcións máis espi-

[205] Camps i Marcadal, Francecs. *Creus*. *Treball inét del doctor Camps*. Consell Insular de Menorca, 1981.

rituais e os sitúan tamén nos cumios das montañas, xunto as ermidas, santuarios e cemiterios, nas confluencias e revoltas dos camiños.[206] Como exemplo podemos citar o caso do peirón de pont trencat de Morella que Miguel Ricart mandou facer "*en memoria de sus antepasados*."[207] Medina Candel afirma que na comarca de Els Ports reciben o nome de peiróns, mentres que na colindante de El Maestrazgo se lles coñece co nome de prigós, termos cos que xa aparecen citados na documentación da época medieval.

A medida que se produce o avance cristián cara ao sur en virtude do Pacto de Tudilén, á incorporación de novos territorios á Coroa de Aragón vai levar aparellado un proceso de "cristianización" que, supoñemos, incluiría a colocación primeiro de cruces e despois de peiróns en diversos lugares (encrucilladas, entradas de poboacións, etc.) como símbolo do poder dos vencedores nunhas terras nas que aínda era predominante a poboación de relixión musulmán. Como exemplo desta política de imposición que se mantivo durante bastante tempo, podemos citar o caso da Cruz do Sisado, situada no camiño de Valencia a Aragón, que os Xurados da capital do Turia acordar reparar urxentemente o 3 de setembro de 1535 por atoparse nun "*camino muy frecuentado por moriscos*." (Carreres Zacarés).

Como xa dixemos, na Comunidade Valenciana, que daquela pertencía ao Reino de Aragón, os primeiros peiróns que se construíron foron os de Els Ports e do Maestrazgo, que coidamos comezarían a levantarse pouco despois da reconquista destas comarcas. Proba da abundancia destes cruceiros nesta zona é que entre 1933 e 1935, segundo cita de Manuel Milián Boix no Inventario Monumental Dertosense, só en Els Ports había máis trinta cruces de termino, dos que actualmente só se conservan oito, se ben algúns deles atópase incompleto e fóra do seu emprazamento orixinal.[208] Simo Castillo comenta que "*fue en Cati donde, promediado el siglo XIV, florece una pléyade de hábiles canteros que ornan los caminos de estas comarcas con valiosas cruces de pulcros y afiligranados trabajos en piedra tallada. En el siglo XV se hallan ya muy arraigados els peirons en estas tierras, coincidiendo con la prosperidad económica proviniente, especialmente, por la explotación del comercio lanero*."[209]

Pero do primeiro do que coñecemos a data dun xeito fidedigno é do ***Prigó de Catí***, que é de 1374, mentres que ao desaparecido ***Peiró del Pont Trencat*** de Morella (Castellón) se lle asigna unha

[206] Simo Castillo, Juan B. "El peirón de la puerta de San Miguel de Morella", en Revista *Penyagolosa* nº 18, época II, 1981.9, páz. 85-88.
[207] Sánchez Gonzalbo, Ángel. "El pont trencat de Morella", en *Boletín de la Sociedad Castellonense de Cultura*, nº 11, 1980, páx. 211-215.
[208] Medina Candel, Francisco. *"Els Peiróns". Testigos mudos de nuestra historia*. A maioría deles desapareceron durante a guerra civil española.
[209] Simo Castilló, Juan B. El peiró de la puerta de San Miguel de Morella, en Revista *Penyagolosa* nº 18, época II, 1981.9, páz. 85-88.

cronoloxía que vai entre 1391 e 1393, se ben para outros autores, como é o caso de Sánchez Gonzalbo, este peiró que mandou facer Miguel Ricart "*en memoria de sus antecesores*" dataría de 1450.[210]

Descrición

Os peiróns valencianos do período gótico constan dun graderío de planta circular ou poligonal (hexagonal ou octogonal), formada xeralmente por tres chanzos de pedra. A base, tambor ou pedestal, monolítica, pode ser de forma cúbica, hexagonal ou cilíndrica, normalmente coas arestas superiores rebaixadas. Unha das súas peculiaridades é a ausencia de ornamentación, característica que tamén lle podemos aplicar ao fuste ou cana, de sección circular ou hexagonal en toda a súa lonxitude.

O capitel, tamén denominado pomo ou macolla, é poligonal, está en ocasións delimitado por boceis (máis acusado o do extremo superior) e acostuma estar decorado por relevos de motivos heráldicos, escenas relixiosas ou de figuras de santos.

A cruz latina, profusamente ornamentada con motivos oxivais, presenta con frecuencia un acusado pé no que poden aparecer relevos de santos. No seu anverso destaca a efixie de Cristo morto e con tres cravos, mentres que o reverso o domina a Virxe co Neno no colo, iconografía que se completa coa presenza de diversos santos entre os que destaca San Xoán.

Cómpre dicir que estes peiróns estaban antigamente pintados e a súa cruz dourada, imitando así ás cruces procesionais.

Estudos sobre os peiróns

Resulta estraño que este rico patrimonio non fora estudado en profundidade, tanto dende o punto de vista artístico como etnográfico. O primeiro en ocuparse del dun xeito sistemático é **Salvador Carreres Zacarés** (1882-1973), cando en maio de 1921 da a coñecer en *Las Provincias* diversos aspectos (arestas, custos, etc.) referidos ás cruces-humilladeros de Valencia. Posteriormente, en 1929 publica *Cruces terminales de la ciudad de Valencia*, obra coa que gañara o premio do Arcebispo de Valencia en "Els jocs florals de lo Rat Penat" do ano anterior. Neste traballo, Carreres Zacarés, posuidor dunha das bibliotecas sobre temas valencianos máis completas da súa época, destaca a inexistencia de monografías sobre as cruces de termo. Non obstante di que os his-

[210] Véxase: Alanya i Roig, Josep. *Urbanisme I vida a la Morella medieval (S. XIII –XV)*, páx. 244; *La mamòria daurada. Obradors de Morella s. XIII-XV*, páx. 549, e o traballo de Ángel Sánchez Gonzalbo "El "pont trencat" de Morella" publicado no *Boletín de la Sociedad Castellonense de Cultura*, número 11, 1928, páx. 211-215. Deste peiró consérvanse fotografías no Arxiu Mas.

toriadores que trataron tanxencialmente este tema, mantiñan teorías diverxentes sobre as causas da súa erección. Así, algúns as atribuían a algún milagre acontecido no lugar do seu emprazamento, mentres que para outros eran recordos da conquista de Valencia polo rei D. Jaime, sendo

"*…testimonios del sitio donde acamparon las diferentes huestes que a la misma concurrieron, y entre las que el Conquistador repartió después el territorio ganado*."[211]

Desminte Carreres Zacarés que a función orixinal destes cruceiros fora deslindar o termo de da cidade de Valencia, pois na época en que se construíron os situados nos camiños principais de acceso a esta localidade (de Monvedre, de Xátiva, de la Mar e de Quart) a finais do século XIV, o perímetro delimitado por eles era inferior ao que comprendía o termo desta cidade. Na opinión deste historiador, o emprazamento dos peiróns valencianos da época gótica están máis relacionados coa sinalización dos camiños (sobre todo durante as inundacións invernais), servindo aos camiñantes como medio de orientación, se ben recoñece que estas teorías son difíciles de probar documentalmente.

O que si constata é que denantes de 1372 "*no existía aún ninguna cruz de piedra en los caminos que afluían a Valencia*", afirmando que a que as construídas con posterioridade a esa data, "*muy bien puedran atribuirse a influencias venidas del Maestrazgo, donde ya existían estos monumentos*."[212]

Máis recentes son os traballos de Juan B. Simó Castillo, Angel Sánchez Gonzalbo, Pere-Enric Barreda i Edo, Manuel Beser Bail, Francisco Medina Candell, Mª Elvira Mocholí Martínez, etc.

As cruces de término da cidade de Valencia

Polo que á Valencia respecta, despois da súa toma por parte de Jaime I, Carreres Zacarés constata é que denantes de 1372 non existía ningunha cruz de pedra nos camiños que afluían a esta cidade, afirmando este historiador que a que as construídas con posterioridade a esa data, "*muy bien puedran atribuirse a influencias venidas del Maestrazgo, donde ya existían estos monumentos*."[213]As tres cruces máis antigas estaban situadas nos camiños reais a Barcelona, Xátiva e Madrid, e da relación que ofrece Carreres Zacarés destacamos as seguintes:

a } Peiró do camiño real a Barcelona ou cruz cuberta. Actualmente situada á entrada do pobo de Almássera, na intersección da antiga estrada de Barcelona coa Avda. Blasco Ibáñéz. Data do ano 1372 e foi a primeira construída. Tamén se lle coñece cos nomes de camí de **Mor-**

[211] Carreres Zacarés, Salvador: *Cruces terminales de la ciudad de Valencia*. Valencia: Tipografía Moderna, 1929, páx. 3.
[212] Carreres Zacarés, páx. 5.
[213] Carreres Zacarés, páx. 5.

vedre, de Carraixet ou de prop de Almácera. É obra dun mestre canteiro ou picapedreiro de San Mateo e, dende o principio, estivo cuberta por unha edícula que, orixinalmente, era de madeira chapada de chumbo que, en 1433, foi substituído por outro de pedra.

b } *Peiró do camiño real a Xátiva*. De autor descoñecido, a primeira referencia documental desta cruz data do 7 de xullo de 1376, na que aparece citada como *creu nova*. Denominada tamén do *Milacre*, posteriormente é coñecida como *creu cuberta*, xa que dende o principio debeu contar cunha edícula para o seu resguardo. A edícula orixinal foi derrubada en 1406 por Juan del Poyo, encargándose Juan Lobet e o seu fillo Martín (xunto con seis picapedreiros de Valencia e un de Palop) da súa reedificación, procedéndose tamén ao pintado da cruz e do interior da cúpula por parte de Vicente Caera. Estas obras correron a cargo da Fábrica de Murs e Valls. No século XVI esta edícula foi novamente restaurada (procedendo Juan Martí a dourar e pintar a cruz) e, en 1898, José Aixá realizou unha reconstrución completa da obra.

c } *Cruz cuberta de Mislata ou de Quart***.** Este peiró está situado no camiño real a Castela polas Cabrillas (actualmente na Plaza de la Cruz). Aínda que se atopa no termo municipal de Mislata, é propiedade do concello de Valencia. Probablemente foi levantada en 1381 pola Fábrica de Murs i Valls. En 1435, segundo Carreres Zacarés, fíxose de novo a edícula (no que intervén Juan Lobet o xoven) e gran parte da cruz, que foi pintada e dourada por Francisco Verdancha, Miguel Crespi, Berenguer Matéu e Nicolás Querol mentres que os piares e o resto da obra branqueouse con cal. En 1901 a Comisión de Monumentos propuxo a restauración deste peiró, pero en 1928 Carreres Zacarés lamentábase que aínda non se fixera nada para deter a súa ruína. Descrición: Actualmente presenta unha cruz de ferro, pois a orixinal gótica foi destruída en 1936.

d } *Cruz do camiño do Mar ou do Grao*. Di Elisa Beneyto Gómez que esta cruz "*fue construída en la segunda mitad del siglo XIV, donde Jaume I había acampado con sus huestes, mandando erigir para el recuerdo esta cruz en el lugar donde acamparon los Templarios y los hombres de Jaca*." (Resulta un pouco estraño que Jaime I mandara construír esta cruz no século XIV) O fuste octogonal e as catro imaxes que adornan o seu extremo superior, é o pouco que se conserva deste antigo peirón, rematado en 1429 e que, en opinión de Carreres Zacarés foi unha das cruces "*cubiertas más suntuosas que se erigieron en Valencia*."[214] A obra do casilicio foi dirixida, nun principio, por Martín Lobet e, a súa morte, polo seu fillo Juan Lobet. Ao longo dos séculos XV e XVI esta cruz reparada en diversas ocasións, destacando especialmente a reconstrución da edícula, realizada por Agustín Muñoz, acordada polos Xurados e a Fábrica de Murs e Valls en 1521. Di Carreres Zacarés que descoñece a data en que este peiró perdeu a súa edícula

[214] Este peirón comenzou a construírse en 1419. Idem, páx. 23.

protectora, desaparición á que hai que sumarlle a da cruz gótica orixinal, pois en 1722 "*aparece ya descubierta y con una sencilla cruz como remate de la espiga*."[215] En 1799, co obxecto do novo trazado do camiño de Grao, esta cruz foi cambiada de lugar polo carpinteiro Luis Ravanals e, en 1928, só se conservaba do monumento orixinal "*unha grada cuadrada y otra circular* [sobre a que] *se asienta una gótica basa que sustenta la espiga prismática rematada por cuatro imágenes sobre ménsulas y con sus correspondientes doseletes*."[216]

e } *Cruz do Sisado ou do camiño de Aragón*. Actualmente desaparecida, en opinión de Carreres Zacarés foi a última das construídas en torno á cidade de Valencia. Tamén era coñecida como do camiño de Liria ou de Paterna. O seu levantamento foi acordado o 24 de marzo de 1432 e, dende o principio, esta cruz careceu de cuberta. Foi realizada por Antonio Matheu (responsable das gradas e da espiga ou fuste) e por Antonio Dalmau (autor do capitel e da cruz), mentres que Berenguer Mateu foi o encargado de pintala segundo o costume da época. Non se sabe con certeza se a cruz encargada en 1449 a Francisco Baldomar era para este peirón ou para outro novo situado noutro lugar deste mesmo camiño, pero do que si hai constancia é de que en 1536 os artistas Jaime Vicent e Juan Gascón fixeron outro nova cruz para este cruceiro, porque os Xurados que a costearon tiñan especial interese no que o símbolo da Redención estivera en bo estado de conservación nun camiño "*muy frecuentado por moriscos*."[217] En 1928 a cruz estaba novamente arruinada, encargándose ao escultor D. J. Torencio a realización dunha nova, hoxe desaparecida co resto do cruceiro.

f } *Cruz da Conca*. Carreres Zacarés cita no seu traballo Cruces terminales de Valencia outros peiróns de época gótica dos que amosa fotografías. Tal é o caso da Cruz da Conca, da que se descoñece a data da súa construción, que este historiador considera unha das primeiras que se erixiron, pois en 1428 os Xurados e os Obrers de Murs e Valls acordaron a súa reparación, o que tamén acontece en 1477 (nela traballa Pedro Comte) e en 1496, data esta última na que se realiza unha nova cruz trasladándose a antiga á bifurcación do camiño de Torrente co de Picaña. En 1928, segundo Carreres Zacarés, só quedaba da Cruz da Conca ou da Punta a base "*sobre la que se alza una espiga exagonal coronada por un capitel gótico con cuatro escudos de Valencia y, sobre este, la base de la cruz desaparecida, por su factura pertenece al siglo XV*." [218]

Outras cruces de término ou prigós destacables da Comunidade Valencia son: o de Xativa, o das Tres testes coranades e o Prigó de Catí. A primeira foi estudada por Elvira Moncholín

[215] Carreres Zacarés, páx. 28.
[216] Carreres Zacarés, páx. 28.
[217] Carreres Zacarés, páx. 23.
[218] Idem, páx. 30.

Martínez[219] e trátase dunha obra da segunda metade do século XIV realizada por encargo dos "jurats" desta localidade. O seu emprazamento orixinal era no antigo camiño a Valencia e, actualmente, atópase no Museo de l´Almondí de Xátiva. Trátase dunha obra gótica que destaca polo seu tamaño e pola profusión de motivos ornamentais. Deste vello cruceiro só se conserva a cruz e o capitel (este último decorado cos escudos do Reino de Valencia e do concello de Xátiva, así como tamén cos relevos de San Xoán Bautista, San Francisco, Santo Domingo e San Bernardo (para outros autores trataríase de San Agustín). A cruz, latina e de anchos traveseiros, en "bandas resaltadas a ambos lados, decoradas con rosetas cuadrifolias, distintas en el anverso y en el reverso. En la faja central, más ancha y rehundida que las laterales, se suceden una serie de círculos tangentes cuadrilobulados. Los cantos de la cruz presentan unha decoración arquitectónica formada por arcos trilobulados cin pinjantes rematados por pequeños florones, la mayoría de los cuales han desaparecido."[220] O seu anverso está dominado pola efixie de Cristo, de tres cravos, coroada por un nimbo crucífero circular e flanqueda polas imaxes da Virxe e de San Xoán. Nos extremos da cruz aparecen os símbolos dos catro Evanxelistas. No reverso, e baixo un dosel, podemos ver á Virxe co Neno (que leva un ave coas ás abertas) no colo e, aos seus pés, as imaxes de San Pedro e San Pablo, mentres que dous anxos ocupan os extremos dos brazos da cruz.

O cruceiro da porta de San Miguel de Morella (Castellón), tamén coñecido como "la creu de las tres testes coronades" ou de Sta. Llucía, é unha xoia do gótico florido. Datado no século XV, parece que foi construído entre os anos 1423 e 1450 polo escultor de Morella Antoni Sancho. A importancia deste cruceiro, cuxa cruz e capitel orixinal consérvanse na casa do concello, reside, ademais do seu valor artístico e histórico, en que se trata dun monumento conmemorativo, xa que rememora as xuntanzas que durante dous meses mantiveron neste localidade castellonense Fernando I de Antequera, Rei de Aragón; Benedicto XIII, o famoso Papa Luna, e o frade dominico Vicente Ferrer, futuro santo. O obxectivo destas xuntanzas era poñer fin ao Cisma de Occidente que enfrontaba á cristiandade dende 1.378. Estas históricas xuntanzas quedaron inmortalizadas no capitel deste cruceiro (unha réplica do mesmo podemos vela diante da porta de San Miguel de Morella), no que aparecen representadas as cabezas de tan ilustres personaxes, ademais das de Cristo, dous Apóstolos, Moisés e o profeta Elías. Moi semellante a outras que levamos visto, a cruz do cruceiro de Santa Llucía amosa no seu anverso a efixie de Cristo con tres cravos e coroado por un nimbo crucífero circular pero, a diferenza doutros

[219] Moncholín Martínez, Elvira. "Xátiva en la encrucijada. La cruz del camino de Valencia-" en *Arts Longa* (Revista do Departamento de Historia da Universidade de Valencia), nº 17, 2008, páx. 13-23.
[220] Idem, páx. 13.

exemplos, non está flanqueado nin pola Virxe nin por San Xoán. O seu reverso está presidido pola Virxe co Neno en brazos.



O chamado "Prigó de Catí" ou "creu del cementeri" é un dos sinais da ruta xacobea máis antigos de Castellón, provincia na que se atopa a localidade de Catí. Declarado BIC, data do ano 1.374 e mandouna facer un tal Giamo de Avinyo, segundo reza nunha inscrición en carácteres góticos situada no capitel, xunto a outro epígrafe que di: *ACI JAEN LOS OSOS AVINYONS E AVINYIONS – PSU*. Completan a ornamentación desta peza os escudos das familias doantes e os relevos dos catro Evanxelistas e unha imaxe de Santiago Peregrino, o que pon de manifesto a vinculación deste cruceiro co Camiño de Santiago. Restaurada por Ana Cañizares grazas á axuda da Fundación Blasco de Alagón, unha copia deste cruceiro pode verse diante do cemiterio de Catí, no mesmo lugar do seu emprazamento orixinal.



As "Creus de Terme" de Cataluña

A produción bibliográfica[221] sobre as cruces de término de Cataluña é moi escasa, se ben convén destacar que é unha das máis antigas (despois da de Galicia) do Estado Español. Así, a primeira referencia sobre este tema é a de Norbert Font i Sagué que, en 1894, publica "*Datos para la història de les creus de Catalunya*," obra á que lle segue, en 1919, "*Les creus monumentals de Catalunya*," de J. Gudiol i Cunill. Despois destes traballos, hai que agardar ata 1983, ano no que Albert Bastardes i Perera da a coñecer "*Les creus al vent*."

Obra pioneira no estudo das cruces de término de Cataluña e tamén unha das primeiras do Estado Español (cómpre lembrar que quen comeza os estudios sobre estes monumentos foi Bernardo Barreiro Vázquez Varela) é o libro "*Datos pera la historia de les creus de pedra*

[221] Entre os traballos sectoriais destacamos "Les creus de terme a l´Alt Empordà. Perspectives confluents des de l´Antropología", de Robert Lorens i Sulivera, do ano 1995.

de Catalunya," de Norbert Font i Sagué, obra publicada, como xa dixemos, en 1894.[222] Ao longo das súas 96 páxinas, nas que se inclúen debuxos e fotografías do seu autor, faise unha reflexión sobre a historia destas construcións en Cataluña. Distingue este autor entre "*creus de fossar, creus d´entrada de poble, creus caminals e creus de terme.*" Polo que respecta ás primeiras, é dicir, ás cruces situadas nos cemiterios, coida que é un costume que veu de Franza, onde este tipo de cruces é moi numeroso, ao contrario de Cataluña, onde non existe ningunha anterior ao século XI. As "creus d´entrada de poble" constitúen un sinal de piedade e ata elas chegaban as procesións e moitas delas contaban con altar. Pregúntase Font i Sagué en que época comezaron a levantarse estas cruces á entrada das poboacións, afirmando que "*Es tan difícil la resposta, que tinch de confessar ab M. Viol-let-le-Duc, que no ho sabré dir. Entre´ls monuments d´aquest género encar en peu, ne conexen algun d´anteior á la fi del segle XII ó al començament del XIII, pero la major part pertanyen als segles XV y XVI…. No obstant, alguns opinen de molt diferenta manera, dihent que foren manades posar per lo Rey en Jaume lo Conqueridor.*"

"*A nosaltres* –continúa dicindo– *nos sembla més rahonable suposar que, existint ja abans del segle X á França aquestes creus, foren portades, com tantes altres constums, per ´emperador Carlemany y per son fill, més a més estant allavors empenyada fera lluyta entre la creu y la mitja lluna. ¿No es, per ventura, probable que allavores, á mida que s´anava conquistant pam a pam la terra als infidels del mateix mode ques alçaven monestirs e iglesies per tot arreu, se plantassen creus, no sols en les entrades dels pobles sino també en altres llochs com á senyal de consquesta ó testimoni del triomf de la creu sobre la mitja lluna.?*"[223]

En canto ás "les creus caminals", é dicir, ás situadas á beira dos camiños ou nas encrucilladas cita á existencia dunha que se atopaba na "*unió del de Cervera ab lo del Pla d´Urgell, vora Agramunt, que portava la fetxa de 1268 y estava adornada ab ben tallades figuretes…*", destacando tamén que a todas estas "creus" están colocadas en pobos de l´Ampurdá, onde se conserva con máis pureza as tradicións dos nosos antepasados.[224]

Para Font i Sagué, as "creus de terme" son aquelas que marcaban os lindes dunha xurisdición administrativa ou simplemente unha propiedade, sendo a maioría delas levantadas por orde dos concellos. Con respecto á súa cronoloxía di que "la major part daten dels segles XIV y XV", supoñendo tamén que poda tratarse de obras que substitúen a outras anteriores.[225]

[222] Font i Sagué, Norbert. *Datos para la història de les creus de Catalunya*. Barcelona: Imprenpta á Carrech de Fidel Giro, 1894.
[223] Idem, páxs. 26-28
[224] Idem., páxs. 64-65.
[225] Idem, páx. 76.

De Gudiol i Cunill é "*Les creus monumentals de Catalunya*, obra editada en Barcelona no ano 1919 polo *Centro Excursionista de Catalunya*. Nesta publicación, de 38 páxinas de texto e na que figuran 74 láminas, recóllense un bo número de cruceiros, lamentablemente hoxe desaparecidos. Este autor cita documentación dos anos 978, 1.022, 1.035, 1.045, 1.063, 1.089, 1.10, etc. nas que xa se fala das cruces de término, referencias que se perden dende o ano 1.211.

Un inventario das cruces existentes el algúns dos arquivos fotográficos existentes en Catalunya é o que podemos atopar en "*Les creus al vent*", de Albert Bastardes i Parera.[226] Nesta obra, o seu autor non realiza ningún estudo etnográfico, arqueolóxico, histórico ou crítico dos cruceiros cataláns, senón que se limita a un pé de foto debaixo de cada imaxe co nome do lugar no que se atopa a cruz de pedra e o ano en que foi feita a fotografía. A pesar desta parquedade informativa intencionada, este libro ten un enorme valor documental, xa que nos amosa un material gráfico moi importante e de notable interese que nos permite coñecer unha boa parte das cruces de término de Catalunya, moitas delas desaparecidas durante a guerra civil de 1936.

Neste inventario figuran 407 elementos e toma como base o traballo desenvolto polo *Centro Excursionista de Catalunya* que, no ano 1919, xa tiña catalogadas 125 cruces. Na súa introdución, Albert Bastardes realiza diversas reflexións sobre estes monumentos e, en relación coa súa antigüidade, cita a J. Gudiol i Cunil que, no seu libro *Les creus monumentals de Catalunya*, cita documentación dos anos 978, 1.022, 1.035, 1.045, 1.063, 1.089, 1.10, etc. nas que xa se fala das cruces de término, referencias que se perden dende o ano 1.211.

Unha boa parte das cruces de término ou monumentais recollidas neste traballo son de estilo gótico, pero tamén as hai renacentistas, barrocas e modernistas, se ben algunhas das pertencentes a estes períodos manteñen formas oxivais. Albert Bastardes coida que as máis antigas son a Creu de Pedra de Castellort, no antigo camiño real de Berga a Sant Llorenç de Morunys e a cruz de Sant Martí de la Corriu (as dúas no Museu del Patronat de la Vall de Lord) das que só se conservan uns fragmentos, xa que foron destruídas en 1936. Aínda que o seu estado de conservación non é moi satisfactorio, os brazos rectilíneos e da longa túnica de Cristo poden inducir a pensar se estamos diante de obras románicas, precedentes dos cruceiros góticos. Na nosa opinión, a falta de estudos sobre estes dous exemplares deixa unha porta aberta a unha investigación de importantes consecuencias sobre a orixe dos cruceiros. Neste senso, convén citar aquí a Creu Verda de Montblanc ou de *les Virtuts*, datada no século XII e que se atopa no Santuario de la Serra, a *creu de terme del Coll de Begues ou de Can Grau*, situada na encrucillada do camiño real de Barcelona a Villafranca, construída no ano 1312 e que pasa por

[226] Bastardes i Parera, Albert. *Les creus al vent*. Barcelona: Editorial Millá, 1983.

ser unha das máis importantes dos Países Catalans por das máis antigas das que están datadas. Outro caso notable son os restos dunha cruz de término (coa efixie de Cristo no anverso e da Virxe con Neno no reverso) que se atopan no Mosteiro de Refet, considerados como unha obra de transición do románico ao gótico (S. XII-XIII).

Volvendo co libro de Albert Bastardes, e con respecto á antigüidade das cruces de término, este autor cita a Duran i Sampere, quen ao referirse á cruz de San Martí de Provençals dí que xa existía no ano 1344, se ben a actual foi reconstruída en 1589. Tamén, nun inventario de ano 1364, se cita a *Creu Coberta de la Selva del Camp*, polo que se supón que debe tratarse dunha obra realizada con anterioridade a esta data.

Todos estes exemplos son indicativos de que os cruceiros, considerados tradicionalmente como unha creación gótica, poderían ter precedente no románico, se ben a súa consolidación e difusión tería lugar no período oxival.

Aragón

Polo que respecta a Aragón, lamentablemente non hai ningún traballo sobre os cruceiros existentes nesta comunidade, que destaca por un rico patrimonio de *peirones* ou *pairones*, construción que, en certa medida, é moi semellante en canto a súa función, aos cruceiros. Este tipo de monumentos si que están ben estudados, atopándose publicados varios inventarios, entre os que podemos destacar o de Rafael Margalé Herrero e Álvaro Margalé Alzórriz "*Los peirones en las comarcas del Jiloca y Campo de Daroca*", obra editada no ano 2002 polo Centro de Estudios del Jiloca. Aínda que centrada nos peiróns, non obstante nesta obra se citan catro cruceiros (de dous só se conserva a plataforma) e deles chamou a nosa atención o denominado El Peirón, situado no pobo de Calamocha. Deste cruceiro se di que "*mantiene el recuerdo del primitivo peirón, construído a expensas del matrimonio formado por Juana Polo y Gil Cubero a principios del siglo XVI, acusados por los vecinos de ser judíos conversos, motivo por el cual levantaron esta cruz en un gesto de renegar de la religión de sus antepasados ante las acusaciones vertidas*."[227]

Ao cruceiro situado en Romanos, nunha bifurcación de dous vellos camiños, acudíase cada 3 de maio, festa da Santa Cruz, para facer a bendición dos campos, tradición perdida non hai moito tempo nesta zona, pero que aínda a atopamos en lugares da provincia de Soria.

Nun artigo de Rafael Margalé Herrero titulado "El patrimonio olvidado. Peirones y cruces de Aragón", publicado en xuño de 2002 na revista Trébede, podemos ler que "*el crucero o cruz*

[227] Margalé Herrero, R. e Margalé Alzórriz, A. *Los peirones en las comarcas del Jiloca y Campo de Daroca*. Centro de Estudios del Jiloca, 2002. Páx. 38.

de término lo podemos encontrar más extendido en la provincia de Huesca, Cinco Villas y el Bajo Aragón, y en ejemplares sueltos en el resto de las comarcas de Teruel y Zaragoza. Lo localizamos situado en el centro de la villa o en cualquiera de sus salidas y en encrucijadas de camimos, siempre cercano a un núcleo habitado (es una rareza encontrarlos en parajes apartados de la urbe)." [228] Para este autor o cruceiro "*formó parte de la exposición pública de los reos, supliendo la labor que en otras regiones correspondía a la picota, con la cual es confundida no pocas veces*".

En canto a súa estrutura, o cruceiro aragonés consta dun "*largo fuste de sección circular, cuadrada, hexagonal u octogonal que se elevaba sobre un plinto, base o zócalo; una grada de planta cuadrada o circular con uno o varios escalones; y era rematado por una cruz, anverso con crucifijo y reverso con la Piedad o Quinta Angustia (excepcionalmente un escudo, el Cordero u otra representación religiosa), sobre un capitel de iguales lados que el fuste y normalmente decorado con arquillos y figuras.*"

Outras comunidades

As comunidades que acabamos de ver son as que posúen ou tiveron un bo número de cruceiros, ademais de contar con traballos de investigación ou inventarios sobre este tipo de monumentos. De outras zonas, como poden ser Castela-A Mancha, Andalucía, Estremadura, etc. non temos referencias de estudos sobre os cruceiros existentes na súa xeografía, se ben temos coñecemento persoal de interesantes exemplares. En Sevilla, por exemplo, localizamos o calvario da Plaza das Cruces, conxunto neoclásico e único nesta cidade.

Un caso notabilísimo o constitúe a cruz de Albacete, único resto conservado (atópase no Museo desta localidade) do que foi unha cruz de término do último terzo do século XV. Rea-





[228] Margalé Herrero, R. "El patrimonio olvidado. Peirones y cruces de Aragón", en *Trébede*, xuño de 2002.

lizada en pedra calcaria, trátase dunha peza de estilo gótico tardía cun profuso repertorio iconográfico na macolla, de base octogonal, no que aparecen san Cristóbal, san Xurso, san Antón e Santiago, o que nos permite, como no caso do prigo de Catí, asociar este antigo cruceiro coa ruta xacobea. No anverso aparece a figura de Cristo crucificado, de tres cravos, coas imaxes de san Xoán e a Virxe aos lados e, coroando o conxunto, un pelícano como símbolo eucarístico. No reverso, a Virxe coroada co Neno en brazos. Aos seus pés, un anxo de xeonllos e portando unha filacteria e flanqueado por santa Bárbara e santa Catalina.

Asturias é unha comunidade que non destaca (non obstante hai algúns exemplares interesantes) por ter unha abundancia de cruceiros, sendo os estudos sobre estas manifestacións da arte e a relixiosidade popular practicamente inexistentes.

En base ao que levamos visto, podemos concluír que, a grandes liñas, a presenza de cruceiros é un fenómeno máis propio da zona norte e este do Estado Español.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Capítulo VI
Os cruceiros da Terra Chá

Relación numérica dos cruceiros chairegos

No eido etnográfico, un dos aspectos que máis chama a atención da Terra Chá é o seu elevado número de cruceiros, 437 en total, cifra da que excluímos aqueles que se atopan no interior de propiedades privadas, todos eles co denominador común de ser obras relativamente recentes e cunha función máis ornamental que devocional, aínda que fixemos algunhas notables excepcións xa fora pola súa antigüidade e mérito artístico ou pola súa proxección cara o exterior. Tamén deixamos fóra deste traballo as cruces e cristos existentes nesta comarca, xa que o seu estudo, debido ao excesivo número, excedería os obxectivos fixados. Non obstante, queremos deixar sentado dende o principio que as cruces e cristos son os cruceiros dos probes, xa que o seu custo era moito menor que os monumentos que nos ocupan.

Ademais do seu elevado número, os cruceiros chairegos destacan tamén pola súa gran variedade tipolóxica, xa que se poden atopar cruceiros semellantes, pero non dous iguais a pesar de ser obra dun mesmo artífice, así como tamén polo valor artístico de non poucos exemplares, a pesar de tratarse de obras realizadas por canteiros sen apenas coñecementos de arte.

En canto á súa distribución, amosamos as seguintes táboas que recollen a súa repartición por concellos e por parroquias da comarca chairega, sendo de destacar o feito de que son escasas as parroquias desta zona que non contan, cando menos, cun cruceiro.

Concello	*Nº de cruceiros*
Castro de Rei	28
Guitiriz	40
Begonte	15
Cospeito	35
A Pastoriza	23
Xermade	57
Abadín	55
Muras	21
Vilalba	163

Castro de Rei

No concello de Castro de Rei atopamos 28 cruceiros, distribuídos do seguinte xeito:

Parroquia	*Nº de cruceiros*
Ansemar	2
Bazar	3
Bendia	1
Castro de Rei	2
Coea	1
Ludrio	2
Mondriz	1
Mos	1
Orizón	1
Outeiro	7
Pacios	2
Riberas de Lea	3
Triabá	1
Sta. Locaia	1

Como se pode comprobar, Outeiro é a parroquia onde se localiza o maior número de cruceiros, un total de sete, seguida de Riberas de Lea e Bazar, con tres cada unha. Ansemar, Castro de Rei, Ludrio e Pacios rexistran dous, mentres que Bendia, Coea, Mondríz, Mos, Orizón, Triabá e Sta. Locaia só teñen un. Quedan fóra desta relación as parroquias de Azúmara, Balmonte, Duancos, Duarría, Dumpín, Goberno, Loentia, Prevesos, Quintela, Ramil, Mos, Orizón, Sta. Locaia e Viladonga, nas que non atopamos ningún cruceiro.

Guitiriz

No concello de Guitiriz atopamos 40 cruceiros distribuídos do seguinte xeito:

Parroquia	*Nº de cruceiros*
Becín	1
Buríz	4
Labrada	8
Lagostelle, Sta. Mariña	1
Lagostelle, S. Xoán	3
Mariz	2
Negradas	1
Parga, S. Breixo	1
Parga, S. Estevo	2
Parga, Sta. Locaia	1
Parga, S. Salvador	3
Pígara	3
Roca	1
Trasparga	1
Vilar	2
Os Vilares	6

Como se pode comprobar, Labrada é a parroquia na que se localiza o maior número de cruceiros, oito en total, seguida de Os Vilares con seis, Buriz con catro e San Xoán de Lagostelle, San Salvador de Parga e Pígara con tres. Dous exemplares presentan as parroquias de Maríz, San Estevo de Parga e O Vilar, mentres que Becín, Sta. Mariña de Lagostelle, As Negradas, San Breixo de Parga, Sta. Locaia de Parga, Roca e Trasparga só teñen un. Significativo resulta o feito de que San Mamede de Pedrafita e Sta. Cruz de Parga sexan as únicas parroquias, das 18 con que conta este concello, nas que non se conserva ningún cruceiro.

Begonte

No concello de Begonte atopamos 15 cruceiros e un calvario, distribuídos do seguinte xeito:

Parroquia	*Cruceiros*	*Calvarios*
Baamonde		1
Baldomar	1	
Bóveda	1	
Castro, O	1	
Cerdeiras	1	
Damil	1	
Donalbai	2	
Felmil	1 (¿)	
Gaibor	3	
Saavedra	1	
Trobo	2	

Como se pode comprobar, Gaibor é a parroquia na que se localiza o maior número de cruceiros, tres en total, seguida de Donalbai, Trobo e Felmil (¿) con dous. Pola contra, parroquias como Pacios, Illán, Virís, Pena (San Vicente), Carral, Pena (Santalla) e Uriz non rexistran ningunha manifestación de esta arte popular.

Cospeito

No concello de Cospeito atopamos 35 cruceiros distribuídos do seguinte xeito:

Parroquia	*Nº de Cruceiros*
Arcillá	1
Bexán	1
Cospeito	1
Goá	4
Lamas	1
Momán	1
Muimenta	3
Pino	1
Rioaveso	1
Roás	2
Sta. Cristina	2
Seixas	1
Sisoi	2
Sistallo	4
Támoga	1
Vilapene	1
Xermar	5
Xustás	3

Tal como podemos ver, Xermar é a parroquia na que se localizan un maior número de cruceiros (cinco en total), seguida de Goá e Sistallo (catro en cada unha). Con tres temos a Muimenta e Xustás e con dúas Roás, Sta. Cristina e Sisoi, mentres que Arcillá, Bexán, Cospeito, Lamas, Momán, Pino, Rioaveso, Seixas, Támoga e Vilapene só teñen un. Pola contra, parroquias como Vilar e Bestar carecen destas manifestacións desta arte popular.

A Pastoriza

No concello da Pastoriza atopamos 23 cruceiros, distribuídos do seguinte xeito:

Parroquia	***Nº de Cruceiros***
A Aguarda	1
Bretoña	1
Cadavedo	1
Corvelle	1
Fonmiñá	1
Lagoa	3
A Pastoriza	2
Pousada	3
Santiago de Reigosa	2
S. Vicente de Reigosa	5
Vián	3

Como se pode comprobar, é a parroquia de San Vicente de Reigosa a que presenta un maior número de cruceiros, cinco en total, seguida das de Lagoa, Pousada e Vián, con tres en cada unha. Dous rexistran a de Santiago e da Pastoriza, mentres que a Bretoña, A Aguarda, Cadavedo, Corvelle e Fonmiñá só teñen un. Carecen destas manifestacións da arte popular as parroquias de Álvare, Baltar, Crecente, Gueimonde, Loboso, Saldanxe, San Cosme de Piñeiro e Úbeda.

Xermade

No concello de Xermade atopamos 57 cruceiros, distribuídos do seguinte xeito:

Parroquia	*Nº de Cruceiros*
Burgás	9
Cabreiros	8
Candamil	6
Cazás	10
Lousada	5
Miraz	1
Monán	4
Piñeiro	4
Roupar	6
Xermade	4

Como se pode comprobar, é a parroquia de Cazás a que presenta un maior número de cruceiros, dez en total, seguida de Burgás con nove e Cabreiros con oito. Candamil e Roupar teñen seis, con cinco aparece Lousada, mentres que Monán, Piñeiro e Xermade rexistran catro. En último lugar figura Miraz, parroquia no que só atopamos un cruceiro.

Tomando como referencia este cadro, temos que salientar que non hai ningunha parroquia en Xermade que non posúa algunha destas manifestacións da arte popular, sendo este concello un dos máis ricos en cruceiros da Terra Chá.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Abadín

En Abadín rexistramos 55 cruceiros, distribuídos por parroquias do seguinte xeito:

Parroquia	*Nº de Cruceiros*
Abadín	2
Abeledo	4
Aldixe	2
Baroncelle	3
Cabaneiro	2
Candia	1
Castromaior	2
Corvite	2
Fanoi	5
Fraiás	1
Galgao	1
Goás (As)	1
Graña (A)	5
Labrada	4
Moncelos	5
Montouto	5
Quende	2
Romariz	4
Vilarente	4

Como se pode comprobar, son as parroquias de Fanoi, A Graña, Moncelos e Montouto as que presentan un maior número de cruceiros, cinco en total, seguidas de Abeledo, Labrada, Romariz e Vilarente, que teñen catro cada unha. Baroncelle conta con tres, mentres que Abadín, Aldixe, Cabaneiro, Castromaior, Corvite e Quende rexistran dous, e Candia, Fraiás, Galgao e Goás un. Cómpre subliñar que non hai parroquia en Abadín que non posúa un cruceiro, sendo o terceiro chairego, por detrás de Vilalba e Xermade, máis rico neste tipo de manifestacións da arte relixiosa popular.

Muras

En Muras rexistramos 21 cruceiros, distribuídos por parroquias do seguinte xeito:

Parroquia	*Nº de Cruceiros*
A Balsa	1
Burgo	1
Irixoa	3
Muras	11
Silán	1
O Viveiró	4

Como se pode comprobar, a parroquia de Muras é que presenta un maior número de cruceiros, once en total, se ben dalgún só se conserva a plataforma. Séguelle O Viveiró con catro e Irixoa con tres. Un só exemplo destas construcións populares o posúen as parroquias de A Balsa, Burgo e Silán, mentres que a de Ambosores e O Sixto non rexistran ningún.

Vilalba

No concello de Vilalba atopamos 163 cruceiros, distribuídos do seguinte xeito:

Parroquia	***Nº de Cruceiros***
Alba	1
Árbol	13
Belesar	12
Boizán	2
Carballido	2
Codesido	11
Corvelle	5
Costa, San Simón	14
Distriz	3
Goiriz	15
Gondaísque	2
Insua	2
Ladra	2
Lanzós, San Martiño e San Salvador	6
Mourence	5
Nete	2
Noche	1
Oleiros	2
Román	18
Samarugo	5
Sancovade	7
Santaballa	12
Soexo	1
Tardade	5
Torre	2
Vilalba	9
Vilapedre	2
Xoibán	2

Cómpre sinalar que Vilalba é o concello da Terra Chá que presenta un maior número de cruceiros. Non é doado determinar as causas da proliferación destas manifestacións da devoción popular neste municipio, pero a existencia dun levado número de parroquias e o ser *Os Carboeira* (dinastía de canteiros) oriúndos deste concello, son razóns que, quizais, contribúan a dar unha explicación a este feito.

Son as parroquias de Román, Goiriz, San Simón da Costa, Árbol, Belesar e Santaballa onde atopamos máis cruceiros. Delas destaca especialmente a de Román, berce dos citados Carboeira, con 18 cruceiros, seguida de Goiriz con 15. Pola contra, Alba, Noche e Soexo só rexistran un cruceiro en cada unha delas, sen que tampouco sexa doado explicar este reducido número en comparación coas anteriormente citadas.

Elementos dos cruceiros chairegos

Baseamento

1. Plataforma

Di Castelao no seu libro *As cruces de pedra na Galiza* que o baseamento dos cruceiros está formada por dous elementos: a plataforma, composta por "*varios degraos de cantaría que forman unha pirámide cuadrangular truncada*" e o pedestal, soporte no que se asenta o fuste, varal ou mastro.[229]

Se ben podemos atopar exemplos[230] que carecen dela, a maioría dos cruceiros chairegos levántanse sobre unha plataforma cun número variable de chanzos. O máis frecuente é que sexan tres, pero hainos tamén dun, dous e catro e incluso de cinco, tal como a podemos ver no cruceiro da igrexa de San Simón da Costa. Todas elas de planta cuadrangular[231], os seus banzos están realizados en xisto ou granito, materiais tradicionais aos que lles hai que engadir outros novos como poden ser o formigón (presente no cruceiro da Penela de Graña-Abadín) ou de cachotería lucida con cemento. Son tamén frecuentes os casos de plataformas mixtas, nas que existen chanzos de xisto e de granito. Normalmente o primeiro é o que se reserva para as gradas inferiores, realizándose en cantaría as superiores. Como excepción podemos citar o cruceiro da Capela da Ascensión de Tardade-Vilalba, pois é o único que coñecemos que ten o chanzo máis próximo á base feito de cachotería. Ás veces esta mestura de materiais é máis acusada, reservándose o granito só para a pegada, tal como podemos observar no cruceiro do adro da igrexa de Xoibán e no do paseo fluvial, os dous no concello de Vilalba.

Hai cruceiros que, para salvar o desnivel do terreo no que se asentan, presentan unha maior altura da plataforma dun lado que do outro, o que implica tamén unha variación no número de chanzos.

[229] Rodríguez Castelao, Alfonso. *As cruces de pedra na Galiza*. Madrid: Akal, 1975 (Ed. Facsímile) páx. 130.
[230] Tal é o caso do cruceiro da escola de Gontán (Abadín), do cruceiro do Pazo (S. Xoán de Lagostelle-Guitiriz), do cruceiro do Parador (Vilalba), etc.
[231] No cruceiro do cemiterio de Vilalba a plataforma é de planta circular, mentres que a de Antonio Puente (Abadín) é hexagonal polo rebaixe das arestas.

Os chanzos son de aresta viva, se ben non faltan exemplos de banzos co bordo redondeado (cruceiro da Roxoa en Castromaior-Abadín, do Campo da Feira en Castro Ribeiras de Lea-Castro de Rei, etc.).

Como caso curioso podemos citar o cruceiro de Freán (Vilalba) no que o último chanzo vai tomando unha forma troncocónica para adaptarse mellor á base granítica que soporta.

Nalgúns casos, a ausencia da plataforma ben dada pola situación do cruceiro, ao atoparse este situado enriba dun penedo (cruceiro da Pena de Lliboi-Guitiriz, de Sergio de Maneche-A Pastoriza, da capela da Pedrosa-Vilalba, etc.) ou dun valado (cruceiro de Vilamel-Castro de Rei, das Reixas-Guitiriz, da igrexa de Sistallo-Cospeito, etc.) o que xa lle proporciona un certo realce.

Como característica xeral de todas as plataformas dos cruceiros chairegos destacaremos a ausencia total de ornamentación, pois se trata de estruturas que teñen como función primordial a de realzar e servirlle de baseamento ao cruceiro proporcionándolle unha maior altura. A excepción constitúea o cruceiro de Antonio Puente en Abadín, que ten algún dos lados do único chanzo que integra a súa plataforma decorado con cruces.





Plinto

Son abundantes os cruceiros na Terra Chá que en vez de estar levantados sobre unha plataforma de gradas o están sobre un plinto[232], realizado por regra xeral en cachotería. Con esta característica están os cruceiros do Carregal, da igrexa de Quende, das Veiguiñas (todos eles en Abadín), o de Teixeiro (A Pastoriza) e do Neto (Vilalba) por citar só algúns exemplos. Estes plintos son todos de planta cuadrangular, sendo os de forma circular, como o situado diante da Casa de Moncho da Carboeira (Román-Vilalba) ou do Porto Segundo (Sancovade-Vilalba) moi escasos, tratándose en moitos casos de obras de recente construción. É frecuente que estean rematados nun corpo voado, case sempre de granito, en ocasións cos bordos biselados ou moldurados.

[232] Hai casos de plintos levantados sobre un ou dous chanzos, como o do cruceiro de Teixeiro (S. Vicente de Reigosa-A Pastoriza).

Existen tamén plintos de granito con amplas molduras que, ás veces, non é doado distinguir das bases. Normalmente están sobre unha plataforma formada por un ou dous chanzos. Como exemplos podemos citar o Cristo Enxoito e o cruceiro da Xunqueira, os dous no concello de Xermade, o da Fírveda e do Mallo en Guitiriz, etc. A súa diferenza cos plintos de cachotería radica fundamentalmente no material (son de granito) e nas amplas e variadas molduras coas que están ornamentados.

Combinacións de plinto e chanzos as podemos ver nos cruceiros nos cruceiros do Carrizal e de Teixeiro (A Pastoriza), do Campo da Feira de Lousada e da Xunqueira (Xermade).

Pousadoiro

Ao pé da plataforma ou integrada nesta, moitos cruceiros presentan unha mesa de pedra denominada pousadoiro que, naquelas construcións dependentes de igrexas e santuarios, é "onde se pousan en altar os santos das procesións para reverencialos e incensalos", mentres nos cruceiros situados en vellas encrucilladas era "*costume pousar os mortos que se levaban a enterrar, entrementres o crego lle bota un responso e os acompañantes recitan o pater noster.*"[233]

Nos cruceiros chairegos non son moi frecuentes estes pousadoiros, pero hai bos exemplos deste elemento tanto exento da plataforma (cruceiros de Trasparga e de Santa Locaia de Parga en Guitiriz, do adro da igrexa en Distriz-Vilalba) como integrado nela (cruceiro do Campo da Feira de Momán-Xermade, da igrexa de San Simón da Costa-Vilalba, etc.) ou nunha situación intermedia: diferenciado da plataforma pero pegado a ela, tal como se pode apreciar no cruceiro do adro da igrexa de Samarugo (Vilalba).

Un pequeno pousadoiro, máis propio para colocar unha imaxe que un cadaleito, atópase no cruceiro do adro da igrexa de Fanoi (Abadín).



[233] Castelao, A. Rodríguez: *As cruces de pedra na Galiza*, páx. 130.

Petos de ánimas

Tamén podemos citar como característica dos cruceiros da Terra Chá a ausencia de retablos de ánimas, cos seus correspondentes petos, tan abundantes en moitos cruceiros da zona sur de Galicia.

Síntese das plataformas dos cruceiros chairegos por concellos

Castro de Rei

Só en tres casos atopamos cruceiros (Cainzada, Vilamel e Ribas de Miño) levantados sobre un plinto, elemento sempre realizado en cachotería. O resto dos cruceiros de Castro de Rei arrincan dun baseamento ou plataforma formada por un número variable de chanzos, se ben o máis frecuente é que sexan dous ou tres, cifra esta última que non se supera en ningún caso. Estes banzos poden ser de cachotería (ás veces revestida de cemento) ou de granito, pero tamén hai casos, como pode ser o Cruceiro do Chairo, no que un dos banzos (sempre o superior) é de granito e os inferiores de cachotería. Tamén hai exemplos de plataformas de formigón, tal como acontece nos cruceiros do Antón, de Anxo Lamas e de Sergio, ou incluso de cachotería de lousa, se ben neste tipo de material só localizamos o de Honesto. Especialmente significativo é a plataforma do cruceiro do Campo da Feira, no que a contrapegada non é recta como é o habitual, senón que presenta un entrante.

O alzado destes baseamentos é sempre cuadrangular, agás no caso do Cruceiro do Pozo en que a plataforma é circular ao estar formada por dous corpos cilíndricos.

Curiosos resultan os cruceiros da Plazuela e de Vilamel por carecer de plataforma ao estar levantados enriba dun muro, e o de Luxís, no que o baseamento é un gran penedo.

Guitiriz

A meirande parte dos cruceiros de Guitiriz teñen unha plataforma, sempre de planta cuadrangular, formada por dous chanzos de granito, agás no caso do Cruceiro de Vilargabín no que o baseamento é de cachotería revestida de cemento. O número de chanzos varía de un a tres, se ben o máis frecuentes é que sexan dous.

Hai bastantes exemplos de cruceiros sen plataforma, xa sexa por estar situados enriba dun valado (como os de Rego Pequeño, as Reixas ou do Castelo) ou por levantarse directamente

encima dun penedo (cruceiros do Pazo, Bascuas e Lliboi). Tamén carecen de baseamento os cruceiros situados no interior dunha igrexa ou capela (cruceiros de Mariz ou San Alberte). Fóra destas características está o Cruceiro da Graña, que tampouco presenta plataforma.

Por último, cómpre reseñar que algún cruceiro, como o da igrexa de Vilar, amosan unha estrutura formada por dous corpos paralelepípedos (o superior de menor tamaño) que fai ás veces de plinto, pois por riba del sitúase a base.

Begonte

A maioría dos cruceiros de Begonte presentan unha plataforma formada por dous ou tres chanzos, rexistrándose un caso (cruceiro de Damil) carente de baseamento. Máis espectacular resulta a plataforma do cruceiro central do Calvario de Baamonde, integrada por catro chanzos co bordo das pegadas superiores resaltado. Tamén de catro é a do Cruceiro de Saavedra, coa característica de que o inferior é de xisto e os superiores de granito.

Case todos os baseamentos son de granito, agás os dos cruceiros de Bocacarreira e de Muíño Novo, co chanzo inferior de cachotería revestida de cemento, así como tamén o de San Martiño de Arriba (Trobo) realizado en cachotería sen enlucir.

Cómpre salientar que en todos os casos a planta destas plataformas é cuadrangular.

Cospeito

A maioría dos cruceiros de Cospeito presentan unha plataforma formada por tres chanzos, se ben tamén son frecuentes os baseamentos de dous. Dunha soa grada hai cinco casos, pero de catro só atopamos tres exemplos: os cruceiros da Xoca, do Eirixado e de Reximil. Trátase das plataformas máis rechamantes de todo o concello xa que, ademais, están realizadas con bloques de granito, agás o do Eirixado, que ten tres chanzos de granito e un de cachotería.

No resto, predominan as de cachotería, sobre todo nas formadas por dous e tres chanzos, sendo maioritarias as de granito nos cruceiros dunha soa grada.

Ás veces, como xa vimos no cruceiro do Eirixado, hai unha mestura de materiais, sendo frecuentes as plataformas formadas por dous chanzos de granito e outro de cachotería, tal como acontece no da igrexa de Muimenta. Cachotería revestida de cemento é outra solución que podemos ver nos cruceiros das Carballas e da Granda, sendo máis escasos os cruceiros sen plataforma (cruceiro dos Muíños), sobre un valado (cruceiro da igrexa de Sistallo) ou sobre un plinto (cruceiro de Lamas).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por último, cómpre dicir que todas as plataformas dos cruceiros de Cospeito teñen unha planta cuadrangular.

A Pastoriza

A maioría dos cruceiros da Pastoriza, oito en total, presenta unha plataforma integrada por tres chanzos de cachotería. Do mesmo material é o da Veiga do Crego, o único deste concello cun baseamento de catro gradas.

Os chanzos de granito só os atopamos en tres cruceiros, todos eles de recente feitura: o da Praza de Bretoña, con tres, o do Campo da Festa de Pousada e o do Venanciño, estes últimos con dous.

Todas estas plataformas son de planta cuadrangular, agás a do Cruceiro do Caxigo que a ten circular ao estar formada por unha roda de muíño.

Combinacións de plinto e chanzos podemos velas nos cruceiros de Teixeiro e do Carrizal. No primeiro o plinto érguese sobre dúas gradas, mentres que no segundo o chanzo levántase sobre un plinto.

Por último, cómpre reseñar que o Cruceiro do Fiouco carece de plataforma ao estar resgardado baixo unha construción con cuberta a dúas augas. Tamén hai unha ausencia de gradas no de Sergio de Maneche, pois o baseamento o constitúe unha gran pedra de forma irregular.

Xermade

A maioría dos cruceiros de Xermade, once en total, presentan unha plataforma composta por tres chanzos de granito. Do mesmo material, pero con dúas gradas, atopamos nove e, con unha, cinco. A cachotería de seixo é menos empregada para o baseamento, se ben en moitos casos este tipo de pedra aparece recuberto de cemento ou revestido, tal como podemos velo nos cruceiros do adro da igrexa de Roupar ou no das Barreiras.

Outros cruceiros presentan un baseamento mixto, é dicir, con gradas de cachotería (que sempre son as inferiores) e de granito. Un exemplo témolo nos cruceiros da Touza, do Castellano, da Casavella (Burgás), etc. Hainos tamén que ofrecen unha combinación de chanzos cun plinto (Campo da Feira de Lousada e de Xunqueira), que só teñen plinto (Pedra do Val e do Cemiterio de Lousada) ou que carecen de plataforma (As Currás de Candamil ou do Cemiterio de Cazás).

Xa dixemos que a maioría dos cruceiros deste concello presentan un baseamento composto por tres gradas, pero hainos tamén de unha e dúas. De catro só atopamos dous: o do Pichel,

con tres de cachotería e unha calcaria, e o do Campo de Roupar, con un chanzo inferior de cemento e os tres superiores de cachotería, todos eles de recente feitura.

Por último, cómpre chamar a atención da plataforma do Cristo Enxoito, composta por un chanzo revestido e un plinto monolítico, moldurado en caveto ou nacela invertida, e rematado nun beiril de forma paralelepípeda.

Abadín

As plataformas máis frecuentes nos cruceiros de Abadín son aquelas que están formadas por un, dous e tres chanzos de cachotería, en algún caso con pegada de granito. Son tamén abundantes os de tipo mixto, é dicir, aqueles que teñen chanzos de cachotería e de granito, reservándose sempre o segundo para os superiores.

O cruceiro que presenta un maior número de chanzos é o da Veiga da Ponte, que ten catro, o inferior de cachotería e os tres seguintes de granito. Con tres chanzos temos os cruceiros do Pereiro, da Pedrosa, do Pazo da Cernada II e o da Roxoa, coa particularidade de que neste último dous deles teñen o bordo resaltado cun bocel.

Con plataforma de formigón podemos ver os cruceiros de Vilar e da Penela, mentres que o do cemiterio de Aldixe e o da escola de Gontán carecen deste elemento. Outro tanto podemos dicir do cruceiro de Prim, levantado sobre un valado, e dos que contan cun plinto de cachotería, tal como sucede no de Espiño do Cal, do Campo da Igrexa (Fanoi), do Paxariño, do Valado, do Carregal, da Evarista e de Vilar Grande, se ben o plinto deste último é de formigón. Cómpre destacar que o cruceiro de Currás conta con dous plintos, caso non moi frecuente neste tipo de construcións da Terra Chá.

Por último, hai que dicir que todas as plataformas, independentemente do seu número de banzos, son de planta cuadrangular, agás a do cruceiro de Antonio Puente que é hexagonal.

Muras

As plataformas máis frecuentes nos cruceiros de Muras son aquelas que están formadas por un ou dous chanzos de cachotería. Tamén de cachotería, pero lucida de cemento, é a plataforma do cruceiro do Parque (Muras). Só atopamos catro cruceiros con plataformas de granito, das que tres están formadas por dous chanzos (cruceiros da Volta, do adro da igrexa do Viveiró e da Casavella) e un por tres (cruceiro do Xuncal). Non faltan tampouco exemplos, como pode

ser o caso do cruceiro da ermida de San Antón, que a plataforma é mixta, é dicir, formada por chanzos de cachotería (sempre o inferiores) e de granito (o superior).

Outros cruceiros, como poden ser o da Fonte de Outeiro (Burgo) e o do Vilar (Muras) levántanse sobre un plinto.

Por último, chama a atención a abundancia de cruceiros (Samil, Pedreira, igrexa de Silán, Corredoira e do Campo da Cruz) que carecen de plataforma, asentándose a base directamente sobre o chan.

Hai que dicir que todas as plataformas deste concello son de planta cuadrangular.

Vilalba

As plataformas máis frecuentes nos cruceiros de Vilalba son aquelas que están formadas por dous e tres chanzos. Máis escasas son as de catro, mentres que de cinco só atopamos o cruceiro da igrexa de San Simón da Costa. Poden ser de granito, a maioría, de cachotería, que poden estar lucidas de cemento, ou mixtas, nas que normalmente os banzos inferiores son de cachotería e os superiores de granito (agás no caso do cruceiro da capela da Ascensión en Tardade). Tamén atopamos exemplos de plataformas realizadas con formigón (cruceiro da Lama ou do Fulgencio, de Broe, etc.) ou feitas de ladrillo e enlucidas con cemento (cruceiro do campo da festa de Goiriz).

Os chanzos das plataformas do primeiro grupo son de aresta viva, agás nos casos dos cruceiros do cemiterio de Árbol, da Carboeira, da igrexa de Mourence e de Veigalonga, que presentan a pegada voada e co bordo redondeado.

No caso das plataformas de cachotería o máis frecuente é que estean á vista, pero tamén hai casos nos que este material aparece revestido de cemento. Chama a atención o caso do cruceiro dos Freires ou do paseo fluvial, no que os chanzos son de cachotería pero a pegada é de granito. Resulta tamén curiosa a plataforma do cruceiro de Freán, no que o último banzo adquire toma unha forma troncocónica para adaptarse mellor á base que sustenta.

As plataformas menos abundantes son as mixtas, nas que podemos observar gradas de cachotería, que son normalmente as inferiores, e de granito. Sae desta norma o xa citado cruceiro da capela da Ascensión en Tardade, na que as gradas inferiores son de granito e a superior de cachotería. Chaman tamén a atención as gradas do cruceiro de Veigalonga en Nete, no que a grada inferior é de cachotería e as tres superiores son de granito pero coa pegada voada e o bordo redondeado.

En canto á forma das plataformas temos que constatar que practicamente na súa totalidade son de planta cuadrangular, agás nos casos dos cruceiros do restaurante Helvetia, do Manuel da Carboeira e de Porto Segundo que son circulares.

Cómpre destacar que no concello de Vilalba existe un gran número de cruceiros sen plataforma, nos que a base se asenta directamente sobre o chan ou sobre un penedo. Noutros casos a plataforma é substituída por un plinto, que pode ser de granito ou de cachotería. Na maioría dos cruceiros trátase dun corpo con forma de prisma recto, pero no caso do cruceiro do Moncho da Carboeira é de forma cilíndrica.

2. Base

Aínda que na Terra Chá podemos atopar cruceiros coa base asentada directamente sobre o chan, o normal é que esta peza vaia sobre unha plataforma cun número variable de chanzos. A base, tamén denominada calvario ou pedestal, é o elemento no que se suxeita o fuste ou varal do cruceiro. Por iso contan na súa parte superior cun burato ou caixeado cuadrangular no que se mete o mastro, asentándoo despois con cuñas de ferro para que quede ben dereito e aplicándolle despois unha argamasa (recentemente con cemento) ou chumbo derretido para tapar todo e que non se note a unión. José Andrés Castro Castaño e Estanislao Fdez de la Cigoña din no seu libro *Vidas labradas en pedra. Os Santeiros de Chave-Lousame*,[234] que para o axuste das diferentes pezas en algúns dos cruceiros desta zona empregábase xofre derretido, que unha vez seco se convertía nun forte adhesivo, mentres que noutros o pegado se facía con area mesturada con cera, técnicas das que non temos constancia da súa utilización na Terra Chá.

As bases dos cruceiros chairegos teñen como denominador común o ser monolíticas, é dicir, están realizadas nun só bloque de pedra. Practicamente na súa totalidade son de granito e, como constitúen a parte do cruceiro que ofrece unha maior superficie lisa, son o lugar no que se sitúan preferentemente a maioría das inscricións ou epígrafes. Se ben os seus tamaños son moi semellantes, pola contra as súas formas son moi variadas, aínda que predominan as de forma paralelepípeda, frecuentemente coas arestas superiores achafranadas ou biseladas, e as troncopiramidais, case sempre cun tramo recto, separado ou non por unha escocia, na parte inferior. Son tamén abundantes as bases de dous corpos, nas que o inferior é de forma paralelepípeda e o superior está moldurado en talón ou cima reversa. Máis escasas son as circulares, normalmente asociadas a cruceiros de recente construción.

[234] Castro Castaño, José Andrés e Fernández de la Cigoña, Estanislao: *Vidas labradas en pedra*. *Os Santeiros de Chave-Lousame*. Noia: Concello de Lousame, 2001. páx. 51.

Síntese das bases dos cruceiros chairegos por concellos

Castro de Rei

As bases dos cruceiros de Castro de Rei son, na súa meirande parte, monolíticas, realizadas en granito. A súa tipoloxía non é moi variada, rexistrándose 13 tipos diferentes. Predominan dúas: o Modelo 1 (presente nos cruceiros de Curro, Cornide, Campo da Feira, Beloi e Chairo) que consta de dúas partes: a primeira, de forma paralelepípeda, e a segunda, tendente á forma troncopiramidal por unha moldura de talón ou cima reversa invertida, rematando o conxunto un filete ou listel.

O Modelo 2 (que podemos observar nos cruceiros da Cainzada, Pontenova, Vilar de Abaixo e Vilamel) comeza cun tramo recto ao que lle segue un de forma troncopiramidal. Fóra destas características está o Cruceiro de Luxís, que carece de base ao estar situado enriba dun penedo.

Guitiriz

As bases dos cruceiros de Guitiriz son todas monolíticas, realizadas en granito. A súa tipoloxía é moi variada, xa que atopamos 23 tipos diferentes, tal como se pode comprobar no anexo, se ben dous son os predominantes. A primeira, con algunha variación no tamaño, ten forma paralelepípeda e está presente en sete cruceiros; mentres que a segunda, coa mesma forma pero coas arestas superiores achafranadas, atopámola tamén en sete exemplares.

Hai casos, como poden ser os cruceiros do Mallo (I), da Paderna ou da Fírveda, nos que podemos falar dunha dobre base, xa que se observan dous corpos claramente diferenciados e amplamente moldurados.

Begonte

As bases dos cruceiros de Begonte son monolíticas, realizadas todas elas en granito. A súa tipoloxía é moi variada, xa que entre os elementos estudados (15 cruceiros e un calvario) atopamos 10 tipoloxías diferentes, segundo se pode comprobar no anexo correspondente. A predominante é a cúbica ou paralelepípeda coas arestas superiores achafranadas, seguida da típica das construcións dos Carboeiras, aquela formada, fundamentalmente, por dous elementos separados por unha escocia: o inferior recto e o superior de forma troncopiramidal, tal como se pode comprobar, con algunha pequena variante, nos cruceiros xa citados.

Chaman a atención as bases dos cruceiros de Baldomar, de forma semiesférica e non moi frecuente nos cruceiros chairegos, e da igrexa de Donalbai, co tramo inferior recto e o superior curvo, a xeito de acusado baquetón.

Cospeito

Ata 22 tipos diferentes de bases atopamos nos cruceiros deste concello, pero dúas son as dominantes. A primeira é aquela que presenta un tramo recto seguido doutro troncopiramidal, que pode ter as arestas superiores vivas ou redondeadas. A segunda está constituída por dous corpos: o inferior de forma paralelepípeda, mentres que o superior está moldurado, de forma máis ou menos acusada, en gola ou cima recta.

Todas as bases son monolíticas, sendo o granito o único material empregado na súa realización.

A Pastoriza

Nas bases, todas elas monolíticas, dos cruceiros da Pastoriza podemos atopar nove variedades tipolóxicas, ás que hai que engadirlles a dos cristos e cruces. A máis frecuente, con once exemplos, é aquela que presenta un primeiro tramo recto e un segundo troncopiramidal, se ben dentro deste tipo podemos atopar algunha pequena diferenza, como a maior ou menor inclinación das caras ou á presenza dalgún perfil de baquetón nas arestas superiores, tal como acontece no Cruceiro do Venanciño.

Un segundo grupo estaría formado por aqueles cruceiros que teñen unha base de forma troncopiramidal, coa variante entre eles de presentar as arestas superiores vivas ou redondeadas.

Unha vez máis, chama a nosa atención o Cruceiro de Sergio de Maneche pola ausencia de base.

Xermade

Nas bases, todas elas monolíticas, dos cruceiros de Xermade podemos atopar ata 34 variedades tipolóxicas. A máis frecuente, con catorce exemplos, é aquela que presenta un primeiro tramo recto e un segundo troncopiramidal, se ben dentro deste tipo hai importantes diferenzas como poden ser a maior ou menor inclinación das caras, o tamaño das mesmas ou a variación de anchura do tramo recto.

Un segundo grupo estaría integrado por aquelas de forma paralelepípeda, se ben entre elas hai tamén notorias variantes en canto ao seu tamaño, se presentan as arestas superiores redondeadas, achafranadas ou en aresta, etc.

No terceiro grupo figurarían as bases formadas por un primeiro corpo de forma paralelepípeda e un segundo troncopiramidal, separados os dous por unha escocia.

Abadín

Ata 39 tipos de bases podemos atopar nos cruceiros de Abadín. Todas elas son monolíticas, sendo a máis frecuente –con vinte exemplos- a que presenta un primeiro tramo recto e un

segundo de forma troncopiramidal, se ben dentro deste tipo hai importantes diferenzas como poden ser a maior ou menor inclinación das caras, o tamaño das mesmas, a variación de ancho da parte recta e a presenza dunha pequena escocia de separación entre os tramos, tal como acontece no cruceiro da Casa de Carlos de Vilarente.

Un segundo grupo estaría integrado por aquelas bases que contan cun primeiro tramo recto e un segundo moldurado en nacela invertida coas arestas superiores redondeadas. As que teñen forma paralelepípeda, cunha ampla gama de tamaños e formas, conforman o terceiro grupo, sendo as menos frecuentes aquelas bases que constan dun primeiro corpo de forma paralelepípeda e un segundo moldurado en talón ou cima reversa invertida, rematando o conxunto un listel de grosor variable.

Muras

Ata 12 tipos de bases podemos atopar nos cruceiros de Muras. Todas elas son monolíticas, sendo a máis frecuente a que presenta un primeiro tramo recto e un segundo de forma troncopiramidal, se ben dentro deste tipo hai importantes diferenzas como poden ser a maior ou menor inclinación das caras, o tamaño das mesmas, a variación de ancho da parte recta ou a presenza na parte superior dun pequeno corpo coas arestas redondeadas. Un exemplo destas bases as temos nos cruceiros da ermida de San Antón, de Leganitos, do Couto; relación á que tamén podemos engadirlle as dos cruceiros do Vilar, do Alto da Gañidoira.

Un segundo grupo estaría integrado por aquelas bases que contan cun primeiro tramo recto e un segundo troncopiramidal, pero coas arestas superiores de aresta viva, tal como podemos velas no cruceiro da igrexa de Muras, da Pedreira e do Carballal.

Vilalba

Ata 74 tipos de bases podemos atopar nos cruceiros de Vilalba. Todas elas son monolíticas, sendo a máis frecuente a que presenta un primeiro tramo recto e un segundo de forma troncopiramidal, se ben dentro deste tipo hai importantes diferenzas como poden ser a maior ou menor inclinación das caras, o tamaño das mesmas ou a variación de ancho do tramo recto.

As que teñen forma paralelepípeda, cunha ampla gama de tamaños, conforman o segundo grupo, sendo frecuente a existencia de bases deste tipo coas arestas superiores rebaixadas.

As bases circulares son realmente escasas neste concello, onde só atopamos os exemplos dos cruceiros do Inlló, do Pombeiro e das Curuxeiras.

Fuste

O fuste recibe tamén os nomes de varal, vara, mastro, esteo ou columna. Vai encaixado na base ou pedestal, empregándose cuñas de ferro para aseguralo e para que quede ben dereito ou nivelado ou pegado a base de chumbo derretido. Remata nun espigo de sección cuadrangular, oculto á vista, no que se insire o capitel.

Na Terra Chá o tipo de fuste predominante (se ben as súas dimensións, tanto no ancho como no alto, poden variar considerablemente) é o de sección cuadrangular nos extremos, ás veces máis prolongada no imoscapo, e oitavado no tramo central polo biselado das arestas. Este rebaixe pode ser máis ou menos acusado e, no caso do cruceiro do campo da festa de Pousada -A Pastoriza, descontinuo.

A parroquia vilalbesa de Román é onde se localizan o maior número de cruceiros co fuste de aresta viva, é dicir, de sección cuadrangular. Nela están o de Leboreiro, da igrexa, de Xurxo Rouco e do Rouco, mentres que outros deste tipo os podemos ver no adro da igrexa de Xermade, no lugar das Barreiras (Roupar-Xermade) e no campo da festa de Goiriz (Vilalba).

Outro tipo de fuste existente na comarca chairega é o que presenta unha sección octogonal en toda a súa lonxitude, agás na parte inferior ou no pé que é cuadrangular. Como exemplos están o cruceiros centrais dos calvarios da Graña de Buriz e dos Vilares (Guitiríz), así como tamén os do Mallo II e de Saa, os dous na parroquia de Labrada (Guitiriz). Outros cruceiros co fuste hexagonal serían o das Veiguiñas (Moncelos-Abadín) e os situados nas inmediacións das igrexas de Santabaia, San Simón da Costa e Belesar, todos eles no concello de Vilalba, e o da Cerveira (Piñeiro-Xermade), no que o rebaixe da aresta se prolonga ata o capitel. O denominador común de todos estes fustes octogonais é a ausencia de motivos ornamentais.





Fustes cilíndricos os podemos ver nos cruceiros de Valdomar (Begonte), Matodoso (Xustás-Cospeito), fóra do adro (Labrada-Abadín), restaurante Helvetia (Goiriz-Vilalba), Pardiscas (Codesido-Vilalba) e A Seara (S. Simón da Costa-Vilal-

ba). Destacan especialmente o cruceiro central do calvario de Santa Cruz de Parga (Guitiriz) e o da Roxoa (Castromaior-Abadín), os únicos desta comarca que presentan estrías ou acanaladuras.

Síntese dos fustes dos cruceiros chairegos por concellos

Castro de Rei

Aínda que menos estilizado no caso dos cruceiros de Carril e da Plazuela, quizais por ser máis antigos, os fustes dos cruceiros de Castro de Rei son todos moi semellantes, diferenciándose só en pequenos detalles. Trátase de fustes monolíticos, de sección cuadrangular nos extremos e octogonal na parte central polo rebaixe das arestas. Como excepcións a esta norma podemos citar os cruceiros do Pazo, da Praza de Galicia en Castro de Rei e o de Luxís, tamén de sección cuadrangular pero cun rebaixe abuxardado nas súas caras.

Hai tamén fustes de formigón e cemento (os dous de Anxo Lamas, o de Sergio e o da Igrexa de Triabá) ou incluso de lousa, como ocorre no de Honesto.

Guitiriz

Os fustes dos cruceiros de Guitiriz presentan unha estrutura moi semellante entre si. Trátase de fustes monolíticos, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas rebaixadas no resto. Fóra desta norma están o cruceiro central do Calvario da Graña, cunha sección octogonal en toda a súa lonxitude; o Cruceiro do Castelo, cunha sección case circular, e os de Sta. Locaia e Roca, de sección cuadrangular. Hai outros exemplos nos que a parte inferior é cuadrangular, mentres que a superior é octogonal, tal como podemos observar no cruceiro central do Calvario dos Vilares e no de Saa que, como xa indicamos, sospeitamos que son da mesma man, o canteiro Felipe de Saa.

Como característica xeral, que veremos a continuación, podemos destacar a escasa ornamentación existente nos varais dos cruceiros de Guitiriz.

Begonte

Con pequenas diferenzas, case todos os fustes dos cruceiros de Begonte presentan a mesma tipoloxía: monolíticos, de sección cuadrangular nos extremos e octogonal no centro polo rebaixe das arestas. Como excepción podemos citar o Cruceiro de Baldomar, co fuste de forma cilíndrica, único neste concello deste tipo.

Cospeito

Con algunhas pequenas diferenzas entre si, case todos os cruceiros de Cospeito presentan a mesma tipoloxía: monolíticos, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas achafranadas no resto. Como excepción, podemos citar o cruceiro de Matodoso, cun fuste cilíndrico. Trátase dunha obra relativamente recente, de finais dos anos cincuenta do pasado século, e realizada por un autor foráneo á Terra Chá, concretamente da provincia de Pontevedra, xa que este tipo de fuste non é moi frecuente nesta comarca.

A Pastoriza

Os fustes dos cruceiros da Pastoriza son todos eles moi semellantes, diferenciándose só en pequenos detalles. Trátase de fustes monolíticos, de sección cuadrangular nos extremos e octogonais no centro polo rebaixe das arestas. Sae desta norma o cruceiro do Campo da Festa de Pousada, no que o chafrán alterna coa aresta viva.

Xermade

Os fustes dos cruceiros de Xermade son todos eles moi semellantes, diferenciándose só en pequenos detalles, como poden ser o grosor, a altura, etc. Trátase de fustes monolíticos, de sección cuadrangular nos extremos e octogonais no centro polo rebaixe das arestas. Saen desta norma os cruceiros do adro da igrexa de Xermade e o das Barreiras que presentan as arestas vivas en toda a súa lonxitude, sen rebaixes. Tamén o da Cerveira ten unha sección cuadrangular, pero só no seu pé, pois o oitavado do tramo central prolóngase ata o capitel.

Abadín

Os fustes dos cruceiros de Xermade son todos eles moi semellantes, diferenciándose só en pequenos detalles, como poden ser o grosor, a altura, etc. Trátase de fustes monolíticos, de sección cuadrangular nos extremos e octogonais no centro polo rebaixe das arestas. Saen desta norma o cruceiro da Roxoa (Castromaior), que presenta un fuste de sección circular con acanaladuras en toda a súa lonxitude; o de Fóra do Adro (Labrada), tamén de sección circular; o do Paxariño (Fanoi), sen chafrán nas arestas; e o da Veiguiña (Moncelos), cunha sección cuadrangular no pé e octogonal no resto.

Muras

Os fustes dos cruceiros de Muras son todos eles moi semellantes, diferenciándose só en pequenos detalles, como poden ser o grosor, a altura, etc. Trátase de fustes monolíticos, de sección cuadrangular nos extremos e octogonais no centro polo rebaixe das arestas.

Vilalba

A tipoloxía predominante nos fustes dos cruceiros de Vilalba é a monolítica de sección cuadrangular nos extremos (que pode ser máis prolongada no imoscapo) e oitavada no tramo central. Hainos tamén de sección cuadrangular sen rebaixe ou chafrán, é dicir, de aresta viva, tal como o podemos ver nos cruceiros do campo da festa de Goiriz, do Carracedeo, da igrexa de Román, da Casa de Xurxo Rouco, dos Rouco, Leboreiro, etc. Non son moi frecuentes os fustes de sección circular, que só atopamos en catro casos. Máis escasos son aínda os de sección octogonal, presente no cruceiro da igrexa de Santaballa. Unha variante desta tipoloxía atopámola no cruceiro da igrexa de San Simón da Costa, de sección cuadrangular no extremo inferior e octogonal no resto.

Un caso singular o constitúe o cruceiro das Carpaceiras, relativamente recente, que imita o tronco dunha árbore. Tamén resulta curioso pola novidade o fuste estriado do cruceiro do Xusto.

Capitel

O capitel é o elemento que coroa o varal, se ben puidemos atopar cruceiros sen esta parte (cruceiro da Roca en Guitiriz). Segundo Clodio González Pérez[235] "*non é posible facer unha exhaustiva clasificación debido ó grande número de variantes e imitacións dos clásicos*...". Para este autor, entre os cruceiros góticos que son os máis antigos, só se conservan dous capiteis orixinais: o da Praza do Tapal, procedente da Ponte Nafonso, e o do cemiterio de Santa María a Nova, os dous na vila coruñesa de Noia.

Ao igual que os do resto de Galicia, os capiteis dos cruceiros chairegos ofrecen unha gran variedade de formas e tamaños. Hainos troncopiramidais invertidos, cúbicos, esféricos[236], octogonais[237], troncocónicos[238] ou incluso con forma de touro de árbore.[239] Dentro da gran variedade de formas, entre podemos establecer, a grandes liñas, dous grupos fundamentais:

[235] González Pérez, Clodio: *Os cruceiros*. *Cadernos do Museo do Pobo Galego*, nº 12. 2003.
[236] Non son frecuentes os exemplos de capiteis esféricos que só atopamos no cruceiro das Veiguiñas (Moncelos-Abadín) e no das Pardiscas (Codesido-Vilalba).
[237] Véxase o cruceiro da igrexa de Santaballa (Vilalba) obra moderna.
[238] Véxase o cruceiro de Helvetia en Goiriz (Vilalba), obra moderna.
[239] Véxase o cruceiro da Casa do Xusto, na parroquia vilalbesa de Belesar.

a } Moldurados ou lisos.

b } Ornamentados



Os primeiros teñen case sempre unha estrutura cuadrangular e, ademais de ábaco e equino, están compostos por diversas molduras (listeis, boceis, etc.) superpostas e un colariño liso. Os máis frecuentes son aqueles formados por un ábaco e un equino, seguido dun tramo recto que remata nun astrágalo de bocel sobre un listel. Menos frecuentes son os capiteis os capiteis lisos que carecen incluso de molduras. De tipo neoclásico, normalmente van asociados a cruceiros sinxelos carentes ou con escasísima decoración, bases de forma paralelepípeda e con cruces sen efixies, se ben pode haber excepcións (véxase por exemplo o cruceiro de Sta. Mariña en Guitiriz). [240]

Os capiteis ornamentados teñen forma troncopiramidal invertida e presentan, xunto a algunha moldura, diversos motivos ornamentais, sendo os máis frecuentes as volutas nos vértices superiores das arestas e os querubíns nas caras. Correspóndense xeralmente con cruceiros con abundante decoración (símbolos da paixón no fuste, motivos xeométricos, etc.), bases fundamentalmente de forma troncopiramidal e cruces con efixies[241]. Dentro deste grupo, podemos diferenciar dous tipos básicos:





[240] Sobre os dous grandes tipos de cruceiros existentes na comarca chairega, véxase: Arribas Arias, Fernando: "Os cruceiros da Terra Chá: características xerais e algúns exemplos notables", en *Actas do Iª Congreso galego sobre cruceiros e cruces de pedra* (Poio-Pontevedra, 11 e 12 de setembro de 2009). Vigo: Asociación para a Cultura e a Ecoloxía, 2009.

[241] A excepción a esta norma a constitúen os cruceiros de Mallo I e Saa, os dous no concello de Guitiriz, nos que o único elemento ornamentado é o capitel.

1. Tipo A

2. Tipo B

Tipo A. Tamén o denominamos Carboeira por ser o máis común entre os cruceiros realizados por esta dinastía de canteiros da parroquia vilalbesa de Román que exercen o seu oficio dende mediados do XIX ata os anos 70 do século XX. Caracterízase por:

- Forma troncopiramidal invertida con arestas laterais moi rectas ou lixeiramente curvas.
- Ábaco de listel en partes moi voado.
- Volutas de dobre espiral e unidas entre si por unha faixa continua.
- Querubíns coa cabeza moi resaltada, coas ás moi marcadas e lixeiramente curvas.
- Tramo recto e rebaixado a xeito de colariño na parte inferior.
- En ocasións, presenza de outros ornamentos como poden ser un cadeado a xeito de grilanda que, por debaixo das cabezas dos querubíns, une as volutas. Tamén son frecuentes os merlóns na parte inferior do capitel, concretamente ao comezo do tramo recto.
- Elemento en forma de cuña entre o listel e a voluta.

O tipo B son característicos dun obradoiro aínda non identificado que desenvolve a súa actividade dende comezos dos anos vinte do século XIX ata o primeiro terzo do XX, no que son frecuentes os cruceiros con número de serie. Presenta as seguintes particularidades:

- Ábaco máis ancho e sen apenas beiril.
- Volutas dunha soa espiral e unidas entre si por unha faixa continua máis ancha que no caso anterior.
- Querubíns coa cabeza tamén resaltada pero coas ás menos marcadas e rectas, aínda que son frecuentes os casos sen querubíns.
- Tramo na parte inferior formado por unha lixeira escocia e un acusado bocel.

A importancia do capitel e algúns exemplos curiosos.

É quizais o capitel o elemento que mellor permite asignar un cruceiro a un determinado canteiro ou obradoiro, xa que constitúe unha das partes máis estables en canto a formas e motivos (independentemente da gran variedade existente) por manter ao longo do tempo case a mesma tipoloxía. Así, en Guitiriz os capiteis do cruceiro central do calvario dos Vilares e do cruceiro de Sáa son iguais, sendo tamén os dous moi semellantes ao do Mallo II, o que nos leva a supoñer que estes tres monumentos son obra dunha mesma man, probablemente de Felipe de Sáa, canteiro da parroquia de San Salvador de Parga que desenvolveu a súa actividade a finais

do século XVIII e comezos dos XIX. Os dous primeiros constan dun ábaco de listel, situándose nos vértices do equino as volutas e nas caras os querubíns, dando paso a un tramo de sección hexagonal liso que remata nun astrágalo de bocel. [242]

Tamén son moi semellantes entre si, e non descartamos que sexan da mesma autoría, os capiteis dos cruceiros da Fírveda e da Vila. Outro tanto podemos dicir do situado no adro da igrexa de Maríz e máis do de Verulfe, xa que nos dous casos os querubíns presentan as ás unidas no vértice superior das arestas, por debaixo do ábaco, solución moi característica do canteiro Pasarín residente neste concello de Guitiriz. Resulta especialmente interesante o capitel do cruceiro do adro da igrexa de Trasparga por estar ornamentado con golas e un funículo.

O capitel do cruceiro do adro da igrexa de Trobo (Begonte) ofrece unha profusa decoración a base de funículos, borlóns, volutas, querubíns e grilandas. Ademais das volutas e querubíns e dun ábaco formado por tres listeis, no capitel de Guimarás podemos ver tamén follas de acanto en dúas ordes, sendo de destacar o capitel do cruceiro do adro da igrexa de Gaibor, xa que as ás dos seus querubíns don todas distintas.

O capitel máis curioso de Cospeito o atopamos no cruceiro do adro da igrexa de Sistallo, xa que presenta motivos ornamentais únicos na Terra Chá, como son os dous anxos que sosteñen unha coroa que se atopan na súa cara sur e que se complementan coas bolas existentes por debaixo das volutas. Tamén chama a atención o capitel do cruceiro do Eirixado, no que as ás dos querubíns están unidas por un funículo ás volutas.

En Xermade o capitel do cruceiro da igrexa de Cabreiros é un híbrido entre os tipos A e B que comentamos anteriormente. Ademais da distinta forma que teñen as ás dos querubíns do capitel do cruceiro da igrexa de Candamil, convén resaltar que as volutas do cruceiro da Xunqueira atópanse flanqueando as cabezas dos querubíns, e non no vértice superior das arestas como sería o habitual.

A presenza do relevo dunha custodia tipo sol no anverso e da letra M no reverso, fan dos capiteis dos cruceiros da Picheira de do adro da igrexa de Abeledo, os dous no concello de Abadín, dúas pezas únicas que, sen dúbida, son obra dun mesmo autor. Ademais, os dous teñen tamén a particularidade de ter as volutas en forma de rolo, ocupando a aresta superior dos laterais, caso único nos cruceiros da Terra Chá. Tamén supoñemos que son da mesma man o cruceiro da igrexa de Corvite e o de Espiño do Cal, pois teñen capiteis moi semellantes. Por último chama a atención neste concello o capitel do cruceiro de Veiga da Ponte, pola presenza de gotas por baixo do ábaco e

[242] No caso do cruceiro de Mallo II o tramo liso ten forma cilíndrica. Cómpre dicir que, na nosa opinión, estes capiteis serviron de modelo ao do cruceiro de Vilargabín que, se ben é posterior no tempo, presenta unha apariencia moi semellante aos citados.

por unha ringleira de ocos na súa parte inferior, que ao igual que o da Roxoa consideramos obra dun autor foráneo a esta comarca, xa que non existe ningún paralelismo con outros capiteis da zona.

No concello de Vilalba apreciamos un dobre capitel no cruceiro das Galanas (Corbelle), no de Montes (Mourence) e no situado no cemiterio de Román. A presenza de vieiras nas caras dos capiteis do cruceiro da Ruta (Mourence) e da igrexa de Belesar, de idéntica realización, nos incita a pensar que estas obras de recente feitura son debidas a un mesmo autor. Outro tanto podemos dicir dos cruceiros da Crucitaria e do Atadoiro, pertencentes á parroquia de Belesar, con capiteis de ampla moldura cóncava.

Como exemplos curiosos resaltamos a ausencia de capitel no cruceiro da igrexa de Samarugo (a cruz está directamente asentada no fuste) e a forma troncohexágonal invertida do situado nas proximidades da igrexa de Santaballa, ornamentado con arcadas cegas que acubillan caras, motivo único nos cruceiros chairegos, así como tamén o pseudo capitel do cruceiro da igrexa de Árbol, adornado cunha custodia, que máis ben se trata dun ensanche do extremo superior do fuste.

Síntese dos capiteis dos cruceiros chairegos por concellos

Castro de Rei

Ata 16 variedades de capiteis ofrecen os cruceiros de Castro de Rei, se ben o modelo máis frecuente é o que no gráfico que se acompaña figura co número 1, presente en 8 exemplares. Ten forma troncopiramidal e está ornamentado con volutas nos vértices superiores das arestas e querubíns nas caras. Na parte inferior ten unha escocia e un bocel a xeito de astrágalo, coroando todo o conxunto un listel que fai as veces de ábaco.

O segundo modelo máis frecuente, de tendencia troncopiramidal máis acusada, diferénciase do anterior na ausencia de escocia e bocel. Os motivos ornamentais son os mesmos: volutas nos vértices superiores das arestas e querubíns nas caras, se ben en algunhas ocasións tamén atopamos cadeas unindo as volutas e merlóns na parte inferior. Cómpre destacar que estas dúas variedades tipolóxicas dominantes localízanse en cruceiros de finais do século XIX e comezos do XX.

Guitiriz

Ata 34 tipos diferentes de capiteis ofrecen os cruceiros de Guitiriz, se ben os modelos que máis se repiten son tres. O primeiro, con algunha pequena variante, atopámolo nos cruceiros de Mallo (II), de Saa, de Vilargabín e no cruceiro central do Calvario dos Vilares. Presenta un ábaco, coroado por un listel, ornamentado con volutas nos vértices das arestas e querubíns nas caras, que

da paso a un tramo circular ou octogonal cun astrágalo de bocel na parte inferior. Agás no caso do Cruceiro de Vilargabín, moi posterior cronoloxicamente, a semellanza deste capitel nos outros tres citados, podería indicar que son obra da mesma man, probablemente de Felipe de Saa.

O segundo tipo, que podemos ver nos cruceiros de Riotorto, da Fírveda e da Vila, ten un ábaco formado por tres listeis escalonados, sendo o inferior de menor tamaño. Está ornamentado con volutas nos vértices superiores das arestas, querubíns nas caras (coas ás moi esquematizadas) e, na súa parte inferior, merlóns e un astrágalo de bocel.

O terceiro tipo atopámolo nos cruceiros do adro e interior da igrexa de Mariz e de Verulfe. Os tres pertencen a construcións recentes, obras todas elas do canteiro Pasarín. A súa estrutura consiste nun ábaco e nun equino, este último, de gran anchura, ornamentado con querubíns en cada unha das caras que unen as súas ás na aresta.

Begonte

Ata 13 tipos de capiteis diferentes atopamos nos cruceiros de Begonte, se ben o modelo máis frecuente é o presente nos tres realizados polos Carboeira, aínda que un deles teña un motivo ornamental, a cadea, que no aparece nos outros. Trátase dun capitel de forma troncopiramidal invertida, con ábaco de listel, e ornamentado con volutas nos vértices superiores das arestas e querubíns nas caras. No caso do cruceiro de Denune, como xa dixemos, figura tamén un cadeado que une as volutas.

Outros dous tipos, con dous exemplos cada un, correspondería aos capiteis dos cruceiros laterais do calvario de Baamonde e aos cruceiros de Muíño Novo e de San Martiño de Arriba. Os primeiros, están moldurados a base de listeis, escocias e boceis, alternando con tramos rectos; mentres que os segundos son uns sinxelos capiteis formados por un ábaco e un equino, seguido dun tramo recto que remata nun astrágalo de bocel.

Cospeito

Son 12 os tipos de capiteis que atopamos nos cruceiros de Cospeito, sendo o máis frecuente o de forma troncopiramidal invertida con ábaco de listel, ornamentado con volutas nos vértices superiores das arestas e con ou sen querubíns nas caras, mentres que na súa parte inferior presenta unha escocia e un astrágalo de bocel. Podemos velo nos cruceiros de Reximil, Piñeiro, Granda, Calvario-Xermar, Lamas, Queimosas, Anidos, Sta. Cristina, Carballas, Ancares, Arco e Algara.

Un segundo tipo, con variantes ornamentais como poden ser o cadeado ou os merlóns, se ben todos teñen querubíns nas caras, ten tamén forma troncopiramidal, pero, a diferenza do an-

terior carece de escocia e astrágalo de bocel na parte inferior. Esta tipoloxía atópase nos cruceiros de Calvario-Arcillá, Paredes, Lamela, Anllo, Eirixado, Matocovo e da Praza de Muimenta.

Un terceiro tipo, que case podería ser considerado unha variante do segundo, ten as arestas e caras laterais curvas en vez de rectas e unha sucesión de merlóns na parte inferior. Podemos velo nos cruceiros de Tumbo, Momán de Abaixo e Porto do Sal.

O resto das tipoloxías só teñen un exemplo que ofrecernos e constitúen, xunto cos casos anteriores, unha proba da riqueza estilística que amosan os cruceiros deste concello.

A Pastoriza

Ata 11 tipos diferentes de capiteis ofrecen os cruceiros da Pastoriza, se ben o modelo máis frecuente é o número tres do anexo, presente en nove exemplares. Pode levar ábaco de listel e ten forma troncopiramidal con volutas nos vértices superiores das arestas e querubíns nas caras como ornamento.

Un segundo modelo predominante, que ben puidera ser considerado como unha variante do anterior, é aquel que tamén ten forma troncopiramidal, pero cos lados un pouco curvos, ornaméntase con volutas nos vértices superiores das arestas, querubíns nas caras e unha sucesión de merlóns na súa parte inferior. Cómpre reseñar que estes dous tipos localízanse nos cruceiros de finais do XIX e comezos do XX, e están ligados a canteiros de Román (Vilalba).

Xermade

Ata 30 tipos diferentes de capiteis ofrecen os cruceiros de Xermade, se ben o modelo máis frecuente é o número un do anexo, presente en vinte exemplares. Leva ábaco de listel e ten forma troncopiramidal invertida, ornamentándose con volutas nos vértices superiores das arestas e querubíns nas caras.

Un segundo modelo dominante, con catro exemplos, realmente pode ser considerado como unha variante do anterior xa que presenta a mesma forma, pero entre os ornamentos, ademais dos xa citados, figura un cadeado que une as volutas. Cómpre destacar que estes dous tipos localízanse en cruceiros de finais do século XIX ou de comezos do XX, estando ligados a canteiros de Román (Vilalba).

Abadín

Ata 24 tipos diferentes de capiteis ofrecen os cruceiros de Abadín, se ben o modelo máis frecuente, presente en dezanove exemplares pero con algunhas pequenas diferenzas, é o que

leva ábaco de listel e ten forma troncopiramidal invertida, ornamentándose con volutas nos vértices superiores das arestas e querubíns nas caras. Cómpre chamar a atención que este tipo localízanse en cruceiros de finais do século XIX ou de comezos do XX, estando ligados a canteiros de Román (Vilalba).

Un segundo grupo, integrado por tres exemplares, ten amplo ábaco, seguido dun corpo moldurado en talón ou cima reversa que remata nun bocel.

Muras

Ata 9 tipos diferentes de capiteis ofrecen os cruceiros de Muras, se ben o modelo máis frecuente, presente en nove exemplares pero con algunhas pequenas diferenzas entre si, é o que leva ábaco de listel e ten forma troncopiramidal invertida, ornamentándose con volutas nos vértices superiores das arestas e querubíns nas caras. Unha variante deste modelo sería o que presenta na parte inferior unha ringleira de merlóns, tal como podemos ver nos cruceiros de Ermida de San Antón e de Leganitos. Cómpre reseñar que este tipo localízanse en cruceiros de finais do século XIX ou de comezos do XX, estando ligados a canteiros de Román (Vilalba).

Un segundo grupo, integrado por tres exemplares, ten amplo ábaco, seguido dun corpo moldurado en talón ou cima reversa que remata nun bocel.

Vilalba

Os capiteis dos cruceiros de Vilalba caracterízanse por unha gran variedade de formas e tamaños. Con grandes esforzos os podemos agrupar en dous grupos fundamentais: os molduradados ou lisos e os ornamentados. Os primeiros están compostos na maioría dos casos por diferentes tipos de molduras (entre as que predominan os listeis), sendo o modelo máis frecuente o formado por un ábaco e un equino (ás veces moi voado) seguido dun amplo tramo recto que remata nun astrágalo de bocel sobre un listel. Normalmente van asociados a cruceiros sinxelos e carentes ou con escasa decoración.

Un segundo grupo sería o dos capiteis ornamentados, entre os que destacan, por ser os máis numerosos, o do tipo Carboeira, caracterizado por unha forma troncopiramidal invertida, as arestas laterais moi rectas ou lixeiramente curvas, ábaco de listel, volutas de dobre espiral nos vértices superiores das arestas (unidas entre si por unha faixa continua), querubíns nas caras e un tramo recto a xeito de colariño na parte inferior, na intersección co fuste. Este tipo de capiteis poden presentar tamén outros tipos de ornamentos como cadeas ou merlóns.

Resultan curiosos os capiteis dos seguintes cruceiros:

- Cruceiro da Reigada pola existencia dunha dobre voluta en cada aresta.
- Cruceiro das Galanas pola presenza dun dobre capitel.
- Cruceiros de Pombeiro e das Pardiscas por un capitel de forma esférica, forma xeralmente asociada a cruceiros con cruces de ferro.
- Cruceiro da Casa de Xusto por un capitel en forma de tallo dunha árbore.
- Cruceiros da igrexa de Árbol e do Pombeiro porque o seu capitel forma unha soa peza co fuste.
- Cruceiro da igrexa de Santaballa por un capitel con 8 caras.
- Cruceiro do Neto cun capitel ornamentado en dúas ordes.

Cómpre salientar que hai cruceiros que carecen de capitel (cruceiros do Cal, das Curuxeiras, de Xurxo Rouco, da igrexa de Samarugo, de Curbel e da capela de San Paio en Xoibán).

Cruz



A cruz é o elemento que coroa ou remata o cruceiro. Para Castelao, ademais de ser a parte principal dos cruceiros, *é o máis prezado obxecto da nosa veneración; é tamén a fror e o froito, en pedra, da nosa arte popular*.[243]

Nos cruceiros da Terra Chá son case todas de pedra, pero hainas tamén de ferro, mármore ou incluso de cemento. Poden ser de sección circular, cuadrangular de aresta viva, romboidal, etc. e de diferentes tipos (latinas, de Santiago, gregas…) e cos extremos dos brazos e da cabeceira de moi diversas formas (florenzadas, pometeadas, lanceoladas, etc.). Non faltan tampouco cruces de tipo leñoso (cruceiro do adro da igrexa de Trobo-Begonte; de Casas Nova en Guitiriz, das Carpaceiras en Nete-Vilalba, etc.) se ben non son moi abundantes. Outro tanto sucede coas que teñen acanaladuras, que só localizamos no cruceiro da Roxoa (Abadín) e caladas a base de fendeduras rectangulares (cruceiros da Crucitaria, Atadoiro e do Cal en Vilalba). Un caso único constitúeo a cruz do cruceiro de Gunxar (Vilalba) cunha forma xeométrica troncopiramidal no seu pé.

O tipo máis frecuente de cruz é a latina, florenzada, de sección cuadrangular no pé e coas arestas biseladas no resto. Tanto os cruceiros sinxelos como nos ornamentados, acostuma ter

[243] Rodríguez Castelao, Alfonso. *As cruces de pedra na Galiza*. Madrid: Akal, 1975 (Ed. facsímile), páx. 146.

na cabeceira unha cartela horizontal na que, na maioría dos casos, aparece a inscrición **INRI**. Un caso curioso o constitúe o cruceiro do antigo hospital psiquiátrico de San Rafael en Castro Riberas de Lea, onde no acrónimo **YNRI** o primeiro i aparece escrito cun i grego. As cruces con imaxes levan no anverso a efixie de Cristo e, no reverso, a da Virxe María nas advocacións de Dolorosa, Virxe das Angustias e da Soidade preferentemente.

Síntese das cruces dos cruceiros chairegos por concellos

Castro de Rei

Realizadas todas elas en pedra, o tipo de cruz máis frecuente nos cruceiros de Castro de Rei é a latina, florenzada, de sección cuadrangular no pé e coas arestas rebaixadas no resto. Adoita ter unha cartela na cabeceira na que, en ocasións, pode lerse a inscrición **INRI**. Excepcionais son os exemplos de cruz de Santiago, presente no Cruceiro de Castiñeiras; a sección octogonal do Cruceiro de Mesón; os extremos de forma cuadrangular do Cruceiro da Plazuela; as seccións cuadrangulares en aresta viva dos de Sergio, do Antón, de Anxo Lamas e da Praza de Galicia, do Cruceiro de Ribas de Miño e o resalte dos extremos dos brazos do Cruceiro do Pozo e da Igrexa. Tamén son pouco frecuentes os casos de cruces realizadas en formigón ou cemento, como por exemplo as xa citadas de Anxo Lamas, de Sergio, etc.

Guitiriz

Realizadas todas elas en pedra, o tipo de cruz máis frecuente nos cruceiros de Guitiriz é a latina, de tipo florenzada, de sección cuadrangular no pé e coas arestas rebaixadas no resto. En ocasións presenta unha cartela, na maioría dos casos anepigráfica. Tamén son abundantes as que teñen os extremos dos brazos de forma cuadrangular, mentres que excepcionais son os exemplos de cruces de sección octogonal (Cruceiro de Xestoselo…), de tipo apuntado (Cruceiro de Vilargabín) ou cos brazos, cabeceira e pé de tipo bulboso (Cruceiro de Casas Novas).

Cómpre destacar por último que a cruz do Cruceiro de Trasparga é a única que presenta uns resaltes na intersección dos brazos.

Begonte

As cruces dos cruceiros de Begonte son todas de pedra, agás a do cruceiro do Quinto que é de cemento. A máis frecuente é a latina, de tipo florenzada, de sección cuadrangular no pé e coas arestas rebaixadas no resto. De sección circular podemos velas no cruceiro central do Calvario de

Baamonde e no do adro da igrexa de Trobo que, ademais, presentan nós imitando a un leño.

De sección cuadrangular en toda a súa lonxitude son as de Damil e do Quinto, esta última de tipo patada.

Cospeito

As cruces dos cruceiros de Cospeito son todas monolíticas, realizadas en granito, agás a do cruceiro do Campo de Adán, que é de ferro. A máis frecuente é a latina, de tipo florenzada, de sección cuadrangular no pé e coas arestas rebaixadas no resto.

Tamén de sección cuadrangular e sen achafranamentos son as dos cruceiros de Escanavada e Matodoso, mentres que a da Xoca só presenta esta forma nos extremos dos brazos e da cabeceira, onde o corte é recto.

A Pastoriza

Realizadas todas elas en pedra, o tipo de cruz máis frecuente nos cruceiros da Pastoriza é a latina, florenzada, de sección cuadrangular no pé e coas arestas rebaixadas no resto. Adoita ter unha cartela na cabeceira na que, en ocasións, pode lerse a inscrición **INRI**.

Xermade

Realizadas todas elas en pedra, o tipo de cruz máis frecuente nos cruceiros da Xermade é a latina, florenzada, de sección cuadrangular no pé e coas arestas rebaixadas no resto. Adoita ter unha cartela na cabeceira na que, en ocasións, pode lerse a inscrición **INRI**. De sección circular é a cruz do cruceiro do Carballiño, mentres que as do adro da igrexa de Xermade e das Barreiras son de aresta viva, sen rebaixe. Unha cruz máis alta e desproporcionada co resto do conxunto podemos vela no cruceiro dos Currás-Candamil.

As dos cruceiros da Carballosa e do adro da igrexa de Roupar non son florenzadas, característica que comparten coa do cruceiro da Xunqueira, cuxos extremos dos brazos teñen gravado un círculo.

Abadín

Ata 24 tipos diferentes de capiteis ofrecen os cruceiros de Abadín, se ben o modelo máis frecuente, presente en dezanove exemplares pero con algunhas pequenas diferenzas, é o que leva ábaco de listel e ten forma troncopiramidal invertida, ornamentándose con volutas nos vértices superiores das arestas e querubíns nas caras. Cómpre reseñar que este tipo localízanse en cruceiros

de finais do século XIX ou de comezos do XX, estando ligados a canteiros de Román (Vilalba).

Un segundo grupo, integrado por tres exemplares, ten amplo ábaco, seguido dun corpo moldurado en talón ou cima reversa que remata nun bocel.

Muras

Ata 9 tipos diferentes de capiteis ofrecen os cruceiros de Muras, se ben o modelo máis frecuente, presente en nove exemplares pero con algunhas pequenas diferenzas entre si, é o que leva ábaco de listel e ten forma troncopiramidal invertida, ornamentándose con volutas nos vértices superiores das arestas e querubíns nas caras. Unha variante deste modelo sería o que presenta na parte inferior unha ringleira de merlóns, tal como podemos ver nos cruceiros de Ermida de San Antón e de Leganitos. Hai que destacar que este tipo localízanse en cruceiros de finais do século XIX ou de comezos do XX, estando ligados a canteiros de Román (Vilalba).

Un segundo grupo, integrado por tres exemplares, ten amplo ábaco, seguido dun corpo moldurado en talón ou cima reversa que remata nun bocel.

Vilalba

Realizadas case todas elas en pedra[244], o tipo de cruz máis frecuente nos cruceiros da Xermade é a latina, florenzada, de sección cuadrangular no pé e coas arestas rebaixadas no resto. Adoita ter unha cartela[245] na cabeceira na que, en ocasións, pode lerse a inscrición **INRI**.. De sección circular son as dos cruceiros do Rañal, do Xusto, da Seara, do restaurante Helvetia, do Carracedo, da Casa do Moncho da Carboeira, do Manuel da Carboeira, da Casa de Xurxo Rouco e do Muíño Rañego. Curiosas son as do cruceiro das Carpaceiras, de aparencia leñosa, da Crucitaria, Atadoira e do Cal, de aresta viva e caladas, e a do cruceiro dos Rouco, cunha forma nada común na comarca chairega.

Motivos decorativos e iconográficos dos cruceiros da Terra Chá

a } Motivos ornamentais e iconográficos das bases

En Galicia son abundantes as bases ornamentadas con caveiras, tibias cruzadas, píntegas, lagartas, serpes, etc., tal como podemos apreciar nos cruceiros do Fondo da Vila e de Longais, os dous no concello de Padrón, do Cristo da Agonía de Porriño, etc., case todos anteriores ao século XVIII. Na provincia de Lugo destacan especialmente o cruceiro de Ligonde en Monte-

[244] De ferro son as cruces dos cruceiros de Pombeiro, Rula do Foxo, Lobán e da Capela de San Paio.
[245] A cartela anepigráfica é a característica das cruces dos cruceiros lisos ou moldurados.

rroso, obra de 1674, cuxo pedestal presenta varios relevos que reproducen unha caveira entre dúas tibias cruzadas (símbolo da morte) así como os símbolos da paixón, e o cruceiro de San Miguel de Paradela, cunha serpe (símbolo do pecado) perfilando a parte superior da base.

Polo que respecta ao cruceiros chairegos, deixando á parte a decoración moldurada, nas súas bases atopamos os seguintes motivos ornamentais:

1. Escenas da paixón.
2. Figuras de santos.
3. Sagrado Corazón.
4. Vieiras.
5. Escudos.
6. Estrelas e formas xeométricas.
7. Imaxes de vulto redondo.

1. Escenas da paixón

Están presentes só en 13 cruceiros desta comarca: Casa da Pena, Curro, Reximil, Muíños, Vilamel, A Pontenova, adro da igrexa de Santa Cristina, Cainzada, Lamas, Queimosas, adro da igrexa de Trobo, casa dos Carboeira e igrexa de Sancovade. Cómpre resaltar que agás os tres últimos, o resto se corresponden co tipo de cruceiro que denominamos ***Ornamentado 2***, característicos dun obradoiro aínda non identificado que desenvolve a súa actividade dende comezos dos anos vinte do século XIX ata o primeiro terzo do XX, tipoloxía na que son frecuentes os cruceiros con número de serie. Os seus capiteis, que constitúen o elemento máis diferenciado con respecto aos de outros cruceiros da Terra Chá, presentan as seguintes particularidades:

- Ábaco máis ancho e sen apenas beiril.
- Volutas dunha soa espiral e unidas entre si por unha faixa continua máis ancha que nos capiteis de tipo Carboeira.
- Querubíns coa cabeza tamén resaltada pero coas ás menos marcadas rectas, aínda que son frecuentes os casos sen querubíns.
- Tramo na parte inferior formado por unha lixeira escocia e un acusado bocel.

Atendendo a diversas características comúns e a unha serie de diferenzas notables (como poden ser a dos capiteis que comentamos anteriormente) estes cruceiros os podemos dividir en dous grandes grupos. O primeiro estaría formado polos seguintes:

Cruceiro da Pena (Candamil-Xermade)

Trátase das escenas da paixón máis antigas que coñecemos da Terra Chá, xa que o cruceiro data do ano **1823**. Ocupan as catro caras da base e a primeira reproduce o momento en que un romano ispe a Cristo e outro lle amosa un cáliz, símbolo da paixón que se lle aveciña. No segundo podemos ver a flaxelación de Xesús, na que o Redentor aparece espido e atado a unha pequena columna e flanqueado por dúas figuras que representan os seus verdugos.

No terceiro relevo vemos a Cristo vestido con túnica e coa cruz ás costas precedido dun romano, mentres que no cuarto aparece caído no chan detrás dun romano. Cómpre resaltar que nestas últimas imaxes só aparecen dous personaxes: o Redentor e un dos seus verdugos.

Cruceiro do Curro (Ansemar-Castro de Rei).

Fíxose no ano **1865** ou **1886** e carece de número de serie. O relevo que figura na cara principal da súa base representa a Xesús, no centro da composición, levando a cruz entre dous romanos. Leva unha corda atada ao pescozo da que tira o romano que lle precede e que porta unha lanza, mentres que a figura situada á esquerda da escena parece querer axudar ao Redentor a portar o madeiro, se ben descartamos que se trate de Simón o Cireneo pola lanza que aparece ás súas costas. Cómpre reseñar que todas as figuras aparecen de perfil.



Cruceiro de Reximil (Xustás-Cospeito)

Trátase do primeiro cruceiro con relevos na súa base no que, ademais do ano de construción (**1878**) aparece na cara principal do extremo superior do fuste un número de serie, concretamente o **Nº 36**. As escenas da paixón atópanse repartidas polas catro caras da base. Amosan o espimento de Cristo, a flaxelación, a Xesús levando a cruz e a caída camiño do Calvario. Na primeira Cristo aparece de fronte, no centro da composición, mentres que o romano situado a súa esquerda o espide e o da dereita, cunha lanza ao seu carón, amósalle un cáliz. No segundo aparece espido, atado a unha columna baixa e que presenta un acusado éntase na súa parte inferior, entre dúas figuras que o azoutan, se ben o desgaste da pedra non nos permite apreciar máis detalles agás que unha delas parece estar de fronte.



No terceiro relevo Xesús, vestido con longa túnica e coa cruz no ombro esquerdo, está flanqueado por dous soldados romanos: un deles portando unha lanza e o outro suxeitando a corda ou ramal atada ao pescozo do Redentor.

Na cuarta imaxe podemos ver a Cristo no chan baixo a cruz e, nun dos lados, un romano cun casco adornado cun penacho e cunha lanza, se ben ao estar esta situada por detrás da cruz, permite darlle unha certa profundidade á composición. En canto á figura do lado contrario, aínda que está moi deteriorada pola erosión, pode tratarse do romano que, na terceira escena, suxeitaba a corda atada ao pescozo de Cristo.

Cruceiro dos Muíños (Roás-Cospeito)

Trátase dun cruceiro realizado en **1879** e, segundo unha inscrición situada no extremo superior do fuste, fai o **Nº 37**. Como no caso anterior, catro son os relevos situados nas caras da súa base. No primeiro podemos ver a Cristo de fronte e diante da cruz entre dous romanos: un deles denúdao e o outro amósalle o cáliz. O segundo reproduce a flaxelación de Cristo que, situado no centro da escena, aparece de perfil, espido e atado a unha columna baixa con acusado éntase na parte inferior. As figuras que o flanquean visten saia curta e portan un látego ao tempo que apoian un dos seus brazos sobre o Redentor.



Na terceira escena Xesús leva a cruz entre dous romanos, un dos cales suxeita a corda que Cristo leva atada ao pescozo; mentres que a cuarta representa o momento da caída baixo o peso do madeiro.

Cruceiro de Vilamel (Outeiro-Castro de Rei).

Co **Nº 67**, este cruceiro data do ano **1907**. A súa base está ornamentada con catro relevos que reproducen a flaxelación, a Cristo levando a cruz, a caída de Xesús e a axuda que lle presta

o Cireneo. A particularidade destas imaxes radica en que na primeira delas a figura de Cristo non aparece de perfil nin atado a unha columna, senón de fronte e vestido; mentres que na última a particularidade estriba na presenza de catro personaxes en vez dos tres habituais.

Cruceiro da Pontenova (Outeiro-Castro de Rei).

Este cruceiro é unha obra do ano **1906 /08** (?), se ben carece de número de serie. So á cara principal da base deste cruceiro está ornamentada cun relevo de Xesús levando a cruz sobre o ombro esquerdo e axudado por Simón o Cireneo, mentres que un romano portando unha lanza pecha a comitiva. A súa particularidade está en que a figura de Cristo aparece ao principio da composición e non no centro como é o habitual. En contraposición aos outros personaxes que levan faldra curta, Xesús viste longa túnica que só permite verlle os pés.

Cruceiro do adro da igrexa de Sta. Cristina (Santa Cristina-Cospeito).

Construído en **1909** e o seu número de serie é o **79**[246]. Presenta relevos en tres das caras da súa base e que representan o momento da flaxelación, a caída de Xesús e ao Cireneo axudándolle a levar a cruz.



Cruceiro da Cainzada (Bazar-Castro de Rei)

Trátase dun cruceiro de **1912** co **Nº 78** da serie. Ten tres caras da súa base ornamentadas con relevos que reproducen o ofrecemento do cáliz, a Xesús levando a cruz e a caída do Redentor, imaxes todas elas moi semellantes ás existentes noutros cruceiros.

Cruceiro de Lamas (Lamas-Cospeito)

Cruceiro realizado en **1913** que constitúe o número **79.** Os relevos deste cruceiro só aparecen en tres das caras da base, quedando libre a do reverso. Secuencialmente representan o momento do ofrecemento do cáliz, do carreo da cruz e da caída de Cristo. Nos tres o Redentor aparece flanqueado por dous romanos, mentres que unhas lanzas situadas aos extremos contribúen a delimitar a composición. Como noutros casos, Xesús viste túnica longa e as outras figuras unha faldra máis curta e un casco na cabeza, o que nos permite identificalas como romanos.

[246] Resulta estraño que a numeración deste cruceiro non sexa correlativa coa dos anteriormente citados e cos de Cainzada e de Lamas. Supoñemos que a coincidencia de numeración entre o cruceiro do adro da igrexa de Sta. Cristina e de Lamas se debe a un erro do canteiro, o que explicaría a falla de correlación que comentábamos anteriormente.

Cruceiro de Queimosas (Rioaveso-Cospeito)

Descoñecemos a data da realización deste cruceiro que carece de número de serie. A escena que podemos ver na cara principal da súa base representa a caída de Xesús. Nela, a figura de Cristo levando a cruz no ombro esquerdo aparece moi inclinada e a punto de bater co chan. Viste unha túnica que lle chega aos pés, se ben parece ter o torso espido aínda que este detalle é difícil de precisar polo desgaste da pedra. Detrás do Redentor e xunto a unha lanza hai un romano cun látego fustrigando a Cristo, mentres que unha terceira figura que non puidemos identificar encabeza a comitiva.[247]

A nivel xeral observamos nos relevos deste primeiro grupo as seguintes características:

- As figuras están representadas sempre de perfil, agás nas escenas nas que se lle amosa o cáliz a Cristo (nestas só o Redentor aparece de fronte) e no momento da flaxelación do cruceiro de Vilamel.

- Hai unha ausencia de tamaño xerárquico e todas as figuras presentan a mesma altura.

- En canto ás vestimentas, Xesús leva sempre túnica longa (agás nos relevos da flaxelación en que aparece espido) mentres que o resto dos personaxes leva saia curta.

- Xeralmente Cristo ocupa a parte central da composición, agás no caso do cruceiro da Pontenova onde aparece encabezándoa.

- Cada escena está composta por tres personaxes: Cristo entre dous romanos ou ben o Cireneo e un romano. As excepcións as constitúen o relevo da cara E do cruceiro de Vilamel, no que podemos ver catro figuras, e os dous do cruceiro da Casa da Pena, no que aparecen dous personaxes.

- As escenas representadas (de lectura de esquerda á dereita) forman unha secuencia: a historia da paixón de Cristo, centrada fundamentalmente nunha serie de momentos dramáticos: o desvestimento e ofrecemento do cáliz que anuncia o comezo de todo o proceso[248], a flaxelación,[249] o carrexo da cruz e a caída baixo o peso da mesma e a axuda que lle presta o Cireneo. Nos cruceiros nos que só hai un relevo, ofrecen os motivos seguintes motivos: Xesús levando a cruz (cruceiro do Curro) e a caída de Cristo (cruceiro de Queimosas).

- Estes relevos teñen unha función ornamental pero tamén didáctica, xa que queren amosar os padecementos de Cristo antes da súa crucifixión. Nos cruceiros que presentan estes motivos, o relato, en conxunto, estrutúrase do seguinte xeito: na base podemos ver as escenas previas á crucifixión, no fuste os símbolos da paixón e na cruz o momento da morte que, nalgúns

[247] Aínda que supoñemos que se trata dun romano.
[248] Con cruz ao fondo no caso do cruceiro dos Muíños.
[249] Representada con ou sen columna, tal como podemos ver nos cruceiros de Reximil e de Vilamel.

casos, vese complementada coa Piedade no reverso, iconografía na que vemos a influencia da igrexa e a pervivencia do discurso da Contrarreforma.

- Trátase de relevos moi sinxelos e rudamente realizados, pero non exentos da graza que caracteriza estas obras de feitura popular e que nos lembran á escultura románica. Convén tamén destacar a ausencia de expresividade das figuras. Observamos unha certa desproporción en algúns elementos (lanzas moi grosas en comparación coas figuras) que quizais se deba á dificultade de traballar un material tan duro como é o granito desta zona que non permite unha maior estilización.

- Outra característica é a ausencia de perspectiva (que a inexistencia de fondos contribúe a resaltar) pois todas as figuras están no mesmo plano. Podemos albiscar un intento de crear profundidade nas escenas nas que a cruz aparece por detrás da efixie de Cristo.

- Estes relevos están presentes en tres tipos de bases, se ben son máis frecuentes naquelas que constan dun primeiro tramo recto seguido doutro de forma troncopiramidal (cruceiros de Vilamel, Pontenova, Cainzada, Lamas e Queimosas). As bases dos de Reximil, Muíños e Santa Cristina contan tamén cun primeiro tramo recto, pero o superior está moldurado en nacela invertida; mentres que nas dos cruceiros da Casa da Pena e do Curro hai que destacar a presenza dun bordo redondeado moi acusado no comezo do tramo moldurado.

- Tendo en conta as datas de realización dos cruceiros e nas analoxías estilísticas que presentan entre eles, atreveriámonos a afirmar que estes relevos son obra dun obradoiro aínda non identificado que desenvolve a súa actividade dende comezos dos anos vinte do século XIX ata o primeiro terzo do XX, se ben a observación dalgunha característica diferenciadora (presenza de numeración) nos leva a pensar na existencia de dous momentos diferentes neste obradoiro ou ben na existencia dun segundo rexentado por un discípulo. Ao primeiro pertencen os relevos dos cruceiros da Casa da Pena e do Curro, os dous carentes de numeración e coa particularidade de ser os máis antigos, mentres que no segundo situaríamos os de Reximil, Muíños, Santa Cristina, Vilamel, Cainzada e Lamas. Precisando máis, coidamos que estes cruceiros e os seus correspondentes relevos son obra dunha mesma man, afirmación que sustentamos tanto nas semellanzas estilísticas como na numeración correlativa e, no caso dos tres primeiros, tamén na coincidencia de marcas (un círculo gravado con catro diagonais).

- Este ou estes obradoiros (quizais só se trate dun no que traballan dúas ou tres xeracións) estaría localizado nunha zona que abrangue as parroquias lindeiras de Castro de Rei e Cospeito, se ben nos inclinamos por situalo neste último concello.

O segundo grupo estaría formado polos cruceiros seguintes:

Cruceiro do adro da igrexa de Trobo (Begonte)

Os catro relevos da base deste cruceiro foron realizados en **1899** por Benito Rifón Corral, o único canteiro da Terra Chá que deixou constancia do seu nome nunha obra da súa autoría. No primeiro podemos ver a Xesús, vestido con túnica, levando a cruz no ombro esquerdo. Nos seus lados están as figuras de dous romanos, un deles de fronte e portando unha lanza na man esquerda e na outra unha corda atada ao pescozo de Cristo. A segunda imaxe representa a caída de Xesús con dous soldados nos extremos. Nela hai un intento de dar unha maior sensación de profundidade situando a un dos romanos nun plano posterior á cruz, efecto que non se consegue ao ter a figura o mesmo volume que as situadas en primeiro termo.



No terceiro relevo Xesús aparece tirado no chan coa cruz encima e fustrigado por dous soldados. Un deles crávalle unha lanza e o outro dálle cun látego ao tempo que o ten suxeito por unha corda atada ao pescozo. No último Simón o Cireneo axuda a Cristo a levar a cruz, completando a imaxe un terceiro personaxe que non acertamos a identificar.

Cruceiro dos Carboeira (Román-Vilalba)

Os seus relevos foron realizados en **1918** por Andrés Seoane, membro da dinastía dos Carboeira da parroquia vilalbesa de Román. Ocupan tres das caras da base e recollen tres momentos certamente inéditos neste tipo de representacións. Así, na primeira asistimos ao prendemento



de Xesús e na segunda ao momento da crucifixión, mentres que na terceira Cristo está crucificado entre os dous ladróns (Dimas e Xestas) coa particularidade de que os tres teñen as mans cruzadas sobre o ventre e non cravadas na cruz.

Nas tres escenas o redentor aparece sempre de fronte e as outras figuras de





perfil. Esta frontalidade é máis forzada na da crucifixión, xa que obriga a colocar a cruz nunha postura pouco usual. Apreciamos tamén unha certa xerarquización nos relevos do prendemento e da crucifixión que, non obstante, desaparece no que representa a Cristo entre os dous ladróns.

Os personaxes visten todos longas túnicas e, agás o Redentor e os dous ladróns que son facilmente recoñecibles, o resto carece de atributos (lanzas, espadas, látegos, etc.) que nos permitan identificalos como os seus verdugos.

Trátase de representacións que denotan unha certa inxenuidade e, en ocasións, falta de pericia (apreciable nos brazos pegados ao corpo no momento da crucifixión) e de rigor (as mans sobre o ventre das tres figuras na cruz), o que nos fai dubidar se un artista da talla de Andrés Seoane, capaz de realizar imaxes con maior dificultade, foi o autor destes relevos ou se son obra dun discípulo menos avezado.

Cruceiro da igrexa de Sancovade (Sancovade-Vilalba).

Realizado en **1977** por Manuel da Carboeira (?), este cruceiro presenta catro caras da base ornamentadas con escenas da paixón que imitan as que xa levamos vistas pero con algunhas particularidades. Así, no do lado E podemos ver a Xesús levando a cruz e axudado polo Cireneo e a dous romanos, mentres que o situado na cara N representa a caída de Xesús, escena na que un romano lle clava unha lanza ao Redentor, imaxe que nos trae á mente a do cruceiro do adro da igrexa de Trobo. Os outros dous relevos amosan a Cristo levando a cruz, en ambos axudado polo Cireneo, xunto a dúas figuras femininas (unha delas axeonllada e que ben puidera tratarse da Virxe María e de María Magdalena) no caso do que ocupa a cara S e dun home e dunha muller (a Virxe e San Xoán?) no caso da escena do lado W. Cómpre resaltar que nestes relevos aparecen sempre catro personaxes e que no caso dos últimos a lectura realízase de dereita á esquerda.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Como características dos relevos deste segundo grupo de podemos dicir que se trata de obras de autor coñecido que reproducen, agás no caso do cruceiro da casa dos Carboeira, os temas xa coñecidos da paixón de Cristo sen aportar nada novo nas formas.



2. Figuras de santos

Estes motivos só os podemos atopar no cruceiro de Lanzán (Tardade-Vilalba) realizado conxuntamente por Andrés Seoane Fernández e o seu fillo Marcelino Seoane Leiras en **1906**. Ocupando toda a cara principal da base, orientada ao SW, hai un impresionante Santiago Matamouros, vestido de peregrino e coa espada na man dereita, montado a cabalo e cun sarraceno aos seus pés que trata de protexerse levantado o brazo dereito.

Nas caras SE e NW están os relevos de San Xosé e de San Roque. O primeiro viste capa e longa túnica que lle deixa ver os pés, levando nas mans cruzadas sobre o ventre un lirio, un dos seus atributos. Pero, por se houbese algún tipo de dúbidas, ao seu carón púxose a epígrafe **SAN JOSÉ**.

Polo que respecta a San Roque, este santo aparece representado na súa forma máis habitual: levantando a túnica para amosar as chagas dos xeonllos e acompañado dun can.

Estas dúas últimas figuras, máis bastamente labradas, contrastan notablemente co xa citado Santiago Matamouros no que observamos a man dun canteiro que coñece ben o seu oficio e que fan deste relevo o mellor dos existentes nas bases dos cruceiros chairegos.

3. Sagrado Corazón

Trátase dun motivo certamente novo nos cruceiros chairegos que só o localizamos no situado no Muíño Rañego (Sancovade-Vilalba), obra relativamente recente xa que foi realizada no ano 2000. Son catro imaxes iguais do Sagrado Corazón repartidas en cada unha das caras da base.

4. Vieiras

Este motivo en forma de relevo en oco é exclusivo do cruceiro do cemiterio da parroquia vilalbesa de Árbol, onde aparece na súa cara NE, que se corresponde co anverso.

5. Escudos

O cruceiro de Regotraveso (Codesido-Vilalba), realizado en 1995 por desexo de Arturo Bermúdez Grandío e a súa dona María Orosa Souto, presenta como motivo ornamental no lado W da súa base o escudo de Galicia timbrado cunha coroa. Obra máis recente, concretamente do ano 2002, é o cruceiro da nova capela de San Urbano (Goá-Cospeito) que na cara SE da súa base amosa un escudo con tres estrelas de seis puntas.

6. Estrelas e formas xeométricas

Na parte central do cruceiro de Vilargabín (Os Vilares-Guitiriz) pódense ver unhas estrelas de oito puntas en relevo, así como tamén unhas formas xeométricas en oco, mentres que a cara SW da base dun dos cruceiros laterais do calvario dos Vilares presenta unha roseta.

Na base do cruceiro da Casa do Cordal da parroquia vilalbesa de Román[250], concretamente nas súas caras NW e SW, hai uns relevos de difícil interpretación e que constitúen un motivo único nos cruceiros da Terra Chá. Representan círculos e un acróstico coas letras **AM** (Ave María?), ademais de dúas cruces e a data de construción: **1929**.

7. Imaxes de vulto redondo.

Colocar imaxes de santos de vulto redondo por encima das bases nos cruceiros chairegos non é unha práctica habitual. Proba diso é que só as atopamos no cruceiro da igrexa de Sancovade (Vilalba) que amosa dúas figuras de vulto redondo que representan ao Sagrado Corazón e a Virxe María.

b } Motivos ornamentais e iconográficos nos fustes

Nos fustes dos cruceiros da Terra Chá os motivos ornamentais máis frecuentes son: os símbolos da paixón, a custodia, Cristo atado á columna, Ecce Homo, figura de santos, motivos xeométricos, estrelas, rostros humanos, rosetas, sol e lúa, corazóns, formas alongadas nos chafráns, galo e columna, letras, bordón, motivos vexetais (trevo de catro follas, póla de oliveira, folla de carballo, etc.), arcos, motivos zoomórficos (serpe, galo), cruz e outros motivos (hórreo, torque, compás, etc.).

[250] Este cruceiro foi construído por Camilo Cordal Vázquez, que contou coa axuda dun membro da familia dos Carboeira.



Símbolos da paixón

Segundo Clodio González Pérez, "*empezan a usarse como motivos ornamentais ó longo do varal entre finais do século XVI e comezos do seguinte, sendo mostras senlleiras desta época os de Pontecesures, a poucos metros do río Ulla, e Arcos de Furcos (Cuntis). Acadan grande importancia no barroco (A Laxa-Fornelos de Montes 1784) e, logo despois, nos séculos XIX e XX (Cenlle, 1877); Saavedra-Begonte, 1899; Vilamel-Castro de Rei, 1907, etc*"[251]. Polo que respecta á Terra Chá, están presentes en 216 cruceiros e a súa relación máis común é a seguinte: cravos, martelo, tenaces, látego, lanza, escaleira, espada, columna de flaxelación e a coroa de espiñas. Trátase de relevos[252] que por regra xeral ocupan a cara principal do fuste, aquela situada no lado da efixie de Cristo, pero tamén poden aparecer no reverso, nun lateral, no chafrán, no imoscapo ou no extremo superior do varal. Normalmente están distribuídos verticalmente ao longo varal e a súa disposición máis usual é, nunha orde descendente, os cravos, o martelo, as tenaces, a espada e a escaleira, por citar só os que máis se repiten. Resultan especialmente curiosos os dos cruceiros da Feira do Monte e de Galán, os dous no concello de Cospeito e probablemente obra dunha mesma man, por ter varios símbolos da paixón entrelazados: o martelo coas tenaces e a escaleira coa lanza. Tamén resulta curioso ver estes relevos tallados de forma oblicua, como no caso dos cruceiros da igrexa de Cabreiros (Xermade) e da igrexa de Román (Vilalba).[253]

Estes símbolos podémolos ver situados no reverso dos cruceiros do adro da igrexa de Labrada (Abadín) e da Vila (Guitiriz) en nun lateral dos cruceiros de Arco (Cospeito), da Casa de Charón (Xermade) da Rozavella (Abadín) e da capela de Santiago (Santabaia-Vilalba). Este

[251] González Pérez, Clodio. *Os cruceiros*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 2003. Páx. 81.
[252] As únicas excepcións son os cruceiros do adro da igrexa de Xoibán (Vilalba), de Castiñeiras (Ludrio-Castro de Rei) e Anxo Lamas II (Bazar-Castro de Rei) que os teñen gravados e, no caso dos dous últimos, tamén pintados de negro.
[253] No primeiro non están talladas de forma as tenaces, mentres que no segundo son os cravos e a escaleira.

desaxuste obedece normalmente a que estes cruceiros foron desmontados para a súa recolocación, non respectándose a disposición orixinal ao montalos de novo. [254]

Como casos excepcionais cómpre salientar os cruceiros do Fiouco (A Pastoriza) e da Reigada (Codesido-Vilalba), xa que presentan os símbolos da paixón nun dos laterais do fuste e no chafrán, o de Casavella (Cazás-Xermade) con estes relevos tallados no tramo biselado e o da Veiga da Ponte (Montouto-Abadín), onde aparecen repartidos tanto polo anverso como polo reverso. Chama tamén a atención o caso do cruceiro da igrexa de Sistallo (Cospeito) o único da comarca chairega que ten os símbolos da paixón situados nas catro caras do extremo superior do fuste. No imoscapo, e dentro dun rebaixe rectangular, podémolos ver nos cruceiros de Vilar do Medio, adro da igrexa de Momán, Xunqueira, Vilar do Medio e adro da igrexa de Roupar, todos eles no concello de Xermade.

Cravos

É o símbolo que máis ser repite, aínda que no cruceiro do adro da igrexa de Muimenta (Cospeito) non figura. Normalmente aparecen no extremo superior do fuste e a súa representación máis habitual é en forma de abano, coas puntas unidas, pero tamén podemos atopalos en dous niveis coas seguintes disposicións: un cravo / dous cravos[255] ou dous cravos / un cravo[256]. Moito menos frecuente é a súa colocación en paralelo (Veiga da Ponte, Montouto-Abadín; Vilachá, Lousada-Xermade, etc.) ou dispostos verticalmente (cruceiro do Pedro de Baroncelle-Abadín).

Hai cruceiros que só presentan un (como no cruceiro das Queimosas-Cospeito e o da Praza de Bretoña-A Pastoriza) ou dous cravos[257], sendo de destacar o caso do cruceiro de Vilar Grande (A Graña-Abadín) que os ten en forma de aspa e de Arco (Cospeito) que os ten coa cabeza invertida.

Martelo

O máis frecuente é que este motivo apareza debaixo dos cravos e representado coa zutra orientada á esquerda dende a perspectiva do espectador, pero a estas dúas normas hai múltiples

[254] O cruceiro da Casa de Charón cambiou de emprazamento en 1968 e o do adro da igrexa de Labrada foi recolocado no ano 2000.

[255] Nesta disposición aparecen nos cruceiros do Chairo (Castro de Rei), Tumbo (Cospeito), Pontigo (A Pastoriza), Veiga do Crego (A Pastoriza), Carrizal (A Pastoriza), Currás (Xermade), Empalme (Xermade), Porto da Torre (Abadín), igrexa de Cabaneiro (Abadín), da Fardana (Abadín), da Ribela (Abadín), do Vilar (Muras) e do Couto (Muras).

[256] Neste orde podemos velos nos cruceiros do Porto do Sal (Cospeito), Anlló (Cospeito), Touza (Xermade), Casavella (Xermade), Casavella –Lousada (Xermade), da igrexa (Abadín) e do Manueliño (Abadín).

[257] Cruceiros cun só cravo son os de Queimosas (Cospeito), Praza de Bretoña (A Pastoriza) e do adro da igrexa de Momán (Xermade), mentres que os que presentan dous son o do Campo da Feira de Castro Riberas de Lea (Castro de Rei) e de Teixeiro (A Pastoriza).

excepcións. Resultan especialmente significativos os casos dos cruceiros do Pazo da Cernada II e do Valado (Abadín), nos que este símbolo aparece colocado de forma invertida. Tamén resulta curioso o cruceiro da Panda (Xermade) no que figuran dous martelos, se ben a representación dun deles non é moi clara.

Tenaces

A súa disposición máis frecuente é a continuación do martelo, pero non faltan exemplos onde apareza de primeiro (cruceiros de Támoga-Cospeito e do adro da igrexa de Roupar-Xermade) ou de segundo (cruceiros do Vilar, de Vilar de Nuño, do Pazo da Cernada I, etc.). Hai dous tipos fundamentais, tal como se pode comprobar nas seguintes imaxes. O primeiro caracterízase por unha cabeza circular de gran tamaño, que pode aparecer aberta no extremo superior, cos brazos do mango rectos e de forma triangular cando están pechados no extremo inferior; mentres que o segundo a cabeza é de menor tamaño e normalmente está aberta, cos brazos do mango lixeiramente curvos e case sempre abertos no seu extremo inferior.

Cómpre destacar que nos cruceiros do Valado, Vilar de Nuño, Pazo da Cernada I e Pazo da Cernada II, todos eles no concello de Abadín, as tenaces están representadas de forma invertida.

Espada

Normalmente aparece, nunha orde descendente, en cuarto lugar, debaixo das tenaces, pero como ocorre cos outros símbolos da paixón, a súa posición pode verse alterada. Así a podemos ver ao comezo da relación (cruceiros da Casa do Moncho da Carboeira, Román-Vilalba) ou inmediatamente a continuación dos cravos (cruceiros da Cachoupa, do adro da igrexa de Corbelle, da igrexa de Vilapedre, etc. todos eles en Vilalba).

Resulta paradoxal que este símbolo non apareza nunca xunto coa lanza: se hai un non está o outro, agás no caso do cruceiro do adro da igrexa de Galgao (Abadín) que presenta os dous.

Nos cruceiros da Angustia (Árbol), Queitana, Leboreiro, Vilar de Castiñeira, Maricarmen Pernas (Román), igrexa de Sancovade e da praia fluvial de Vilalba, a espada está representada en paralelo co látego, característica que nos permite identificar estas mostras da arte popular como obra de Manuel Seoane, da dinastía dos Carboeira. No das Pedragosas (San Simón da Costa-Vilalba) a espada está entrelazada coa coroa de espiñas, caso único en toda a comarca chairega.

Como curiosidade diremos que nos cruceiros de Lanzán (Tardade-Vilalba) e da Casa dos Carboeira (Román-Vilalba) a espada está situada no chafrán e non na cara principal como sería o habitual, mentres que no Pernas (Goiriz-Vilalba) aparece representada ao revés, coa folla para abaixo.

A grandes trazos, podemos establecer dous tipos de espadas. A primeira sería o florete, coa folla fina e o arriaz da empuñadura en S estilizado, mentres que a segunda sería o sabre de folla ancha e gardamán de cazoleta. Nalgúns cruceiros este gardamán pode estar orientado á esquerda (cruceiro de Ver en Goiriz-Vilalba, etc.) ou á dereita (cruceiro da Carmela en Lanzós-Vilalba, etc.).

Escaleira

Por regra xeral é o último dos símbolos da paixón, o máis próximo á base do cruceiro. Nos cruceiros de Casa dos Carboeira (Román-Vilalba e de Reigada (Codesido-Vilalba) este motivo está situado no chafrán, mentres que os outros ocupan a cara principal. É un dos motivos que máis se repite nos cruceiros da Terra Chá. O número dos seus banzos varía considerablemente entre un mínimo de tres (como podemos ver nos cruceiros da praia fluvial de Vilalba, da Xunqueira-Xermade, Rozavella-Abadín, etc.) e catorce (cruceiro do Eirexado, Xermar-Cospeito), se ben o máis frecuente é que sexan dez (alusión simbólica aos dez mandamentos?).

Lanza

Está presente en 40 cruceiros chairegos e, normalmente, ocupa o lugar da espada: por encima da escaleira, aínda que a podemos atopar noutra posición con respecto aos outros símbolos. Nos cruceiros de Galán e da Feira do Monte (Cospeito) este motivo aparece entrelazado coa escaleira, mentres que no do Fiouco (A Pastoriza) atópase no chafrán.

Látego

É o motivo que máis representacións diferentes ofrece, tanto no seu tamaño como na forma. Hainos de tres puntas (cruceiro de Pedregosas Candamil-Xermade) e de cinco (cruceiros de Vilar de Castiñeira-Román e do Cemiterio-Vilalba) e outros nos que apenas está matizado, como ocorre no cruceiro do Campo (Xermade), e nos que se representa simplemente como unha corda (cruceiro de Galgao-Abadín). Nos cruceiros da Angustia (Árbol), Queitana, Leboreiro, Vilar de Castiñeira, Dilo, Maricarmen Pernas (Román), igrexa de Sancovade e da praia fluvial e do cemiterio de Vilalba, aparece en paralelo coa espada. Cómpre resaltar que no cruceiro da Pedragosa (S. Simón da Costa-Vilalba) está asociado ás tenaces, caso único nesta comarca da Terra Chá. A súa posición é moi variable no conxunto dos símbolos da paixón, xa que pode ir encabezando a relación (cruceiro da Casiña en Cospeito, Vilachá e Pascualiñas en Xermade), polo medio (cruceiro de Arco en Cospeito) ou no remate (cruceiro de Trobo en Begonte, da

Xunqueira e de Roupar en Xermade). Pode aparecer coas puntas cara arriba, como acontece na maioría dos casos, ou cara abaixo (cruceiro da Florida, Árbol-Vilalba).

Columna de flaxelación

Non é un motivo moi frecuente, xa que só o localizamos en once cruceiros da Terra Chá. Por regra xeral aparece nos extremos do fuste, tanto no superior (Augas Roibas, Cazás-Xermade) como no inferior (Campo da Feira, Ribeiras de Lea-Castro de Rei). Normalmente a súa representación é moi semellante: columna recta coa base e capitel iguais entre si, se ben a dos cruceiros de Galgao e da Veiga da Ponte, os dous no concello de Abadín, carecen destes últimos elementos.

Coroa de espiñas

Só atopamos dous cruceiros chairegos que presenten este motivo como elemento ornamental no fuste: o das Pedragosas (San Simón da Costa Vilalba) onde aparece asociado á espada, e o da Capela de San Urbano, obra realizada no ano 2002. Chama a atención que os canteiros desta comarca a representasen tan escasamente este símbolo, moi empregado noutras zonas de Galicia.

Custodia

Non se trata dun motivo ornamental frecuente nos fustes dos cruceiros chairegos, pois só a localizamos en 32 desta comarca, case todos de tipoloxía Carboeira. A representación deste relevo é sempre moi semellante: un pé con acusada base que soporta un viril radiante cunha cruz na parte superior. Nos de Venanciño (A Pastoriza) e da *Casa do Moncho da Carboeira* (Román-Vilalba) o cáliz e a sagrada forma aparecen separados. No cruceiro da Touza (Xermade) a custodia figura sobre unha cabeza humana, mentres que no Migueliño (Árbol-Vilalba) está enmarcada nun rebaixe rectangular.

Normalmente está situada no extremo superior do varal, por riba dos símbolos da paixón, pero pode aparecer intercalado con estes (cruceiro da igrexa de Galgao-Abadín) ou no extremo inferior (cruceiros de Queimosas e da igrexa de Sitallo en Cospeito e da Casa de Pascualiñas II-Xermade).

Relación de cruceiros chairegos con custodia

Nome do Cruceiro	*Concello*
Cruceiro da Ponte	Castro de Rei
Cruceiro do Curro	Castro de Rei
Cruceiro do Anlló	Cospeito
Cruceiro de Queimosas	Cospeito
Cruceiro da igrexa de Sistallo	Cospeito
Cruceiro de Saavedra	Begonte
Cruceiro da igrexa de Gaibor	Begonte
Cruceiro da Veiga do Crego	A Pastoriza
Cruceiro do Venanciño	A Pastoriza
Cruceiro do Xirómeno	A Pastoriza
Cruceiro do adro da igrexa de Abadín	Abadín
Cruceiro do Pedro	Abadín
Cruceiro do adro da igrexa de Cabaneiro	Abadín
Cruceiro da igrexa de Fanoi II	Abadín
Cruceiro da pista de Fraiás	Abadín
Cruceiro do adro da igrexa de Galgao	Abadín
Cruceiro da escola de Gontán	Abadín
Cruceiro do Pereiro	Abadín
Cruceiro da Casa de Pascualiñas II	Xermade
Cruceiro do Revellón	Xerrmade
Cruceiro da Touza	Xermade
Cruceiro de Augas Roibas	Xermade
Cruceiro de Vilachá	Xermade
Cruceiro do adro da igrexa de Roupar	Xermade
Cruceiro do Campo	Xermade
Cruceiro de Samil	Muras
Cruceiro do Migueliño	Vilalba
Cruceiro de Fontevella	Vilalba
Cruceiro da Casa do Moncho da Carboeira	Vilalba
Cruceiro de Lanzán	Vilalba
Cruceiro do adro da igrexa de Tardade	Vilalba

Cristo atado á columna

Trátase dun relevo certamente escaso, presente só en catro cruceiros da Terra Chá.[258] Ocupa sempre o extremo inferior do fuste e a súa representación, a pesar de tratarse de obras de distinto autor, é moi parecida: Cristo espido e de perfil e atado a unha columna baixa. As únicas diferenzas veñen dadas pola forma da columna e pola súa situación respecto ao Redentor, pois,

[258] Trátase dos cruceiros de Bexán (Cospeito), Curro (Castro de Rei), igrexa de Nete (Vilalba) e igrexa de Trobo (Begonte). Aínda que hoxe non pertence á Terra Chá, queremos deixar constancia da existencia deste motivo no cruceiro do Campo da Feira de Gaioso (Outeiro de Rei).

no caso do situado no adro da igrexa de Trobo, está situada á esquerda (dende a perspectiva do espectador) e nos outros á dereita.





Ecce Homo

Trátase dunha figura de vulto redondo que vai sobre a base e apoiada no fuste. Está reservada para os grandes cruceiros e na Terra Chá e só a podemos ver no de Lanzán (Tardade), no da Casa dos Carboeira (Román) e no da igrexa de Sancovade, todos eles no concello de Vilalba. O primeiro é obra de Andrés e Marcelino Seoane en 1906, mentres que o segundo foi realizado por Marcelino Seoane en 1918 e o terceiro por Manuel Seoane en 1977, todos eles integrantes da dinastía dos Carboeira que con estas notables pezas escultóricas deixaron constancia da súa mestría como artistas canteiros.

No de Lanzán e Sancovade o Ecce Homo está sentado, mentres que no da casa dos Carboeira aparece de pé.





Santos

Normalmente este tipo de relevos ornamentais ocupan sempre o extremo superior da cara principal do fuste, pero tamén poden localizarse nos laterais (cruceiro do Fiouco, A Pastoriza). Van sempre acompañando os símbolos da paixón, agás nos que están situados a media altura, características que se dá só nos cruceiros relativamente novos (cruceiros de Becín en Guitiriz; de Matodoso en Cospeito; etc.).

É frecuente que estes santos garden relación co nome do doador. Así, nos cruceiros da Vesada (Abadín) e do Rego (Xermade), que mandaron poñer respectivamente Ramón Morado e Ramón Gato, a figura do varal é un San Ramón que porta a custodia.

Como a identificación dalgún santo pode resultar difícil ou inducir a erro por compartir atributos, hai casos nos que se grava o seu nome, tal como se pode ver nos cruceiros do Carregal e do adro da igrexa de Labrada, os dous no concello de Abadín.





Relación de cruceiros con santos no fuste da Terra Chá

Nome do Cruceiro	*Concello*	*Santo*
Cruceiro do Honesto	Castro de Rei	Santiago
Cruceiro de Becín	Guitiriz	Virxe da Soidade
Cruceiro do Porto do Sal	Cospeito	Santiño
Cruceiro do Matodoso	Cospeito	Pastor
Cruceiro do Fiouco	A Pastoriza	San Pedro e San Bartolomeu
Cruceiro de Xirómeno	A Pastoriza	Santiño
Cruceiro do Campo da Festa de Pousada	A Pastoriza	Virxe da Soidade en actitude orante
Cruceiro da Vesada	Abadín	San Ramón
Cruceiro do Manueliño	Abadín	Santiño espido (Adán?)
Cruceiro da escola de Gontán	Abadín	Santiño que porta unha cruz
Cruceiro do adro da igrexa de Romaríz	Abadín	Santiño espido coas mans sobre o peito (Adán?)
Cruceiro da Rozavella	Abadín	Santiago
Cruceiro da pista de Fraiás	Abadín	Santiño que porta unha bóla
Cruceiro do adro da igrexa de Labrada	Abadín	San Pedro
Cruceiro do Carregal ou do Cendán	Abadín	San Antón
Cruceiro do Rafael	Abadín	Santo con nimbo
Cruceiro da igrexa de Quende	Abadín	Santiño
Cruceiro do adro da igrexa de Fanoi	Abadín	Santiño que porta unha cruz
Cruceiro do Rego	Xermade	San Ramón
Cruceiro da Casa dos Carboeira	Vilalba	Santiño
Cruceiro de Lanzán	Vilalba	Santiño
Cruceiro da igrexa de Sancovade	Vilalba	Santiño
Cruceiro da capela de San Urbano	Cospeito	San Urbano

Cabezas e rostros humanos

Descoñecemos o significado deste motivo ornamental que é certamente escaso nos cruceiros chairegos, xa que só localizamos este relevo en seis: no da Touza (Xermade) onde aparece asociado a unha custodia, na da Veiga da Ponte (Abadín), no do adro da igrexa de Galgao (Abadín) no do Vilar (Muras) e nos da Capela da Ascensión de Tardade e da Residencia de Maiores de Vilalba.

Sol e lúa

Estes dous motivos poden ser en relevo (cruceiro de Regiada, Vilalba) ou gravados (cruceiros de Porto Pazo, Vilalba; Castellano, Xermade; etc.). Nalgúns casos, como os dos exem-

plos citados, atopamos os dous motivos repartidos por dúas caras do extremo superior do fuste, mentres que nos da Casa de Pascualiñas I (Xermade) e de Porto Pazo (Vilalba) só figura a lúa nun dos lados.

Corazón

Trátase dun motivo pouco frecuente (só o localizamos en catro casos) que pode aparecer gravado (cruceiro da igrexa de Muras e da Casa de Pascualiñas I de Xermade) ou en relevo (cruceiro da igrexa de Galgao e da Veiga da Ponte en Abadín).

Arcos

Este ornamento consiste en arcos de medio punto que aparecen repartidos polas catro caras do extremo superior do fuste. Na Terra Chá só están presentes nos cruceiros de Sistallo (Cospeito) e de Curras (Gondaísque-Vilalba).

Letras

O cruceiro de Lanzán é o único desta comarca que ofrece este motivo, do que ignoramos o seu significado (alusión á Virxe María?). Trátase de dous **M** en relevo dispostos verticalmente e opostos entre si, de xeito que o inferior está invertido, enmarcados por un rebaixe rectangular e situados no extremo superior do reverso do fuste.

Motivos xeométricos

Poden ser en relevo ou gravados e quizais se trate de marcas de canteiros para identificar a súa obra. Dentro de cada un deles existen varios tipos, tal como podemos observar na seguinte relación:

a } Rombos: É o motivo en relevo máis frecuente nos dous cruceiros de tipoloxía Carboeira. Aparece sempre enmarcado por un rebaixe rectangular ou cuadrangular[259] situado en dúas, tres ou as catro caras do extremo superior do fuste. Presenta as seguintes variantes:

- Rombo cun roel no centro e dous flanqueando os vértices superior e inferior.

[259] Este rebaixe cuadrangular podemos velo nos cruceiro da igrexa de Codesido, no Santuario dos Remedios, tamén en Codesido, e da igrexa de Nete, todos eles no concello de Vilalba.





- Rombo cun roel con dous radios en forma de cruz no centro e dous flanqueando os vértices superior e inferior (cruceiro da igrexa de Roupar, Xermade).

- Dous rombos concéntricos con dous roeis flanqueando os vértices superior e inferior.

- Rombo cunha roseta con varios radios no centro e dous roeis flanqueando os vértices superior e inferior (cruceiro da Capela de Guadalupe, Sancovade-Vilalba e de Vilaxoán, Santabaia, Vilalba).

- Rombo (cruceiros de Ribas de Miño, Castro de Rei; Venanciño, A Pastoriza; adro da igrexa de Xermade).

- Rombo cun roel no centro (cruceiro do Cordón, Castro de Rei).

- Rombo cunha estrela de cinco puntas no centro (cruceiro do Eirixado, Cospeito).

- Rombo con dous roeis flanqueando os vértices superior e inferior (cruceiros do Migueliño e do Dilo, Vilalba).

- Rebaixe en forma de rombo cunha roseta octopétala no centro (cruceiro do adro da igrexa de Trobo, Begonte).

- Rebaixe en forma de rombo con cinco roeis en forma de cruz (cruceiro de Antonio Puente, Abadín).

- Rebaixe en forma de rombo (cruceiro do Curro, Castro de Rei).

Hai cruceiros que presentan dous destes motivos. Así, no da Capela de Santiago e do Carrizo (Santabaia, Vilalba) podemos ver en dúas das súas caras un rombo cun roel no centro e dous flanqueando os vértices superior e inferior, mentres que nas opostas aparecen dous rombos concéntricos con dous roeis na mesma disposición que o anterior. O do Carballo na Pastoriza presenta en dúas das súas caras un rombo cun roel no centro e dous flanqueando os vértices superior e inferior e, nas opostas, un rebaixe rectangular con dúas diagonais en relevo.

b } Rebaixe cuadrangular: Pode aparecer nunha, dúas, tres ou catro caras do extremo superior do fuste.

- Rebaixe cuadrangular con dúas diagonais en relevo cun roel en cada triángulo (cruceiro do Carballal, Muras).

- Rebaixe cuadrangular con dúas diagonais en relevo (cruceiro da Valiña, Abadín).

- Dous rebaixes cuadrangulares dispostos verticalmente con dentes de león (cruceiro dos Currás, Xermade).

- Rebaixe cuadrangular con dentes de león (cruceiro da igrexa de Samarugo, Vilalba).

Os cruceiros de Xirómeno, do Caxigo, e do Cándido, todos eles do concello da Pastoriza, teñen a particularidade de presentar dous motivos ornamentais xeométricos no extremo superior do fuste, xa que en dúas das súas caras amosan un rebaixe rectangular con dous rombos concéntricos con dous roeis flanqueando os vértices superior e inferior e, nas opostas, un rebaixe rectangular con dúas diagonais en relevo cun roel en cada ángulo.

c } Motivos circulares: Poden ser en relevo ou gravados. Entre os primeiros temos:

- Rebaixe circular cunha roseta sexapétala (cruceiro da Pedreira e da igrexa en Muras, da igrexa de Vián na Pastoriza, do Carregal[260] en Abadín e da Casa de Pascualiñas I en Xermade).

- Rebaixe circular cunha estrela de cinco puntas (cruceiro de Castro de Riberas de Lea, Castro de Rei).

Entre os gravados están:

- Trisqueis (cruceiro de Pirís na Pastoriza; Pichel en Xermade; Mercador e Casa do Americano en Vilalba; Cornide, Beloi e Vilamel en Castro de Rei en Castro de Rei; da Lamela e do Matocovo en Cospeito; de Galgao, Vilar de Nuño, Pazo da Cernada II en Abadín entre outros).

- Círculos con radios en forma de cruz (cruceiro de Sta. Cristina, Ancares, Calvario e Reximil en Cospeito e da igrexa de Quende en Abadín).

d } Outros motivos: O cruceiro da Corda ou do Manueliño (Abadín) presenta en tres das caras do extremo superior do fuste un rebaixe rectangular co relevo de dous semicírculos. Tamén no extremo superior do varal do cruceiro da igrexa da Torre (Vilalba) podemos ver catro rebaixes semiesféricos en forma de cruz.

[260] Cómpre reseñar que este cruceiro presenta dous motivos: a roseta hexapétala e o rebaixe rectangular co relevo de dous rombos concéntricos con dous roeis flanqueando os vértices superior e inferior.

Rosetas

Hainas de varios tipos, tamaños e formas, pero todas co denominador común de estar en relevo e de atoparse nas caras do extremo superior do fuste. Delas cómpre destacar:

- Roseta pequena: situada normalmente á altura do comezo do chafrán do fuste. Podemos vela nos cruceiros de Lanzán, de Fontechousa e do adro da igrexa de Distriz en Vilalba; da igrexa de Vián na Pastoriza; da Casa de Pascualiñas I, do adro da igrexa de Burgás, da Alboina, de Barro e da igrexa de Roupar, estes últimos no concello de Xermade.

- Roseta grande: aínda que, de diferentes formas, están presentes nos cruceiros de Montes, Veigalonga, Fontechousa, Lanzán (Vilalba) e no lateral do calvario dos Vilares (Guitiriz).

Motivos vexetais

Estes relevos ornamentais son certamente escasos nos cruceiros chairegos, xa que só o localizamos en catro exemplares. Neles figuran os seguintes motivos:

- Follas de carballo: Ocupan o extremo superior do fuste do cruceiro do Muíño Rañego (Sancovade-Vilalba), obra realizada no ano 2000.

- Trevo de catro follas: Está presente nunha das caras laterais do extremo superior do cruceiro da Casavella (Burgás-Xermade), mentres que nas outras hai un rebaixe rectangular co relevo dun rombo cun roel no centro e dous flanqueando os vértices superior e inferior.

- Pola de oliveira (¿): Atópase intercalado entre os símbolos da paixón situados na cara principal do fuste do cruceiro da Veiga da Ponte (Montouto-Abadín).

- Motivo vexetal esquemático: Dos que levamos citados é o único motivo vexetal gravado e pode verse no extremo superior da cara principal do cruceiro do adro da igrexa de Xoibán.

Motivos zoomórficos

Son realmente escasos nos cruceiros da Terra Chá. Dous deles se repítense, pero coa particularidade de que nun cruceiro aparece en relevo e noutro gravado.

- Serpe: Este relevo atópase na cara NW do fuste do cruceiro da Veiga da Ponte (Montouto-Abadín).

- Galo sobre columna: Este motivo que alude claramente a San Pedro podemos velo en

relevo no cruceiro do adro da igrexa da Graña (Buriz-Guitiriz) e gravado no situado no adro da igrexa de Xoibán (Vilalba).

Formas alongadas

Os extremos dos chafráns de varios cruceiros chairegos, sobre todos nos máis recentes, exhiben están ornamentados cunhas formas alongadas de diferentes tamaños e tipos. As podemos ver no cruceiro de Pena Corveiras, da igrexa de Alba, da Casa de Paco, da igrexa de Belesar, da Praza dos Ovos e da Torre en Vilalba; da Volta en Muras; de Sta. Mariña de Lagostelle e da igrexa de Mariz en Guitiriz; de Bazarroso Vello, Guimarás e do Calvario en Begonte; do Sergio de Maneche na Pastoriza, etc.

Borla

Tamén situado no extremo superior do comezo do chafrán, este motivo en relevo só o atopamos nos cruceiros da Veiga da Ponte (Abadín) e da Casa de Fermín (Vilalba).

Outros motivos

Recollemos neste apartado os motivos ornamentais menos frecuentes que localizamos nos fustes dos cruceiros chairegos:

- Cruz: Gravada a podemos ver no cruceiro do Porto Pazo (Santabaia-Vilalba) e en relevo no cruceiro de Luxís (Castro de Rei).

- Hórreo: Aparece na cara S do extremo superior do cruceiro da Praza de Galicia de Castro de Rei, obra realizada no ano 2000.

- Torque: Aparece na cara W do extremo superior do cruceiro da Praza de Galicia de Castro de Rei.

- Compás: Aparece na cara N do extremo superior do cruceiro da Praza de Galicia de Castro de Rei.

- Motivos esquemáticos: Atópanse no cruceiro do Sergio (Bazar-Castro de Rei) e entre eles puidemos identificar dúas estrelas.

- Flor de lis: Este relevo atopámolo no cruceiro de Veigalonga (Noche-Vilalba).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

c } Motivos ornamentais e iconográficos nos capiteis





Ademais dunha gran variedade de molduras, máis características dos capiteis dos cruceiros sinxelos, os capiteis dos cruceiros ornamentados poden presentar algúns dos seguintes motivos decorativos:

- Volutas. É o motivo máis frecuente nos dous tipos de capiteis ornamentados, aínda que podemos atopar exemplos que carecen delas (cruceiro de Luxís en Castro de Rei). Normalmente están situadas nos vértices superiores, pero nos casos de dobre (cruceiro do Castellano en Xermade e da Praza na Pastoriza) e tripla voluta (cruceiro da Reigada en Vilalba) esténdense por toda ou case toda a aresta, sendo tamén variable o número de voltas da espiral. No medio da arestas as podemos ver no cruceiro do Mallo de Guitiriz. Convén destacar os capiteis dos cruceiros da Picheira e do adro da igrexa de Abeledo en Abadín, xa que as volutas do anverso prolónganse ata o reverso a xeito de rolos.

- Querubíns. É outro dos motivos máis abundantes nos capiteis dos cruceiros ornamentados da Terra Chá. Por regra xeral están situados na parte superior das caras e a súa representación máis habitual é a dunha cabeza en relevo moi acusada cun par de ás por baixo, tamén en relevo pero menos marcadas.[261] Como casos curiosos podemos citar os distintos querubíns dos cruceiros da igrexa de Candamil (Xermade), da igrexa de Gaibor (Begonte) e da Vesada (Abadín), mentres que no da Xunqueira (Xermade) as ás toman a forma de volutas e no de Montes (Mourence-Vilalba) só unha cara do seu capitel presenta querubín. Gravados os podemos ver no cruceiro do adro da igrexa de Xoibán, caso único na Terra Chá.

[261] En opinión de Salvador Fernández de la Cigoña Fraga, este motivo, "*pese a tener forma de querubín tal vez pueda tratarse de los cuatro arcángeles: Miguel, Gabriel, Rafael y Uriel, que forman el llamado trono de los ángeles... De esta manera el escultor consigue incorporar nueva iconografía sin sobrecargar el conjunto. Al representar a los arcángeles confundiéndolos intencionadamente con querubines no los rebaja de jerarquía*." Véxase *Cruceros de Valmiñor y Sta. María de Oia*. Deputación de Pontevedra, 2004. páx. 55.

- Merlóns. Van sempre na parte inferior do fuste e teñen forma de ameado. Os podemos ver en máis de trinta cruceiros chairegos, case todos eles de tipo Carboeira.[262] Como caso curioso podemos citar o exemplo do cruceiro de Veiga da Ponte, onde os merlóns aparecen por baixo do ábaco, e non na parte inferior do capitel como é o habitual.

- Cadeas. Aínda que non é moi frecuente (figura só en 19 exemplos)[263], trátase dun motivo característico dos cruceiros de tipo Carboeira. Nalgúns casos (cruceiro do adro da igrexa de Fanoi II en Abadín, da Capela de Santiago en Santabaia-Vilalaba, etc.) só aparece nunha das caras do capitel. Vai por baixo dos querubíns unindo as volutas a xeito de grilanda. Tamén pode ir asociado a outros motivos como poden ser vieiras (cruceiro do adro da igrexa de Burgás-Xermade) ou resaltes (cruceiro da Alboiana en Xermade).

- Custodia. Os capiteis dos cruceiros do adro da igrexa de Abeledo e da Picheira (Abadín), presentan na cara que se corresponde co anverso o relevo dunha custodia tipo sol, motivo que tamén atopamos no cruceiro do adro da igrexa de Árbol (Vilalba), mentres que o da capela de San Estevo de Árbol (Vilalba) amosa os relevos dun cáliz, dun círculo que representa a Sagrada Forma e dunha custodia repartidos por tres das caras do seu capitel.

- Rostros humanos. A ausencia de ás e o seu menor tamaño son as principais diferenzas deste motivo cos querubíns. Os podemos ver no cruceiro dos Currás e do Camiño (Xermade), de Freán, da capela de Guadalupe e da igrexa de San Simón da Costa (Vilalba). Un caso curioso o constitúe o capitel do cruceiro da igrexa de Santabaia (Vilalba) que amosa rostros gravados entre arcos de medio punto.

- Motivos xeométricos. O capitel do cruceiro de Santiño (Guitiriz) presenta nas súas caras un rectángulo con varios X gravados, mentres que no da Veiga da Ponte ofrece diversos ocos cuadrangulares, ademais de golas por baixo do ábaco, motivo este último de tipo clasicista que tamén atopamos no cruceiro de Traspaga (Guitiriz). Unha sucesión de dobres palmetas en relevo podémolas ver na parte inferior do capitel do cruceiro da Reigada (Vilalba) e rombos no da capela de San Estevo de Árbol (Vilalba). O capitel do cruceiro do Cal (Belesar-Vilalba) presenta uns motivos de forma oval dispostos verticalmente nas caras e na intersección das mesmas.

[262] Este motivo aparece nos capiteis dos cruceiros de Vilar de Abaixo en Castro de Rei; de Riotorto, da Fírveda, do Vilar e de Trasparga en Guitiriz; do Tumbo, de Momán de Abaixo, do Porto do Sal e da Praza en Cospeito; do Pontigo, de Vilagromar e de Vilar na Pastoriza; da Casavella e da Panda en Xermade; de Gaúte, da Pedrosa e da Serra en Abadín; da Ermida de San Antón e de Leganitos en Muras e da Cachopa, de Manuel Ignacio, da igrexa de Corvelle, de Abuín, de Gomariz, de Pernas, de Ver, do Sixto, dos Carboeira, da Penaserra, da Ponte Ribeira, da Ribeira, de Montemeano e de Lanzán en Vilalba.

[263] O podemos ver nos cruceiros de Ribas de Miño (Castro de Rei), Denune (Begonte), Calvario-Arcillá e Paredes (Cospeito), Casa de Pascualiñas I, Barro, Touza, adro da igrexa de Burgás, Alboina e Pedregosas (Xermade), igrexa de Fanoi II (Abadín), Fontechousa, adro da igrexa de Distriz, Casa dos Carboeira, igrexa de Sancovade, capela de Santiago de Santabaia, das Pedragosas, de Cartín e de Lanzán (Vilalba).

- Funículo / borlas. Trátase dun motivo certamente escaso que parece estar reservado para cruceiros que os seus autores quixeron singularizar, como poden ser os de Trasparga (Guitiriz), do adro da igrexa de Trobo (Begonte), do Eirexado (Cospeito) e da Florida (Vilalba). Borlas que rematan as volutas do capitel están presentes no cruceiro de Lanzán (Vilalba).

- Motivos vexetais. Hainos de diferentes tipos e formas, xa que nos cruceiros da Terra Chá se poden atopar:

- Follas de acanto: Están presentes nos cruceiros de Guimarás (Begonte), de Fonmiñá (A Pastoriza) e do Nete (Tardade). Unha lectura personalizada do orde corintio atopámolo no capitel do cruceiro da capela de San Urbano en Cospeito, decorado con motivos de acanto que se dispoñen nos ángulos pero que non chegan a xerar os caulículos convencionais. A simplificación dos motivos vexetais tamén se aprecia nas follas situadas nas frontes deste capitel de nova feitura.

- Grilandas: É un motivo exclusivo do cruceiro do adro da igrexa de Trobo (Begonte).

- Folla: Cruceiro da Abelaira (Vilalba).

- Planta: Cruceiro de Nicolás (Cospeito). Trátase dun capitel de nova feitura.

- Colgante vexetal: Cruceiro do Muíño Rañego (Vilalba).

- Trebo: Cruceiro do Pontigo (A Pastoriza) e da Abelaira (Román-Vilalba).

- Sol e lúa. Estes motivos aparecen gravados nos capiteis dos cruceiros das Carballas, de Arco e do Calvario-Xermar (todos eles no concello de Cospeito), do adro da igrexa de Labrada (Abadín), da Pedreira (Muras) e da capela de Pardo (Vilalba).

- Anxos que portan unha coroa. Este tema é certamente escaso nos cruceiros chairegos, xa que só o localizamos no situado no adro da igrexa de Sistallo (Cospeito).

- Letras. O cruceiro do adro da igrexa de Abeledo e o da Picheira, que con toda seguridade son obra dun mesmo autor, presentan no reverso dos seus capiteis o relevo dun **M,** letra que coidamos que fai referencia á Virxe María.

- Rosetas. Non é un motivo frecuente no capitel. Podémola ver no anverso do ábaco do capitel do cruceiro da igrexa de Silán, onde figura unha roseta tetrapétala, mentres que a situada no adro da igrexa do Viveiró é pentapétala.

- Bólas: Como remate do funículo que rodea o extremo superior do capitel, podemos velas no cruceiro da Florida (Árbol-Vilalba) e, por baixo das volutas, no cruceiro de Muimenta e no do adro da igrexa de Sistallo (Cospeito).

- Vieiras: Este símbolo xacobeo aparece asociado ás cadeas no capitel do cruceiro do adro da igrexa de Burgás entre outros, mentres que soas as atopamos no cruceiro do adro da igrexa de Belesar (en caras alternas cos querubíns), da Ruta (Mourence-Vilalba) e das Carpaceiras (Nete-Vilalba).

- Cruz: Figura na cara E do capitel do cruceiro da Capela de San Estevo (Árbol) e da igrexa desta mesma parroquia, así como tamén no cruceiro de Racamonde (San Simón da Costa-Vilalba) e no ábaco do situado a carón da capela de San Urbano (Cospeito). Un caso curioso o constitúe o capitel do cruceiro do Neto (Tardade-Vilalba) no que atopamos unha cruz composta con catro follas debaixo dun querubín.

- Outros motivos: O do cruceiro da Casa do Xusto, na citada parroquia, presenta nós debido á forma de tallo que ten o capitel.



d } Motivos ornamentais e iconográficos nas cruces

- Cristo. Xa dixemos que na Terra Chá os cruceiros os podiamos dividir en sinxelos ou lisos e ornamentados. A cruz destes últimos presenta por regra xeral a figura de Cristo no anverso, que pode ser de vulto redondo ou en relevo.

Nos primeiros a súa representación máis frecuente é con coroa de espiñas na cabeza, que inclina para o lado dereito. Os seus brazos están estendidos ao longo da cruz (pero separados dela ao igual que a cabeza, lombo e pernas) e as mans aparecen abertas deixando ver os cravos. O perizoma anóase á dereita e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e os dous sobre unha caveira, supedáneo ou santiña. En ocasións, e co obxecto de aumentar a carga dramática da imaxe e darlle un maior realismo, as espiñas da coroa son de ferro, ao igual que os cravos das mans e pés. Tamén pode presentar a chaga do peito pintada de vermello.

Hai cruceiros como o do Pazo de Meire, da Lagoa, da Capela de Guadalupe (Vilalba), etc. aos que a cruz lisa se lle engadiu un cristo de metal, case sempre de bronce.





- Virxe María. No reverso dos cruceiros chairegos a imaxe máis frecuente é a da Virxe María nas advocacións de Virxe das Angustias ou Piedade, de Dolorosa e da Soidade.

- Virxe das Angustias ou Piedade: Sobre todo nos cruceiros de tipo Carboeira, a Virxe aparece sentada sobre

un trono formado por dous discos ovalados. Viste túnica que lle deixa ver os pés e manto que lle cobre a cabeza. No seu colo descansa o corpo inerte do seu Fillo a quen lle colle un dos seus brazos. A cabeza de Cristo está caída para atrás, mentres que o seu brazo esquerdo cae sobre a túnica que cobre as pernas da súa Nai. Variantes desta representación podémolas ver nos cruceiros do cemiterio de Vilalba, de Vilar de Castiñeiras (Vilalba) da igrexa de S. Simón, etc.

- Dolorosa: Aparece sempre de pé e vestida con túnica e manto sobre a cabeza. Represéntase sempre cun corazón en relevo sobre o peito, que pode levar unha cruz, tamén en relevo, ou un puñal metálico para aumentar o realismo da imaxe. Non atopamos ningún cruceiro na Terra Chá no que hoxe aparezan os sete puñais típicos da súa iconografía, pero é probable que os tivera a situada no cruceiro central do calvario de Baamonde (Begonte). En canto ás mans, normalmente van cruzadas sobre o peito ou sobre o ventre, ben en actitude orante ou como xesto de resignación.





- Virxe da Soidade: É das máis representadas. A súa iconografía é moi semellante á da Dolorosa: de pé, vestida con túnica e manto, e coas mans cruzadas sobre o peito ou sobre o ventre en actitude orante ou como xesto de resignación. A principal diferenza é que carece do relevo do corazón coa cruz ou co puñal no peito. Unha variante desta advocación atopámola no cruceiro situado a carón da Capela de San Urbano (Cospeito), obra moderna, no que as mans da Virxe aparecen colocadas doutro xeito e a súa túnica está ornamentada cunha cruz.

- Inmaculada: A súa presenza é tamén moi frecuente, aínda que non tanto como as anteriores, nos cruceiros chairegos, onde aparece vestida con túnica e manto e coas mans sobre o peito ou sobre o ventre tanto cruzadas, amosando resignación, como en actitude orante. O seu atributo máis significativo é a media lúa deitada que sempre presenta baixo os seus pés.

- Virxe do Carmo: Unha curiosa imaxe desta advocación na súa versión popular podemos vela no cruceiro da Algara (Vilapene-Cospeito). Nela, o escapulario aparece convertido en manípulo, ornamentado cunha cruz grega, e o hábito do Carmelo está interpretado coma o dunha monxa, mentres que o Nemo queda reducido a un bebé de reducidas dimensións.

- Virxe co Neno: Representada de pé, vestida con túnica e manto e frecuentemente coroada, co Neno sobre o seu brazo esquerdo. Unha variante a esta iconografía atopámola no cruceiro

do antigo hospital psiquiátrico de San Rafael en Castro Ribeiras de Lea (Castro de Rei), no que a Virxe aparece sentada e o Neno, xa crecido, de pé.

- Caveira: Símbolo por excelencia da morte é o motivo que máis ser repite baixo os pés de Cristo nos cruceiros chairegos. Normalmente aparece soa, aínda que tamén a podemos ver sobre dúas tibias cruzadas (cruceiro da Casiña en Cospeito; do Rego e do Campo da Feira de Lousada en Xermade; da igrexa de Silán en Muras; da Capela de San Estevo e de Lanzán en Vilalba) ou sobre unha soa tibia colocada horizontalmente (cruceiro de Teirixeiro na Pastoriza, do Xastre e das Ferreirías en Xermade; do adro da igrexa do Viveiró en Muras). Un caso curioso e único o constitúe o cruceiro do cemiterio de Sancovade (Vilalba) no que a caveira está por encima dun querubín.

- Santiña: Figura de vulto redondo que aparece como supedáneo da efixie de Cristo en once cruceiros chairegos, por regra xeral ornamentados e con capitel de tipo B, o que nos leva a supoñer que ben podería tratarse dun motivo característico dun determinado canteiro ou obradoiro distinto ao dos Carboeira. Habitualmente aparece vestida cun manto que lle cobre a cabeza e coas mans en actitude orante. Podemos vela nos cruceiros de Curro en Castro de Rei; do Pazo de Casanova en Guitiriz; de Lamas, Anidos, Carballas, Arco e Sitallo en Cospeito; do Castiñeiro, do Valado e da Evarista en Abadín e da Lama en Vilalba.

Santiño: Este motivo aparece tallado no supedáneo do cruceiro do antigo hospital psiquiátrico de San Rafael en Castro Riberas de Lea. Vestido con túnica longa, presenta as mans en actitude orante.

- Letra M: O relevo desta letra aparece sempre no reverso dalgunhas cruces, concretamente na intersección dos brazos. Trátase dunha alusión á Virxe María e a súa presenza nos cruceiros chairegos non é moi frecuente, xa que só a atopamos no da Touza (Xermade), da Vesada (Abadín), da Capela de Santiago de Santabaia (Vilalba) e do Mesón (Castro de Rei), se ben neste último caso está gravada dentro dun círculo en relevo.

- Custodia: Situada sempre no reverso da cruz, este motivo só o localizamos nos cruceiros de Teixeiro (A Pastoriza) e do Campo da Igrexa de Fanoi (Abadín).

- Coroa: Símbolo mariano, aparece sempre voada no reverso da cruz, na intersección dos brazos, por enriba dalgunha imaxe da Virxe María nas súas diferentes advocacións. Soa atopámola nos cruceiros da Praza ou do Parque de Muras; de Fontechousa, do adro da igrexa de Distriz, do Paseo Fluvial e de Cartín en Vilalba; do Nicolás en Cospeito, do Fiouco na Pastoriza e da Alboiana e do Barro en Xermade.

- Cabeza /cara humana: Ademais da caveira e da santiña, tamén atopamos facendo as veces de supedáneo da efixie de Cristo o relevo dunha cabeza humana (cruceiro de Antonio Puente,

Abadín) e dunha cara (cruceiro da igrexa de Santabaia, Vilalba), motivo que tamén aparece nos extremos dos brazos da cruz, mentres que no reverso figuran dúas caras baixo os pés da Virxe.

- Querubín: Fai ás veces de supedáneo da Virxe no cruceiro do cemiterio de Árbol, no do Neto en Tardade e no situado no interior da Residencia de Anciáns de Vilalba, así como tamén no da Roxoa (Abadín), do Cristo Enxoito e do Vilar (Xermade).

- Santiños que flanquean a cruz: Se ben en moitos casos só se conservan xa os espigos que termaban deles, aínda podemos ver sobre moitos[264] dos capiteis dos cruceiros chairegos diversos santiños flanqueando a cruz, fundamentalmente do lado do anverso, nun número variable que vai dun a catro, se ben o máis frecuente é que sexan dous. Trátase de pequenas imaxes, ás veces de difícil identificación pola ausencia de atributos definidos. Así, non faltan exemplos en que se escribe o nome do santo sobre o ábaco do capitel para poder saber de quen se trata, tal como se pode apreciar nos cruceiros de Augas Roibas e da Touza (os dous no concello de Xermade) e de Gaibor (Begonte).

No cruceiro de Fabás (Vilalba) as imaxes que flanquean a cruz son dous santos que se corresponden cos dos nomes dos patrocinadores da obra: Xosé e Antón.

Na maioría dos casos trátase da Virxe María e de San Xoán, situados respectivamente á dereita e á esquerda do Redentor. A súa atención non se centra na efixie de Cristo, pois a súa mirada diríxese ao espectador, característica esta extensible a todos estes santiños. Sabemos tamén que outras imaxes son de santos aos que o doador lles tiña unha especial devoción, xa que non gardan ningunha relación co tema da crucifixión de Cristo, ou que se corresponden co do titular da parroquia ou dunha capela próxima, tal como acontece no caso do cruceiro da capela de Santiago (Santabaia-Vilalba), no que podemos ver un santiño que representa a Santiago Peregrino e que constitúe un caso excepcional nesta comarca.

Chaman a atención os santiños do cruceiro de Pirís (A Pastoriza) por seren os únicos da Terra Chá representados de xeonllos e coas mans en actitude orante, o que nos fai supoñer que se trata das efixies dos doares.

Aínda que de recente feitura, destacan tamén os tres santiños do cruceiro do Carregal ou do Cendán, realizados por Jesús Fernández Cendán. Tamén recentes son os dous anxos que, en actitude orante, flanquean o anverso da cruz do cruceiro de Regotraveso (Vilalba).

- Resaltes: Trátase dunha auréola de raios situados nos ángulos do cruzamento dos brazos da cruz. A presentan os cruceiros de Trasparga (Guitiriz) e do Atadoiro e Crucitaria (Vilalba).

- Corazón cunha cruz: Este motivo en relevo podemos velo nos cruceiros da Bíspera e do adro da igrexa de Soexo, os dous no concello de Vilalba.

[264] Concretamente en 58 cruceiros.

- Placas circulares: Están situadas na intersección dos brazos no cruceiro do Rouco en Román-Vilalba e nos laterais do calvario dos Vilares-Guitiriz.

- Rosetas: Trátase dun relevo situado sempre na intersección dos brazos da cruz e, de diferentes tipos, as podemos ver nos cruceiros da Alboiana e adro da igrexa de Burgás (Xermade), así como tamén no da esquerda do calvario dos Vilares (Guitiriz).

- Pomba: En vez de santiños flanqueando a cruz, o cruceiro de Anxo Lamas (I) de Castro de Rei presenta unha pomba, indicativa das novas tendencias na realización de cruceiros.

- Outros motivos: O cruceiro do Quinto (Begonte) amosa no anverso da cabeceira da cruz un querubín, mentres que no reverso da que coroa o cruceiro da Casa de Charón (Xermade) presenta o relevo dun motivo vexetal moi esquematizado. Un caso único constitúeo o cruceiro do adro da igrexa de Graña en Guitiriz, cuxa cruz ten un relevo estraño (funículo en forma de tesoira) e do que descoñecemos o seu significado.

Cronoloxía dos cruceiros chairegos

Resulta difícil saber cando se levantaron os primeiros cruceiros na Terra Chá, xa que non temos aínda datos suficientes e fiables a este respecto. Quizais un dos primeiros fora o da Roxoa (Castromaior-Abadín) probable obra dun artífice alleo a estas terras e que traballou na construción ou na reforma do pazo do mesmo nome que se atopa a escasa distancia. Pero si temos constancia epigráfica dunha boa parte dos cruceiros chairegos, o que nos permite establecer unha táboa cronolóxica bastante precisa que, incluso, e dada a súa semellanza tipolóxica entre cruceiros, se pode extrapolar aos que carecen de data. Estas inscricións nos permiten saber que os cruceiros chairegos máis antigos son de mediados do século XVIII, se ben o máximo apoxeo deste tipo de construcións se da entre 1880 e 1920, período ao que pertencen a maioría dos cruceiros actualmente existentes na Terra Chá.

Nome	Concello	Data
Cruceiro da Roxoa	Abadín	¿
Cruceiro da Fonte da Nosa Señora	Abadín	1750
Cruceiro da igrexa de Boizán	Vilalba	1765
Cruceiro do cemiterio de San Simón da Costa	Vilalba	1783
Cruceiro dos Paxariños	Abadín	1783
Cruceiro da igrexa de San Simón da Costa	Vilalba	1793
Cruceiro dos Prados	Abadín	1797
Cruceiro de Saa	Guitiriz	1798

Cronoloxía dos cruceiros chairegos por concellos

Neste apartado recollemos soamente a cronoloxía dos cruceiros chairegos dos que temos unha certeza do ano da súa construción, ben porque este dato figura nun epígrafe do cruceiro ou porque atopamos documentación que así o indica. Por concellos obtivemos os seguintes datos:

Castro de Rei

Dos 28 cruceiros existentes neste concello, catorce presentan unha inscrición referida ao ano da súa construción, tal como se pode ver nas seguintes táboas:

Século XIX

Nome do Cruceiro	Ano
Cruceiro da Plazuela	1856
Cruceiro do Curro	1865
Cruceiro de Beloi	1871
Cruceiro do Chairo	1885
Cruceiro do Campo da Feira	1888

Século XX

Nome do cruceiro	Ano
Cruceiro de Vilamel	1907
Cruceiro da Ponte	1908
Cruceiro da Pontenova	1908
Cruceiro da Cainzada	1912
Cruceiro do Mesón	1927
Cruceiro de Castiñeiras	1942
Cruceiro do Cordón	1982
Cruceiro da Praza de Galicia	2000

Século XXI

Nome do Cruceiro	*Ano*
Cruceiro de Luxís	2007

Esta cronoloxía nos permite comprobar que a meirande parte dos cruceiros con data de Castro de Rei son do século XX, período ao que pertencen oito exemplares. O máis antigo dos de esta centuria é o Cruceiro da Pontenova, construído no ano 1906, sendo o máis recente o situado na Praza de Galicia de Castro de Rei, obra do ano 2000.

Polo que respecta ao século XIX, seis son os exemplares fechados nesta época, sendo o Cruceiro da Plazuela o máis antigo de todos eles, xa que, segundo reza nunha inscrición localizada no capitel, data do ano 1856.

Do século XXI atopamos o Cruceiro de Luxís, obra de recente feitura pois foi realizado no 2007.

Cómpre chamar a atención sobre o Cruceiro de Cordón, obra de finais do século XIX ou de comezos do XX, pois na inscrición que figura na súa base aparece o ano de 1982. Coidamos que se trata dun epígrafe realizado posteriormente á construción do cruceiro, tratándose dun caso de usurpación.

Ademais da fonte directa de información que constitúen os epígrafes, por testemuñas dos veciños e dos propios autores, sabemos tamén a data de construción doutros cruceiros. Así, os de Carril e Vilar os podemos considerar obras do século XIX, mentres que ao XX pertencen o da Igrexa (1950), Pozo (1981), Sergio (1984), os dous de Anxo Lamas (1985) e o de Honesto (1990). Xa do século XXI é o Cruceiro do Antón, obra do ano 2007.

Guitiriz

Dos 40 cruceiros existentes en Guitiriz, só oito presentan unha inscrición que nos indica o ano da súa construción, tal como se pode observar nas seguintes táboas:

Século XVIII

Nome do Cruceiro	*Ano*
Cruceiro de Saa	1798

Século XIX

Nome do Cruceiro	*Ano*
Cruceiro de Riotorto	1872
Cruceiro da Vila	1880
Cruceiro da Fírveda	1890

Século XX

Nome do cruceiro	*Ano*
Cruceiro de Cercedo	1977
Cruceiro de Verulfe	1988
Cruceiro do adro da igrexa de Mariz	1990
Cruceiro da Pena de Lliboi	1993

Esta cronoloxía nos permite comprobar que a meirande parte dos cruceiros con data de Guitiriz son do século XX, sendo o máis antigo o Cruceiro de Saa, realizado no ano 1798, e o máis recente o da Pena de Lliboi, feito en 1993. Pero ademais, as testemuñas dalgúns veciños e canteiros e a comprobación de diversa documentación, nos permitiron saber a cronoloxía dos seguintes cruceiros:

Cruceiro de Becín	1978
Cruceiro da igrexa de Mariz	1990
Cruceiro das Negradas	1989
Cruceiro da capela de S. Alberte	1984
Cruceiro da igrexa de Sta. Locaia	Anos 70
Cruceiro de Xestoselo	Comezos do S. XX
Cruceiro de Bascuas	1998
Cruceiro de Ferreira	1997
Cruceiro da igrexa dos Vilares	1993
Cruceiro das Reixas	Anos 30
Cruceiro da Paderna	Século XIX
Calvario dos Vilares	Século XVIII

Tamén, por unha análise comparativa cos cruceiros doutros concellos chairegos, coidamos que a meirande parte dos cruceiros de Guitiriz son do século XIX, se ben non descartamos que dous deles sexan do século XVIII, tal como veremos no apartado da autoría.

O resto dos cruceiros son do século XX, sendo de destacar o feito de que unha boa parte deles están realizados no último Terzo, o que constitúe un bo exemplo de que esta actividade da arquitectura popular continúa aínda puxante, se ben máis orientada á ornamentación que a devoción.

Begonte

Dos 15 cruceiros existentes en Begonte, 6 presentan unha inscrición que nos indica o ano da súa construción, tal como se pode observar nas seguintes táboas:

Século XIX

Cruceiro de Muíño Novo	1813
Cruceiro de Denune	1891
Cruceiro do adro da igrexa de Gaibor	1896
Cruceiro de Saavedra	1898
Cruceiro do adro da igrexa de Trobo	1899

Século XX

Cruceiro do Quinto	1935

Esta cronoloxía nos permite comprobar que a meirande parte deles son do século XIX, sendo o máis antigo o de Muíño Novo, datado en 1813[265], e o máis recente o do Quinto, obra de 1935.

Cospeito

Dos 35 cruceiros existentes no concello de Cospeito, 15 presentan unha inscrición alusiva ao ano da súa construción, tal como se pode observar nos seguintes cadros:

Século XIX

Nome do cruceiro	***Data***
Cruceiro de Fontela	1862
Cruceiro do Arco	1862
Cruceiro do Calvario-Xermár	1870
Cruceiro de Ancares	1871
Cruceiro da Granda	1872
Cruceiro de Reximil	1878
Cruceiro dos Muíños	1879
Cruceiro do Nicolás	1890
Cruceiro do Calvario-Arcillá	1891
Cruceiro das Carballas	1891
Cruceiro do Eirixado	1893
Cruceiro de Lamela	1895
Cruceiro de Piñeiro	1898

Século XX

Nome do cruceiro	***Data***
Cruceiro da igrexa de Sta. Cristina	1909
Cruceiro de Lamas	1913

[265] Esta cronoloxía que figura na inscrición, realizada non hai moito tempo, nos nos parece correcta xa que, pola tipoloxía do cruceiro, sospeitamos que se trata dunha obra posterior a esta data.

Esta cronoloxía permítenos comprobar que a meirande parte dos cruceiros con data de Cospeito son do século XIX, sendo os máis antigos os de Fontela e do Arco, os dous de 1862, mentres que o resto son obra do último Terzo do devandito século.

De comezos do XX son o da igrexa de Sta. Cristina e de Lamas e, por testemuños, sabemos que o do Porto do Sal e o da Praza de Muimenta foron realizados pouco despois de 1918, costeados polas irmáns Agustina e Francisca Villalba Gasalla. Baseándonos tamén en informacións de D. Odón Fernández Lavandera, sabemos que os cruceiros da Xoca e de Matodoso son obras de 1956-57, xa que foron levantados co gallo das obras de colonización realizadas nesta comarca nesta década.

A Pastoriza

Na Pastoriza atopamos 23 cruceiros, pero só oito presentan unha inscrición referida ao ano da súa construción, tal como se pode ver nas seguintes táboas:

Século XIX

Nome	*Cronoloxía*
Cruceiro de Teixeiro	1872
Cruceiro do Fiouco	1891
Cruceiro do adro da igrexa de Vián	1895
Cruceiro de Pirís	1898
Cruceiro de Cándido	1900

Século XX

Nome	*Cronoloxía*
Cruceiro de Carballo	1907
Cruceiro do Vilar	1910
Cruceiro do Venanciño	1977

Por testemuñas dalgúns veciños e por outras fontes, sabemos que o cruceiro do Xirómeno é de finais do século XIX, mentres que de comezos do XX sería o do Pontigo e de finais da centuria pasada (anos oitenta e noventa respectivamente) o de Fonmiñá e o do Campo da Festa de Pousada. Ao século XXI pertencen o cruceiro da Praza de Bretoña e o da Casa de Sergio de Maneche, os dous realizados no ano 2001.

Xermade

Dos 57 cruceiros que atopamos en Xermade, 17 presentan unha inscrición referida ao ano da súa construción, tal como se pode ver nas seguintes táboas:

Século XIX

Nome	*Cronoloxía*
Cruceiro do Cemiterio (Pazo-Lousada)	1815
Cruceiro da Xunqueira	1822
Cruceiro da Casa da Pena	1823
Cruceiro do adro da igrexa de Cabreiros	1870
Cruceiro do Xastre ou de Longo	1877
Cruceiro da Casa de Charón	1882
Cruceiro da Touza	1884
Cruceiro da Panda	1885
Cruceiro do Pichel	1894
Cruceiro de Leboré	1895
Cruceiro da Casa de Pascualiñas I	1895
Cruceiro do Revellón	1898

Século XX

Nome	*Cronoloxía*
Cruceiro do Campo	1902
Cruceiro do Rego	1909
Cruceiro das Barreiras	1948
Cruceiro do adro da igrexa de Xermade	1957
Cruceiro dos Currás (Burgás)	1990

Por testemuñas dalgúns veciños sabemos que outros cruceiros, como poden ser o do Campo da Feira de Lousada ou do Campo da Feira de Momán, son obra do século XIX; mentres que o cruceiro novo do adro da igrexa de Roupar foi realizado no último Terzo do século XX e o de Cabreiros entre 1947 e 1948.

Outra fonte de información empregada foi o estudo de diversa documentación, o que nos permitiu coñecer que no ano 1893 solicitouse permiso para instalar o cruceiro da Criba. Tamén, a pola bibliografía consultada, sabemos que o de San Martiño realizouse en 1906.

Abadín

Dos 55 cruceiros existentes en Abadín, 25 presentan unha inscrición referida ao ano da súa construción, tal como se pode ver nas seguintes táboas:

Século XVIII

Nome	*Cronoloxía*
Cruceiro do Fonte da Nosa Señora	1750
Cruceiro do Paxariño	1783
Cruceiro dos Prados	1797

Século XIX

Nome	*Cronoloxía*
Cruceiro do Cemiterio (Aldixe)	1808
Cruceiro do Campo da Igrexa (Fanoi)	1821
Cruceiro do Castiñeiro	1863
Cruceiro de Antonio Puente	1867
Cruceiro do Valado	1870
Cruceiro do adro da igrexa (Labrada)	1885
Cruceiro do Carregal ou de Cendán	1885
Cruceiro do Pazo da Cernada II	1887
Cruceiro do Pereiro	1894
Cruceiro do Pazo da Cernaeda I	1894
Cruceiro de Vilar Grande	1895
Cruceiro da Penela	1896
Cruceiro da Vesada	1896
Cruceiro da Ribela	1896
Cruceiro da Evarista	1899
Cruceiro de Vilar de Nuño	1900

Século XX

Cruceiro do adro da igrexa (Fanoi)	1901
Cruceiro das Veiguiñas	1905
Cruceiro da igrexa (Quende)	1915
Cruceiro de Gaúte	1937
Cruceiro de Pedrosa	1940

Como se pode comprobar nos cadros precedentes, en Abadín hai tres cruceiros datados no século XVIII. O máis antigo é o da Nosa Señora da Fonte, en cuxa base figura o ano de 1750. De 1783 e de 1797 son, respectivamente, os cruceiros do Paxariño e dos Prados que, xunto co anterior, son dos máis vedraños deste concello.

A maioría dos cruceiros con data de Abadín son do século XIX, mentres que ao XX só pertencen seis, sendo o máis recente o da Rozavella, realizado en 1999.

Cómpre dicir que no cruceiro da Vesada aparecen dúas datas: 1896 e 1907. A primeira correspóndese co ano da súa construción, mentres que a segunda fai referencia ao ano en que o Arcebispo de Santiago concede 200 días de indulxencia por rezar diante do mesmo. No da Pedrosa aparecen os anos de 1938 e 1940. A primeira fai referencia ao ano en que morreu Jaime Iglesia Alvariño e, a segunda, á data en que se fixo esta obra.

Sabemos tamén que o cruceiro da Torre fíxose en 1907, mentres que o dos Currás realizouse a comezos do século XX. Tamén, por similitude tipolóxica, podemos afirmar que boa parte dos cruceiros sen data de Abadín foron levantados no século XIX ou a comezos do XX.

Muras

Só 4 dos 21 cruceiros localizados en Muras presentan unha inscrición referida ao ano da súa construción, tal como se pode ver nas seguintes táboas:

Século XIX

Nome	*Cronoloxía*
Cruceiro de Samil	1882
Cruceiro da igrexa de Muras	1892

Século XX

Nome	*Cronoloxía*
Cruceiro do Vilar	1918
Cruceiro do Xuncal	1988

Como se pode comprobar nos cadros precedentes, dos cruceiros con data existentes en Muras, dous pertencen ao século XIX e dous ao XX. Tamén sabemos que o cruceiro da Volta é fíxose a finais do século XX, mentres que o análise estilístico nos permite afirmar que os cruceiros como o do alto da Gañidoira, do Carballal, do Couto, do Parque, do Vilar e da Igrexa son do último Terzo do século XIX ou do primeiro do XX.

Vilalba

Dos 163 cruceiros existentes neste concello, 29 presentan unha inscrición referida ao ano da súa construción, tal como se pode ver nas seguintes táboas:

Século XVIII

Nome	*Cronoloxía*
Cruceiro da igrexa de Boizán	1765
Cruceiro do cemiterio (San Simón da Costa)	1783
Cruceiro da igrexa de San Simón da Costa	1793

Século XIX

Nome	*Cronoloxía*
Cruceiro da Capela de Fátima (Goiriz)	1803
Cruceiro do Airado (Santaballa)	1805
Cruceiro do Pazo de Meire (Belesar)	1808
Cruceiro da Veiga (Santaballa)	1844
Cruceiro da Florida (Árbol)	1867
Cruceiro da Escola (Árbol)	1871
Cruceiro da Casa de Fermín (Santaballa)	1873
Cruceiro de Catro Camiños (Vilalba)	1874
Cruceiro da Lama ou do Fulgencio (Árbol)	1879
Cruceiro da Capela de Pardo (Román)	1884
Cruceiro da igrexa de Distriz	1885
Cruceiro de Fontechousa (Distriz)	1888
Cruceiro de Cartín (Tardade)	1890
Cruceiro da Rula do Foxo (Corbelle)	1891
Cruceiro do Porto da Pipa (Codesido)	1893
Cruceiro do Americano (Corbelle)	1895

Nome	*Cronoloxía*
Cruceiro de Veigalonga (Noche)	1902
Cruceiro de Mercador (Árbol)	1904
Cruceiro do Viso (Codesido)	1904
Cruceiro do Candaído (S. Simón da Costa)	1904 (¿)
Cruceiro de Lanzán (Tardade)	1906
Cruceiro de Racamonde (S. Simón da Costa)	1910
Cruceiro do Brañón (Lanzós)	1915
Cruceiro dos Carboeira (Román)	1916
Cruceiro do Pernas (Goiriz)	1924
Cruceiro de Gomariz (Goiriz)	1925
Cruceiro da Ribeira (Samarugo)	1930
Cruceiro da Pedragosa (S. Simón da Costa)	1942
Cruceiro da igrexa de Román	1950
Cruceiro da Portela (Árbol)	1951
Cruceiro do adro da igrexa (Corbelle)	1955
Cruceiro da igrexa de Sancovade	1977
Cruceiro do Pradiero (Román)	1981
Cruceiro da Abelaira (Román)	1990
Cruceiro do cemiterio (Vilalba)	1992
Cruceiro da Praza dos Ovos (Vilalba)	1992
Cruceiro de Manuel da Carboeira (Román)	1993
Cruceiro do Regotraveso (Codesido)	1995
Cruceiro das Carpaceiras (Nete)	1999

Século XXI

Nome	*Cronoloxía*
Cruceiro da Ruta (Mourence)	2002

En base a estas táboas destaca especialmente o cruceiro da igrexa de Boizán por ser o máis antigo do concello e o segundo máis vello dos que teñen data de toda a Terra Chá (despois do cruceiro da Fonte da Nosa Señora en Abadín, do ano 1750).

Outros cruceiros non presentan ningunha inscrición referida ao ano da súa construción, pero por referencias bastante precisas sabemos en que data foron levantados. Tal é o caso de cruceiro do Neto (Tardade), realizado entre 1858 e 1868, período no que Ponciano de Arciniega, quen concedeu 40 días de indulxencia aos que rezaren diante deste cruceiro, foi bispo de Mondoñedo. Tamén sabemos que da década dos corenta é o cruceiro do Migueliño (Árbol) porque pouco tempo despois da morte de Carmen Verdes, acontecida en 1942, o seu home puxo este cruceiro na súa memoria. Por referencias bibliográficas sabemos que o cruceiro da Casa de Paco (Belesar) é de 1996, mentres que o da Crucitaria, na mesma parroquia, é de 1951 e o do adro da igrexa foi levantado no 2004. Outro tanto podemos dicir do cruceiro do Cal (1940) e do Xusto (2005), os dous da citada parroquia de Belesar. Por referencias orais sabemos que o cruceiro da igrexa de Alba data de 2002, o de Fontao de 2011, o de Mari Carmen Pernas de 2007, o da Queitana de 1980, o de Leboreiro de 1980, o de Vilar de Castiñeiras de 1980, o do Dilo de 2007 e o do Muíño Rañego do ano 2000 por citar só algúns exemplos. Tamén, por similitude tipolóxica, podemos afirmar que boa parte dos cruceiros sen data de Vilalba foron levantados no século XIX e a comezos do XX pola dinastía dos Carboeira.

Análise da cronoloxía dos cruceiros chairegos



En base anteriormente citados por concellos, podemos concluír que, do século XVIII so existen seis cruceiros na Terra Chá: o da Fonte da Nosa Señora (Abadín), do ano 1750; o da igrexa de Boizán (Vilalba), do ano 1765; o do cemiterio de San Simón da Costa (Vilalba), do ano 1783; o do Paxariño (Abadín) do ano 1793, o da igrexa de San Simón da Costa (Vilalba), do ano 1793 e o cruceiro dos Prados (Abadín), do ano 1797. Chama a atención que todos estes cruceiros se atopen nos concellos que concentran o maior número deste tipo de construcións: Abadín e Vilalba. Estes cruceiros destacan pola súa sinxeleza que, estilisticamente, analizaremos máis adiante.

Como se pode comprobar nas táboas precedentes e no gráfico que se acompaña, a maioría dos cruceiros con data da Terra Chá son do século XIX, centuria na que se produce un enorme pulo na construción destas mostras da devoción popular. Pero se observamos detidamente os datos, vemos que a maior puxanza no levantamento de cruceiros se da na segunda metade XIX e no primeiro terzo do XX, o que tería a súa explicación en factores políticos, sociais e, sobre todo económicos e relixiosos deste período.

Di Ramón Villares que o século XIX un período de longa transición entre a sociedade do Antigo Réxime e a sociedade capitalista que arrinca dunha dobre revolución: a industrial e a política de fins do século XVIII, que vai significar o paso dunha sociedade estamental a unha sociedade clasista.

Polo que respecta a Galicia o século XIX presenta "*unha fasquía certamente contraditoria que deriva da fonda oposición existente entre a incapacidade da sociedade galega para se modernizar no seu tránsito á Época Contemporánea e a integración da mesma no sistema económico político español, que aparece no seu conxunto algo máis desenvolvido. Hai, por tanto, ao longo do século XIX galego un decorrer incerto, no que se mesturan moitas permanencias herdadas do Antigo Réxime con novidades que pouco a pouco foi acollendo a sociedade galega*."[266]

Na primeira metade do século XIX Galicia, como o resto do Estado Español, vive unha serie de feitos que marcan considerablemente esta centuria. En primeiro lugar temos que referirnos á Guerra da Independencia, que vai marcar o comezo da mudanza do Antigo Réxime. En segundo lugar están as ideas liberais e, en terceiro, as guerras carlistas (iniciadas en 1833) que tiveron en cidades de forte influencia eclesiástica (como a vila de Mondoñedo, diocese que acolle a maioría da Terra Chá) importantes núcleos de partidarios de Carlos, irmán de Fernando VII, pois como di X. Barreiro a "columna vertebral" do carlismo, que propicia un rexurdir do tradicionalismo, foi o clero.

[266] Villares, Ramón. *Historia de Galicia*. Vigo: Editorial Galaxia, 2004, páxs. 251-252.

As ideas liberais trouxeron consigo unha progresiva transformación das institucións coa instauración dun novo sistema administrativo, que vai implicar unha reorganización do territorio galego distinta á do Antigo Réxime e que supón tamén unha maior centralización política e administrativa. Esta reforma xa dera comezo en 1810, baixo o reinado de Xosé I, coa creación das prefecturas, polas que Galicia ficaba dividida en catro: A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo. En 1833 Javier de Burgos crea o actual sistema provincial e, tres anos despois, aparecen as Deputacións Provinciais e reorganízanse os concellos nos que a parroquia, anteriormente célula administrativa básica, queda reducida á súa dimensión eclesiástica.

A ausencia dunha revolución industrial fixo que a estrutura económica e social da Galicia decimonónica mantivera unha base agraria. Polo que respecta á estrutura social deste sociedade principalmente rural, predomina unha fidalguía, principal beneficiaria da desamortización e herdeira dos antigos privilexios e caracterizada, entre outras cousas, "*por unha acreditada piedade relixiosa*."[267] Por outro lado están os labregos entre os que atopamos uns poucos propietarios, beneficiarios tamén da desamortización e que afortalan o sistema agrario coa difusión da pataca, e unha gran masa de foreiros, caseiros ou arrendatarios que constitúen o núcleo principal da emigración.

A case ausencia de actividade industrial, incapaz de absorber e atraer ás cidades os excedentes demográficos rurais, condicionará os movementos demográficos de Galicia neste período. Así, na demografía galega do século XIX observamos que, na primeira metade, amosa unha gran vitalidade (quizais debido á difusión da pataca), mentres que, dende 1860, a perda de peso poboacional nas provincias de Lugo e Ourense pasa a ser unha constante e nel xoga un importante papel a emigración.

As transformacións agrarias van ser especialmente relevantes na Galicia do interior, "*onde a difusión de novos cultivos como a pataca permitiu a intensificación de cultivos en comarcas, como a Terra Chá, de tradición extensiva*."[268] Estas transformacións traen consigo unha mellora das condicións económicas desta zona, mellora que terá unha das súas manifestacións no levantamento de cruceiros.

O proceso desamortizador (o primeiro en 1820-1823, o segundo o de Mendizábal en 1836-1844 e o terceiro o de Madoz en 1855) vai significar unha perda do poder económico da igrexa, se ben como di Ramón Villares "*a súa capacidade de influencia social e ideolóxica mantívose claramente*" Esta perda de poder económico fixo que, sobre todo na segunda metade do século XIX, a subsistencia do clero fundárase "*na percepción de estipendios pagados polos*

[267] Villares, Ramón. *Historia de Galicia*. Vigo: Editorial Galaxia, 2004, páx. 279.
[268] Villares, Ramón. *Historia de Galicia*. Vigo: Editorial Galaxia, 2004, páx. 271.

fieis en concepto de servizos prestados: misas, funerais, sacramentos, novenas, etc." [269]

Pero tamén vai xogar un papel importante nos estipendios eclesiásticos a construción de cruceiros, xa que unha parte importante dos existentes na Terra Chá presentan unha inscrición alusiva ás indulxencias concedidas polo bispo da diocese de Mondoñedo (indulxencias que, por suposto había que pagar) por rezar determinadas oracións diante do cruceiro. Neste aspecto resulta esencial a insistencia, por parte da xerarquía eclesiástica, na idea do Purgatorio, onde a alma debe cumprir certas penas antes de acadar o Ceo, penas que poden ser redimidas na Terra por familiares e amigos por medio das indulxencias.

Resulta tamén determinante na construción de cruceiros na segunda metade do XIX a actividade misioneira dos xesuítas, fundamentais na restauración relixiosa desta período. "*En España, dí Manuel Revuelta González, la acción misionera se reanuda durante la década moderada (1844-1854), cuando se logra imponer cierta paz religiosa y politica. El gran reanimador de las misiones populares fue San Antonio María Claret… que en 1849 funda la Congregación de Misioneros Hijos del Inmaculado Corazón de María, que se dedican con especial empeño a las misiones populares… Con ellos comenzaba una nueva edad de oro para las misiones populares en España, que arranca a mediados del siglo XIX y se prolonga a lo largo de un siglo, con las interrupciones de la revolución de 1868 y la guerra de 1936.*"[270]

Todos estes factores propician un renacer da relixiosidade popular, decididamente apoiada e potenciada pola xerarquía relixiosa, que ve nela un xeito de perpetuar a súa influencia social e un medio de conseguir recursos para recuperar o seu poder económico, moi minguado despois do proceso desamortizador.

O aumento do número de cruceiros na Terra Chá, comarca esencialmente rural, na segunda metade do século XIX e no primeiro terzo do XX é o resultado da conxunción de todos estes factores económicos, políticos, sociais e relixiosos que vive Galicia neste período e que comentamos anteriormente. Detrás da súa construción está unha fidalguía rural, caracterizada como xa dixemos *por "unha acreditada piedade relixiosa*,"e un pequeno núcleo de labregos, enriquecidos pola desamortización e pola reforma agraria que supuxo o cultivo da pataca, que se poden permitir o luxo de pagar tanto por levantar cruceiros como polas indulxencias que lles concedía o bispado de Mondoñedo. Pero tamén detrás dos cruceiros hai cartos procedentes da emigración, pois son numerosas as mostras deste tipo de monumentos levantados por emigrantes retornados ou polos seus descendentes en cumprimento do desexo do defunto.

[269] Villares, Ramón. Historia de Galicia. Vigo: Editorial Galaxia, 2004, páx. 277.
[270] Revuelta González, Manuel. *La Compañía de Jesús en la España Contemporánea*. 1944, volumen 3, páxs. 122-123.

Como conclusión, podemos afirmar que os cruceiros chairegos da segunda metade do século XIX e do primeiro terzo do XX, situados case todos eles no medio rural, son encargo dunhas crases sociais agrarias (fidalgos, labregos enriquecidos e emigrantes aos que lles foi ben a aventura americana) devotas que buscan na construción dos cruceiros non só un medio no que reducir o tempo de estancia da súa alma no Purgatorio, senón tamén de amosar o seu poder económico e prestixio social.

Situación dos cruceiros chairegos

Sete dos cruceiros da **Pastoriza** atópanse situados á beira de viarios, xa sexan estes pistas, camiños ou estradas. Neste aspecto cómpre destacar o de Pirís, localizado a carón dun antigo Camiño Real.

Un segundo grupo, con catro exemplos, estaría formado por aqueles que están en encrucilladas, mentres que no adro de igrexas só localizamos dous. O da Praza de Bretoña e o de Fonmiñá, de recente construción e cunha función ornamental, presiden unha praza e unha área recreativa natural, espazos os dous de clara vocación pública ao que podemos engadir o situado no Campo da Festa da parroquia de Pousada, tamén de recente feitura.

Un bo número destas manifestacións da arte popular están xunto ás casas dos seus propietarios, reafirmando así o seu carácter privado, e nos que a función devocional parece pasar a un segundo plano.

Por último, cómpre chamar a atención sobre o cruceiro do Fiouco, situado no linde dos concellos da Pastoriza e Mondoñedo.

Seis cruceiros de **Begonte** están situados no adro da igrexa parroquial, mentres que os localizados nunha encrucillada son cinco. Dentro destes últimos os hai que, ademais de atoparse nun cruzamento de camiños, están próximos a unha capela, como pode ser o caso dos cruceiros de Guimarás e Bazarroso Vello.

Un terceiro grupo o formarían aqueles que se atopan preto dunha igrexa como, por exemplo, os cruceiros de Baldomar ou do Castro.

A meirande parte dos cruceiros de **Cospeito**, once en total, atópanse situados en encrucilladas ou próximos a elas. Son abundantes os que se localizan nos adros das igrexas parroquiais e, neste senso, resulta especialmente significativo o cruceiro do Eirixado, que se atopa preto dun templo e dunha encrucillada. Tamén chama a atención o cruceiro de Momán de Abaixo, que se atopa nunha encrucillada de camiños, un dos cales leva á igrexa.

Outro grupo importante de cruceiros está á beira dos viarios, xa se trate dun camiño ou dunha estrada.

En lugares públicos, pero cunha función máis ornamental e conmemorativa, están os de Xoca e Matodoso, ligados ao proxecto de colonización realizado nesta zona na década dos cincuenta do pasado século. Nunha praza está o cruceiro de Muimenta, se ben temos dúbidas de que este lugar fora o seu emprazamento orixinal.

A maioría dos cruceiros de **Vilalba** están situados a carón dun viario. Así, dos 163 cruceiros que rexistramos neste concello, 50 atópanse á beira dun camiño, pista ou estrada. Neste aspecto cómpre destacar que hai varios cruceiros (o do Porto da Pipa en Codesido, o do Americano en Corbelle, o de Gomariz en Goiriz e o da igrexa en Mourence, que a súa situación é a carón do antigo "Camiño de Misa", denominación dada ao viario empregado polos fregueses para asistir aos oficios relixiosos dos domingos na igrexa. Chama tamén a atención o feito de que os cruceiros de Ponte Rodríguez (Boizán), Ponte Vella (Corbelle), Fontoira, Ver e o da capela de San Ramón (Ínsua) se atopen á beira do Camiño Norte de Santiago.

Un segundo grupo de cruceiros, integrado por 48 exemplares, están situados nunha encrucillada (xa se trate de camiños, pistas ou estradas), mentres que un terceiro grupo estaría formado por aqueles cruceiros que se levantan nos adros das igrexas (11 en total) ou nas súas proximidades (8 casos), aos que tamén poderíamos engadir os situados os ao pé ou preto dunha capela (12 exemplos). Máis escasos son os emprazados en cemiterios (5) ou a carón de pontes (2) ou de fontes (1).

A meirande parte dos cruceiros de **Xermade** están situados á beira de viarios. Neste aspecto cómpre destacar os cruceiros da Pígara, Casavella e Pedra do Val, localizados a carón dun antigo Camiño Real.

Un segundo grupo, con oito exemplos, está formado por aqueles cruceiros que se atopan no adro de varias igrexas parroquiais. Tamén os localizamos, pero en menor medida, nas proximidades de capelas, como no caso do cruceiro da Ermida da Pastora ou de Castiñeiras.

Un terceiro grupo integraríano aqueles cruceiros situados en encrucilladas, sete en total, aos que podemos engadirlles os que están en intersecciónss de estradas con pistas.

Por último, chama a atención a existencia de tres cruceiros dentro de camposantos, tal como os podemos ver nos cemiterios das parroquias de Cazás e Lousada.

A meirande parte dos cruceiros de **Abadín** atópanse á beira de viarios como pistas, camiños ou estradas. Neste aspecto cómpre destacar os cruceiros de San Xoán e da Casa de Xacobe, os dous na parroquia de Labrada, localizados a carón dun antigo Camiño Real.

Un segundo grupo, con dez exemplos, está formado por aqueles cruceiros que se atopan no adro de varias igrexas parroquiais.

Un terceiro grupo integraríano aqueles cruceiros situados en encrucilladas de pistas ou camiños, seis en total, aos que podemos engadirlles os que están en intersecciónss de estradas con pistas.

Por último, chama a atención a existencia de dous cruceiros dentro do Pazo da Cernada, se ben o seu emprazamento non é o orixinal.

Nove dos cruceiros de **Castro de Rei** están situados nunha encrucillada de camiños, se ben case todos eles atópanse á beira dunha vía, xa sexa camiño, pista ou estrada. Como excepcións podemos citar o Cruceiro de Cordón, situado agora no interior dunha finca, e o Cruceiro de Castiñeiras, levantado no adro da igrexa parroquial de Ludrio.

Resulta especialmente significativo o Cruceiro da Pontenova que, ademais de estar situado nunha encrucillada de camiños, atópase case no linde coa parroquia de Muimenta do concello de Cospeito.

Doce cruceiros de **Guitiriz** están situados nos adros das igrexas parroquiais, mentres que un segundo grupo localízanse en encrucilladas. Tamén son abundantes, se ben en menor medida que os anteriormente citados, os que se localizan a carón dunha vía, xa sexa camiño, pista ou estrada. Neste aspecto chaman a atención os cruceiros da Granxa de Monfero e da Paderna, situados a carón dun antigo Camiño Real.

Non faltan tampouco exemplos de cruceiros que están dentro dunha igrexa ou capela, como poden ser os de Mariz (I) e San Alberte, que comparten a característica de ser de recente construción.

A carón dunha pista pero enriba dun valado temos os cruceiros dos Castelos, do Rego Pequeno ou das Reixas, se ben coroando un penedo de grandes dimensións só atopamos o Cruceiro da Pena de Lliboi, tamén con poucos anos de antigüidade.

Preto dunha igrexa ou capela, pero fóra do seu adro, están os cruceiros de Roca e Sandiño e, facendo límite entre tres parroquias e dúas provincias (as da Coruña e Lugo) temos o Cruceiro da Loba.

Aínda que non é frecuente que os recollamos neste traballo, xa que se trata de cruceiros situados en fincas particulares, temos que destacar nesta ocasión aos de Cercedo, Agapito e do Pazo, os dous primeiros pola súa proxección pública e o último por tratarse dun cruceiro curioso.

A meirande parte dos cruceiros de **Muras** están situados á beira de viarios. Neste aspecto cómpre destacar os cruceiros de Samil e da Fonte de Outeiro, situados no camiño da igrexa ou da misa.

Un segundo grupo estaría formado por aqueles que se atopan diante dunha igrexa, ermida ou cemiterio, mentres que o terceiro grupo o integrarían os situados en encrucilladas.

Por último, chama a atención a existencia dos restos do cruceiro do Curro, situado, como o seu nome indica, nas proximidades dun curro.

Conclusións

A xeito de conclusión podemos dicir que a maioría dos cruceiros chairegos están situados á beira de viarios (camiños, pistas ou estradas). Neste aspecto resultan especialmente significativos os que están a carón do "Camiño de Misa", dun antigo Camiño Real ou do Camiño de Santiago Norte.

Un segundo grupo estaría formado por aqueles cruceiros que se levantan en encrucilladas, espazo mitificado e tradicionalmente ligado a este tipo de construcións.

Un terceiro grupo intégrano os cruceiros situados nos adros de igrexas parroquiais (hai incluso algúns no interior de templos e capelas) ou ao pé de ermidas e capelas. Menos abundantes son os cruceiros localizados en camposantos que non se atopan no adro da igrexa.

Non faltan exemplos de cruceiros que fan de lindeiro entre provincias e parroquias, así como tamén dos emprazados a carón de pontes e fontes, lugares estes últimos asociados ao mundo do imaxinario e obxecto de múltiples lendas e rituais de tipo supersticioso.

Tamén atopamos cruceiros nas proximidades ou no interior de pazos e, máis recentemente, en espazos públicos (prazas, áreas recreativas, etc.) cunha función máis ornamental que devocional.

Orientación dos cruceiros chairegos

As orientacións recollidas na táboa que figura a continuación, só se refire a aqueles cruceiros chairegos con efixies, pois dos que non teñen ningún tipo de referencia orientativa non nos pareceu oportuno recoller este dato.

Orientacións	***Nº de cruceiros***
W-E	58
SW-NE	49
E-W	38
NW-SE	34
N-S	32
S-N	32
NE-SW	32
SE-NW	28

Non incluímos neste cadro aqueles cruceiros que, como o caso dos cruceiros da Ponte da Ribeira, da Capela de Santiago, da Reigada, do Viso ou do Neto (todos eles no concello de Vilalba) xa que a colocación da efixie de Cristo na cruz non se corresponde co lado do fuste no que aparecen os símbolos da paixón como sería o habitual. Este desaxuste se debe a que estes cruceiros foron recolocados con posterioridade á súa construción e a persoa que os recompuxo non respectou a disposición iconográfica orixinal.

Este cadro nos permite comprobar que a orientación dominante nos cruceiros con efixies da Terra Chá é a W-E, seguida da SW-NE o que parece corroborar a teoría de que a imaxe de Cristo sitúase normalmente cara á saída do sol.

Estado de conservación dos cruceiros chairegos

Á hora de escribir estas liñas e despois de telos visitados persoalmente hai algúns anos, temos que lamentar a desaparición de diversos cruceiros tanto por accidentes coma por actos vandálicos, factores aos que hai que sumar os roubos e causas naturais, se ben estas últimas non son as máis frecuentes. Entre os cruceiros dos que temos constancia da súa desaparición están o do Vilar (Muras), o dos Freires (Mourence-Vilalba), o da igrexa de Ladra (Vilalba), o de Felmíl (Begonte), o do adro da igrexa de Tardade (Vilalba) e o do Carrizo (Santaballa-Vilalba) por citar só algúns exemplos. A nómina dos que foron obxecto dalgunha mutilación é moito máis extensa: cruceiro da Barra, da Cachoupa, do Porto da Pipa, etc, e a unha completa relación excedería os obxectivos do presente traballo, sendo só a nosa intención a de apuntar algúns motivos da desaparición destes monumentos e algunhas medidas que habería que adoptar para frear este proceso.

No 2006, o cruceiro de Saavedra (Begonte) perdeu o capitel e a cruz, se ben foi restaurado un ano despois, quizais por atoparse a carón do importante santuario que cada 24 de maio congrega a miles de romeiros. Hai algún tempo, concretamente en xuño de 2011, a prensa informaba da desfeita de tres cruces do viacrucis de Santa Locaia en Castro de Rei, acto vandálico levado a cabo por dous menores. Un ano antes, o cruceiro dos Freires (Mourence-Vilalba), recuperado no 2005 despois de pasar máis de nove anos "desaparecido," foi destragado completamente sen que se practicara ningunha detención. Máis recente foi o destrozo do cruceiro de Felmil (Begonte), unha xoia da arte dos Carboeira que está aínda pendente de restaurarse. Neste aspecto gustaríanos traer ao recordo aquela frase de Castelao que dicía: "o infeliz mortal que profana un cruceiro ou mete a unlla no "peto das Ánima," andará, despois de morto, a vagar de

noite pol-o sitio en que cometeu o pecado, buscando algún parente ou amigo que queira trocar en ben o mal que fixo, pois, antramentas non devolva o que roubou e non amañe o que desfixo, non terá acougo na morte."[271]

Queremos destacar o lamentable estado no que se atopan unha boa parte dos cruceiros chairegos, pois moitos deles están situados á beira de camiños abandonados e cubertos de maleza. Esta maleza socava, en primeiro lugar, á plataforma, facendo perigar a estabilidade do cruceiro que, ao pouco tempo, acaba sucumbindo diante dun forte vendaval.

As inclemencias meteorolóxicas tamén provocan os seus estragos e ciclóns como O Hortensia (outono de 1984) e o Klaus (xaneiro de 2009) foron a causa dalgún dano en bastantes cruceiros da Terra Chá. Estas causas naturais non serían un problema, pero resulta paradoxo que trinta anos despois destes vendavais, moitos dos seus estragos non foran aínda reparados.

É notable a presenza nos cruceiros chairegos de musgos e liques en todos os seus elementos, os cales ameazan a conservación da pedra producindo o seu deterioro. A ignorancia á hora de eliminar estes liques por parte dos propietarios dos cruceiros (con boa intención pero con nulos coñecementos técnicos) con medios abrasivos, estase ocasionando a perda de inscricións (coa perda de valiosa información que isto leva) e da pátina que da a estas obras o seu carácter antigo. Neste aspecto coidamos que os concellos deben velar para que estas intervencións non se leven a cabo sen un proxecto técnico e sen a autorización das autoridades en materia de patrimonio histórico artístico, traballo que deberá realizarse por parte de persoal especializado.

Outro atentado frecuente contra os cruceiros chairegos o constitúe o seu traslado e a alteración da súa contorna. Así, por causa sobre todo da concentración parcelaria, asistimos a casos de traslados ilegais de cruceiros, xa que os seus propietarios os queren instalar nos novos predios que lles corresponderon. Noutros casos é a instalación a carón dos cruceiros de postes da luz, contedores de lixo, aparcadoiros, etc., cando non se utiliza aos propios monumentos como soporte de tendidos eléctricos ou para as bandeiras das festas.

Temos tamén que lamentar os continuos roubos dos que son obxecto os cruceiros chairegos. Tal é caso do cruceiro de Rubiás (Castro de Rei) desaparecido hai aproximadamente cinco anos sen que se teña ningunha pista do seu paradoiro. Ademais, gran parte dos santiños que franqueaban as cruces dos cruceiros, foron roubados ou desapareceron sen que se volvera a ter novas deles.

A nivel xeral, temos que concluír que o estado de conservación dos cruceiros chairegos é malo, pois practicamente a case totalidade necesita algún tipo de intervención. Neste aspecto

[271] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000. páx. 106.

queremos resaltar que o grado de intervención requirido é, na maioría dos casos, mínimo e de baixo custo, pois só esixen accións moi puntuais (como por exemplo a limpeza de maleza e o asegurar plataformas) pero que evitan o progresivo deterioro destes monumentos.

Como aspectos positivos, destacar que a Terra Chá é a única comarca da provincia de Lugo que conta cun inventario exhaustivo de todos os cruceiros, ademais das cruces e cristos. A realización deste inventario correu a cargo de José Manuel Blanco Prado e Fernando Arribas Arias ao abeiro do "Proxecto Carboeira", iniciado no ano 1993 (ao que se sumaría posteriormente Mario Saavedra Pérez) co que se pretendía a realización dun inventario e catalogación de todas as manifestacións da arte e a devoción popular existentes nesta comarca, caracterizada pola riqueza e variedade deste tipo de monumentos. Hoxe, vinte anos despois, a parte do inventario está rematada, o que propicia novas liñas de investigación que haberá que desenvolver nun futuro.

É agora é o momento das Administracións que, como primeira medida, deben incluír todos os elementos inventariados nos seus plans de planeamento, ademais de adoptar un plan específico de actuación con respecto aos cruceiros co fin de garantir a súa protección e a súa posta en valor. Como exemplo desta posta en valor podemos citar a actividade que dende hai catro anos realiza a Asociación de Amigos dos Cruceiros, consistente nunhas rutas sobre os cruceiros chairegos nas que, concello a concello, se vai dando a coñecer aos participantes estas mostras da arte e da devoción popular, a súa importancia e as historias que hai detrás delas.

Por parte dos concellos, esta posta en valor dos cruceiros debe pasar por unha serie de requisitos, como poden ser a realización de labores de limpeza e acondicionamento da súa contorna, así como dos camiños nos que están situados. Tamén se debe proceder estabilidade dos mesmos para evitar a súa caída, ao tempo que se debe elaborar un plan de sinalización e información, coa posibilidade de inclusión de rutas de sendeirismo ou específicas para fomentar o seu coñecemento.

Tamén como aspecto positivo queremos destacar a recuperación de cruceiros coma, por exemplo, o cruceiro central do calvario de Santa Cruz de Parga (Guitiriz), así como tamén, no ano 2012, do cruceiro de Mondríz (Castro de Rei) que se atopaba derrubado e roto.

Por último, queremos instar aos concellos que, á hora de elaborar o seu planeamento urbanístico, inclúan no mesmo a todos estes exemplos da arte popular, asegurando así o seu inventariado e garantindo a súa protección e conservación que, entre outros aspectos, debe pasar pola súa posta en valor.

Cruceiros salientables da Terra Chá

Calvarios e Viacrucis

Non son moitos os calvarios que se conservan na Terra Chá, catro en total, pero resulta cando menos curioso que tres deles se atopen en Guitiriz, concello que xunto co de Begonte son os únicos desta comarca que amosan este tipo de construcións.

O calvario é un monumento formado por tres cruceiros, entre os que estaca o situado no medio, normalmente de maior tamaño e máis ornamentado.

A denominación de calvario procede do monte do mesmo nome, tamén chamado Gólgota e que se atopaba ás aforas de Xerusalén[272], onde Cristo foi crucificado en medio de dous ladróns: Dimas e Xestas, sendo coñecido o primeiro, situado á dereita do Redentor, como o bo ladrón e o segundo, situado á esquerda, como o malo.

a } Calvario dos Vilares

Non resulta doado, debido á ausencia de referencias de tipo documental ou epigráfico, saber cal dos catro calvarios é o máis antigo. Por razóns estilísticas que desvelaremos a continuación, inclinámonos polo dos Vilares (Guitiriz) que atribuímos a Felipe de Sáa, canteiro que tamén sería o autor dos cruceiros que denominamos Mallo II e de Sáa. Pola inscrición que figura na base deste último, sabemos que este artífice da pedra desenvolve a súa actividade nesta zona a finais do século XVIII. A semellanza entre os capiteis e fustes destas tres obras, é o que nos leva a pensar que foran realizadas por unha mesma man, mentres que o epígrafe do cruceiro de Sáa nos proporciona un dato decisivo no aspecto da cronoloxía.

O calvario dos Vilares conta cun cruceiro central que se levanta sobre unha plataforma de tres chanzos de granito. A base, monolítica e de forma paralelepípeda, coróase cun groso bocel. O fuste é de sección cuadrangular no imoscapo e octogonal no resto. Remata nun capitel ornamentado con volutas e querubíns na parte superior, groso bocel na inferior e un amplo collariño na central. A cruz, con cartela e as arestas rebaixadas, amosa no seu anverso unha efixie de Cristo moi ben realizada e, no reverso, a imaxe da Virxe. Trátase, como xa dixemos, dun cruceiro moi semellante, sobre todo no fuste e no capitel, aos de Mallo II e de Sáa e que coidamos son obra de Felipe de Sáa.

Flanquean este cruceiro outros dous que contan cunha plataforma dun só chanzo, mentres que as súas bases, monolíticas, teñen forma cúbica pero coas arestas superiores achafranadas, ao

[272] Para os xudeos, no monte Calvario foi onde se enterreou a caveira de Adán.

igual que as dos tramos centrais dos fustes, ornamentados nas catro caras do extremo superior con rosetas. Os seus capiteis están moldurados cunha ampla escocia no centro e delimitada nos extremos por un ábaco e un acusado bocel. As cruces, de tipo florenzado e coas arestas rebaixadas, presentan no cruzamento dos brazos medallóns circulares con relevos da Santa Faz e da Virxe respectivamente.



b } Calvario de Buriz

O segundo calvario máis antigo da Terra Chá, que coidamos contemporáneo do dos Vilares, é o da Graña, situado na parroquia de Buriz, tamén no concello de Guitiriz. Reconstruído hai algúns anos (a primeira vez que os visitamos, no ano 1994, estaba incompleto) consta dun cruceiro central e de dous laterais, distintos todos entre eles e que, na nosa opinión, deben diferir bastante co que debeu ser o conxunto orixinal.

O cruceiro central destaca polo seu tamaño e constitúe un dos cruceiros máis altos da comarca chairega. Consta dunha plataforma formada por tres chanzos de granito e dunha base monolítica de forma paralelepípeda. O seu esvelto fuste é de sección octogonal en toda a súa lonxitude, agás no extremo inferior, na parte que encaixa na base, que é cuadrangular. O capitel, de forma cúbica, ten as arestas ornamentadas con anxos representados de corpo enteiro coas ás repartidas entre dúas caras. Ademais, en cada unha das caras, aparece unha figura antropomorfa (os catro evanxelistas?) de difícil identificación pola erosión e a abundancia de liques que as cobren. De todos xeitos podemos afirmar que esta iconografía non a atopamos en ningún outro capitel dos cruceiros desta comarca.

A cruz, de sección octogonal, ten os extremos dos brazos decorados con círculos. No seu anverso, baixo unha cartela que semella anepigráfica, aparece a efixie de Cristo con coroa de espiñas na cabeza e que mantén erguida. Os seus brazos están estendidos ao longo da cruz, formando unha lixeira V e separados dela ao igual que a cabeza e as pernas, e as mans aparecen abertas deixando ver a cabeza dos cravos. O perizoma anóase á dereita e as pernas, flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo. No reverso, imaxe da Virxe vestida con túnica e manto e as mans sobre o peito en actitude orante.

Polo que respecta aos cruceiros laterais, o situado á dereita do que acabamos de comentar levántase sobre unha plataforma dun só chanzo de granito. A súa base, de forma paralelepípeda,



está coroada por un listel circular, moi semellante á do cruceiro que denominamos Mallo II, existente no adro da igrexa de Labrada (Guitiriz). O seu fuste presenta unha sección cuadrangular no imoscapo e circular no resto. O capitel conta cun equino, ornamentado con volutas nos vértices e querubíns nas caras, e cun corpo cilíndrico que remata na parte inferior cun acusado astrágalo de bocel sobre moldura de media cana. Cómpre chamar a atención sobre este capitel, moi semellante ao do cruceiro central do calvario dos Vilares, do cruceiro denominado Mallo II e ao de Sáa, obras que atribuímos a Felipe de Saa. Non obstante descoñecemos se este capitel era o capitel orixinal, xa que como dixemos anteriormente, este cruceiro foi restaurado hai só algúns anos.

c } Calvario de Santa Cruz de Parga

Restaurado no ano 2009, despois de que o ciclón Hortensia o derrubara en 1984 e fora dado por perdido o cruceiro central, o calvario de Santa Cruz de Parga (Guitiriz) consta, como nos casos anteriores, de tres cruceiros, coa particularidade de que en todos eles a cruz non está orientada cara ao fronte como é o habitual, senón cara a un lateral, coa imaxe da Virxe en dirección á igrexa.

O cruceiro central, de maior envergadura que os laterais, levántase sobre unha plataforma de tres chanzos de granito e presenta unha base formada por dous corpos, separados por un groso bocel, moldurados cunha ampla media cana delimitada por listeis. Conserva restos dunha inscrición da que só fomos capaces de ler: "**SIENDO CURA D. PEDRO NÚÑEZ ROCA…**". O fuste é de sección circular con acanaladuras, tipo nada frecuente na Terra Chá, e remata nun capitel corintio con volutas e querubíns.

A cruz, tamén de sección circular e de aparencia leñosa, ofrece no seu anverso, baixo unha cartela, a efixie de Cristo con coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito. Os seus brazos están estendidos ao longo da cruz e as mans aparecen abertas. O perizoma anóase ao lado dereito e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pe dereito sobre o esquerdo. No reverso, imaxe da Virxe.

Trátase en definitiva dunha obra de gusto clasicista realizada por un bo artífice do que, lamentablemente, descoñecemos o seu nome.

Polo que respecta aos cruceiros laterais, os dous constan dunha plataforma de dous chanzos de granito con bases de forma prismática cuadrangular. Os seus fustes, de sección cuadran-

gular nos extremos e oitavados no tramo central, soportan un capitel moldurado con ábaco e equino rectos e que dan paso a un colariño rematado nun acusado listel sobre bocel. A cruz, de tipo florenzada, presenta as arestas rebaixadas e, na intersección dos brazos dun dos seus lados, amosa o relevo dun círculo como único elemento ornamental.

d } Calvario de Baamonde



É sen dúbida un dos máis rechamantes da comarca chairega, tanto polo propio monumento como pola súa contorna, xa que se atopa a carón da igrexa románica de Baamonde, no concello de Begonte.

O cruceiro central levántase sobre unha plataforma de catro chanzos de granito, tendo os tres superiores o bordo da pegada voado e redondeado. A súa base consta dun tramo recto e de outro moldurado por grosos boceis con listeis nos extremos, cunha ampla media cana na parte central. O seu fuste é de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no centro, ornamentándose no extremo superior con arquiños cegos e formas alongadas. Remata nun capitel con molduras moi voadas, decorado con volutas e querubíns.

A cruz, de sección circular e aparencia leñosa, presenta no seu anverso, baixo unha cartela anepigráfica, a efixie de Cristo con coroa de espiñas de ferro na cabeza, que inclina ao lado dereito. Os seus brazos están estendidos ao longo da cruz e as mans aparecen abertas. O perizoma anóase á esquerda e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé esquerdo sobre o dereito, disposición certamente rara nos cruceiros chairegos. No reverso, podemos ver unha imaxe da Dolorosa, vestida con túnica e manto sobre a cabeza, coas mans cruzadas sobre o peito no que se aprecia un corazón no que están cravados sete puñais de ferro.

Os cruceiros laterais son semellantes entre si. Constan dunha plataforma de tres chanzos de granito na que os dous superiores teñen a pegada voada e redondeada. A súa base conta cun corpo inferior de forma paralelepípeda e doutro superior moldurado por dous grosos boceis separados por unha ampla escocia perfilada por listeis. O fuste, oitavado só no tramo central e con arquerías cegas no extremo superior como único ornamento, da paso a un dobre capitel moldurado que soporta unha cruz de tipo florenzada e coas arestas rebaixadas.

Descoñecemos ao autor e a cronoloxía deste calvario, pero sen dúbida é un dos máis meritorios desta comarca.



e } Viacrucis de Santa Locadia

Atópase na parroquia de Santa Locadia, no concello de Castro de Rei, trátase dun viacrucis que une á igrexa parroquial co monumento ao Sagrado Corazón, situado no cumio do monte denominado A Escrita, nun percorrido de aproximadamente 300 metros. Inaugurado no ano 1945, está formado por catorce estacións consistentes noutras tantas cruces de pedra cun círculo na intersección dos brazos ornamentado cun alto relevo no que se representa a escena correspondente da paixón de Cristo.[273]

Pola súa parte, o monumento ao Sagrado Corazón, réplica do existente no Tibidabo de Barcelona, é obra de C. Flota. Levantado sobre un pedestal de granito, de aproximadamente 25 metros de alto, data do ano 1931 e realizouse a iniciativa de Ignacio Rey Stolle, se ben, ao igual que aconteceu co viacrucis, foi realizado polas achegas dos veciños deste concello.

A importancia deste viacrucis reside en que é o único destas características existente na Terra Chá.

Cruceiros

Cruceiro da igrexa de Boizán

A grandes liñas, podemos dividir os cruceiros existentes na Terra Chá en dous grandes grupos: os sinxelos e os ornamentados ou figurados. Ao primeiro grupo pertence o cruceiro que denominamos da igrexa de Boizán, se ben non se atopa no adro deste templo, senón nas súas inmediacións e a carón dunha vella fonte. O seu baseamento consta de dous chanzos de granito, mentres que a súa base, monolítica, ten forma paralelepipeda. O fuste, de sección cuadrangular nos extremos e octogonal no tramo central polo rebaixe das arestas, presenta na parte inferior da súa cara E a seguinte inscrición:

AÑO

1765

[273] Este vía crucis foi obxecto dun acto vandálico en xuño de 2011, no que dous menores destrozaron tres das cruces. Sobre este vía crucis e o monumento ao Sagrado Corazón véxase: López Pombo, Luis. *Castro de Rei. Historia, arte y patrimonio*. Lugo: Servicio de Publicaciones da Deputación de Lugo, [S. D.], páx. 165.



Este fuste remata nun capitel moldurado con ábaco e equino moi voados sobre listel e nacela, que dan paso a un colariño liso rematado nun astrágalo de bocel sobre dous listeis. A cruz, latina, florenzada e coas arestas rebaixadas, carece de efixies.

A importancia deste cruceiro reside en que é o único deste tipo con data que se conserva completo. Grazas a esta referencia, podemos adscribir cronoloxicamente moitos outros cruceiros desta comarca coas mesmas características, todos eles de tipoloxía neoclasicista e caracterizados pola súa sinxeleza, posta de manifesto nunha ausencia case total de ornamentación (que se reduce ao moldurado do capitel) e de efixies, tendo sempre as bases unha forma paralelepípeda.

Estas características, aínda que o fuste e menos estilizado e o capitel menos voado, as podemos ver tamén no **cruceiro da Fonte da Nosa Señora**, no lugar de Igrexa Vella da parroquia de Montouto (Abadín), obra á que lamentablemente lle falta a cruz. Na cara N da base deste cruceiro hai unha inscrición na que pode lerse: **AÑO D 1750**, o que ratifica a nosa suposición de que a maioría dos cruceiros desta tipoloxía pertencen á segunda metade do século XVIII.

Cruceiro da Reigada

Situado á beira dunha encrucillada, hoxe xa case desaparecida polo abandono dos camiños, o cruceiro da Reigada (Codesido-Vilalba) constitúe un dos exemplos máis salientables deste tipo de construcións da Terra Chá, xa que posúe unha serie de particularidades que o converten nunha peza única. Levántase sobre unha plataforma de catro chanzos, os tres inferiores de cachotería e o superior de granito. A súa base, monolítica, consta de dous tramos separados por unha pequena escocia: o primeiro recto e o superior de forma troncopiramidal. Na súa cara SW presenta unha inscrición na que se indican varios datos do seu propietario (Antonio Ribas, natural de Burgás-Xermade pero aveciñado en Codesido), así como tamén as indulxencias concedidas polo bispo de Mondoñedo por rezar unha oración diante deste cruceiro. No extremo superior desta mesma cara hai un corpo voado que, na nosa opinión, serviu de base para unha figura (quizais un Ecce Homo?) hoxe desaparecida.

O fuste, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no tramo central, ten ornamentada a súa cara SW cos símbolos da paixón, pero nunha disposición que non é frecuente nos



cruceiros desta comarca, xa que deixan libre todo o imoscapo (quizais para que non foran tapados pola figura á que aludíamos anteriormente) e dous deles se reparten polos chafráns deste lado. Ademais, outro elemento distintivo do fuste deste cruceiro son os gravados que decoran dúas das caras do seu extremo superior: un sol e unha lúa, motivos certamente escasos nos cruceiros desta comarca. Tamén é único o seu capitel, ornamentado cunha triple voluta, palmetas e cabezas humanas.

Destaca particularmente a efixie de Cristo, moi ben tallada e cunha caixa torácica moi acusada, así como a disposición das imaxes na cruz, que non gardan relación co lado dos símbolos da paixón do fuste como sería o habitual. Coidamos que este desaxuste obedece a que un destes dous elementos foi recolocado, non respectándose a orde orixinal.

Todos estes detalles fan deste cruceiro, que aínda conserva restos de policromía, unha obra orixinal que non podemos adscribir a ningún dos obradoiros que habitualmente traballaban nesta comarca e da que, lamentablemente, descoñecemos o nome do seu autor.

Cruceiro de Buriz

O cruceiro do adro da igrexa de Buriz (Guitiriz) é coma moitos outros da Terra Chá: unha plataforma de dous chanzos de granito, unha base monolítica de forma paralelepípeda, fuste de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas lixeiramente rebaixadas no tramo central, capitel moldurado de tipo dórico e unha cruz coas arestas rebaixadas. Pero este sinxelo monumento presenta unha iconografía e unha ornamentación no fuste e na cruz que o converten nun cruceiro único. Así, podemos ver que na cara principal do fuste aparece o relevo dunha columna cunha corda anoada e coroada por un galo. O primeiro motivo é unha clara referencia á flaxelación de Cristo, realizada despois da súa comparecencia diante de Pilatos. É un dos improperios ou atributos da paixón, mentres que a corda tamén se pode considerar como un instrumento máis do suplicio. Polo que respecta ao galo, coidamos que este relevo alude ás tres negacións de Pedro, nas que reiteradamente manifesta descoñecer a Cristo, realizadas antes do canto do galo, tal como profetizara o Redentor.[274]

[274] Cómpre dicir que o fuste do cruceiro do adro da igrexa de Xoibán está ornamentado con relevos en oco que reproducen os símbolos da paixón (cravos, tenaces, martelo, escaleira, espada, etc.) figurando tamén entre eles unha columna cun galo sobre o capitel, motivo tomado do cruceiro de Becín que é moito máis antigo.

Pola contra, descoñecemos o significado do relevo existente na cruz e con aparencia de tesoira, motivo que non atopamos en ningún outro cruceiro desta comarca pero si en outros puntos de Galicia, podendo citar como exemplo o cruceiro de Rebordáns en Tuí.



Cruceiro do adro da igrexa de Trasparga

Non son moi frecuentes na Terra Chá os cruceiros con pousadoiro, elemento normalmente situado na plataforma e que servía para pousar os cadaleitos (de aí o seu nome) para rezarlles un responso ou ben como pequeno altar para as ofrendas. Este elemento, presente xa no cruceiro da igrexa de San Simón da Costa en Vilalba, un dos máis antigos desta comarca xa que data do ano 1793, atopámolo tamén nos cruceiros de do adro da igrexa en Distriz-Vilalba, no do Campo da Feira de Momán-Xermade, no do adro da igrexa de Samarugo (Vilalba) e no do adro da igrexa de Fanoi (Abadín) por citar só algúns exemplos.

A particularidade do pousadoiro do cruceiro da igrexa de Trasparga (Guitiriz) reside en que é o único exento de toda a Terra Chá, é dicir, non está integrado na súa plataforma como sería o habitual.

Chaman tamén a atención deste cruceiro os motivos ornamentais do capitel: moldurado e con gotas na parte superior e un funículo na inferior, certamente escasos nesta zona, aos que se lles pode engadir os resaltes existentes nos catro ángulos da intersección dos brazos da cruz. Resultan tamén curiosas as formas alongadas que decoran os arranques dos chafráns do extremo superior, características todas elas que poñen de manifesto que este cruceiro foi realizado por un canteiro que dominaba ben o seu oficio e que soubo sacar moito partido do granito a pesar da dureza deste material.



Cruceiro da igrexa de San Simón da Costa

Este cruceiro, un dos máis antigos da Terra Chá xa que data do ano 1793, presenta unha serie de particularidades que o converten nun dos principais exemplos deste tipo de construcións desta zona. Levántase sobre unha plataforma de cinco chanzos, cifra pouco frecuente, que ademais ten integrado no seu lado W un pousadoiro. A base, monolítica, conta cun primeiro tramo recto e un segundo moldurado en nacela e coroado por un groso bocel rematado nun listel. Presenta unha inscrición da que só fomos capaces de ler: **AÑO DE 1793**.





O fuste, monolítico, ten unha sección cuadrangular no imoscapo e octogonal no resto, o que o diferenza da maioría dos desta zona. O seu capitel, de forma troncocónica, ten un ábaco recto, unha ornamentación a base de volutas e cabezas humanas moi acusadas e dous boceis superpostos na súa parte inferior, características que fan deste elemento unha peza única.

A cruz, grega, florenzada pero con acusados resaltes de tipo pometeado, ofrece no seu anverso a efixie de Cristo e, no reverso, unha Piedade, quizais a primeira representación desta advocación realizada nesta comarca, pois todas as demais se corresponden con cruceiros da segunda metade do século XIX en adiante.

Por último, hai que dicir tamén que a pouca distancia deste cruceiro existe outro datado no ano 1783, moi sinxelo, realizado cando era cura desta parroquia Antonio Orosa Uz.

Cruceiro da Roxoa

Situado na parroquia de Castromaior (Abadín) este cruceiro conta cunha plataforma de tres chanzos de granito, os dous superiores co bordo redondeado. A súa base, monolítica, está formada por dous corpos paralelepípedos de diferentes tamaño: o inferior coas arestas superio-

res achafranadas e o segundo cos lados rectos. O fuste, monolítico e máis ancho na parte inferior, é de sección circular e está percorrido por acanaladuras dispostas alternativamente, xa que non abranguen toda a lonxitude do fuste. O capitel é de aparencia toscana e consta dun ábaco cadrado e moldurado sobre un equino circular sobre listel. A cruz, de sección circular e tamén con acanaladuras, presenta no seu anverso, baixo unha cartela, a figura de Cristo co perizoma anoado á esquerda (o normal é que sexa á dereita) e cos pés sobre unha caveira. No reverso, sobre a cabeza dun anxo e sobre unha media lúa deitada, imaxe coroada da Inmaculada coas mans en actitude orante.



O bordo redondeado dos banzos superiores da plataforma, a presenza e distribución das acanaladuras do fuste, o tipo de capitel e de cruz (de sección circular, con acanaladuras e coas imaxes de pouco vulto) fan deste cruceiro unha peza senlleira e sen paralelismos na Terra Chá. Coidamos que ben puidera tratarse dunha obra de mediados do século XVII que conserva aínda o gusto renacentista. Tamén coidamos que o seu autor, do que descoñecemos o seu nome, traballou na reforma que a mediados da devandita centuria se realiza no Pazo da Roxoa, pertencente á familia dos Montenegro, existente nas proximidades deste cruceiro.

Cruceiro da Veiga da Ponte

Atópase no lugar de A Veiga, na parroquia de Montouto (Abadín) e a súa orixinalidade reside en que é o único desta comarca que presenta relevos, algún deles novo, tanto no anverso coma no reverso do fuste. O seu baseamento conta cunha plataforma de catro chanzos e cunha base monolítica de dous tramos: o primeiro de forma cúbica e o segundo está moldurado en gola ou cima recta invertida. O seu fuste ten as arestas rebaixadas en toda a súa lonxitude, caso curioso, e na súa cara SE está ornamentada cos seguintes relevos: un martelo, unha pola (quizais de oliveira), unha tenaces,



unha espada, un corazón e unha columna; mentres que na oposta aparecen un rostro humano, tres cravos, unha escaleira de oito banzos e unha serpe. Tanto a pola coma serpe son motivos específicos deste cruceiro e o rostro, aínda que tamén aparece en outros, non é moi frecuente. Ademais, a existencia de borlóns nos chafráns do extremo superior do fuste, contribúen a súa vez a facer deste cruceiro un exemplo moi singular.

O capitel, tamén sen paralelismos na Terra Chá, está ornamentado con merlóns por baixo do ábaco, volutas nos vértices superiores das arestas, querubíns nas caras e unha ringleira de ocos cuadrangulares na parte inferior.

A cruz, latina, florenzada e coas arestas rebaixadas, ofrece no seu anverso a efixie de Cristo e, no reverso, unha Piedade realizada con escasa mestría.



Cruceiro da igrexa de Sistallo

Levántase sobre o muro que circunda o adro da igrexa parroquial de Sistallo (Cospeito), polo que carece de plataforma. A súa base, monolítica, cun primeiro tramo recto e un segundo moldurado a base de boceis e escocias, soporta un fuste de sección cuadrangular nos extremos (máis acusada no imoscapo) e octogonal no tramo central polo rebaixe das arestas. As catro caras do seu extremo superior, delimitadas por molduras e sobre arquiños as inferiores, están ornamentadas con relevos que reproducen os seguintes símbolos da paixón: tres cravos, un martelo, unhas tenaces e unha escaleira de cinco banzos. A colocación destes símbolos neste lugar é certamente nova, e fan deste cruceiro unha peza única nesta comarca. A parte inferior da cara principal, lugar pouco habitual para este motivo, amosa o relevo dunha custodia. A estas particularidades hai que engadirlles o motivo que decora unha das caras do capitel: dous anxos portando unha coroa, tamén exclusivo deste cruceiro. Ademais, a presenza de bolas por baixo das volutas non é moi frecuente nos cruceiros desta zona, xa que só as atopamos nos da Florida (Árbol-Vilalba) de Muimenta (A Pastoriza) e do adro da igrexa de Sistallo (Cospeito).

A cruz, latina, florenzada e coas arestas rebaixadas, ofrece no seu anverso a efixie de Cristo que ten como supedáneo a figura dunha santiña. No reverso destaca a imaxe dunha Virxe coroada co Neno no colo, iconografía tamén moi escasa na Terra Chá.

Cristo Enxoito

Dos máis de 10.000 cruceiros que hai en Galicia, non existe ningún comparable ao *Cristo Enxoito*, denominación coa que se coñece un curioso cruceiro situado en terras de Xermade, concretamente nun pequeno xardín a carón da casa do concello.

A particularidade desta mostra da arte popular reside na presenza sobre a cruz dun disco circular pétreo que, a xeito de sombriña, serve para protexer as figuras de *Cristo* e da *Virxe co Neno* das inclemencias meteorolóxicas. En Galicia, atopamos varios exemplos de cruceiros cubertos. Tal é o caso do cruceiro do Fiouco, levantado ao abeiro dunha construción con tellado de lousa a dúas augas. Máis artísticos son os baldaquinos de pedra que protexen os cruceiros góticos de Baiona e do cemiterio de Noia. Tamén está baixo cuberto o *Pedrao da Victoria*, magnífica obra do período oxival que podemos contemplar en Guimaraes (Portugal). No Levante, concretamente na zona de Valencia, era frecuente que as "cruces de termino" estiveran protexidas por "edículas" (como os denomina Carreres Zacarés) de gran tamaño e que, nun principio, tiñan a cuberta de chumbo. Aínda hoxe podemos comprobar o enorme tamaño dos que protexen as cruces dos antigos camiños reais a Barcelona ou a Xátiva e a de Mislata.

Di Castelao que en Francia as primeiras cruces tamén adoitaban estar cubertas con alpendres, "*até que o abate Jehan prohibiu que no seu territorio se tapase o siño fundamental do cristianismo, que non debía ter máis cuberta que o ceo, sen cousa algunha enriba de si; e dende entón as cruces francesas aparecen ao descuberto*." En Castela moitas cruces acabaron pechadas dentro de edificacións que reciben o nome de "humilladoiros", precisamente por albergar este símbolo cristián e que convén non confundir con ermidas ou capelas. Tal é o caso do *Cristo de la Salud en Villanubla* e do *Cristo de las Angustias* en Torrelobatón, os dous na provincia de Valladolid, por citar só dous exemplos.

Pero volvamos ao noso singular cruceiro. Como acabamos de ver, no período gótico (e incluso despois), era frecuente protexer os cruceiros con grandes construcións. *O Cristo Enxoito* non é unha obra dos séculos XIV ou XV froito dun cualificado artista de nome coñecido, pola contra, trátase dunha peza moi posterior, posiblemente de finais do século XVIII ou de comezos do XIX, saída da man dun humilde e anónimo canteiro pero posuidor dunha sensibilidade artística que se pon de manifesto nesta meritoria mostra da arte popular.

Actualmente este cruceiro se levanta sobre unha plataforma composta por un chanzo de granito pulido sobre o que se ergue un pedestal monolítico de forma troncopiramidal pero coas caras e arestas en nacela invertida e rematado nun corpo saínte. Na súa cara leste presenta unha inscrición da que só fomos capaces de ler:

ESTE CRUZE
RO LO YZO FRANCO
DAPENA POR…

A base, tamén monolítica, está formada por tres corpos paralelepípedos (o superior cos bordos superiores redondeados) separados por dúas molduras de media caña moi acusadas, mentres que o fuste, realizado nunha soa peza, presenta unha sección cuadrangular nos extremos e oitavado no tramo central polo rebaixe das arestas. O seu capitel, de forma cúbica, está ornamentado con volutas nos vértices superiores das arestas e unha cabeza de querubín en cada unha das caras, situándose na súa parte inferior unha moldura cóncava recta e un astrágalo de bocel.

A cruz latina, de paus anchos, é de tipo florenzada e coas arestas rebaixadas. No seu anverso, baixo unha cartela na que se pode ler **IN**/**RI**, hai unha efixie de Cristo con tres cravos. No reverso, sobre a cabeza dun querubín que lle fai as veces de peaña, atopamos unha imaxe dunha *Virxe coroada co Neno no colo* e que Laredo Verdejo identifica como unha *Regina Coeli*.

Resulta curioso que na inscrición que citabamos anteriormente figura a verba *cruzero*, expresión nada frecuente nos epígrafes deste tipo de construcións. Pero a singularidade do *Cristo Enxoito* está nese disco pétreo de forma circular que fai desta obra un caso único entre os milleiros de cruceiros existentes en Galicia. Á devoción do doante, Francisco Dapena, expresada na construción deste cruceiro, hai que engadirlle o acto de piedade que supón o mandar protexer as efixies de *Cristo* e da *Virxe co Neno* dos embates da choiva e dos rigores do sol, quizais nun intento de minguar os sufrimentos do Redentor na cruz. O canteiro, nun alarde de pericia creativa, soubo plasmar dun xeito tan artesanal como eficaz este desexo de protección coa feitura deste gracioso telladiño circular que, a diferenza dos anteriores exemplos citados, permite contemplar sen dificultade as imaxes obxecto de veneración. O resultado é que grazas a este orixinal e enxeñoso sistema (en Ribarteme, parroquia do Concello pontevedrés das Neves hai un cruceiro cun tellado metálico de basta factura) as efixies permanecen ao resgardo da choiva, polo que non resulta estraño que a este cruceiro se lle chame popularmente *Cristo Enxoito*, palabra, esta última, que en galego significa seco e que alude ao estado en que se atopan as efixies situadas aos dous lados da cruz.



Cruceiro de Lanzán

Situado na parroquia vilalbesa de Santa María de Tardade e realizado en 1906, segundo reza nunha inscrición situada a media altura do fuste, o cruceiro de Lanzán é a obra máis relevante dos Carboeira. Aínda que non está asinada, como lle corresponde a unha creación de tipo popular, non dubidamos en atribuírlla a esta dinastía de canteiros, oriúnda da parroquia vilalbesa de Román. Dada a súa cronoloxía, consideramos que se trata dun cruceiro realizado por Marcelino Seoane Leiras, se ben, segundo testemuñas da familia dos Carboeira, tamén interveu nel o seu pai, Andrés Seoane Fernández, que por aquel tempo tiña setenta e un anos.

A súa riqueza ornamental e a singularidade dalgúns dos seus motivos, como pode ser o relevo de Santiago Matamouros na base, converten este cruceiro nunha peza única na que aínda podemos ver a influencia da Contrarreforma.

Pechado por un pequeno enreixado que lle serve de protección, este cruceiro de cantaría levántase sobre unha plataforma de planta cuadrangular, formada por catro chanzos de granito. A súa base, monolítica, ten forma troncopiramidal e está ornamentada cos relevos de Santiago Matamouros (na cara principal) e de San Xosé (sueste) e San Roque (noroeste). Na súa cara nordeste, figura a seguinte inscrición:

EL YLLMO. SR. OBIS
PO D MONDOÑEDO
CONCEDIO 50 DÍAS
D YNDULGENCIA POR
REZAR CULAQUIERA O
RACION APROBADA POR
LA YGLESIA DLANTE
D ESTAS EFIGIES

O fuste ou varal, tamén monolítico, é de sección cuadrangular nos extremos e octogonal, na parte central polo achafranado das arestas. As caras sueste e noroeste do seu extremo superior presentan un rebaixe rectangular co relevo de dous rombos concéntricos con dous roeis flanqueando os vértices superior e inferior, mentres que a cara nordés ofrece o relevo de dous M opostos, de xeito que o inferior aparece invertido, motivo único nesta comarca. Tamén escaso é o relevo dunha roseta que aparece por baixo dos devanditos rebaixes. O lado principal deste fuste, é dicir, aquel situado na parte da efixie de Cristo, está decorado cos relevos dun santo con esclavina que non puidemos identificar, dunha custodia e dos instrumentos da paixón, se ben dous destes últimos están situados no chafrán, caso non moi frecuente nos cruceiros chairegos.

A súa disposición, nunha orde descendente, é: columna de flaxelación, dous cravos, un cravo, un martelo e unhas tenaces, situándose no rebaixe das arestas unha espada e unha escaleira de nove banzos.

Tamén nesta cara e por riba da base, atópase unha imaxe en vulto redondo que representa un Ecce Homo sentado sobre un banco. Con coroa de espiñas na cabeza que inclina ao lado dereito, esta figura de Cristo, vestida soamente cun perizoma, aparece coas mans cruzadas sobre o peito, mentres que do pescozo pendura un látego. Por baixo dos seus pés figura a inscrición **ECCE HOMO**.

O capitel ten forma troncopiramidal invertida, ornamentándose con volutas nos vértices superiores das arestas, unidades entre si por unha cadea a modo de grilanda, querubíns nas caras e unha sucesión de merlóns na súa parte inferior.

A cruz, de tipo florenzada, presenta unha sección cuadrangular no seu pé e octogonal no resto polo rebaixe das arestas. No seu anverso, baixo unha cartela na que pode lerse **INRI**, aparece a efixie de Cristo con coroa de espiñas na cabeza que inclina ao lado dereito. Os seus brazos están estendidos ao longo da cruz (pero separados dela ao igual que a cabeza, lombo e pernas) e as mans aparecen abertas; o perizoma anóase á dereita e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito por riba do esquerdo e os dous sobre unha caveira por riba de dúas tibias en aspa. Flanquean a imaxe de Cristo dúas figuras de santiños, un deles cunha soga nas mans (San Domingos da Calzada?) e outro cunha cruz (San Xoán?), mentres que o reverso está presidido por unha Piedade.



Cómpre salientar que o cruceiro de Lanzán, que serviu de modelo para o da igrexa de Sancobade (Vilalba), é un dos mellores non só da Terra Chá, senón de toda a provincia de Lugo. A súa importancia, tanto artística como histórica, etnográfica e relixiosa, xustifica plenamente unha visita ao mesmo cruceiro.

Cruceiro dos Carboeira

Na parroquia vilalbesa de Román atópase un dos cruceiros máis espectaculares da Terra Chá. Trátase do cruceiro dos Carboeira, situado a escasa distancia da vella casa patrucial desta dinastía de canteiros do mesmo nome.

Os Carboeira son unha familia de canteiros que desenvolve a súa actividade durante os séculos XIX e XX ao longo de varias xeracións, sendo os autores dunha boa parte dos cruceiros chairegos, entre os que cómpre destacar o cruceiro de Lanzán así como doutros da provincia de Lugo e da Coruña.

O cruceiro dos Carboeira levántase sobre unha plataforma de tres chanzos de granito, coa particularidade de que o superior ten o bordo voado e redondeado, cando o normal é que sexan de aresta viva. A base, monolítica, consta de dous tramos: recto o inferior e troncopiramidal o superior. Está ornamentada con relevos que reproducen escenas da paixón de Cristo que son únicas, xa que reproducen momentos non representados en ningún outro cruceiro galego: o prendemento de Xesús, a crucifixión de Cristo e o Redentor crucificado entre os dous ladróns. Ademais destes relevos, a base presenta varias inscricións, das que recollemos o seguinte parágrafo:

RECUERDO Y DEVOCION
D ANDRÉS SEOANE Y SU
FAMILIA AÑO D 1918

O fuste ou varal deste cruceiro, monolítico e oitavado no tramo central, está ornamentado na súa cara S cos relevos dos símbolos da paixón (a columna de flaxelación, os cravos, o martelo, o látego e as tenaces) coa particularidade de que a espada e a escaleira de nove banzos están situadas nos chafráns. No extremo superior desta mesma cara atópase o relevo dun home espido portando unha cruz, mentres que nas restantes aparecen as típicas marcas desta familia de canteiros: dous rombos concéntricos con dous roeis que flanquean os vértices superior e inferior.



O capitel, ademais da típica decoración a base de volutas e querubíns, amosa merlóns e un cadeado, motivos empregados polos Carboeira para os cruceiros máis salientables da súa autoría. Polo que respecta á cruz, esta presenta no seu anverso a efixie de Cristo (flanqueada polas imaxes da Virxe e de San Xoán) e, no reverso, unha Piedade entre dúas santiñas.

Un dos aspectos que máis chama a atención deste cruceiro é a presenza dun Ecce Homo sobre a base. Figura de mediano tamaño e de vulto redondo, quizais realizada con posterioridade ao cruceiro, representa a Cristo de pé cos brazos cruzados e co látego enrolado no pescozo.

Trátase dun tema certamente escaso na provincia de Lugo, pois só temos constatado a existencia deste motivo e con estas características nos cruceiros de Lanzán e do situado diante da igrexa de Sancovade, todos eles feitos por membros desta familia dos Carboeira.

Este cruceiro, probablemente debido á man de Marcelino Seoane Leiras (1875-1955), constitúe un dos mellores traballos realizados por esta dinastía de canteiros que quixo deixar constancia da súa devoción nesta monumental obra. Pero, ao mesmo tempo, este cruceiro é o tótem referencial dos Seoane, que ten nesta peza excepcional o símbolo de toda a familia, ademais de constituír unha homenaxe a Andrés Seoane, nado no ano de 1835, e que quizais sexa o primeiro canteiro desta estirpe, tal como queda de manifesto na inscrición que citabamos anteriormente.

Cruceiro do adro da igrexa de Trobo

A singularidade deste cruceiro do concello de Begonte, que aínda conserva restos da policromía orixinal, reside especialmente en que é o único da Terra Chá do século XIX do que coñecemos o nome do seu artífice, porque, orgulloso do seu traballo (e non é para menos) decide inmortalizarse na inscrición que figura na base, autocualificándose, sen ningunha modestia, de "artista". Sabemos tamén por este epígrafe que era veciño desta parroquia e que realizou esta obra, por devoción, no verán de 1899. Pero, quen era Benito Rifón Corral?. Despois de remexer nos libros parroquiais (neste aspecto queremos expresar o noso agradecemento a D. Jesús Domínguez Guizán) puidemos pescudar que Benito Rifón nace o 27 de abril de 1834 en Xoibán (Vilalba). En 1857 casa con María Roca Rois, natural de Felmil (Begonte), coa que ten unha filla. Despois da morte da súa primeira muller, contrae segundas nupcias con María Josefa Barbeito Fariñas, veciña de Trobo, momento en que, na nosa opinión, se traslada a vivir a esta parroquia, na que falece o 31 de xaneiro de 1910, ás 11 da noite. Na súa partida de defunción, Benito Rifón figura como labrego, actividade que desenvolveu ao longo de todo a súa vida. Pode ser que nos últimos anos compaxinara esta profesión coa de canteiro, ou ben que se dedicara a este oficio de forma moi esporádica. Inclinámonos por esta posibilidade, xa que descoñecemos se realizou algún outro cruceiro nesta comarca, pero non descartamos que un dos nichos existentes no cemiterio, perfilado cun sogueado, sexa da súa autoría.

O cruceiro do adro da igrexa de Trobo levántase sobre unha plataforma de planta cuadrangular, integrada por tres chanzos de granito. A súa base, monolítica, consta de dúas partes: a inferior, de forma paralelepípeda, e a superior, con moldura de talón ou cima reversa invertida, coroando o conxunto un acusado listel. Repartida polas catro caras do tramo inferior hai unha inscrición na que podemos ler:

TALLO ESTAS IMÁGENES EL ARTISTA BENITO RIFÓN CORRAL EN EL VERANO DEL AÑO DE 1899 DEVOCIÓN DE BENITO RIFÓN CORRAL DE ESTA PARROQUIA SIENDO CURA D. DANIEL V. RUA EL YLMº SR. OBISPO DE MONDOÑEDO CONCEDIO 40 DIAS DE INDULGENCIA POR REZAR CADA VEZ QUE SE REZE EL PADRENUESTRO O POR CADA CREDO DELANTE DE ESTAS EFIGIES

Pola contra, as caras da parte superior están ornamentadas con relevos que reproducen as seguintes escenas da paixón: Xesús levando a cruz, caída de Xesús, Xesús levantándose e Simón o Cireneo axuda a Xesús a levar a cruz. Trátase de relevos de factura case infantil, pero cunha función didáctica que nos trae á memoria os capiteis das igrexas románicas.

O fuste, orixinalmente monolítico pero no que se adiviñan os sinais dalgunha rotura, ten unha sección cuadrangular nos extremos e octogonal no tramo central polo rebaixe das arestas. A súa cara principal, é dicir aquela situada por baixo da efixie de Cristo, está decorada con relevos que reproducen os símbolos da paixón, cuxa relación nunha orde descendente é a seguinte: tres cravos, unhas tenaces, un martelo, unha escaleira de cinco banzos, unha lanza e un látego. Por baixo deles, aparece outro relevo que representa a Cristo atado á columna de flaxelación e a data de construción do cruceiro: **1899**. Tres das caras do extremo superior teñen un rebaixe en forma de rombo cunha roseta de oito follas no centro.

O capitel, de forma troncopiramidal invertida, está ornamentado con volutas nos vértices superiores das arestas e querubíns nas caras. Tamén presenta outros dous motivos certamente escasos nos cruceiros chairegos: grilandas por baixo dos querubíns e un funículo que percorre todo o perímetro superior do capitel, prolongándose pola unión das volutas e rematando nunhas borlas.

A cruz, de sección circular e de aparencia leñosa, amosa no seu anverso (por baixo dunha cartela na que pode lerse **INRI**) a efixie de Cristo, mentres que no reverso podemos ver a Dolorosa cun puñal de ferro cravado no corazón.

Non é moi frecuente na Terra Chá atopar cruceiros cunha cruz de sección circular que imite ao madeiro no que executaron a Cristo. Tampouco son moi abundantes as bases ornamentadas con relevos que reproducen escenas da paixón. Máis escasos son aínda os capiteis ornamentados con grilandas e cun funículo rematado en borlas e, sobre todo, hai que destacar que o cruceiro do adro da igrexa de Trobo é un dos poucos desta comarca que presenta, na parte inferior do fuste, o relevo de Cristo atado á columna de flaxelación. Con este motivo só pode-

mos citar os de Curro (Castro de Rei), Fontela (Cospeito), Nete (Vilalba) e, en Outeiro de Rei, o do Campo da Feira de Gaioso.

A conxunción de todas as particularidades comentadas neste artigo fan do cruceiro do adro da igrexa de Trobo unha peza única e de notable interese, pois nel podemos contemplar a mestría dun labrego devoto, xeneroso cos seus veciños e con vocación de artista.



Cruceiro do Fiouco

Aínda que situado a escasos metros do lindeiro entre Mondoñedo e A Pastoriza, o cruceiro do Fiouco atópase en terreos deste último concello, se ben dende o seu emprazamento podemos contemplar unha espléndida panorámica do val mindoniense e dos cumes que o circundan que conforman unha paisaxe de extraordinaria beleza.

O cruceiro do Fiouco é un caso singular entre estas mostras da arte popular na provincia de Lugo, xa que é o único exemplo que coñecemos (agás o Cristo de Afoz en Bretoña) que se encontra dentro dunha construción de planta cuadrangular formada por tres grosos muros de cachotería lucida e cuberta a dúas augas a base dun tellado con armazón de madeira e lousas regulares, material este último que tamén podemos ver no pinche do penal. A función desta edificación que, salvando as diferenzas, nos trae á lembranza os *humilladeros* tan típicos de Castela-León, non era outra que protexer este cruceiro das inclemencias meteorolóxicas, tan extremas nesta zona nos meses de invernía, que podían ameazar a súa integridade. Ademais, o feito de que o cruceiro se atope sobre un corpo elevado integrado nesta estrutura, permitía tamén arredalo do chan e darlle unha maior monumentalidade ao tempo que o protexía do gando do monte tan abundante nesta zona.

O cruceiro do Fiouco foi edificado no ano 1891. Mandárono facer Manuel Docampo e Antonio Ledo, veciños respectivamente das parroquias limítrofes de San Bartolomeu de Cadavedo e de San Pedro de Argomoso, a primeira da Pastoriza e a segunda de Mondoñedo. Por iso, este cruceiro está situado no lindeiro entre os dous concellos e, probablemente, fixo as veces de marco. Mario Saavedra, compañeiro xunto con José Manuel Blanco no traballo de catalogación dos cruceiros chairegos, comentoume que se puxo nun punto que permitía a súa visión tanto dende a casa de Manuel como de Antonio.

Realizado en granito, o cruceiro do Fiouco, obra que non dubidamos en atribuírlles aos Carboeira de Román, conta cunha base monolítica de forma troncopiramidal na que figura a seguinte inscrición:

EL AÑO D 1891 SE HI
ZO POR MANUEL DO
CAMPO D CADABEDO ES
TA OBRA Y POR ANTONIO
……
QUE RECEN CON DE
BOCION UN PADRENUES
TRO, UN CREDO O UN AC
TO DE CONTRICIÓN DELANTE
……

Este epígrafe, que non puidemos ler de forma completa, ademais de darnos a data de construción e o nome dos que mandaron facer este cruceiro, debía aludir tamén ás indulxencias concedidas polo bispo de Mondoñedo que, naquel tempo, era D. Manuel Fernández de Castro y Menéndez Hevia (1834-1905) aos que rezaren as devanditas oracións diante "de estas efigies", segundo o texto de costume nestes casos.

O seu fuste, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no tramo central, está ornamentado con motivos xeométricos en dúas das caras da parte superior (un rebaixe rectangular co relevo dun rombo cun roel no centro e dous flanqueando os vértices superior e inferior) e cos símbolos da paixón (os cravos, o martelo, as tenaces, a lanza e unha escaleira de oito banzos); estes últimos coa particularidade de que non están situados na cara principal do cruceiro como é o habitual, senón nunha das laterais (concretamente a Norte) e no chafrán, o que tampouco é moi frecuente. A estes motivos hai que engadirlles as imaxes de San Pedro e de San Bartolomeu, santos titulares das igrexas parroquias dos propietarios do cruceiro, que presentan a singularidade de atoparse en lados opostos do fuste e cada unha orientada cara a súa respectiva parroquia, caso único nos cruceiros da nosa provincia.

O capitel, decorado con volutas (lamentablemente hoxe desaparecidas) e querubíns, dá paso a unha cruz latina de tipo florenzada, que amosa no seu anverso a efixie de Cristo cos pés sobre unha caveira, mentres que no reverso podemos ver unha coroa na intersección dos brazos, quizais o único resto conservado dunha hoxe inexistente imaxe da Virxe María.

Aínda que situado nunha paraxe illada que a construción da recente A-8 está alterando notablemente, o cruceiro do Fiouco continúa a ser un lugar de devoción. Foi empregado para





facer misas de campaña e, actualmente, aínda é doado atopar aos seus pés diversas ofrendas como poden ser esmolas, candeas e algunha que outra flor. Pero, independentemente do seu significado relixioso, este cruceiro, que tamén serviu como lugar de encontro dos veciños da zona pola súa función de marco equidistante, funcionou como medio de comunicación entre os seus propietarios, pois xunto a el se deixaban algúns obxectos para avisos cuxo significado só entendían eles. Por iso, non é de estrañar que este cruceiro, obra dos amigos Manuel Docampo e Antonio Ledo, sexa coñecido tamén como *Cristo da Amizade*.

Cruceiro do Xastre

Actualmente estamos afeitos a contemplar os cruceiros "a pedra vista" e xa nos resulta moi familiar ver así estas manifestacións xenuínas da arte popular galega. Non obstante son moitos os cruceiros en Galicia que aínda conservan importantes restos de policromía que, normalmente, pasan desapercibidos para o público profano.

Na Terra Chá, sen ir máis lonxe, son frecuentes os cruceiros que amosan parte dos seus elementos con mostras de pintura, únicas testemuñas da súa antiga policromía. Tal é o caso do cruceiro de Vilaxoán en Santaballa (Vilalba) e do situado no adro da igrexa de Trobo (Begonte), por citar só dous exemplos. Noutros cruceiros a pintura redúcese a marcar as manchas de sangue das chagas de Cristo (nas mans e nos pés) ou da Dolorosa, para acentuar así a carga dramática destas imaxes.

Neste aspecto, un caso excepcional constitúeo o cruceiro do Xastre ou de Longo, situado na parroquia de Burgás do Concello de Xermade, o único de toda a Terra Chá e un dos poucos



de Galicia que conserva integramente a policromía orixinal. Situado a escasa distancia do adro da igrexa parroquial, trátase dun cruceiro de tipo Carboeira que foi construído no ano **1877** e que se levanta sobre unha plataforma de dous chanzos de granito. Da súa base, monolítica e adornado con molduras, arrinca un fuste ornamentado na súa cara leste con relevos que representan os símbolos da paixón (tres cravos, unhas tenaces, un martelo, unha lanza e unha escaleira de dez banzos). O seu capitel, de forma troncopiramidal invertida, presenta volutas nos vértices superiores das arestas e querubíns nas caras e está coroado por unha cruz de tipo florenzada que amosa no seu anverso a efixie de Cristo sobre unha caveira que ten por baixo unha tibia (símbolo da morte) e, no reverso, a imaxe coroada da Virxe Dolorosa cun puñal de ferro cravado no peito.

Como xa dixemos, a particularidade deste cruceiro reside en que conserva, agás na plataforma e na base, toda a policromía primitiva. Así, o seu fuste está pintado en amarelo e azul celeste, reservándose a primeira das cores para o chafrán, astrágalo e os rebaixes rectangulares situados en cada unha das catro caras do extremo superior (ornamentados co relevo dun rombo cun roel no centro e dous flanqueando os vértices superior e inferior, motivo propio dos cruceiros dos Carboeira) e o azul celeste para o resto, mentres que en negro aparecen os símbolos da paixón.

O capitel está policromado en azul e en amarelo as volutas e as ás dos querubíns, cores que se repiten na cruz. O corpo de Cristo e as caras da Virxe e querubíns están pintados en cor carne, se ben o manto da Dolorosa e o pelo e perizoma do Salvador son negros.

Pero o cruceiro do Xastre ou de Longo, punto referencial de parada de enterros e cuxa contorna serviu de lugar de enterramento dos nenos que morrían sen bautizar, presenta tamén a particularidade de ser o único da Terra Chá e quizais de Galicia, cunha inscrición que alude ao autor e ano da policromía. Así, na cara W da súa base pode lerse:

LO PINTO
FERMÍN POLO PU
RRIÑOS AÑO D
1900

Xa pasou tempo dende aquela e, lamentablemente, esta policromía estase a perder. Vai sendo hora de intervir (sempre por medio de persoal especializado e coas debidas autorizacións), polo que dende estas páxinas queremos dar a voz de alerta para recuperar estas pinturas e evitar que desaparezan, pois de ser así perderíase este único e orixinal exemplo dunha práctica que antano foi habitual nos nosos cruceiros.



Cruceiro da Praciña

Atópase no lugar denominado A Praciña, na parroquia de Ludrio (Castro de Rei), se ben este non era o seu emprazamento orixinal. Actualmente está situado sobre un muro, polo que carece de plataforma, e conta cunha base de forma cúbica. O seu fuste, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas rebaixadas no tramo central, remata nun capitel de forma troncopiramidal invertida e coas caras e arestas en nacela. Presenta a seguinte inscrición: **P. ANTONIO JANEIROS. 1856**. A cruz, latina e coas arestas rebaixadas, carece de efixies.

Trátase dunha sinxela obra que destaca pola súa inscrición, xa que non é frecuente a existencia de epígrafes nos capiteis, agás o caso do cruceiro de Donalbai (Begonte) e dalgún nome de santo no ábaco, estes últimos coa única finalidade de identificar algunha das imaxes que flanquean a cruz. Pero ademais, esta inscrición resulta especialmente significativa, xa que coidamos fai referencia ao nome dun crego, probablemente xesuíta, realizou unha misión por esta zona en 1856.

Cruceiro do Curro

Este cruceiro da parroquia de Ansemar en Castro de Rei pertence ao tipo de cruceiros que denominamos *Ornamentado 2*, cuxas características xa temos comentado. Trátase dunha obra realizada en 1865 ou 1886, xa que non podemos precisar con exactitude as dúas últimas cifras que conforman a data. Consta dunha plataforma de tres chanzos de cachotería e dunha base monolítica formada por un primeiro tramo recto e un segundo moldurado en gola ou cima reversa invertida. Destaca esta base porque a súa cara NW está decorada por un relevo que representa a Xesús coa cruz ás costas, escena da paixón que só está presente en 13 cruceiros desta comarca chairega, a maioría deles pertencentes a esta tipoloxía de cruceiros.

O fuste, monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no tramo central, amosa na súa cara NW o relevo dunha custodia e, a continuación, o dos símbolos da paixón (tres cravos, martelo, tenaces, escaleira de sete banzos e un látego). Por baixo deles aparece outro relevo que representa a Cristo atado a unha columna, motivo este certamente raro nos cruceiros da Terra Chá, xa que só o atopamos en catro casos (Bexán-Cospeito, igrexa de Nete-Vilalba e igrexa de Trobo-Begonte)[275], rareza que lle outorga unha especial relevancia a estes cruceiros.



O capitel está ornamentado con volutas nos vértices superiores das arestas e querubíns nas caras, mentres que a súa parte inferior presenta unha escocia e un acusado bocel. Serve de base para unha cruz latina, florenzada e coas arestas rebaixadas, que amosa no seu anverso a efixie de Cristo (coa particularidade de ter como supedáneo a unha santiña) e, no reverso, a imaxe da Inmaculada en actitude orante.

Trátase dun cruceiro moi semellante ao da Casa de Pena (Candamil-Xermade) e, na nosa opinión, os dous son obra dunha mesma man, comezo dun obradoiro que vai manter a súa actividade ata ben entrado o século XX.

Outros casos curiosos

Unha boa parte dos cruceiros da Terra Chá presentan a cara principal do fuste, é dicir, aquela que se corresponde co anverso da cruz, na que figura a efixie de Cristo, ornamentada con relevos que reproducen os símbolos da paixón: cravos, tenaces, martelo, espada, lanza, látego, escaleira, etc. A disposición destes motivos é, xeralmente, vertical e a súa distribución varía notablemente dun cruceiro a outro, se ben o máis frecuente é que os cravos ocupen o extremo superior e a escaleira a inferior. Non obstante, existen numerosos exemplos nos que se incumpre esta norma. Así, estes símbolos podémolos ver situados no reverso dos cruceiros do adro da igrexa de Labrada (Abadín) e da Vila (Guitiriz) en nun lateral dos cruceiros de Arco (Cospeito), da Casa de Charón (Xermade) da Rozavella (Abadín) e da capela de Santiago (Santaballa-Vi-

[275] Ainda que fóra da Terra Chá oficial, cómpre dicir que o cruceiro de Gaioso (Outeiro de Rei) tamén presenta na parte inferior do seu fuste o relevo de Cristo atado á columna.

lalba). Este desaxuste obedece a que estes cruceiros foron desmontados para a súa recolocación, non respectándose a disposición orixinal ao montalos de novo. [276]

Resultan especialmente curiosos os dos cruceiros da Feira do Monte e de Galán, os dous no concello de Cospeito e probablemente obra dunha mesma man, por ter varios símbolos da paixón entrelazados: o martelo coas tenaces e a escaleira coa lanza. Tamén resulta curioso ver estes relevos tallados de forma oblicua, como no caso dos cruceiros da igrexa de Cabreiros (Xermade) e da igrexa de Román (Vilalba).[277]

Como casos excepcionais cómpre salientar os cruceiros do Fiouco (A Pastoriza) e da Reigada (Codesido-Vilalba), xa que presentan os símbolos da paixón nun dos laterais do fuste e no chafrán, o de Casavella (Cazás-Xermade) con estes relevos tallados no tramo biselado e o da Veiga da Ponte (Montouto-Abadín), onde aparecen repartidos tanto polo anverso como polo reverso. Chama tamén a atención o caso do cruceiro da igrexa de Sistallo (Cospeito) o único da comarca chairega que ten os símbolos da paixón situados nas catro caras do extremo superior do fuste. No imoscapo, e dentro dun rebaixe rectangular, podémolos ver nos cruceiros de Vilar do Medio, adro da igrexa de Momán, Xunqueira, Vilar do Medio e adro da igrexa de Roupar, todos eles no concello de Xermade.

Autoría dos cruceiros chairegos

Cómpre, en primeiro lugar, salientar que os artífices dos cruceiros chairegos non recibiron nunca o nome de santeiros, como acontece noutras zonas de Galicia. Nesta comarca sempre se lles denominou canteiros. Unha excepción a constitúe Benito Rifón Corral, autor do cruceiro do adro da igrexa de Trobo, que no epígrafe que figura na base do mesmo cualifícase a se mesmo de "artista."

En segundo lugar queremos destacar que nas inscricións dos cruceiros chairegos non figura o nome do seu autor, proba evidente de que estamos diante dunha arte caracterizada polo seu anonimato. Os datos que dispoñemos dos deus autores foron conseguidos, fundamentalmente, por informacións orais e algún que outro epígrafe, pois tamén temos que salientar a case nula existencia de documentación en relación con este tema. Neste senso cómpre unha investigación nos libros parroquiais para obter máis información dos artífices dos cruceiros desta comarca, investigación que constitúe un dos nosos obxectivos, se ben recoñecemos de antemán o longa e dificultosa que pode resultar esta tarefa, entre outras causas polo excesivo

[276] O cruceiro da Casa de Charón cambiou de emprazamento en 1968 e o do adro da igrexa de Labrada foi recolocado no ano 2000.
[277] No primeiro non están talladas desta forma as tenaces, mentres que no segundo son os cravos e a escaleira.

número de parroquias coas que contan os concellos da Terra Chá. Como excepcións, poden aparecer os cruceiros asinados, podemos citar o caso do xa comentado do adro da igrexa de Trobo e no cruceiro das Carpaceiras, este último asinado por O Vila, alcume de José Diéguez, canteiro de Lalín.

En terceiro lugar convén facer referencia á existencia de dous grandes obradoiros na Terra Chá: *Os Carboeira*, dos que falaremos máis adiante, e un segundo responsable dun tipo de cruceiro que denominamos ***Ornamentado 2***, característicos dun obradoiro aínda non identificado que desenvolve a súa actividade dende comezos dos anos vinte do século XIX ata o primeiro terzo do XX, tipoloxía na que son frecuentes os cruceiros con número de serie e os relevos con escenas da paixón na base. Os seus capiteis, que constitúen o elemento máis diferenciado con respecto aos de outros cruceiros da Terra Chá, presentan as seguintes particularidades: Ábaco máis ancho e sen apenas beiril, volutas dunha soa espiral e unidas entre si por unha faixa continua máis ancha que nos capiteis de tipo Carboeira, querubíns coa cabeza tamén resaltada pero coas ás menos marcadas rectas, aínda que son frecuentes os casos sen querubíns, tramo na parte inferior formado por unha lixeira escocia e un acusado bocel.

Máis recentes son un grupo de canteiros de Guitiriz entre os que podemos incluír a Pasarín, Lourés (pseudónimo de José Saavedra Pardo) e Antón Carreira, autores de numerosos cruceiros na comarca chairega nos últimos trinta anos.

Cómpre salientar actualmente da desaparición do tradicional oficio de canteiro como traballador individual a favor de empresas de construción que, debido á demanda existente, inclúen na súa oferta a elaboración de cruceiros que son realizados por anónimos operarios. Como exemplo podemos citar cruceiros da Praza de Bretoña e do Campo da Festa de Pousada. O primeiro é obra dun tal Ramiro, da empresa de Granitos Bao, mentres que o segundo o fixo a Marmolería Vázquez Salgado de Monterroso, segundo reza nunha plaquiña colocada nun lateral da súa base. Neste aspecto, temos que valorar moi positivamente a creación de escolas taller ou obradoiros que pretenden manter vivo esta oficio para que non se perda. Froito destas escolas foron os cruceiros coma o de Bascuas (Guitiriz), Praza dos Ovos (Vilalba) e Praza de Galicia (Castro de Rei) entre outros.

Se ben a case totalidade dos cruceiros chairegos están sen asinar, a presenza de diferentes marcas en moitos deles é un dato que nos pon en conexión cos seus autores. Non obstante, asignar un nome ou obradoiro a unha determinada marca é, hoxe por hoxe, unha tarefa case imposible. Podemos, non obstante, ofrecer algún exemplo como o dos Carboeira, que empregaban como marca un rebaixe rectangular co relevo dun rombo cun roel ou outro rombo no centro.

Chama a atención a existencia na Terra Chá de cruceiros realizados por persoas que non eran canteiros de profesión e que, unha vez xubilados ou compaxinando esta actividade co seu oficio habitual, dedicáronse a construír cruceiros (normalmente un) motivados pola devoción e por dispoñer de tempo. Tal é o caso de o cruceiro dos Currás (Burgás-Xermade) que foi realizado por Agustín Ladra no ano 1990. Outros exemplos poderían ser o cruceiro da Abelaira, situado na parroquia vilalbesa de Román e que data do ano 1990, obra de José María Aguiar, mentres que o do Pradieiro (1981), tamén na mesma parroquia, saíu da man de Manuel García González, sendo este o único cruceiro que fixo en toda a súa vida.

A continuación ofrecemos unha relación de artífices coa súa obra por concellos, se ben temos que precisar que moitos dos nomes son incompletos porque, como xa dixemos, os datos proceden fundamentalmente de informacións orais, sendo conscientes das imprecisións que estas levan ou poden ter.

A Pastoriza

Segundo testemuñas dos veciños deste concello, son obra dos canteiros de Román (Vilalba) os cruceiros do Pontigo, Xirómeno, Castiñeira, Carrizal e do Venanciño. Concretamente, á familia dos Carboeira pertence o primeiro, mentres que o segundo é obra da familia Licho. Polo que respecta ao do Venanciño, este cruceiro relativamente novo o fixo un canteiro desta parroquia vilalbesa chamado Oscar. Pero, en base ás súas semellanzas estilísticas, atreveriámonos a afirmar que outros cruceiros da Pastoriza son tamén obra dos canteiros de Román, probablemente dos Carboeira. Nesta lista poderíamos incluír o de Vilagromar, Cándido, Vilar, Veiga do Crego, Carballo, Casa do Couto, Carrizal, Igrexa de Vián e Caxigo.

Dos que si temos constancia do seu autor, se ben con poucos datos do mesmo, é dos cruceiros da Praza de Bretoña e do Campo da Festa de Pousada. O primeiro é obra de Ramiro, da empresa de Granitos Bao, mentres que o segundo o fixo a Marmolería Vázquez Salgado de Monterroso, segundo reza nunha plaquiña colocada nun lateral da súa base.

Begonte

O único autor do que temos constancia é de Benito Rifón Corral, autor do cruceiro do adro da igrexa de Trobo, que se cualifica a se mesmo de "artista", segundo a inscrición que figura na súa base. O adxectivo non é inmerecido, pois este cruceiro é un dos mellores non só deste concello, senón de toda a Terra Chá.

Non son moitos os datos que temos de Benito Rifón, pero sabemos que era veciño de Trobo e que fixo este cruceiro por devoción a finais do século XIX, concretamente o ano de 1899, sendo cura da parroquia D. Daniel V. Rúa. Probablemente hai outros cruceiros nesta comarca que son obra súa, pero non deixou constancia diso en ningunha inscrición. Un maior afondamento na súa biografía e unha análise comparativa dos cruceiros chairegos, podería arroxar máis luz neste aspecto. De todos xeitos, grazas a este cruceiro de Trobo, o seu nome xa pode figurar como un dos máis destacados na realización destas mostras da devoción popular.

Obra dos Carboeira son os cruceiros de Denune (1891), da igrexa de Gaibor (1896) e de Saavedra (1898), xa que todos eles presentan as mesmas características tipolóxicas das obras realizadas por esta familia de canteiros de Román (Vilalba).

O resto dos cruceiros deste concello son de autor descoñecido, como corresponde a un tipo de arte popular no que a obra e non o artista é o principal.

Cospeito

Aínda que non hai ningunha inscrición ao respecto, baseándonos nas súas características podemos afirmar que unha boa parte dos cruceiros de Cospeito son obra dos Carboeira. Non obstante, e a pesares atoparse case todos dentro dunha mesma tipoloxía, certas diferenzas estilísticas en bases, fustes, capiteis e motivos ornamentais, nos permiten afirmar a existencia de varios canteiros como artífices dos cruceiros deste concello. O carácter anónimo destas construcións e a falla de documentación ao respecto, fan moi difícil establecer unha autoría directa.

Aínda que se trata de obras relativamente recentes, tampouco temos constancia do nome do autor dos cruceiros da Xoca e de Matodoso, se ben por testemuño de D. Odón Fernández Lavandera, sabemos que era un canteiro da provincia de Pontevedra. O que si sabemos, é que a cruz e o capitel do cruceiro das Carballas foron restaurados por D. José Luis López Rodríguez, natural de Santabaia (Vilalba). Tamén sabemos por Nicanor Rielo Carballo que o cruceiro de Algara, na parroquia de Vilapene, é obra de Ramón Castiñeira.

Muras

Non temos constancia do nome de ningún autor dos cruceiros de Muras, pero pola súa semellanza estilística podemos afirmar que os cruceiros de do alto da Gañidoira, do Carballal, do Couto, do Parque, do Vilar e da Igrexa son obra dos Carboeira de Vilalba.

Xermade

Por testemuña da súa filla e pola inscrición que figura o mesmo, sabemos que o cruceiro dos Currás (Burgás) foi realizado por Agustín Ladra no ano 1990. Tamén temos constancia de que os cruceiros das Barreiras e de Cabreiros son obra de Manuel Seoane, pertencente á ultima xeración da dinastía de canteiros de Román (Vilalba) coñecida como Os Carboeira, familia autora tamén do cruceiro da Touza e doutros moitos máis que hai neste concello.

Eladio González, de 74 anos e veciño de Momán, manifestounos no ano 2003 que o cruceiro do Campo da Feira desta parroquia, probablemente fora construído polo seu avó, Jesús Loureiro, canteiro de profesión. Tamén sabemos por testemuñas que o cruceiro das Pedregosas foi obra dun canteiro de Vilalba chamado Soto.

Abadín

Por testemuña dos seus propietarios, sabemos que o cruceiro da Pedrosa, situado na parroquia de Vilarente, é obra de Manuel Seoane, integrante da familia dos Carboeira. Da man dos seus predecesores son, segundo informacións dos veciños, os cruceiros da Torre (Abeledo) e da Serra ou da Casa da Fardana (Montouto). Baseándonos en semellanzas estilísticas, podemos afirmar que esta familia é autora dunha boa parte dos cruceiros deste concello datados no século XIX e primeira metade do XX.

Obra dun autor foráneo a esta comarca é o cruceiro do Pazo da Cernada II, realizado por un canteiro da provincia de Pontevedra chamado Aniceto e do que non puidemos pescudar máis datos.Tamén de fóra da chaira poden ser os autores dos cruceiros da Roxoa (Castromaior) e de Veiga da Ponte (Montouto), porque a súa forma e motivos ornamentais non son habituais nesta comarca.

Castro de Rei

Polo que respecta á autoría, só dous atópanse asinados. Trátase do Cruceiro de Castiñeiras, realizado por D. José Vázquez Barrera en 1942, e do Cruceiro de Luxís, obra de J. A. Novo. Por testemuñas sabemos tamén que o Cruceiro de Carril é obra de Antonio Fontela García, canteiro que desenvolveu a súa actividade a cabalo entre os séculos XIX e XX, e que o de Ribas de Miño saíu do obradoiro dos canteiros de Román, probablemente de Manuel da Carboeira.

Tamén, e nestes casos por declaracións dos propios autores, podemos dicir que artista Anxo Lamas é o autor dos dous cruceiros que se atopan ao carón da súa casa, así como tamén do de Sergio. José Edrosa Otero fixo o que denominamos Cruceiro do Honesto, os irmáns Jesús, Domingo e Manuel Castro Castro son os responsables do Cruceiro da Igrexa e o noso compañeiro Mario Saavedra Pérez é o autor do Cruceiro do Pozo. Obra colectiva é o Cruceiro da Praza de Galicia de Castro de Rei, saída das Escolas Obradoiros e Casas de Oficios. Dun tal Ramón de Guitiriz é o Cruceiro do Antón.

O resto dos cruceiros, como corresponde a unha arte popular, caracterízanse polo anonimato do seu autor, se ben, en base a algúns datos (características tipolóxicas, cronoloxía, etc.) atreveriámonos a afirmar que son obra duns poucos obradoiros de canteiros, entre os que cómpre destacar aos Carboeira.

Guitiriz

No século XVIII temos constancia de Felipe de Saa, da parroquia de San Salvador de Parga, autor do Calvario dos Vilares. Tamén, e dada a súa similitude estilística, atreveriámonos a afirmar que tanto o cruceiro de Saa como o de Mallo (II) son tamén da súa man.

Un pouco posterior sería Antonio Loureiro, canteiro procedente de Pontevedra e autor do Cruceiro da Paderna.

Entre os artífices do século XX, o que ten máis obra no concello de Guitiriz é Pasarín, canteiro da parroquia de Trasparga, responsable dos cruceiros de Becín (1978), Verulfe (1988), As Negradas (1989), da igrexa de Mariz (os dous de 1990), da Pena de Lliboi (1993), e da igrexa dos Vilares (1993), así como tamén da reconstrución do Cruceiro do Pazo (1992).

Coetáneo seu é Lourés, alcume de José Saavedra Pardo, canteiro da parroquia de Miraz (Friol), autor do cruceiro do interior da capela de San Alberte (1984) e do Cruceiro de Cercedo (1977). De fóra da provincia de Lugo é Feal, natural do Ferrol, responsable do Cruceiro de Ferreira (1997).

Mostra dos intentos de recuperación do vello oficio de traballar a pedra, é o obradoiro de cantería promovido por Xérmolos, do que saíu en 1998 o Cruceiro de Bascuas, cuxo Cristo é obra de Xosefa Pereira.

Cómpre salientar tamén que a restauración do Cruceiro da Fírveda levárona a cabo o Sr. Cancela de Buríz e Xulio Garibaldo, da parroquia de Maríz.

Vilalba

A maioría dos cruceiros de Vilalba son obra dos Carboeira, dinastía de canteiros da parroquia de Román formada por varias xeracións e que comezou a súa actividade a finais do século XVIII, se ben a meirande parte dos seus cruceiros van dende a segunda metade do século XIX ata o último cuarto do século XX. Dentro das obras realizadas polos Carboeira destacan o cruceiro de Lanzán (Tardade) e o cruceiro dos Carboeira (Román). O primeiro data de 1906 e, por referencias da familia, sabemos que se trata dunha obra de Andrés Seoane e o seu fillo Marcelino Seoane Leiras, se ben inclinámonos por atribuírlla, por razóns de idade, a Marcelino ao que tamén lle asignamos a realización do cruceiro dos Carboeira (1916). Non é doado distinguir a autoría dos cruceiros realizados polos distintos integrantes da dinastía dos Carboeira e só se pode aproximar un pouco en base á cronoloxía. Non obstante, e segundo testemuñas orais, sabemos que son obra de Manuel da Carboeira (Manuel Seoane Pérez) o cruceiro da Portela, do Migueliño, da Pedragosa, do Moncho da Carboeira, da igrexa de Román, do Manuel da Carboeira, do Moncho da Carboeira, do Leboreiro, de Vilar de Castiñeiras, etc. Tamén deste canteiro é o cruceiro da Queitana, obra que realiza xunto ao seu xenro Antonio Cornide.

Obra dun canteiro da zona de Sistallo (Cospeito) é o cruceiro da Lama ou do Fulgencio, datado no ano 1879. Tamén do mesmo concello, pero da parroquia de Goá, é o autor do cruceiro do Porto Pazo, quizais do finais do XIX ou principios do XX. Estes datos nos levan a pensar se en Cospeito houbo nese tempo un foco artesanal importante dedicado á cantería, pois son varios os cruceiros semellantes aos citados existentes na Terra Chá. Un caso curioso o constitúe o cruceiro do Americano, realizado en 1895, que segundo as fontes orais consultadas foi levantado por un home de Goá que despois meteuse a crego.

Segundo testemuñas da súa sobriña, Camilo Cordal Vázquez fixo o cruceiro da Casa do Cordal (1929), aínda que ten todas as trazas de ser unha obra dos Carboeira.

De Antón Carreira, canteiro da zona de Buriz (Guitiriz), axudado por un tal Hilario, son os cruceiros do Atadoiro e do Cal (Belesar), realizados probablemente na décadas dos anos trinta. De 1951 é o cruceiro da Crucitaria, obra de Bernaldo Castro Caínzos e do seu irmán Xosé. Tamén sabemos con certeza que o cruceiro da Abelaira (1990) é obra de José María Aguiar, mentres que o do Pradieiro (1981) saíu da man de Manuel García González, sendo este o único cruceiro que fixo na súa vida.

Froito do traballo da Escola Taller de Vilalba é o cruceiro da Praza dos Ovos (1992), mentres que dunha empresa situada no Ceao de Lugo é o cruceiro do patio da Residencia de Ancianos de

Vilalba. De canteiros da parroquia de Román son os cruceiros de Regotraveso (1995) e do Cal (este último en S. Simón da Costa), se ben dada a diferenza estilística sospeitamos que se trata de obras de diferentes autores. Tamén son imprecisas as informacións referidas ao cruceiro da Ruta (2002), levantado por un canteiro de Mourence, e o da igrexa de Alba, atribuído a un canteiro de Rábade. Máis precisas son en cambio as que atinxen aos cruceiros da Casa de Paco (1996) tallado por José López, de Pasarín (Trasparga-Guitiriz); de Fontao (2011) saído da man do veciño de Soexo Amador Novo Prieto; do Xusto (2005) obra do discípulo de M. Mallo Luis Martínez Eimil; do Dilo e de Mari Carmen Pernas, os dous realizados por Pedro Pernas, xenro de Manuel Seoane Pérez; e das Carpaceiras (1999) asinado por José Diéguez, canteiro de Lalín, máis coñecido como *O Vila*.

Ademais dos autores que acabamos de citar en cada un dos concellos, na Terra Chá destacan unha serie de artífices e obradoiros dos que queremos ofrecer unha breve recensión. Deixando a parte o obradoiro non identificado, responsable dos cruceiros que denominamos Ornamentado 2 (do que prometemos unha monografía porque xa, dende hai tempo, constitúe unha das nosas liñas de investigación) queremos facer especial fincapé en tres autores (nun caso grupo de autores) pola importancia do seu traballo. Tal é o caso de Felipe de Saa, por ser o artífice máis antigo coñecido desta comarca; Os Carboeira, por ser a dinastía con máis obra nesta comarca; e Benito Rifón Corral, por ser un "artista" moi peculiar que deixou de agasallo a súa parroquia de adopción un singular cruceiro.

Felipe de Sáa.

Este autor, natural da parroquia de San Salvador de Parga (Guitiriz) e que desenvolve a súa actividade no século XVIII, ben merece un estudo máis profundo e detallado (tarefa que non descartamos a curto prazo) por ser posiblemente o autor coñecido dalgunhas das obras máis antigas da comarca chairega. Trátase do calvario dos Vilares, singular conxunto que constitúe un dos máis antigos deste tipo de monumentos conservados na Terra Chá. Tamén, e dada a súa similitude estilística, atreveriámonos a afirmar que tanto o cruceiro de Saa como o de Mallo (II) existentes neste concello son tamén da súa autoría.

Os Carboeira

É o único obradoiro integrado por cinco xeracións de canteiros pertencentes a unha mesma familia e, ademais, con obra en todos os concellos da Terra Chá, o que implica que os seus tra-



ballos eran moi valorados e contaron cun amplo espallamento. Do primeiro Carboeira do que temos constancia é de Domingo Seoane (nado en Román-Vilaba o 12 de outubro de 1790), dedicado máis ben á realización de pontes, pois non temos constancia de que entre as súas obras figuren cruceiros. Esta actividade vai continuar o seu fillo Andrés Seoane Fernández (nado tamén en Román o 27 de xuño de 1835) pero a ruína da familia pola construción da ponte de Trimaz, na estrada de Vilalba a Momán, vai significar que *Os Carboeira* orienten o seu traballo á realización de cruceiros e nichos, tarefa na que destacan os fillos de Andrés, Marcelino (1875-1955) e Severiano Seoane Leira (falecido no ano 1939), se ben este último parece que se centrou máis no levantamento de panteóns. Descendentes de Marcelino foron José (1909-1995), Segundo (1914-1996) e Manuel (1916-1993), todos eles canteiros de profesión e que integran a cuarta xeración dedicada a este oficio. Como caso curioso, podemos dicir que estes tres irmáns casaron con tres irmás, as Hermida Rouco, e durante moito tempo traballaron xuntos, realizando sobre todo nichos. As ganancias eran repartidas a partes iguais, reservándose incluso a parte de Segundo cando este non puido traballar a causa da enfermidade da súa muller. Non obstante, algún tempo despois, separáronse e Manuel centrouse na construción de cruceiros, sendo a súa primeira obra o cruceiro de Ver, situado na parroquia de Goiriz (Vilalba). Dos tres matrimonios só José, fillo de Segundo e María Hermida e nado no ano 1947, continúa coa tradición familiar e constitúe a quinta xeración desta longa dinastía de canteiros, responsable dunha boa parte dos cruceiros existentes na Terra Chá.

Falar de cada un dos cruceiros realizados polos Carboeira sería unha empresa que superaría os límites desta Tese, polo que só queremos remitirnos aos cruceiros de Lanzán (Tardade-Vilalba) e da Casa dos Carboeira (Román-Vilalba) por ser os máis monumentais dos levantados por esta dinastía de canteiros. Basta con lembrar que as marcas empregadas por eles era un rombo cun roel ou con outro rombo no centro (aínda que despois Manuel empregou tamén como marca un só rombo) e dar unha volta pola comarca chairega (aínda que tamén hai obra deles na Mariña Occidental e na comarca do Ferrol) para poder comprender a inxente obra realiza por esta familia de artistas.[278]

[278] Arribas Arias, Fernando e Blanco Prado, José Manuel. "Os Carboeira, unha saga de canteiros de Román (Vilalba)" en *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, tomo XI, volume 1, 2004. Páxs. 197-219.

Benito Rifón

Como xa dixemos, Benito Rifón Corral foi o autor do cruceiro do adro da igrexa de Trobo (Begonte), cruceiro que destaca pola súa singularidade ademais de conservar restos da policromía orixinal. Trátase do único da Terra Chá do século XIX do que coñecemos o nome do seu artífice, porque, orgulloso do seu traballo (e non é para menos) decide inmortalizarse na inscrición que figura na base, autocualificándose, sen ningunha modestia, de "artista". Sabemos tamén por este epígrafe que era veciño desta parroquia e que realizou esta obra, por devoción, no verán de 1899. Pero, quen era Benito Rifón Corral?. Despois de remexer nos libros parroquiais (neste aspecto queremos expresar o noso agradecemento a D. Jesús Domínguez Guizán) puidemos pescudar que Benito Rifón nace o 27 de abril de 1834 en Xoibán (Vilalba). En 1857 casa con María Roca Rois, natural de Felmil (Begonte), coa que ten unha filla. Despois da morte da súa primeira muller, contrae segundas nupcias con María Josefa Barbeito Fariñas, veciña de Trobo, momento en que, na nosa opinión, se traslada a vivir a esta parroquia, na que falece o 31 de xaneiro de 1910, ás 11 da noite. Na súa partida de defunción, Benito Rifón figura como labrego, actividade que desenvolveu ao longo de todo a súa vida. Pode ser que nos últimos anos compaxinara esta profesión coa de canteiro, ou ben que se dedicara a este oficio de forma moi esporádica. Inclinámonos por esta segunda posibilidade, xa que descoñecemos se realizou algún outro cruceiro nesta comarca, pero non descartamos que un dos nichos existentes no cemiterio desta parroquia, perfilado cun sogueado, sexa da súa autoría.[279]

[279] Arribas Arias, Fernando "Cruceiro do adro da igrexa de Trobo: Peza singular e única", en *Trasluz-Lukus*. Lugo, nº 5, inverno 2009-2010, páxs. 50-51.

Capítulo VII
Os cruceiros como símbolo para a relixiosidade popular

Que entendemos por relixiosidade popular?

Di Manuel Delgado que "*toda teoría sobre la religión popular se alimenta de la dicotomía que opone a esta aquella otra que suele ser denominada religión oficial. La relación entre estas dos modalidades puede establecerse de distintas formas. Una de las más divulgadas tendencias alrededor dela religión popular, o mejor en este caso, de religiosidad, cristianismo o catolicismo popular, parte de la premisa de que sólo existe la religión católica y que las prácticas piadosas llamadas populares son la manera que tiene ésta de darse entre los lugares "bajos" del sistema de estratificación social, incapaces de acceder a la sofistificación del discurso teológico aceptado*."[280]

Esta relixiosidade popular, expresión que pode ter máis dun significado, parece opoñerse á relixiosidade oficial (sistema teolóxico estruturado estruturado e con alto lintel de elaboración especulativa), se ben non faltan exemplos nos que unha se nutre da outra nun proceso de simbiose, pois as dúas instancias son inseparables na súa existencia real na sociedade. Como exemplo podemos dicir que a piedade popular precisa do regulador da liturxia e da tutela da autoridade relixiosa, presente sempre neste tipo de manifestacións. Así, a relixión oficial sería esencialmente intrínseca, mentres a popular sería extrínseca. Típica das crases baixas, a relixiosidade popular se manifesta en formas máxicas (posesión, feitizaría, etc.), culto acentuado á Virxe María e aos santos (expresado en forma festiva), peregrinacións a santuarios, cultos e ritos de carácter sentimental (nacementos, mortos, etc.), cultos extralitúrxicos, hibridismo pagano-cristiano, etc.

Destaca a súa actitude utilitarista: Deus é contemplado como un poder que pode pregarse en beneficio propio mediante prácticas penitenciais (ir descalzos, de xeonllos, etc.) para a impetración de favores tanto materiais como espirituais, o que leva unha ostentosa manifestación de gratitude por parte dos que creen ter sido escoitados na súas rogativas (esmolas, agasallos, etc.)

Por último dicir que a relixiosidade popular hai que entendela como unha forma de relixiosidade dentro da relixión católica (no caso que nos ocupa) practicada polo pobo que reinterpreta as formas relixiosas oficiais prestando máis atención a determinados aspectos do dogma, como ser no caso dos cruceiros, á salvación da alma ou á mitigación da pena no Purgatorio.

Se relacionamos estas características da relixiosidade popular cos cruceiros, observamos que estes últimos, se ben son obra de artistas populares, na maioría dos casos anónimos, foron costeados por persoas con recursos e nunhas conxunturas ou circunstancias económicas favorables. Non se trata de obras creadas polas crases máis desfavorecidas, polos probes, senón por

[280] Delgado, Manuel. "La "religiosidad popular." En torno a un falso problema," en *Gazeta de Antropología*, 1993.

elementos da sociedade cun bo nivel económico ou por persoas moi devotas capaces de investir, a conta de privacións, na construción deste tipo de monumentos para asegurar a salvación da súa alma. Dicimos isto porque o custo dun cruceiro non se limita ao pago do canteiro que realiza a obra, senón que implica tamén o pago á autoridade eclesiástica para asegurarse ás oportunas indulxencias, xa que unha das particularidades dos cruceiros é o seu carácter de sufraxio polas almas do Purgatorio, xa sexan do doante ou de todas aquelas persoas que recen diante do mesmo. Neste aspecto cómpre destacar o control que se fai por parte da xerarquía eclesiástica sobre os cruceiros, pois para conseguir ou acadar as oportunas indulxencias hai que rezar determinadas oracións "*aprobadas pola igrexa*." É dicir, non vale calquera outro tipo de ritual, senón o e pola igrexa e baixo a súa supervisión. Este control faise extensible á iconografía, de aí a repetición de motivos nos cruceiros e a súa composición xerárquica.

Como conclusión coidamos, ata que se faga un estudo relativo á situación económica dos doantes, que os cruceiros son, por regra xeral, obra dun determinado extracto social con certo nivel económico, nivel que garda relación coa aparición de novos cultivos (millo e pataca), a actividade comercial e as remesas dos emigrantes.

Os cruceiros son obras extrínsecas, nas que o doante, ademais de asegurarse as oracións pola súa alma por parte dos camiñantes e veciños, realiza un acto de ostentación tanto relixioso como económico, no que amosa aos demais a súa profunda devoción e o seu poder económico.

A iconografía dos cruceiros non revela, ao noso xuízo, que estes monumentos constitúan un exemplo típico de relixiosidade popular. Si é certo que na maioría dos casos, por non dicir na case totalidade, a presenza da Virxe é unha constante dende os cruceiros máis antigos. Nestes aparece como nai, co Neno no colo, mentres que a partires do barroco, nas advocacións de Quinta Angustia, Dolorosa ou como Virxe da Soidade, ás que tamén podemos engadir, por ser relativamente frecuente, a da Inmaculada. Non obstante, non se aprecia un culto especial nin excesivo á Virxe, que sempre ocupa o reverso da cruz, pois a súa presenza parece completar un programa iconográfico centrado na paixón de Cristo.

Outro tanto podemos dicir de relevos que representa a santos. Os que aparecen no varal, por regra xeral son os titulares da parroquia na que se sitúa o cruceiro, aínda que en moitos casos, sobre todo nos cruceiros das provincias de Pontevedra e A Coruña, a presenza de San Francisco (tamén a Virxe María) rescatando almas do Purgatorio é moi abundante. Este santo atopámolo tamén ao pé da cruz, levitando e collendo o sangue de Cristo nun cáliz ou abrazando ao Redentor, presenza que pode ter a súa orixe na vinculación dos cruceiros ás ordes mendicantes.

Na nosa opinión, a iconografía dos cruceiros non obedece a unha relixiosidade de tipo po-

pular, por máis que estes monumentos foran realizados por artistas populares, senón que detrás dela hai un dirixismo da xerarquía eclesiástica, o que explica que cruceiros de diferentes lugares e de distintos obradoiros manteñan unha unidade iconográfica (non así compositiva) na que a paixón de Cristo é o motivo principal, pois esta paixón permite aos crentes asegurarse a salvación da alma grazas á redención de Cristo. Incluso os motivos ornamentais son símbolos desta paixón, reservándose soamente o canteiro algunha licenza expresada nalgún motivo que permite identificar a súa obra. Tal é o caso de rombos, trisqueis, etc., nos que non se debe ver unha reminiscencia de cultos antergos, senón unha marca de canteiro disimulada como motivo ornamental.

Polo que respecta aos santiños que flanquean a efixie de Cristo, en moitos casos representan á Virxe María e a San Xoán, pero noutros pensamos que representa aos doantes ou propietarios do cruceiro que quixeron inmortalizarse (outro exemplo do carácter extrínseco deste tipo de obras) ao pé da cruz.

Outra das características da relixiosidade popular é a existencia de formas máxicas, inexistentes na maioría dos cruceiros, sendo tamén escasos os cultos extralitúrxicos neste tipo de monumentos, tal como se pode comprobar no apartado de Rituais curativos deste traballo.

Destaca tamén na relixiosidade popular a súa actitude utilitarista (Deus, a Virxe María e, no caso que nos ocupa, San Francisco) son poderes que poden pregarse en beneficio propio mediante prácticas (no caso dos cruceiros oracións) para a impetración de favores (nos cruceiros son escasos os exemplos deste carácter utilitarista contra as enfermidades, o que se traduce, por exemplo, na ausencia de exvotos nos mesmos) relativos á salvación ou alivio da alma no Purgatorio.

Seguindo a Wilian A. Christian, Jr., podemos afirmar que hai "*muchas y diferentes cultural religiosas" dentro da relixiosidade popular. Afirma este autor no seu estudo sobre o val do Nansa que "las zonas rurales de la provincia de Santander figuran entre las áreas más devotas de España en términos de práctica externa*,"[281] feito que contrasta coa case total ausencia de cruceiros neste territorio, o que pon de manifesto que a asociación entre este monumento e a devoción é un fenómeno máis característico de Galicia.

As inscricións dos cruceiros chairegos

Xa en 1889, Bernardo Barreiro de Vázquez Varela botaba en falla alguén de puidera "*reunir de todos los pueblos de Galicia ese gran conjunto de inscriciónes para la historia…" dos nosos cruceiros co obxecto de que "nos diesen a cooncer la devoción, la costumbre ó la*

[281] Willian A. Christian, Jr. *Religiosidad popular. Estudio antropológico de un valle español*. Madrid: Tecnos, 1978. Páx. 15.

superstición de nuestros pueblos."[282] Foi tamén Bernardo Barreiro a primeira persoa en darse conta da importancia das inscricións dos cruceiros, cuxa lectura consideraba indispensable para a historia, xa que "*importan grandemente a las crónicas de cada localidad, á los recuerdos de cada época, a las íntimas y piadosas memorias de familia, á las leyendas*"[283] Tomando como referencia estas citas, queremos ofrecer neste capítulo unha recolleita de todas as inscricións que puidemos ler nos cruceiros da Terra Chá. Neste aspecto resultou primordial a lectura e a interpretación (da que se poden tirar importantes conclusións) de todos os epígrafes, destacando neste aspecto o importante traballo de campo realizado.

As inscricións constitúen a principal fonte de información dun cruceiro, ademais das referencias orais e da documentación que poda existir sobre o mesmo. Trátase dunha escritura exposta ao público e destinada a ser lida por quen pase por diante do cruceiro. O seu obxectivo primordial, ademais dunha certa ostentación, "*é transmitir á posteridade o recordo dun acontecemento ou dunha persoa memorable ou non*."[284] En Galicia, un dos primeiros cruceiros nos que figura o nome da persoa que o mandou facer é o do Fondo da Vila en Padrón, onde nunha cartela figura o seguinte texto: **DI. DE LOREDA**, que se corresponde co do comerciante Diego de Loreda "que foi quen llo encargou ao santeiro Xoán de Santiago en 1587. Tamén consta no de Longais, que queda a curta distancia, case fronte á igrexa de Iria Flavia, pero este sería o primeiro en que expresamente se di que o mandou facer: ***INES DIAZ BIUDA LA MANDO HACER 1.595***."[285] Durante o século XVII conviven os epígrafes nos que se cita o nome do devoto cos anónimos, se ben cada vez son máis frecuentes os primeiros, modelo que se acaba xeneralizando a finais desta centuria.

Inscricións nas plataformas

Non son frecuentes os casos de inscricións nas plataformas dos cruceiros chairegos, xa que os epígrafes acostuman a situarse na base ou no extremo inferior do fuste. Como excepción a esta norma podemos citar o caso do cruceiro de Xuncal (Muras) onde se pode ler o ano de construción: **1988**, do cruceiro da Praza dos Ovos (Vilalba) que presenta no seu plinto a seguinte inscrición:

[282] Bernardo Barreiro de Vázquez Varela: *Galicia Diplomática*, Tomo IV, nº 12 do 24-III-1889, páx. 91.
[283] Idem, páx. 92.
[284] Doporto Regueiro, Cecilia. "Os textos epigráficos dos cruceiros forman parte do noso patrimonio e da paisaxe", en *Actas do IV Congreso Galego de Cruceiros*. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2013. páx. 240.
[285] González Pérez, Clodio. *Os cruceiros*. A Coruña: Cadernos Museo do Pobo Galego, 12. 2002. páx. 62.

Cara SW

INEM-ESE

Cara SE

ESCOLA-TALLER

Cara NE

CONCELLO DE VILALBA

Cara NW

AD MCMXCII

En Xermade só atopamos dous cruceiros con inscricións na plataforma ou plinto. Un deles é o cruceiro da Casa de Charón, cun epígrafe na pegada da segunda grada do lado W no que pode lerse **1968**. Cómpre dicir que esta data non se refire ao ano da súa construción, senón do seu traslado ao ampliarse a pista que está ao seu carón. O segundo caso é o Cristo Enxoito, que na cara E do seu pedestal presenta unha inscrición que nos remite ao seu doante e que ademais ten a particularidade de ser un dos poucos textos deste tipo de construcións nos que se cita a palabra "cruzero":

ESTE CRUZE
RO LO YZO FRANCO
DAPENA POR ….

Inscricións nas bases

Nos cruceiros da Terra Chá as inscricións ou epígrafes están localizadas fundamentalmente na base (por ser a parte do cruceiro que presenta unha maior superficie) e no fuste, se ben tamén podemos atopalas no capitel, na cruz e, excepcionalmente, na plataforma, tal como acabamos de ver. Cómpre reseñar que as inscricións son máis frecuentes nos tres tipos de bases predominantes que citábamos anteriormente, ocupando unha ou varias caras das mesmas, xa que ofrecen unha maior superficie para a escritura. Pola contra, aquelas con amplas molduras presentan un menor número de epígrafes, que se sitúan nas partes máis planas. As inscricións da base por regra xeral aluden ao nome da persoa que mandou poñer o cruceiro, o motivo e as indulxencias outorgadas polo bispo da diocese a quen rece determinadas oracións, que normalmente se especifican, diante do cruceiro. Nalgúns casos tamén figura a data de construción do cruceiro. As inscricións do capi-

tel fan alusión á data de construción do cruceiro, e poden aparecer na parte inferior do mesmo (as máis abundantes) ou no extremo superior (as menos). No caso do cruceiro dos Prados (Abadín) tamén figura o nome do doante, pero isto é un feito pouco frecuente. En algúns casos, na parte superior do fuste aparece unha cifra que se corresponde co número de serie do cruceiro. Non é o capitel un lugar no que aparezan moitas inscricións, se ben non faltan notables exemplos. Tal é o caso do cruceiro do adro da igrexa de Donalbai (Begonte) ou do cruceiro da Plazuela (Castro de Rei) por citar só dous exemplos. Cómpre destacar que nalgúns cruceiros atopamos unha inscrición no ábaco co nome dos santos que aparecen flanqueando a efixie de Cristo, epígrafe necesario para identificar algunhas tallas deste tipo. Na cruz, ademais da consabida cartela co INRI, temos localizado tamén inscricións que aluden a quen mandou poñer o cruceiro. Un exemplo témolo no cruceiro do cemiterio de San Simón da Costa (Vilalba), se ben temos que recoñecer que os epígrafes deste tipo e nesta parte dun cruceiro non son frecuentes.

Por concellos, a relación de epígrafes nas bases, fustes, capiteis e cruces dos cruceiros chairegos (unha máis detallada da existente nas bases pode verse nos anexos correspondentes) é a seguinte:

Abadín

Inscricións na base

Vinte e nove cruceiros de Abadín presentan inscricións lexibles na base, total ou parcialmente, na base. Como podemos comprobar no Anexo I, a meirande parte dos inscricións aluden ao nome do doante, ao ano de construción e ás indulxencias concedidas (normalmente 40 ou 50 días) concedidas polo bispo de Mondoñedo. En moitos casos, se indican as oracións necesarias para acadar estas indulxencias, tal como podemos ver no do adro da igrexa de Abeledo, e noutros se especifica que as oracións teñen que ser as aprobadas pola igrexa (cruceiro do adro da igrexa de Cabaneiro, de Vilar de Nuño, etc.). Neste aspecto merece especial mención o cruceiro da Vesada que, aos 50 días de indulxencia concedidos polo bispo de Mondoñedo, hai que sumarlle os 200 que outorga o arcebispo de Santiago por rezar un credo e unha salve. Outro tanto podemos dicir do cruceiro da Pista de Fraiás, que goza tamén do privilexio de 200 días concedidos polo devandito arcebispo compostelán. No cruceiro do Campo da Igrexa de Fanoi, a inscrición especifica que para acadar os 40 días de indulxencia hai que rezar "por las necesidades de la iglesia".

A devoción, tal como podemos ler nestes epígrafes, é a causa principal pola que se construíron os cruceiros de Abadín. Os doantes poden ser un home (cruceiros da Vesada, Campo da Igrexa de Fanoi, igrexa de Quende, etc.), unha muller (cruceiro do adro da igrexa de Cabaneiro,

da Ribela, da Evarista, etc.), un matrimonio (cruceiro da Penela) ou unha nai e o seu fillo (cruceiro do Pazo da Cernada I). Chama especialmente a atención o caso do devoto Andrés Bouso, que mandou construír tres cruceiros neste concello: o da Penela, de Vilar de Nuño e do Pazo da Cernada II, todos eles na mesma parroquia da Graña.

Tamén pode darse o caso de que o doante falecera antes da construción do cruceiro, e que este fora levantado polos seus descendentes ou herdeiros en cumprimento das últimas vontades do defunto como testemuña da súa devoción, tal como podemos ver nas inscricións do cruceiro do adro da igrexa de Galgao, posto polos sobriños de D. Rosendo Bouso, e do Carregal ou de Cendán, colocado por José Pérez por devoción de Antonia Pérez e Francisca Fernández.

No caso do cruceiro de Gaúte o texto indica que no lugar en que se levanta esta construción morreu Jesús Gaúte o 20 de febreiro de 1937.

Dous cruceiros deste concello foron levantados en memoria de seres queridos. Tal é o caso do de Antonio Puente (Moncelos) e de Jaime Iglesia Alvariño (Vilarente), este último morto na fronte de Teruel en 1938.

Cómpre salientar que nos epígrafes non se fala de cruceiros, referíndose a eles co nome de *efigies* ou *imágenes*. Todos eles están escritos en castelán, agás o cruceiro de Rozavella, do ano 1999, que presenta unha placa de bronce co texto en galego.

Inscricións no fuste

No **fuste** de 12 cruceiros de Abadín aparecen epígrafes. A maioría deles fan referencia ao ano da súa construción e, normalmente, están situadas na parte inferior do lado principal do varal e repartidas en tres liñas. Así as podemos ver nos cruceiros da Penela (neste caso está no extremo superior), de Vilar de Nuño, do Pazo da Cernada II, de Antonio Puente e do adro da igrexa de Galgao (neste caso incompleta). A excepción a constitúe o cruceiro do adro da igrexa de Labrada, na que a data aparece nunha soa liña. Os cruceiros de Vilar Grande, do Valado e da Evarista, ademais da data, presentan no extremo superior do fuste outra inscrición referida quizais a un número de serie, se ben estas cifras suscitan algunhas dúbidas ao non ser correlativas coa data.

No cruceiro dos Prados a inscrición situada no varal alude ao nome do doante, e nela se di:

ESTE CRIS

TO LO HICO

ANTO

NIO

VID

AL

Enigmática cando menos resulta a letra **D** que figura no cruceiro de Rafael, mentres que a existente no do Carregal ou Cendán é máis clarificadora, xa que nos axuda a identificar o santo que figura por riba dela: **SAN ANTONIO**.

Inscricións no capitel

Se ben non son propiamente inscricións, cómpre salientar que no reverso dos capiteis dos cruceiros do adro da igrexa de Abeledo e do da Picheira aparece o relevo dun **M**, do que descoñecemos o seu significado. Pola súa parte, o capitel do cruceiro do Vilar (As Goás) presenta na súa cara NW a seguinte inscrición:

Nº 19

JHS

Inscricións na cruz

Ademais da clásica cartela co **INRI**, só nun cruceiro deste concello atopamos inscricións na cruz. Trátase do de Gaúte que, no seu anverso presenta a seguinte inscrición:

JGS

Begonte

Inscricións na base

Só en seis cruceiros de Begonte atopamos inscricións lexibles, total ou parcialmente, na base. A do Cruceiro do Quinto nos indica, ademais do ano da súa construción (1935), que se puxo en lembranza de Juan Dorado; mentres que a de Denune alude a quen o costeou (Antonio Díaz e os fillos), a data en que se fixo (1891) e os corenta días de indulxencia concedidos polo bispo de Mondoñedo aos que recen un Pai Noso, un Ave María, a Salve ou o Acto de Contrición. Na mesma liña están as inscricións do cruceiro do adro da igrexa de Gaibor, do ano 1896, e de Saavedra (**1898**), nos que tamén se fala de indulxencias por rezar diante deles.

Maior información ofrece a do Cruceiro da igrexa de Trobo, froito da devoción do artista Benito Rifón Corral, veciño da devandita parroquia, quen realizou esta obra o verán de 1899, sendo crego D. Daniel V. Rúa. Figura tamén na inscrición os 40 días de indulxencia que o bispo de Mondoñedo concede por rezar un Pai Noso ou un Credo diante das efixies.

A que figura no Cruceiro de Muíño Novo é, ao noso xuízo, dubidosa, xa que nela aparece, xunto ao nome de Ramón García, o ano de 1813, data que nos parece excesivamente antiga para este tipo de construción, de aparencia máis recente.

Como acabamos de ver, a meirande parte das inscricións que figuran na base dos cruceiros de Begonte, catro en total, aluden ás indulxencias concedidas polo bispo de Mondoñedo. Trátase, xa que logo, de cruceiros devocionais, froito da relixiosidade dos seus doantes. A do Quinto, pola contra, púxose para lembrar a unha persoa que, quizais morreu nese lugar, para que non se perda a súa memoria.

Inscricións no fuste

Só localizamos unha inscrición situada no fuste, concretamente no seu extremo inferior. Foi no cruceiro do adro da igrexa de Trobo, no que pode lerse:

AÑO
DE
1899

Inscricións no capitel

Só localizamos un cruceiro, o situado no adro da igrexa de Donalbai, con inscrición no seu capitel. Repartida en dúas liñas de cada unha das caras, nesta inscrición pode lerse:

Cara N
CONTRA
DEL INFIERNO

Cara W
Y ABRE CAMINO
A LA GLORIA

Cara E
Pº QUE ALCANZE
LA VICTORIA

Cara S
----- S-
- VEA- CIZ(¿)

A importancia desta inscrición radica en que é a única existente nos cruceiros chairegos na que se fai unha alusión ao inferno e ao camiño da gloria. Texto certamente novo, lonxe das habituais redaccións alusivas ás indulxencias concedidas polo bispo de Mondoñedo.

Cómpre reseñar tamén a inscrición existente no ábaco do cruceiro da igrexa de Gaibor, alusiva ao nome dos santiños que flanquean a efixie de Cristo: **SAN ANTONIO Y SAN JOSÉ**.

Inscricións na cruz

Normalmente, todos os cruceiros con efixies teñen unha cartela coas letras **INRI**, pero nos de Begonte só é lexible no situado no adro da igrexa de Trobo.

Cómpre destacar que o da igrexa de Gaibor presenta no reverso, concretamente na intersección dos brazos, o relevo dun **M**.

Castro de Rei

Inscricións na base

No caso deste concello, só en once atopamos textos lexibles total ou parcialmente na base (véxase o Anexo II). No Cruceiro do Curro, o epígrafe nos indica a quen pertence e o ano da súa construción. No da Cainzada se alude a que se fixo en cumprimento da vontade do falecido José Barrela, mentres que no de Cordine se recolle o nome da persoa que o mandou facer (que lamentablemente non fomos capaces de ler) e ás indulxencias concedidas polo bispo de Mondoñedo.

No Cruceiro do Mesón figura, entre outros datos, o nome do doante, Alejandro Rey Stolle, e o ano da súa construción. No de Beloi o texto alude tamén ao nome do doante, José García, así como á salve que hai que rezar diante del para acadar os corenta días de indulxencias concedidos polo bispo de Mondoñedo. Máis completa neste aspecto resulta a inscrición do Cruceiro de Ribas de Miño, levantado grazas á devoción de Antonio Portela Anllo e a súa dona Antonia García Mel, no que se especifica que para gañar indulxencia plenaria hai que rezar diante da cruz o Acto de Contrición, a Salve, o Credo e o Ave María.

Para o Cruceiro de Vilamel, posto por Eladio… o bispo de Mondoñedo concedeu 50 días de indulxencias, mentres que no da Pontenova, o único deste concello encargado por unha muller, Dolores Neira, a inscrición nos permite coñecer o ano da súa construción e a obrigatoriedade de rezar un credo. Sabemos tamén que o bispo de Mondoñedo concedeu algunha indulxencia para o Cruceiro do Chairo, pero o estado do epígrafe non nos permitiu pescudar máis.

Froito da devoción de Antonio Basanta é o Cruceiro da Ponte, levantado segundo se di no ano 1908.

Vemos, xa que logo, que a maioría destas inscricións, cinco en total, aluden ás indulxencias que se conseguen por rezar unhas determinadas oracións diante dos cruceiros reseñados, aspecto que nos parece moi importante á hora de establecer a orixe e función destas mostras da arte popular.

Inscricións no fuste

Seis cruceiros deste concello amosan unha inscrición no fuste. Nos de Cainzada, Beloi, Vilamel, Campo da Feira e do Chairo que, na parte inferior da cara principal do varal, presentan un epígrafe en tres liñas referido ao ano da súa construción. Cómpre dicir que todos eles son de finais do século XIX ou de comezos do XX. No de Luxís, pola contra, nas caras E e W, que son as laterais, aparece o nome do lugar e do autor do cruceiro.

Cómpre destacar que cinco cruceiros de Castro de Rei presentan gravados, sempre na cara principal do extremo superior do fuste, un número que, na nosa opinión, indica o número de obra realizado por un canteiro ou obradoiro.

Nº de serie	*Nome do cruceiro*	*Data*
Nº 26	Cruceiro de Beloi	1871
Nº 46	Cruceiro de Cornide	-----
Nº 44 ou 45	Cruceiro do Chairo	1858
Nº 67	Cruceiro de Vilamel	1907
Nº 76	Cruceiro da Cainzada	1913

A numeración non consecutiva con respecto á cronoloxía podería explicarse pola existencia de varios obradoiros de canteiros.

Inscricións no capitel

Non é o capitel un lugar no que aparezan inscricións pero, nos cruceiros de Castro de Rei, atopamos dous que se saen desta norma. O primeiro é o Cruceiro da Plazuela, en cuxo capitel, en dúas liñas, pode lerse **P. ANTONIO JANEIROS, AÑO 1856** que, na nosa opinión, se trataría dun cruceiro levantado con motivo dunha misión celebrada nesta parroquia nese ano.

Máis recente é o caso do Cruceiro de Castiñeiras, no que figura o nome do seu construtor **Vázquez** e o ano da súa realización **1942**.

Inscricións na cruz

Ademais do correspondente **INRI** que podemos observar na cartela de varios cruceiros, no cruceiro de Mesón, na intersección dos brazos e tanto no anverso como no reverso, figura un círculo no que aparece gravado a letra **M**, da que descoñecemos o seu significado.

Cospeito

Inscricións na plataforma

No cruceiro de Anidos, figura na plataforma o ano de **1984** que coidamos non indica a data de construción do cruceiro, senón do seu traslado, xa que sabemos por testemuñas que foi cambiado de emprazamento e, ademais, a súa aparencia nos indica que ten unha antigüidade maior.

Inscricións na base

En 18 cruceiros de Cospeito atopamos inscricións na súa base (véxase Anexo III). Algunhas delas teñen tal grado de deterioro, como as de Calvario-Xermar, Piñeiro ou da igrexa de Sistallo, que fai imposible a súa lectura. Noutros, como os de Anllo e Eirixado, só puidemos descifrar algunhas palabras que, por ser moi comúns, permitiunos coller o sentido do texto. Non tivemos tanta sorte no cruceiro de Queimosas, no que o lido non nos permitiu saber o ano e o nome da persoa que, xunto coa súa dona, mandou facer esa obra.

O resto das inscricións, salvo algunha que outra palabra, non ofreceron maior dificultade. Quizais a máis completa sexa a do cruceiro de Nicolás, repartida polas catro caras da base. Nela se di que se fixo en 1890 por disposición de Manuel Fernández e da súa dona, veciños de Sisoi, e que o bispo de Mondoñedo concedeu 40 días de indulxencia por rezar con devoción diante das efixies un Pai noso, un Credo ou o Acto de Contrición; e outros 40 días se, ademais, se reza un Ave María ou a Salve.

Sen o protocolo das indulxencias, tamén nos proporcionan moita información as inscricións dos cruceiros de Lamas, Arco, Sta. Cristina e da Granda, nas que se cita o nome do doante e, como sucede nos casos de Ancares e Fontela, tamén a data de construción.

Ademais dos xa citados, catro textos chaman especialmente a atención. Un deles é o que figura no cruceiro de Algara, no que se fala dos 40 días de indulxencia concedidos por rezar as consabidas oracións (Pai noso, Ave María, Credo, Salve e Acto de Contrición), mencionándose tamén como novidade os de Fe, Esperanza e Caridade, que non vimos en ningún outro cruceiro chairego. Tamén presenta a particularidade de empregar a denominación de *crucero* para referirse a esta construción, mentres que noutros son máis frecuente ás expresións *imágenes* ou

efigies. Dentro da súa brevidade, tamén resulta elocuente o do cruceiro de Reximil, no que se fai fincapé en que é propiedade de D. Eduardo Freire. Máis xenerosa foi a intención de Juan Puente, que puxo o cruceiro da Granda *para alivio de ánimas.* A inscrición do cruceiro do Calvario-Arcillá, pon de manifesto que se trata dunha obra colectiva que excede os límites parroquiais, xa que se fixo por disposición de *unos devotos de Arcillá y Sisoi*.

Inscricións no fuste

As inscricións que figuran no fuste son de dous tipos: datas e números de serie. Trátase de inscricións gravadas, localizándose as referidas ao ano de construción sempre na parte inferior da cara principal do varal, antes de comezar o chafrán, por ser o tramo máis ancho. A súa disposición é sempre en tres liñas:

Os cruceiros que presentan este tipo de inscrición son os seguintes:

Nome do cruceiro	*Data*
Cruceiro de Lamela	Año de 1895
Cruceiro de Lamas	Año de 1913
Cruceiro dos Muíños	Año de 1879
Cruceiro da igrexa de Sta. Cristina	Año de 1909
Cruceiro do Calvario-Xermar	Año de 1870
Cruceiro do Eirixado	Año de 1893
Cruceiro da Granda	Año de 1872
Cruceiro de Piñeiro	Año de 1898
Cruceiro de Reximil	Año de 1878

Os números de serie que aparecen no fuste están sempre na parte superior da cara principal, por baixo do capitel. Dispostos nunha liña, nestas inscricións figura en primeiro lugar a abreviatura de número seguida da cifra en carácteres arábigos. Os cruceiros que a teñen son:

Nome do cruceiro	*Número de serie*
Cruceiro de Lamas	Nº 79
Cruceiro dos Muíños	Nº 37
Cruceiro de Ancares	Nº 26
Cruceiro da Granda	Nº 30
Cruceiro de Reximil	Nº 36

Inscricións no capitel

Só localizamos dous cruceiros en Cospeito que tiveran unha inscrición no capitel. Trátase do das Carballas e do Calvario-Xermar. As dúas inscricións consisten en números de serie e

ocupan unha soa liña. A do primeiro atópase nunha das caras laterais do capitel, concretamente na E, e nela pode lerse: **Nº 23**. Polo que respecta á de Calvario-Xermar, o epígrafe está situado na cara do reverso, a N, e di: **Nº 21**. Cómpre dicir que estas dúas inscricións aparecen no primeiro dos tipos de capiteis que analizamos anteriormente.

Inscricións na cruz

Xa temos comentado que, normalmente, todos os cruceiros con efixies levan no anverso unha cartela coas letras **INRI**, pero nos deste concello só é lexible no da igrexa de Muimenta e no de Nicolás.

Guitiriz

Inscricións na base

Só en seis cruceiros de Guitiriz atopamos inscricións na base. En todas elas, agás no cruceiro central do Calvario de Sta. Cruz de Parga que non puidemos ler completamente, figura unha data que se corresponde co ano de construción, se ben no caso do Cruceiro de Saa non garda relación con este feito.

No Cruceiro da Fírveda, a inscrición fai tamén alusión ás persoas que o mandaron facer *José Losada y su mujer Dominga Pardo*. Outro tanto sucede no de Verulfe, encargo de *Agapito Rosende y esposa*. Polo que respecta ao cruceiro central do Calvario de Sta. Cruz de Parga, o texto que figura na base nos di que esta obra *fixose siendo cura D. Pedro Núñez Roca,* o que nos fai supoñer que foi costeada polos veciños da parroquia durante o tempo en que este crego exerceu de párroco. Este dato nos vai servir tamén á hora de fixar a súa cronoloxía.

Cómpre destacar que ningunha das inscricións presentes nas bases dos cruceiros de Guitiriz, fai alusión a días de indulxencias concedidos polo bispo da diocese por rezar unha oración diante destas construcións.

Inscricións no fuste

Cinco cruceiros de Guitiriz teñen inscricións no fuste. A do Cruceiro de Riotorto, pola súa extensión, resulta estraño que figure neste lugar, reservado xeralmente a epígrafes máis reducidos, como poden ser datas, números de serie, etc. Está repartida por tres das caras da parte inferior do varal e di:

ESTE / CRUCEI/RO LO Y/ZO YNA/CIO DE/
CASTRO/Y SU M/Mª FRZ/1872/
APE/DIMEN/TO DE/INACIO/CASTRO

I SU MR/EL SR O/BISPO/ DE MON/
DOÑE/DO A/ CONCE/DIDO 40/DÍAS.

É un dos poucos exemplos de cruceiros deste concello no que se indica o nome dos que o mandaron facer, o ano da súa construción e o único que goza do privilexio de 40 días de indulxencias concedidas polo bispo de Mondoñedo.

Tamén sabemos que o Cruceiro de Saa foi encargo de José Do Souto e Manola Díaz en 1798, segundo reza unha inscrición situada nunha das caras da parte inferior do fuste na que pode lerse:

ES / TE / CRUZº / LO HIZN / JOSE PH / DOSOU / TO Y MA / MA / NL DIAZ / Aº D 1798

As inscricións dos cruceiros de Casas Novas e Rebordiños redúcense a monogramas situados, nos dous casos, no extremo superior. No primeiro, presente en dúas caras opostas, reproduce as letras **JHS**, nas que apreciamos unha ortografía incorrecta, xa que debería ser IHS (Iesus Hominum Salvator = Jesús, Salvador dos Homes). A de Rebordiños é máis enigmática porque, ademais do monograma JHE, figura unha triple A de difícil significado.

Por último, citaremos o exemplo do Cruceiro da Vila que, na parte inferior do seu varal, ofrece a data en que foi realizado e que nos remite ao ano de **1880**.

Muras

Inscricións na plataforma

Só temos rexistrada unha inscrición nunha plataforma, que é a que figura no cruceiro do Xuncal, onde se pode ler o ano de construción: **1988**.

Inscricións na base

Sete cruceiros de Muras presentan inscricións lexibles, total ou parcialmente, na base. Como podemos comprobar no anexo IV, a meirande parte dos inscricións situadas nas bases aluden ao ano de construción do cruceiro, ao nome do doante e, sobre todo, ás indulxencias (de 40 a 50 días) concedidas polo bispo de Mondoñedo por rezar "*cualquiera oración aprobada por la iglesia*,"se ben en dous textos se cita expresamente a palabra *credo*.

A devoción, tal como se pode ver nestes epígrafes, é o motivo principal polo que se construíron os cruceiros de Muras, devoción que se complementa coas citadas indulxencias concedidas polo bispo desta diocese.

Só se conserva o nome de dous doantes: Francisco Perna e D. Manuel. O primeiro man-

dou facer o cruceiros de Samil, mentres que o segundo, que debía ser moi coñecido por non indica o apelido, é o responsable do cruceiro do Vilar.

Cómpre dicir que estes epígrafes, todos eles en castelán, non se fala de cruceiros, senón de efixies, tal como podemos ver no xa citado do Vilar.

Inscricións na cruz

A única inscrición que atopamos nas cruces dos cruceiros de Muras é a clásica **INRI** que aparece en algunhas cartelas.

Pastoriza, A

Inscricións na base

Só once cruceiros da Pastoriza presentan inscricións lexibles, total ou parcialmente, na base. Na do Fiouco, distribuída en dúas das caras, figura o nome dos doantes, o ano de construción e as oracións esixidas para acadar indulxencias:

EL AÑO D 1891 SE
HIZO POR MANUEL DO
CAMPO D CADABEDO ES
TA OBRA Y POR ANTONIO
…….

QUE RECEN CON DE
BOCION UN PADRENUES
TRO UN CREDO O UN AC
TO DE CONTRICIÓN DELANTE
……

Outro tanto sucede no de Carballo onde, ademais do ano e das indulxencias concedidas polo bispo de Mondoñedo, se indica a quen pertence:

ES PROPIEDAD
D FRANCISCO NI
ETO LEDO
AÑO D 1907

O epígrafe do cruceiro de Vilar indica que se fixo por devoción dun matrimonio a comezos do século XX:

DEVOCIÓN
DE ANTONIO
BAREIRO DÍAZ
FALLECIO
EL AÑO DE 1910
Y SU ESPOSA
CÁNDIDO RANCAÑO
AÑO DE 1910

Na mesma liña está o de Cándido, que

ES DEVOCIÓN DE JOSÉ MONTES… AÑO DE 1900

O de Pirís só fai referencia ós días de indulxencia, ás oracións necesarias para conseguilas e ao ano da súa construción:

EL OBISPO DE MONDOÑEDO CONCEDE 40 DIAS DE
INDULGENCIA AL QUE RECE UN PADRENUESTRO…1898

No situado no adro da igrexa de Vián, ademais da data, figura o nome do veciño desta parroquia que o mandou facer:

AÑO DE 1895 SE
HIZO ESTA OBRA
POR JOSÉ RIBAS
BAZQUEZ DE VIÁN

O quinto cruceiro que na súa inscrición alude ás indulxencias é o do Caxigo, se ben a súa incompleta lectura non nos permitiu coñecer as oracións necesarias para alcanzalas:

EL ILMO SR O
BISPO DE MONDOÑE
DO CONCEDIO 40
DIAS DE INDULGEN
CIA POR REZAR EL …

Non sucede así no de Teixeiro no que, ademais do ano de construción, dise que hai que rezar un Pai Noso e o Acto de Contrición para acadar os 40 días de indulxencia que outorga o bispo de Mondoñedo.

O Cruceiro do Venanciño presenta un epígrafe formado polas iniciais dos seus propietarios: Venancio Iglesias Morelle e Sagrario Mazoy Silva e unha data, que se corresponde co ano da súa voda.

Polo que respecta aos cruceiros do Pontigo e do Xirómeno, á inscrición do primeiro só é lexible en parte, e nela reproduce, na nosa opinión, o nome do doante; mentres que a do segundo alude, segundo se nos manifestou, ao motivo do levantamento deste monumento: a morte dun home neste lugar.

Vilalba

Inscricións na plataforma

Non temos rexistradas plataformas con inscricións en Vilalba, pero no plinto do cruceiro da Praza dos Ovos figura a seguinte inscrición:

Cara SW

INEM-ESE

Cara SE

ESCOLA-TALLER

Cara NE

CONCELLO DE VILALBA

Cara NW

AD MCMXCII

Inscricións na base

Un bo número de cruceiros de Vilalba presentan inscricións lexibles, total ou parcialmente, na base. Como podemos comprobar (véxase Anexo V), a meirande parte dos inscricións aluden ao nome do doante ou propietario, ao ano de construción e ás indulxencias concedidas (normalmente 40 ou 50 días) concedidas polo bispo de Mondoñedo. En moitos casos, se indican as oracións necesarias para acadar estas indulxencias, tal como o podemos ver nos cruceiros da Florida, de Lindín, etc. Neste aspecto chama a atención o cruceiro de Mercador, no que ademais

dos 50 días de indulxencia outorgadas por rezar diante del, se conceden a maiores outros cen días polo simple feito de visitalo, caso único nos cruceiros chairegos.

A devoción é a causa principal pola que se levantaron os cruceiros de Vilalba. Os doantes son na súa maioría matrimonios (cruceiros de Montemeano, de Gomariz, de Pernas, de Cartín, etc.), aínda que tamén pode ser un home (cruceiros da Veiga ou do Cancelo, de Veigalonga, da Capela de Fátima, etc.) ou unha muller (cruceiros de Vilaxoán e da Carmela). Hai cruceiros nos que os doantes son toda a familia (cruceiros dos Carboeira, de Brañón, da Ribeira, etc.) e noutros un crego (cruceiros de Fontevella e da Fontechousa). Resulta especialmente significativo o cruceiro da Cachoupa, posto por unha viúva polas almas do seu home e do seu fillo, así como tamén polos defuntos do seu home e dela mesma. Tamén chaman a atención as inscricións dos cruceiros da Portela e do Migueliño, postos por uns maridos aflixidos en lembranza das súas donas. En memoria dun ser querido, neste caso un xenro, levantouse o cruceiro da Abelaira, mentres que o do cemiterio de Vilalba púxose en memoria de todos os defuntos.

Tamén pode darse o caso de que o doante falecera antes da construción do cruceiro e que este fora levantado polos seus descendentes, parentes ou herdeiros en cumprimento das últimas vontades do defunto, tal como se pode comprobar nas inscricións dos cruceiros do Americano, posto polos fillos de Gregorio Fraga; de Racamonde e do Porto da Pipa.

Por último comentar que nestes epígrafes aparecen expresións como *crucero* (adro da igrexa de Belesar), *crucifijo* (Ribeira), *cruz* (Mercador), *imágenes* (Racamonde), *efigies* (Viso, Brañon, Fontevella, Carboeira…), *santo cristo* (Fontechousa) e *santo crucero* (igrexa de Distriz) para referirse a este tipo de construcións ou monumentos, resultando especialmente significativa a inscrición do cruceiro de Cartín, no que se alude tanto a *efigies* como a *crucero*. Outro tanto podemos dicir dos cruceiros de Fontechousa e da igrexa de Distriz, nos que se fala de *santo cristo* e *santo crucero*.

Inscricións no fuste

No fuste de 13 cruceiros de Vilalba atopamos inscricións. A maioría delas fan referencia ao ano da súa construción, agás a do cruceiro de Pombeiro que fai referencia á persoa que o puxo: a viúva de Aquilino. As inscricións que recollen a data están normalmente situadas na parte inferior da cara principal do fuste, por baixo dos símbolos da paixón, e por regra xeral adoitan ter o seguinte texto e distribución:

AÑO

DE

----

co obxecto de adaptarse mellor á escasa superficie que ofrece esta parte do cruceiro.

Nome	*Inscrición*
Cruceiro da Escola	*AÑO DE 1871*
Cruceiro da Florida	*AÑO DE 1867*
Cruceiro da Lama	*AÑO DE 1879*
Cruceiro de Mercador	*AÑO DE 1904*
Cruceiro da igrexa de Boizán	*AÑO 1765*
Cruceiro do Pombeiro	*Cara SE* *POR LA VIU DA DE AQUÍ LI NO* *Cara NE* *S-ELA*
Cruceiro de Regotraveso	*1995*
Cruceiro do Americano	*AÑO DE 1895*
Cruceiro da Rula do Foxo	*AÑO 1891*
Cruceiro da Ruta	*2002*
Cruceiro da Casa de Fermín	*AÑO 1873*
Cruceiro de Lanzán	*AÑO 1906*
Cruceiro de Catro Camiños	*1874*

Inscricións no capitel

O cruceiro da Lama ou do Fulgencio presenta na súa cara principal o epígrafe **Nº 38**, mentres que no de Racamonde figura **INRI** (situación nada habitual para este lenda que ocupa

sempre a cabeceira da cruz) e no de Candaido o ano de **1904**. Tamén no capitel do cruceiro da Capela de Santiago pode lerse no ábaco **SANTIAGO / DOLOROSA**. No lado W do capitel do cruceiro do Candaído aparece a seguinte inscrición:

CA-

1904 (¿)

Inscricións na cruz

Ademais da clásica cartela co **INRI** que atopamos en 28 cruceiros, só localizamos un cruceiro con inscrición na cruz. Trátase do cruceiro do cemiterio, na parroquia de San Simón da Costa, que presenta o seguinte epígrafe:

2

CURANTº OROSA UZ

D

S.

S

I

M

O

N

1783

Cómpre destacar que no reverso da cruz do cruceiro da capela de Santiago da parroquia de Santaballa, concretamente na intersección dos brazos, atopamos o relevo dun **M**, inicial presente tamén en outros cruceiros chairegos e que parece aludir á Virxe María.

Xermade

Inscricións na plataforma

Non son as plataformas lugares habituais para poñer inscricións. De feito, só atopamos dous cruceiros neste concello no que se da esta circunstancia. Trátase do da Casa de Charón, cun epígrafe na pegada da segunda grada do lado W no que pode lerse **1968**. Cómpre salientar que esta data non se refire ao ano da súa construción, senón do seu traslado ao ampliarse a pista que está ao seu carón. O segundo é o Cristo Enxoito, que na cara E do seu pedestal presenta unha inscrición que nos remite ao seu doante e que ademais ten a particularidade de ser un dos poucos textos deste tipo de construcións nos que se cita a palabra "crucero":

ESTE CRUZE
RO LO YZO FRANCO
DAPENA POR ….

Inscricións na base

Vinte e cinco cruceiros de Xermade presentan inscricións lexibles, total ou parcialmente, na base. Outros cinco posúen tamén epígrafes pero, tan erosionados, que a súa lectura resultounos totalmente imposible. Hai que destacar que as inscricións son máis frecuentes nos tres tipos de bases predominantes que citábamos anteriormente, ocupando unha ou varias caras das mesmas, xa que ofrecen unha maior superficie para a escritura. Pola contra, aquelas con amplas molduras presentan un menor número de epígrafes, que se sitúan nas partes máis planas.

Vendo o Anexo VI, podemos comprobar, a meirande parte dos textos aluden ao nome do doante, ao ano de construción e ás indulxencias concedidas (normalmente 40 días) concedidas polo bispo correspondente. En moitos casos, se indican as oracións necesarias para acadar estas indulxencias, tal como podemos ver en varios cruceiros deste concello. Neste aspecto merece especial mención o cruceiro do adro da igrexa de Cabreiros, xa que goza do privilexio do arcebispo de Santiago de cen días de indulxencia por cada oración que se rece diante del, aos que hai que engadirlle outros corenta concedidos polo bispo de Lugo por rezar un credo, salve ou adorámoste.

Tamén cómpre chamar a atención sobre o cruceiro do Campo da Feira de Lousada, xa que segundo se desprende da súa incompleta inscrición, ademais da indulxencia concedida polo bispo de Mondoñedo, os P.P. concederon outros 40 días a maiores, feito que podería ter a súa explicación por ser este monumento resultado dunha misión celebrada no século XIX.

A devoción, tal como podemos ler nestes epígrafes, é a causa principal pola que se construíron os cruceiros de Xermade. Os doantes poden ser un home (cruceiro dos Currás-Burgás) ou unha muller (cruceiro da Criba), un matrimonio (cruceiros do Revellón, A Touza, A Panda, do Campo de Roupar e a Xunqueira), dous irmáns (cruceiro da Casa de Charón), unha persoa coa súa familia (cruceiro do Rego) ou uns veciños (cruceiro do adro da igrexa de Cabreiros). Tamén pode darse o caso de que o doante falecera antes da construción do cruceiro, e que este fora levantado polos seus descendentes ou herdeiros en cumprimento das últimas vontades do defunto como testemuña da súa devoción, tal como podemos ver nas inscricións dos cruceiros da Casa de Pascualiñas I e de Leboré.

Ademais da intención, nome do doante, etc. que figuran na maioría dos epígrafes situados na base dos cruceiros de Xermade, hai un no que tamén aparece un texto nunha placa de bronce, redactado por Bernardo García Cendán, con motivo do cabodeano cabodano do seu artífice que, sen ser canteiro, labrou este cruceiro por devoción.

Chama tamén a atención a inscrición do cruceiro do Xastre ou de Longo, o único da Terra Chá que fai referencia ao vello costume que había anteriormente de pintar estas construcións populares.

Por último, reseñar que o do Castellano figura un texto no que soamente se alude á propiedade do cruceiro, indicando que a súa dona era filla lexítima.

Inscricións no fuste

No fuste de sete cruceiros de Xermade atopamos inscricións. Todas elas fan referencia ao ano da súa construción, agás a do cruceiro do Rego que, situada por baixo do relevo de San Ramón, reproduce o nome deste santo para facilitar a súa identificación. O resto destes epígrafes aparecen sempre na parte inferior do lado principal do varal e repartidos en tres liñas, agás o dos Currás-Burgás que se dispón verticalmente.

Inscricións no capitel

Catro cruceiros deste concello presentan inscricións no capitel. En tres deles están localizadas no ábaco, e reproducen o nome dos santos que flanquean a efixie de Cristo. Así, no cruceiro da Touza podemos ler: **SAN JOSÉ Y SAN FRANCISCO**, mentres que no de Augas Roibas figura **SAN ANDRÉS**. **SAN JOSÉ Y SAN ANTONIO** son os nomes dos santos que atopamos no do adro da igrexa de Roupar. Nesta mesma parroquia está o cruceiro das Barreiras, en cuxo capitel hai unha placa de mármore que di:

NIEVES ARES BOUZA
+ EL 7-6-1948
A LOS 22 AÑOS
RECUERDO DE
SUS PADRES

Inscricións na cruz

Ademais da clásica cartela co **INRI**, só en dous cruceiros deste concello atopamos inscricións na cruz. Trátase do da Touza e dos Currás (Burgás). No primeiro, no cruzamento dos brazos no reverso, figura un M en relevo, mentres que no segundo, tamén no reverso e por baixo dos pés da Virxe, pode lerse:

VIRGEN
ANGUSTIAS

Conclusións

Xa dixemos que as inscricións constitúen a principal fonte de información dun cruceiro, ademais das referencias orais e da documentación que poda existir sobre o mesmo. Nos cruceiros chairegos, as súas inscricións aportan información preferentemente do ano de construción, da persoa ou persoas que mandaron construír o cruceiro, do motivo do seu levantamento, as indulxencias concedidas (así como o tipo de oración) por rezar diante do mesmo e a persoa que as outorgou. Temos que destacar que estas inscricións non proporcionan información do canteiro que fixo o cruceiro, agás no casos do cruceiro do adro da igrexa de Trobo no que expresamente se di que foi realizado polo artista Benito Rifón Corral e no das Carpcaeiras en Vilalba, que aparece asinado por O Vila. Temos tamén que chamar a atención no aspecto de que algúns cruceiros presentan unha numeración no extremo superior do fuste, o que nos proporciona información sobre a actividade realizada por un obradoiro ou canteiro. Por último lembrar que os epígrafes nos cruceiros chairegos atópanse fundamentalmente na base (ocupando unha, dúas, tres ou as catro caras), por ser este elemento o que ofrece unha maior superficie para a escritura. No fuste, pola contra, sitúanse as inscricións referidas ao ano de construción (que pode situarse no extremo inferior ou no superior) ou, en ocasións, o número de serie de cruceiro, sendo menos frecuentes os textos epigráficos no capitel, na cruz e na plataforma, aínda que non faltan exemplos notables e que xa comentamos anteriormente.

En canto ao idioma, a maioría dos epígrafes están escritos en castelán, rexistrándose en galego poucos exemplos. Tal é o caso do cruceiro da Rozavella (Abadín), da Praza de Galicia (Castro de Rei), o da Praza dos Ovos (Vilalba), dos Currás (Xermade), etc. todos eles co denominador común de ser obras relativamente recentes.

Por regra xeral, as inscricións refírense aos cruceiros como "efigies," "imágenes," "cruz," "santas imágenes," "crucifijo," etc. Non obstante hai notables excepcións. Unha delas, por ser quizais das máis antigas, a ofrece o cruceiro dos Prados (Abadín), obra de 1797, na que se di que "Este Cristo…". Coa denominación de "crucero", "cruzero" ou "cruzº" figura nos epígrafes do cruceiro da Algara (Cospeito), de Riotorto (Guitiriz), de Saa (Guitiriz), da igrexa de Belesar (Vilalba), de Cartín (Vilalba), do Cristo Enxoito (Xermade), da Xunqueira (Xermade). Un caso curioso é o cruceiro de Fontechousa (Vilalba) no que nun mesmo epígrafe aparece coas denominacións "santo Cristo" e "santo crucero." Na mesma liña está o xa citado cruceiro de Cartín (Vilalba), no que tamén aparecen coexistindo as expresións "efigies" e "crucero."

Cómpre salientar que os epígrafes máis antigos que atopamos nos cruceiros da Terra Chá (referímonos a aqueles que puidemos constatar cunha data) son os da Nosa Señora da Fonte (Abadín) e o da igrexa de Boizán (Vilalba), se ben nestes dous só é lexible o ano en que foron feitos. O cruceiro máis antigo cun epígrafe bastante completo é o que se corresponde co situado diante do cemiterio da parroquia de San Simón da Costa (Vilalba). Está realizado seguindo a disposición da cruz e fai referencia a que quen mandou poñer esta obra foi o crego desta parroquia Antonio Orosa Uz no ano 1783.

Por último temos que dicir que a práctica totalidade das inscricións dos cruceiros chairegos están escritos cunha tipoloxía de letra denominada capital cadrada monumental, se ben hai algún que outro exemplo doutro tipo de escritura como, por exemplo, a do cruceiro do Airado (Vilalba).

Polo que respecta á ortografía, tal como pode verse na reprodución dos epígrafes, son notables os problemas co b e o v, apreciable en palabras como "salbe", "deboción", etc. Resulta tamén chamativo as diferenzas na abreviatura de Ilustrísimo, que nalgunha ocasión aparece como Illmo., noutras como Ylmo., ou incluso como Yllmo.

Ano de construción

Polo que respecta ao ano de construción, podemos concluír que a maioría dos cruceiros da Terra Chá que teñen data, son do século XIX, (concretamente entre o período que vai entre 1880 e 1920) pois do século XVIII só atopamos cinco cruceiros, cuxa relación figura na seguinte táboa:

Nome	*Concello*	*Data*
Cruceiro da Fonte da Nosa Señora	Abadín	1750
Cruceiro da igrexa de Boizán	Vilalba	1765
Cruceiro do cemiterio de San Simón da Costa	Vilalba	1783
Cruceiro dos Paxariños	Abadín	1783
Cruceiro da igrexa de San Simón da Costa	Vilalba	1793
Cruceiro dos Prados	Abadín	1797
Cruceiro de Saa	Guitiriz	1798

Cómpre salientar que a maioría das inscricións referidas á data aparecen na parte inferior do fuste (sobre todo nos de tipo Carboeira) ou na base.

Persoas que mandaron construír os cruceiros

Normalmente empréganse as expresións "Lo puso…", "A expensas…", "Se hizo…", "Construído…", "A piedad de …", "Esta obra…", "Es propiedad de ….", "Fue costeado…", "A la bondad…", se ben a máis frecuente é "A devoción de …."

Os doantes poden ser un home, unha muller, un matrimonio, un nai e o seu fillo, unha familia, dous irmáns, ou por dous amigos, tal como acontece no caso do cruceiro do Fiouco (A Pastoriza). Tampouco faltan exemplos nos que o doante é un crego (cruceiro de Fontechousa) Tamén pode darse o caso de que o doante falecera antes da construción do cruceiro e que este fora levantado polos seus descendentes ou herdeiros, como pode ser o caso do cruceiro do adro da igrexa de Galgao (Abadín), posto polos sobriños de D. Rosendo Bouso, e do Carregal ou de Cendán, colocado por José Pérez por devoción de Antonia Pérez e Francisca Fernández. O do Americano (Vilalba) o puxeron os fillos e herdeiros de Gregorio Fraga "en cumplimiento de su última voluntad," mentres que no de Leboré (Xermade) xa se fai constar que se fixo por "devoción de la finada Antonia Pena."

Nalgún caso trátase dunha obra encargada por un colectivo, como por exemplo o caso do cruceiro de Cabreiros (Xermade) no que se di que foi encargado por "algunos vecinos"; o de Calvario (Arcillá-Cospeito) que foi encargado por uns devotos das parroquias de Arcillá e Sisoi deste concelllo.

Motivos de construción dos cruceiros chairegos

Xa dixemos que hai cruceiros que realizan funcións de marco entre concellos ou parroquias (cruceiro da Loba en Guitiriz e de Freán en Vilalba), ornamental (Fonmiñá na Pastoriza e Xoca e Matodoso en Cospeito, etc.) e conmemorativa (dunha misión ou dun caboano). Non

obstante, a tenor do que figura nas inscricións dos cruceiros da Terra Chá, podemos concluír que o principal motivo da construción destes monumentos foi a devoción. Neste aspecto chama a atención o caso do devoto Andrés Bouso, que mandou construír tres cruceiros na parroquia de A Graña (Abadín). Outro tanto podemos dicir das irmáns Agustina e Francisca de Vilalba, que despois dunha misión celebrada no ano 1918 na parroquia de Muimenta, mandaron poñer os cruceiros de Porto do Sal e o da igrexa de Muimenta, os dous no concello de Cospeito. Tamén Ramón Morado, devoto de Abeledo (Abadín) ademais de regalar á igrexa desta parroquia a imaxe da Virxe dos Remedios, mandou poñer o cruceiro da Vesada e, moi probablemente, o esmoleiro que se atopa ao seu carón.

Non sabemos exactamente os recursos económicos da xente que acabamos de citar, pero moito debeu esforzarse a caseira María Castro para pagar o cruceiro do Pazo da Cernada (II) posto en agradecemento pola curación do seu fillo.

En cumprimento dun mandato, José Pérez mandou construír en 1885 o cruceiro do Carregal (Moncelos-Abadín) por devoción de Antonia Pérez e Francisca Fernández.

Cruceiros postos á memoria dalgunha persoa (o que implica que se fixo despois de morto o homenaxeado) atopamos o cruceiro de Antonio Puente (Abadín), o da Pedrosa (Abadín), o de Cordón (Castro de Rei), o da Abelaira (Vilalba), etc. Cun carácter máis xeral está o cruceiro do cemiterio de Vilalba, levantado "en memoria de todos los difuntos." En "Recuerdo"dun ser querido fixéronse os cruceiros da Portela e Migueliño (todos eles en Vilalba) por citar só dous exemplos.

No caso do cruceiro de Gaúte (Abadín) o epígrafe alude ao lugar en que morreu Jesús Gaúte no ano 1937.

Non faltan tampouco cruceiros nos que se especifica expresamente a súa propiedade, o que reflicte ostentación e transcendencia vana, pero noutros, como no caso do cruceiro da Granda (Cospeito) estas intencións enmascáranse piadosamente: "Lo puso Juan Puente / para alivio de ánimas."

As indulxencias concedidas

Normalmente por rezar diante dalgúns dos cruceiros chairegos recompensábase con 40 ou 50 días de indulxencia. Non obstante hai casos nos que os días concedidos eran máis. Tal é o caso do cruceiro da Vesada (Abadín) que aos 50 días concedidos polo bispo de Mondoñedo hai que sumarlle outros 200 que outorgaba o arcebispo de Santiago por rezar un credo e unha salve. Outro tanto podemos dicir do cruceiro da Pista de Fraiás, tamén en Abadín, que goza dun privilexio de 200 días. Para o cruceiro situado no adro da igrexa de Cabreiros (Xermade) o arce-

bispo de Santiago concedeu 100 días de indulxencia, mentres que o bispo de Lugo só outorgou 40. Tamén o cruceiro do Campo da Feira de Lousada (Xermade) goza dun dobre privilexio, xa que ao outorgado polo bispo de Mondoñedo hai que sumarlle os dos Padres Pasionistas. No cruceiro de Reximil (Cospeito) danse 40 días por rezar determinadas oracións e outros tantos días por rezar outras. Curioso e único nos desta comarca é tamén o caso do cruceiro de Mercador (Vilalba) que ofrece 50 días a los que recen un Pai Noso, 100 días aos que visiten a cruz e "cura de 3 años" por tres Pais Nosos.

Caso tamén único nos cruceiros chairegos é o de Riba de Miño, onde a indulxencia acadada era plenaria.

No cruceiro de Racamonde (Vilalba) non se fai alusión á indulxencia, pero si á obriga de que "todo crystiano debe hacer oración delante de estas ymágenes y hacer reberencia."

Pola súa parte, no epígrafe do cruceiro de Nicolás (Cospeito), e tamén no Cartín (Vilalba) especifícase que o rezo ten que ser "con devoción."

Na case totalidade dos cruceiros chairegos, a indulxencia era outorgada polo bispo de Mondoñedo, cuxo nome non figura en ningún epígrafe,[286] pois as parroquias desta comarca pertencen a esta diocese. Por iso resulta curioso que no caso do cruceiro de Cabreiros (Xermde) sexa o de Lugo o que outorgue as indulxencias, privilexio que como acabamos de ver, nalgúns casos pode verse reforzado polo arcebispo de Santiago ou por unha orde de predicadores.

Oracións necesarias

Para conseguir as indulxencias era preciso que o devoto rece determinadas oracións diante do cruceiro. Nos epígrafes dos cruceiros chairegos as que máis aparecen reflectidas son o credo, a salve, o acto de contrición, o Pai Noso, a o Ave María. Un caso único atopámolo no cruceiro de Algara (Cospeito) onde se especifican tamén a Fe, esperanza e caridade, mentres que no cruceiro da igrexa de Cabreiros (Xermade) a oración citada é o *Adorámoste* e, no de Reximil (Cospeito) a oración é *Mirarme a mi amado*. É tamén frecuente a expresión "cualquiera oración aprobada por la iglesia" que, entre outros, atopamos no cruceiro da Reigada (Vilalba). Curiosa é, non obstante, a od cruceiro da Vesada (Abadín), na que se especifica que as oracións teñen que ser aprobadas "por la iglesia de la Besada," o que pon de manifesto o gran poder que tiña o crego desta parroquia. Non faltan exemplos en que o epígrafe matiza que a oración é polas almas (cruceiro de Leboré, Xermade) ou para alivio de animas (cruceiro da Granda, Abadín), pero resulta moi escasa a que exhorta a rezar "por las necesidades de la iglesia" expresión que localizamos no cruceiro do Campo da Igrexa de Fanoi (Abadín).

[286] Como excepción podemos citar o caso do cruceiro do Neto (Vilalba), no que se aparece o nome de D. Ponciano de Arciniega.

Rituais curativos, lendas e tradicións en torno aos cruceiros

Se ben para o capítulo das inscricións o aspecto principal era a lectura e interpretación dos diferentes epígrafes, nesta parte ocupa un lugar moi importante como elemento de información as fontes orais, o que unido a un repaso da principal bibliografía sobre estes temas, vainos proporcionar unha visión bastante aproximada sobre esta cuestión.

Xesús Taboada Chivite en *La encrucijada en el folklore de Galicia* destaca o valor mítico da encrucillada e di que as cruces de pedra situadas nelas "han venido a cristianizar el viejo culto de aquellos lugares de pánico ancestral."[287] Segundo este autor, quen se abrace a un cruceiro situado nunha encrucillada evita que o vivo da Santa Compaña lle entregue a cruz, xa que ninguén pode ter dúas cruces a un mesmo tempo.

Tamén recolle Taboada Chivite o costume de deter os enterros onde hai un cruceiro para rezar un responso polo morto, afirmando este autor que "*en los cruceros de tales sitios es corriente que haya petos de ánimas, a veces, con inscriciones impetratorias y con un farol encendido durante la noche. Al pié se hacen ofrendas de espigas y mazorcas de maíz…*" [288]

Partindo da herdanza prehistórica do cruceiro (afirma que "*os cruceiros galegos naceron da cruz chantada por riba dos miliarios e menhires para cristianizalos*") Taboada Chivite estima que "*cecáis sexan de vello aboengo moitas supersticións a iles otorgadas, como atar ao doente de aire de doncella ó fuste, agardando pase o primeiro viandante, curar o enganido nunha encrucillada con cruceiro, faguer o bautismo prenatal nunha ponte que o teña, etc.*"[289]

Di **Begoña Bas** que os cruceiros se erguen nos camiños e nas encrucilladas "*onde xa en tempos moi anteriores existían diversas manifestacións de culto*"[290] Destaca esta investigadora o carácter funerario das encrucilladas, lugares de enterramento de xente ruín (non cristián ou allea a esta comunidade) e de aqueles que morrían sen bautizar ou de forma violenta no camiño. Neste último caso, cando a vida se interrompe bruscamente, a alma, axitada e hostil, tende a continuar xunto á comunidade o tempo que normalmente houbera durado a súa vida. Para protexerse dela, había que levantar un cruceiro, facendo fincapé Begoña Bas na relación entre a morte e os cruceiros.

[287] Taboada Chivite, X. "La encrucijada en el folklore de Galicia", en *Boletín Auriense*, Tomo V, páx. 103.
[288] Idem, páx. 106.
[289] Taboada Chivite. X. "O culto das pedras no noroeste peninsular" (Discurso de ingreso na Real Academia Galega o 20 de novembro de 1965) en Ritos y crencias gallegas. A Coruña: Editorial Sálvora, 1980, páx. 161.
[290] Bas, Begoña. *As construcións populares: Un tema de etnografía en Galicia*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1983. Páx. 210.

O cruceiro sacraliza un espazo no que serve como elemento de protección. Pero ademais, segundo Begoña Bas, os cruceiros tamén serven para curar diversos males ou enfermidades "*considerados de tipo sobrenatural, e que non se poden curar por medio da medicina*."[291] Tal é o caso do "mal do aire", "*o aire de gato*" ou do "a*rangaño*" relacionados coa tardanza do neno en aprender a andar. Nestes casos hai que levar ao cativo a unha encrucillada que teña un cruceiro e aplicarlle un ritual que consiste en atarlle as pernas e pedirlle a un transeúnte que, en silencio, lle corte as ataduras mentres a nai di: "Home de boa fortuna, córtalle a pexa a esta criatura." Outro ritual consiste en dar voltas ao redor dun cruceiro mentres soan as campás da igrexa ao tempo que se di: "*Campaíñas a tocar, rapaciños a andar*."

Tamén no cruceiro fanse ofrendas en relación cos partos para que todo saia ben. Nestes casos o ritual consiste en dar voltas ao redor do cruceiro ao tempo que se fan promesas, tal como se facía no cruceiro de Montecelo en Mourente (Pontevedra). Para poder ter fillos, as mulleres colgaban utensilios de cociña nun cruceiro cando ían para a misa, tal como se facía no cruceiro do Culebrón de San Adrián de Valariño.

Segundo Begoña Bas "*son moitas as crenzas e prácticas que arrodean ós cruceiros. O día do Corpus, o cruceiro tamén ten o seu papel: en Castrelo de Miño (Ourense) póñense sabas brancas e flores no pousadoiro, e por riba colocan o Corpus Cristi e cantan e rezan os da procesión; no cruceiro do Pedroso (Bamio-Pontevedra) o día do Corpus bendicen os ramos diante do cruceiro, etc.*"[292]

Pola súa parte, **Bernardo Barreiro de Vázquez Varela** recolle no seu libro *Brujos y astrólogos de la Inquisición en Galicia* (1885) o costume existente en Galicia do bautismo prenatal, é dicir, da bendición do feto dentro do mesmo claustro materno. Neste aspecto reproduce o relato en prosa de D. Claudio Cubeiro, así como tamén a narración poética en galego de D. Andrés Muruais. Resumindo os dous textos, podemos dicir que o rito deste bautismo ten lugar nunha ponte que teña un cruceiro e só pode realizarse o último sábado de cada mes. A razón deste bautismo é que "*el espíritu maligno persigue a las mujeres; y no pudiendo causarnos los males que desea, porque se lo impiden los amuletos que todas llevamos, se convierte en una partícula muy pequeña, la cual, una vez introducida en nuestro cuerpo, se trasforma en un insecto venenoso, que mata al feto, ocasionando así una gran desgracia á la familia. Para evitar esta desgracia, no hay otro medio sinó hacer el bautizo antes de que el niño haya nacido. Todos los puentes en los cuales hay un crucifijo, tienen la virtud de preservar al niño de la influencia maléfica de Satanás, pero esta virtud solo produce los resultados apetecidos en el último sábado de cada mes, después*

[291] Idem, páx. 212.
[292] Idem, páx. 212.

de las doce de la noche."[293] Cómpre salientar que para que este ritual fora efectivo, había que impedir que ningún ser vivo transitase pola ponte ata despois de efectuado o bautismo, celebrándose despois do mesmo unha cea que remataba tirándose ao río todos os utensilios empregados nela.

Resulta cando menos chamativo que o médico **Jesús Rodríguez López** non recolla na súa obra *Supersticiones de Galicia*[294] ningunha práctica ou ritual sanador en relación cos cruceiros, máxime cando na época en que se escribiu este libro (a primeira edición é de 1895 e a segunda data do ano 1910) xa existían publicacións nas que se citaban ou recollían este tipo de actividades.

O tamén médico **Víctor Lis Quibén**, autor do detallado traballo *La medicina popular en Galicia*, só fai referencia aos cruceiros como remedio para curar o "*aire de la doncella*." A este respecto, di Lis Quibén que en varios pobos da provincia da Coruña "*la madre coge al niño enfermo y sale de casa, antes de rayar el día, hasta el crucero y, una vez en dicho sitio, se sentará en uno de los escalones del mismo y, sin pronunciar una sola palabra desde que salió de casa, atará a su hijito con una cinta al fuste de la cruz, esperando a que pase el primer transeunte, a quien dirigirá enseguida la siguiente salmodia:*

Mulleiriña ou homiño
que ves de fortuna
desencabréstame
esta criatura

Y él se detendrá, cortando la cinta, y si la ceremonia se hizo con toda formalidad, el niño enfermo, desde aquel momento recobrará la salud."[295]

Tamén alude aos cruceiros no caso do bautismo anticipado e afirma que "el puente en el que se ha de realizar el bautismo anticipado debe tener en el centro un crucero o haberlo en sus inmediaciones, para preservar al niño de la influencia maléfica de Satanás, pero a falta de este requisito utilizan el que está más cerca del lugar de su residencia…"[296]

Cita Lis Quibén como lugares propicios para os rituais curativos en Galicia os santuarios, as capelas, os montes, as pontes e as fontes, aos que tamén se poden engadir as encrucilladas, se ben nestas últimas non menciona en ningún momento a palabra cruceiro, así como tampouco ningún ritual asociado a este monumento agás os xa citados.

[293] Barreiro, Bernardo de Vázquez Varela. *Brujos y astrólogos de la Inquisición en Galicia*. Sevilla: Extramuros ediciones, 2010. Paxs. 49 e 50.
[294] Rodríguez López, Jesús. *Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares*. Edicións facsimilar da 2ª edición de 1910. Valladollid: Editorial Maxtor, 2001.
[295] Lis Quibén, Víctor. *La medicina popular en Galicia*. Madrid: Akal Editor, 1980. Páz. 62.
[296] Idem, páx. 224.

Tampouco o Dr. **Eduardo Pérez Hervada** recolle na súa obra *Curanderismo en Galicia* [297] (1972) ningún remedio da medicina popular na que interveña un cruceiro ou que o ritual se realice na súa contorna.

Outro médico, o Dr. **Xesús Vázquez Gallego** di no seu libro *Tradiciones, mitos, creencias y curanderismo en medicina popular de Galicia* que entre as artes de curar na medicina popular de Galicia cita as "*medicinas religiosas y seudoreligiosas", entre as que inclúe os santuarios, mananciais milagreiros e os cruceiros, se ben non especifica nin para que tipo de doenzas nin os rituais a empregar. So comenta que entre os remedios para loitar contra o "mal de ollo"está "el crucero y la encrucijada*,"[298] sen indicar ningún tipo de práctica en relación con esta "doenza."

En *Ritos de embarazo e parto en Galicia*, o Dr. **Antonio Pereira Poza**, recolle entre os remedios contra a esterilidade unha serie de ritos que cualifica de carácter profano ou máxico-relixioso. Así, como solución á esterilidade "*en Outes acudían ó cruceiro de Roo, na parroquia do mesmo nome. A este cruceiro de especial atractivo en todo o municipio, ían facer ritos nocturnos, sempre na media noite, as mulleres infértiles rezando oracións para "quitar o aire" que provocou a esterilidade.*

En Ribeira acuden ao cruceiro de Moldes. Vai a muller soa ás doce da noite e da tres voltas ó cruceiro sen falar con ninguén, despois, con auga bendita e "unto" (graxa do porco) fan o sinal da cruz nos xenitais e no ventre.

Outras veces é unha "meiga" que, despois de queimar unha peza de roupa da persoa que puidera botar o mal de ollo, é a encargada de levar auga bendita ó cruceiro."[299]

Clodio González Pérez, no seu libro *Os Cruceiros*, di que "*arredor dos cruceiros foron xurdindo crenzas e forxándose tradicións ao longo dos séculos, e sobre todos nos máis antigos, xa que se esquecera a memoria de quen os mandou erixir.*"[300] Tamén di que non resulta doado resumir todo canto se facía xunto aos cruceiros, porque en moitos casos estas prácticas deixáronse de facer ou realízanse de noite e ás agachadas. Entre elas destaca os rituais para que comecen a andar os nenos que tardan en facelo, ben dando varias voltas arredor dun cruceiro ou ben atándolle as pernas e agardando de noite ao pé dun cruceiro ata que pase unha persoa a que se lle pide que corte o atadallo para que ande.

Outro ritual é o do bautismo prenatal, do que xa falamos anteriormente, ou tamén o realizado para facer que as mulleres queden embarazadas.

[297] Pérez Hervada, Eduardo. *Curanderismo en Galicia*. Lugo: Editorial Alvarellos, 1984 (2ª edición).
[298] Vázquez Gallego, Xesús. *Tradiciones, mitos, creencias y curanderismo en medicina popular de Galicia*. Lugo: Deputación Provincial, 1990, páx. 32.
[299] Pereira Poza, Antonio. *Ritos de embarazo e parto en Galicia*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro, 2001. Páxs. 33 e 35.
[300] González Pérez, Clodio. *Os cruceiros*. A Coruña: Cadernos Museo do Pobo Galego, 12. 2002. páx. 95.

Como remedio contra o "mal de ollo", González Pérez di que os curandeiros, meigos e sabios adoitan ir ata un cruceiro, mentres que para curar o reuma, ou polo menos alivialo, aconséllase dar varias voltas, por regra xeral sete, arredor dun cruceiro. Tamén cando un neno ou nena están enfermos, á bo queimar unhas das súas prendas de roupa diante da plataforma dun cruceiro, "*deixando alí o borrallo para que con el quede tamén o mal que xera a doenza*."[301]

Tradición case perdida actualmente era de cambiar a posición da imaxe da Virxe nos cruceiros de capela da zona da costa, práctica que levaban a cabo as mulleres con parentes traballando no mar para que o vento lles fora propicio para o regreso.

Xa temos comentado que **Vicente Risco** considera aos cruceiros, xunto coa igrexa parroquial, os santuarios e os petos de ánimas, como lugares de culto. Os cruceiros teñen incluso a súa propia oración:

"Adórote cruz bendita
que quedas en campo sereno,
en una semejante a ti
murió Cristo Nazareno.
Me persino con tres clavos
me abrazo a la Santa Cruz
para que siempre me acuerde
dulce nombre de Jesús."[302]

Non obstante, na súa *Etnografía* non cita Risco moitas prácticas en relación cos cruceiros e, incluso, algunhas das que xa levamos visto (como as empregadas para que os nenos comecen a andar) non as asocia a estes monumentos. Así, a única cita que fai neste aspecto é que para "*tallar o aire dos nenos en xeral, hai que ire coller, ó mediodía, auga de sete gurgulliños ou de sete fontes sen falar con ninguén. En chegando á casa, mesturase a i-auga con cinza e lávase ó rapaz a contrapelo nunha pía con catro esquinas; múdaselle a roupa, póndolla a nova afumada con loureiro, e lávase tamén o berce onde durme e hainos que secar cun pano de lamanisco. Namentras dura a operación, o que a fai non pode falar senón soamente dicir as oracións segredas, pasando varias veces o rapaz dos seus brazos ós da nai e viceversa. A i-auga luxada gárdase dunha ola virxe e, ó cabo de nove días, hai que vertela cara atrás ó pé dun cruceiro ás doce da noite.*"[303]

Na súa obra *Una excursión por los alrededores de Noya*, o **P. Atanasio López** di que ata o cruceiro de Manle, situado na parroquia de Santa Cristina de Barro, "*suelen ir todas las proce-*

[301] Idem, páx. 99.
[302] Risco, Vicente. "Etnografía. Cultura espiritual", en *Historia de Galiza* (Dirixida por Ramón Otero Pedrayo). Madrid: Akal Editor, 1979. páx. 371.
[303] Idem, páx. 477.

siones parroquiales."[304] Outro tanto di do cruceiro da Ponte de Argalo, mentres que dos cruceiros denominados Agra das Hortas e do Rego só chegan as procesións rogativas. Polo que respecta ao cruceiro do Piñeiro, que ao igual que os dous anteriores atópase na parroquia de Argalo, afirma que "*cuando los cadáveres pasan por este lugar, se les reza un responso," costume que tamén se realiza "en todos los demas cruceros que se encuentran hasta llegar al cementerio*."[305]

Noutro traballo, titulado *Memorias históricas de la villa de Muros*, o P. Atanasio López fai referencia a dúas cruces situadas, respectivamente, nos cumios dos montes de San Antón e de San Marcos. Foron erixidas "*para que sierviesen de defensa de la villa, evitando los efectos desastrosos de las chispas eléctricas.*"[306] Non sabemos se nestas cruces prima o aspecto relixioso ou científico ao empresarse deliberadamente como pararraios, se ben inclinámonos pola primeira opción. Tamén recolle o P. Atanasio o costume de rezar un responso a todos os defuntos que conducidos ao cemiterio pasan por diante dos cruceiros deste concello.

No cruceiro da Praza, no que arde case continuamente un faroliño de aceite, "*las rondas y conparsas de los jóvenes de la villa suelen detenerse…donde cantan algunas coplas que su genio les inspira. La más vulgar es la siguiente:*

O Santo Cristo da plaza
Vai na nosa compañía
A Virxe da Soledá
Queda na porta da vila."[307]

En *Recuerdos de una excursión*, o P. Atanasio cita o cruceiro de Loreto, situado na parroquia de Cespón, do concello de Boiro, "*donde se celebra anualmente muy concurrida y animada romería.*"[308] Na parroquia de San Cristóbal de Abanqueiro, tamén de Boiro, atópase o cruceiro do Monte, ata o que se dirixen as procesións parroquiais. Tamén en Excursión a la villa de Arzúa, este erudito franciscano fala do cruceiro de Castañeda, "*sencillo, de piedra, desprovisto de toda ornamentación, hasta el cual hacen su recorrido las procesiones parroquiales*,"[309] práctica que ser repite nos cruceiros doutras parroquias desta vila.

Para **Castelao**, "*os cruceiros galegos gardan lendas e acontecementos de moito intrés; pero tamén son obxeto de práiticas, costumes e crencias vulgares, igoalmente interesantes.*

[304] López Fernández, Atanasio P. "Una excursión por los alrededores de Noya", en *Diario de Galicia*, 12 de agosto de 1914. Recollido en *Nuevos estudios crítico-históricos acerca de Galicia*. Tomo II, páx. 173, Madrid, 1947 (Editados polo P. Lino Gómez Canedo).
[305] Idem, páx. 180.
[306] Idem, páx. 192.
[307] Iden, páx. 196.
[308] Idem, páx. 245.
[309] Idem, páx. 289.

Nalgúns bótanse foguetes cando paren con ben as mulleres da feligresía; e tal acontece no cruceiro de Monte Celo de Marcón (Pontevedra). Noutros lévanse pol-a man aos meniños tardos no andar e fanlle dar algunha voltas en derredor das gradas, especialmente na mañán do sábado de Groria e no intre de recomenzarse o tanxemento das campás, cousa que nós lembramos que se facía no cruceiro da praza, en Rianxo. O bautismo profilático que adoita facerse das criaturas non nascidas, que aínda están no ventre das nais, ten por testigo un cruceiro veciño dalgunha ponte antiga (Ponte-Sampaio, antre outras). É costume xeral que nos outonos se fagan ofrendas de froitos do país aos cruceiros, case sempre de espigas de centeo e de millo, ou pés de millo con moitas espigas, costume riguroso nos cruceiros de Dodro (Padrón) e Cerponzóns (Pontevedra). Outras veces ofréndanlle coroas de frores, como, por exemplo, se fai no cruceiro da Trininade (Baiona) e no de Coia (Vigo). Estes exvotos son moi variados, e non é raro que as mulleres se corten as trenzas do cabelo para ofrendarllas ao cruceiro confidente, en promesa de amor, como decote se vé no de Tállara, perto de Noia."[310]

Seguindo a **Xosé Ramón Mariño Ferro**, podemos dicir que a enfermidade pode deberse a causas naturais ou sobrenaturais. As segundas prodúcense por maleficios que entran no corpo, polo que o proceso curativo debe centrarse necesariamente na súa expulsión, aínda que tamén hai medidas profilácticas para evitar os maleficios e, xa que logo, previr a enfermidade. O mellor remedio para curar as doenzas de tipo sobrenatural é Deus (tamén a Virxe, Santos, etc.) así como tamén diversos obxectos sagrados (evanxeos, rosarios, etc.) entre os que destaca a cruz, símbolo ou emblema que non pode faltar en ningún ritual curativo. Cómpre salientar que nestes rituais, ademais de días, horas e outros factores propicios, o espazo en que se realizan é tamén determinante ou fundamental. Tal é o caso das encrucilladas, das que queremos destacar o seu papel ambivalente, xa que son lugares que tanto poden ir asociados aos maleficios como aos remedios curativos para este tipo de males. Así, segundo Mariño Ferro, que cita a Lis Quibén, na encrucillada "*tiran los de San Xenxo (Pontevedra) el agua con que lavaron a los niños enfermos del mal de aire. También contra este mal, los de Ponte Caldelas (Pontevedra) hacen fuego y encima colocan una palangana con agua en el que previamente habían echado laurel. Luego la curandera reza el conjuro y al terminar, "coge la palangana, echa en ella la ceniza y se va a unha encrucijada y desparrama el agua, con los ingredientes que contiene, por el suelo."*

"En una encrucijada tiran los de Moraña (Pontevedra) las cenizas de la corteza de olivo con que curaron el mal de aire y los de Caurel (Lugo) arrojan el puchero con el agua en que se

[310] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000. Páx. 108.

lavó al enfermo. Los que intervienen en la curación del herpes en Marín van, al terminar, a una encrucijada a tirar los ingredientes utilizados (carbón, sal, agua y el hisopo de brezo)."[311]

Cómpre destacar que a pesar de asociarse o cruceiro coa encrucillada, en ningún momento Mariño Ferro cita a estes monumentos, que tampouco asocia a ningún ritual curativo a pesar da importancia da cruz nos mesmos.

Ademais do xa citado bautismo prenatal, **Hipólito de Sá Bravo** recolle en *Creencias del constumbrismo religioso en Galicia* dúas prácticas que se celebran en torno aos cruceiros. A primeira realízase no que el denomina "cruceiros de parada," é dicir, aqueles que contan cun pousadoiro, e consiste en "*acostalo neno, en días que no tengan erre, aprovechando para la ceremonia las noches de luna nueva. Primero el rezo polas almiñas de los antepasados del niño, despues quitarle al niño la ropa interior y ponerle otra limpia, entre ensalmos y cruces, para que la enfermedad se vaya en la ropa sucia y la salud venga en la limpia. Como se ve persiste la idea central, ante el cruceiro, de las almiñas de los antepasados, a las que ponen de intermediarias, para conseguir la curación del niño, los familiares, por medio de los ensalmos que recita el curandero.*"[312]

O segundo ritual ten lugar nos cruceiros que Sá Bravo denomina "de descanso," que son aqueles que contan cunha plataforma, pois na súa opinión, os chanzos que a integran "*eran para facilitar el descanso en las paradas de los peregrinos." Di Sá Bravo que "el ir tres días consecutivos, tantos como las personas de la Santísima Trinidad, al pié del cruceiro y allí, despues de rezar polas almiñas, los clientes deben esperar, sentados sobre los escalones del cruceiro, el sonido de las doce campanadas de la media noche, y en aquellos lugares donde no hay reloj público, el curandero anuncia la hora mágica con una campanilla o cencerro. Un medio, considerado como infalible por estos profesionales del curanderismo supersticioso, para librar a una persona o a una familia del meigallo o mala sona que pesa sobre ellos. Después de las doce de la noche, nuevas oraciones polas almiñas y ensalmos para conjurar la enfermedad. Al final, la retirada en completo silencio*."[313]

En relación con estes rituais, que non atopamos en outros autores, temos que dicir que Sá Bravo non os sitúa en ningún lugar concreto, dando a impresión de que se realizaban en todos os cruceiros de Galicia que tiveran pousadoiro ou plataforma. O único caso ou exemplo concreto, pero que tampouco atopamos en outros autores, é a referencia que fai Sá Bravo ao *Cruceiro dos Mantidos*, situado en Caldas de Reis, do que di que é "*lugar de unas prácticas*

[311] Mariño Ferro, Xosé Ramón. *La medicina popular interpretada I*. Vigo: Edicións Xerais, 1985. Páx. 53.
[312] Sá Bravo, Hipólito. *Creencias del costumbrismo religioso en Galicia*. Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra, 1991. páx. 59.
[313] Idem, páxs. 61-62.

supersticiosas realizadas por algunos mantidos para que sea eficaz la cura de agua a la que están sometidos," [314]sen especificar o tipo de ritual.

En *Mouros, áninas, demonios*, **María del Mar Llinares** destaca que "*el camino y la encrucijada, los cruces de caminos, son lugares privilegiados de visión de la Compaña*,"[315] nome que se da a unha procesión de ánimas defuntas que volven a este mundo polo noite. A súa cabeza vai un vivo, portando unha cruz (as ánimas como non teñen corpo non poden con ela) que pode librar desta carga pasándolla a outro vivo porque senón acabará morrendo. Esta Santa Compaña, na que non se recoñece a identidade dos mortos, podería ter en principio moita relación cos cruceiros, pero non atopamos, agás un caso do que falaremos máis adiante, referencias que liguen a estes monumentos con esta procesión.

Con respecto ao demo, María del Mar Llinares di que "*se aparece, sin mayor especificación, en lugares como encrucijadas, cuevas o incluso un cruceiro*," dato este último que recolle do libro de M. Mandianes Castro "*Lourenses. Antropoloxía dunha parroquia galega*," obra na que este autor di que o demo se pasea ata unha cruz. [316]

Dentro do imaxinario popular galego, os mouros (definidos por Vicente Risco como os habitantes dos nosos monumentos antigos) os podemos atopar nos castros, vilas, mámoas, fontes, ríos, penedos, covas, minas, etc., pero non aparecen en torno a un cruceiro, destacando esta autora o feito de que "*un único caso [en Domaio] registrado habla de un cruceiro bajo el cual existe una cueva de mouros.*"[317] Outro tanto pode dicirse das mouras (seres cunhas características máis individuais fronte ao aspecto máis colectivo dos mouros) das que só se cita un caso da súa presenza ao pé dun cruceiro.[318]Tamén hai un só exemplo da "*aparición de una gallina rodeadas de su nidada [que] se considera manifestación de la presencia de un tesoro o de mouros*"[319] a carón dun cruceiro.

Di Llinares que "*las meigas actúan por todas partes. Se reúnen en las encrucijadas, incluso en los cruceiros*,"[320] se ben non cita ningunha referencia ao respecto.

Para **Carmelo Lisón Tolosana** a Santa Compaña ou Estantiga "*es la procesión nocturna de muertos que con antorchas o velas pre-llevan a hombros el féretro del que va a morir por caminos funenarios o, simplemente, van en procesión a su casa para anunciarle el tránsito*"[321] e, en base a testemuñas, distingue entre a Santa Compaña e a Estadea, estando esta última inte-

[314] Idem, páx. 29.
[315] Llinares, María del Mar. *Mouros, ánimas, demonios*. Madrid: Ediciones Akal, 1990. Páxs. 97-98.
[316] Idem, páx. 104.
[317] Idem, páx. 120.
[318] Idem, páx. 122.
[319] Idem, páx. 123.
[320] Idem, páx. 127.
[321] Lisón Tolosana, Carmelo. *La Santa Compaña. Fantasías reales. Realidades fantásticas. (Antropología cultural de Galicia IV)*. Madrid: Editorial Akal, 1998. páx. 126.

grada "*por los que andan penando*," caracterizada por no llevar luces y por apariciones menos frecuentes entre otros aspectos. Este autor recolle unha testemuña de Aldán referida á Santa Compaña na que se afirma "*que se juntan de siete parroquias e iban correr siete cruceiros e siete Cristos…, venían as compañas de siete parroquias e todas se xuntaban en un cruceiro que llaman castiñeiras, donde hay una encrucillada, é o cruceiro de castiñeiras. E alí estaban, e la xente se ofrecía a levar aceite para as almas; nos, si es caso, en una enfermedad lo hacíamos para que ellas que van allí que pidan por uno, e se pone el aceite alí con una lus por nueve días, inda se pon a lus allí… Alllí las siete compañas reunidas rezaban e se oía como un murmullo, como un murmullo de rezar*."[322]

Pola nosa parte temos que dicir que nos cruceiros que levamos visto da Terra Chá (suman máis de 450) non atopamos ningún asociado a prácticas ou rituais curativos, sendo escasísimos (só catro) os vinculados a seres do imaxinario popular (demos e trasnos) como veremos máis adiante.

Mitos e lendas

Dicía Castelao afirma que "*cada cruceiro ten a súa historia ou lenda, e de proveito sería que alguén se encargase de recollelas*."[323] Contra a opinión xeneralizada, son escasas as lendas galegas relacionadas con cruceiros. Así, na obra de **Luciano Cid Hermida**, unha das primeiras persoas en Galicia que se dedicou á recompilación de lendas tradicionais, non atopamos ningunha en relación co tema que nos ocupa.[324] Tampouco en *Las leyendas tradicionales gallegas* de **Leandro Carré Alvarellos** non se cita ningunha lenda que teña como pano de fondo un cruceiro.[325]

Di **Pedro de Frutos García** que "*en Galicia existe la crecencia de que cada cruceiro alberga un cruel pecado y que aquellos se elevan como expiación ante el Juicio Final.*"[326] A pesar desta categórica afirmación, nos dous volumes de *Leyendas gallegas* recompiladas por este autor, non se recollen relatos destas características que teña como base un cruceiro, se ben nas portadas destes dous libros figuran dous cruceiros da comarca chairega e, nun dos parágrafos do volume segundo, díse que "*los cruceiros son lugares de tradición inequívoca, encierran siempre un misterio*."[327]Como excepción só se citan anécdotas que non conforman un relato

[322] Idem, páxs. 136-137.
[323] Castelao. *As cruces de pedra na Galiza*. Páx. 106.
[324] Cid Hermida, Luciano. *Leyendas y tradiciones*. A Coruña: Andrés Martínez, editor., 1891. (Edición facsimilar a cargo da Fundación Santiago Rey Fernández Latorre, A Coruña, 2004).
[325] Carré Alvarellos, Leandro. *La leyendas tradicionales gallegas*. Madrid: Espasa-Calpe (colección Austral), 1978. (2ª Edición).
[326] Frutos García, Pedro de. *Leyendas gallegas (II). De la iniciación al mitogenismo*. Madrid: Ed. Tres, catorce, diecisiete, 1981. Páx. 145.
[327] Idem, páx. 116.

lendario. Tal é o caso do cruceiro de Conxo que levantou Ramirez de Arellano, no que a falta de espazo para reproducir o apelido deste cabaleiro da lugar a un equívoco na lectura do epígrafe, pois semella dicir que "no rueguen a Dios por el," *o que, segundo Pedro de Frutos, deu pé a que as xentes comezasen "a temer y rehuir aquel lugar, considerándolo como feudo del Diablo. Es más, llegaron a pensar que el caballero Ramírez Arellano había muerto en pecado mortal y no le quisieron dar entierro en lugar santo, por lo que su cuerpo yacía bajo aquella cruz.*"[328]

Unha segunda referencia, titulada "Castigos del cielo", recolle dúas anécdotas nas que aparece un cruceiro. Nunha delas se di que un rapaz pintou a cara do Cristo dun cruceiro, o que lle ocasionou a inchazón da man empregada para tal atentado, que non desapareceu ata que limpou de novo o rostro pétreo. A outra conta que tres rapaces durante a Guerra Civil de 1936 a emprenderon a tiros coa imaxe da Virxe dun cruceiro para probar a súa puntería. Un deles acertoulle na fronte, outro no corazón e o terceiro nun xeonllo, recibindo cada un deles un balazo no mesmo lugar no fronte de batalla.[329] Convén destacar que estas anécdotas se sitúan cronoloxicamente nun tempo relativamente próximo, en contraste con épocas moitos máis antigas nas que se desenvolven as lendas tradicionais galegas.

Só coñecemos tres lendas relacionadas con cruceiros. A primeira sitúase especialmente no castro de Troña que está en Santa Mariña de Pías, Ponteareas (Pontevedra). Tamén se coñece co nome de Monte Doce Nome de Xesús en atención á ermida que hai alí.

"*Cóntase que alí viviu unha serpe (hai unha inscultura cunha serpe rampante nun pendo) que de vez en cando baixaba e roubaba para comer bestas, ovellas e outros animais. Seica falaba coas cabras e dicíalles: -¡Dáme do teu leite que eu che darei o meu peite!*

Os veciños, para evitar aqueles roubos e por medo, acordaron turnarse e levarlle todos os días ao monte un animal. Pero logo, cansos de pagar aquelas rendas, decidiron matala da seguinte maneira.

Xuntaron moitos novelos de la, fixeron unha boa corda e colocaron un novelo groso na punta, déronllo a comer e cando a serpe picou, tiraron da corda e matárona a golpes. Enterrárona no adro da ermida e enriba puxeron un cruceiro."[330]

O segundo relato ten por protagonista o Monte Molide, situado entre as parroquias de Ancorados e Berres do concello da Estrada (Pontevedra), e un cruceiro. Dise que o cume deste monte é unha chaira chea de penedos e sen arboredo. Aquí librouse unha batalla feroz contra os mouros que, unha vez derrotados, foron soterrados alí mesmo; por iso non nace herba nin medran as árbores.

[328] Idem, páx. 145.
[329] Idem, páx. 162.
[330] «GALICIA ENCANTADA». *Enciclopedia virtual da fantasía popular de Galicia*. [http://www.galiciaencantada.com]

"*Neste monte, nun cruce de camiños, houbo en tempos un cruceiro que era sinal de tesouro. Unha vez chegou á noitiña á casa dos Besteiros de Riobó un home de Ourense pedindo pousada. Logo preguntou polo Monte Molide, e se había alí un cruceiro, e como lle dixeron que si, anunciou que ao outro día tiña que subir ao monte por un asunto importante. A muller da casa deulle a cea acompañada de abondoso viño, e logo preguntoulle polo asunto importante que o levaba ao Monte Molide; e, entre vaso e vaso de viño, sacoulle a información que buscaba: cabo do cruceiro había un tesouro.*

—Pois déitese que pola mañá xa o acompañamos ata alí— díxolle a muller. Mais en canto adormeceu, a xente da casa colleu ferramentas e foise para o monte cavar.

Cando amenceu chamaron ao forasteiro, o dono da case ofreceuse a acompañalo pero, como sabedes, ao chegar xunta o cruceiro, atoparon todo sachado e remexido.

O forasteiro arrincaba os pelos da cabeza mentres o dono da casa simulaba compadecelo. O tesouro, polo visto, xa estaba ben gardado. Outra historia sobre o cruceiro. Sendo neno Ramón Rodríguez, veciño de Berres, viu, mentres gardaba as vacas, a un home sentado nas gradas do cruceiro. Aquel home primeiro leu nuns papeis e despois mediu uns pasos en varias direccións. Aquel día o home non fixo máis pero cando o neno volveu co gando por alí uns días despois viu que cabo do cruceiro remexeran a terra e entre a terra remexida atopou unha moeda de ouro. E aínda outra lenda. Outra vez regresou de América, de Arxentina, un veciño. Nada máis chegar colleu pico, pa e sacha e foise para o cruceiro do Monte Molide. Sachou coma un tolo pero non atopou nada. Coa rabia, dixéranlle que alí había un tesouro, comezou a petar no cruceiro e esfarelouno todo: gradas, pedestal, capitel, cruz e cando lle tocou ao fuste ou columna, que estaba oco, comezaron a saír onzas de ouro. Xosé Neira, veciño de Mamoela, lembra ter visto na casa onde naceu anacos daquela columna oca cun burato dun diámetro suficiente para encaixar o mango dunha ferramenta."[331]

A terceira xira en torno ao cruceiro de Santeles, na parroquia de Santa María de Aguións, concello da Estrada. Di a lenda que debaixo deste cruceiro hai unha trabe de ouro e outra de alcatrán ou de xofre. Ninguén se atreve a remexer na busca da trabe de ouro porque se aparecen primeiro calquera das as outras dúas pode morrer queimado.

Polo que respecta á Terra Chá, só en catro cruceiros desta comarca atopamos unha relación directa co imaxinario popular. Así, na parroquia vilalbesa de Corbelle, manifestáronnos que o cruceiro da Rula do Foxo alí existente e que data do ano 1891, púxose neste lugar para es-

[331] «GALICIA ENCANTADA». *Enciclopedia virtual da fantasía popular de Galicia*. [http://www.galiciaencantada.com]

correntar ao demo que se lle apareceu a unha veciña do lugar. Esta perdera un carneiro e cando o atopou levouno para a casa ao lombo. Cansada de cargar don el, decidiu pousalo para coller folgos e, mentres o baixaba, este faloulle e díxolle: "*pousame a modiño e non me rompas o meu caralliño," e dito isto desapareceu.*[332]

Tamén para escorrentar ao trasno[333] e santificar o lugar no que se apareceu, levantouse o cruceiro do Rego Cavado, sinxela construción que aínda se pode ver en Montouto (Abadín). Nesta mesma parroquia está tamén o cruceiro denominado da Arca ou de Don Lucas, situado case nos lindes entre Montouto e Labrada, asociado a meigas e a unha ola con ouro enterrada nas súas inmediacións. [334]

Segundo testemuño dun veciño da parroquia de Cazás (Xermade) ao cruceiro do Covillón viña hai anos a Santa Compaña. O noso informante non queixo ser máis explícito, pero de todos os cruceiros chairegos que levamos visto, este é o único que atopamos relacionado con esta procesión de ánimas.

Como conclusión podemos afirmar que se ben hai moitas lendas asociadas a castros, covas, ermidas, santuarios, fontes, etc., apenas atopamos lendas, agás as dúas citadas, relacionadas con cruceiros. Non queremos entrar aquí a analizar en profundidade, o deixamos para unha mellor ocasión, as causas desta ausencia dos cruceiros no gran corpo de lendas galegas, pero si queremos deixar constancia deste feito que contrasta notablemente coa abundante presenza deste monumento na literatura galega do século XIX e comezos do XX, sobre todo na poesía.

Os cruceiros chairegos e a morte

Son numerosos os cruceiros chairegos relacionados cunha morte. En Abadín, por exemplo, están os cruceiros de Gómez, posto no lugar en que morreu unha muller desta familia, e o do Xoán, situado á beira do antigo camiño real de Montouto a Mondoñedo e que está asociado coa morte dunha muller que morreu envelenada por motivos amorosos.

En Xermade, o cruceiro das Ferrerías, na parroquia de Piñeiro, levantouse no lugar no que un home matou a unha muller, condenándose ao culpable a poñer esta obra na súa memoria.

[332] Arribas Arias, Fernando; Blanco Prado, José Manuel e Saavedra Pérez, Mario. *Cruceiros do concello de Vilalba*. Vilalba: Instituto de Estudios Chairegos, 2012. páx. 150

[333] "Se trata dun ser que transforma el orden doméstico, que engaña al caminante, pero que no parece que produzca grandes daños en el alma del humano que se topa con el, a pesar de que en muchas ocasiones el nombre que recibe este ser es el de demonio. Sin embargo, hay elementoss que llevan a pensar que se trata de una demonificación superficial." Véxase: Llinares, María del Mar. *Mouros, ánimas, demonios*. Madrid: Ediciones Akal, 1990. Páx. 106.

[334] Arribas Arias, Fernando; Blanco Prado, José Manuel e Saavedra Pérez, Mario. *Cruceiros, cristos, cruces e esmoleiros de Abadín*. Sada (A Coruña): Edicíós do Castro, 2007, páxs. 348 e 354.

Estaríamos pois diante dun cruceiro redentor dun pecado mortal.

En Vilalba son tamén abundantes os cruceiros relacionados cun caso de morte, xa que neste concello temos contabilizado oito exemplos. Así, o situado nas inmediacións da ponte da Florida, realizado no ano 1867, púxose porque neste lugar morreu afogada unha persoa. Tamén o cruceiro do Migueliño está relacionado cun afogamento. Onde está emprazado había antigamente unhas pedreiras con pozas de auga e, nunha delas, morreu Carmen Verdes González, de 42 anos, o 29 de marzo de 1942. O seu home, Manuel Portela Expósito, mandou facer esta obra na súa memoria.

O cruceiro do Pico, que se atopa nun outeiro da do monte da parroquia de Belesar, levantouse no lugar no que unha chispa matou a Alejandra Rodríguez, viúva de José do Chao, que andaba coidando o gando. O suceso aconteceu alá polo ano 1866.

Parece ser que o cruceiro da Pardisca, obra cunha forma pouco habitual, está relacionado cun suicidio. A morte accidental dun crego vai asociada á construción do cruceiro do adro da igrexa de Corbelle, se ben temos que dicir que a súa situación actual non é a orixinal. Tamén desta parroquia é o cruceiro das Galana, situado no lugar no que hai anos un lobo matou a un home.

A traxedia que supuxo a morte dun neno, motivou que os seus desconsolados pais levantaran o cruceiro de Rodas no mesmo sitio do óbito. Historia semellante, pero neste caso dun home, é a que está detrás do cruceiro de Fraga, da parroquia de Sancovade, así como tamén do cruceiro de Xirómeno (Corbelle-A Pastoriza).

Cruceiros "in memoriam"

Como acabamos de ver, varios cruceiros da comarca chairega foron levantados no lugar en que morreu unha persoa de forma tráxica. Non obstante, atopamos tamén outros cruceiros que se puxeron en memoria dunha persoa falecida, sen que exista relación algunha entre a causa do óbito e o seu emprazamento, xa que se trata de construcións que só pretenden homenaxear ou recordar ao finado. Tal é o caso do cruceiro da Pedrosa (Vilarente-Abadín) que os pais de Jaime Iglesia Alvariño erixiron en 1940 en memoria deste fillo, sarxento de infantería, morto en xaneiro de 1938 na fronte de Teruel.

En Irixoa (Muras) o cruceiro do Xuncal, do ano 1988, está dedicado á memoria de Francisco Gómez Pernas. Outro tanto acontece co cruceiro da Portela (Árbol-Vilalba) posto en 1951 en memoria de Estrella Pico (que toleou e despois se suicidou) polo seu home e polo seu fillo. No caso do cruceiro do Pombeiro (Carballido-Vilalba) foi a viúva a que mandou facer este monumento en lembranza do seu home Aquilino.

Emotiva resulta a historia do cruceiro de Abelaira (Román-Vilalba) construído coas súas propias mans por José María Aguiar en 1990 en memoria do seu xenro, falecido anos antes.

O cruceiro do Pontigo (A Pastoriza) mandouno poñer Cándido Becerra na honra da súa irmá Xosefa, morta a carón dun regato próximo ao cruceiro.

En Xermade, o cruceiro da Casa de Pascualiñas (Burgás) púxose en memoria dun crego chamado Pascual Prieto Martínez. Moi penosa tivo que ser para os pais de Nieves Ares Bouza a perda desta filla o 7 de xuño de 1948, cando só contaba con 22 anos de idade, para que mandaran levantar na súa memoria o cruceiro denominado das Barreiras, situado na parroquia de Roupar.

Parada de enterros

Polo que respecta ao ritual mortuorio en Galicia, Carmelo Lisón Tolosana destaca que "la parada responsorial obligatoria en todo el recorrido tiene lugar en las encrucijadas, presididas antaño y sacralizadas por una cruz o cruceiro de madera o piedra."[335]

Son moi abundantes os cruceiros chairegos nos que era costume que diante deles pararan os enterros, co obxecto de rezar un responso polo defunto. Normalmente estes cruceiros, aos que tamén hai que sumar un bo número de cruces e cristos, están situados á beira dos camiños que levan á igrexa parroquial. Como antigamente os cadaleitos eran levados a ombros polos familiares, amigos ou veciños dende a casa do falecido ata a igrexa e o cemiterio, non faltaron informantes que nos manifestaron que estas paradas diante dos cruceiros, ademais de servir para rezar, supoñían un "descanso" para os portadores do cadaleito. Esta costume, hoxe perdida en gran parte, témola rexistrada en numerosos cruceiros da Terra Chá, sendo os concellos de Vilalba e Xermade onde se atopa o maior número.

Ofrendas de diverso tipo

Diversos cruceiros da Terra Chá son aínda obxecto de ofrendas de diferente tipo por parte dos devotos. Así, ao pé do cruceiro de Prim (Castromaior-Abadín) o día de San Xoán depositan-se ramos de flores. Outro tanto acontece no cruceiro de Vilar de Nuño (A Graña-Abadín), pero neste caso é no día de defuntos.

En Vilalba, esta práctica atopámola no cruceiro da Ponte Rodríguez, situado á beira do Camiño Norte de Santiago, se ben neste caso as ofrendas consisten tamén en moedas e peque-

[335] Lisón Tolosana, Carmelo. *De la estación del amor al diálogo con la muerte (en la Galicia profunda)*. Madrid: Ediciones Akal, 2008. páx. 141.

nas pedras. Tamén se depositan pedras no cruceiro de Fontoira que, como no caso anterior, está á beira da devandita ruta xacobea.

Antes de ser "privatizado," xa que antigamente estaba situado a carón dun camiño, no cruceiro de Gunxar (Santaballa) non hai moito tempo se poñían flores. Non obstante, o cruceiro vilalbés que destaca pola profusión ornamental a base de flores da que é obxecto é o do Catro Camiños ou da Garroa, obra do ano 1874, feito que acontece cada primeiro de maio con motivo dunha festa da que falaremos máis adiante.

En Xermade, atopamos ofrendas florais nos cruceiros do Revellón (Cabreiros) e do cemiterio do Pazo (Lousada).

No curioso e orixinal cruceiro de O Fiouco (A Pastoriza), situado nos lindes entre este concello e o de Mondoñedo, as ofrendas consisten, ademais das flores, en moedas e candeas. Tamén os romeiros devotos que ían ao santuario de San Cosme, deixaban moedas ao pé do cruceiro de Pirís (Lagoa-A Pastoriza), xa que temos que constatar que ningún cruceiro chairego conta con esmoleiro incorporado como sucede noutras zonas de Galicia.

Procesións

Ata un bo número de cruceiros chairegos chegan as procesións que, partindo dunha igrexa, capela ou santuario próximo, teñen o cruceiro como punto final, onde dan a volta para regresar ao templo. Tal é o caso do cruceiro de Penarredonda (Belesar-Vilalba) no que da a volta a procesión da romaría que o derradeiro domingo de setembro ten lugar en honor do Santo Anxo da Garda. Igual ritual realízase en torno ao cruceiro da capela de San Ramón (Ínsua-Vilalba), se ben neste caso a romaría celébrase o 31 de agosto.

No cruceiro da capela de Santiago (Santaballa-Vilalba), un dos poucos que coñecemos coa imaxe do Apóstolo flanqueando a Cristo, agás os construídos en época oxival, a procesión é como é lóxico o 25 de xullo.

A escasa distancia da capela da Ascensión (Tardade-Vilalba) está un esvelto cruceiro que o día da festividade desta virxe, ademais de adornarse con flores, serve como límite para a procesión que se organiza despois da misa solemne. Cómpre salientar que nas proximidades deste cruceiro, existe unha fonte á que se lle atribúen propiedades curativas as súas augas.

Cada 15 de agosto celébrase a festa da parroquia de Torre (Vilalba) cunha procesión que retorna á igrexa despois de dar a volta ao redor do cruceiro situado preto do adro.

En Xermade, concretamente na parroquia de Cazás, atópase a ermida da Pastora na que se celebran dúas festividades: o San Xoán (24 de xuño) e a da Virxe da Pastora (segundo domingo de outono). Nas dúas sae unha procesión ata o cruceiro que existe nas proximidades desta ermida. Curiosa era a procesión que ata non hai moito tempo ía dende a capela de San Antón ata o cruceiro denominado do Campo da Feira, na parroquia de Momán, xa que a ela se levaban as vacas. Perdida está tamén a que o día de San Roque se realizaba dende a capela deste santo ata o cruceiro da Torre (Roupar).

Dende a ermida ata o cruceiro de Xestoselo (Buríz-Guitiriz) dirixíase a procesión que se organizaba con motivo da festividade da Nosa Señora de Lourdes despois da misa solemne. Perdida está tamén a que tiña lugar o 7 de agosto, día da Inmaculada Concepción, en torno ao cruceiro do Pazo (San Xoán de Lagostelle-Guitiriz). Pola contra, aínda permanece viva a que cada domingo e luns de Pascua, con motivo da Virxe dos Desamparados, sae da igrexa dos Vilares (Guitiriz) ata o calvario desta parroquia, dun dos máis antigos desta comarca.

Dende a igrexa ata o calvario de Begonte era o percorrido que realizaba a procesión que, en honor da Virxe do Rosario, se celebraba cada 11 de setembro. Igual percorrido facíase o 9 de setembro, festa da Virxe da Natividade, en torno ao cruceiro de Guimarás (Cerdeiras-Begonte) e, o día de San Andrés (30 de novembro) no cruceiro de Bazarroso Vello (Gaibor-Begonte).

Festas e romarías

Como acabamos de ver, algúns dos cruceiros chairegos serven de límite a diversas procesións, procesións na maioría dos casos ligadas a festas parroquias. Moitas destas festas teñen lugar nas inmediacións dun cruceiro como, por exemplo, a que se celebra no santuario dos Remedios (Codesido-Vilalba) o 15 de setembro. Outro tanto acontece co xa citado cruceiro da capela de San Roque (Ínsua-Vilalba) cada 31 de agosto, ou co da igrexa de Nete (Vilalba) onde o 27 de agosto, día de San Cosme, ten lugar unha festa na honra deste santo.

Na capela do Pardo (Román-Vilalba) a celebración festiva é o 24 de xuño, día de San Xoán. Tamén neste concello especialmente importante é a que ten por protagonista ao cruceiro da Garrou ou de Catro Camiños o 1º de maio. O motivo desta festa, de non moita antigüidade, é a vitoria dos veciños do barrio no que se sitúa o cruceiro, que conseguiron que non fora trasladado a unha propiedade particular. Durante esta xornada, este cruceiro é profusamente ornamentado con flores.

En Xermade, en torno ao cruceiro da Touza (Cabreiros) celebrábase hai anos a festividade de Santiago, costume hoxe perdida.

Agradecementos, curacións e rogativas

Na Terra Chá non temos constancia de cruceiros levantados en sinal de agradecemento por algún favor recibido. Como excepción podemos citar o cruceiro do Pazo da Cernada II, situado na parroquia de A Graña (Abadín). Mandouno facer María Sánchez en 1894, segundo reza na inscrición que figura na súa base, pero, por referencias orais, sabemos que esta tal María era caseira deste pazo e que o puxo en agradecemento pola curación do seu fillo José Castro, nome que tamén figura no devandito epígrafe.

Do cruceiro de Mercador (Árbol-Vilalba) obra do ano 1904, dise que ten poderes milagreiros, se ben non coñecemos ningún caso no que se obrara tal poder. Do que si temos constancia é das rogativas que se facían ao pé do cruceiro da igrexa de Mourence (Vilalba) para pedir bo tempo.

Marcos de límites territoriais

A diferenza dos existentes noutras comunidades do Estado Español, os cruceiros galegos non teñen como función primordial sinalar límites de propiedades ou de territorios, tal como acontece coas cruces de término. Non obstante, na Terra Chá atopamos algún que outro exemplo de cruceiros que fan linde entre parroquias e concellos, se ben en ningún caso aparecen como marco de propiedades privadas ou comunais. Como mostra podemos citas o cruceiro da Loba, situado na liña divisoria entre Guitiriz e Monfero, cruceiro que, neste caso, tamén deslinda dúas provincias: a de Lugo e a da Coruña. Outro exemplo atopámolo no cruceiro de Freán, levantado a escasos metros do lindeiro entre as parroquias de Codesido (Vilalba) e Cazás (Xermade).

Especialmente chamativo resulta o cruceiro do Fiouco, entre A Pastoriza e Mondoñedo, colocado neste preciso lugar no ano 1891 por dous amigos: Manuel Docampo e Antonio Ledo, o primeiro da parroquia de San Bartolomeu de Cadavedo (A Pastoriza) e o segundo de San Pedro de Argomoso (Mondoñedo).

Lugar de encontro

Unha función allea ao carácter relixioso dos cruceiros, pero presente en moitos dos existentes na Terra Chá, era a de servir de punto de encontro ou lugar de xuntanza dos veciños da parroquia. Coidamos que esta función podería ter explicación, entre outros, en dous feitos. O primeiro viría dado pola situación do propio monumento, pois unha boa parte dos cruceiros están á beira dos cami-

ños, nas encrucilladas ou nos adros das igrexas, lugares. Ademais, as gradas da plataforma servirían tamén de asento para descansar, función moi agradecida polos camiñantes e peregrinos.

Este emprego do cruceiro como punto referencial témola constatado no cruceiro da Barra (Oleiros-Vilalba) e no do Fiouco (A Pastoriza) entre outros.

Elemento de sinalización

Xunto coa anteriormente citada, a función sinalizadora dos cruceiros é tamén allea ao seu carácter relixioso. Atopámola fundamentalmente en cruceiros situados á beira de camiños de peregrinación, principalmente da ruta Xacobea, concretamente en puntos conflitivos como podían ser as encrucilladas, onde este monumento relixioso debía quedar sempre á dereita da vía principal para poder tocalo coa man destra e persignarse diante del.

Lugares de enterramento

Por referencias de diversos informantes, sabemos que ao pé de moitos cruceiros chairegos se enterraban fetos ou meniños que morrían antes de ser bautizados. Descoñecemos cando comezou este costume en Galicia, pero, no caso dos cruceiros da zona que nos ocupa, podemos afirmar que xa era habitual dende mediados do século XIX.

No século XV, o papa Martín V promulga unha "Extravagante" (denominación que se aplica a algunhas decretais papais non contidas noutras coleccións canónicas) pola que se prohibe sepultar en sagrado os abortos e os nacidos que morrían sen bautizar. Por sagrado entendíase a igrexa (antigamente era costume enterrar dentro dos templos) ou o cemiterio que, normalmente, circundaba o adro parroquial. A parte da igrexa (tamén ermida, capela ou santuario) e o cemiterio, o lugar máis sagrado para os galegos era a contorna dun cruceiro ou dunha cruz, pois xa comentamos que este símbolo contribuía a cristianizar ou sacralizar o espazo onde se atopaba. Este feito vai orixinar que, a raíz da devandita prohibición, estes espazos comecen a empregarse como lugares de enterramento daqueles seres que non podían ser sepultados nos recintos tradicionais. Esta práctica facíase de noite, ás agachadas, co obxecto de evitar a "Pauliña", carta de excomuñón dada no século XVI polo papa Paulo III contra os que vulneraran a "Extravagante."

Cómpre dicir que algúns cruceiros e cruces presentan gravadas pequenas cruces ou outros símbolos (incluso iniciais) nas bases ou nos chanzos das plataformas, motivos que delatan a

existencia destes enterramentos nas súas proximidades porque, como é obvio, non se podía poñer unha lápida como se facía nas sepulturas.

Para Clodio González Pérez, "*o ser cemiterio dos non bautizados foi un factor que influíu considerablemente no respecto dos cruceiros, porque dada a enorme mortalidade infantil de antes, raras eran as familias que non tiñan enterrado así algún fillo, merecendo o lugar para eles a mesma consideración que o camposanto, ou, quizais, para algúns aínda máis, xa que os que descansaban nunca poderían acceder á gloria eterna, segundo a doutrina oficial da Igrexa.*"[336]

Cruceiros xubilares

Temos que subliñar a ausencia de cruceiros xubilares, é dicir, aqueles levantados con motivo do cambio de século ou dun Ano Santo, na Terra Chá. Moi frecuentes noutras zonas de Galicia, na provincia de Lugo só temos referencia da cruz existente en Penapombeira (Pantón), normalmente teñen un carácter monumental e atópanse en lugares elevados para poder ser vistas dende lonxe.[337]

Conclusións

Os cruceiros como medio para cristianizar lugares pagáns.

Hai a crenza xeneralizada de que os cruceiros gardan relación coa cristianización de lugares considerados ou vinculados a cultos pagáns. Pola nosa parte non negamos que en algún momento se puxera algún cruceiro ou cruz para "cristianizar" algún destes lugares, pero si negamos que o desenvolvemento masivo destes monumentos, a súa construción intensiva a partir do século XVI, tivera como obxecto a "cristianización" dos lugares considerados como pagáns ou vinculados a cultos anteriores ao cristianismo. A función dos cruceiros desta época era outra e está relacionada coa alma, co Purgatorio, e, xa que logo, coas indulxencias.

Tamén se ten dito que como as encrucilladas son lugares maléficos, asociados ao demo e onde as súas servas (as meigas) celebran os seus ritos. A este respecto di Mariño Ferro que "*la encrucijada es satánica porque es una cruz, pero unha cruz en la tierra, es decir en el elemento impuro en el que Satán habita.*"[338] Tamén nas encrucilladas se sitúan, non moitos, algúns dos seres do imaxinario popular galego como poden ser os mouros, etc. Na nosa opinión os crucei-

[336] González Pérez, Clodio. *Os cruceiros*. A Coruña: Cadernos Museo do Pobo Galego, 12. 2002. páx. 101.
[337] Fernández de la Cigoña, Estanislao. *Cruces e cruceiros xubilares de Galicia*. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2002.
[338] Mariño Ferro, Xosé Ramón. *Satán, sus siervos los brujos y l religión del mal*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1984, páx. 151.

ros non se colocaban nas encrucilladas para combater ao maligno ou a eses seres míticos, senón porque eran os lugares, xunto cos camiños e os adros das igrexas, por onde pasaba máis xente, o que implicaba necesariamente máis oracións para quen mandou poñer o cruceiro e, ao mesmo tempo, polo que rezaba, xa que as indulxencias afectaban aos dous. Nas encrucilladas, camiños (sobre todo os de misa) e adros de igrexas, antigamente lugares de paso obrigado, os cruceiros acadan a súa máxima función, ao converterse nun elemento no que confluían os intereses de salvación e redención do doante ou doantes e os camiñantes.

Se fora para cristianizar lugares asociados a antigos cultos pagáns, ao demo ou a seres do imaxinario popular galego, tería que haber cruceiros á beira de cada río, de cada ponte, de cada cova, de cada penedo, de cada fonte, de cada castro, de cada mámoa, etc. e, sobre todo, en cada encrucillada, especialmente nos trivios, considerados coma o tipo de encrucillada máis perigosa.

Neste aspecto, se os cruceiros se empregaran para cristianizar lugares pagáns, cabe preguntarse por qué hai tantos cruceiros nos adros das igrexas e a carón de ermidas e santuarios?

Negamos que os cruceiros se levantaran nas encrucilladas e á beira dos camiños como un elemento cristianizador. No período en que xorden os cruceiros, estamos a falar do século XIV, non era tempo de herexías e o cristianismo xa estaba plenamente consolidado. É máis, coidamos que as cruceiros do Levante, as chamadas cruces de término, son máis ben un símbolo do poder cristián triunfante fronte aos vencedores musulmáns, un símbolo que colocado á entrada ou saída das poboacións, vailles lembrar a humillación da súa derrota.

A función dos cruceiros no contexto cristián.

Despois do que levamos dito, e recoñecendo de antemán que as nosas conclusións poden suscitar algunha polémica por ir en contra do que por regra xeral se da como por suposto, constatamos a ausencia –agás os contados casos citados- de rituais curativos na medicina popular en torno aos cruceiros. Coidamos que isto se debe a que estes rituais están encamiñados a curar as doenzas do corpo, a salvar o corpo, mentres que os cruceiros se levantaron para salvar a alma, para "curar" as súas "doenzas" no Purgatorio, sendo esta a súa principal función.

Relacionado o cruceiro con outras prácticas relixiosas propias do cristianismo, constatamos as seguintes características nestes monumentos:

O cruceiro sacraliza un espazo (encrucillada, camiño, outeiro, etc.), pero polo valor da propia cruz, non porque o espazo precise que o cristianicen. A súa colocación nese espazo pode obedecer a razóns diversas (xeralmente por causa dunha morte, como no caso do cruceiro de

Ferreirías en Xermade), sen que entre elas a contorna teña un valor apriorístico.

Os cruceiros non teñen a categoría dunha igrexa ou dun santuario e atópanse vinculados a estes templos a través das procesións que, partindo destes lugares, chegan ata o cruceiro onde dan a volta. Neste senso o cruceiro é máis ben un punto de referencia, aínda que tamén relixioso.

Constatamos que non hai romarías asociadas a cruceiros (si procesións como acabamos de dicir) como de feito as hai a santuarios ou ermidas.

Tampouco os cruceiros son monumentos relixiosos nos que pedir grazas ou favores, así como tampouco para cumprir votos.

Os cruceiros non se consideran elementos milagreiros a pesar da súa sacralidade, o que explica a ausencia de exvotos nos mesmos. Se ben neles hai candeas, flores e esmolas, estas ofrendas gardan relación cos mortos ou coas almas do Purgatorio, sen obedecer a outro tipo de motivacións ou cultos, nin tan sequera ás imaxes que neles figuran. Son, xa que logo, monumentos asociados á devoción ás ánimas dos defuntos ou dos meniños enterrados a seu carón. Se ben podemos citar algún exemplo, como o caso do cruceiro do Pazo da Cernada I de Abadín, vinculado á curación dun enfermo, o normal é que non se rexistren cruceiros "milagreiros."

Tamén constatamos que non existen cruceiros con reliquias ou asociados á devoción dun determinado santo.

Tampouco hai peregrinacións específicas a cruceiros, nin "ofrecidos" a este tipo de monumentos.

Si funcionan como un elemento de penitencia, pero non por peregrinar ata el, senón por construílo como medio de redimir un pecado. Tal é o caso do xa citado cruceiro das Ferreirías en Xermade, levantado polo responsable da morte dunha muller neste lugar.

Si constatamos a presenza de cruceiros, incluso con amilladoiros, á beira dos camiños de peregrinación a Compostela ou nos camiños a importantes Santuarios. Neste caso os cruceiros funcionan como elementos de orientación e de protección do camiñante contra os perigos do camiño.

Cómpre salientar que cando hai un cruceiro xunto a un santuario, o importante é o santuario. Así, no caso do santuario de Saavedra, no concello de Begonte, ademais do templo existe nas súas inmediacións un interesante cruceiro de tipo Carboeira do século XIX. Non obstante, o día dos Milagres da Virxe desta parroquia, que cada ano ten lugar o 24 de maio, na romaría que se organiza a este santuario, así como nas actividades festivas e relixiosas, o cruceiro non ten ningún papel relevante. Nalgúns casos, como xa dixemos anteriormente, pode celebrarse algunha procesión o día da festa maior que ten como punto de retorno un cruceiro, elemento que queda reducido a un simple punto referencial. Non obstante, noutros puntos de Galicia,

temos referencia da existencia de misas de campaña en días sinalados diante de cruceiros con pousadoiro exento, práctica que non puidemos constatar en cruceiros chairegos das mesmas características coma o cruceiro de Trasparga en Guitiriz.

Se ben hai santuarios indicados para diversos tipo de doenzas, non atopamos cruceiros que tanto a nivel popular coma da igrexa oficial, sexan avogosos especificamente contra determinadas enfermidades. Tampouco localizamos cruceiros contra o trono, o vento, a seca, etc., males que tanto preocupan o home do mundo rural, aínda que si sabemos de cruceiros levantados con motivo dunha morte provocada por unha chispa como, por exemplo, o cruceiro do Pico (Belesar-Vilalba), posto polo ano 1866 no lugar no que morreu por esta causa a viúva Alejandra Rodríguez, así como outros ligados a mortes accidentais.

Non atopamos rituais ou costumes cristiás exclusivos dos cruceiros. Nin tan sequera durante a Semana Santa se tapan as imaxes dos cruceiros, como acontece coas existentes nos retablos das igrexas parroquiais.

En conclusión, podemos afirmar que o cruceiro non ten vínculos coa tradición e co popular, xa que se trata dun monumento propiciado pola xerarquía eclesiástica, pero non nacido dunha necesidade popular, e custeado por un estrato social con recursos e agoniado pola salvación da súa alma.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Capítulo VIII
Os cruceiros na pintura galega. Algúns exemplos notables

No panorama da plástica galega do século XIX debería ocupar un lugar destacado a figura de **RAMÓN ANTONIO GIL REY** (Santiago, 1818 – Madrid, 1844) malogrado artista morto á prematura idade de 26 anos. Quizais por iso e por desenvolver gran parte do seu traballo na capital da corte,[339] a súa obra realizada en Galicia e de temática galega non foi aínda suficientemente estudada e valorada. Entre os escasos traballos sobre a figura de Gil Rey, un dos primeiros litógrafos en aplicar esta técnica en España, destaca o de Filgueira Valverde,[340] que divide a súa produción en dúas etapas: a galega e a madrileña. O primeiro grupo, integrado por debuxos, augadas e litografías, "*es un conjunto netamente romántico, pintoresco, con preocupación por la naturaleza y por el arte*" coas que Galicia "*pasa a ser una tierra pictórica, perfilada y fijada para la contemplación, una Galicia objeto artístico*."[341]

Dentro deste grupo destacamos un conxunto de 16 debuxos[342] a pluma e dúas augatintas que, actualmente, se atopan no Museo de Pontevedra e que no seu día pertenceron á D. José Casal y Lois. Reproducen diversas paisaxe e monumentos de Galicia (ponte de Cruzul, catedral de Lugo dende a muralla, San Xoán da Cova, etc.) pero centrándonos no tema que nos atinxe, ocuparémonos de dúas destas obras. A primeira, titulada ***En Caldas de Reyes***, non asinada e sen numeración, reproduce a ponte vella sobre o Bermaña co seu cruceiro, a torre de Dª Urraca e varias casas anexas, conxunto arquitectónico de notable valor histórico e de gran beleza artística que aínda hoxe se conserva.



A segunda, ***Frente a Vigo***, amosa o outeiro da Guía coa ermida e un cruceiro ao seu carón. A importancia destas obras, ademais doutras consideracións, está en que, probablemente, son os primeiros de-

[339] Gil Rey chega a Madrid en 1839 e ao ano seguinte incresa na Real Academia de Belas Artes de San Fernando. Profesor de paisaxe no Liceo Artístico e Literario, axiña converteuse nun pintor de moda realizando retratos aos máis ilustres personaxes da época.

[340] Filgueira Valverde, Xosé Fernando. "Apuntos de un viaje por Galicia de Ramón Gil Rey (1842)", en *El Museo de Pontevedra*, tomo IV, 1946, páx. 106.

[341] Filgueira Valverde, Xosé Fernando. Idem, páx. 106

[342] Trátase dunha serie incompleta. *"Los dibujos a pluma tienen tamaño y características uniformes: están trazados en cuartillas de papel de hilo, de unos 21 x 14,5 cm, usando tinta corriente, que amarilleó mucho. No todos están numerados y los números corresponden a dos ordenaciones distintas: unos van en la esquina izquierda del lado mayor de la cuartilla, otros al pié de las propias composiciones. Casi todos tienen título, pero sólo dos aparecen firmados: un boceto al aguatinta y uno de los dibujos a pluma. El boceto, sin fecha, ha de datarse con anterioridad al año 1838 en que, acabado, se publicón en el Semanario Instructivo; para los dibujos, el único fechado da el año de 1842."* Filgueira Valverde, José Fernando, idem, páx. 107.

buxos de cruceiros existentes na plástica galega, xa que foron realizados a finais dos anos trinta ou comezos dos corenta do século XIX. Neles, Gil Rey, o "*descubridor de la Galicia romántica*" como o define Filgueira Valverde, nos amosa unhas paraxes nas que non poden faltar os elementos típicos do romanticismo: lugares bucólicos, agrestes, ruínas, etc., nos que a presenza de monumentos antigos ocupa un lugar destacado. Estes dous debuxos, ademais dunha fiel reprodución da realidade realizada con espírito notarial, descobren uns ángulos marcados pola carga do pasado. Aquí os cruceiros, ao igual que as construcións representadas, son vistos como algo antigo dentro do conxunto monumental do que forman parte. Non observamos neles un valor individualizado, pero si como un elemento destacado dun conxunto histórico que é o que lle importa ao autor.

Ata o momento das nosas investigacións, podemos dicir que ***Paisaxe de Sigrás*** (1849)[343] e ***Ermida e cruceiro galego*** (1849) son os dous primeiros óleos da nosa plástica nos que se representa un cruceiro. Trátase dúas obras de **JENARO PÉREZ VILLAMIL** (1807 - 1854), artista que lle vai dar un novo pulo á pintura galega daquela época. Nado en Ferrol, foi pioneiro no descubrimento da nosa paisaxe e dos nosos monumentos e, en certa medida, dos nosos costumes.[344] Despois dalgún tempo no exército no bando liberal, Villamil dedícase por enteiro á pintura e ao debuxo, sendo moi fecundo na súa produción. Amigo de pintores como David Roberts (co que viaxará durante algún tempo por España e que influirá decisivamente na súa obra) ou Esquivel, e de escritores como Zorrilla ou Mesonero Romanos, Villamil foi un pintor de sona no seu tempo e obxecto de numerosas distincións. Viaxeiro infatigable, a súa obra paisaxística caracterízase por un pintoresquismo arqueolóxico e a recuperación do medieval. Froito de algunhas das súas viaxes é *España artística e monumental* (1842-1844), álbum de litografías con textos de Patricio de la Escosura. Considerado un dos mellores paisaxistas do romanticismo, este ferrolán non concibe os monumentos en soidade, senón que lles incorpora personaxes para darlle vida e movemento á obra. Esta característica a atopamos en ***Paisaxe de Sigrás***, óleo pintado sobre cobre e realizado en xullo de 1849 durante a súa primeira viaxe a Galicia[345], obra que nos amosa unha romaría celebrada nesta parroquia do concello coruñés de Cambre. Nela, o cruceiro ocupa o centro da composición, se ben o primeiro plano da mesma está dominado

[343] Esta obra aparece tamén citada cos títulos de *Cela de Cambre-Sigrás*. Cómpre dicir que existe unha acuarela, tamén de Villamil, co mesmo nome.

[344] Antes de Villamil só podemos citar como autores de debuxos das nosas vilas e monumentos ao veneciano Pier María Baldi (que en 1669 acompaña aCosme de Médicis na súa viaxe de peregrinación a Compostela) e o xa citado Gil Rey.

[345] A Galicia chega en xaneiro de 1849 e regresa a ela no verán, período no que percorre fundamentalmente as provincias de A Coruña e Pontevedra para trasladarse no outono a Valencia. Durante os meses de agosto, setembro e outubro do seguinte ano, realizará outro percorrido artístico por Galicia, Asturias e León. Volve por uítima vez á Coruña en 1851.



por unha frondosa árbore mentres que a igrexa serve de pano de fondo, todo elo enmarcado por unha paisaxe idealizada, pois Villamil era un pintor romántico moi dado a plasmar nas súas obras paisaxes fantasiosas.

Para nós, a importancia destes obras, obviando claro está o seu valor artístico, radica en que son os primeiros óleos que coñecemos nos que un cruceiro forma parte da composición. No caso de ***Paisaxe de Sigrás***, o feito de incluír na paisaxe un cruceiro de difícil identificación (non se asemella aos existentes nas parroquias de Cambre, Cela ou Sigrás) resulta revelador da importancia que lle outorga Villamil a estes monumentos. Ademais, a romaría que se desenvolve ao redor do cruceiro nos amosa o que foi unha práctica habitual e que constitúe un dos seus aspectos folclóricos máis salientables. Polo que respecta a ***Ermida e cruceiro galego***, chama a atención que xa no título se faga mención (coidamos que por primeira vez) a este tipo de manifestacións da nosa arte popular, así como a simbiose entre estes dous tipos de construcións relixiosas: a ermida e o cruceiro.

Por último queremos facer referencia a outra obra de Villamil na que aparece un cruceiro. Trátase dun debuxo a lapis sobre papel que leva por título ***Cruceiro de Lema e capela de D. Sancho,*** na que o cruceiro está realizado con moito máis realismo e detalle, moi na liña do debuxo arqueolóxico decimonónico, e supoñemos que este cruceiro garda relación co notario Antonio Pérez Lema.[346]

No que respecta ao gravado, merecen especial atención un conxunto de obras realizadas con esta técnica e que teñen de protagonista á igrexa de coruñesa de Santa María do Campo e o cruceiro que se atopa diante dela. O máis antigo que coñecemos data do ano 1858 e trátase dunha litografía realizada por J. Villegas. O segundo, de 1865, é unha xilografía de Thomas Orlando Sheldon Jawitt sobre un debuxo de George Edmund Street.

A terceira, tamén xilografía e do mesmo ano, se debe a Manuel Ricord sobre un debuxo de Fernando Miranda, mentres que a última xilografía, publicada en "*La Ilustración Gallega y Asturiana*" en 1879, foi gravada por Eugenio Vela a partir dun debuxo de José Cuevas.[347]

[346] Outro debuxo de Villamil, realizado en 1850, leva por título *Casa del notario Antonio Pérez Lema*, de ahí a nosa suposición.
[347] *La Ilustración Gallega y Asturiana*, Tomo I, número VI, 28 de febreiro de 1879.





Como denominador común, cómpre destacar que estes gravados foron realizados por artistas foráneos e que todos eles reproducen o mesmo tema practicamente dende o mesmo ángulo. En canto á representación do cruceiro que preside esta praza coruñesa, na nosa opinión a mellor é a realizada por J. Villegas, por amosar un maior detalle e axustarse máis á realidade. Nas outras, incluso o cruceiro semella ser diferente, apreciándose notables diferenzas no capitel e no número de banzos da base.

Tamén en *La Ilustración Gallega y Asturiana* de 1880[348] figura un gravado que reproduce unha exposición de gando en Ourense. Nesta xilografía, obra de José Masí del Castillo sobre un debuxo de Constantino López Corona, pode verse un espectacular cruceiro cunha plataforma de sete chanzos. Por último, citar a escena costumista que reproduce a Misa Maior de San Bieto de Soutomaior (Pontevedra), xilografía publicada en *La Ilustración Cantábrica* do ano 1882, de autor descoñecido.[349]

Una romería en las cercanías de Santiago é outra das primeiras obras da pintura galega na que aparece representado un cruceiro. Trátase dunha obra de grandes dimensións (191 x 333 cm.) realizada por **DIONISIO FIERROS** (Ballota, 1827 – Madrid, 1894) que foi pintada entre 1855 e 1858, período no que este artista asturiano trasládase a vivir a Galicia "*con objeto de pintar cuadros de constumbres de aquel país*".[350] Fierros presenta este cadro á Exposición Agrícola e Industrial organizada en 1858 pola Sociedade Económica de Amigos del País de Santiago, na que consegue a primeira medalla ao tempo que é nomeado Socio de Mérito desta institución. Posteriormente, en 1860, esta mesma obra é premiada cunha medalla de primeira clase na Exposición Nacional de Madrid e mercada, o mesmo día da inauguración do certame, polo infante D. Sebastián Gabriel de Borbón y Braganza, artista, coleccionista e mecenas.

[348] *La Ilustración Gallega y Asturiana*, Tomo II, número XXXV, 18 de decembro de 1880.
[349] *La Ilustración Cantábrica*, Tomo IV, número VI, 28 de febreiro de 1882.
[350] Outras obras realizadas neste período son *La Muñeira, De ruada* e *Una familia gallega* que tamén presenta á Exposición Nacional de 1860.



Como indica o seu título, neste lenzo se pode contemplar unha romaría campestre na que os personaxes (entre os que non faltan o gaiteiro, o cego coa zanfona, o fogueteiro, etc.) aparecen na súa maioría vestidos co traxe tradicional. Cadro tipicamente de costumes que constitúe unha nova aproximación da arte á realidade da nosa terra, é considerado como a primeira obra da plástica galega na que se viste por primeira vez a nosa identidade. E nesta identidade diferenciada non podía faltar o cruceiro, elemento característico da paisaxe rural e ás veces urbana de Galicia.

O cruceiro representado ocupa a parte esquerda da composición, con forza de seu para trocarse nun dos elementos máis salientables da escena. Levantado sobre tres chanzos, conta cun varal de sección circular con dous astrágalos de bocel na parte superior que remata nun curioso capitel. A cruz, de sección cuadrangualar e aresta viva, presenta no seu anverso unha efixie de Cristo.

Non sabemos o lugar exacto en que se desenvolve esta romaría e, xa que logo, se o cruceiro era real ou froito da imaxinación de Fierros, pero o que cómpre destacar é que o artista é consciente a mediados do século XIX que este símbolo da relixiosidade popular constitúe un elemento consustancial da nosa cultura por ser un dos monumentos, xunto coa igrexa parroquial, representativa dunha peculiar organización territorial e que tamén aparece no cadro, máis típicos de Galicia por ser nesta terra onde este tipo de construcións experimentaron un maior arraigo e desenvolvemento.[351]

Dionisio Fierros volverá a incluír un cruceiro noutra das súas obras. Así lenzo ***Una romería***, atopamos un cruceiro no centro da composición, en torno ao que se sitúan unha serie de personaxes. Polas trazas podemos chegar a pensar que se trata dun cruceiro gótico (quizais o do Home Santo de Santiago de Compostela) pero a ausencia de detalles non nos permite identificalo con exactitude.

[351] Aínda que posterior ao de Fierros, non queremos deixar de citar o cadro de Ricardo de Madrazo *La vuelta del mercado* (1880?), no que se pode ver a unha muller vestida co traxe tradicional galego e un cruceiro.

Ao romanticismo de tipo costumista representado, entre outros, por Dionisio Fierros sucede unha pintura máis realista representada por unha serie de artistas nacidos en torno á década de 1850. Entre eles están Modesto Brocos, Román Navarro, José María Fenollera (aínda que valenciano de nacemento), etc. Pero o que máis nos interesa é **SERAFÍN AVENDAÑO** (1837-1916) por ser o único que presenta cruceiros na súa plástica.

Se ben Avendaño permanece gran parte da súa vida fóra de Galicia (en Italia reside durante máis de vinte e cinco anos)[352] a súa pintura é testemuña de que endexamais se esqueceu do seu Vigo natal, que lle serviu de inspiración para moitas das súas obras (*Ría de Vigo, A praia de Bouzas, No areal de Vigo*, etc). Os cruceiros de Galicia, especialmente os da cidade olívica e arredores, non deixaron indiferente a Avendaño quen non dubidou en incluílos nos seus lenzos como un elemento propio da nosa paisaxe. Xa consagrado como pintor, en 1892 presenta á Exposición Nacional de Belas Artes o seu cadro ***O cruceiro de Bouzas***. Ao ano seguinte pinta ***O cruceiro*** e, en 1896, con ***Un cruceiro en Galicia*** concorre á Promotrice de Xénova.

Avendaño afirmaba que "*non existe outra arte se non é a que reproduce o que te impresiona na natureza, sexa polo efecto da luz ou pola beleza do lugar*." [353] Estes dous motivos os atopamos en ***Una aldea de Galicia***,[354] obra na que existe un claro contraste entre o sol e a sombra e na que a beleza do lugar está dominada pola presenza dun cruceiro. O artista non escolle o espazo representado ao azar, senón porque este cruceiro, que constitúe o foco da obra, configura o recanto dunha aldea que, xunto ao xogo de luz, esperta a súa atención e interese.

Para a súa primeira colaboración coa revista *Blanco y Negro* realiza a lapis nove escenas de ambiente vigués, entre os que figura un cruceiro que non chegamos a identificar con efixies na cruz e un santo no varal.[355]

Unha simple cruz, o cruceiro dos probes, é o único monumento deste tipo que podemos atopar na plástica dos integrantes da chamada *Xeneración Doente*[356]. Aparece en ***Paisaxe***, obra realizada por **OVIDIO MURGUÍA** (1871 – 1902). Neste óleo sobre lenzo a paisaxe repre-

[352] Discípulo de Jenaro Pérez Villamil, Serafín Avendaño viaxou por Francia, Alemaña, Inglaterra, etc. En Estados Unidos, concretamente na cidade de Portland, chegou a ter estudo aberto durante algún tempo. Grazas a unha pensión da Academia de San Fernando, marcha a Italia onde trunfa e crea escola, sendo nomeado Académico de Mérito en 1873. Entre os seus clientes están os reis Humberto e Amadeo e o músico Giuseppe Verdi, de quen foi amigo.

[353] Caamaño, Rosa. "Serafín Avendaño", en Artistas Galegos: pintores. Novecenctos. Vigo: Nova Galicia Edicións, [1998], páx. 34.

[354] Trátase dun óleo sobre lenzo de 24 x 16 cm. Ata 1947 estivo no Museo de Pontevedra, data na que en calidade de depósito pasou ao Museo de Belas Artes da Coruña. Foi publicado no número 848 da revista Blanco y Nedro (3 de agosto de 1907).

[355] Foi publicado no número 119, correspondente ao 12 de agosto de 1893.

[356] Nome dado por Bello Piñeiro e o crítico Alejandro Barreiro a un grupo de artistas galegos do último terzo do século XIX falecidos prematuramente a causa da tuberculose. Trátase de Ovidio Murguía, Parada Justel, Joaquín Vaamonde e Jenaro Carrero.

sentada, moi na liña de Carlos de Haes, está sacralizada pola presenza dunha cruz que ocupa o primeiro plano da composición. Non se trata dun cruceiro de grandes dimensións, senón dunha sinxela cruz de feitura popular situada sobre un penedo. Está tan perfectamente integrada na paisaxe que semella formar parte da propia natureza, como se non se tratara dunha obra humana. Só a podemos ver como un monumento antigo, tan vello como as árbores ou as montañas tamén presentes neste cadro que Ovidio Murguía pinta con "*sinceridade e respecto ao natural*" e na que, quizais, podemos ver un certo misticismo de tipo panteísta.

Os cruceiros galegos teñen unha das súas maiores expresións pictóricas na obra de **CARLOS SOBRINO BUHIGAS** (1885-1978), artista que xunto con Castelao, de quen era amigo, foi o que máis plasmou este tipo de monumentos nos seus cadros. Os seus lenzos, acuarelas e debuxos, nos que retrata a Galicia máis tradicional, teñen un considerable valor etnográfico ademais, claro está, do artístico. E nesa Galicia tradicional non poden faltar os cruceiros, elementos que tamén contribúen a dar ese sentido de relixiosidade que caracteriza a súa produción.

Os cadros de Sobrino reflicten o bo facer dun excelente debuxante que con dotado dun gran rigor documental plasma cun naturalismo ás veces extremo numerosos espazos pintorescos e os monumentos máis singulares da Galicia rural. Neste contexto é onde hai que encadrar a abundante presenza de cruceiros na plástica de Sobrino. Trátase de cruceiros recoñecibles, porque o detalle con que están pintados permite identificalos. Tal é o caso do fermoso ***Cruceiro de Estrivela***[357] que, ademais de darlle título a unha das súas obras, o podemos ver tamén en ***Composición mariñeira***, nun dos laterais do ***Tríptico mariñeiro*** e en ***Cruceiro. Adán e mais Eva***, nos que podemos comprobar o antigo costume de chantar unha vara cun farol a carón do cruceiro en sinal de ofrenda. Asemade é recoñecible o da Santísima Trinidade de Baiona, presente na súa acuarela ***Cruceiro*** existente no Museo Quiñones de León de Vigo. Grazas ao detalle da igrexa e do cruceiro sabemos que a ***Romaría***, acuarela pertencente aos fondos do Museo Provincial de Lugo, é a que ten lugar cada 8 de setembro en Santa María de Darbo, parroquia do concello pontevedrés de Cangas do Morrazo.[358]



[357] Este cruceiro, realizado en 1773, estaba situado no barrio de Estrivela da parroquia pontevedresa de Lourizán. En 1962, sendo alcalde Filgueira Valverde, foi trasladado a Pontevedra e colocada na Praza das Cinco Rúas.
[358] Salvador Castañer, Mª de las Mercedes. "Romaría", en *Cartafol do Museo Provincial de Lugo*. Lámina XLV. S. a.

Outra ***Romería*** reproduce tamén con exactitude os cruceiros e viacrucis existentes na igrexa románica de Santa María de Simes, no concello de Meaño (Pontevedra).

En ***Paisaxe aldeá*** e en ***Almiñas***, o cruceiro aparece como complemento do pano de fondo da composición. Non é o motivo principal, pero a súa presenza é necesaria ideoloxicamente para configurar a escena rural que lle dá título. Maior protagonismo ten o cruceiro de ***Casa de Lourizán*** que, se ben non ocupa un primeiro plano, contribúe a darlle entidade a un recanto da casa. Nestas obras, estas mostras da arte popular aparecen máis desdebuxadas, caso que non acontece en outra acuarela que tamén leva por título ***Cruceiro*** cuxa tipoloxía é perfectamente identificable. Neste exemplo amósase polo lado do reverso cunha imaxe da Virxe co Neno no colo e coroada por dous anxos situados nos brazos da cruz que podemos contemplar en moitos cruceiros das Rías Baixas.

Estes cruceiros, xuntos con igrexas, hórreos, etc. caracterizan a plástica deste artista centrado, preferentemente, en escenas de costumes de sabor popular realizadas con debuxo preciso e vivas policromías nas que, en palabras de Mª Luisa Sobrino Manzanares, "*supo recoger con exquisita sensibilidad las gentes, multitud de rincones, arquitecturas y retazos del mundo rural*." [359] Coetáneo e coñecedor dos "ismos" do seu tempo, Sobrino manterase fiel a un "*realismo postimpresionista de raiz folclórica de colorismo alegre e elevado*" ao longo da súa dilatada existencia.

No pintoresquismo que caracteriza a obra de **JOSÉ SEIJO RUBIO** (Madrid, 1881 – A Coruña, 1970) non podían faltar os cruceiros, vistos como un tópico de escenas costumistas propias dun almanaque e moi do gusto da burguesía, xa fora galega ou madrileña, receptora dos seus cadros. Seijo Rubio nos dá nas súas paisaxes rurais e urbanas onde aparecen estas mostras da arte popular, á visión dunha Galicia estática na que non pasa nada, dentro dun tipismo atemporal.

En ***O cruceiro***,[360] realizado en 1920, esta construción configúrase como o eixo central da composición. Sospeitamos que se atopa dentro do recinto dun camposanto que, probablemente, rodea unha igrexa parroquial pola presenza, en primeiro término, de varias lápidas e un portalón coroado por unha cruz antefixa. A estampa folclorista da obra, que podía limitarse soamente á reprodución deste recanto, atopámola na presenza dunha anciá sentada nun dos banzos da plataforma, incorporada ao cadro como unha nota de enxebrismo para acrecentar o tipismo da escena.

Outro tanto se pode dicir de ***Praza da Leña*** (1945) lenzo no que podemos ver un recanto desta popular praza pontevedresa. Nesta obra o cruceiro o do século XVI aparece en primeiro plano e, como pano de fondo, varias casas típicas coas súas galerías e soportais. Unha vez máis, a nota de cor a poñen un fato de mulleres aldeáns no que parece ser un mercado,

[359] Vázquez Varela, José M. e outros. *Historia del Arte Gallego*. Madrid: Editorial Alhambra. S. A. 1982, páx. 458.
[360] Trátase dun óleo sobre lenzo de 84 por 114 cm. que se atopa no Museo de Pontevedra.

configurando todo elo unha sinxela composición un tanto artificiosa realizada cunha técnica de tipo postimpresionista.

En ***Calle de Damas*** (1916), o cruceiro é un elemento secundario deste óleo pero ao mesmo tempo necesario porque contribúe a acrecentar o tipismo do ángulo escollido por Seijo Rubio desta rúa. Outro tanto poderíamos dicir das súas acuarelas ***El crucero y la fuente*** (1948) e ***Delante de la iglesia*** (1950) pertencentes aos fondos da Deputación Provincial da Coruña, xa que as dúas amosan os consabidos recantos nos que non pode faltar un cruceiro.

Non imos nestas páxinas a analizar a teoría da luz e a cor de **MANUEL ABELENDA ZAPATA** (1889-1957), pero si queremos resaltar a afección deste artista coruñés a plasmar a paisaxe galega na súa obra. Sen desprezar outros xéneros (retrato e bodegón) Abelenda é fundamentalmente un paisaxista que tiña, como outros pintores do seu tempo, a creación dunha arte xenuinamente galega. E nesta creación dunha arte propia do noso país, Abelenda atopa na paisaxe de Galicia a súa fonte de inspiración que vai representar entre grises, verdes e azuis, envoltos en brumas porque fuxía sempre do sol intenso. Intelectualmente moi próximo ao galeguismo, Abelenda reivindica a nosa paisaxe, á que incorpora tamén os cruceiros, non tanto como unha icona en si mesma, senón como un elemento máis da arquitectura popular que conforma unha parte da paisaxe galega. Así, nas obras deste artista coruñés nas que aparecen estes monumentos escapan da carga folclórica do costumismo precedente en canto que destacan pola importancia do seu valor etnográfico, que os converte nun elemento diferenciador detrás do que se agocha unha carga política inexistente no costumismo decimonónico. Tal é o caso de ***Tarde de choiva en Combarro*** (1940), óleo sobre lenzo no que se amosa con detalle un recanto desta popular vila pontevedresa. Nesta obra, conforma a paisaxe urbana un conxunto arquitectónico que destaca polo seu tipismo e interese, xa que está integrado por diversos elementos da arquitectura popular: casas, cruceiro, fonte, hórreos, etc. A elección deste recanto, que o artista repite noutras obras, non está soamente en función do cruceiro, senón de todo o conxunto que sobresae pola súa beleza e tradición popular. Así, en Abelenda os cruceiros son inseparables de outras construcións populares, xa que con elas conforman paisaxes xenuinamente galegas. Outro tanto poderíamos dicir de ***Noite de San Xoán en Combarro*** (ca. 1950), onde se reproduce o mesmo ángulo anteriormente comentado pero coa diferenza da eliminación da fonte e da incorporación da fogueira e da festa en torno a ela, así como tamén dun segundo cruceiro ao fondo da composición. En ***Romaxe*** (1946) o tema é a festa e o xantar campestre, pero no protagonismo que mantén a paisaxe nesta obra non podía faltar, aínda que algo desdebuxado ao igual que a igrexa e o caserío que a circunda, un cruceiro como elemento característico. Este

elemento aparece tamén noutras óleos de Abelenda, como ***O emigrante***, ***O cruceiro de Baiona***, ***Posta de sol en Combarro***, ***Nocturno en Combarro***, etc., así como tamén nos debuxos ***Barca e cruceiro***, ***Nadal***, ***Detalle dun crucreiro***, ***Poio Grande***, ***Combarro***, ***Cruceiro***, ***Un cruceiro con hórreo*** ou ***Cruceiro en Miño***.

Dentro do grupo de artistas gráficos galegos do primeiro terzo do século XX ocupa un lugar destacado **CAMILO DÍAZ BALIÑO** (Ferrol, 1899 – Palas de Rei, 1936) quen, xunto co seu amigo Castelao e outros artistas, conseguirán crear unha plástica vinculada a unha conciencia nacional galega a través da recreación mítica do noso pasado, do celtismo, todo elo vinculado a unha estética modernista.

Camilo busca crear unha arte autóctona enraizada no *ser* e na *esencia* galega, instrumentalizada como un elemento diferenciador, ao igual que a lingua ou a raza, do noso país. Neste aspecto o popular e a historia ancestral de Galicia convértense nas súas principais fontes de inspiración, pero adobadas de fantasía, misterio, maxia e lenda, dando lugar a unha nova simboloxía na que os motivos tradicionais, entre os que están os cruceiros, son reinterpretados e convertidos, en palabras de Ester Suárez Rodríguez, no "*cerne da identidade galega*."[361]





Lonxe do tipismo folclorista da plástica galega anterior, os cruceiros na obra de Díaz Baliño convértense en símbolos da tradición popular e, xa que logo, en emblemas ou iconas da identidade cultural que nos caracteriza como pobo diferenciado. Na portada que realiza en 1924 para *Lubicán* de Armando Cotarelo Valledor podemos ver diversos elementos do imaxinario popular inspirador de diversas lendas: a lúa chea (por extensión a noite), o lobo (mítico animal totémico) e a árbore espida (sinónimo de inverno), símbolos todos eles asociados a temores ancestrais do noso pobo. O cruceiro representado nesta portada pode ter unha dobre lectura: como representación por excelencia da encrucillada, lugar tradicionalmente inspirador de arrepíos,

[361] Ester Suárez Rodríguez. "Camilo Díaz Baliño", en Artistas Galegos: pintores. Novecenctos. Vigo: Nova Galicia Edicións, [1999], páx. 71.

ou como símbolo apotropaico que esconxura os elementos anteriormente citados. Pero nesta imaxe o cruceiro, convertido xa en icona da nosa terra, contribúe a situar especialmente o tema, xa que nos permite identificar a paisaxe representada como unha escena galega. Nesta obra " a paisaxe sincretízase e énchese de escuras interpretacións simbólicas, deixa de ser un motivo natural para converterse en referencia histórica dun pobo."[362]

Outro tanto podemos dicir da portada que en 1925 debuxa para *O Fidalgo*, drama en tres actos escrito por Xesús San Luis Romero. Nela, un sinxelo cruceiro (sempre fuxe dos que teñen moita ornamentación) ocupa o primeiro plano da composición. Situado nunha paraxe solitaria, ten por compañeira a noite e, como novidade, varios piñeiros, árbore que para os integrantes da *Xeneración Nós* tiña un significado distinto á que temos hoxe del, pois os consideraban como unha especie identitaria da nosa paisaxe.

Tamén no centro da composición está o cruceiro da representado en ***A morte***[363], no que aparece enmarcado por dúas árbores (castiñeiros?) e como pano de fondo o valado dunha igrexa rural románica por cuxo adro desfila a procesión da Santa Compaña. Aquí volven estar presentes algúns dos elementos característicos da obra de Díaz Baliño (o mundo medieval, a lenda, etc.) que el converte en símbolos do ser diferenciado de Galicia.

O nome de **ALFONSO R. CASTELAO** (Rianxo, 1886 – Bos Aires, 1950) está indisolublemente ligado aos cruceiros, xa que foi a persoa que mellor soubo entender e comprender estas "*oracións de pedra*"[364] como el mesmo os denominou. En ***As cruces de pedra na Galiza*** realiza un exhaustivo estudo destas manifestacións artísticas populares, traballo que comeza con debuxos dos mesmos "*porque as cousas deseñadas moi amodiño e fidelmente permiten intuir os seus segredos*."[365]. Denantes de publicar esta obra[366], en 1929 fai unha viaxe por Bretaña para comparar os cruceiros alí existentes cos de Galicia e, froito desta viaxe é o libro ***As cruces de pedra na Bretaña*** que ve a luz en 1930. Posteriormente, en 1934, o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega versa sobre ***As cruces de pedra na Galiza*** e, en 1940, publica na revista *Galicia* de Bos Aires un artigo titulado ***Los Cruceros***. Todos estes traballos proban o coñecemento que Castelao ten sobre este tema, ata entón deostado polos investigadores e estudosos da arte. Castelao é o primeiro (agás Manuel Murguía e Bernardo Barreiro Vázquez Varela) que reparou na importancia das nosas cruces de pedra, nas que soubo descubrir o seu valor artís-

[362] Ester Suárez Rodríguez. "Camilo Díaz Baliño", en Artistas Galegos: pintores. Novecenctos. Vigo: Nova Galicia Edicións, [1999], páx. 93.
[363] Trátase dunha acuarela sobre papel de 23 por 37 cm.
[364] Castelao, Alfonso R. "Cousas", en *Obras de Castelao*. Vigo: Editorial Galaxia, 1999. Tomo I, páx. 75.
[365] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000 (Edición facsimilar), páx. 8.
[366] Estaba prevista a súa publicación en 1936 polo Seminario de Estudos Galegos, pero a Guerra Civil truncou o proxecto.



tico, relixioso e antropolóxico. Pero ademais de analizar os cruceiros con espírito científico, Castelao achegouse a esta "*…punxentes revelación da nosa espiritualidade*"[367] co sentimento, o que lle permite descubrir neles o "*tesouro*" cultural que encerran, o seu significado profundo, vinculado coas crenzas populares galegas. Os cruceiros son para Castelao unha manifestación artística expoñente da mestría duns canteiros (na maioría dos casos anónimos) que souberon plasmar en pedra o sentimento relixioso dun pobo relacionado "*coa morte e culto que lle prestan aos seus defuntos*."[368]

Castelao afirma que os cruceiros non son orixinarios de Galicia, pero foi no noso país onde mellor se aclimataron e difundiron "*polo vello costume de prantar cruces de pedra na veira dos camiños, ao ar libre*"[369] ata o punto de converterse nunha expresión da nosa idiosincrasia relixiosa.

Ao igual que Camilo Díaz Baliño, Castelao ve nos cruceiros un símbolo de Galicia, pero a diferenza do primeiro, os espide do seu aspecto máxico ou misterioso para amosar o seu compoñente humano ao consideralos unha creación popular ligada a unhas crenzas que, aínda que comúns ao mundo católico, en Galicia arraigaron de tal xeito que constitúen un aspecto moi destacable da nosa cultura, ata o extremo de ser unha das nosas sinales de identidade.

Deternos en cada unha das obras de Castelao nas que figura un cruceiro excedería con moito os límites deste traballo, polo que só imos referirnos a algunhas delas.

En ***As cruces de pedra na Galiza*** aparecen 73 figuras inseridas no texto e outras tantas láminas, entre as que hai un bo número de cruceiros ou dos seus elementos. Trátase de debuxos de traballo, concibidos para o estudo destas mostras da arquitectura popular, que destacan pola súa sinxeleza sen que isto implique unha ausencia de rigor ou valor artístico. Nesta liña están tamén os debuxos ***Cruceiros*** e ***Piedade*** existentes no Museo Provincial de Lugo.[370]

Na acuarela ***Cruceiro***,[371] Castelao representa unha escena na que se conxugan dous elementos: noite e cruceiro, pero un cruceiro tamén moi sinxelo (carece de plataforma e base, elementos que contribúen a dar monumentalidade aos cruceiros) situado ao pé dunha esquina

[367] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000 (Edición facsimilar), páx. 101.
[368] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000 (Edición facsimilar), páx. 120.
[369] Idem, páx. 110.
[370] Foron doados por Álvaro Gil Varela no ano 1965.
[371] Doada tamén por Álvaro Gil Varela en 1965, esta obra forma parte dos fondos do Museo Provincial de Lugo.



(o que nos permite asocialo a un cruce, que desempeña a función de encrucillada, lugar por excelencia para situar os cruceiros, e a unha paisaxe urbana) na que a presenza humana aparece reflectida na luz acesa do faroliño pendurado da cruz, conxunto que nos proporciona unha excelente imaxe da devoción humilde.

Un cruceiro semellante podemos velo noutra obra de igual título ***Cruceiro***,[372] pero nesta ocasión uns piñerios lle serven de pano de fondo (simbiose entre natureza e a construción humana) nun exemplo de simbolismo identitario. A mesma intención vémola en ***Cruceiro na carballeira***,[373] obra que representa a conxunción de dúas realidades espirituais: por un lado a carballeira, lugar historicamente relacionada con prácticas druídicas ou pagáns e por outro a cristiá, representada polo cruceiro.

Con gran protagonismo na composición atopamos cruceiros noutras obras de Castelao como poden ser ***Labrega con neno,***[374] ou ***Parella***; mentres que como pano de fondo aparecen en ***Conto de cegos***, ***O emigrante*** ou en ***Moza con cabuxa*** por citar só algúns exemplos.

En ***Galicia Mártir*** hai unha estampa que representa unha ancián de xeonllos e en actitude orante diante dun cruceiro illado. Nesta obra destaca o carácter sacro do monumento, semellante ao dunha igrexa, e a comunión existente na soidade da crente e do cruceiro, nunha escena na que se denuncia as tropelías que levaron a cabo os feixistas durante a guerra civil en nome de Deus. A carga dramática é maior nesta obra, con moita oposición ao que se fixera anteriormente, no que os cruceiros aparecen máis ligados a ambientes festivos.

Cómpre dicir que en todas estas obras Castelao amosa o seu gusto polos cruceiros, especialmente por aqueles de factura moi sinxela, quizais porque neles se pode apreciar mellor a humildade dun pobo que soubo expresar, como ningún outro, a súa devoción a estes monumentos ata convertelos nunha expresión da súa identidade.

A pesar de que vai desenvolver gran parte da súa vida artística en Madrid por razóns profesionais[375], **MANUEL CASTRO GIL** (1891-1963) permaneceu sempre vinculado a Galicia, colaborando en revistas como Alfar, Ronsel ou Nós, ao tempo que plasmaba en moitas das súas

[372] Hai outra obra tamén co mesmo título que reproduce un cruceiro diante de varios piñeiros. Realizada en 1922 con técnica mixta sobre cartón, pertence a unha colección particular.
[373] Realizado en técnica mixta sobre papel, esta obra atópase no Museo de Pontevedra.
[374] Realizda en 1914, esta obra pertencen á colección da Fundación María José Jove.
[375] Chegou a ser Xefe de Proxectos Artísticos da Casa da Moeda.

obras paisaxes galegas. Aínda que desvinculado en parte do mundo artístico galego do seu tempo, pode dicirse que Castro Gil é un artista galego pero residente en Madrid.

A pintura ao óleo sinala o comezo da súa carreira, pero vai ser no gravado, concretamente no augaforte, onde acade se centre artisticamente e onde acada máis sona. Castro Gil ten o mérito de recuperar[376] e popularizar unha modalidade artística (na que crea escola), se ben no noso país a súa repercusión será máis técnica que estilística.

Este augafortista reflicte na súa obra moitos dos lugares que visitou (viaxou e expuxo moito no estranxeiro), pero nos seus gravados os temas de Galicia ocuparon sempre un lugar destacado. Quizais vexamos en Castro Gil un certo romanticismo no seu gusto polas ruínas cheas de vexetación, polo antigo, polas naturezas agrestes, etc., presentes nalgunhas das súas obras, especialmente nas de ambiente galego, onde reproduce con mestría monumentos e paisaxes, algúns deles urbanos, nos que busca o tipismo e o sabor popular. Neste contexto, os cruceiros aparecen con frecuencia nos seus augafortes ao formar parte deses conxuntos que o motivan. Como exemplo podemos citar ***Praza da Leña*** na que podemos ver, en primeiro plano, o cruceiro existente nesta popular praza pontevedresa. Non obstante, a importancia do tema non reside neste interesante cruceiro, senón no fermoso conxunto que neste lugar conforman o cruceiro e as casas con arcadas, galerías e soportais e que pola súa beleza plástica e tipismo foi reproducido en numerosa ocasión por outros artistas. Tamén no seu gravado ***Combarro*** (tamén titulado ***Rúa típica de Combarro***) o importante son os espazos urbanos que conforman este conxunto histórico artístico do que tamén forman parte os cruceiros. En ***Ermida galega*** novamente destaca o conxunto bucólico propiciado polo cruceiro e as escalinatas que conducen á entrada do adro que circunda o templo da parroquia de Santa María de Simes (tamén inmortalizado por Carlos Sobrino). Cómpre resaltar que en todas estas obras os cruceiros teñen un protagonismo especial, pois sempre aparecen situados no primeiro plano da composición, monumento que pasa a ter a máxima relevancia en ***Cruceiro de Rabelas***, vello cruceiro do concello de Chantada, onde recibe un tratamento destacado, semellante ao dos castelos e catedrais que tanto lle gustaba representar.

Na mesma liña atópase **JULIO PRIETO NESPEREIRA** (1896 - 1991), artista ourensán que, ao igual que Castro Gil, comeza a súa carreira como pintor (recibe clases se Xesús Soria e de Fernando Álvarez de Sotomayor), faceta que non abandonará completamente pero que vai quedar ensombrecida pola súa predilección ao gravado e a difusión desta técnica. Tamén Prieto Nespereira reproduce en algunhas das súas obras conxuntos típicos e paisaxes nos que

[376] Agás Gil Rey, Enrique Mayer, Isidoro Brocos e os gravadores-estampadores, a tradición calcográfica galega denantes de Castro Gil era ben pequna.

non pode faltar un cruceiro. Así, en ***Santa María do Campo*** (1931) amosa unha imaxe desta igrexa betanceira e do cruceiro situado no seu adro, escena que se repite en ***Praza da Coruña antiga***. O mesmo criterio emprégase en ***Adro da igrexa de Oia***, augaforte no que o cruceiro ten máis protagonismo ao ocupar o primeiro plano da composición, obras todas elas pertencentes ás primeiras etapas deste artista dedicadas ao gravado, caracterizadas por unha temática de tipo costumista non exenta de romanticismo nas que non reflicte a realidade con exactitude, senón unha impresión da mesma.

Recollimos neste capítulo unha pequena mostra da obra dalgúns dos artistas que consideramos máis representativos. Non obstante a nómina de pintores e gravadores que plasmaron cruceiros nos seus cadros é moita máis ampla, e sobre eles volveremos noutra ocasión. Tamén queremos deixar para un mellor momento a un bo número de interesantes fotógrafos de finais do XIX e comezos do XX que coas súas cámaras inmortalizaron moitas escenas e recantos de Galicia nas que os cruceiros constitúe un elemento destacable. Entre eles podemos citar a Cisneros, Laurent, Chicharro, Castro Freire, Lima, Reboredo, etc., entre os que merece destacarse a Pelai Mas, fotógrafo catalán que en diversas ocasións visitou a nosa terra para realizar un exhaustivo inventario fotográfico do patrimonio artístico e etnográfico de Galicia, labor á que lle darán continuidade Ruth Matilda Anderson e Ramón Dimas entre outros.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Capítulo IX
Reflexións sobre a orixe e expansión dos cruceiros en Galicia

Con respecto aos cruceiros galegos, coidamos que convén distinguir entre a súa orixe e o seu espallamento, pois os motivos destes dous fenómenos son distintos, así como tamén a súa cronoloxía. Por iso, este capítulo ímolo dividir en dous grandes apartados: no primeiro falaremos das teorías sobre a orixe dos cruceiros galegos, feito que ten lugar na segunda metade do século XIV, e, o segundo, dedicarémolo aos motivos da expansión dos cruceiros, acontecemento que se produce, fundamentalmente, nos séculos XVI, XVII e comezos do XVIII, se ben tamén na segunda metade do século XIX asistimos a un novo pulo na construción destes monumentos.

a } Orixe dos cruceiros galegos

Consideracións previas

Os séculos XII e XIII constitúen en Galicia unha etapa de desenvolvemento que se pon de manifesto en varios aspectos. En primeiro lugar convén destacar a evolución demográfica ao longo destas centurias. Este crecemento demográfico leva aparellado unha maior fragmentación das propiedades, a busca de novas terras de cultivo e a aplicación de sistemas máis intensivos (alternancia bienal ou trienal) coa eliminación do barbeito, o que unido a certas melloras técnicas (arado de vertedeira) vai propiciar un aumento da produción agrícola. En segundo lugar, o aumento da poboación vai orixinar unha emigración do campo á cidade, dando lugar a un renacemento ou nacemento dunha serie de núcleos urbanos neste período. "*Este fenómeno da urbanización en Galiza desenvólvese en torno a dous eixos fundamentais. En primeiro lugar o Camiño de Santiago, que xa no século XI, pero sobre todo no XII acada o seu momento culminante… Outro eixo da urbanización galega está sinalado pola liña tortuosa da costa. Desde fins do século XII, Galiza, por medio dos nacentes portos, intégrase nos circuítos comerciais da Europa atlántica… En virtude destas circunstancias nacen unha serie de vilas. A Guarda, Baiona, Redondela, Pontevedra, Noia, Muros, O Burgo do Faro, A Coruña, Betanzos, Viveiro e Ribadeo, entre outros."*[377] Estes núcleos urbanos van experimentar un notable crecemento económico polas súas actividades artesanais e comerciais, cun progresivo afianzamento da moeda, o que vai dar lugar á aparición de novas crases sociais, nas que destaca unha incipiente burguesía urbana que se irá consolidando como grupo. Neste ambiente urbano, van exercer un influxo crecente as ordes mendicantes (franciscanos e dominicos), mentres que os cistercienses e beneditinos o fan no mundo rural.

Esta situación económica e social varía considerablemente nas centurias seguintes, xa que nos séculos XIV e XV, Galicia, como o resto de Europa, vai vivir momentos moi difíciles. En

[377] Pallares Méndez, Mª do Carmo e Portela Silva, Ermelindo: "Idade Media", en *Historia de Galiza*. Madrid: Editorial Alhambra, 1981 (2ª edición) páx. 101.

primeiro lugar cómpre destacar a peste de 1348 (Peste Negra) que chega ao noso país seguindo as rutas marítimas e, dende os portos antes mencionados, esténdese polo mundo rural causando unha catástrofe demográfica. A esta peste hai que engadir os períodos de fame, froito dun decrecemento da produtividade da terra, e as guerras. Xa no século XV, a situación non mellora moito, pois neste período se viven as guerras irmandiñas (a primeira ten lugar en 1431) e novas pestes: unha en 1419 en Ourense e outra pouco tempo antes da segunda Guerra Irmandiña.

Cruces ou cruceiros góticos

A orixe da cuestión xurde cando Castelao, partindo da premisa de que a cruz de Guimaraes, chamada padrón ou pedrón e da que falaremos máis adiante, está sobre un fuste moderno; que a cruceiro de Melide pode que fora un altar de humilladoiro; que a do Home Santo estivera antigamente sobre un moxón e que a do desaparecido cruceiro de Meixón Frío se levantara sobre un varal non anterior aos séculos XVII o XVII (actualmente formando parte do cruceiro da praza de Santa María do Campo da Coruña), chega a conclusión de que hai que distinguir entre cruces góticas e cruceiros góticos, dado que destas obras só é orixinal a cruz e ningún outro elemento dos que actualmente conforman un cruceiro. Exposta a causa do dilema, pasamos a analizar o tema.

É na época oxival cando, parece ser, fan a súa aparición os cruceiros en Galicia, ou polo menos a este período pertencen os cruceiros máis antigos existentes na nosa Terra. Trátase de obras góticas, herdeiras do misticismo oxival das ordes mendicantes, especialmente dos franciscanos, se ben hai que deixar constancia de que realmente son cruces, pois os outros elementos (plataforma, base, fuste e capitel) que actualmente as conforman como cruceiros pertencen a épocas moi posteriores. Cómpre salientar que a súa situación: todos eles no Camiño de Santiago (Santiago e Melide) ou en urbes da fachada atlántica da costa galega (Baiona, Pontevedra, Caldas de Reis, Noia, Fisterra, Vimianzo, A Coruña, etc.), agás o caso do cruceiro das Fervenzas (Aranga), zonas que como acabamos de ver eran ou foron as máis desenvoltas de Galicia neste período, tanto no aspecto económico como demográfico.

En canto á súa cronoloxía, Castelao afirma que o cruceiro máis antigo de Galicia é o de Melide, que considera unha obra do século XIV "*a xulgar pol-as súas nobres feituras e porque representa o tránsito das conceucións dogmáticas ás dramáticas.*"[378] Non obstante, na opinión deste ilustre rianxeiro, a cruz deste cruceiro (que é o seu elemento máis antigo) "*debeu ser primitivamente un altar de humilladoiro.*"[379]

[378] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000. páx. 115
[379] Idem, páx. 117.

Tamén, segundo Castelao, dende o punto de vista cronolóxico, a segunda cruz gótica en Galicia sería a do cruceiro do Home Santo de Santiago de Compostela, que Bernardo Barreiro a considera unha obra de 1330 "que saíu das mesmas mans que construíron o pórtico de Bonaval en memoria de Tuorum, ou cicáis un pouco máis tarde, cando se fixo a eirexa conventual de Santo Domingo, dirixida por Xohán de Orleáns."[380] Non obstante, López Ferreiro defende a relación desta cruz con San Vicente Ferrer, atribuíndolle unha cronoloxía máis serodia, en torno ao ano 1412. Contemporánea desta cruz era a do cruceiro de Meixón Frío, que segundo López Ferreiro tamén mandou edificar San Vicente Ferrer, e da que só temos referencias, pois este cruceiro foi derrubado por unha chispa no ano 1870.

En Noia, vila que en opinión de Castelao "*é o mellor centro galego de construcións oxivais, tanto ecresiásticas como civíes, e cecáis por eso sexa tamén o centro das mellores cruces góticas de pedra,*"[381] destaca este autor tres cruces góticas das que afirma "que adrede foron feitas para seren erguidas sobor de outos varales,"[382] é dicir, diferentes das que el denomina "humilladoiros" e "pedróns." Trátase do actual cruceiro do cemiterio de Santa María, que conta cunha cruz gótica sostida por un capitel de igual traza e, supostamente, obra da mesma man, e que amosa en cada unha das súas caras un emblema dun evanxelista. Para Murguía, esta obra era "*por lo menos del siglo XIII*,"[383] se ben Castelao retrasa a súa cronoloxía ata finais do XV. Destaca a cruz deste cruceiro por representar o "albre da vida," é dicir, "*unha cepa que apreixa cos seus sarmentos o tronco e os brazos da cruz, para conciliar a idea do albre e da viña,"*[384] caso único en Galicia nas cruces deste tipo. Deste cruceiro di Clodio González Pérez que "*malia non ter inscrición, sábese que o mandou facer un tal Lope de Baia e que xa existía en 1548.*"[385]

Tamén en Noia está o cruceiro da Praza do Tapal, antigamente situado na Ponte Nafonso, do que chama poderosamente a atención o seu capitel, do que falaremos máis adiante. No xa citado cemiterio de Santa María desta vila, atópase, baixo un baldaquino, un cruceiro cuxa cruz gótica figurou na Exposición Rexional de arte retrospectiva celebrada en Santiago en 1909, sen que volvera ao seu emprazamento orixinal, sospeitando Castelao que ben puidera tratarse da cruz gótica existente no claustro de San Clemente da cidade compostelá.

Entre as cruces góticas reseñadas por Castelao, figuran tamén a do cruceiro baixo baldaquino da Trindade en Baiona, que considera obra do século XVI; a do cruceiro de Santa María de Fis-

[380] Idem, páx. 115
[381] Idem, páx. 118
[382] Idem, páx. 118
[383] Murguía, Manuel: *España, sus monumentos y artes, su naturaleza e historia: Galicia*. Barcelona: Daniel Cortezo y Cía, 1888, páx. 624.
[384] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000., páx. 118.
[385] González Pérez, Clodio. *Os cruceiros*. A Coruña: Cadernos Museo do Pobo Galego, 12. 2002 páx. 36.

terra, que só coñeceu por foto, e a da igrexa de Santa María do Campo da Coruña. Un comentario a parte dedícallo á cruz do antigo cruceiro existente en Caldas de Reis (actualmente no Museo de Pontevedra) da que di que ten "*unha estructura plateresca de clara filiación gótica.*"[386]

Polo que respecta ao cruceiro de Calo (Teo), Castelao afirma que non se trata dun propiamente dun cruceiro, "senón dunha cruz pousada en ancho esteo de pedra" que constitúe unha "interpretación popular dos belidos cruceiros góticos."[387]

Estas cruces góticas, segundo Castelao, responden a unha estética inquebrantable, "*filla do mesmo pulo que creou a oxiva mística dos tempros dominicos e franciscáns, esgotado xa o período galego de transición*."[388] Non son froito dunha evolución artística da arte galega dende o románico, senón que todas estas cruces son obra de artistas foráneos, tendo tamén como denominador común o atoparse nas urbes da costa atlántica ou á beira do Camiño de Santiago. En canto a súa cronoloxía, Castelao di que estas cruces góticas datan do século XIV. Pola súa parte, Clodio González Pérez estima que "*a labras tan acabadas como estas cruces* –refírese exprexamente á do Home Santo- *non se chega de súpeto, que tivo que haber antecedentes máis modestos, que é precisamente dos que aquí carecemos, trátase ou non de imitacións das cruces procesionais.*"[389] Pola nosa parte, ademais de coincidir plenamente coa afirmación de Clodio González Pérez, nos interesa destacar que estas obras non teñen aínda un arraigo popular, xa que se trata de pezas encargadas pola xerarquía eclesiástica ou polos poderes públicos. Tamén, se a suposición de Castelao é certa, cabe preguntarse pola procedencia destes artistas foráneos e cal é o motivo da súa chegada a Galicia, preguntas ás que trataremos de responder un pouco máis adiante. Tamén temos que dicir que estas cruces góticas que acabamos de enumerar eran as coñecidas por Castelao. Lamentablemente este ilustre rianxeiro carecía de datos dos que hoxe dispoñemos, e que nos permiten saber que en Galicia hai, actualmente, máis cruces góticas que as reflectidas por Castelao (e poida que, antigamente, houbera aínda máis). Isto non lle resta valor, todo o contrario, aos seus comentarios e suposicións, pois as mesmas preguntas que se facía antes de 1950 (data da publicación de *As cruces de pedra na Galiza*) continúan aínda hoxe vixentes. Así, en primeiro lugar, temos que referirnos á cuestión de se en esta época estamos diante de cruces góticas ou de verdadeiros cruceiros. Na nosa opinión, esta pregunta nos leva supoñer que as cruces góticas foron anteriores aos cruceiros, polo que cabe preguntarse entón cando estas cruces góticas foron levantadas sobre os elementos tradicionais (plataforma, base, fuste e capitel) para conformar o cruceiro tal como hoxe o entendemos? Se as cruces gó-

[386] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000, páx. 119
[387] Idem, páx. 110
[388] Idem, páx. 117
[389] González Pérez, Clodio. *Os cruceiros*. A Coruña: Cadernos Museo do Pobo Galego, 12. 2002, páx. 33

ticas galegas son de mediados do século XIV, ou ben os cruceiros son unhas construcións máis serodias (séculos XV e XVI) ou as devanditas cruces están mal datadas. Na nosa opinión, esta pregunta non é correcta porque, documentalmente, sabemos da existencia de cruceiros en Galicia no século XIV, aínda que non se lles denominara con este vocábulo. Neste aspecto coidamos que as cruces góticas das que fala Castelao eran as cruces dos primeiros cruceiros existentes en Galicia, se ben, ao longo do tempo, perderon os primitivos elementos que foron substituídos polos actuais. Coidamos pois que se trata máis dun problema semántico que real, tal como veremos a continuación. Dicir antes de nada que, segundo o *Tesoro de la lengua castellana* de Covarrubias, do ano 1612, cruceiro é aquel que leva a cruz nas procesións, significado que nos trae á mente aquela afirmación de Castelao de que "*o cruceiro é un enxendro post-románico impulsado pol-o afán de imitar ás cruces procesionais*,"[390] o que proba que neste tempo a denominación de cruceiro ou crucero non era aínda de uso frecuente.

Se por cruceiro entendemos aquel monumento que consta de plataforma, base, fuste, capitel e cruz (aínda que pode faltar algún elemento), a dúbida preséntaselle a Castelao cando, por exemplo, fala do cruceiro do Home Santo de Santiago de Compostela. López Ferreiro, que como xa dixemos o considera unha obra de comezos do século XV, cita un documento, unha carta de foro do ano 1465, no que se fai referencia a este cruceiro coa denominación "*moxón de pedra con hua cruz*."[391] Pero, que entendemos por moxón de pedra? Coidamos que este termo era un dos empregados en principio, antes de que se acuñara a palabra cruceiro, cando xurdiron este tipo de monumentos, para distinguilos das simples cruces de pedra, existentes dende moito tempo antes. A razón de que aínda non houbera un vocábulo específico para estes cruceiros góticos se debe, na nosa opinión, a que eran pezas raras, escasas e, sobre todo, sen o arraigo popular que acadarán nos tempos da Contrarreforma. Descartamos a idea de que un moxón fora un simple fuste, apenas devastado, e cunha función lindeira ou de marco, sobre o que se colocaban estas cruces, xa que nos resulta estraño que cruces tan artísticas coroaran pezas de tan sinxela factura como parece que se quere dar a entender coa palabra moxón.

Pola súa parte, Clodio González Pérez apunta a posibilidade de que estas cruces foran adquiridas fóra de Galicia e logo erixíranse aquí, "*engadíndolle o varal e –quizais- tamén o capitel, pezas agora desaparecidas, que corresponderían co verdadeiro moxón ou marco da parte baixa*,"[392]opinión que, se ben nos parece interesante, (cómpre lembrar a cruz do Pedrao da Victoria de Guimaraes, traída de Normandía) non a compartimos plenamente porque podería darse algún

[390] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000., páx. 99.
[391] Citado por Castelao, véxase: *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000., páx. 116.
[392] González Pérez, Clodio. *Os cruceiros*. A Coruña: Cadernos Museo do Pobo Galego, 12. 2002, páx. 33

caso, pero descartamos a existencia dun comercio organizado de tanta cruz gótica, máxime cando existen cruces moi semellantes a estas noutras zonas do Estado Español, polo que nos inclinamos máis a falar dun artífice ou obradoiro itinerante, como era habitual naquela época.

Volvendo coa nosa teoría, é dicir que as cruces góticas das que falamos son en realidade as cruces dos primitivos cruceiros góticos de Galicia que aínda carecen dunha denominación específica por ser obras aínda minoritarias, coidamos que a existencia dun cruceiro completo deste período resolvería a cuestión. Como non existe ningún, pois só temos as cruces, elementos que se conservaron por ser os máis artísticos e sagrados dun cruceiro e que constitúen a parte principal do mesmo, temos que botar man dunha serie de argumentos nos que basear a nosa suposición.

En primeiro lugar convén chamar a atención sobre outras pezas conservadas destes primeiros cruceiros góticos. Estamos a referirnos ao capitel e fuste do cruceiro da Praza de Tapal de Noia, pois na nosa opinión estes dous elementos son os orixinais do cruceiro que se levantaba sobre a Ponte Nafonso. Os dous están labrados nun mesmo bloque de pedra e o capitel amosa unha ornamentación tipicamente oxival na que destaca a representación de tres personaxes de corpo enteiro e con hábito, "*dos que dous corresponden a San Francisco e a San Domingos de Guzmán*,"[393] sendo o terceiro de difícil identificación. Tamén é o orixinal o capitel do cruceiro do cemiterio de Santa María, na mesma vila de Noia, que presenta cada unha das súas catro caras ornamentada co emblema dun evanxelista.

Outro argumento neste senso é a existencia dun fuste gótico sen cruz que, segundo Castelao, se ergue no cemiterio de Rianxo.[394]

Ademais están tamén os cruceiros góticos existentes noutras localidades do Estado Español, sobre todo os de Cataluña e zona do Levante.

Por último, imos referirnos á proba que consideramos máis definitiva a favor da nosa teoría, pois se ben non se conserva ningún cruceiro gótico completo, si existe unha representación gráfica dun e que, ao noso xuízo, constitúe a imaxe máis antiga que coñecemos dun cruceiro. Trátase dunha lámina pertencente a un manuscrito do século XVIII, atribuído ao Pai Sarmiento, que se atopa no Museo Provincial de Ourense e na que se pode ver un o debuxo do humilladoiro que existía no camiño do convento "*junto al Bosque de San Francisco*."[395] Representa a un cruceiro gótico cunha plataforma de catro chanzos e base de forma paralelepípeda. O seu fuste, cilíndrico, está ornamentado na parte superior inferior cun relevo que reproduce a escena

[393] González Pérez, Clodio. *Os cruceiros*. A Coruña: Cadernos Museo do Pobo Galego, 12. 2002, páx. 37.
[394] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000., páx. 117.
[395] "Unha escolma de escultura". Ourense: Museo Arqueolóxico de Ourense/Xunta de Galicia, 2006, páx. 139.





do pecado orixinal, mentres que a superior amosa as imaxes dos catro arcanxos (San Miguel, Uriel, Gabriel e Rafael). A cruz, que descansa directamente sobre o fuste, é latina e de tipo flordelisada. Amosa no seu anverso, baixo un dosel ou umbela, a figura de Cristo (con tres cravos e a cabeza inclinada lixeiramente ao lado dereito) e, no reverso, tamén baixo unha umbela, a da Virxe sobre peaña e co Neno no colo.

Esta lámina permítenos comprobar que este cruceiro se atopaba baixo unha sinxela construción con cuberta a catro augas e sostida por catro piares cuadrangulares, denominándose a este conxunto "humilladoiro," termo tamén empregado na súa acepcións castelá, noutras zonas do Estado Español. Estas estruturas acabaron sendo pechadas polos lados, dando lugar a unha especie de capelas.

Nun dos piares deste templete figuraba a seguinte inscrición:

ESTA: CAPELA. MA(n)DOU: FACER: G(onzal)O: P(ere)S: DE:
RE: Q(uei)XO: A HO(n)RA: DE: DE(u)S: E: DELOS: S(ant)OS:
A(n)G(e)L(e)S: E: LABROSE: AN(n)O: DE: M: CCCC: LX:
AN(n)OS[396]

Na nosa opinión, esta cronoloxía refírese á edificación do templete e non á do cruceiro, obra que coidamos dunha data anterior, probablemente de mediados do século XIV, tal como apunta Dolores Fraga Sampedro nun artigo publicado no Boletín Auriense.[397]

Cómpre destacar que o fuste deste cruceiro consérvase no Museo Arqueolóxico de Ourense, onde ingresou por doazón do Concello desta cidade no ano 1895. Tamén se conservan

[396] Idem, páx. 140
[397] Fraga Sampedro, Dolores. "San Francisco de Ourense. Análisis histórico artístico de la iglesia y convento," en *Boletín Auriense*, Anexo 28, 2002, páx. 184-185.





neste museo dúas pedras pertencentes a un dos piares do templete que protexía este cruceiro, pedras nas que figura a inscrición anteriormente reproducida, se ben hai que lamentar a perda da cruz, moi semellante á do cruceiro do Polvorín existente na cidade das Burgas. A importancia deste fuste, así como tamén da imaxe da lámina, reside en que constitúen a proba máis evidente da existencia de cruceiros góticos en Galicia coroados por cruces do mesmo estilo.

Tamén no Museo Arqueolóxico de Ourense consérvase unha imaxe identificada cono Santa Eufemia, procedente dun antigo cruceiro levantado en honor desta ficticia santa. Segundo se narra no Cronicón de Don Servando,[398]o corpo desta mártir foi soterrado no lugar de Campino, na serra do Xerés na Raia de Portugal.[399]



Pasado o tempo, unha pastora atopou a súa man que tiña un anel de ouro e, ao quitarllo, quedou muda. Advertido o pai do que lle pasara a súa filla, puido comprobar que ao restituír o anel a pastora recobra a fala, ao tempo que unha voz anuncia que se trata do corpo de Santa Eufemia e que debe ser levado á igrexa de Santa Marina. No ano MCLIII, segue dicindo o cronicón, o bispo don Pedro Seguín[400] decide trasladalo á Catedral de Ourense, ao que se opón o bispo de Braga por considerar que este lugar pertence ao seu territorio. A disputa resólvese colocando o corpo da santa nun carro tirado por bois que, despois de comezar a andar, non se paran ata o lugar de Seixalbo. Alí é recollido polo bispo de Ourense e trasladado á catedral de San Martiño, construíndose un "humilladero" no lugar en que se detiveron os bois. "*Al margen de lo puramente legendario, sí es verdad que hasta fechas relativamente recientes se con-*

[398] Hervella Vázquez, José. "Un cronicón de origen orensano: la historia de Don Servando, Obispo de Orense," en *Porta da aira: revista de historia del arte orensano*, Nº. 5, 1992-1993, páx. 71-93.
[399] Trátase do lugar de Campelo, da parrroquia de San Salvador de Manín (Lobios-Ourense).
[400] D. Pedro Seguín foi bispo de Ourense a mediados do século XII.



servaba en la zona de Sejalvo "un cruceiro" de Santa Eufemia. Benito Fernández Alonso indica que en el siglo XVIII aún existía y que en torno a los años finales del siglo XIX, una capilla muy arruinada lo albergaba, leyéndose en el pedestal ***QUI PER ALLIIS ORAT / SEMETIPSUM DEO / COMENDAT.***"[401] A base deste cruceiro, actualmente de propiedade particular, presenta unha forma cilíndrica pero coa parte superior de forma troncocónica e na que se abre un oco cuadrangular para asentar o fuste. Xunto coa imaxe de Santa Eufemia do Museo Arqueolóxico de Ourense, constitúen os únicos restos existentes deste antigo cruceiro. Respecto a el di Avelino Rodríguez González que "*en referencia a la fecha en que se levanta el crucero de Santa Eufemia – primer cuarto del siglo XIV en atención a los conceptos expresados- es preciso considerarlo como una de las manifestaciones más antiguas de este tipo de monumentos actualmente conservada.*"[402] Pola nosa parte queremos dicir que a inscrición que figura nesta base, de tipoloxía gótica pero con trazos aínda de tipo carolina, propia do románico, nos leva a outorgarlle unha cronoloxía que andaría entre o finais do século XIII e comezos do XIV. Destacar tamén que esta peza constitúe unha proba máis da presenza dun elemento como a base nos primeiros cruceiros, que non cruces, góticos galegos.

Que en Galicia, dos cruceiros góticos só se conservaran as cruces, agás os elementos xa citados, coidamos que non é argumento suficiente para deducir, como se fixo ata agora, que as cruces góticas constituían un monumento diferenciado e anterior ao cruceiro, pois na nosa opinión, estas formaban xa parte dos segundos. Non obstante, isto nos leva a formularnos novas preguntas como: cal é a orixe e procedencia destes cruceiros góticos?, cal foi o motivo da súa construción?

[401] Hervella Vázquez, José. "Un cronicón de origen orensano: la historia de Don Servando, Obispo de Orense," en *Porta da aira: revista de historia del arte orensano*, Nº. 5, 1992-1993, páx. 8. Esta inscrición latinaestá realizada en tres liñas e en caracteres góticos e a súa tradución sería: "Quen por outros reza a se mesmo a Deus encomenda."
[402] Rodríguez González, Avelino. "Santa Eufemia". Museo Arqueolóxico de Ourense, 2013.

por qué viñeron os artífices destes cruceiros a Galicia? e por último: houbo cruceiros con anterioridade a estas obras góticas?, interrogantes aos que trataremos de responder a continuación.

Teorías sobre a orixe e procedencia dos cruceiros góticos galegos.

Comentábamos anteriormente, seguindo a Castelao, que estas obras non eran orixinarias de Galicia. Se esta afirmación é certa, cabe preguntarse pola súa orixe ou procedencia. O propio Castelao baralla diversas teorías para explicar a orixe dos cruceiros galegos e nós imos comentar cada unha delas aportando novos datos.

1. Influencia das Ordes Mendicantes

En primeiro lugar Castelao apunta a influencia das Ordes Mendicantes, especialmente dos franciscanos. Sabido é que San Francisco, a quen Filgueira Valverde denomina "sementador de cruceiros," peregrina a Santiago de Compostela no ano 1214, e que foi nesta cidade onde el e os seus seguidores, entre os que destaca Cotolai, fundan o primeiro convento desta nova orde. Sabido é tamén da devoción franciscana á cruz e ao crucifixo, que constitúe un dos seus emblemas, polo que non resulta estraño que esta orde, xunto cos dominicos, mandaran construír os primeiros cruceiros existentes en Galicia, que non deixan de ser cruces cun carácter monumental. En base a isto, di Castelao que "*é doado intuir que o cruceiro galaico-bretón –independente da cruz primitiva, aínda que siga desempeñando as mesmas finalidades- debe a súa nascencia e o seu espandimento ás conceicións místicas do franciscanismo, que trocaron o crucifixo alegórico en contenente dramático, achegando o Ceo á terra e dándolle aos motivos artísticos un caráiter xeral inconfundibel. O cristianismo popular dos cruceiros delata o infruxo das Ordes mendicantes, especialmente dos franciscáns*."[403] Pola súa parte, Carlos Valle Pérez afirma que os cruceiros aparecen directamente vinculados "*ás concepcións místicas emanadas do pensamento das ordes mendicantes, sobre todo dos franciscanos, que habían de promover o seu desenvolvemento. O contido dramático que se evidencia nestas obras, non pode ser de ningún xeito anterior ao século XIII.*"[404]A favor desta teoría, podemos cita o capitel do xa comentado cruceiro da Praza do Tapal de Noia, onde se representan tres frades (Clodio González Pérez di que dous deles son San Francisco e San Domingos), feito que unido á decoración que presenta, que resulta moi semellante á dos templos góticos destas ordes, amosa unha relación moi evidente entre os cruceiros e estas ordes. Ademais, chama tamén a atención a coincidencia de que os

[403] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000, páx. 109.
[404] Valle Pérez, Carlos. "Cruceiros", en *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo VIII. Santiago: Silverio Cañada, Editor, 1974. páx. 49.

primeiros cruceiros góticos se atopen en núcleos urbanos, fundamentalmente da costa atlántica, precisamente no ámbito que escolleron as ordes mendicantes para asentarse e desenvolver a súa actividade relixiosa, ao contrario de beneditinos e cistercienses que preferían a vida no campo. Cómpre tamén lembrar que a arte oxival, na que están realizados os primeiros cruceiros galegos, é unha arte vinculada a estas ordes, que fixeron do gótico o seu estilo.

2. O Camiño de Santiago

Castelao pregúntase se os primeiros cruceiros chegaron polo Camiño de Santiago e, nun principio, di que "*desde logo, esta non foi a única vía*,"[405] aínda que non a descarta completamente. Non obstante, nas páxinas seguintes da súa monumental obra *As cruces de pedra na Galiza,* afirma taxativamente que "*no camiño francés das pelerinaxes a Sant-Iago, así como nas terras da súa infruencia, non hai ronsel que denuncie o paso dos belidos cruceiros góticos de Galiza*,"[406] pois constata que os contados cruceiros góticos da península atópanse en Valencia, lonxe da ruta xacobea. Nós non estamos moi de acordo con estas afirmacións por unha serie de razóns que pasamos a expoñer.

En primeiro lugar, cómpre lembrar que na época en que aparecen os primeiros cruceiros en Galicia, aproximadamente a mediados do século XIV, a ruta xacobea estaba en pleno auxe, polo que non sería estraño que algún obradoiro itinerante chegara a Galicia por esta vía, aínda que non fora seguindo exactamente o camiño francés tradicional.

Coincidimos con Castelao na existencia de diversos cruceiros góticos en Valencia, pero non na súa afirmación de que este antigo reino se atopara fóra da ruta xacobea, pois hoxe sabemos que desde Valencia houbo un camiño a Compostela que, saíndo da cidade do Turia, pasaba por Almansa, Albacete, Toledo, Ávila Zamora e Astorga, onde enlazaba co tradicional, pois pouco tempo despois da toma do reino de Valencia por Jaime I, xa se realizaron peregrinacións á cidade do Apóstolo.[407] Ademais, hai un feito que Castelao descoñecía, pois se ben cita unha serie de cruceiros góticos desta comunidade que extrae do libro de Salvador Carreres Zacarés "*Cruces terminales de la ciudad de Valencia,*"[408]non di nada da presenza da figura de Santiago en moitos deles, tal como acontece no de Xátiva, no Prigó de Catí ou mesmo na existente na actualidade no Museo de Albacete, por citar só algúns exemplos. Na nosa opinión, esta presenza do Apóstolo en moitos cruceiros desta zona, pon de manifesto a vinculación destes monumentos coa ruta xaco-

[405] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000, páx. 110.
[406] Idem, pax. 112.
[407] Unha variante deste camiño era a que en Zamora se desviaba a Santiago por Ourense. Outra variante era a que saía de Valencia e pasaba por Almansa e Cuenca en dirección a Burgos, onde elazaba co Camiño Francés.
[408] Carreres Zacarés, Salvador. *Cruces terminales de la ciudad de Valencia*. Valencia: Tipografía Moderna, 1929.

bea, ademais da súa función de límite territorial. Neste aspecto convén chamar a atención sobre o xa citado Prigó de Catí, cruceiro descoñecido por Castelao. Data do ano 1.374 e mandouno facer un tal Giamo de Avinyo, segundo reza nunha inscrición en carácteres góticos situada no seu capitel e que amosa no pé da cruz un relevo que representa a Santiago Peregrino.

Outro tanto podemos dicir de varios dos cruceiros góticos galegos, entre os que cómpre destacar o do Home Santo, o de Cheis (Vimianzo), o da Praza de Alonso de Fonseca e de San Domingos, os dous en Pontevedra, así como tamén no de Calo (Teo), onde aparece o Apóstolo vestido de Peregrino.

3. A influencia de San Vicente Ferrer.

Outro santo que garda relación coa posible orixe dos cruceiros góticos en Galicia é San Vicente Ferrer, que no ano 1412 peregrina a Santiago de Compostela, cidade na que, segundo o historiador López Ferreiro, se levantaron polo seu consello os cruceiros do Home Santo e de Meixón Frío. Esta nova alertou a Castelao da posibilidade de que S. Vicente Ferrer fora o introdutor ou propagador dos cruceiros góticos en Galicia, e tamén na Bretaña,[409]dada a semellanza que presentan as obras galegas coas cruces de término de Valencia, cidade da que era orixinario este santo. Neste aspecto, Castelao supoñía que "*nos sermóns do sonado taumaturgo aparescía o seu amor ás cruces de pedra como espresión popular do arrepío que en toda Europa produxeron as pestes, pois ben se sabe que unha froresta de cruceiros xurdeu da terra bretona para impetrar o perdón de Deus.*"[410]Supoñía tamén Castelao que en tempos deste santo xa existían estes monumentos en Valencia, non sendo seguro que os houbera nos Fisterres atlánticos. A pesar destas premisas, o noso ilustre investigador desbota a posibilidade de que San Vicente Ferrer fora o introdutor dos cruceiros góticos en Galicia, pois os primeiros da nosa terra datan do século XIV (pon como exemplo o cruceiro de Melide) e, xa que logo, anteriores á visita deste santo a Galicia.

4. A ruta marítimas.

Castelao afirma taxativamente que os cruceiros viñeron polo mar, poñendo como exemplo o caso do cruceiro de Guimaraes denominado "Pedrao da Victoria" que actualmente se pode ver no centro desta cidade portuguesa, baixo dun templete, a carón da igrexa da Nosa Señora da Oliveira. Moi semellante ao do Home Santo de Santiago de Compostela, trátase dunha cruz gótica (os outros elementos que o conforman son de época posterior) que, segundo referencias

[409] Convén decir que San Vicente Ferrer predicou dous anos na Bretaña, falecendo en Vannes, cidade na que está enterrado.
[410] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000, páx. 116.

de Castelao, a trouxo de Normandía, no ano 1342, un tal Pero Estévez, adiñeirado comerciante vimaranense residente en Lisboa. Cómpre destacar que na súa iconografía figura a imaxe de Santiago. Na opinión do noso ilustre rianxeiro, esta "*obra, ou cecáis outras da mesma procedencia, foron os prototipos do novo calvario galego*."[411] Na súa opinión, a influencia de Normandía, berce da arte gótica de Bretaña, na xénese dos cruceiros galegos tería a súa explicación na semellanza dos cruceiros galegos cos bretóns, nas relacións comerciais de Galicia cos outros Fisterres e, tamén, no feito de que a zona de máis cruceiros da nosa terra se corresponde coas comarcas do litoral atlántico. Pola súa parte, Mª Dolores Fraga Sampedro, que destaca a súa similitude co cruceiro de Santa María de Fisterra, co do Home Santo de Santiago e co de San Bartolomeu de Pontevedra, afirma que "*El análisis estilístico del templete y del crucero manifiesta la vinculación con los talleres del sur de Galicia, ourensanos y dudenses, que abordarán en el segundo cuarto del siglo XIV las obras mendicantes de Ribadavia, Ourense y Tui."*[412]

Se a cruz de Guimaraes foi traída a esta cidade en 1342, cabe supoñer que fora realizada con anterioridade a esta data, o que a converte na cruz gótica máis antiga que coñecemos, incluídas as do Levante español, polo que ben puidera ser o modelo na que se inspiraron as que coroaban os primeiros cruceiros galegos. A favor desta teoría está o intenso comercio que dende baixa Idade Media realiza Galicia con Portugal e diversas zonas do Atlántico norte.

5. Outra posibilidade

A falta de información ata agora, tanto documental como epigráfica, non resulta doado establecer unha causa determinante na aparición dos cruceiros góticos en Galicia, feito que tamén axudaría para establecer a súa procedencia, e inclinámonos por pensar que foi unha conxunción de diferentes factores os que provocaron a eclosión destes monumentos na nosa terra. Así, case 65 anos despois da publicación de "As cruces de pedra na Galiza," temos que dicir que gran parte das teorías de Castelao (que como vimos analizou case todas as posibilidades) seguen aínda vixentes en canto que non foron refutadas por outras, todo iso a pesar de que o noso admirado mestre non contaba coa información que hoxe temos dos cruceiros, non só de Galicia senón doutras latitudes do Estado Español. Non obstante, queremos apuntar unha posibilidade que, na nosa opinión, non se tivo en conta o suficiente. Se estamos de acordo en que os cruceiros góticos comezan a súa andaina cono tal monumento a mediados do século XIV, facendo a súa

[411] Idem, páx. 112.

[412] Fraga Sampedro, Mª Dolores. "El Padrao do Salado en el contexto del gótico galaico-portugués", en *Estudios sobre patrimonio artístico. Homenaje del Departamento de Hisotira del Arte y de la Facultad de Geografía e Historia de la USC a la profesora Mª del Socorro Ortega Romero*. Barral Rivadullae López Vázquez (Coordinadores). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2002. Páx. 238.

aparición en vilas do litoral atlántico de Galicia ou vinculadas ao Camiño de Santiago, non resultaría estraño que estas obras, propiciadas nun principio por autoridades civís e eclesiásticas, foran encargadas por motivo da Gran Peste ou Peste Negra que, a partir de 1347, asolou gran parte do mundo coñecido, se ben a Galicia non chega ata 1348, facendo a súa entrada polas costas atlánticas. Coidamos que esta posibilidade abre un novo camiño de investigación que, sen desbotar os anteriormente citados, pode arroxar tamén algo de luz sobre a orixe dos nosos cruceiros. Cómpre lembrar que Frutos Fernández González apunta como motivo do desenvolvemento ou da expansión dos cruceiros en Galicia a partir do século XVI, as epidemias de peste que nesta centuria tiveron lugar en localidades como Allariz (feito que tampouco descartamos) pero, na nosa opinión, a peste que puido influír na aparición destes monumentos (que non no seu desenvolvemento, porque estamos falando de 200 anos antes) sería a de 1347, que matou a algo máis dun terzo da poboación europea. Un acontecemento deste calibre supoñemos que tería unha grande repercusión a nivel espiritual, xa que un perigo de morte, neste caso máis ben unha probabilidade case segura, sería un bo estímulo para levantamento destes monumentos. Nesta circunstancia coidamos tamén que o papel das ordes mendicantes, fundamentalmente dos franciscanos, foi decisivo, desenvolvéndose a súa actuación nun período económico favorable, froito sobre todo da actividade comercial, que posibilitaría a existencia de recursos para a construción dos cruceiros, feito ao que tampouco sería alleo o Camiño de Santiago.

Neste senso, non creemos que a devoción popular fora, nun principio, o motivo de construción dos nosos cruceiros góticos, pois este fenómeno non aparecerá ata despois do Concilio de Trento, acadando o seu máximo apoxeo nos séculos do barroco. Xa dixemos que se trataba de obras sen arraigo popular, encargadas polas xerarquía civil ou eclesiástica ou quizais tamén por algunha cofradía. A súa situación en vilas ou nos lindes de conventos (caso do cruceiro de San Francisco de Ourense) nos leva a pensar se non terían tamén unha función de marco, sinalando os límites da urbe ou de propiedades conventuais. Non o podemos afirmar taxativamente, pero queremos neste punto lembrar o caso do cruceiro da praza de Tapal, que orixinariamente se atopaba sobre a ponte Nafonso, nas proximidades da vila de Noia.

A pesar de que moitas publicacións insisten neste tema, non creemos que os nosos cruceiros góticos se levantaran para cristianizar lugares de antigo culto pagán, pois no período en que estes fan a súa aparición (mediados do século XIV) o cristianismo xa estaba plenamente asentado en Galicia, ou cando menos o grado de sincretismo entre a nova fe e os outros ritos ancestrais xa era total. Ademais, cómpre lembrar que estes cruceiros estaban situados en espazos urbanos, e non en encrucilladas, á beira de camiños, enriba de penedos, no interior de bosques,

á beira de ríos e outros lugares tradicionalmente asociados a vellos cultos precristiáns que o Dumiense encargouse de enumerar.

Os artífices dos cruceiros góticos

Se como dicíamos anteriormente os cruceiros góticos non naceron en Galicia e son obra de artistas foráneos, a pregunta lóxica é a de onde viñeron estes artistas, ademais da de cando e por qué?. A resposta a estes interrogantes resolvería a cuestión da orixe dos cruceiros, tema que, como acabamos de ver, constitúe un dos enigmas destes monumentos. Non obstante, unha característica destes artífices e o seu anonimato, pois a pesar de realizar obras tan fermosas como o cruceiro do Home Santo de Santiago, descoñecemos o seu nome, caso que non acontece, por exemplo, en moitos dos cruceiros de Valencia.

Polo que a Galicia respecta non hai, ou polo menos non se atopou ningún ata agora, ningún documento no que se recolla o nome dalgún artífice destas cruces góticas, nome que coidamos podería dar pistas sobre a procedencia destes primeiros cruceiros. Sospeitamos que se trataba de obradoiros itinerantes, dada a semellanza que presentan todas estas obras. Tamén se pode pensar que ao ser consideradas obras "menores" os seus artífices non as quixeran asinar, e que tampouco se redactan documentos contractuais (ou polo menos ata agora non apareceron) de encargos para a súa construción, como si acontecerá dende mediados do século XVI.

Houbo cruceiros románicos?

Cabe preguntarse se anteriormente ao período oxival houbo cruceiros en Galicia. Neste aspecto Castelao é tallante e nega a súa existencia: "*se por cruceiros románicos se debe entender que son anteriores ao século XIII, nós decimos que nin esisten nin esistiron,*"[413] pois na súa opinión os cruceiros son unha "creación gótica" que trata de imitar as cruces procesionais. Neste senso coido que debemos lembrar a achega de Filgueira Valverde cando, no tomo II do *Cuadernos de Estudios Gallegos*, correspondente aos anos 1946/1947, publica unha nova na que dá a coñecer un documento do ano 1215, existente no Arquivo da Catedral de Lugo, número 278 do libro B, no que con motivo dunha venda de Juan Peláez dun terreo, é citado un cruceiro. Para Filgueira Valverde a data "*está situada en época de peregrinación a Santiago de los santos fundadores de las órdenes mendicantes, a los cuales viene atribuyéndose la iniciación de las más bellas de las manifestaciones de nuestro arte popular*."[414] A importancia deste documento

[413] Idem, páx. 110.
[414] Filgueira Valverde, F., "Cruceiros", en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Tomo II, Santiago: Instituto Padre Sarmiento, 1946-1947. páx. 147.

reside, como xa dixemos, en que constituiría unha proba documental da existencia de cruceiros xa a comezos do século XIII, adiantando en moitos anos a implantación de cruceiros no noso país, onde quizais, xa non fora un elemento importado.

Pola súa parte, Jaime Delgado Gómez nun detallado estudio, dá a coñecer a cruz do "cruceiro" de Torre da Lama (Mañón-A Coruña).[415]Convén destacar en primeiro lugar que non se trata dun cruceiro exactamente, xa que o monumento actual foi realizado hai poucos anos con elementos pétreos diferentes e de épocas distintas, sendo a cruz a parte máis destacable deste conxunto. Atopada nun camiño, preto de Ortigueira, polo pai do seu actual propietario, trátase dunha cruz latina e tallada nun só bloque de granito que reproduce no seu anverso un crucifixo, no que a figura de Cristo aparece coa testa inclinada á dereita, os brazos non están pegados á cruz, os xeonllos están flexionados e os pés están superpostos, é dicir, cun só cravo; se ben o perizoma é aínda unha especie de faldón que lle chega ata os xeonllos. No seu reverso amosa un pantocrátor moi "elementalmente esculpido" pero que lle engade a esta peza un peculiar valor por esta dobre representación de Cristo a ambos lados da cruz. Para Jaime Delgado, esta cruz ben podería ser unha obra de finais do século XIII ou de comezos do XIV, afirmando que se trata dunha peza realizada con anterioridade ao de Melide, considerado por Castelao como o máis antigo de Galicia. Ademais, en opinión deste investigador, a presenza dun crucifixo no anverso da cruz, que non de Cristo, "*es algo así como un "primer ensayo" de la iconografía que el "crucero" podría llevar en su anverso," pois este tipo de monumentos "estaba entonces aún en su primera fase de creación*."[416] Reforza esta suposición na existencia do pantocrátor do reveso, motivo que tamén se ensaia no da Lama pero que non chega a callar. En síntese, esta cruz do "cruceiro" da Lama, "*nos está testimoniando el origen entonces de estes ahora tan abundantes y típicos monumentos de nuestra Galicia. Y nos confirma, a la vez, que antes de fijarse su iconografía característica, houbo "previos ensayos iconográficos" que no cuajaron, sino que evolucionaron otras formas que se fijaron definitivamente*."[417]

Hai que facer constar tamén que Manuel Murguía, referíndose á igrexa e hospital de San Lázaro de Santiago de Compostela, di que foron fundadas na era de 1187 por Alfonso Anaiades e a súa dona Adosinda Menéndez, así como tamén o coéngo Pedro Pérez. Dezaseis anos despois (era de 1203), que se corresponde co ano 1165, os esposos ampliaron a doazón "agregando a la capilla todo el terreno por donde iba el camino francés, desde la cruz de piedra, dice la nueva escritura hasta aquel camino denominado agua empezada y de la mujer quemada." Coidamos que este documento ben pode facer referencia a un cruceiro (daquela non existía esta denomina-

[415] Delgado Gómez, Jaime. "Restos de un "cruceiro medieval", de singular importancia, en Torre de Lama (Mañón-A Coruña," en *Brigantium*, volumen 6, anos 1989-1990, páx. 115-134.
[416] Idem, páx. 133.
[417] Idem, páx. 133.

ción) ou ben a unha simple cruz, da que se destaca que está realizada en pedra e que se atopaba á beira do Camiño de Santiago, unha proba máis da vinculación deste tipo de construcións coa ruta xacobea. En todo caso, trátase dunha interesante cita que nos pon en contacto cun monumento no que se pode atopar o precedente dos cruceiros.

Xa temos comentado que a formas tan fermosas e a monumentos tan elaborados como son cruceiros góticos non se chega de súpeto e, independentemente da súa procedencia ou orixe, non sería estraño que houbera precedentes destas construcións. Proba diso pode ser o documente da Catedral de Lugo anteriormente citado e a cruz do cruceiro da Lama. Ademais, que non atopemos en Galicia precedentes dos cruceiros góticos, non significa que non os houbera noutras zonas do Estado Español. Nesta liña queremos traer de novo á memoria o caso da Creu de Pedra de Castellort, no antigo camiño real de Berga a Sant Llorenç de Morunys e a cruz de Sant Martí de la Corriu (as dúas no Museu del Patronat de la Vall de Lord en Cataluña) das que só se conservan uns fragmentos, xa que foron destruídas en 1936. Aínda que o seu estado de conservación non é moi satisfactorio, os brazos rectilíneos e a longa túnica de Cristo poden inducir a pensar se estamos diante de obras románicas, precedentes dos cruceiros góticos. Na nosa opinión, a falta de estudos sobre estes dous exemplares deixa unha porta aberta a unha investigación de importantes consecuencias sobre a orixe dos cruceiros. Neste senso, convén citar aquí a Creu Verda de Montblanc ou de *les Virtuts*, datada no século XII e que se atopa no Santuario de la Serra, a *creu de terme del Coll de Begues ou de Can Grau*, situada na encrucillada do camiño real de Barcelona a Villafranca, construída no ano 1312 e que pasa por ser unha das máis importantes dos Paisos Catalans por ser as máis antigas das que están datadas. Outro caso notable son os restos dunha cruz de término (coa efixie de Cristo no anverso e da Virxe con Neno no reverso) que se atopan no Mosteiro de Refet, considerados como unha obra de transición do románico ao gótico (S. XII-XIII).

No libro *Les creus al vent* de Albert Bastardes, e con respecto á antigüidade das cruces de término, este autor cita a Duran i Sampere, quen ao referirse á cruz de San Martí de Provençals di que xa existía no ano 1344, se ben a actual foi reconstruída en 1589. Tamén, nun inventario de ano 1364, se cita a *Creu Coberta de la Selva del Camp*, polo que se supón que debe tratarse dunha obra realizada con anterioridade a esta data.

Todos estes exemplos son indicativos de que os cruceiros, considerados tradicionalmente como unha creación gótica, poderían ter precedente no románico, se ben a súa consolidación e esplendor, así como tamén os comezos da súa difusión, tería lugar no período oxival.

b } Expansión dos cruceiros en Galicia desde finais do século XVI

A expansión dos cruceiros en Galicia dende finais do século XVI ata mediados do XVIII, garda relación directa cunha serie de feitos relixiosos, sociais e económicos. Entre os primeiros podemos citar o ambiente creado, xa dende o século XIV e a raíz da peste de 1348, polas ordes mendicantes coas súas ideas da morte, ideas que foron callando na sociedade galega daquel tempo. Di Castelao que "*a relixiosidade dos pobos está directamente relacionada coa idea da morte e do culto que lle prestan aos seus defuntos.*"[418] Neste aspecto resulta difícil distinguir se o culto que se lle presta en Galicia aos mortos é produto do cristianismo ou ben dado polo influxo dun culto máis antigo, se ben nos inclinamos a pensar que é froito dun sincretismo entre os dous ao longo dos séculos, resultado de dúas concepcións con máis puntos en común que diverxencias.

Neste tempo, a celebración do Concilio de Trento (1545-1563) a raíz da controversia sobre as indulxencias,[419]vai ter unha fonda repercusión no espallamento dos cruceiros. Neste concilio,

[418] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000, páx. 120.

[419] A igrexa católica considera o pecado como unha ofensa a Deus, ben de palabra, obra ou omisón. No pecado podemos distinguir fundamentalmente dous aspectos: a falta ou culpa e a pena. A primeira é a que leva á condenación, pero pode redimirse mdieante a contricción ou a confesión, mentres que a pena se borra mediante o cumpriemnto dun castigo expiatorio. Neste aspecto, cómpre decir que a indulxencia (do latín"indulgentia"= bondad, benevolencia, gracia, remisión, favor) é unha remisión extra-sacramental da pena ou castigo temporal debida polo pecado que xa foi perdoado. A indulxencia non perdoa o pecado, pero exime das penas de carácter temporal que o pecador debería purgar na vida terrenal ou, despois da morte, no Purgatorio. Por medio das indulxencias, todo fiel pode lucrar para si mesmo ou para os defuntos a remisión das penas temporais dos seus pecados. As indulxencias poden ser concedidas polo Papa, arcebispos, bispos, e cardenais. Convén destacar que só o Papa pode otorgar indulxencias plenarias, e que foi Pio X quen, o 28 de agosto de 1903, permitiu aos cardenais conceder 200 días de indulxencia, 100 aos arcebispos e 50 aos bispos. Con anterioridade a esa data, os bispos só podían otorgar 40 días.
As indulxencias poden ser universais, as que se poden gañar en calquera parte do mundo, ou local, que son as que se gañan nun lugar determinado. Tamén poden ser perpetuas ou temporais ou reais e personais. Non obstante, a distinción máis importante é a que distingue entre indulxencia plenaria e parcial. Pola primeira, que fai a súa aparición pola metade do século XI, enténdese a remisión de toda a pena temporal merecida polo pecado, de tal xeito que non necesita ningunha outra expiación no Purgatorio. Pola súa parte, as indulxencias parciais condonan só unha parte da pena, na que un número determinado de días ou de anos significa que se cancela pola cantidade de pena equivalente tanto en vida coma no Purgatorio. Neste aspecto dí Emile Mâle: "Las oraciones de los vivos alivian las almas que expían en el Purgatorio y los méritos de los santos descienden sobre ellas. Las indulgencias que la Iglesia aplica a las almas del Purgatorio no son otra cosa que los sobreabundantes méritos de Jesucristo y de los santos, inmenso tesoro que no se puede agotar. El Papa dispone de él en virtud del poder que Cristo le ha dado, de atar y desatar. Así se puede rogar por los demás, merecer por los otros; hay una íntima unión entre los vivos y los muertos que forman la Iglesia; las virtudes de los santos, sus sacrificios no cesan de actuar y caen como un rocío bienhechor sobre las almas que sufren." (Mâle, Emile: *El arte religioso de la Contrarreforma*. Madrid: Ediciones Encuentro, 2001. páx. 65.
As indulxencias fixeron a súa aparición en torno ao século III, pero non será ata o XII cando se estableza unha primeira definición xurídica na que se distingue entre a absolución (reservada a Deus) e a indulxencia, que permite a reconciliación coa igrexa. Non obstante, co paso do tempo, a concesión de indulxencias foi dexenerando, dando lugar a abusos que foron denunciados por John Wiclifffe (1320-1384) e Jan Hus (1369-1415) entre outros. Tempo antes, nos concilios de Letrán (1215) e Viena (1311), xa se puxeran de manifesto os fraudes que se facían coas indulxencias, pois os fieis acaudalados, a cambio de importantes dádivas, conseguían redimir as penas temporais dos seus pecados. Coas sumas obtidas deste xeito, financiábase a construción de edificios relixiosos, as obras de caridade, etc., pero noutros casos iban directamente ao peto das autoridades eclesiásticas.
No primeiro cuarto do século XVI, o acordo de indulxencia de 1506 para a construción da basílica de San Pedro e as establecidas por Alberto de Branderburgo, bispo de Maguncia, dan lugar á protesta de Lutero (as famosas "95 Teses de Wittenberg") que sinala ocomezo do cisma protestante.

no que xogaron un importante papel os xesuítas, xurde a exaltación do Purgatorio, lugar ao que van as almas dos que morren en Gracia de Deus pero sen ter satisfeito totalmente a pena temporal merecida polos seus pecados. Na sesión XXV de Trento acórdase que "*existen certas penas que a alma debe cumprir no Purgatorio antes de acadar o Ceo, e que poden ser redimidas aquí na terra por familiares e amigos*."[420] Así, ás almas (nas que podemos incluír as nosas) as podemos axudar en vida con oracións e sufraxios, en base ao dogma da Comunión dos Santos.[421] De acordo con este dogma, a santidade dun individuo serve de proveito para os outros, segundo o intercambio de todos os bens. Posto que os fieis defuntos que están no Purgatorio son tamén membros da mesma Comunión dos Santos, as persoas vivas poden axudalas, entre outros xeitos, obtendo para elas indulxencias. Este medo á condenación eterna e a posibilidade de minorar a dolor purificadora que as almas en pena tiñan que padecer como requisito previo para chegar ao Ceo, callou extraordinariamente no noso pobo e moveu a piedade dos galegos, de aí que Castelao afirme que "*a mediados do século XVII, Galiza xa deixara de pensar no Inferno para entregarse de cheo á idea obsesionante do Purgatorio, do que os seus mortos queridos podían salvarse a forza de oracións e boas obras*."[422] Neste aspecto o Purgatorio vai encher en Galicia "*a base emotiva da relixiosidade vulgar," sentimento que se vai transformar nunha intensa devoción polas "almiñas" dos familiares mortos necesitados de axuda no proceso purificador antes de acadar a Groria*." Neste proceso purificador xogan, como xa dixemos, un importante papel as indulxencias que, aos ollos do noso pobo, convértense no principal medio para remediar ou suavizar, as penas dos seus familiares falecidos e, incluso, tamén das propias.

A idea consoladora do Purgatorio respondeu moi ben ás crenzas antigas do pobo galego, pero cómpre destacar que esta idea non naceu de preocupacións místicas populares, senón que foi impulsada dende xerarquía eclesiástica con motivo da Contrarreforma, que atopou no Purgatorio un tema de lucro. A este respecto di Castelao que só "*así é posbibel espricar cómo a idea do Purgatorio, eisaltada pola Eirexa Católica, non soio acadou en Galiza unha devoción preponderante, senón que ademais se revelou en motivos populares da arte. A idea do Purgatorio produxo a expansión dos cruceiros e a invención dos retábulos das Ánimas, que na veira dos camiños demandan esmolas e preces*."[423] Coincidimos con Castelao en que na expansión dos cruceiros a partir do século XVI, curiosamente nunha época na que decae considerablemente a peregrinación

[420] González Pérez, Clodio, *Os cruceiros*. A Coruña: Cadernos Museo do Pobo Galego, 12. 2002, páx. 39

[421] Así como cada órgano participa da vida de todo o corpo, así cada un dos fieis aproveita as oracións e as boas obras dos demais, un beneficio que enriquece, en primeiro lugar, aos que están en graza de Deus, pero tamén aos membros en pecado, aínda que con menos plenitude.

[422] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000, páx. 120.

[423] Idem, páx. 135

a Santiago, xogou un importante papel a devoción que o noso pobo sentía polos mortos queridos, aos que tratará de axudar, para evitarlles a condenación eterna ou minorar os seus padecementos no Purgatorio por calquera tipo de medios, entre os que destacan as indulxencias. Pero gustaríanos destacar que non só se pensaba nas almas dos mortos, senón que os vivos velaban tamén polas súas, de xeito de que os cruceiros se ergueron máis para salvar a alma propia que a dos demais, polo que nos resulta moi correcta a afirmación de Castelao cando di que "*o povo galego… ergue cruceiros para gañar en vida as indulxencias que no outro mundo se poden necesitar*,"[424] monumentos aos que tamén podemos engadir os petos de ánimas e os viacrucis. Estaríamos así diante dunha "inversión devocional" pensando no futuro que, na práctica, revelaríase como unha fórmula de éxito na construción deste tipo de monumentos. Neste contexto convén destacar novamente o papel da Contrarreforma como reacción á reforma protestante. Así, no século XVI a igrexa católica vai impulsar unha nova arte cristián na que, entre outros aspectos, se exalta o culto ás imaxes. Trátase dunha arte controlada pola xerarquía eclesiástica que, como primeira medida, proscribe o espido. Esta nova arte vaise caracterizar tamén pola fastosidade (fronte á austeridade protestante) e por un novo repertorio iconográfico que pon en valor ou resalta todo aquilo que os reformistas negan. Tal é o caso da Eucaristía (presente en moitos cruceiros), o culto á Virxe María e aos Santos, a exaltación da paixón de Cristo e o Purgatorio. Estes temas os podemos atopar plasmados nos nosos cruceiros, monumento que na Nosa Terra constitúe, a nivel popular, un dos mellores exemplos da arte da Contrarreforma.

Neste tempo tamén xogan un importante papel os franciscanos, pois como di Emile Mâle, eran defensores acérrimos do culto á Virxe e á paixón de Cristo, aspecto este último no que o seráfico santo identificouse tanto "*que sus discípulos lo han hecho representar a menudo participando en las escenas del Calvario.*"[425]

Polo que respecta ao século XVI, di X. M. Pérez García[426] que "entre 1520 e 1560-80, prodúcese en Galicia unha clara expansión da poboación, sendo a zona máis puxante a área de Pontevedra, Baiona e Noia, vilas nas que existen importantes bases comerciais e pesqueiras que xeran unha considerable riqueza, e nas que tamén existe, xa dende a baixa Idade Media, unha crase burguesa consolidada. Neste contexto destaca especialmente Pontevedra, cidade que en opinión de Ramón Villares*, "foi o emporio marítimo da costa de Galicia nos séculos XV e XVI.*"[427] Foi no tránsito entre a Época Medieval e a Moderna cando Pontevedra, dependente, xunto con Noia, do arcebispo compostelá, acada o seu máximo esplendor, ata converterse na

[424] Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000, páx. 122.
[425] Mâle, Emile. *El arte religioso de la Contrarreforma*. Madrid: Ediciones Encuentro, 2001. páx. 459.
[426] Pérez García, X. M. "Idade Moderna", en *Historia de Galiza*. Madrid: Editorial Alhambra, 1981 (2ª edición), páx. 154.
[427] Villares, Ramón. *Historia de Galicia*. Vigo: Editorial Galaxia, 2004. Páx. 185.

principal urbe de Galicia, incluso por encima de Santiago de Compostela. A súa privilexiada situación xeográfica, vai permitir que a súa fortuna se fundamente en dous grandes piares: o aproveitamento dos recursos pesqueiros e o comercio de longa distancia. As sardiñas, as pescadas e os congros, xunto co *saín* (un tipo de graxa) e viño do Ribeiro,[428] van ser as principais materias exportadas a través dunhas rutas comerciais "*que van desde o Mediterráneo ata o mar do Norte*,"[429] con mercados tan importantes como Sevilla e diversas cidades de Portugal. Trátase dun comercio non só exportador, senón que tamén importa tecidos do Mediterráneo e sal de Portugal e Bretaña.

Entre 1560-80 e 1630-60 pola contra, asistimos a unha caída demográfica en Galicia debida á decadencia do comercio con Portugal e a brotes esporádicos de peste, xa que "*das 20 noticias de pestes coñecidas para Galiza no século XVI, 15 delas son posteriores a 1569,*"[430] factores aos que hai que sumarlles as malas colleitas deste período. Non obstante, no eido agrícola e tamén económico, convén destacar a aparición do millo. *"A bela americana inicia os seus tenteos cos primeiros lustros do século XVII nas Rías Baixas, pero a captación pola masa campesiña non se produce ata o ciclo da crise aberto entre 1626-27 e concluso en 1633. Nas rías de Arousa e Pontevedra o millo aparece a partir de 1628 e introdúcese cunha rapidez inusitada por canto xa na década seguinte alcanzaba nestas demarcacións o terzo da colleita cerealeira e, en 1637, o procurador de Tui solicitaba a conveniencia de procurar saída aos abundantes cereais galegos, aclarándonos o procurador santiagués que "las casas estaban llenas de semillas de maíz" O millo gañou con celeridade estas provincias meridionais e así, ao redor de 1633, encóntrase xa nos vales medios fluviais (p. ex., zona de Vedra-Ribadulla)."*[431]

Pola contra, o millo tardaría moito en ser incorporado ás chairas do interior lugués e ourensán, onde os seus rendementos eran baixos, feito que contrasta coa rápida difusión que tivo nas comarcas costeiras, sobre todo, nas da cornixa atlántica, onde "*os seus rendementos son altos, superiores ata dez veces aos do centeo; o ciclo vexetativo é, pola contra, máis curto: entre a primavera e o outono; a súa fariña é de doada panificación, converténdose así o pan de broa nun dos principais sustentos das familias campesiñas. O incremento da poboación de Galicia nos séculos XVII e XVIII non se entendería sen contar con esta importante novidade agrícola.*"[432]

[428] En opinión de Ramón Villares o viño do Ribeiro "era o rei do comercio pontevedrés cara o mar do Norte." Idem., páx. 190-191.
[429] Idem, páx. 190.
[430] Pérez García, X. M. "Idade Moderna", en *Historia de Galiza*. Madrid: Editorial Alhambra, 1981 (2ª edición), páx. 154.
[431] Pérez García, X. M. "Idade Moderna", en *Historia de Galiza*. Madrid: Editorial Alhambra, 1981 (2ª edición), páx. 168.
[432] Villares, Ramón. *Historia de Galicia*. Vigo: Editorial Galaxia, 2004. Páx. 205.

Na nosa opinión, esta expansión do millo polas terras costeiras, fundamentalmente do litoral atlántico, onde vai acabar coas fames e onde vai a converterse nunha nova fonte de riqueza, vai influír na expansión dos cruceiros nesta zona. Tamén, a mediados do século XVIII rexístrase a aparición dun sector terciario de certa consideración, cun "*rápido incremento de la arriería y de otras profesiones relacionadas con el comercio y el tráfico (carretones de sardina y de sal, mesoneros, taberneros, tratantes de ganado, estanquilleros, comerciantes de lino y buriel)…*"[433], tal como establece Hilario Rodríguez Ferreiro para a zona de Trasdeza xunto cun aumento do artesanado rural libre. O aumento do poder económico, no que a produción do millo xoga un importante papel, de determinados estratos sociais, vai posibilitar o levantamento de numerosos cruceiros como medio de asegurarse ou acadar a salvación. Este período será o de maior puxanza na construción destes monumentos, construción que decaerá ou experimentará unha considerable diminución na primeira metade do XIX. Pola contra na segunda metade deste século, asistimos a unha certa recuperación dos cruceiros. Como exemplo podemos dicir que o 80% dos cruceiros con data da Tera Chá pertencen esta centuria. Así, neste século "*en paralelo ao proceso de decadencia de certas festividades relixiosas coma o Corpus ou a Semana Santa, prodúcese un auxe devocional arredor de vellos cultos como o do Sagrado Corazón ou o do Rosario. En 1854 a Igrexa aposta fortemente pola devoción mariana ao proclamar o Papa Pío IX o dogma da Inmaculada Concepción. Pouco despois, o Padre Claret organiza o Corazón de María. Xunto a estes fenómenos, hai que sinalar unha actitude máis condescendente das xerarquías católicas con fenómenos de relixiosidade popular, antes mal vistos. Tratábase, en certa medida, de non arriscarse a perder máis devocións, se así pode dicirse, nunha época de auxe das ideas liberais (mesmo anticlericais) en un intre tamén de clara ruptura da vella alianza, vixente no Antigo Réxime, entre o Estado e a Igrexa: esborallamento progresivo do sistema foral, desamortizacións, loitas entre liberais e carlistas, exclaustracións, concordato de 1851… En palabras de William Callahan: "La restauración de la piedad a mediados del siglo XIX fue fomentada por la Iglesia. Los escrúpulos que habían llevado a algunos obispos del siglo XVII a reprimir ciertos cultos fueron dejados de lado, para utilizarlos y difundirlos como simiente de la nueva fe entre los feligreses."*[434] A estes factores hai que engadir o repunte das santas misións (organizadas por franciscanos e xesuítas), así como tamén un aumento do poder económico, tanto pola chegada de cartos procedentes da emigración como pola presenza dun novo cultivo que vai acabar coa fame e xerar unha certa riqueza no agro de zonas do interior de Galicia: a pataca.

[433] Rodríguez Ferreiro, Hilario. *La tierra de Trasdeza. Una economía rural antigua*. Universidade de Santiago de Compostela, 1973. Páx. 28.
[434] *CATÁLOGO de cruceiros e cruces da Terra de Viveiro*. Seminario de Estudos "Terra de Viveiro," 1996, páx. 21.

Coñecida xa no século XVI, a pataca comeza a afianzarse no século XIX, pasando de ser un alimento para animais a "*estar presente nas mesas máis opíparas, como recoñecía á altura do ano 1850 o avogado lugués Castro Bolaño, nun coñecido Informe sobre a situación da agricultura na provincia lucense.*"[435] Este tubérculo revolucionará tamén o sistema agrícola coa multiplicación das labranzas na Galicia interior, "*onde a difusión de novos cultivos como a pataca permitiu a intensificación de cultivos en comarcas, como a Terra Chá, de tradición extensiva.*"[436]

Outro factor importante a nivel económico desta centuria decimonónica son as sucesivas desamortizacións, nas que a riqueza incautada "estaba constituída (páx. 261). Estas desamortizacións certos cambios no mundo da sociedade rural, dominada agora por fidalgos rendistas e propietarios agrarios, así como tamén por campesiños acomodados liberados das rendas forais grazas á Lei de Redención de Foros de 1873. Na nosa opinión, estes estratos sociais constitúen o sector que encargará os cruceiros, xa que poden permitirse o luxo de poder pagar estes símbolos de devoción e, porque non, tamén de prestixio social. Como exemplo podemos citar o desencravo de Suevos (Mazaricos), obra de Andrés Castaño Fernández realizada no ano 1861, que mandou facer Ventura Pérez de Lema, coñecido polo Cirolán de Seuevos, home acomodado, conservador e deputado en Cortes.

Neste contexto o cruceiro experimenta un novo pulo, converténdose, ademais dun monumento devocional, nun símbolo de prestixio social e nun elemento que axuda á salvación da persoa que o manda facer, así como tamén dos que rezan diante do mesmo. É por iso polo que segue a emprazarse en encrucilladas, camiños e adros de igrexas, é dicir, en lugares de paso obrigado e concorridos que aseguran un bo número de pregarias e oracións. Non porque o obxectivo sexa o de cristianizar estes lugares, senón porque, insistimos, eran os espazos idóneos para que o cruceiro cumpra a súa función esencial como obxecto de oración para gañar indulxencias, para o que cómpre que estea nun lugar moi concorrido para que así sexa maior o número de oracións dos camiñantes pola alma de quen o mandou poñer.

Xa dixemos que na segunda metade do século XIX o cruceiro experimenta un novo pulo na súa expansión, converténdose tamén nun elemento de prestixio social. A este período pertencen a maioría dos cruceiros monumentais e os desencravos que vimos anteriormente. Tamén neste tempo o cruceiro pasa a incorporarse á literatura e a pintura como un elemento característico da nosa paisaxe.

[435] Villares, Ramón. *Historia de Galicia*. Vigo: Editorial Galaxia, 2004. Páx. 206.
[436] Idem, páx. 271.

Epílogo

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Xa dixemos que hai cruceiros levantados por diversos motivos. Non obstante, a causa fundamental da súa construción foi a devoción. Devoción popular da que a Igrexa extrae importantes beneficios, ademais de asegurarse un control ideolóxico. A iconografía que se repite nestes monumentos non é froito da inventiva do canteiro, senón que obedece a indicacións da xerarquía eclesiástica. Proba diso é que todos os cruceiros da Terra Chá, comarca que depende do bispo de Mondoñedo, presentan os mesmos motivos a pesar de ser obra de canteiros diferentes e de estar realizados en diferentes épocas.

Para os seus propósitos, a Igrexa apóiase, coma sempre, na crase social máis púidente, que é paga os cruceiros porque é a única que pode permitirse ese luxo. Non se trata de cruceiros costeados pola igrexa e para a igrexa, o que explica que nos da comarca chairega non teñan peto, pois a súa función non é de servir de ucheira. O negocio está noutro aspecto. O devoto, insistimos unha vez máis que é de crase alta ou cando menos con certos recursos, encarga e paga un cruceiro a un canteiro (artista na maioría dos casos anónimo) que realiza o traballo segundo os canons marcados pola xerarquía eclesiástica. Acto seguido o coloca nun lugar público: á beira dun camiño, nunha encrucillada, no adro da igrexa, etc., como "donativo espiritual" á comunidade e, xa que logo, como mostra da súa posición social. Normalmente, e así figura como xa temos visto na maioría dos epígrafes, o doante paga ao bispado correspondente (nos da Terra Chá ao de Mondoñedo) por que lle conceda un determinado número de días de indulxencia para todos aqueles que recen diante do cruceiro as oracións aprobadas (outro exemplo de control) pola igrexa, oracións que van polo sufraxio da alma do propietario e polas dos que recen. Así, o cruceiro pasa a ser un elemento no que converxen unha serie de intereses no que as indulxencias xogan un papel importante. O doante asegúrase unha serie de oracións polo perdón dos seus pecados que lle permiten reducir o seu penar no Purgatorio, e os que rezan tamén obteñen para si beneficio das indulxencias polo feito de rezar as oracións axeitadas. O negocio é redondo: uns conseguen beneficios económicos (a xerarquía eclesiástica e, en menor medida, os canteiros que realizan os cruceiros) e outros (doante e devotos) beneficios espirituais en forma de indulxencia.

Na nosa opinión, este mutuo beneficio entre doante e devotos explicaría en parte a aceptación e o espallamento dos cruceiros a nivel popular. Ademais, a súa colocación en encrucilladas e camiños tería a súa explicación en que estes lugares, xunto cos adros das igrexas, eran os espazos máis concorridos e, a maior números de persoas rezando pola a alma do doante, máis posibilidades hai de salvación había para eles. Outros, sen tantos recursos económicos pero igual de devotos, en vez de cruceiros chantaban cruces, xa foran de pedra ou de madeira. Neste

senso, atreveriámonos a definir estas cruces coma os cruceiros dos probes. Aquí non había negocio nin fachenda, pero si devoción a esgalla.

A presenza de cruceiros nos adros das igrexas é unha proba que estes monumentos non teñen a súa orixe na cristianización de lugares pagáns.

Hoxe os cruceiros perderon en gran parte a súa función devocional para converterse en obxectos ornamentais. Con esta nova función os podemos ver en áreas recreativas, en prazas públicas e, sobre todo, en fincas particulares a carón do chalé e como "notas de color" xunto a un hórreos sen función e algunha que outra roda de muíño. De todos xeitos, aínda quedan moitos cruceiros con importantes historias humanas detrás deles que son as que nos interesan. O valor artístico e histórico de non poucos exemplares é un valor engadido a estas historias. Por iso, á hora de estudar os cruceiros, ademais de empregar o rigor científico, hai que empregar tamén o rigor do corazón, do sentimento por respecto a todo o que hai detrás deste monumento que transcendeu da devoción individual ata converterse a máis singular representación da relixiosidade popular galega.

Para Murguía, a infinidade de cruceiros existentes en Galicia, que dende moi antigo poboaron os camiños e lugares da Nosa Terra, tería a súa explicación en que foron os monumentos que reemprazaron aos vellos menhires. En absoluto estamos de acordo con esta teoría, pois cando os cruceiros fixeron a súa aparición, Galicia xa levaba máis de dez séculos cristianizada. Os menhires, construción de época megalítica, non se situaban á beira dos camiños nin nas encrucilladas, lugares nos que se asentan fundamentalmente os cruceiros, As causas do levantamento de cruceiros non gardan ningunha relación cos menhires, monumento que, por certo, é moi escaso en Galicia.

Os cruceiros foron e son musa de escritores e pintores que viron neles un xeito de cantar e retratar a través dun dos seus monumentos máis representativos. Despois de Rosalía de Castro, a primeira poetisa que reparou neles literariamente co seu poema dedicado ao cruceiro de Ramírez de Santiago de Compostela, viñeron outros escritores como Ramón Cabanillas, Eduardo Pondal, Valentín Lamas Carvajal, etc., que recolleron na súa produción literaria diversos poemas dedicados a estas sinxelas mostras da devoción popular.[437] Outro tanto podemos dicir dos pintores, tema inédito ao que lle dedicamos un capítulo dada a súa transcendencia, e temos previsto abordar a presenza dos cruceiros na fotografía galega dende os comezos desta arte, pois existe un bo número de interesantes fotógrafos de finais do XIX e comezos do XX que coas

[437] Para máis información sobre este tema, véxase: Castelao, Alfonso R. *As cruces de pedra na Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia, 2000. páx. 99 e Burgoa Fernández, Juan J. *O cruceiro na literatura*. Ferrol: Sociedade de Cultura Valle_Inclán, 2007.

súas cámaras inmortalizaron moitas escenas e recantos de Galicia nas que os cruceiros constitúe un elemento destacable. Entre eles podemos citar a Cisneros, Laurent, Chicharro, Castro Freire, Lima, Reboredo, etc., entre os que merece destacarse a Pelai Mas, fotógrafo catalán que en diversas ocasións visitou a nosa terra para realizar un exhaustivo inventario fotográfico do patrimonio artístico e etnográfico de Galicia, labor á que lle darán continuidade Ruth Matilda Anderson e Ramón Dimas entre outros.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Bibliografía

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

▪ ***Actas do I Congreso galego sobre cruceiros e cruces de pedra***. Poio, 11 e 12 de setembro de 2009. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2009.

▪ ***Actas do II Congreso galego sobre cruceiros e cruces de pedra***. Ponteareas, 24 e 25 de setembro de 2010. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2010.

▪ ***Actas do III Congreso galego sobre cruceiros e cruces de pedra***. Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2011. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2012.

▪ ***Actas do IV Congreso galego sobre cruceiros e cruces de pedra***. Lugo, 17 e 18 de novembro de 2012. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía / Asociación de Amigos dos Cruceiros, Cruces de Pedra e Petos de Ánimas 2013.

▪ Alcalde Crespo, Gonzalo. ***Inventario de ermitas, oratorios y humilladeros de la provincia de Palencia***. Palencia: Imprenta Provincial, 2002.

▪ Andrés Ordáx, Salvador. ***Iconografía cristológica a finailes de la Edad Media: El crucero de Sasamón***. Salamanca: [Universitas Extrematurensis], 1986.

▪ Ares, Nicandro. "Cruceiros de Begonte, Cospeito e Rábade", recensión publicada en ***Lucensia***, Biblioteca Seminario Diocesano de Lugo, nº 23, 2001, páxs. 398-399.

▪ Arribas Arias, F., Cuba Rodríguez, X.R. e Reigosa Carreiras, A.
"Cruces, cruceiros e petos de ánimas do municipio de Lugo (I)", en ***Boletín do Museo Provincial de Lugo,*** Tomo II, 1984, páxs. 195-204.

▪ Arribas Arias, F., Cuba Rodríguez, X.R. e Reigosa Carreiras, A.
"Cruces, cruceiros e petos de ánimas do municipio de Lugo (II)", en ***Boletín do Museo Provincial de Lugo,*** Tomo III, 1987, páxs. 133-150.

▪ Arribas Arias, F., Cuba Rodríguez, X.R. e Reigosa Carreiras, A. "As cruces e cruceiros da Terra Chá" en ***El Progreso.*** Lugo: 20-8-87, páx.7.

▪ Arribas Arias, F. e Blanco Prado, J. M. ***Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Castro de Rei e Outeiro de Rei,*** Sada: Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 76, Ediciós do Castro, 1998.

▪ Arribas Arias, F. e Blanco Prado, J. M. ***Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Guitiriz,*** Sada: Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 81, Ediciós do Castro, 1999.

▪ Arribas Arias, F. e Blanco Prado, J. M. "Os cruceiros da Terra Chá. Algunhas tipoloxías dos cruceiros de Castro de Rei (Lugo) (Diócese de Mondoñedo-O Ferrol)", en ***el Legado Cultural de la Iglesia Mindoniense,*** I Congreso do Patrimonio da Diócese de Mondoñedo, Ferrol, 1999, páxs. 497-506.

▪ Arribas Arias, F. e Blanco Prado, J. M. ***Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Begonte, Cospeito e Rábade***, Sada: Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 87, Ediciós do Castro, 2000.

▪ Arribas Arias, F. e Blanco Prado, J. M. "Algunhas tipoloxías dos cruceiros de Guitiriz", ***Os Canteiros.*** (Actas das xornadas celebradas en Parga –Lugo). Lugo: Brigadas en Defensa do Patrimonio Chairego, 2000, páxs. 21-41.

▪ Arribas Arias, F., Blanco Prado, J. M. e Saavedra Pérez, M. ***Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, Cristos e Cruces da Pastoriza,*** Sada: Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 92, Ediciós do Castro, 2002.

▪ Arribas Arias, F., Blanco Prado, J. M. ***Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, Cristos e Cruces de Xermade,*** Sada: Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 94, Ediciós do Castro, 2004.

▪ Arribas Arias, F., Blanco Prado, J. M. "Os Cruceiros da Terra Chá. Algunhas tipoloxías dos Cruceiros de Cospeito" en ***Cadernos de Estudios Chairegos,***
nº 1. Vilalba (Lugo): Instituto de Estudios Chairegos, 2002, páxs. 100-117.

▪ Arribas Arias, F., Blanco Prado, J. M. e Saavedra Pérez, M. "Os Cruceiros da Terra Chá. Algunhas tipoloxías dos Cruceiros da Pastoriza" en ***Cadernos de Estudios Chairegos,*** nº 2. Vilalba (Lugo): Instituto de Estudios Chairegos, 2004, páxs. 125-146.

▪ Arribas Arias, F., Blanco Prado, J. M. "Os Carboeira, unha saga de canteiros de Román (Vilalba)" en ***Boletín do Museo Provincial de Lugo***, tomo XI, volume 1, 2004. Páxs. 197-219.

▪ Arribas Arias, F., Blanco Prado, J. M. "Os Cruceiros da Terra Chá. Algunhas tipoloxías dos Cruceiros, cruces e cristos de Xermade" en ***Cadernos de Estudios Chairegos,*** nº 3. Vilalba (Lugo): Instituto de Estudios Chairegos, 2006, páxs. 77-112.

▪ Arribas Arias, F., Blanco Prado, J. M. e Saavedra Pérez, M. ***Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, cristos, cruces e esmoleiros de Abadín,*** Sada: Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 96, Ediciós do Castro, 2007.

▪ Arribas Arias, F., Blanco Prado, J. M. e Saavedra Pérez, M. "Os Cruceiros da Terra Chá. Algunhas tipoloxías dos Cruceiros do concello de Outeiro de Rei" en ***Cadernos de Estudios Chairegos,*** nº 4. Vilalba (Lugo): Instituto de Estudios Chairegos, 2008, páxs. 59-74.

▪ Arribas Arias, F."Os cruceiros lucenses, testemuñas de devoción", en ***Trasluz-Lukus***. Lugo, nº 2, primavera de 2009, páxs. 55-62.

▪ Arribas Arias, F. "Patrimonio lucense: O cruceiro de Lanzán, peza excepcional", en ***Trasluz-Lukus***. Lugo, nº 3, verán de 2009, páxs. 87-88.

▪ Arribas Arias, F. ***Cruceiros da Terra Chá***: ***características xerais e algúns exemplos notables.*** En Actas do ***I Congreso Galego de Cruceiros e Cruces de pedra***. Vigo (Pontevedra): Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía. 2009. páxs. 167-174.

▪ Arribas Arias, F. "Patrimonio lucense: cruceiro da Praza de Santa María de Lugo, o gran descoñecido", en ***Trasluz-Lukus***. Lugo, nº 4, outono de 2009, páxs. 30-32.

▪ Arribas Arias, F. "Cruceiro do adro da igrexa de Trobo: Peza singular e única", en ***Trasluz-Lukus***. Lugo, nº 5, inverno 2009-2010, páxs. 50-51.

▪ Arribas Arias, F., Blanco Prado, J. M. e Saavedra Pérez, M. ***Cruceiros, cristos e cruces de Muras.*** Vilalba: Instituto de Estudios Chairegos, 2009.

▪ Arribas Arias, F. "Cruceiros do Camiño Francés na provincia de Lugo: compañeiros de viaxe", en ***Trasluz-Lukus***. Lugo, nº 6, primavera de 2010, páxs. 26-29.

▪ Arribas Arias, F. "Cruceiro do Fiouco. Un exemplo de amizade", en ***Trasluz-Lukus***. Lugo, nº 7, verán de 2010, páxs. 52-55.

▪ Arribas Arias, F. "Motivos ornamentais e iconográficos nas bases dos cruceiros da Terra Chá", en ***Actas do II congreso galego sobre cruceiros e cruces de pedra***. Mos (Pontevedra): Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2010. páxs. 104-115.

▪ Arribas Arias, F., Blanco Prado, J. M. e Saavedra Pérez, "Os Cruceiros da Terra Chá: Funcionalidade e inscricións nos cruceiros, cristos e cruces de Abadín (Lugo)" en ***Cadernos de Estudios Chairegos,*** nº 5. Vilalba (Lugo): Instituto de Estudios Chairegos, 2010, páxs. 33-51.

▪ Arribas Arias, F. "Patrimonio lucense. Un curioso cruceiro en Xermade: O Cristo Enxoito", en ***Trasluz-Lukus***. Lugo, nº 8, outono-inverno de 2010-2011, páxs. 68-71.

▪ Arribas Arias, F. "Patrimonio lucense. Único exemplo de cruceiro policromado", en ***Trasluz-Lukus***. Lugo, nº 9, primavera 2011, páxs. 66-67.

▪ Arribas Arias, F. "Patrimonio lucense. Cruceiro dos Carboeira. Símbolo dunha dinastía de canteiros", en ***Trasluz-Lukus***. Lugo, nº 10, verán 2011, páxs. 55-57.

▪ Arribas Arias, F. "Motivos ornamentais e iconográficos nos fustes dos cruceiros da Terra Chá", en ***Boletín do Museo Provincial de Lugo***. Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo (Área de Cultura), Nº XIV (2009, 2010, 2011) páxs. 93-116.

▪ Arribas Arias, F. "Patrimonio lucense. Cruceiros urbanos de Lugo", en ***Trasluz-Lukus***. Lugo, nº 11, inverno 2011- 2012, páxs. 60-63.

▪ Arribas Arias, F., Blanco Prado, J. M. e Saavedra Pérez, ***Cruceiros de Vilalba.*** Vilalba: Instituto de Estudios Chairegos, 2012.

▪ Arribas Arias, F. "Os cruceiros galegos. Estado da cuestión", en *Actas do III Congreso galego sobre cruceiros e cruces de pedra*. Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2011. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2012.

▪ Arribas Arias, F. "***Cruceiros sobranceiros***", en ***Artesonado***, nº 38. 2012, páxs. 10 e 11.

▪ Arribas Arias, F. "O cruceiro…", en ***GALLAECIA PETREA*** [Catálogo da exposición]. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria / Fundación Cidade da Cultura, 2012.

▪ Arribas Arias, F. "Os cruceiros na plástica galega. Algúns exemplos notables", en ***ACTAS DO IV CONGRESO GALEGO SOBRE CRUCEIROS E CRUCES DE PEDRA***. Lugo, 17 e 18 de novembro de 2012. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía / Asociación de Amigos dos Cruceiros, Cruces de Pedra e Petos de Ánimas 2013.

▪ Baamonde, A. e Castro, A. "Cruces, cruceiros, ermidas e capelas da bisbarra chairega"**,** en ***El Progreso.*** Lugo: 22-8-87, páx. 7.

▪ Ballesteros, A. Mª. "Os cruceiros". ***Raigame,*** nº 7, Ourense, 1998, páxs. 94-102.

▪ Ballesteros, A. Mª. "Análise do Calvario de Evade", ***Raigame,*** nº 10, Ourense, 2000, páxs. 36-43.

▪ Barral Rivadulla, Mª Dolores e Cendón Fernández, Marta. " Devociones en piedra en la Galicia gótica rural ", en ***Semata***, volume 9, 1997, páx. 405-423.

▪ Barreiro. B. "El Home Santo de Bonaval. Apuntes históricos sobre el herrador Juan Tourum, caudillo popular del siglo XV", ***Galicia Diplomática.*** Tomo I, nº 23, 1882, páxs. 161-166.

▪ Barreiro. B. "Monumentos populares. Las cruces y los cruceros", ***Galicia Diplomática.*** Tomo IV, nº 12, 1889, páxs. 91-93.

▪ Barreiro. B. "Monumentos populares. Las cruces y los cruceros", ***Galicia Diplomática.*** Tomo IV, nº 19, 1889, páxs. 151-152.

▪ Barreiro. B."Monumentos populares. Las cruces y los cruceros", ***Galicia Diplomática.*** Tomo IV, nº 20, 1889, páxs. 157-158.

▪ Barreiro. B. "Monumentos populares. Las cruces y los cruceros", ***Galicia Diplomática.*** Tomo IV, nº 21, 1889, páxs. 163-166.

▪ Barreiro. B.. ***Brujos y astrólogos de la Inquisición en Galicia***. Sevilla: Extramuros ediciones, 2010.

▪ Barriocanal, Yolanda. "Arte popular. Los petos de ánimas", en ***Boletín Avriense***, anexo 3, Ourense, 1985.

▪ Bas López, Begoña. " Peto de Ánimas", en ***G. E. Galega,*** Tomo XXIV, 1974, páxs. 224-226.

▪ Bas López, Begoña. ***Construccións populares galegas***.. A Coruña: Bankunión, A Coruña, 1980.

▪ Bas López, Begoña. ***As construccións populares. Un tema de etnografía en Galicia.*** A Coruña: Ediciós do Castro, 1983.

▪ Bas López, Begoña. ***Camiños, pasos e pontes.*** Vigo: Ed. Ir Indo, 1989.

▪ Bas López, Begoña., SENÉN, Felipe e outros. ***Os petos de ánimas en Ourense.*** A Coruña: Ediciós do Castro, 1985.

▪ Bastardes i Parera, Albert. ***Les creus al vent***. Barcelona: Editorial Millá, 1983

▪ Beiró Piñeiro, X.C. "Dous novos tipos de cruceiros na provincia de Lugo: o cruceiro xiratorio de "A Cruz da Graña" (A Fonsagrada) e o "cruceiro da deshonra" de Bao (Alfoz)", ***Murguía***, nº 11, setembro-decembro, 2006, páxs. 53-63.

▪ Blanco Prado, José Manuel. ***Religiosidad popular en el Municipio de Begonte.*** Lugo: Servicio Publicacións Deputación Provincial, 1990.

▪ Blanco Prado, José Manuel. ***Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses.*** Lugo: Servicio Publicacións Deputación Provincial, 1996.

▪ Blanco Prado, José Manuel. "Aproximación a un inventario dos Santuarios da Terra Chá", en ***El Legado Cultural de la Iglesia Mindoniense,*** I Congreso do Patrimonio da Diócese de Mondoñedo, Ferrol, 1999, páxs. 475- 496.

▪ Blanco Rodríguez, Susana e González Hermida, Celsa: ***Cruces, cruceiros e petos do concello de Ribadavia***. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2009.

▪ Boletín da emisión Selo Cruceiro de Hío. Concello de Cangas. 29 de novembro de 2002.

▪ Bouza, F. "Lenda de lobos do cruceiro da Gándara", ***Nós.*** Tomo XIV, nº 97, 1932, páx. 20.

▪ Bouza, F. "La imagen de Santiago en el crucero llamado do Home Santo", ***Compostellanum.*** Tomo 9, nº 2, 1964, páxs. 339-341.

▪ Broz Rei, X. M. "Os cruceiros da Terra de Melide", ***Boletín de Estudios Melidense.*** Tomo II, 1983, páxs. 34-41.

▪ Burgoa Fernández, J. J. "Cruceros y cruces altas de Ferrol", en ***Análisis,*** nº 7, 1995, páxs. 28-35.

▪ Burgoa Fernández, J. J. "Los cruceros de la comarca de Betanzos (I)", en ***Anuario Brigantino,*** nº18, 1995, páxs. 259-274.

▪ Burgoa Fernández, J. J. "Los cruceiros de la comarca de Betanzos (II)", en ***Anuario Brigantino,*** nº 19,1996, páxs. 251-270.

▪ Burgoa Fernández, J. J.“Los cruceros de la comarca de Betanzos (III)”, en ***Anuario Brigantino,*** nº 20,1997, páxs. 271-298.

▪ Burgoa Fernández, J. J. “De Ferrol a Compostela. Los cruceros del Camino Inglés”**,** en ***Aulas no camiño da Universidade da Coruña,*** 1997, páxs. 109-124.

▪ Burgoa Fernández, J. J. “El crucero de San Nicolás de Neda”, en ***Estudios Mindonienses,*** nº 13*,* 1997, páxs. 491-508.

▪ Burgoa Fernández, J. J.“Arte popular. Cruceros del municipio das Pontes”*,* en ***Abrente*****,** Revista de la R.A.G. de Bellas Artes da Coruña*,* nº29, 1997, páxs. 215-258.

▪ Burgoa Fernández, J. J.“Cruceiros e cruces de Pontedeume. Apuntamentos Históricos, Artísticos e Etnográficos”, en ***Cátedra,*** Revista Eumesa de Estudios de Pontedeume**,** nº 5, 1998, páxs. 41- 63.

▪ Burgoa Fernández, J. J. “La catalogación y protección de los cruceros. Ejemplares de los municipios de Sada y Oleiros”, en ***Abrente***, Revista de la R.A.G. de Bellas Artes da Coruña**,** nº 30, 1998, páxs. 153-210.

▪ Burgoa Fernández, J. J.**“**Cristo da Tahona. Sinal de identidade do barrio de Canido”, en ***Cadernos Ártabros do Concello de Ferrol,*** nº 1, 1999, páxs. 16-51.

▪ Burgoa Fernández, J. J. “Cruceros y petos de los municipios de Moeche, Somozas y San Sadurniño”,en ***el Legado Cultural de la Iglesia Mindoniense,*** I Congreso do Patrimonio da Diócese de Mondoñedo, Ferrol, 1999, páxs. 463-474.

▪ Burgoa Fernández, J. J.“Los cruceros y cruces de los municipios de Neda, Narón y Valdoviño (I)”, en ***Revista de Neda****,* nº 2, 1999, páxs. 51-64.

▪ Burgoa Fernández, J. J.“De Tui a Santiago. Los cruceros y petos de ánimas del Camino Portugués”, en ***Aulas no camiño da Universidade da Coruña,*** 2000, páxs. 1-22.

▪ Burgoa Fernández, J. J. “Arte religioso popular. Los cruceiros de los municipios de Fene, Mugardos y Ares”, en ***Estudios Mindonienses,*** nº16*,* Ferrol, 2000, páxs. 631-666.

▪ Burgoa Fernández, J. J.“El crucero del monte de Chamorro. Sincretismo de viejos y nuevos cultos”, en ***Poesía Galicia de Ferrol,*** nº 15*,* 2000, páxs. 53-55.

▪ Burgoa Fernández, J. J. “El Cristo de la Tahona, una obra de arte religioso popular”**,** en ***Arimathea (Cofradía del Santo Entierro),*** nº 4*,* Ferrol, 2000.

▪ Burgoa Fernández, J. J.“El Patrimonio Etnográfico. Cruceros y petos de Moeche y S. Sadurniño”, en ***Anuario Brigantino***, nº 23, 2000, páxs. 477-494.

▪ Burgoa Fernández, J. J.“Os cruceiros dos municipios da Capela y Cabanas”, en ***Cátedra, Revista Eumesa de Pontedeume,*** nº 8*,* 2001, páxs. 101-112.

▪ Burgoa Fernández, J. J.“ O Cristo de Rebordelo”, en ***A Javiota. Rev. Cultural de Cedeira,*** nº 8*,* Cedeira, 2001, páxs. 33 e 34.

▪ Burgoa Fernández, J. J.***Cruceiros y Cruces de Ferrolterra,*** Ferrol: Edicións Embora*,* 2001.

▪ Burgoa Fernández, J. J.“De Mondoñedo a Santiago. Cruceros y construcciones religiosas de arte popular en el Camino del Norte”, en ***Aulas no Camiño da Universidade da Coruña.*** No prelo.

▪ Burgoa Fernández, J. J.“Cruceros de S. Andrés de Teixido y sus caminos de peregrinación”**,** en ***Cuadernos de Estudios Gallegos.*** Tomo L, nº 116, 2003. páx. 273-303.

▪ Burgoa Fernández, J. J.“El Patrimonio Etnográfico. Cruceros y cruces altas de piedra de Cedeira”, en ***Cuadernos Artabros de Ferrol****.* No prelo.

▪ Burgoa Fernández, J. J.***Los cruceros, el patrimonio etnográfico y el arte popular***. Sada: Ediciós do Castro, 2003.

▪ Burgoa Fernández, J. J.“Cruceros de la comarca de la Costa da Morte. Municipios de Fisterra y Corcubión”, en ***Museo de Pontevedra***, nº LVII, 2003, páx. 269-289.

▪ Burgoa Fernández, J. J.***Percorrido polos cruceiros da Costa da Morte (Galicia)***. A Coruña, Asociación Neria, 2004.

▪ Burgoa Fernández, J. J.***Cruces, cruceiros e petos do camiño portugúes en Galicia.*** Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2005

▪ Burgoa Fernández, J. J.“*De Mondoñedo a Compostela. Cruceiros e construcións relixiosas da arte popular no Camiño do Norte*”, en ***Boletín do Museo Provincial de Lugo***. Tomo XIII. 2006/2007/2008 páxs. 87-105

▪ Burgoa Fernández, J. J.“*De Ourense a Compostela. Os cruceiros da Vía da Prata* ”, en ***Rudesindus***. Abril, 2008. páxs. 175-190.

▪ ***Cabreiros e un pouco do seu entorno***. Lugo: Asociación de Veciños de Cabreiros, 1998.

▪ Cacheda Vigide, E. A***. La Religiosidad Popular en Galicia. El Municipio de Arzúa.*** Arzúa: Consellería de Cultura e Diputación da Coruña, 1991.

▪ Campos García, B. ***El cruceiro de Hío.*** Pontevedra, 1987.

▪ Camps i Marcadal, Francecs. ***Creus. Treball inét del doctor Camps***. Consell Insular de Menorca, 1981.

▪ Cardeso Liñares, José. ***Los Santuarios marianos de Galicia.*** A Coruña: Fundación Caixa Galicia, 1995.

▪ Carré Alvarellos, Leandro. ***La leyendas tradicionales gallegas***. Madrid: Espasa-Calpe (colección Austral), 1978. (2ª Edición).

▪ Castillo, A. del. "De un interesante cruceiro de Noia", ***Tapal,*** Noia, 1955.

▪ Castillo, A. del. ***Inventario artístico y monumental de Galicia.*** A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 1987.

▪ Castillo Fondevila, Mª Esther del. ***Obras públicas en Galicia al servicio del Camino Francés***. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2000.

▪ Castro Castaño, José Andrés e FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, Estanislao. ***Vidas Labradas en Pedra. Os Santeiros de Chave-Lousame***. Lousame: Ed. do Concello, 2001.

▪ Cebrián Franco, Juan José. ***Santuarios de Galicia (Diócesis de Santiago de Compostela),*** Santiago de compostela: Arzobispado,1982.

▪ Cebrián Franco, Juan José. ***Guía para visitar los santuarios marianos de Galicia.*** Madrid: Ed. Encuentro, 1989.

▪ Cendán Fraga, A.: "Os cruceiros de Vilalba", en ***El Progreso.*** Lugo: 31-8-88, páx. 33.

▪ Cendán Fraga, A.: "Cruceiros, hórreos y antiguos molinos chairegos sucumben en el olvido", en ***El Progreso.*** Lugo: 29-12-89, páx. 9.

▪ Cid Hermida, Luciano. ***Leyendas y tradiciones***. A Coruña: Andrés Martínez, editor., 1891. (Edición facsimilar a cargo da Fundación Santiago Rey Fernández Latorre, A Coruña, 2004).

▪ Cerrato Álvarez, A. ***O mundo dos cruceiros, cruces e petos de ánimas da bisbarra da Limia***. Vigo: Asociación galega para a cultura e a ecoloxía, 2009.

▪ Corbal, Conde. ***Cruceros, petos y santos***. Pontevedra: Imprenta C. Peón, 1966.

▪ Covarrubias Oronoz, Sebastián. ***Tesoro de la lengua castellana***. Madrid: Imp. Luís Sánchez, 1611. Fol. 62 v.

▪ De Artaza Malvárez, Ramón. ***Villa de Muros y su distrito (Cruceros de Carnota, Mazaricos, Muros y Outes).*** A Coruña: Edinosa, 1992.

▪ **Decreto 571/1963 do 14 de Marzo** (Ministerio Educación Nacional) sobre protección de escudos, emblemas, cruces de termo e obras similares (BOE nº 77 do 30 de Marzo de 1963).

▪ Delgado Gómez, Jaime. "Restos de un cruceiro medieval de singular importancia en Torre de Lama (Mañón- A Coruña), en ***Brigantium,*** vol.6*,* A Coruña, 1989-90, páxs. 115-134.

▪ Delgado, Manuel. "La "religiosidad popular." En torno a un falso problema," en ***Gazeta de Antropología***, 1993.

▪ Dobarro, X. Mª. "As cruces de pedra, expresión da arte popular", ***Cuadernos Artabros,*** nº 1, 1999, páxs. 11-14.

▪ Doporto Regueiro, Cecilia. "Santidade, dor e morte na iconografía dos cruceiros de Lalín", en ***Descubrindo*** (Anuario de Estudios e Investigación de Deza). Lalín: Seminario de Estudios de Deza, Nº 11, páxs. 15-37, 2011.

▪ Eiroa Hermo, E. "La obra de Cerviño en Coiro", en programa das ***Fiestas Patronales del Divino Salvador de Coiro (Cangas),*** 1996.

▪ Eiroa Hermo, E. "A obra de Cerviño en Cangas", en programa das ***Festas do Cristo de Cangas,*** 1996.

▪ Erias, A. ***Debuxos de Galiza (II). Cruceiros.*** Betanzos: Ed. Briga, 1997.

▪ Escola Nacional de Nenos do Couso (A Estrada). "Cruceiros", en ***Museo de Pontevedra,*** vol. XXVII, Pontevedra, 1973, páxs. 237-253 + XL Láminas.

▪ Fernández Álvarez, M. ***Cruces, cruceiros e petos do concello de Ponteareas***. Vigo: Asociación galega para a cultura e a ecoloxía, 2008.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. ***Cruces mariñas e de mala morte das costas galegas.*** Vigo: Asociación galega para a cultura e a ecoloxía, 1990.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. ***Cruces e Cruceiros de Ánimas de Galicia.*** Vigo: Asociación galega para a cultura e a ecoloxía, 1996.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. ***Esmoleiros y petos de ánimas da provincia da Coruña.*** Vigo: Ir Indo, 1998.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. ***Esmoleiros y petos de ánimas da provincia de Ourense.*** Vigo: Ir Indo, 1998.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. ***Esmoleiros y petos de ánimas da provincia de Pontevedra.*** Vigo: Ir Indo, 1998.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. ***Entre Encravamentos profundos e Desencravos amorosos.*** Vigo: Ed. Galaxia, 2001.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. ***Buscando a González atopámonos con Gómez***. Vigo: Asociación galega para a cultura e a ecoloxía, 2002.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. ***Esmoleiros, petos e cruceiros de ánimas de Lugo***. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2002.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. ***Cruces, cruceiros, esmoleiros e petos de ánimas de Redondela***. Vigo: Asociación para a Cultura e a Ecoloxía, 2005.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. ***Cruces e esmoleiros do concello de Mos***. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2006.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. ***Cruces, cruceiros e petos do concello de Salceda de Caselas***. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2006.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. ***Cruces, cruceiros e petos do concello da Cañiza***. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2006.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. ***Cruces, cruceiros e petos do concello de Salvaterra do Miño***. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2006.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. ***Cruces, cruceiros e petos do concello de Portas***. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2007.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. ***As Neves: cruces, cruceiros e petos***. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2007.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. ***Cruces, cruceiros e petos do concello de Soutomaior***. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2007.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. ***Cruces, cruceiros e petos do concello de Caldas de Reis***. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2007.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. ***Cruces, cruceiros e petos do concello de Poio***. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2007.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. ***Cruces, cruceiros e petos do concello de Mondariz-Balneario***. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2007.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. ***Cruces, cruceiros e petos do concello do Carballiño***. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2008.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. ***Cruces, cruceiros e petos do concello de Pazos do Borbén***. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2008.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. e Sampedro Fernández, A. ***Cruces, cruceiros e petos do concello de Mondariz***. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2008.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. ***Cruces, cruceiros e petos do concello de Catoira***. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2008.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. ***Cruces, cruceiros e petos do concello de Barro***. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2009.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. ***Cruces, cruceiros e petos do concello de Cunria***. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2009.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. ***Cruces, cruceiros e petos do concello de Vilaboa***. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2009.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. e Sampedro Fernández, A. ***Cruces, cruceiros e petos do concello de Covelo I***. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2009.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. ***Cruces, cruceiros e petos do concello de Meis***. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2010.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. ***Cruces, cruceiros e petos do concello de Trasmiras***. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2010.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. ***Cruces, cruceiros e petos do concello de Gondomar***. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2013.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. e Sampedro Fernández, A. ***Cruces, cruceiros e petos do concello de Covelo II***. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2010.

▪ Fernández de la Cigoña Núñez, E. S. ***Cruceiros de Val Miñor y Santa María de Oia***. Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra, 2004.

▪ Fernández, L e Fernández, C. "Dos cruceiros peculiares en la provincia de Ourense", ***Boletín de estudios del Seminario Fontán Sarmiento,*** nº 14, 1993, páxs. 101-103.

▪ Fernández Losada, J.A. ***Cruces e Cruceiros do concello de Ourense.*** Ourense: Copytema, 1997.

▪ Fernández Llano, E. e outros: ***Catálogo dos cruceiros e cruces da terra de Viveiro.*** Viveiro*:* Ed. Seminario de Estudos Terra de Viveiro, 1996.

▪ Fernández Oxea. Xosé Ramón. ***Santa Marta de Moreiras***. Vigo: Edicións Castrelos, 1968.

▪ Fernández Sendín, Maximino: ***Galicia: el cruceiro y su origen. Cruceiro de Covelo: Santísimo Cristo de los Afligidos, obra de José Cerviño, ejemplar único***. Covelo (Pontevedra): Gráficas Lomba, 2003.

▪ Ferrá y Perelló, Bartolomé. "Cruces de Piedra", en ***Boletín de la Sociedad Arqueológica Luliana***, 1885, páx. 4.

▪ Filgueira Valverde, X. "Cruceiros", en ***Cuadernos de Estudios Gallegos,*** Tomo II, nº 5, 1946, páx. 147.

▪ Filgueira Valverde, X. ***Los canteros gallegos.*** Vigo: Ed. Palacios, 1973.

▪ Filgueira Valverde, X. ***Cruceiros gallegos.*** A Coruña: Almanaque Banco Pastor, 1977.

▪ Filgueira Valverde, X. "Sementador de cruceiros",en ***Faro de Vigo,*** 20-04-1980.

▪ Fonte Sardiña, Jose Mª. "Os cruceiros coa imaxe do Apóstolo Santiago no concello de Pontedeume", en ***Cátedra. Revista eumesa de estudios***. Nº 18 (1993) páx. 7-44.

▪ Font i Sagué, Norbert. ***Datos para la història de les creus de Catalunya***. Barcelona: Imprenpta á Carrech de Fidel Giro, 1894.

▪ Fraguas, A. "El crucero de Barreiros", ***Lar,*** nº 304, 1960, páxs. 39-40.

▪ Fraguas, A. "Cruz", en ***G. E. Gallega,*** Tomo VIII, 1974, páxs. 62-64.

▪ Frazer, James: ***The golden bough, a study in magic and religion***,3a edición. Vol. 1. Macmillan and Co., Londres 2003

▪ Frutos García, Pedro de. ***Leyendas gallegas (II). De la iniciación al mitogenismo***. Madrid: Ed. Tres, catorce, diecisiete, 1981.

▪ Fuentes, X. "Arte relixiosa popular", ***Proxecto Galicia. Serie Antropoloxía,*** Tomo XXV, capítulo 5, Ed. Hércules, A Coruña, 1997, páxs. 295-321.

▪ García Patiño, Miguel e Jar Ramos, Antonio. ***Cruceiros e petos do Concello de Cotobade.*** Pontevedra: Deputación Provincial, 1998.

▪ García Permuy, Carlos. "Os cruceiros de capeliña na terra de Barbanza. Os Loretos"**,** en ***Rev. Brigantium****,* vol. VIII*,* Museo Arqueológico da Coruña, 1993-94, páxs. 307-321.

▪ Gil Agras, H. "Os cruceiros de Bretoña", en ***El Progreso,*** Lugo: 17-8-91, páx. 37.

▪ Giordano, Oronzo. ***Religiosidad popular en la Alta Edad Media***. Madrid: Editorial Gredos, 1995.

▪ González Pérez, Clodio. ***Concello de Rois. Catálogo arqueolóxico, artístico e monumental.*** Santiago, 1990.

▪ González Pérez, Clodio. "O milagre da lactación de S. Bernardo nun cruceiro do século XVI", ***Brigantium,*** 6, A Coruña, 1989-90.

▪ González Pérez, Clodio. "Un cruceiro ben documentado: o de Teaño (Boiro, A Coruña)", ***Museo de Pontevedra,*** XLIV, Pontevedra, 1990.

▪ González Pérez, Clodio. "Os cruceiros de capela do Concello de Rois (I), en ***Cadernos de Estudios Galegos****,* Tomo XXXVIII, fascículo 103, 1989, páxs. 353-376.

▪ González Pérez, Clodio. ***O concello de Rois: historia, economía e arte. Catálogo arqueolóxico, artístico e monumental.*** Rois: Ed. Concello de Rois, 1990.

▪ González Pérez, Clodio. "Os cruceiros de capela do Concello de Rois (II)", en ***Cadernos de Estudios Galego.*** Tomo XXXIX, fascículo 104, 1991, páxs. 269-297.

▪ González Pérez, Clodio. "Os cruceiros de capela do Concello de Ribeira", en ***Cadernos de Estudios Galegos****,* Tomo XL, fascículo 105, 1992, páxs. 169-188.

▪ González Pérez, Clodio. "Los cruceros de capillita", ***Revista de Folklore,*** nº 155, Valladolid, 1993, páxs. 147-151.

▪ González Pérez, Clodio. "Santa Xoana de Chantal en dous cruceiros galegos", ***Anuario Brigantino,*** nº 16, 1993, páxs. 289-295.

▪ González Pérez, Clodio. "Os cruceiros de capela do Concello de Brión", en ***Cadernos de Estudios Galegos****,* Tomo XLII, fascículo 107, 1995, páxs. 467-495.

▪ González Pérez, Clodio. "Os cruceiros de capela do Concello de Ames", en ***Cadernos de Estudios Galegos,*** Tomo XLIII*,* fascículo 108, 1996, páxs. 291-301.

▪ González Pérez, Clodio. "Os cruceiros de capela do Concello de Rianxo (I)", en ***Cadernos de Estudios Galegos,*** Tomo XLV*,* fascículo 110, 1996, páxs. 287-321.

▪ González Pérez, Clodio. "Os cruceiros de capela do Concello de Rianxo (II)", en ***Cadernos de Estudios Galegos,*** Tomo XLVII*,* fascículo 112, 1996, páxs. 353-381.

▪ González Pérez, Clodio. ***Os cruceiros.*** Santiago: Cadernos Museo do Pobo Galego, 12, Fundación Caixa Galicia, 2003.

▪ González Reboredo, X.M. "Catálogo de cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Guitiriz". Recensión en ***Guía dos Libros Novos***, nº 12, 1999, páx. 5.

▪ González Reboredo, X.M. "Catálogo de cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Begonte, Cospeito e Rábade". Recensión en ***Guía dos Libros Novos***, nº 23, 2001, páx. 9

▪ González Reboredo, X.M. **"**Arte popular" en ***Arte Gallega***. ***El estado de la cuestión.*** A Coruña: Consello da Cultura Galega, 1990.

▪ Hervella Vázquez, José. "Un cronicón de origen orensano: la historia de Don Servando, Obispo de Orense," en ***Porta da aira: revista de historia del arte orensano***, Nº. 5, 1992-1993, páx. 71-93.

▪ Herrero, N. "A relixiosidade cotia": Deus e os santos", ***Proxecto Galicia. Serie Antropoloxía,*** tomo XXVII, capítulo 1, Ed. Hércules, A Coruña, 1997, páxs. 20-65.

▪ Iasuen, Belendin de. ***Cruces de término de bizkaia***. Bilbao Bizkaia Kutxa, 1991.

▪ Iglesias González, J. "Cruceiros do concello de Moaña", no ***Museo de Pontevedra,*** vol. XXXV, 1981, páxs. 459-479.

▪ Inventario del Patrimonio Cultural. ***Diario Oficial de Galicia***. Números 116, 117, 132, 133, 134 e 135.

▪ Ladra, L. ***Arte relixiosa popular na Terra de Valga. Cruceiros, cruces e petos de ánimas.*** A Coruña: Fundación P. Barrié de la Maza, 2002.

▪ Laredo Verdejo, José M.: "Cruceiros", na ***serie de monografías sobre concellos da Coruña,*** A Coruña: Deputación Provincial, 1989-91.

▪ Laredo Verdejo, José M.: ***Os nosos cruceiros,*** A Coruña: Ed. Boreal-Xuntanza. 1993.

▪ LEI 13/1985, do 25 de Xuño, do Patrimonio Histórico Español (BOE nº 155 do 29 de Xuño de 1985).

▪ LEI 8/1995, do 30 de Outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia (DOGA nº 214 do 8 de Novembro de 1995).

▪ Lema Bendaña, Xosé R. " Apuntes en aportación a unha bibliografía de tema etnográfico", en ***Boletín Auriense,*** Tomos XX-XXI, Anos 1990-91, páxs. 429-465.

▪ Lema Suárez, X. M. ***A arte relixiosa na terra de Soneira (3 vols).*** Santiago: Fundación Universitaria de Cultura, 1993.

▪ Lema Suárez, X.M. "Os lugares sacros da parroquia de Bamiro (Vimianzo-A Coruña) e o cruceiro dos Santos. Un conxunto escultórico gótico inédito", en ***Brigantium,*** vol. 8, 1993-94, páxs. 99-111.

▪ Linares, M. "El Crucero", ***Céltiga,*** nº 1, [30-09-1924].

▪ Lis Quibén, Víctor. ***La medicina popular en Galicia***. Madrid: Akal Editor, 1980.

▪ Lisón Tolosana, Carmelo. ***Antropología cultural de Galicia.*** Madrid: Ed. S.XXI, 1971.

▪ López, A. "Una excursión por los alrededores de Noya (Cruces y cruceros), ***Diario de Galicia,*** Compostela, 1914.

▪ López, A. "Recuerdos históricos de la parroquia de Rois", ***Diario de Galicia,*** Compostela, 1916.

▪ López Pombo, Luis. ***Castro de Rei. Historia, arte y patrimonio***. Lugo: Servicio de Publicaciones da Deputación de Lugo, [S. D.],

▪ Lorenzo Fernández, Xaquín. "Etnografía. Cultura material", en ***Historia de Galicia,*** Tomo II,1962, páxs. 7-739.

▪ Lorenzo Fernández,, Xaquín. ***Os oficios.*** Vigo: Ed. Galaxia, 1983.

▪ Llinares M. M. ***Mouros, ánimas, demonios. El imaginario popular gallego***. Madrid: Ed. Akal, 1990.

▪ Margalé Herrero, R. e Margalé Alzórriz, A. ***Los peirones en las comarcas del Jiloca y Campo de Daroca***. Centro de Estudios del Jiloca, 2002.

▪ Margalé Herrero, R. "El patrimonio olvidado. Peirones y cruces de Aragón", en ***Trébede***, xuño de 2002.

▪ Mâle, Emile. ***El arte religioso de la Contrarreforma***. Madrid: Ediciones Encuentro, 2001.

▪ Marín Martínez, Xoán Ramón e GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio. ***Cruces e cruceiros antigos de Vilagarcía de Arousa***. Pontevedra: Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Pontevedra / Museo do Pobo Galego, 2003.

▪ Mariño Ferro, Xosé Ramón. ***Satán, sus siervos los brujos y l religión del mal***. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1984,

▪ Mariño Ferro, Xosé Ramón. ***Cultura popular.*** Sada: Ed. do Castro, 1985.

▪ Mariño Ferro, Xosé Ramón. ***La medicina popular interpretada I***. Vigo: Edicións Xerais, 1985.

▪ Mariño Ferro, Xosé Ramón. ***Las romerías / peregrinaciones y sus símbolos.*** Vigo: Ed. Xerais, 1987.

▪ Mariño Ferro, Xosé Ramón. ***Antropoloxía de Galicia.*** Vigo: Ed. Xerais, 2000.

▪ Martín Ruiz, Luis: ***Cruceiros na provincia da Coruña (Tomos I-IV).*** A Coruña: Deputación Provincial, 1999.

▪ Martínez, Esteban. ***Cruceros de Álava***. Diputación Foral de Álava, 1989.

▪ Martínez Tamuxe, X. ***Cruceiros, cruces e almiñas do Baixo Miño. I. Concello do Rosal,*** Concello do Rosal, 1999.

▪ Martínez Tamuxe, X. "Os cruceiros de Maceira e de Sta. Mariña de Covelo, obras dun canteiro veciño de Pías", en ***Pregón, revista da festa do Corpus Christi de Ponteareas***. Ponteareas, 2004.

▪ Méndez Rodríguez, G. "Los cruceros en el paisaje gallego", en ***Spes,*** nº 110, Pontevedra, 1944.

▪ Mocholin Martínez, Elvira. "Xátiva en la encrucijada. La cruz del camino de Valencia-" en ***Arts Longa*** (Revista do Departamento de Historia da Universidade de Valencia), nº 17, 2008, páx. 13-23

▪ Núñez, E. "El crucero de Berrimes y el túmulo del Barbanza", ***Galicia Diplomática.*** Tomo IV, nº 17, 1889, páxs. 133-134.

▪ Otero Pedrayo, Ramón. ***Guía de Galicia.*** Vigo: Ed. Galaxia, 1980.

▪ Peña Pereda, F. "Concurso de ideas para el entorno del cruceiro de Baiona", ***Boletín Académico da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña,*** nº 12, 1990, páxs. 61-62.

▪ Pereira Poza, Antonio. ***Ritos de embarazo e parto en Galicia***. Sada (A Coruña): Edicióos do Castro, 2001.

▪ Pereiro Pérez, Xerardo (Equipo de investigación "Pallatium Regis Witiza"). "Os cruceiros do municipio de Palas de Rei", en ***Boletín do Museo Provincial de Lugo,*** Tomo VII (2),1995-96, páxs. 201-247.

▪ Pérez Constanti, P. ***Diccionario de artistas que florecieron en Galicia en los siglos XVI y XVII***. Santiago de Compostla: Xunta de Galicia, 1988.

▪ Pérez García, X. M. "Idade Moderna", en ***Historia de Galiza***. Madrid: Editorial Alhambra, 1981 (2ª edición).

▪ Pérez Hervada, Eduardo. ***Curanderismo en Galicia***. Lugo: Editorial Alvarellos, 1984 (2ª edición).

▪ Pérez Rego, D. e Alonso Carrera P. ***Catálogo de cruceiros, cruces e petos de ánimas do Porriño***. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Cultura e Deporte-Dirección Xeral do Patrimonio), 2006.

▪ Pernas Bermúdez, Carmen. "O cruceiro dos Catro Camiños de Vilalba (Lugo) (I), Diario ***El Progreso de Lugo,*** 30-IV-1998, páx. 16.

▪ Pernas Bermúdez, Carmen. " O cruceiro dos Catro Camiños de Vilalba (Lugo) (e II)", Diario ***El Progreso de Lugo,*** 1-V-1998, páx. 16.

▪ Pernas Bermúdez, Carmen. "As cruces de pedra no olvido", en ***Pena do Encanto,*** Boletín Informativo do Instituto de Estudios Chairegos de Vilalba, nº 1, 2001, páxs. 20-37.

▪ Piñeiro Díaz, Margarita. "Os cruceiros", en ***El Progreso.*** Lugo*,* 8-2-2000, páx. 22.

▪ Placer, G. "Estudios gallegos: los cruceros", ***La Merced,*** números 2-6, Madrid, 1930.

▪ Plaza Beltrán, Marta. ***Por los caminos de Soria. Cruces y cruceros***. Diputación Provincial de Soria, 2012.

▪ Pousa, X.R. "Cruceiros. Entre el rito y la tradición", en ***La Voz de Galicia,*** A Coruña: 25-05-1980.

▪ Rábade Paredes, X. "Encrucillada", en ***G. E. Gallega,*** Tomo X, 1974, páxs. 45-46.

▪ Regueira González, Daniel. ***Petrogrifos cruciformes, cruceiros y petos de ánimas de Ribeira.*** Santiago: Concello de Ribeira, 1986.

▪ Reimondez Portela, M. ***Cruceiros e cruces do nordeste da provincia de Pontevedra***. Pontevedra: Servicio de Publicacións da Deputación, 1985.

▪ Risco, Vicente. "Etnografía. Cultura espiritual", en ***Historia de Galicia*** (dirixida por Otero Pedrayo*)* T. I, B. Aires, 1961, páxs. 255-777.

▪ Rodríguez Castelao, A. ***As cruces de pedra na Galiza***. Madrid: Akal, 1975 (Ed. Facsímile).

▪ Rodríguez Castelao, A. ***As cruces de pedra na Bretaña.*** Vigo: Edicións Castrelos, 1974.

▪ Rodríguez Ferreiro, Hilario. ***La tierra de Trasdeza. Una economía rural antigua***. Universidade de Santiago de Compostela, 1973

▪ Rodríguez Fraiz, A. "Cruces y cruceros de Campañó", no ***Museo de Pontevedra,*** vol. XV, 1961, páxs. 19-61.

▪ Rodríguez Fraiz, A. "Canteiros", en ***G. E. Gallega,*** Tomo V, 1974, páxs. 4-6.

▪ Rodríguez Fraiz, A. ***Canteiros e artistas de Terra de Montes e Ribeiras do Lérez.*** Pontevedra: Deputación provincial, 1982.

▪ Rodríguez López, Jesús. ***Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares***. Edicións facsimilar da 2ª edición de 1910. Valladollid: Editorial Maxtor, 2001.

▪ Rodríguez Puentes, E. e Abad Gallego, J.C. ***Cruceiros, cruces e petos de ánimas no concello de Vigo.*** Vigo: Concellería de Cultura, 1990.

▪ Rodríguez González, E. ***Diccionario enciclopédico gallego-castellano***. Vigo: Editorial Galaxia, 1958.

▪ Rodríguez Sánchez, M. e Blanco Prado, J.M. ***Cruces y cruceros del municipio de Begonte.*** Lugo: Deputación provincial, 1988.

▪ Rodríguez Sánchez, M. "Cruceiros de Castro de Rei e Outeiro de Rei". Recensión en ***Lucensia***. Lugo: Biblioteca do Seminario Diocesano, nº 17, 1998, páxs. 394-395.

▪ Rodríguez Sánchez, M."Cruceiros de Guitiriz". Recensión en ***Lucensia***. Lugo: Biblioteca do Seminario Diocesano, nº 21, 2000, páx. 404.

▪ Ruibal Castillo, J.R. "Os cruceiros no val de Arines (Santiago de Compostela)", en ***Brigantium,*** Tomo II*,* 1981, páxs. 179-197.

▪ Sá Bravo, Hipólito. ***Creencias del costumbrismo religioso en Galicia.*** Pontevedra: Deputación provincial, 1991.

▪ Saco y Arce, Juan Antonio. ***Literatura popular de Galicia.*** Ourense: Deputación provincial, 1987.

▪ Sáinz Sáiz, Javier. ***Cruceros de Castilla y León***. León: Ediciones Lancia, 1993,

▪ Sánchez Cantón, F.J.: "Miscelánea sobre cruces y cruceros", en ***Cadernos de Estudios Galegos****,* nº VI*,* 1951, páxs. 295-299.

▪ Sánchez Cora, T. e Martínez Plasencia, M. ***Cruceiros, cruces e petos do concello de Ponte Caldelas.*** Pontevedra: Concello de Ponte Caldelas, 1990.

▪ Sánchez Gonzalbo, Ángel. "El pont trencat de Morella", en ***Boletín de la Sociedad Castellonense de Cultura***, nº 11, 1980, páx. 211-215.

▪ Sánchez Rivera, José Ignacio e González Fraile, Eduardo. ***Humilladeros de la provincia de Valladolid***. Valladolid: Diputación Provincial, 2003. Páx. 6.

▪ Seminario de Estudos "Terra de Viveiro". ***Catálogo dos cruceiros e cruces da terra de Viveiro***. Viveiro: Publilar. S.L. (Gráficas Lar), 1996.

▪ Simó Castillo, Juan B. "El peirón de la puerta de San Miguel de Morella", en Revista ***Penyagolosa*** nº 18, época II, 1981.9, páz. 85-88.

▪ Seoane, L. "Os cruceiros dentro da escultura galega", ***Luzes de Galiza,*** números 5-6, 1987, páxs. 12-13.

▪ Serra Busquets, Joan. "Creu de súllastre", en ***Carpe Diem***, Revista de gnomónica. Nº 24, 2007

▪ Soto López, A.: "O cruceiro na cantiga popular", en ***Grial****,* Tomo 22*,* 1984, páxs. 363-366**.**

▪ Taboada Chivite, Xesús. ***Etnografía gallega. Cultura espiritual.*** Vigo: Ed. Galaxia, 1972.

▪ Taboada Chivite, Xesús. "La encrucijada en el folklore de Galicia", en ***Boletín Auriense,*** Tomo V, 1975, páxs. 101-112

▪ Taboada Chivite, Xesús. "O culto das pedras no noroeste peninsular" (Discurso de ingreso na Real Academia Galega o 20 de novembro de 1965) en ***Ritos y crencias gallegas***. A Coruña: Editorial Sálvora, 1980, páx. 161.

▪ Tomás, M**.** "Cruces en el campo", ***Surco,*** nº 14, 1943.

▪ Tárrega Pérez, Santiago. ***Monumentos Menores en la provincia de Burgos. Inventario de Picotas, Rollos y Cruceros***. Burgos: Colegio Oficial de Aparejadores y Arquitectos Técnicos, 2000.

▪ Traballo colectivo do colexio de e.X.B. de Taboada (Lugo).
"Os cruceiros de Taboada"**,** en ***La Voz de Galicia.*** A Coruña: 20-1-88, páx. 24.

▪ Traballo colectivo dos alumnos de 8º de e.X.B do colexio público "Monte Caxado" das Pontes (A Coruña). ***Calendario de 1995, de temática "Cruceiros das Pontes".***

▪ Traballo colectivo dos alumnos de 8º de E.X.B. do colexio de Castelo (Coordinadora. Adela Leiro). "Inventario dos cruceiros de Cambados (Pontevedra)", en ***Rev. Cambados,*** 17-5-81, páxs. 12-18.

▪ Traballo colectivo dos alumnos de 7º de E.X.B. (María José Sordo, Oscar Pacio e María José Canto) (Coordinador. Mario Saavedra Pérez). "Enumeración das cruces e cruceiros da Pastoriza(Lugo)"*,* en ***Rev. do Colexio Público da Pastoriza.***

▪ Trapero Pardo, José. "Os cruceiros", en ***Lucus****,* nº 27, 1974, páxs. 25-40.

▪ Valiña Sampedro, Elías e outros***. Inventario artístico de Lugo y su provincia.*** Madrid: Servicio de Publicaciones del Ministerio de Educación y Ciencia, Tomos I-VI**,** 1975-83.

▪ Valle Pérez, J.C. "Cruceiros", en ***G. E. Gallega****,* Tomo VIII, 1974, páxs. 49-59.

▪ Valle Pérez, J.C. "Los cruceros en la parroquia de Mourente (Pontevedra)", ***en Gallaecia,*** Tomo II*,*1976, páxs. 201-232.

▪ Valle Pérez, J.C. "Castelao e as cruces de pedra", en ***Actas Congreso Castelao,*** Santiago de Compostela, I, 1996.

▪ Valle Pérez, J.C. "A cruz da Tahona", ***Portugalia. Nova Serie,*** volumes XVII-XVIII, 1996-97, páxs. 277-281.

▪ Varela Aenlle, Carlos Xesús. "As cruces de pedra no Navia-Eo", en ***A Freita, Revista da Mdga (Mesa para defensa do galego de Asturias e da cultura da comarca),*** nº 14,1999, páxs. 46-49.

▪ Vázquez Gallego, Xesús. ***Tradiciones, mitos, creencias y curanderismo en medicina popular de Galicia***. Lugo: Deputación Provincial, 1990.

▪ Videgaín Agós, Fernando. ***Cruceros***. Pamplona: Diputación Foral de Navarra [S. D.] Colección: Temas de Cultura Popular, números 274, 275 e 276.

▪ Villares Paz, Ramón. ***Historia de Galicia***. Vigo: Editorial Galaxia, 2004,

▪ Viveiro Veiga, Orlando. "O Latín dos canteiros (Cela-O. de Rei)", en ***Terra Chá, Órgao das brigadas en defensa do patrimonio chairego,*** nº 2*,* 1997, páxs. 4-5.

▪ Willian A. Christian, Jr. ***Religiosidad popular. Estudio antropológico de un valle español***. Madrid: Tecnos, 1978.

▪ Xermade, o meu pobo. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1994.

▪ Zubillaga, C.A. ***Los cruceiros del Montevideo antiguo.*** Montevideo: Publicacións do Patronato da Cultura Galega, 1967.

▪ Zufiaurrre Goya, José. ***Cruceros, cruces, picotas y santutxos en Guipúzkoa.*** San Sebastián: Fundación Social y Cultural Kutxa. Obra Social de la Caja Guipuzkoa San Sebastián, 1995.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Anexos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Anexo I: Inscricións nas bases dos cruceiros de Abadín

Nome	*Inscrición*
Cruceiro da Vesada (Abeledo)	**EL ILMO SEÑOR OBISPO DE MONDO ÑEDO CONCEDIO 50 DIAS DE INDUL GENCIA POR REZAR CUALQUIERA ORA CIÓN APROBADA POR LA IGLESIA D LA BESADA ES DEVOCIÓN DE D RAMÓN MORADO BECINO D ESTA PA RROQUIA AÑO D 1896 EL ARZOBISPO DE SANTIAGO CON CEDIO 200 DIAS D INDULGENCIAS A TO DOS LOS QUE RE ZAREN UN CRE DO Y UNA SAL VE DLANTE DE ESTAS EFIGIES AÑO DE 1907**

Cruceiro do adro da igrexa (Abeledo)	**A TODOS LOS QUE REZAREN** **UN PADRENUES** **TRO AVE MA** **RIA SALVE CRE** **DO O ACTO** **D CONTRICCION GANA 40 DI** **AS D INDULGENCIAS**
Cruceiro do Porto da Torre (Abeledo)	**…RACION APRO** **BADA POR LA IGLE** **SIA DELANTE ES** **TAS EFIGIES**
Cruceiro do Cemiterio (Aldixe)	**ESTA CRUZ LO** **PUSO ---** **- COPO** **-- A DE 1808**
Cruceiro de Gaúte (Baroncelle)	**AQUI FALLECIO D** **JESÚS GAÚTE SEI** **JO A LOS 68 AÑOS DE** **EDAD EL** **20 FEBRERO** **DE 1937 DEP**
Cruceiro do Castiñeiro (Baroncelle)	**LO PUSO DOMINGO** **GAÚTE 1863** **EL OBISPO D MONDO** **ÑEDO.....** **.....** **.....** **CREDO O** **UN PADRE...**

Cruceiro do adro da igrexa (Cabaneiro)	**EL YLLMº SR O BISPO D MONDOÑE DO CONCEDIO 50 DI AS D YNDULG [ENCIAS] P[O]R RE ZAR CUALQUIERA O RACION APROBA DA POR LA IGESIA DLANTE ESTAS EFIGIES. ES DEVOCION Y P ROPIEDAD D.D. BALBINA PARDO**
Cruceiro da Picheira (Cabaneiro)	**OBISPO D MON DOÑEDO CON CEDIO 50 [DIAS] DE YNDULGENCIAS POR REZAR CUALQUIERA …**
Cruceiro da Rozavella (Candia)	**NON HAI SAUDE DA ALMA NIN ESPERANZA DE VIDA ETERNA SEN A CRUZ NA CRUZ E NA FE ESTA A NOSA FORZA AUGUSTO COIRA CARRACEDO 1999**
Cruceiro dos Prados (Fanoi)	**ANO D 1797**

Cruceiro do Campo da Igrexa (Fanoi)	**[SE] HIZO A** **EXPENSAS D RA** **MÓN DA FRAGA** **AÑO D 1821** **.....** **.....** **.....** **REZAR** **ILL.....** **.....** **40 DIA** **S POR LAS NECESID** **ADES D LA IGLESIA**
Cruceiro do adro da igrexa II (Fanoi)	**ES DEVOCION** **D MANUEL BI** **DAL EL AÑO D 1** **901**
Cruceiro do Paxariño (Fanoi)	**ANO DE 1783**
Cruceiro da Pista de Fraiás (Fraiás)	**EL YLLMO SR ARZO** **BISPO D SANTIAGO** **CONCEDIO 200 D-** **AS D INDULGEN--** **A PR REZAR ANTE ES** **TAS...** **ES DEBOCION** **D BICENTE VEIGA** **SU MUGER …..** **…… CALAZO**

Cruceiro do adro da igrexa (Galgao)	**LO PUSIERON LOS SOBRINOS DN ROSENDO BOUSO** **A DEBOCION DE ANDRÉS BOUSO Y SU MUGER**
Cruceiro da Penela (A Graña)	**EL ILMO SR OBISPO DE MONDº CONCE DIO 40 DIAS DE IN DULGENCIA A LOS QUE REZAREN UN PADRENUESTRO UN CREDO O AVE MARÍA** **ANTE ESTAS EFIGIES**
Cruceiro de Vilar de Nuño (A Graña)	**EL ILMO SR. OBISPO DE MONDº CONCEDIO 40 DIAS DE INDULGENCIA A LOS QUE RECEN CU ALQUIERA ORACION A PROBADA POR LA IGLESIA DELANTE ESTAS IMAGENES** **A DEBOCION DE ANDRÉS BOUSO MUGER Y SU FAMILIA**

Cruceiro do Pazo da Cernada I (A Graña)	**A DEBOCIÓN DE MARIA SANCHEZ I SU HIJO JOSE CAS TRO EN 1894 EL ILUSMO. SR OBIS PO DE MONDº CON CEDIO 40 DIAS DE INDULGENCIA A LOS QUE REZAREN UN PADRENUES TRO CREDO O EL ACTO DE CONTRI CION DELANTE ES TAS IMÁGENES**
Cruceiro do Pazo da Cernada II (A Graña)	**EL ILMº SR OBº DE MONDº CONCE DIO 40 DIAS DE IN DULGENCIA A LOS QUE REZAREN UN CREDO SALVE O EL ACTO DE CON TRICION DELAN TE ESTAS EFIGIES ANDRÉS BOUSO Y SU MUGER PA DRES SOBRINOS Y SU IJA JUANA LO.**
Cruceiro de Antonio Puente (Moncelos)	**A LA MEMORIA DE D. ANTONIO PUENTE**

Cruceiro das Veiguiñas (Moncelos)	**DEVOCION DE RAMÓN MÉNDEZ Y JOSEFA VIGO 1905**
Cruceiro do Carregal ou do Cendán (Moncelos)	**LO PUSO D JOSE PEREZ PR DEVOCI ON D Dª ANTONIA PEREZ I FRANCA ...FER.... AÑO D 1885 EL ILLMO SR O BISPO D MONDO ÑEDO CONCEDIO 50 DÍA DE INDULG GENCIAS..... POR REZAR CUALQUIE RA ORACION CREDO AVE MARIA DELANTE [ESTAS IMÁGENES O EFIGIES]**
Cruceiro da Ribela (Moncelos)	**AÑO D 1896 DOLO [RES CASTI] NEIRA**
Cruceiro da Fonte da Nosa Señora (Montouto)	**ANO D 1750 30 DIA [S]**
Cruceiro da Igrexa (Quende)	**DEVOCION DE JU AN DÍAZ Y DÍAZ A ÑO DE 1915**

Cruceiro do adro da igrexa (Romariz)	..... **OBISPO DE** **MONDOÑEDO CON** **CEDIO.....**
Cruceiro da Pedrosa (Vilarente)	**EN MEMORIA** **DE JAIME I** **GLESIA ALVARI** **ÑO SARGENTO DE** **INFANTERÍA** **MUERTO EN AC** **TO EL 6** **DE ENERO DE 1938** **ERIGIDO POR** **SUS PADRES** **EL AÑO DE** **1940** **50 DIAS DE INDULG** **ENCIA AL QUE** **REZE UN PADRE** **NUESTRO O UN CREDO**
Cruceiro da Evarista (Vilarente)	**A LA BONDAD** **D DOLORES** **NEIRA Y SU MA** **RIDO**

Cruceiro do Pereiro (Vilarente)	**EL ILMO SR OBIS** **PO DE MONDOÑE** **DO CONCEDIO 40** **DIAS DE INDULGEN** **CIA POR REZAR CU** **ALQUIERA ORACION AP** **ROBADA POR** **LA YGLESIA** **DELANTE** **ESTAS IMAGENES** **ES DEBOCION Y** **EN RECUERDO D JOSE** **ROJO COEDO Y BRUNO** **A SUS HERMANOS** **AÑO D 1894**

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Anexo II: Inscricións nas bases dos cruceiros de Castro de Rei

Nome	*Inscrición*
Cruceiro do Curro	**ES DE JNOSOA** **AÑO DE 1865**
Cruceiro da Cainzada	**A ESPENSAS DE JO** **SE BARRELA** **RIP**
Cruceiro de Cornide	Cara W **EL SEÑOR OBISPO** **D MONDOÑEDO** **CONCEDIO…** Cara S **LO PUSO…**
Cruceiro da Praza de Galicia	**ESCOLAS OBRADOIRO E CASAS DE OFICIOS** **ESTE CRUCEIRO FOI REHABILITADO** **POLA ESCOLA OBRADOIRO "SAN** **ISIDRO LABRADOR" PROMOVIDA POLO** **CONCELLO DE CASTRO DE REY E** **SUBVENCIONADA POLA CONSELLERÍA DE** **FAMILIA E PROMOCIÓN DO EMPREGO,** **MULLER E XUVENTUDE DA XUNTA DE** **GALICIA E O FONDO SOCIAL EUROPEO** **XUÑO DO 2000**

Cruceiro do Mesón	Cara NW **JUAN BOSCO** **1930** Cara NE **A REY** **STOLLE** **S.J. 10-X-27** Cara SE **MARÍA ROSA**
Cruceiro de Castiñeiras	Cara SE **POR** Cara NE **JOSE** Cara NW **VAZ / 1942** Cara SW **QUEZ**

CAMINO DE SANTIAGO
POSTELA

Cruceiro de Beloi	Cara SW **EL ILUSTRE SER OBIS** **PO DE MONDOÑEDO** **CONCEDIO 40 DÍAS** **DE INDULGENCIA A LOS…** Cara SE **LO PUSO JOSE** **GARCÍA** Cara NE **CONCEDIO OTROS** **40 DÍAS POR RE** Cara NW **ZAREN UNA SALBE** **DELANTE…**
Cruceiro da Ponte	**ES DEBOCION DE A** **NTONIO BASAN** **TA AÑO DE 1908** **…CON…**
Cruceiro da Pontenova	**CREDO…** **SE PUSO POR** **DOLORES NEIRA** **AÑO DE 1908**

Cruceiro de Riba de Miño	Cara SW **DEVOCION** **DE** **ANTONIO POR** **TELA ANLLO** **Y SU ESPOSA** **ANTONIA GARCIA MEL** **EL QUE REZE** Cara SE **DELANTE ES** **TA CRUZ EL** **ACTO DE CON** **TRICIÓN LA SAL** **VE EL CREDO Y** **AVEMARÍA GANA** **INDULGENCIA PLENARIA**
Cruceiro de Vilamel	Cara S **(Obis) PO DE MONDOÑEDO** **50 DIAS DE INDULGENCIA** Cara W **LO PUSO ELADIO**
Cruceiro do Chairo	**EL EXMOº SR** **OBISPO D MON** (doñedo)
Cruceiro do Cordón	Cara NW **A LA MEMORI** **A DE MANUEL** **CEIDE Y D MARÍA** Cara SW **H. RODRIGUEZ** **SU HIJO ALEJO** **MAYO DE 1982**

Anexo III: Inscricións nas bases dos cruceiros de Cospeito

Nome	*Inscrición*
Cruceiro do Calvario (Arcillá)	Cara SE **EL AÑO D 1891** **SE HIZO POR DIS** **POSICIÓN D UNOS** **DEVOTOS D ARCILLA Y SISOY ESTA…** Cara NW **ELL ILMO SEÑOR** **OBISPO D MONDO** **ÑEDO CONCEDIO** **40 DÍAS D INDULGENCIAS POR RE** **ZAR …UN CREDO** Cara SW **ACTO DE CONTRICCIÓN**
Cruceiro de Fontela	**1862** **FRANCª FRº** (Freijo) **40 DÍAS DE INDULGENCIA** **PADRENUESTRO**
Cruceiro da Lamela	**EL ILMO SR. OBISPO** **D MONDOÑEDO CONCEDIO** **40 DIAS DE INDULGENCIA AL** **QUE REZARE UN PADRENUESTRO** **UN CREDO Y UNA SALBE**
Cruceiro de Lamas	**LO PUSO MANUEL** **GARCÍA Y SU MUJER**
Cruceiro de Queimosas	**AÑO … PEZ… Y SU MUJER**

Cruceiro dos Muíños	Cara W **CONCEDIO** **INDUL** Cara S **(Indul) GENCIA POR EL PADRE** **NUESTRO O EL CREDO** Cara E **OTROS 40 POR EL AVE** **MARÍA O LA SALVE**
Cruceiro da igrexa de Sta. Cristina	Cara S **LO PUSO MANUEL** **DIAZ Y DIAZ** **Y SU MUGER** Cara E **EL OBISPO DE MON** **DOÑEDO CONCEDIO** **40 DIAS DE INDULGENCIAS**
Cruceiro das Carballas	**1891**
Cruceiro de Ancarés	**DOMINGO SALGADO** **AÑO DE 1871**

Cruceiro de Nicolás	Cara SW **EL AÑO DE 1890** **SE HIZO ESTA OB** **RA POR DISPOSICIÓ** **N DE D MANUEL FERNÁNDEZ Y** **ESPOSA** **VECINOS DE ESTA PARROQUIA** Cara SE **EL ILMO SEÑOR** **OBISPO D MONDO** **ÑEDO CONCEDIO** **40 DIAS D INDULGE** **CIA POR REZAR CON** **DEBOCION UN PADRE** Cara NE **NUESTRO Y CRE** **DO O AUTO DE CON** **TRICCIÓN…** **OTROS 40** **POR UNA ABE** **MARÍA O SALBE** Cara NW **ANTE ESTAS EFIGIES**
Cruceiro de Arco	**LO PUSO JOSE** **FUNCASTA 1862**

Cruceiro de Algara	Cara NW **ESTE CONSTRUÍDO** **POR RAMÓN CASTIÑEIRA** Cara SW **EL ESCMO SR OBISPO** **DE MONDº CONCEDIO** **40 DIAS DE INDULGENCIA** **A LOS QUE REZAREN ANTE** **ESTE CRUCERO EL PADRE** **NUESTRO, EL CREDO O EL AVE MARÍA** **O LA SALBE O EL AUTO** **D CONTRICION O LOS D FE** **ESPRA Y CAR**
Cruceiro da Granda	**LO PUSO** **JUAN PUENTE** **PARA ALIVIO DE** **ANIMAS**

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Cruceiro de Reximil	Cara N **A PIEDAD D DN EDU** **ARDO FREIRE CALVIÑO** **40 POR LA ORACIÓN MI** **RARME A MI AMADO** **OTROS 40 POR LA** Cara E **ORACION BENDIGA** **SEA TU PUREZA Y** **D LA…** Cara S **PATER NOSTER OTROS** **40 POR EL CREDO** **……** Cara W **DE INDULGENCIA** **……** **OTROS 40 POR CUAL** **QUIERA**

Anexo IV: Inscricións nas bases dos cruceiros de Muras

Nome	*Inscrición*
Cruceiro do Xuncal	**XUNCAL** **Fº**
Cruceiro de Samil	Cara S **AÑO D 1882 SE** **HIZO ESTA OBRA PR** **DEBOCIÓN D DON** **FRANCISCO PERNAS** Cara W **CREDO**
Cruceiro da Pedreira	**YLMO SR** **ÑOR OBISPO D** **MONDOÑEDO** **….. CREDO** **POR REZAREN…**
Cruceiro do Carballal	**EL YLLMO SR O** **BISPO D MONDO** **ÑEDO CONCEDIO** **-- DIAS D YNDULGEN** **CIAS ---- ORACI** **ON--**

Cruceiro do Vilar	Cara NE **EL YLLMO SR OB** **ISPO D MONDOÑ** **EDO CONCEDIO 50** **DIAS D YNDULGENCIA PR** **REZAR CUALQUIERA O** Cara NW **RACION APROBA** **DA PR LA YGLESIA** **DELANTE ESTAS** **EFIGIES** Cara SW **DEVOCION DE** **DN MANUEL** **AÑO DE 1918**
Cruceiro da igrexa de Muras	**AÑO 1892**
Cruceiro do adro da igrexa (O Viveiró)	**EL SR OBISPO DE** **[MONDOÑEDO]** **CONCEDIO 40 DIAS DE IN** **DULGENCIAS POR REZAR EL**

STELA

Anexo V: Inscricións nas bases dos cruceiros de Vilalba

Nome	*Inscrición*
Cruceiro da Cachoupa	Cara SW **ESTAS SANTAS** **IMÁGENES SE PO** **NEN POR INTRA** **CIÓN DE** Cara SE **GENEROSA PE** **DREIRA Y EL AL** **MA DE SATURNI** **NO GOAS Y SU IJO** Cara NE **JOSE Mª Y TO** **DOS LOS DIFUN** **TOS DE LA MISMA** **Y TODOS LOS** Cara NW **DE SU MARI** **DO**
Cruceiro da Florida	**Cara NE** **EL SR OBYSPO** **DE MONDOÑEDO** **CONCEDIO 40** **DÍAS POR REZAR UN** **Cara NW** **PADRENUESTRO** **EL CREDO Y LA** **SALBE**
Cruceiro da Lama ou do Fulgencio	**LO PUSO JOSE** **MERCADOR**

Cruceiro da Portela	Cara N **AÑO DE 1951** **RECUERDO** **DE JESÚS ÁLVA** **REZ PICO A SU** **ESPOSA ESTRE** Cara W **LLA PICO** **SANJURJO** **Y A SU HIJO JO** **SÉ ÁLVAREZ** **PICO**
Cruceiro de Mercador	Cara NE **LO PUSO D JUAN** **MERCADOR. SE CON** **CEDEN 50 DIAS DE** **INDULGENCIA A LOS** Cara SE **QUE RECAREN DE** **LANTE ESTA CRUZ UN PA** **DRENUESTRO OTRA DE** **CIEN DÍAS A LOS QUE** Cara SW **VISITEN ESTA CR** **UZ CURA Dº 3 AÑOS** **A LOS QUE REZEN AN** **TE ESTA 3 PADRENU** **ESTROS**
Cruceiro do Migueliño	**A CARMEN** **VERDES A LOS 42** **AÑOS EN SU RDO** **DE SU ESPOSO MA** **NUEL PORTELA E HIJO**

Cruceiro do adro da igrexa de Belesar	**ESTE CRUCERO CONSTRUYO ALONSO DOMINGO …..**
Cruceiro do Pazo de Meire	**PETO DE ÁNIMAS. 1808**
Cruceiro de Lindín	Cara NE **CONCEDIO EL** **OBISPO DE MONDOÑE** **DO 40 DÍAS DE INDUL** Cara NW **GENCIAS A TODO** **EL QUE REZARE** **PADRENUESTRO** Cara SW **SALVE CREDO**
Cruceiro da Reigada	Cara SW **EL YLLMO SR OBIS** **PO DE MONDOÑEDO** **CONCEDIO 40 DIAS** **DE INGULGENCIA** **POR REZAR UNA ORACIÓN** **APROBADA POR LA** **IGLESIA ANTE ES** **TAS EFIGIES** Cara SE **ES PROPIEDAD** **DE ANTONIO** **RIBAS. NATURAL** **DE BURGAS BCN (veciño)** **DE CODESIDO**

Cruceiro de Regotraveso	**HECHO POR ENCARGO DE** **ARTURO BERMÚDEZ GRANDÍO** **Y DE SU ESPOSA** **MARIA OROSA SOUTO** **EN EL AÑO 1995** **A QUIENES PERTENECE**
Cruceiro do Viso	Cara S **EL YLLMO SR OBI** **SPO D MONDOÑE** **DO CONCEDIO 40 DI** **AS D YNDULGENCIA** **POR REZAR CUALQUIE** Cara E **RA ORACION A** **PROBADA Pº LA YGL** **ESIA DELANTE ES** **TAS EFIGIES** Cara W **ES PROPIEDAD D** **TOMAS RODRIGUEZ** **Y D SU MUGER Dª** **MARÍA ANTª ROME** **RO EL AÑO D 1904**

Cruceiro do Porto da Pipa ou do Viso	Cara SW **DEVOCION D** **PRIETO A** **LONSO EN EL AÑO** **D 1893 SU** **HERMANA ROSENDA** Cara SE **[EL YLLMO SR]** **OBISPO D MONDO** **ÑEDO CONCEDIO** **40 DIAS D YNDUL** **GENCIA POR REZAR** Cara NE **Ilexible**
Cruceiro do Americano	Cara S **LO PUSIERON LOS HI** **JOS Y HEREDEROS DE** **GREGORIO FRAGA EN** **CUMPLIMIENTO DE** **SU ÚLTIMA VOLUNTAD** Cara W **EL ILLMO SR OBISPO DE** **MONDOÑEDO CONCEDIO 40** **DÍAS DE INDULGENCIA** **A LOS QUE REZAREN** **UN PADRENUESTRO O CRE** **DO SALBE O AVE MARÍA** **DLANTE ESTAS EFIGIES**

Cruceiro do adro da igrexa de Corbelle	Cara N **EL DÍA 1-** **DE ENERO** **DE 1955 SE PU** **SO POR AMADEO** Cara W **LICENCIADO** **EN RECUERDO** **DEL SEÑ----**
Cruceiro da Rula do Foxo	Cara SW **RAMÓN DE RULA** Cara SE **AL QUE REZARE UN** **PADRENUESTRO** Cara NE **Ilexible** Cara ----- **POR…**
Cruceiro da igrexa de S. Simón da Costa	**AÑO DE 1793**
Cruceiro da Pedragosa	**DEVOCIÓN** **DE** **JESÚS FERNÁN** **DEZ PRIETO** **-- AÑO** **DE 1942**

Cruceiro de Racamonde	**A DEBOCIÓN** **DE DOMINGO LO** **PEZ RODRYGUEZ** **QPD** **TODO CRYSTIANO** **DEBE HACER ORA** **CION DELANTE DE** **ESTAS YMAGENES** **Y HACER REBEREN** **CIA 1910**
Cruceiro de Montemeano	**DEVOCIÓN DE JOSÉ GIL Y ESPOSA**
Cruceiro da Fontechousa	Cara NE **EL ILLMO SEÑOR** **OBISPO D MONDOÑE** **DO CONCEDIO 40** **DIAS D INDULGENCIA** **A TODOS LOS QUE REC** Cara SW **EN UN PADRENU** **ESTRO DELANTE DE** **ESTE SANTO** **CRISTO** Cara SE **ESTE SANTO CRUCE** **RO FUE COSTEADO** **POR DON RAMÓN** **PAZ CURA D SANTA** **MARÍA D GERMADE** **AÑO D 1888**

Cruceiro da igrexa de Distriz	Cara NW **EL EXMO.** **SR OPISPO D** **MONDOÑEDO** **CONCEDIO 40 DIAS** **D INDULGENCIA [A LOS QUE] RE** **ZEN [UN] PADRENUESTRO** Cara SW **---------** **DELANTE** **ESTE SANTO CRIS** **TO ESTE SANTO** **FUE COSTEADO A ES** **PENSAS D D JOSE** Cara SE **PAZ EL AÑO** **DE 1885**
Cruceiro da capela de Fátima	**ESTA CRUZ LA PUSO** **M. RODRIGUEZ V-DO (?)** **PAZ AÑO D 18031**
Cruceiro de Gomariz	Cara N **DEVOCION DE** **JOSÉ CARVALLEIRA Y** **ESPOSA.** **AÑO DE 1925** Cara W **EL SR OVIS** **PO DE MONDO** **ÑEDO CONCEDIO** **50 DIAS D INDUL** Cara S **GENCIA** **POR REZAR …**

Cruceiro do Pernas	**DEBOCION** **D JOSÉ PER** **NAS Y SU MUJER** **MARIA RAMOS** **AÑO 1924**
Cruceiro da igrexa de Gondaísque	**ILLMO SR OBISPO** **DE MONDEÑEDO** **CONCEDIO – DÍAS** **INDULGENCIA** **----------**
Cruceiro do Brañón	Cara N **EL YLLMO SR. O** **BISPO D MONDOÑE** **DO CONCEDIO** **50 DIAS D INDU** **LGENCIA PR REZAR** **DLANTE ESTAS** Cara W **EFIGIES UN PADRE** **NUESTRO ABE MARIA SALBE LO** **COSTEO D CONSTAN** **TINO OTERO MAR** **TINEZ GANADERO?** Cara S **Y SU ESPOSA D M** **ARIA ----- LOPEZ** **Y SUS PADRES HIJOS** **.. SANTO DE** **AÑO DE 1915**
Cruceiro da Carmela	**DEVOCION** **DE** **CARMEN RÍO**

Cruceiro da Fontevella	Cara NW **EL YLLMO SR OBIS** **PO D MONDOÑE** **DO CONCEDIO 50 DIAS** **D INDULGENCIA** **[POR] REZAR** Cara SW **----------** **SALBE** **DLANTE D ESTAS** **EFIGIES** Cara SE **--BA JESUCRISTO** **SACRAMENTADO** Cara NE **EL Hº PAREDES DE** **T U E N A E D E S – ES?**
Cruceiro da igrexa de Nete	**JOSÉ GARCÍA**
Cruceiro das Carpaceiras	**1999 O Vila.**
Cruceiro de Veigalonga	**PEDRO MARTÍNEZ** **AÑO DE 1902**
Cruceiro da capela de Pardo	**1884**
Cruceiro da igrexa de Román	**AÑO DE 1950**

Cruceiro da Abelaira	Cara NW **A LA** **MEMORIA DE** **DANIEL** **FUENTES PAZ** Cara NE **Y** **JOSE Mª** **AGUIAR** **SEIJAS** Cara SW **AÑO** **1990**
Cruceiro de Manuel da Carboeira	**AÑO** **1993**
Cruceiro do Pradieiro	**MG 1981**
Cruceiro dos Carboeira	Cara N **---------** **ORACIÓN APROBADA** **POR LA IGLESIA DLANTE ES** **TAS EFIGIES** **RECUERDO Y DEVOCION** **D ANDRÉS SEOANE Y SU** **FAMILIA AÑO D 1916** Cara W **CUALQUIERA** **----------**

Cruceiro da Ribeira	Cara S **DEVOCION** **DE D. DOMIN** **GO QUINTILLA** **Y SU MUGER** **Y SU HIJA JOSE** **FA QUINTILLA** Cara E **EL S OVIS** **PO DE MON** **DOÑEDO CON** **CEDIO 50 DIAS** **DE INDULGEN** **CIA POR RE** **AÑO 1930** Cara N **ZAR UN** **CREDO O** **PADRENUES** **TRO ANTE** **ESTE** **CRUCIFIJO**

Cruceiro da capela de Santiago	Cara NE **LA HABANA CON** **LA INTENCIÓN FOR** **MADA D PRºPONER** **A TODOS REUNIR DI** **NERO PARA UNA CAMPANA** **…….NCR…..DOS D** Cara NW **STA COM** **FUNDADO DE ESTA –RRA** **D REIM PADRES SOS** **G.- FERNANDEZ** **PAZO J. MILLOR OR** **SUEIRAS –GUIZÁN** **P. HERMIDA Y J. H: HER ….**
Cruceiro da casa de Fermín	**…PADRENUESTRO…**
Cruceiro de Vilaxoán	Cara N **LO COSTEO LA** **FINCABILIDAD D** **ANTª GONZ D** **TRAS TO I YRE- DIFI** Cara S **--- DIAS DE INDUL** **GENCIA POR CA** **DA ORACIÓN REZA** **DA CON DEVOCIÓN** **ANTE ESTAS EFIGIES**
Cruceiro do Airado	**---PIA** **---OROSA** **AÑO DE 1805**
Cruceiro da Veiga ou do Cancelo	**LO YZO FRAN** **CISCO OROSA LA** **GO AÑO D 1844**

Cruceiro do Cartín	Cara S **EL YLMO. SEÑOR O** **BISPO D MONDOÑE** **DO CONCEDIO 40 DI** **AS DE INDULGENCIA** **A LOS FIELES POR RE** Cara SE **ZAR CON DVOCIO** **N DELANTE ESTAS EFI** **GIES UN PADRENUES** **TRO 40 POR UNA SALBE** Cara N **MARÍA O SALVE** **O POR UN ANTO (sic)** **D CONTRICIÓN O** **CREDO** Cara W **SE COSTEO ESTE** **CRUCERO POR DIS** **POSICION D ANT** **ONIO FEREIRO Y D MA** **RIA NIETO D ESTA PAR** **ROQUIA EL AÑO D 1890**
Cruceiro de Lanzán	**EL YLLMO SR OBIS** **PO D MONDOÑEDO** **CONCEDIO 50 DIAS** **D YNDULGENCIA POR** **REZAR CUALQUIERA O** **RACION APROBADA POR** **LA YGLESIA DLANTE** **D ESTAS EFIGIES.**

Cruceiro do Neto	**EL YLMO SER DN D PON CIANO DE ARCINIEGA OBISPO DE MONDOÑEDO CONCEDIO 40 DI AS DE INDULGENCIA A LOS FIELES QUE REZAREN UN PADRENUESTRO AVE Mª ANTE ESTAS EFIGIES**
Cruceiro do cemiterio de Vilalba	**EN MEMORIA DE TODOS LOS DIFUNTOS DESCANSEN EN PAZ 1981**

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Anexo VI: Inscricións nas bases dos cruceiros de Xermade

Nome	*Inscrición*
Cruceiro da Casa de Charón	**EL AÑO D 1882** **SE HIZO ESTA OBR** **A POR FRANCISCO** **Y BICENTE PRIETO** **D ESTA PARROQUIA** **EL ILMO SR** **OBISPO DE MONDOÑE** **DO CONCEDIO 40** **DIAS DE INDULGEN** **CIA** **POR REZAR AN** **TE ESTA...**
Cruceiro da Casa de Pascualiñas I	**EL YLMO SEÑOR** **OBISPO D MONDOÑ** **EDO CONCEDIO 40 DI** **AS DE INDULGENCIAS** **... REZAR** **ORACIÓN A** **POR LA DLAN** **TE D ESTA...** **DEBOCION DEL FI** **NADO JOSE D CAS** **TRO EL AÑO D 1895**
Cruceiro de Alboiana	**....YE S OBISPO D** **MONDOÑEDO...** **....CEDI....** **....PADRENUESTRO**

Cruceiro dos Currás	**AGUSTÍN LADRA** **FOI PEDRA. AGORA É CRUZ** **FOI A LOITA NO SOLPOR** **AGORA, ENTRE OS CASTIÑEIROS** **É LÚA CHEA DUN SORRISO** **PARA O AMIGO QUE AQUÍ CHEGA** **BURGÁS, 12-9-98**
Cruceiro do Xastre ou de Longo	**LO PINTO** **FERMIN POLO PU** **RRIÑOS AÑO D** **1900**
Cruceiro do Revellón	**DEVOCIÓN D PE** **DRO Y ROSA ARIAS** **AÑO D 1898** **EL YLLMº SEÑOR** **OBISPO D MONDO** **ÑEDO CONCEDIO** **40 DIAS INDULG** **ENCIA POR REZAR CU** **ALQUIERA ORACIÓN** **APROBADA POR LA** **IGLESIA DLANTE** **DESTAS EFIGIES**

Cruceiro do adro da igrexa de Cabreiros	**ARZOBISPO D SAN TIAGO CONCEDIO 100 DIAS INDULGEN CIA POR CADA ORACIÓN Y EL EXCMO SR OBISPO D LUGO 40 DIAS POR UN CREDO O SALBE ADORAMOSTE STO 22 D MARZO D 1871 POR DEVOCION D ALGUNOS VECI NOS D CASTRO ..... 30 D AGOSTO D 1870**
Cruceiro de Leboré	**DEVOCIÓN DE LA FINADA ANTONIA PENA AÑO D 1895 EL YLMº SEÑOR OBISPO D MOND OÑEDO CONCEDIO 40 DIAS D INDUL GENCIA POR REZAR ORACIÓN POR REZAR D DA POR LAS ALMAS DELANTE D ESTAS EFIGIES**

Cruceiro da Touza	**DEVOCIÓN DE JOSÉ PRIETO Y SU ESPO SA FRANCISCA SE CO AÑO D 1884** **.... POR REZAR INDULGENCIAS APROBADA POR LA YGLESIA DELANTE ESTAS EFIGIES**
Cruceiro do Rego	**ES DEVOCIÓN D D. RAMÓN GATO PR SUS OBLIGACIONE S Y LAS DE SUS PADRES Y ESPOSA Dª MANU ELA PRIETO A D 1909** **EL YLLMO SR OBIS PO D MONDOÑEDO CONCEDIÓ 50 DIAS D YNDULGENCIAS PR REZAR CUALQUIERA ORACIÓN** **APROBADA POR LA YGLESIA DELANTE ESTAS EFIGIES**
Cruceiro de Cabreiros	**DEVOCIÓN DE ANDRÉS GATO MASEDA Y HERMANOS**

Cruceiro do Castellano	**ES PROPIEDAD QUE DEJÓ MARÍA GONZÁLEZ BERMÚDEZ HIJA LEGÍTIMA DE DIEGO Y MANUELA DEP**
Cruceiro do adro da igrexa de Candamil	**REZAR CON DVO CION UN PADRENU ESTRO..... .....SALBE... ....CREDO**
Cruceiro do Cemiterio (Pazo-Lousada)	**YLLMO SE... OBISPO D MO NDOÑEDO..... ..... ORACIÓN A PROBADA POR LA IGLESIA AN TE ESTAS EFI GIES 1815**
Cruceiro do Campo da Feira de Lousada	**YLMO SR OBISPO D MONDOÑEDO .... CUALQUIERA ORACIÓN D LANTE DESTAS IMA GENES 40 DIAS D INDUL GENCIA CONCEDIDA POR LOS PP**

Cruceiro do Pichel	**EL ILUS. SR OBIS PO DE MONDO CON CEDIO 40 DIAS DE INDULGENCIA A LOS QUE REZAREN UN PADRENUESTRO CREDO O AUTO DE CON TRICIÓN TRES AVES MARÍAS O SALBE DELANTE ESTA CRUZ LO PUSO MANUEL GONZÁLEZ**
Cruceiro da Xunqueira	**... CO... O LO YZO ASU (nción) BERMUDES Y SP (esposo) ...SO AÑO D 1822 ESTE CRUCE ...ESTEN... .....**

Cruceiro da Panda	**A PE (tición)** **D JOSÉ DURÁN** **I SU m mA FRZ** **EL SR ObISPO D** **MONDOÑEDO** **CONCEDIO 40** **DIAS DE INDUL (gen)** **CIA A LOS Q(ue) RE** **CEN DELANTE** **D ES.....** **.....** **AÑO D 1885**
Cruceiro do adro da igrexa de Roupar	**OBISPO DE MONDOÑE** **DO CONCEDIÓ.....** **DE INDULGENCIAS...**
Cruceiro do Campo	**EL YLLMO SR OBIS** **PO D MONDOÑEDO** **CONCEDIÓ 40 DI** **AS D INDULGENCIA** **POR REZAR CUALQUIE** **RA ORACION APR** **ROBADA PR YG** **LESIA DLANTE** **ESTAS EFIGIES** **DEVOCION D D.** **JOSE CASTELO Y** **SU MUGER Dª.....** **... PERNAS. AÑO** **D 1902**

Cruceiro da Criba	**ILLMO SER OBISPO DE MONDOÑEDO CONCEDIÓ 40 DÍAS DE INDULGENCIA ORACIÓN POR LA IGLESIA DELAN TE DE ESTAS EFIGIES AGUSTINA PERNAS**
Cruceiro do adro da igrexa de Xermade	**INDULGENCIAS POR REZAR CUA ALQUIERA ORA CIÓN ANTE ESTAS EFIGIES. AÑO 1957**
Cruceiro de Castiñeiras	**(ind) ULGENCIA POR REZAR CUAL QUIERA ORACION APROBADA POR...**

DADE
TIAGO
OMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA